DEPARTAMENTO DE FILOLOXÍA GALEGA

HOMENAXE Ó PROFESOR
Constantino García

TOMO I

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

HOMENAXE Ó PROFESOR

Constantino García

DEPARTAMENTO DE FILOLOXÍA GALEGA

HOMENAXE Ó PROFESOR

Constantino García

Coordenado por
MERCEDES BREA
e
FRANCISCO FERNÁNDEZ REI

TOMO I

1991

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

LIMIAR

O Departamento de Filoloxía Galega da Universidade de Santiago sente unha gran satisfacción neste febreiro de 1991 porque se cumpren 25 anos da chegada de Constantino García a Compostela, para se encargar da Cátedra de Filoloxía Románica na primitiva Facultade de Filosofía e Letras e, posteriormente, na Facultade de Filoloxía.

Nestes 25 anos foron miles os estudiantes ós que impartiu docencia e ós que iniciou, dalgún xeito, na investigación, especialmente en temas de lingüística galega, e máis dun centenar de licenciados en diferentes ramas da filoloxía ós que formou como investigadores. Boa mostra disto son as 26 teses de doutoramento e as máis dun cento de memorias de licenciatura por el dirixidas.

Ademais do labor docente e investigador, a centenaria institución compostelá, á que Constantino García entregou o mellor da súa vida académica, tivo nel un incansable organizador e xestor, do que é bo exemplo o seu paso pola dirección do Secretariado de Publicacións e mais polo Decanato da Facultade de Filoloxía, así como a creación e dirección dos Cursos de Verán para Estranxeiros, do Instituto de Idiomas e, especialmente, a dirección do Instituto da Lingua Galega.

Tamén a sociedade galega lle debe un recoñecemento a este home que soubo ver que, entre o variado abano de posibilidades ás que podía aplica-lo seu coñecemento e formación filolóxica -adquirida primeiro nas Universidades de Oviedo e Complutense de Madrid, e posteriormente no CSIC e na Universidade de Bonn- había no entorno máis inmediato unha zona neolatina aínda virxe: o territorio lingüístico galego.

E non dubidou un instante en inicia-la exploración deste *Finisterrae* da Romania, malia as enormes dificultades, tanto técnicas coma sociopolíticas, que tal decisión supoñía no ano 1966. El, que non era galego, comprometeuse a fondo e soubo implicar animosamente no seu empeño xa á primeira xeración de filólogos que atopou na Facultade, que, por outra parte, era a primeira de licenciados en Filoloxía Románica da historia da Universidade de Santiago. Deste xeito chantou os alicerces de todo o seu labor posterior.

Tal e como dicían os trobadores medievais, Constantino García tivo o pan e o coitelo, polo que se converteu nunha peza clave, non só para o estudio científico do galego, senón tamén para o seu proceso normalizador e normativizador. Imaxinar que sería da lingua galega hoxe se el non chegase no momento oportuno e coa formación oportuna está totalmente fóra do noso alcance e pertence ó campo da elucubración; pero do que si estamos certos, e non admite dúbida nin-

gunha, é que coa súa chegada se inaugura unha nova e fértil etapa na investigación da lingua propia de Galicia e no recoñecemento científico desta lingua secularmente desprestixiada e tradicionalmente ignorada nos ámbitos da romanística.

Por iso non pode estrañar que hoxe lle queiramos render esta pequena homenaxe, que non abonda para lle agradecermos todo o que lle debemos cantos tivémo-la sorte de aprendermos del, directa ou indirectamente, a facer filoloxía e, en especial, tódolos que nos interesamos pola problemática da lingua galega. Sabemos que son moitos os investigadores, galegos e non galegos, ós que lles gustaría colaborar connosco neste recoñecemento ó profesor C. García, pero preferimos deixalo nunha celebración estrictamente "familiar": tódalas persoas que figuran no índice son "fillos" e "netos" deste home senlleiro. Moitos dos asinantes dos traballos realizaron a tese de doutoramento e/ou a memoria de licenciatura baixo a súa dirección ou dalgún dos seus primeiros discípulos, ou ben son profesores de distintas áreas de coñecemento da Facultade de Filoloxía.

A ordenación dos traballos recollidos responde á busca dun agrupamento temático, aínda que parcial. O volume I principia coa biobibliografía de Constantino García, seguida dun traballo no que se resume a historia do Instituto da Lingua Galega que, en certa medida, é a historia do seu propio labor científico e maila dos equipos que formou e impulsou no seo do antigo Departamento de Filoloxía Románica e do ILG; vén de seguido unha sección dedicada á Lingüística con colaboracións que abranguen diferentes ámbitos desta disciplina, con especial atención ás linguas galega e española.

O volume II ábrese cunha sección de Historia Externa, Historiografía e Sociolingüística, seguida doutra na que se abordan diferentes problemas de Filoloxía e Literatura da fase medieval de diferentes linguas románicas. De seguido figuran traballos de Literatura Moderna, Literatura Contemporánea e Crítica Literaria; a homenaxe péchase cunha breve miscelánea de traballos non clasificables nas seccións anteriores.

Sirva todo isto como sinal de gratitude de tódolos que nos beneficiamos do seu labor ó longo de todos estes anos e, en especial, dos membros do Departamento de Filoloxía Galega que o temos como compañeiro.

Os coordinadores
Mercedes Brea
Francisco Fernández Rei

Santiago, febreiro de 1991.

Constantino García
BIOBIBLIOGRAFÍA

Constantino García González naceu en Oviedo o 20 de setembro de 1927. Realizou estudios de Licenciatura en Filoloxía Románica na Universidade de Oviedo e de Doutoramento na Universidade Complutense de Madrid, na que presentou a súa tese co título *Ideas Lingüísticas en España durante el siglo XVI* (1958).

Dende 1951 foi primeiro bolseiro e máis tarde colaborador no Instituto de Filología Hispánica do Consejo Superior de Investigaciones Científicas e do Comité de Latín Medieval do mesmo organismo. Traballou na Sección de Estudios Gramaticales do mencionado Instituto, principalmente en temas relacionados coa materia da súa tese. Froito deste trabàllo é a súa obra *Contribución a los estudios gramaticales (la aportación del Brocense)* que logrou o primeiro premio nacional de investigación Antonio de Nebrija en 1958 e que foi publicada como anexo da *Revista de Filología Española*.

Entre 1953 e 1959 foi profesor axudante das cátedras de Gramática Xeral e Gramática Histórica da Lingua Española e encargado do Seminario de Filoloxía Románica da Universidade de Madrid. Neste tempo tivo ó seu cargo varios cursos de lingua española para estranxeiros nas universidades de Madrid e Santander. Polos mesmos anos foi colaborador do Seminario Menéndez Pidal, no que traballou con Ramón Menéndez Pidal e Rafael Lapesa na confección do *Glosario del español primitivo*, obra aínda inédita.

No curso académico 1959-60 ocupou o lectorado de español na Universidade de Bonn, na que colaborou cos profesores Harri Meier e E. Coseriu. Nesta súa estadía en Alemaña asistiu a diferentes congresos celebrados en países centroeuropeos e publicou en revistas alemanas diversos traballos de investigación lingüística e literaria.

En novembro de 1965 gañou a cátedra de Filoloxía Románica da Facultade de Filosofía e Letras da Universidade de Santiago de Compostela, da que tomou posesión o día 28 de febreiro de 1966, pasando a desempeña-la dirección do departamento de Filoloxía Románica dende a súa constitución ata febreiro de 1985. Encargouse da secretaría da Facultade de Filosofía e Letras dende 1967 ata 1974. Foi decano electo da Facultade de Filoloxía (primeiro fórao, por pouco tempo, por designación rectoral) en dous períodos, de febreiro de 1976 a decembro de 1977, e de marzo de 1980 a marzo de 1983. Na sesión inaugural do curso 1977-78 pronunciou a lección *Galego onte, galego hoxe*, que foi a primeira lida en galego na historia da Universidade de Santiago.

Dirixiu o Servicio de Publicacións e Intercambio científico da mesma universidade entre os anos 1974 e 1984; impulsou a creación do Instituto de Idiomas e foi o seu primeiro director, dende 1975 ata 1984; abriu novos camiños ós Cursos de Lingua e Cultura españolas para estudiantes extranxeiros da Universidade de Santiago, que dirixiu durante máis de vinte anos, con cursos impartidos nos meses de verán en Santiago, Vigo e A Coruña, ós que incorporou, dende 1971, cursos especiais de Lingua e Cultura galegas (que logo pasarían a integrarse, como cursos de lingua, a varios niveis, no Instituto de Idiomas).

Ocupou o cargo de director do Instituto da Lingua Galega dende a súa fundación en xullo de 1971 ata outubro de 1990. Encargouse da dirección da revista *Verba* dende 1971, ano en que apareceu o primeiro número co nome de *Verba. Anuario Gallego de Filología* (a partir do volume 5 -1978- figura co subtítulo en galego: *Anuario Galego de Filoloxía*). Desta revista publicáronse ata a actualidade 16 números e 33 anexos.

É membro correspondente da Real Academia Española. En marzo de 1982 foi nomeado membro numerario da Real Academia Galega, na que ocupa os cargos de secretario adxunto e de director do Seminario de Lexicografía, creado en novembro de 1986. Foi elixido membro do Consello da Cultura en 1983, institución na que foi vicepresidente desde novembro de 1983 a outubro de 1989.

Como catedrático de Filoloxía Románica dirixiu máis de cen memorias de licenciatura. A maioría delas tratan problemas da lingua galega: estudios sobre o galego moderno (léxico, onomasioloxía, toponimia e temas gramaticais) e o galego medieval (estudios do protorromance, léxicos de obras medievais e temas de gramática medieval). Tamén supervisou tesiñas que analizaban cuestións particulares doutros idiomas, especialmente estudios sobre as literaturas e linguas francesa e española.

Ocupouse ademais da dirección de vinteseis teses de doutoramento presentadas ata o momento, delas dezasete de lingüística galega:

Enríquez Salido, María del Carmen: *El habla de O Grove*, Universidade de Santiago de Compostela, 1971. Foi publicado o *Léxico de O Grove* como anexo número 3 de *Verba* (1974) e mais "Fonética y fonología del gallego de O Grove" en *Verba*, 3 (1976), 128-160..

Rojo Sánchez, Guillermo: *Perífrasis verbales en el gallego actual*, Universidade de Santiago de Compostela, 1972. Foi publicada co mesmo título como anexo 2 de *Verba* (1974).

Santamarina Fernández, Antonio: *El habla del valle del Suarna*, Universidade de Santiago de Compostela, 1973. Parte deste traballo foi publicado co título *El verbo gallego*, anexo 4 de *Verba* (1974). Así mesmo, derivan da tese os artigos sobre as partículas comparativas e o adverbio publicados, respectivamente, en *Verba*, 1 (1974), 16-30 e 2 (1975), 59-106.

Couceiro, José Luis: *El habla de Feás*, Universidade de Santiago de Compostela, 1973. Foi publicada (a parte gramatical) co mesmo título como anexo 5 de *Verba* (1976).

Ríos Panisse, María del Carmen: *Nomenclatura de la flora y fauna marítimas de Galicia (I Invertebrados y peces, II Mamíferos, aves y algas)*, Universidade de Santiago de Compostela, 1973. Os capítulos de invertebrados e peixes foron publicados como anexo 7 de *Verba* (1977), con anotacións etimolóxicas de A. Santamarina; a parte de mamíferos, aves e algas editáronse no anexo 19 (1983) da mesma revista.

Sánchez Regueira, Isolina: *Análisis de la obra lingüística de Cesar Oudin "Grammaire Espagnolle"*, Universidade de Santiago de Compostela, 1973. Publicada parcialmente en *Verba*, 6 (1979), 43-73 e *Verba*, 8 (1981), 113-170.

González F., Isabel: *Sufijos nominales en el gallego actual*, Universidade de Santiago de Compostela, 1975. Foi publicada co mesmo título como anexo 11 de *Verba* (1978).

Herrero A., Abelardo: *Influencia de las lenguas de invasión en la Toponimia Mayor de la provincia de Burgos*, Santiago de Compostela, 1975 (inédita).

Pérez Cid, Ramón: *El habla de Marín*, Universidade de Santiago, 1976 (inédita).

Flores Varela, Camilo: *La negación temporal en francés antiguo y medio (con relación con el francés moderno)*. Universidade de Santiago de Compostela, 1976 (inédita). Desta tese deriva o artigo "Observations sur *pas* et *point* en moyen français", en *Verba*, 4 (1977), 137-148.

Olivares Vaquero, María Dolores: *La subordinación y complementación en el teatro de Corneille, Molière y Racine*. Universidade de Santiago, 1976. Foi editada polo Secretariado de Publicacións da Univ. de Santiago, co título *La subordinación relativa y completiva en el teatro clásico francés*, en 1978.

Rodríguez, José Luís: *El Cancionero de Joan Airas de Santiago*, Universidade de Santiago de Compostela, 1976. Foi publicada como anexo 12 de *Verba* (1980).

Taboada Cid, Manuel: *El habla del Valle de Verín*, Universidade de Santiago de Compostela, 1976. Foi publicado o primeiro tomo (correspondente á gramática) co mesmo título como anexo 15 de *Verba* (1979).

Pena Seijas, Jesús: *La derivación en español. Verbos derivados y sustantivos verbales*, Universidade de Santiago de Compostela, 1976. Foi publicada co mesmo título como anexo 16 de *Verba* (1980).

Rivas Quintas, Eligio: *Toponimia de Marín*, Universidade de Santiago de Compostela, 1979. Foi publicada co mesmo título como anexo 25 de *Verba* (1982).

Fernández Rei, Francisco: *O verbo. Contribución á dialectoloxía galega*, 2 tomos e un álbum de 323 mapas (que foi a base do vol. I do *Atlas Lingüístico Galego. Morfoloxía verbal*), Universidade de Santiago de Compostela, 1979 (inédita).

Álvarez Blanco, M. Rosario: *O pronome persoal en galego*, 2 tomos, Universidade de Santiago de Compostela, 1980 (inédita).

González González, Manuel: *O xugo e o carro. Contribución ó estudio das denominacións dos apeiros de labranza en Galicia*, 3 tomos, Universidade de Santiago de Compostela, 1980 (inédita).

Noia Campos, María Camino: *Descrición e medida do bilingüismo en dous grupos de escolares da zona de Vigo*, Universidade de Santiago de Compostela, 1980 (inédita). Desta tese derivan os artigos "Interferencias léxicas entre as linguas galega e castelá" en *Grial*, 75 (1982), 91-99 e "Contribución ó estudio do léxico dos bilingües" en *Verba*, 11 (1984), 181-195.

Palacio Sánchez, José Antonio: *Toponimia del Ayuntamiento de Pantón (Lugo)*, Universidade de Santiago de Compostela, 1981 (inédita).

Blanco Rodríguez, Luisa: *Estudio léxico de la obra en castellano de Álvaro Cunqueiro*, Universidade de Santiago de Compostela, 1984. Este traballo foi publicado como anexo 33 de *Verba* (1990) co título *El léxico de Álvaro Cunqueiro*.

Rodríguez Neira, Modesto Anibal: *Aproximación sociológica al uso del gallego y del castellano en Lugo y su provincia, según información de los escolares del siclo superior de E.G.B. en los cursos 79-81*, Universidade de Santiago de Compostela, 1985 (inédita).

Lorenzo Gradín, Pilar, *Diseño y construcción de la canción de mujer románica*, Universidade de Santiago de Compostela, 1987. Foi publicada polo Servicio de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela co título *La canción de mujer en la lírica medieval*, 1990.

Pino Serrano, M. Laura, *El artículo en francés antiguo y medio*, Universidade de Santiago de Compostela, 1989 (inédita).

Sánchez Palomino, María Dolores, *O artigo en francés nos séculos XIV e XV: aproximación a unha historia do concepto: comportamento cos nomes propios e empregos non xenéricos do indefinido.* Universidade de Santiago de Compostela, 1990 (inédita).

García-Sabell Tormo, Teresa, *Galicismos e occitanismos nos Cancioneiros galego-portugueses medievais,* Universidade de Santiago de Compostela, 1990 (inédita).

BIBLIOGRAFÍA

Libros

Contribución a la historia de los conceptos gramaticales (la aportación del Brocense), Madrid, CSIC, Anejo LXXI, Madrid, 1960.

Cristóbal Villalón, *Gramática castellana.* Ed. facsimilar, con estudio de Constantino García, Madrid, CSIC, 1971.

Léxico de la comarca compostelana, Anexo 1 de *Verba*, 1974.

Galego onte, galego hoxe, lección inaugural do curso universitario 1977-78 publicada polo Secretariado de Publicacións da Universidade de Santiago, 1977. Este discurso apareceu reeditado en *Temas de Lingüística Galega* (pp. 35-108. Foi tamén traducido ó italiano por Giovanna Scalia Rössler co título *Il Galego*, Perugia, Università degli studi di Perugia, 1984.

Recantos da lingua, A Coruña, La Voz de Galicia, 1983.

Temas de Lingüística Galega, A Coruña, La Voz de Galicia, 1985.
Glosario de voces galegas de hoxe, anexo 27 de *Verba*, 1985.
Follas da lingua, A Coruña, La Voz de Galicia, 1987.
Retrincos da lingua, A Coruña, La Voz de Galicia, 1988.
Cousas de lingua, A Coruña, La Voz de Galicia, 1990.

Realizou asimesmo os seguintes traballos:

- *Indice de las "Peregrinaciones"* de Lacarra, Vazquez de Parga e J. Uría.
- *Indice de la Biblioteca de Traductores* de Menéndez Pelayo.
- *Indice de la Ciencia Española* de Menéndez Pelayo.

Dirixiu as seguintes publicacións:

Lingüística románica, de 6 unidades didácticas, elaboradas por Francisco García Gondar e Alejandro Leis Carlés, que editou a Universidad Nacional de Educación a Distancia, Madrid, 1977.

Galego 1. Instituto da Lingua Galega, Santiago de Compostela, Secretariado de Publicacións da Universidade de Santiago, 1984^{5} (1^{a} 1971).

Galego 2. Instituto da Lingua Galega, Santiago de Compostela, Secretariado de Publicacións da Universidade de Santiago, 1984^{4} (1^{a} 1972).

Galego 3. Instituto da Lingua Galega, Santiago de Compostela, Secretariado de Publicacións da Universidade de Santiago, 1983^{3} (1^{a} 1973). O equipo que levou a cabo estes tres volumes do método estaba integrado por: Xosé Luis Couceiro, Ramón Lorenzo, Guillermo Rojo e Antón Santamarina.

Diccionario Básico da Lingua Galega, Instituto da Lingua Galega, Vigo, Xerais, 1980 (con varias reimpresións posteriores).

Atlas Lingüístico Galego. Morfoloxia verbal, Vol. I, t. 1 e 2. Instituto da Lingua Galega, A Coruña, Fundación "Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa", 1990. Este atlas é codirixido por Antón Santamarina. As investigacións foron realizadas por Rosario Alvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Manuel González González. O vol. I está coordinado por F. Fernández Rei.

Diccionario da Lingua Galega, Instituto da Lingua Galega / Real Academia Galega, Santiago, ILG/RAG, 1990. Coordinaron a redacción Manuel González e Antón Santamarina.

Artigos

"Trobo, Truébano, Trubiecu" en *Archivum*, XII (1963), 377-382.

"Literatura española traducida en Alemania (1960-1962)" en *FM*, 11-12 (Abril-Agosto de 1963), 63-83.

"Interpretación o historia literaria (Problemática de la Ciencia Literaria Alemania)", en *RL*, 61-62 (1967), 5-35.

"Estudio, notas y comentario de texto" (en colaboración con Guillermo Rojo), de F. Dostoievski, *Stepanchikovo,* Madrid, Narcea, 1971.

"Orixe e problemas do método de galego", en *Grial,* 32 (1971), 129-141.

"*Amanecer* en gallego", en *Verba,* 1 (1974), 150-158 + 6 páxinas de mapas.

"A lingua galega hoxe. A súa situación no ensino", en *Grial,* 44 (1974), 148-156.

"Resultados del sufijo *-ANA* en gallego", en *Verba,* 2 (1975), 150-156.

"Interferencias lingüísticas entre gallego y castellano", en *REL,* 6.2 (1976), 327-343. Reproducido en versión galega en *Temas de Lingüística Galega,* 109-140.

"O Atlas Lingüístico Galego", en *Verba,* 4 (1977), 5-17. En colaboración con Antón Santamarina, Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei, Manuel González González.

"Os estudios dialectáis do galego", en *Grial,* 62 (1978), 458-464.

"*Anochecer* en gallego", en *Verba,* 5 (1978), 93-100.

"Descendientes del latín *serus, -a, -um* y derivados" en *REA,* 8 (xaneiro 1980), 193-201.

"Los días de la semana en gallego (Problema de interferencias)", en *Verba,* 7 (1980), 29-39.

"Los nombres gallegos de las estaciones del año", en *Verba,* 8 (1981), 385-390.

"Actividades do Instituto da Lingua Galega", en *Coloquio de Tréveris* (1982), 23-34.

"Creatividad en el habla popular (Refranes gallegos del mes de agosto)", en *Verba,* 10 (1983), 281-287.

"Perda do S- na fala popular", en *Verba,* 11 (1984), 275-280.

"Descendentes do lat. *solitas* en galego e en especial na obra rosaliana", en *Verba,* 12 (1985), 345-355.

"Notas léxicas galegas (I)", en *Verba,* 13 (1986), 291-299.

"El castellano en Galicia", en *El castellano actual en las comunidades bilingües de España,* Salamanca, Junta de Castilla y León, Consejería de Educación y Cultura (1986), 49-64.

"La lengua gallega como lengua de cultura", en *Mapa lingüístico de la España actual,* 1986.

"Vicisitudes históricas del desarrollo del Gallego", en *Lenguas peninsulares y proyección hispánica,* publicación coordinada por Manuel Alvar, Madrid, Fundación Friedrich Ebert/Instituto de Cooperación Iberoamericana (1986), 73-85.

"Grilos e ralos, rans albariñas", en *Actas do Congreso Internacional de Estudios sobre Rosalía e o seu tempo,* t. III, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Universidade de Santiago de Compostela (1986), 71-78.

"A situación do galego", en *Coloquio de Lexicografía,* 13-19.

"Os estudios de dialectoloxía galega feitos polo ILGA", en *Coloquio de Lexicografía,* 31-32.

"O diccionario básico", en *Coloquio de Lexicografía,* 41-42.

"*Verba*", en *RF,* 100 (1988), 313-316, en colaboración con Alexandre Veiga.

"Notas léxicas galegas (II)", en *Verba,* 16 (1989), 387-395.

"Os rubios galegos", en *Estudios Románicos,* 4 (1987, 88-89), *Homenaje al profesor Luis Rubio,* Universidad de Murcia, Murcia, 1990, I, 441-444.

"Derivados do latín *nebula* e outras palabras afíns no galego de hoxe", en *Homenaje a Alonso Zamora Vicente,* II, Madrid, Editorial Castalia (1989), 81-89.
"Xornadas e xeiras", en *Cadernos de lingua,* 1 (1990), 7-10.

Revistas e publicacións citadas:

Archivum. Revista de la Facultad de Filosofía y Letras, Universidad de Oviedo, Oviedo.
Cadernos de Lingua, Real Academia Galega, A Coruña.
Coloquio de Lexicografía: anexo 29 de *Verba,* preparado por R. Lorenzo, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, 1988.
Coloquio de Tréveris: Tradición, actualidade e futuro do Galego. Actas do Coloquio de Tréveris, preparadas por D. Kremer e R. Lorenzo, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, 1982.
FM: *Filología Moderna*, Universidad de Madrid, Facultad de Filosofía y Letras.
Grial: *Grial. Revista Galega de Cultura,* Editorial Galaxia, Vigo.
REA: *Romanica Europaea et Americana*, Bouvier Verlag Herbert Grundmann, Bonn.
REL: Revista Española de Lingüística, Gredos, Madrid.
RF: Romanische Forschungen, Vittorio Kolstermann, Frankfurt am Main.
RL: Revista de Literatura, Instituto "Miguel de Cervantes" de Filología, Madrid.
Verba: Verba. Anuario Galego de Filoloxía, Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela.

F. FERNANDEZ REI
XULIO SOUSA R

O Instituto da Lingua Galega (1971-1990). Contribución á investigación e á normalización do galego

FRANCISCO FERNÁNDEZ REI

1. CONSTITUCION E FINALIDADE DO ILG

O Instituto da Lingua Galega (ILG) creouse en maio de 1971 ó abeiro da Lei de Educación daquela vixente, que prevía o estudio das denominadas linguas vernáculas, ó que se refería tamén o artigo 2º dos Estatutos Provisorios da Universidade de Santiago. Ademais, no artigo oitavo destes Estatutos estaba prevista a creación de institutos de investigación supradepartamentais.

Os antecedentes do ILG arrincan de 1966, ano en que Constantino García González tomou posesión da primeira cátedra de Filoloxía Románica da Universidade de Santiago e posteriormente pasou a dirixir na desaparecida Facultade de Filosofía e Letras o Departamento de Filoloxía Románica, no que se iniciaron diversas investigacións sobre a lingua galega, especialmente a recolleita de material lingüístico en todo o territorio de fala galega, partindo practicamente de cero.

No proxecto de creación do ILG, aprobado o 26 de xullo de 1971, consideráronse como fins inmediatos os seguintes:

1º. O estudio, a promoción e o cultivo da lingua galega.

2º. A investigación sincrónica da realidade lingüística do galego actual.

3º. A continuación do rexistro lexicográfico galego, daquela en realización no Departamento de Filoloxía Románica.

4º. A realización de traballos sobre dialectoloxía galaico-portuguesa.

5º. A promoción de teses de doutoramento sobre temas de filoloxía e lingüística galega e portuguesa.

6º. A promoción dos traballos elaborados nas seguintes series: a) colección de manuais normativos do galego, b) teses de doutoramento, c) memorias de licenciatura e d) publicacións periódicas.

7º. A formación do persoal investigador interesado no campo da lingüística galega.

8º. A relación entre profesores españois e estranxeiros interesados neste campo de traballo.

Verbo da organización, o ILG conta desde a súa fundación cun Patronato e cun Consello de Dirección. O Patronato ocúpase do asesoramento da dirección, da xestión dos medios económicos e da aprobación do presuposto e contas, así

como dos proxectos de investigación, mentres que o Consello de Dirección ten como misión a inspección das tarefas do ILG, a elaboración dos proxectos de investigación e a proposta ó Patronato dos nomeamentos do persoal investigador.

Na sesión fundacional de xullo de 1971 o Patronato propuxo como director do ILG a Constantino García González (1), que o foi ata outubro de 1990, como subdirector a Manuel C. Díaz y Díaz, Catedrático de Filoloxía Latina e como secretario a Ricardo Carballo Calero, representante do lucense Centro de Estudios Fingoi. Despois de que este profesor fora nomeado por oposición Catedrático de Lingüística e Literatura Galega, na sesión de 26 de xuño de 1972 o Patronato propúxoo como vicedirector, pasando Díaz y Díaz a desempeña-las funcións de secretario do ILG, aínda que R. Carballo Calero tamén se ocupou ocasionalmente de facer de secretario en ausencia de Díaz.

Na sesión do 12 de abril de 1978 foi proposto como secretario Antón Santamarina Fernández, daquela Profesor Agregado de Filoloxía Románica. O novo secretario do ILG utilizou sempre a lingua galega nas actas do Patronato, rompendo deste xeito co uso que se viña facendo do español en tódalas actas anteriores. En novembro de 1990 A. Santamarina foi nomeado director en funcións do ILG.

Na mesma sesión do 12 de abril de 1978 cesou como subdirector, a pedimento propio, R. Carballo Calero. Nesa sesión entrara a formar parte do Patronato do ILG Ramón Lorenzo Vázquez, Catedrático de Gramática Histórica da Lingua Española, como Decano da Facultade de Filoloxía en representación desta. O 5 de maio de 1981, agora xa Catedrático de Lingüística e Literatura Galega por traslado, Ramón Lorenzo foi nomeado vicedirector.

En febreiro de 1973, o Patronato do ILG nomeou Membro Honorario a Dámaso Alonso Fernández de las Redondas, e o mesmo nomeamento recaeu en maio de 1981 no investigador alemán Harri Meier.

Desde a súa fundación o persoal científico investigador do ILG estivo constituído, fundamentalmente, por profesores e bolseiros do antigo Departamento de Filoloxía Románica. Na actualidade sono algúns dos profesores e bolseiros do Departamento de Filoloxía Galega, tanto da área de Filoloxía Románica como da área de Filoloxías Galega e Portuguesa, así como bolseiros do propio ILG pagados cos fondos dos proxectos de investigación.

O financiamento nos primeiros anos correu a cargo da Fundación "Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa", cunha cantidade que era de 200.000 pts. no

(1) Para a aprobación do proxecto de creación do Instituto da Lingua Galega, ás doce horas do 26 de xullo de 1971, reuníronse no Salón Rectoral da Universidade de Santiago, baixo a presidencia do Rector Manuel García Garrido os seguintes señores: Ramón Otero Túñez, Decano da desaparecida Facultade de Filosofía e Letras; Constantino García González, Catedrático de Filoloxía Románica; Manuel Díaz y Díaz, Catedrático de Filoloxía Latina; Xosé Filgueira Valverde, en representación do Instituto P. Sarmiento do Consello Superior de Investigacións Científicas; Marino Dónega Rozas, en representación da Real Academia Galega; Xoaquín Arias Díaz de Rábago, en representación da Fundación "Pedro Barrié, Conde de Fenosa"; Ricardo Carballo Calero, en representación do Centro de Estudios Fingoi; e Xerardo Fernández Albor, en representación da Fundación Penzol.

Desde 1971 presidiron o Patronato do ILG, ademais de García Garrido, os seguintes rectores: Masaguer Fernández, Lucas Álvarez, Sáinz Pedrero, Agustín Fernández Albor (rector accidental), Suárez Núñez, Pajares Vales e, na actualidade, Villares Paz.

ano 1973, á vez que Institucións como o Centro de Estudios Fingoi colaboraba subvencionando algún bolseiro. A contribución económica da propia Universidade foi sempre moi escasa; en 1985, por exemplo, aportaba soamente un millón de pesetas, o mesmo cá Fundación "Pedro Barrié de la Maza", fronte ós 3.000.000 da Consellería de Educación e Cultura da Xunta de Galicia e ós 3.600.000 dun proxecto lexicográfico de investigación do MEC.

No presente traballo pretendo facer unha breve historia da contribución do ILG á promoción e á dignificación da lingua galega, asi como dar a coñece-las principais liñas de investigación desenvolvidas desde a súa fundación en 1971 e o estado actual dos proxectos (2). Inclúo tamén o labor realizado no antigo Departamento de Filoloxía Románica e o que actualmente realizan membros da área de Filoloxía Románica -integrada no Departamento de Filoloxía Galega- cando a investigación ten que ver coa lingua galega, en especial se se utiliza material inédito do ILG, aínda que o autor do traballo non pertenza á institución.

Para a redacción manexei as actas do Patronato e as publicacións, tanto as oficiais do ILG como as que a título individual levaron a cabo actuais membros do Departamento de Filoloxía Galega que desde hai anos colaboran coa institución, ó igual que a investigación realizada no seo do instituto (en grande parte inédita) presentada como memorias de licenciatura ou como teses de doutoramento. Ademais manexei o arquivo que persoalmente fun elaborando desde hai anos sobre as actividades do ILG, co que colaboro ininterrompidamente desde o verán de 1973. As seguintes liñas son a miña visión persoal do que foi o ILG e cales deben se-las liñas a seguir no futuro. Ó non dispoñer dun arquivo oficial, esta historia recompúxose a base de datos moi fragmentarios, e mesmo de recordos; por iso lamento calquera omisión, en todo caso involuntaria.

2. NORMALIZACION E NORMATIVIZACION

2.1. Material didáctico e introducción do galego no ensino

A fin de contribuír á promoción e mais á divulgación social da lingua galega no seo do Departamento de Filoloxía Románica antes citado, empezouse a elaborar en 1970 un método de ensino de galego. O primeiro volume, *Gallego 1,* redactado en español, publicouse en 1971; os outros volumes, *Gallego 2* (1972) e *Gallego 3* (1974) apareceron xa en galego, con varias reimpresións e reedicións (3). O equipo redactor deste método estaba constituído por Constantino García

(2) Para a "Pre-história" do ILG cf. no tomo II desta *Homenaxe* a colaboración de Mª do Carmo Henríquez Salido "Contributos para umha história da lingüística galega (1964-1974)". Sobre as actividades do ILG na década dos 70 pode verse a comunicación de Constantino García "Actividades do Instituto da Lingua Galega" en *Coloquio de Tréveris* (1982), 23-34. Para a actividade ata comezos de 1986 cf. as comunicacións que co título de "O labor do Instituto da Lingua Galega" presentaron Constantino García, Ramón Lorenzo e Antón Santamarina ó *Coloquio de Lexicografía* (1988), 13-48.

(3) Instituto da Lingua Galega, *Galego 1,* Servicio de Publicacións da Universidade de Santiago, 1984[5]; *Galego 2,* 1984[4]; *Galego 3,* 1983[3]. Desde o 14 de maio de 1971, día no que se presentou publicamente o primeiro volume deste método de aprendizaxe do galego ata o 1 de outubro dese ano ían vendidos 4.273 exemplares dunha tirada de 8.000, segundo consta na acta da sesión do Patronato

(presidente), Xosé Luís Couceiro, Ramón Lorenzo, Guillermo Rojo e Antón Santamarina (4). No esbozo do *Gallego 1* tamén participaron Mª C. Ríos Panisse, I. Leis e L. F. Pensado.

En 1972 a Ed. Galaxia editou o libriño *Lecturas Galegas 1,* destinado a nenos de EXB, obra que fora redactada por Valentín Arias e revisada lingüisticamente polo ILG. Membros deste instituto universitario, unha vez introducido o galego no ensino, participaron nos anos oitenta en equipos que elaboraron libros de texto de lingua galega, especialmente para os niveis de BUP e COU (Ed. Xerais, S.M., Anaya e Santillana), ou simplemente prestaron colaboración lingüística a autores que llela demandaron.

O ILG elaborou hai anos un *Dicionario Básico da Lingua Galega* (Ed. Xerais de Galicia, 1980), dirixido por Constantino García, dunhas dúas mil entradas, para nenos de 7 a 10 anos, que foi o primeiro diccionario redactado en galego. Un membro do ILG, Xosé Xove, que participara na redacción dese *Diccionario Básico* xunto con Antón Santamarina e Xosé Manuel Salgado, entre outros, elaborou posteriormente o *Choca. Vocabulario elemental galego* (Galaxia / La Galera, 1981), de máis de 4.000 palabras con imaxes.

A preocupación do ILG pola introducción e pola normalización do galego no ensino levou ó seu Patronato a xestionar perante as inspeccións de Ensino Medio a organización de cursos experimentais de lingua galega no bacharelato (5) e a presionar no Ministerio de Educación a inclusión do galego como materia

---

celebrada o 27 de outubro de 1971. Isto é unha mostra da boa acollida do método, do que se venderan a comezos de 1978 uns 50.000 exemplares da serie.

(4) Para o proceso de elaboración do *Gallego 1* cf. Constantino García "Orixen e problemas do método de galego" en *Grial,* 32 (1971), 129-141, especialmente 131-132. Na selección de lecturas do *Gallego 3* participaron, entre outros, X. M. Beiras, A. Fraguas, D. García Sabell, X. R. Barreiro Fernández e F. Acuña, que redactaron textos da súa especialidade.

(5) No curso 1971-72 impartíanse clases voluntarias de lingua galega, valéndose do manual *Gallego 1,* en once institutos a estudiantes de 5º de Bacharelato. No curso 1972-73 xa había dous niveis, iniciación en 5º e perfeccionamento en 6º; neste nivel utilizábase o *Gallego 2,* mentres que o *Gallego 1* era para o de iniciación. Na sesión do Patronato do ILG de 31.10.73 Filgueira Valverde pide que se considere a posibilidade de facer optativo o galego no Curso de Orientación Universitaria, para o que se utilizaría o *Gallego 3.*

A partir do curso 1973-74 o ILG deixou de considerar tema de interese preferente a introducción do galego no ensino medio; así o manifestaba Constantino García no seu informe na sesión de 16.02.74, ó indicar que "la experiencia promovida por el ILG se encuentra ya en su tercer año, que existen varios Institutos Nacionales de Enseñanza Media en los que se da clase de gallego en los cursos de quinto, sexto y COU y que, dado que la posibilidad de organizar clases de gallego es perfectamente evidente y depende del criterio de los directores de cada centro, el ILG ha dejado de considerar la Enseñanza Media como tema de interés preferente".

Filgueira Valverde, na sesión de 9.12.75, despois de que o Patronato do ILG analizara o estado nos centros onde se estaba a impartir galego con maiores ou menores dificultades, falou dos inconvenientes existentes nos institutos por mor do número de horas preceptivamente dedicado ás horas obrigatorias. "No es fácil -dicía Filgueira- disponer para aquel fin de personal docente a causa de la dedicación impuesta por el horario establecido a los profesores que podrían desempeñar aquel cometido y que tienen de ese modo agotado su tiempo".

Verbo dos primeiros pasos para a introducción do galego no ensino cf. C. García, "A lingua galega hoxe. A súa situación no ensino" en *Grial,* 44 (1974), 148-156.

obrigatoria na especialidade de Filoloxía das Escolas Universitarias de Formación do Profesorado de Galicia (6).

Por outra parte, o ILG ocupouse da formación do profesorado de EXB (7), primeiro organizando cursos de lingua galega en solitario ou ben colaborando con asociacións culturais, como ocorreu en 1972 con "Amigos da Cultura" de Pontevedra; posteriormente, desde 1975, en colaboración co ICE da Universidade de Santiago. Cando estes cursos pasaron a ser organizados pola Dirección Xeral do Ensino da Lingua Galega da Consellería de Educación da Xunta de Galicia, a comezos dos anos oitenta, o ILG colaborou na organización dos primeiros cursos que esta Consellería levou a cabo en toda a xeografía galega, sendo logo a Dirección Xeral de Política Lingüística a encargada da súa organización. O ILG, para estes primeiros cursos, non soamente aportou persoal docente, senón que ademais tivo que elaborar novo material didáctico, do que o máis salientable son as *Unidades didácticas. Curso de perfeccionamento* (Gráficas de Asturias, Santiago, 1982) redactadas por Mª Rosario Álvarez Blanco e Xosé Xove a partir dun esbozo de unidades didácticas elaboradas anteriormente por outros membros do ILG e co-

(6) En outubro de 1972 a lingua galega foi materia optativa en 2º curso na Escola Universitaria de EXB de Santiago, a única Escola que impartía a especialidade de Filoloxía. Como a profesora que impartía lingua galega fora proposta no seu día por R. Carballo Calero, o Rector Masaguer como presidente do Patronato do ILG insistía ós membros do Patronato que debía se-lo ILG o que orientase esa materia nas Escolas Universitarias de EXB (acta da sesión de 27.11.72).

Un ano despois, o Patronato do ILG acordou solicitar do Rectorado e da respectiva comisión de Proxectos de Estudios que se establecese o ensino do galego en tódalas Escolas Univesitarias de Formación do Profesorado de EXB, en tódalas modalidades que se impartan neses centros (acta da sesión de 31.10.73). No curso 1973-74 era obrigatorio o estudio da lingua galega na especialidade de Filoloxía, pero optativo nas demais. Por outra parte, o Patronato expresou a súa satisfacción cando se creou a cátedra de Lingua e Literatura Galega na EUFP de EXB de Santiago (acta da sesión de 12.04.78). Nas restantes Escolas soamente había encargos de curso.

Polo que respecta ó proxecto de estudios da desaparecida Facultade de Filosofía e Letras da Universidade de Santiago, implantárase unha materia de Lingua e Literatura Galaico-Portuguesa Medieval para os estudiantes da sección de Historia, como alternativa ó Latín Medieval; e uns anos despois, implantouse no curso 1965-66 unha materia de Lingua e Literatura Galega, que posteriormente se desglosou en dúas materias para o estudio da lingua e da literatura modernas, opcionais para os estudiantes da sección de Filoloxía Románica (subseccións de Español e de Francés) e tamén para os de Historia. Co novo proxecto de estudios da Facultade de Filoloxía, a materia de Lingua Galega e a de Literatura Galega 1 (etapa medieval) pasaron a ser obrigatorias para os de Hispánicas (Español), mentres que a Literatura Galega 2 (contemporánea) quedou como optativa.

Ante esta nova situación, na sesión do Patronato do ILG do 11.11.74, Carballo Calero opinaba que durante o curso académico debería haber clases de Lingua Galega de matrícula libre, ó quedaren reducidas as oficiais no novo proxecto ós alumnos de Filoloxía Hispánica. Soamente os estudiantes da sección de Románicas (Francés) tiñan dereito ó estudio da Literatura Galega 1 e 2 como materias opcionais. Daquela aínda non se creara dentro da sección de Hispánicas a subsección de Galego-Portugués; e unha vez creada, os primeiros anos non existía a actual Lingua Galega de cuarto e quinto curso, polo que todo se reducía á materia de terceiro de Hispánicas.

(7) No ano 1975 o ILG impartira, en colaboración co ICE da Universidade de Santiago, un curso de lingua galega para profesores de EXB, e o mesmo faría en solitario un ano despois na vila de Cee. En colaboración co ICE impartiu cursos de galego entre os anos 1977 e 1979: no verán de 1977 hóuboos en Vigo, Monforte, Ribadeo e Laxe; en xullo de 1978 impartíronse na Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Ferrol, Vigo e Santiago, con diferentes niveis, e o mesmo pasou en setembro dese ano nas vilas de Mondoñedo, Ortigueira, Muros, Lalín, Verín e O Barco de Valdeorras; entre febreiro e marzo de 1979 desenvolvéronse novos cursos en diferentes vilas galegas. No ano 1980 o ILG organizou os primeiros cursos en colaboración coa Consellería de Educación, en tres niveis (inicación, perfeccionamento e especialización).

laboradores, que dispensaran os primeiros cursos deste nivel. Estas *Unidades didácticas* foron plaxiadas por diferentes autores alleos ó ILG para obras venais de carácter similar.

O colectivo Albariza, constituído no seo do ILG por Xermán García, Manuel González, Xosé Mª Lema, Henrique Monteagudo, Helena Pousa, Xosé Luís Regueira e Xavier Varela elaborou *Edigal galego. Primeiro método audiovisual para aprendizaxe da lingua galega,* en catro tomos e tres casetes (Edigal, 1985). Por outra parte, Henrique Monteagudo coordinou e redactou, axudado por Benigno Fernández Salgado e Henrique Costas, un curso de lingua galega que se publicou durante seis meses no xornal *La Voz de Galicia,* e que logo se editou en libro, *Galego coloquial. Novo método para a aprendizaxe da lingua galega* (1986). Na actualidade, estanse a redacta-las unidades para un curso audiovisual de galego para adultos, no que traballan Xosé M. Fernández Salgado e Manuel Puga Muruxa baixo a coordinación de H. Monteagudo. Verbo da divulgación do idioma na TV, a finais de 1986 e comezos de 1987 a TVG emitiu o programa *Faíscas da lingua,* con textos de Carme Hermida; desde comezos de outubro de 1990 a mesma canle autonómica está emitindo as *Cousas da lingua,* con guións de Constantino García, no que se tratan fundamentalmente problemas léxicos.

Ademais, o ILG foi quen introduciu o ensino da lingua galega no Instituto de Idiomas da Universidade de Santiago, ocupándose da impartición dos varios niveis, á vez que dispensou cursos de iniciación e perfeccionamento a funcionarios da administración.

A raíz do Real Decreto de 20 de xullo de 1979 do Ministerio de Educación relativo á incorporación da lingua galega ó sistema de ensinanza non universitaria creouse na Xunta de Galicia preautonómica unha Subdirección Xeral do Ensino da Lingua Galega, logo Dirección Xeral do Ensino, que á súa vez foi reconvertida en 1983 en Dirección Xeral de Política Lingüística. Antón Santamarina, nomeado primeiro Subdirector Xeral do Ensino da Lingua Galega, ocupouse de senta-las bases para a introducción do galego en EXB, BUP, FP e COU.

Por outra parte, R. Lorenzo coordinou un equipo de profesores de ensino medio que elaborou o programa de oposicións a cátedras de lingua galega e mailas programacións de BUP e COU; foi ademais coordinador de lingua galega de COU, sendo posteriormente sustituído por R. Álvarez Blanco.

2.2. Estandarización

A preocupación do ILG pola depuración e unificación do galego escrito, observable xa desde a publicación do citado método *Galego* en tres volumes, levouno a coordinar uns seminarios, desde decembro de 1976 a xuño de 1977, nos que participaron investigadores do propio ILG e lingüistas e escritores galegos sensibilizados coa normalización do idioma (8). O resultado destes encontros foron as *Bases prá unificación das normas lingüísticas do idioma galego* (Ed. Anaya 1977; Univ. de Santiago 1980[2]), normas que sen significaren a unificación defini-

(8) A relación de participantes pode verse en Manuel Rivas, "Poñerlle pés á lingua escrita" en *Teima. Revista galega de información xeral,* 22 (12-19 maio 1977), 41-43.

tiva do idioma, si foron un paso importante no proceso de estandarización. Despois de discutidas e aprobadas as ponencias, R. Álvarez Blanco, F. Fernández Rei e A. Santamarina prepararon a edición do texto.

As *Bases* de 1977 foron o punto de partida para a ponencia formada por membros da RAG e do ILG que elaborou as *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* (1982; 1985[3]). Esta normativa, que vai acompañada de ampla xustificación lingüística das solucións propostas, foi oficializada pola Xunta de Galicia, consonte co Decreto 173/1982 de 17 de novembro. Os membros do ILG que participaron en tódalas sesións da ponencia RAG-ILG foron R. Álvarez Blanco, Ramón Lorenzo e A. Santamarina, participando tamén X. Xove na revisión final do texto; por outra parte, A. Santamarina formara parte da Comisión de Lingüística da Xunta de Galicia que redactou as *Normas ortográficas do idioma galego* (1980).

O 15 de xuño de 1983 o Parlamento de Galicia aprobou a LNL (Lei de Normalización Lingüística) que na súa disposición adicional, relativa á estandarización do galego, afirma que "Nas cuestións relativas á normativa, actualización e uso correcto da lingua galega, estimarase como criterio de autoridade o establecido pola Real Academia Galega". Ante esta marxinación do ILG, na sesión do Patronato celebrada o 15 de maio de 1984, en presencia dos seus membros e de diferentes invitados (Presidente da Xunta de Galicia, Presidente do Parlamento e Presidente da RAG, entre outras autoridades) o director do ILG "lamentou que o Parlamento Galego afastase ó Instituto como institución digna de ser oída no referente á actualización da normativa lingüística a pesar do peso importante que levou a parte do Instituto na comisión mixta que elaborou as 'Normas' oficiais" (9).

Algúns investigadores do ILG veñen participando en encontros e simposios que ultimamente se celebran sobre a problemática da normalización do "galego exterior", é dicir, o falado na franxa que en Asturias vai do río Eo ó río Frexulfe, máis alá do Navia, no Bierzo occidental e nas Portelas de Sanabria. Froito da colaboración coa MDGA (Mesa prá Defensa del Galego de Asturias e da Cultura da Comarca) é a participación de A. Santamarina e F. Fernández Rei na redacción das *Normas ortográficas e morfolóxicas del galego de Asturias* (1990), proposta de estandarización dun "galego común asturiano", encadrado basicamente dentro da norma vixente en Galicia (10).

(9) Así consta na acta nº 15 do Patronato do ILG correspondente á sesión de 9.04.84 *(sic)*. Esta queixa foi salientada pola prensa ó día seguinte da entrega do edificio; así, en *La Voz de Galicia* (16.05.84, páx. 17) un titular a catro columnas dicía "Constantino García lamenta públicamente que se haya apartado de la Ley de Normalización al Instituto da Lingua Galega", para logo comenta-la "desafortunada decisión parlamentaria". Pola súa parte, *El Ideal Gallego* (16.05.84, páx. 12) poñía en titulares "García González pidiu ós poderes autónomos -*sic*- un meirande recoñecemento para o I.L.G".

(10) B. Fernández Braña / X. C. Álvarez Blanco / X. Babarro González / F. Fernández Rei / C. Martínez Fernández / A. Meilán García / A. Santamarina Fernández, *Normas ortográficas e morfolóxicas del galego de Asturias*, Ed. MDGA, 1990.

2.3. Asesoramento lingüístico

No referente á promoción do galego, o ILG prestou apoio e asesoramento lingüístico a tódalas entidades públicas e privadas que o solicitaron, así como a individuos particulares que coa institución conectaron.

Na segunda metade dos anos setenta, ó se editaren as primeiras publicacións periódicas non clandestinas escritas enteiramente en lingua galega, foron supervisadas lingüisticamente por membros do ILG. É o caso do quincenario, logo mensuario, *Vagalume. Publicación infantil e xuvenil* (xaneiro de 1975 a abril-maio de 1978), supervisado por A. Santamarina; e igualmente o do semanario *Teima. Revista galega de información xeral* (decembro de 1976-agosto de 1977), que se encargaron de revisar R. Álvarez Blanco e F. Fernández Rei, que ademais supervisaron e/ou traduciron en 1977 os capítulos do libro colectivo *Galicia. Realidade económica e conflito social* (Servicio de Estudios do Banco de Bilbao, 1978), ademais de realizaren, xunto con A. Santamarina e M. González a versión galega da Constitución Española (1978) da Xunta de Galicia preautonómica.

Os membros do ILG seguiron realizando este labor de traducción e supervisión ata a actualidade; entre as obras traducidas debe salientarse o *Misal Romano* (1987) en lingua galega, declarado oficial para as dióceses galegas, no que participaron R. Álvarez Blanco, R. Lorenzo e A. Santamarina, xunto cos membros da RAG C. Casares, R. Piñeiro e A. Torres Queiruga. Membros e colaboradores do ILG impulsaron en maio de 1984 a creación da Asociación de Traductores Galegos (ATG), entre eles A. Santamarina, que foi o primeiro secretario e é o actual presidente.

Nos anos oitenta, bolseiros do ILG ou persoal alí formado foron traductores ou supervisores lingüísticos da Xunta de Galicia e do Parlamento autonómico, así como da radio autonómica e da TVG desde a súa inauguración, en marzo e xullo de 1985, respectivamente. Cando en xuño de 1984 se creou no Rectorado da Universidade de Santiago un Servicio de Traducción (logo reconvertido nun Servicio de Normalización Lingüística) para asesorar e poñer en galego os formularios e demais escritos da administración do Rectorado, foron bolseiros do ILG (A. I. Boullón, R. Mariño e R. F. Tato, na primeira etapa, e posteriormente A. Dobao, M. N. Singala, M. Romero e P. Romero) os encargados de poñeren en marcha ese servicio, que pretendía contribuír á normalización administrativa da centenaria institución universitaria.

En decembro de 1984 creouse no seo do ILG unha sección de Linguaxe Administrativa, despois dun acordo coñ 50 concellos e coa Consellería da Presidencia da Xunta de Galicia, co obxectivo de elaborar un vocabulario de termos xurídicos, un formulario de procedemento administrativo xeral e mais un formulario de documentación municipal. En 1986 publicáronse os volumes I e II dos *Cadernos de documentación municipal,* relativos a Patrimonio e bens e a Contratación, e en 1988 editouse o III, sobre Urbanismo (11).

(11) O equipo que confeccionou os *Cadernos de Documentación Municipal. I Patrimonio e bens. II Contratación. III Urbanismo* na sección da Linguaxe Administrativa do ILG, cadernos que editaron conxuntamente a Universidade de Santiago e a Consellería da Presidencia da Xunta de Gali-

Nesta sección levouse a cabo, entre outros traballos, a traducción dos *Formularios da Administración Educativa de Galicia* (1988), labor realizado por Ana I. Boullón e Manuel Rei Romeu. Esta traducción fora encomendada ó ILG pola Dirección Xeral de Política Lingüística da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia; trátase de formularios de uso obrigatorio en tódolos estamentos da administración educativa non universitaria. Membros desta sección, amais de participaren nunha traducción da *Lei de Bases de Réxime Local* e na redacción dun *Vocabulario xurídico-administrativo* (no prelo), colaboraron na redacción da revista *Lingua e Administración* (o nº 1 é de febreiro de 1984) e na *Revista de Administración Galega* (o nº 1 é de xuño de 1985), ámbalas dúas editadas pola Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística de Galicia (AFNLG).

No que atinxe á toponomia, no ILG creouse a comezos dos setenta unha comisión, presidida por Xosé Filgueira Valverde e constituída por Mª del Carmen Bobes Naves, Ramón Lorenzo, Antón Santamarina e Guillermo Rojo, como secretario. Unha das funcións desta comisión toponímica era a de levar a cabo a corrección dos nomes de lugar das follas dedicadas a Galicia nos mapas do Instituto Xeográfico e Catastral, co fin de restaura-la auténtica toponimia galega.

Baixo a dirección de Constantino García, especialmente nos anos setenta, recolleuse a toponimia de varias parroquias galegas, unhas veces para emitir informes para os concellos que acudían ó ILG a fin de que dictaminase cal era a auténtica toponimia, para logo elevar ese dictame ó Pleno do concello respectivo; e outras veces como simple investigación, do que son boa mostra as teses de doutoramento e as memorias de licenciatura dirixidas (cf. 3.5). Por outra parte, o ILG formou parte da Comisión de Toponimia creada no seo do Museo do Pobo Galego, xunto con outros organismos oficiais, ó igual que participou desde os seus comezos na Comisión de Toponimia creada na Consellería da Presidencia. O vicedirector R. Lorenzo e o secretario A. Santamarina, que tamén o é desta comisión da Xunta, son aínda os representantes.

2.4. Seminarios especializados e ensino do galego para estranxeiros

Verbo da proxección da lingua galega en universidades alleas á de Santiago e na procura dunha actualización metodolóxica dos seus investigadores, o ILG levou a cabo desde o seu inicio seminarios especializados ós que foron invitados especialistas en filoloxía galega e portuguesa doutras universidades, especialmente portugueses e alemáns, á vez que participou en congresos de romanística con investigacións sobre a lingua galega.

---

cia, estivo integrado, na parte técnica, por Xoaquín Monteagudo Romero, que se encargou da planificación e do asesoramento xurídico; e na parte lingüística, por Ernesto González Seoane e Ana Isabel Boullón Agrelo, membros da citada sección do ILG como responsables da redacción do texto. Tamén participaron na súa elaboración, por seren membros da sección, Fernando R. Tato Plaza (no curso 1984-85), Ramón Mariño Paz (curso 1985-86) e Manuel Rei Romeu (curso 1986-87). Tamén se contou coa colaboración e o asesoramento lingüístico de Carlos Díaz Abraira e Xermán García Cancela, tradutores do Parlamento de Galicia e da Consellería da Presidencia, respectivamente.

En maio de 1971, ó crearse o ILG e publicarse o método *Gallego 1,* realizouse en Santiago un ciclo de conferencias sobre problemas da Filoloxía galega e portuguesa, no que participaron os profesores Joseph M. Piel, Luis F. Lindley Cintra, M. Rodríguez Lapa e J. L. Pensado Tomé.

Nos meses do inverno do curso 1971-72 celebráronse reunións semanais de especialistas en Filoloxía e nalgunhas outras ciencias, nas que houbo unha especial atención á problemática da lingua galega. Os ponentes dos diferentes temas foron Manuel C. Díaz y Díaz, Constantino García, Ramón Lorenzo, Schneider, Antón Santamarina e López Nogueira.

Do 10 ó 14 de xullo de 1972, integrados na Universidade de Verán de Vigo, celebráronse uns *Coloquios de Filoloxía Galega* cos seguintes conferenciantes: Constantino García ("Caracterización da lingua galega"), Manuel Alvar ("Galego e Xeografía Lingüística"), Manuel C. Díaz ("Bilingüismo en Galicia"), José L. Pensado ("O P. Sarmiento, lingüista"), Ricardo Carballo Calero ("A constitución da lingua literaria galega") e Xosé Filgueira Valverde ("Perspectivas da lingua galega").

Joseph M. Piel, patriarca da Filoloxía "hispánica occidental", e Ramón Lorenzo en representación do ILG, xunto con Dieter Kremer, responsabilizáronse da organización do Coloquio de Tréveris *Tradición, actualidade e futuro do galego,* que se celebrou nesta vila alemana da Romania Submersa do 13 ó 15 de novembro de 1980. O obxectivo deste simposio internacional en lugar "neutral" era dar a coñece-lo estado actual da investigación sobre o galego á vez de tratar de coordinar cientificamente ós estudiosos deste idioma. Constantino García analizou as "Actividades do Instituto da Lingua Galega", mentres que Ramón Lorenzo falou do "Proxecto dun Diccionario Histórico Galego" e Antón Santamarina tratou da "Dialectoloxía galega: historia e resultados", a partir do material inédito do *Atlas Lingüístico Galego* que acababa de ser recollido. Dieter Kremer e Ramón Lorenzo ocupáronse da edición das actas deste *Coloquio de Tréveris* no que participaron ademais de membros do ILG especialistas en filoloxía e literatura galega.

Os días 27 e 28 de febreiro e o 1 de marzo de 1986, coordinado por Ramón Lorenzo, celebrouse no ILG un *Coloquio de Lexicografía,* no que se trataron problemas da lexicografía actual, con especialistas europeos e brasileiros que están a traballar na redacción de obras lexicográficas semellantes ás que se están a elaborar no ILG. Ademais de Constantino García, Ramón Lorenzo e Antón Santamarina, que analizaron o labor do ILG, presentaron comunicacións os profesores José L. Pensado da Univ. de Salamanca, Kurt Baldinger da Univ. de Heidelberg, Franz Joseph Hausmann da Univ. de Erlangen-Nürnberg, Manlio Cortelazzo da Univ. de Padova, Max Pfister da Univ. de Saarbrücken, Manuel Seco da Real Academia Española, Ulf Herrmann da Univ. Humboldt de Berlin, Dieter Kremer da Univ. de Trier, Clarinda de Azevedo Maia da Univ. de Coimbra, Ivo Castro da Univ. de Lisboa, Mário Vilela da Univ. do Porto, Antônio Geraldo da Cunha da Univ. do Rio de Janeiro, Paul Teyssier da Univ. de Paris-Sorbonne, Hans-Josef Niederehe da Univ. de Trier, David Mackenzie da Univ. de Birmingham e Dieter Messner da Univ. de Salzburg. As actas deste *Coloquio de Lexicografía,* preparadas por Ramón Lorenzo, foron editados no anexo 29 da revista *Verba* (1988).

O *XIX Congreso Internacional de Lingüística e Filoloxía Románicas,* celebrado en Santiago de Compostela do 4 ó 9 de setembro de 1989 tivo unha sección, a VI, dedicada integramente ó galego. Nesta sección presentaron comunicacións sobre diferentes aspectos da lingua galega membros e colaboradores do ILG: R. Álvarez Blanco, F. Fernández Rei, M. González González, H. Monteagudo Romero, X. L. Regueira Fernández, X. Xove Ferreiro, M.C. Ares Vázquez, A.I. Boullón Agrelo, X. H. Costas González, E.X. González Seoane, C. Hermida Gulías, X.A. López Dobao, R. Mariño Paz, X. Rivas Cid, X.C. Sousa Fernández, F. Tato Plaza e Mª X. Vázquez López. Ademais, na sección XI sobre traballos en curso M. González González presentou unha comunicación sobre "Os traballos lexicográficos no Instituto da Lingua Galega" e F. Fernández Rei outra sobre a metodoloxía do volume I do *Atlas Lingüístico Galego.*

O secretario e responsable do *XIX CILFR* foi Ramón Lorenzo, coa colaboración de Antón Santamarina, entre outros membros do Comité Organizador. Se o congreso de romanística celebrado en Barcelona en 1953 representou o pleno recoñecemento científico da lingua catalana, o congreso de Compostela supuxo a homenaxe da romanística internacional á lingua propia de Galicia, tradicionalmente esquecida dos investigadores e pouco coñecida fóra dos estudiosos da filoloxía "hispánica occidental". Por outra parte, o galego foi o idioma oficial do *XIX CILFR* xunto co francés, xa desde os primeiros momentos da organización, ó igual que o foi en tódalas actividades culturais celebradas na semana do congreso.

Por outra parte, membros do ILG xa participaran en diferentes congresos de romanística con traballos inéditos sobre o galego. No *XVI CILFR,* celebrado en Mallorca (1980) fixérono R. Álvarez Blanco ("O *Atlas Lingüístico Galego*") e F. Fernández Rei ("Areas lingüísticas do galego actual") e nos Encontros de Filólogos Romanistas que baixo o lema *Las lenguas románicas españolas tras la Constitución de 1978* se celebraron na Universidade de Granada os días 21-23 de marzo de 1985 participaron M. González González ("A recuperación do galego") e F. Fernández Rei ("Variedades dialectais do galego"), xunto con Mercedes Brea ("Formación e características do galego").

No *XVIII CILPhR,* que se desenvolveu en Trier (1986) foron varias as comunicacións que versaban sobre a lingua galega, lidas por membros do ILG e por investigadores colaboradores con esta institución. Ramón Lorenzo falou de "Ecdótica e lingüística" e mais das "Normas para a edición de textos medievais galegos", mentres que Antón Santamarina presentou o "Estado e tarefas da lingüística galega". Tamén aportaron comunicacións R. Álvarez Blanco ("O sistema fonolóxico do galego. Comparación co do portugués"), F. Fernández Rei ("Conservadurismo e innovación no sistema de desinencias verbais do galego: o perfecto"), M. González González ("Subsistemas de sibilantes no galego actual"), H. Monteagudo ("Portugués e galego nos gramáticos portugueses do quiñentos") e X. Xove Ferreiro ("Sobre a posición do pronome persoal átono en galego: *eu o sei* e *eu seino*").

Nas *I Xornadas de Lingua e Cultura Galega / I Jornades de Llengua i Cultura Gallega* celebrados en Barcelona do 22 ó 26 de febreiro de 1988 participaron R. Lorenzo, A. Santamarina e H. Monteagudo con cadansúa comunicación. Por ou-

tra parte, C. García, R. Lorenzo e A. Santamarina formaron parte do comité organizador da *Setmana Catalana a Galicia. I Jornades de Llengua i Literatura Catalanes a Galicia / I Xornadas de Lingua e Literatura Catalanas en Galicia,* que tiveron lugar do 16 ó 19 de outubro de 1989 en Compostela.

Membros do ILG foron encargados de redactaren as entradas da sección de galego do volume VI do *Lexikon der Romanistischen Linguistik (LRL),* dirixido por Günter Holtus, Michael Metzeltin e Christian Schmitt, que está a ser editado pola Ed. Niemeyer. Constantino García redactou a formación do léxico e R. Lorenzo a "koiné galega"; A. Santamarina ocupouse da problemática da estandarización, M. González do estado actual do uso e F. Fernández Rei das áreas lingüísticas, mentres que R. Álvarez Blanco e H. Monteagudo se encargaron da entrada relativa á gramática. Por outra parte, Mercedes Brea redactou o relativo á formación do idioma e á confección dos diccionarios e gramáticas e Dieter Kremer ocupouse da onomástica.

R. Álvarez Blanco e X. Xove coordinaron o *Curso de Comentario Lingüístico de Textos* (xaneiro-marzo de 1988), no que participaron R. Lorenzo e X. Varela (textos medievais), F. Fernández Rei e M. González (textos dialectais), F. Cidrás, xunto con C. García (textos do século XIX), R. Álvarez Blanco (comentario fonético e fonolóxico), X. L. Regueira e H. Monteagudo (comentarios morfosintácticos), A. Santamarina (comentario léxico) e X. Xove (comentario gramatical e léxico). Ademais, membros do ILG participaron nas diferentes *Xornadas de análise de textos galegos* organizados nos últimos anos pola Sección de Lingua e Literatura Galegas do Instituto de Estudos Galegos "Padre Sarmiento".

Nos últimos anos o ILG, coa subvención económica da Dirección Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, organiza *Cursos de Verán de Lingua e Cultura Galegas para Estranxeiros,* baixo a dirección de M. González González. O 1º celebrouse do 1 ó 24 de setembro de 1988, cun único nivel, mentres que no 2º curso (do 3 ó 29 de xullo de 1989) houbo xa un nivel de iniciación e outro de perfeccionamento. Idénticos niveis houbo na 3ª edición dos Cursos (do 3 ó 28 de setembro de 1990). Foron varios os membros do ILG que se ocuparon da docencia teórica e práctica destes *Cursos,* de especial relevancia para a expansión da lingua galega nas universidades de Europa e de América, pero a maior responsabilidade recaeu en Xosé Luís Regueira, que impartiu o nivel de iniciación do 1º ano e o perfeccionamento dos outros dous.

Un precedente remoto destes cursos está nos organizados polo ILG nos meses de xullo e agosto de 1971 na Coruña, de iniciación ó galego, ó igual có organizado en xullo de 1972 en Santiago, ó que concorreron estudiantes galegos e algúns estranxeiros. Estes cursos celebrábanse no marco dos Cursos de Verán da Universidade de Santiago.

3. INVESTIGACION

O ILG tivo que suplir, en certa maneira, noutro tempo e noutras circunstancias funcións de normalización, de introducción do galego no ensino e de es-

tandarización da lingua que correspondía fundamentalmente a outras institucións, polo que tivo que deixar en parte a investigación sobre o propio idioma que, na miña opinión, é a función e a principal razón de ser e actividade básica dun instituto universitario como o que estamos a historiar.

Os proxectos máis ambiciosos no terreo investigador que se están a levar a cabo desde hai moitos anos e que poden situa-la prostrada lingua galega a grande altura na lingüística románica circunscríbense ó campo da cartografía lingüística e ó da lexicografía. Con todo, no ILG tamén se vén traballando desde a súa creación sobre a gramática galega sincrónica e diacrónica.

3.1. Dialectoloxía e cartografía lingüística: o ALGa

Entre 1966 e 1974, no seo do antigo Departamento de Filoloxía Románica e no ILG levouse a cabo, baixo a dirección de Constantino García, un proxecto de recollida de léxico en todo o territorio lingüístico galego, a base de enquisas parciais e doutras máis completas, que en moitos casos deron lugar á redacción de tesiñas de "falas", tanto do mundo rural coma do mariñeiro.

Os estudios de "falas" de finais dos anos sesenta e da década dos setenta son fundamentalmente vocabularios léxicos, que ás veces se acompañan dunha breve caracterización lingüística da parroquia ou concello analizado e que poden ter como complemento algúns textos recolleitos no lugar. Entre 1967 e 1979 realizáronse 42 tesiñas deste tipo, 40 dirixidas por Constantino García e 2 (as de Oirós e Caaveiro) por R. Lorenzo; para a distribución de todas elas (falta a de Castiñeiras-Ribeira) pode verse a introducción do *Glosario de voces galegas de hoxe,* anexo 27 de *Verba* editado por C. García. Deste tipo de tesiñas, basicamente de léxico, hai aínda algunha realizada nos anos oitenta, como ocorre coa de Láncara (1982) e a do Val do Toxa (1984) dirixidas por Isabel González e Xosé Luís Couceiro, respectivamente.

Nos anos oitenta cambiou a orientación das tesiñas de "falas", que se van centrar na descrición fonética e morfolóxica do galego dunha parroquia ou dun concello, con especial referencia ó galego común, acompañado ese estudio de abundantes textos transcritos, base da descrición; é o caso da tesiña de Begonte (1983) de Xosé Graña, da de Vincios-Gondomar (1986) de Xosé H. Costas, da de Vilasante-Saviñao (1986) de X. Carlos Quiroga, que leva ademais un complemento toponímico, e da de Goián-Tomiño (1987) de Helena Pousa. Estes traballos foron dirixidos por F. Fernández Rei, mentres que M. González González dirixiu as memorias de licenciatura de Zolle-Guntín (1986) de X. L. Vázquez Somoza e Queizán-O Corgo (1986) de X. M. Castro Castedo, nas que se fai un estudio da fonética e do léxico a partir dos textos transcritos. Isto mesmo ocorre na tesiña de Lier-Sarria (1990) de Mª X. López Castro, dirixida por Mercedes Brea.

Nos anos setenta, baixo a dirección de C. García, redactáronse teses de doutoramento que consistían, fundamentalmente, na presentación de léxico e mais nunha ampla descrición fonética e fonolóxica -sincrónica e diacronicamente- da fala dunha parroquia ou dun concello, así como nun estudio gramatical, de maior ou menor profundidade, segundo a tese. É o caso de *El habla de O Grove* (1971)

de M. C. Enríquez Salido, de *El habla del Valle del Suarna* (1973) de A. Santamarina, de *El habla de Feás* (1974) de X. L. Couceiro, de *El habla del Valle de Verín* (1976) de M. Taboada Cid e de *El habla de Marín* (1976) de R. Pérez Cid. Excepto a de Marín, estas teses publicáronse parcialmente en anexos e nos primeiros números da revista *Verba.*

Nos últimos anos as teses de "falas" teñen uns presupostos teóricos semellantes, pero diferéncianse das dos anos setenta especialmente no estudio profundo que se fai de toda a gramática da "fala", para o que se ten en conta as investigacións gramaticais máis recentes. Isto pode verse na tese de X. L. Regueira, *A fala do norte da Terra Cha* (1989), dirixida por A. Santamarina.

Como a malla de puntos das memorias de licenciatura e das teses redactadas antes de 1974 deixaba grandes baleiros xeográficos e tamén porque o material obtido era fundamentalmente léxico, o ILG decidiu proxectar un *Atlas Lingüístico Galego (ALGa)* (12), no que tivese cabida a recolleita de material fonético e morfosintáctico, ademais do léxico.

Proxectouse esta investigación en dúas direccións: por unha parte, en conexión con proxectos máis xerais, como son o *Atlas Linguarum Europae (ALE),* dirixido na actualidade por Mario Alinei, e mailo *Atlas Lingüístico de España y Portugal (ALEP),* baixo a dirección de Manuel Alvar; e por outra parte, no afondamento da análise dos trazos específicos do galego como lingua románica. Desde o ano 1987 o ILG participa ademais no proxecto do *Atlas Linguistique Roman (ALIR),* dirixido por Gaston Tuaillon e Michel Contini do Centre de Dialectologie de l'Université Stendhal de Grenoble.

O cuestionario do *ALGa* consta de 2.711 preguntas, moitas delas con respostas múltiples -caso dos paradigmas verbais cos que se fixo un cuestionario á parte- o que dá un total de máis de 4.000 respostas en cada un dos 167 lugares explorados (49 na Coruña, 39 en Lugo, 31 en Ourense, 33 en Pontevedra, 7 en Asturias, 5 en León e 3 en Zamora). As preguntas iniciais (1-527) corresponden á fonética, morfoloxía e sintaxe, mentres que o léxico, agrupado tematicamente, comprende o groso do cuestionario (528-2.711). Prescindiuse do léxico mariñeiro por haber xa 25 localidades investigadas por A. Santamarina e Mª do Carme Ríos Panisse para o *Atlas Lingüístico de los Marineros Peninsulares (ALMP)* (13).

A dirección do proxecto do *ALGa* correspondeu desde o seu inicio a Constantino García e a Antón Santamarina, sendo R. Álvarez Blanco, F. Fernández Rei e M. González González os investigadores de toda a rede de puntos. En xullo de 1990 publicouse o volume I do *ALGa* (14), coordinado por F. Fernández

(12) Sobre a metodoloxía do *ALGa* cf. C. García / A. Santamarina / R. Álvarez Blanco / F. Fernández Rei / M. González González, "O *Atlas Lingüístico Galego*" en *Verba*, 4 (1977), 5-17. Poden verse tamén os artigos de M. González González, "O Atlas Lingüístico Galego", un paso adiante nos estudios de lingüística galega" en *Grial*, 81 (1983), 267-286 e mais "L'Atlas Linguistique Galicien" en *Géolinguistique*, III (1987), 17-30.

(13) M. Alvar, *Léxico de los marineros peninsulares.* I *El mar; Geomorfología. Meteorología. Astros. Navegación y maniobras*, *Arco Libros*, 1985; II *Embarcaciones. Comercio. Navegación*, 1986; III *Artes de pesca. Procedimientos de pesca. Peces* (en prensa); IV *Otros seres marinos (moluscos, crustáceos, etc.). Plantas marinas. Indices* (en prensa).

(14) C. García / A. Santamarina / F. Fernández Rei / R. Álvarez Blanco / M. González González, *Atlas Lingüístico Galego. Morfoloxía verbal*, volume I, 2 tomos, Instituto da Lingua Galega /

Rei e coa colaboración de C. Hermida Gulías e Mª das Dores Lagarón Ron; R. Álvarez Blanco coordinou o volume II, dedicado á morfoloxía non verbal, coa colaboración inicial de X. Mª Gómez Clemente e X. M. Maceira, e a posterior de Xulio C. Sousa F., axudado por Francisco Dubert e Iris Cochón. M. González ocúpase da coordinación dos mapas fonéticos correspondentes ó volume III. O volume IV e seguintes serán de léxico.

Na preparación deste material base para o seu cartografiado nos volumes de léxico, ademais dos investigadores do *ALGa,* participaron Mª do Carme López Taboada e H. Monteagudo. O seu labor foi completado por Rosa López Gato, Xermán García Cancela, Benigno F. Salgado, C. Hermida, M. D. Lagarón, Eusebio Lorenzo, Soledad Pérez Abadín e María Xesús Vázquez.

Polo que respecta ó volume da morfoloxía verbal, ademais do material primario recolleito cun cuestionario verbal nos 167 puntos do *ALGa,* hai datos de 261 puntos secundarios, utilizados especialmente para mellor delimitar unha isoglosa ou para dar información sobre formas, ás veces insólitas nunha área lingüística, que non se rexistraron nos puntos primarios. Ademais, na marxe -e nunca nos mapas- hai material expurgado de monografías e artigos relativos a puntos ou comarcas do territorio lingüístico galego, así como de coleccións de textos orais publicados e de memorias de licenciatura inéditas. Son en total 33 obras expurgadas, cun riquísimo material incluído nas máis de 4.000 notas repartidas entre os 430 mapas do volume I.

Antes da edición deste volume, membros do equipo do *ALGa* publicaran traballos baseados nese material, con acompañamento de mapas. É o caso, entre outros, do xa citado "Dialectoloxía galega: historia e resultados" de A. Santamarina en *Coloquio de Tréveris* (1982) 153-176 + 11 mapas; de "Bloques e áreas lingüísticas do galego moderno", de F. Fernández Rei en *Grial,* 77 (1982), 257-296; de "Resultados do latín *gingiva* no territorio galego" de M. González González en *Verba,* 11 (1984), 65-100; e de "Consideracións sobre a metafonía nominal galega" da autoría de R. Álvarez Blanco na *HPiel* (1988), 141-157. De 1990 é a publicación pola Ed. Xerais de Galicia da *Dialectoloxía da lingua galega,* obra que redactei, fundamentalmente, a partir do material inédito do *ALGa.*

As denominacións da folla do piñeiro e mailas do cadabullo recollidas no *ALGa* foron utilizadas por M. Brea en traballos onomasiolóxicos, publicado o relativo ó arume en *Verba,* 7 (1980) 51-74. Ademais, os datos do *ALGa* de seis animais reptantes serviron de base para a redacción da memoria de licenciatura de Josefa Goldar (1977), dirixida por C. García, na que se cartografía todo o material en seis mapas onomasiolóxicos.

Por outra parte, existe no ILG un *Arquivo Dialectolóxico,* con tódalas gravacións correspondentes a puntos do *ALGa* (1974-76), ás que se foron engadindo cada ano moitas outras rexistradas en todo o territorio lingüístico, unhas feitas por membros do ILG, outras por estudiantes de Lingüística Románica 1 da Facultade de Filoloxía ou ben por profesores de EXB asistentes a cursos de especialización

---

Fundación "Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa", 1990. Sobre a metodoloxía deste primeiro volume do *ALGa* presentei a comunicación "*Atlas Lingüístico Galego.* Vol. I. *Morfoloxía verbal*" no *XIX CILFR.*

de galego impartidos por membros do ILG. Os textos orais recollidos por A. Santamarina en Negueira de Muñiz (Lugo) foron publicados en *Verba,* 2 (1975), 307-323, mentres que os de Piantón (A Veiga), Paradaseca (Vilafranca) e Lubian correspondentes ó *ALGa* foron publicados por min en *HGalmés,* I (1985), 171-197. Por outra parte, preparei a edición dos textos que Martine Roux recolleu en Barxa Maior-O Cebreiro, publicados en *Fala o fistor e fáise o día* (O Castro, 1982). Xosé Graña, Manolo Amor e Isabel Arcai transcribiron boa parte das gravacións do *Arquivo Dialectolóxico.*

3.2. Lexicografía

Trátase dunha liña de investigación na que se traballa no ILG desde a súa creación (15) e que tardará anos en desenvolverse pois son varios os proxectos lexicográficos en curso. As realizacións recentes, algunhas das cales xa se mencionaron máis arriba, son as seguintes:

a) Ficheiro do Léxico Galego

Conta na actualidade cunhas 800.000 mil fichas, especialmente do galego oral, de cores diferentes para indicar ó investigador a súa orixe. As de cor branca están tiradas especialmente de teses de doutoramento, dunhas sesenta memorias de licenciatura e de enquisas feitas por membros do ILG sobre diferentes campos semánticos por todo o territorio lingüístico galego. Boa parte deste material é anterior á creación do ILG, pois procede de traballos realizados no antigo Departamento de Filoloxía Románica desde a súa constitución en 1966. Constantino García sistematizou o material léxico de varias teses e de boa parte das memorias de licenciatura, -un total de 45 monografías- (16) para a edición do *Glosario de voces galegas de hoxe* (1985), mencionado máis arriba; anos antes editara o *Léxico*

(15) Neste apartado relativo á lexicografía sigo o esquema da comunicación presentada no *XIX CILFR* por M. González González, "Os traballos lexicográficos no Instituto da Lingua Galega".

(16) A relación de autores dos traballos cos nomes dos lugares, tal como figura na introducción do *Glosario* é a seguinte: F. Fernández Rei (Cariño), J. Vilariño Seco (San Braulio de Caaveiro), J.M. Dobarro Paz (Cabalar-A Capela), M. Felpeto Lagoa (Ares), M.C. Ríos Panisse (Sada), J.L. Couceiro Pérez (Feás), M.R. Martínez Martínez (Curtis), F. Vecino Tomás (Razo), M.J. Morandeira Lores (Laxe), S. López Facal (Toba), I. Leis Casanova (Santa Eulalia de Dumbría), M.C. Alonso Pérez (Escarabote), R. Seco Fernández (Santa Comba), F. Varela González (Santaia), C. García González (Compostela), J. López Fernández (Novefontes), R. Fraga García (Melide), M.C. López Taboada (Sobrado dos Monxes), M.J. Pérez Froiz (Santa María de Oirós), M.A. Fraiz Barreiro (Codeseda), M.C. Enríquez Salido (Grove), A. Pérez Cid (Marín), M.J. Pérez Alonso (Goián), M. Prado Fernández (Ferreira do Valadouro), G. Baamonde Traveso (Cedofeita), C.E. Blanco Fernández (Crecente), X. Pena Seijas (Guitiriz), S. Cortiña Vázquez (Friol), E. Rodríguez Gandoi (Guntín), M.I. Vázquez Fernández (Pereiramá), M.I. González Fernández (Val de Burón), A. Santamarina Fernández (Val do Suarna), M.T. Acosta García (Pedrafita), M. González González (Incio), M.D. García Rojo (Monterroso), J.A. Palacio Sánchez (Ferreira de Pantón), M.R. Álvarez Blanco (Ramirás), M.P. Paz González (Xunqueira de Ambría), A. Sánchez Sánchez (Montederramo), M. Díaz Carnero (Castro Caldelas), M.E. Vázquez Santamaría (A Gudiña), M. Taboada Cid (A Mezquita), M. Taboada Cid (Verín), M.C. Gil Suárez (Vilardevós) e M.C. Rodríguez Lago (Porto-Zamora).

Entre os colaboradores do ILG que participaron na edición deste *Glosario* cómpre salientar a Margarita Prado e a Mª Concepción Piñón.

de la comarca compostelana, anexo 1 de *Verba* (1974). No *Ficheiro* tamén se incorporou léxico dos Precursores do XVIII (Sarmiento, Sobreira) e vocabulario especializado, como a tese de doutoramento de Mª C. Ríos Panisse sobre a flora e a fauna marítima (1973), dirixida por C. García e publicada nos anexos 7 e 19 de *Verba,* ou a tesiña de M. Pérez Sánchez sobre o latín dos canteiros (1975), tamén da dirección de C. García.

Hai neste *Ficheiro* papeletas de cor amarela, que corresponden a material de enquisas feitas por estudiantes do 2º ciclo de Filoloxía Románica (Francés e Español), mentres que as de cor azul se refiren a léxico tirado de gravacións de textos orais dos últimos anos. A totalidade dos colaboradores do ILG contribuíu á confección deste ficheiro, que nos anos setenta estivo baixo a dirección de Xosé Luís Couceiro. No período comprendido entre 1983 e 1985 ocupouse del M. X. Vázquez López.

Nestes momentos estase informatizando todo o *Ficheiro* nunha base de datos relacional cun formato de oito campos de rexistro (1 entrada, 2 forma en galego común, 3 forma en castelán, 4 categoría, 5 campo nocional, 6 exemplo, 7 lugar, 8 notas). Este labor está a ser realizado por Xosé D. García Villasuso, Alexandre Rodríguez Guerra e Tiago Vidal Figueroa, baixo a coordinación de X. L. Regueira.

b) Dicionario Básico da Lingua Galega

Xa se falou del no apartado do material didáctico (2.1) elaborado nos anos setenta. A obra, ó ter como destinatario nenos de 7 a 10 anos, construíuse cun vocabulario pechado, polo que nas definicións e nos exemplos soamente se encontran palabras das entradas. Contén ilustracións e información morfolóxica, especialmente verbal. Na 1ª edición (1980) colaboraron fundamentalmente A. Santamarina, X. M. Salgado e X. Xove; unha nova edición, aínda no prelo, actualizada por M. González incorpora información fonética nas entradas.

c) Vocabulario de Frecuencias da Lingua Galega

A primeira parte desta obra será un *Vocabulario fundamental da lingua galega,* estudio semellante ó *Basic English* e ó *Français fondamental,* de grande utilidade no campo pedagóxico ó ir dirixido especialmente ós autores de material didáctico.

A segunda parte deste proxecto é a redacción dun *Vocabulario de dispoñibilidades,* a partir de 400 enquisas, con 26 temas de interese en cada unha delas. Recóllense os primeiros 20 substantivos, así como os primeiros 10 adxectivos e 10 verbos que o informante proporciona.

Baixo a dirección de M. González González cubríronse xa 24 cuestionarios. Unha vez que o total do material estea lematizado, isto é, unha vez que se agrupen tódalas formas reducibles a unha soa entrada, levarase a cabo a selección das palabras estatisticamente pertinentes.

d) Vocabulario Ortográfico da Lingua Galega (VOLGA)

En 1989 o ILG e maila RAG fixeron unha edición (non venal) de 200 exemplares do *VOLGA,* que foi realizado no ILG por un equipo coordinado por Antón Santamarina e M. González González, que contaron coa intensa colaboración de F. Cidrás, Mar Rúa Ferradás, Mª D. Lagarón, Mª Dolores Sánchez Palomino, Goretti Sanmartín e Xosé M. Millán; tamén colaboraron Esperanza Mariño, X. M. Maceira, Dolores Valiño, X. L. Vázquez Somoza e X. M. Castro Castedo.

O *VOLGA* quere fixa-las formas consideradas correctas no galego común, polo que vén a ser un complemento das *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* (1982) elaboradas polo ILG e a RAG.

Levouse a cabo un seguimento histórico, moitas veces panrománico, de boa parte das 45.000 entradas do *VOLGA,* amais de ter que seleccionar entre as variedades dialectais de moitas entradas, para o que se acudiu ó *Ficheiro do Léxico Galego.* Por outra parte, tratouse de moderniza-lo léxico coa incorporación de voces técnicas e culturais, á vez que se ían eliminando os préstamos do español innecesarios.

Nestes momentos estase ultimando a revisión da edición provisional, na que tamén participan R. Álvarez Blanco e X. Xove, para a súa publicación. Tamén se teñen en conta as observacións efectuadas por outros colaboradores do ILG, así como por profesionais alleos á institución.

e) Diccionario Inverso da Lingua Galega

Cunha ordenación *a tergo,* deriva do *Vocabulario Ortográfico da Lingua Galega* acabado de citar. É útil especialmente como diccionario de rimas e mais para a análise dos procedementos de formación de palabras.

f) Diccionario da Lingua Galega

En xullo de 1990 o ILG e maila RAG editaron este diccionario medio, dunhas 12.000 entradas, pensado como diccionario de uso e tamén como material escolar para os derradeiros anos de EXB e para o BUP. O director desta obra foi Constantino García, que contou coa axuda de M. González e de A. Santamarina na coordinación dun equipo integrado por Xosé Bieito Arias Freixedo, F. A. Cidrás Escáneo, Xesús Riveiro Costa, M. Rúa Ferradás e Mª D. Sánchez Palomino.

Para a redacción deste diccionario escolleuse o léxico de uso máis habitual, aínda que ás veces primou un criterio didáctico, ó introducírense formas non moi frecuentes pero relevantes para difundir termos esencialmente galegos verbo dos correspondentes casteláns da fala viva. As entradas acompáñanse dun exemplo por acepción, con sinónimos e antónimos.

O deseño metodolóxico dos citados proxectos tratouse no *Coloquio de Lexicografía* celebrado no ILG en 1986, tal como arriba se indicou (2.4).

Investigadores do ILG ou relacionados desde hai tempo coa institución, realizaron nos últimos anos varios diccionarios de uso escolar. É o caso do *Diccionario galego-castelán* (Galaxia, 1988) redactado por Ana I. Boullón, Benigno F. Salgado, Ernesto G. Seoane, Carme Hermida, Mª Dores Lagarón, Ramón Mariño, Helena Pousa, Xesús Riveiro e Mª Xesús Vázquez, baixo a coordinación de H. Monteagudo e Xermán G. Cancela, que serviu de base para o *Diccionario escolar galego* (Galaxia, 1989) no que tamén participou F. R. Tato, pero non colaboraron C. Hermida, H. Monteagudo e Mª X. Vázquez; e tamén é o caso do *Diccionario Xerais da Lingua* (1986), obra de Mª Carme Ares, Xosé Mª Carballeira, Primitivo Iglesias, Xosé Mª Lema e Rosa López, coordinado por Xosé Lastra. O mesmo equipo que elaborou este diccionario, agora coordinado por Gonzalo Navaza e coa incorporación de C. Hermida, redactou para Ed. Xerais o *Diccionario castelán-galego.* Por outra parte, a Ed. Galaxia vai editar un *Diccionario de dúbidas,* redactado por Benigno F. Salgado, Xosé F. Salgado, M. Puga e X. C. Sousa.

Tódolos autores destes diferentes diccionarios, ó igual cós redactores dos vocabularios temáticos de que se falará máis abaixo, son debedores confesos ou inconfesos do *VOLGA.*

Outros proxectos lexicográficos son os seguintes:

g) Diccionario Xeral da Lingua Galega

Constará das mesmas entradas do *VOLGA,* con exemplos literarios acompañando cada acepción de cada lema. Para este proxecto, realizado en colaboración co Seminario de Lexicografía da RAG, creado en novembro de 1986 e que dirixe Constantino García, vanse concordar máis de 300 obras da literatura galega dos séculos XIX e XX. Na actualidade hai concordancias dunhas 200 obras, entre as que están as das "tres coroas" do noso Rexurdimento (Rosalía, Pondal e Curros), as dos escritores da Xeración Nós e autores máis recentes, como Celso Emilio Ferreiro ou Darío Xohán Cabana.

Mediante un diccionario máquina (17) que recoñeza as formas asignables a cada lema vaise proceder axiña á lematización. Coordinados por A. Santamarina traballaron intensamente neste proxecto Xosé F. Salgado e Manolo Puga. Hoxe colaboran Margarita Neira, Xesús Amboage, Alberte González Montañés e Xosé Guerra.

No ano 1986 redactáronse no ILG varias memorias de licenciatura consistentes en glosarios de obras literarias do XIX. Ramón Mariño fixo un *Estudio dos primeiros textos en galego do século XIX con especial atención ás* ***Proezas de Galicia*** *(1810),* Ernesto G. Seoane analizou os *Textos galegos de mediados do século XIX. Glosario do* ***Album de la Caridad*** *(A-D),* Ana I. Boullón levou a cabo un glosario da obra de V. Lamas Carvajal (A-D) e Mar Rúa Ferradás fixo o glosario da obra

(17) Véxase ó respecto neste tomo I "De lexicografía galega. Un diccionario máquina", de A. Santamarina.

de M. Curros Enríquez (A-E), baixo a dirección de R. Álvarez Blanco, M. González González, R. Lorenzo Vázquez e F. Fernández Rei, respectivamente (18).

h) Grande Diccionario da Lingua Galega

Nesta obra vai constar todo o léxico galego, tanto da fala viva coas súas variantes locais como da lingua literaria, incluídos hiperenxebrismos, arcaísmos, lusismos, castelanismos, etc. Cada artigo deste gran diccionario acompañarase de datos cronolóxicos, xeográficos e outros que se consideren de interese.

i) Vocabularios temáticos

No relativo ós vocabularios especializados e temáticos A. Santamarina e M. González González coordinaron o *Vocabulario de matemáticas, física e química,* que editou a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia (1988). Na redacción participaron membros do ICE e profesionais alleos a este instituto de investigación e ó ILG, con experiencia do ensino en galego das citadas materias. Por outra parte, C. Hermida revisou os vocabularios das ciencias naturais e da electrónica e electricidade, tamén patrocinados polo ICE e que editará proximamente a Dirección Xeral de Política Lingüística.

Un equipo mixto integrado por investigadores do ILG (Ana I. Boullón, Ernesto G. Seoane, Anxos Sanmartín e Luz Méndez), traductores do Parlamento e da Xunta de Galicia e profesionais do dereito redactaron un *Vocabulario administrativo* (no prelo).

Por outra parte, membros do ILG e persoas que manteñen relación coa Sección de Linguaxe Administrativa foron os redactores dos vocabularios temáticos publicados pola Dirección Xeral de Política Lingüística (1988) e que formaron parte do material da campaña *Mellor en galego.* M. Núñez Singala, B. Fernández Salgado e María X. Miramontes ocupáronse do medio físico; I. Ruibal, X. García Cancela e X. Torres, do medio agrícola; P. Novo dos deportes; I. Boullón, C. Díaz Abraira e M. Penoucos do comercio e A. L. Dobao dos pesos e medidas.

j) Diccionario Histórico da Lingua Galega

Baixo a dirección e coordinación de Ramón Lorenzo estase traballando na confección dun diccionario histórico. Están fichadas as seguintes obras en prosa: os *Miragres de Santiago,* a *General Estoria,* a *Coronica de Iria,* a traducción galega da *Crónica General e da Crónica de Castilla* e a *Crónica Troiana,* estas dúas editadas polo propio Lorenzo, que ademais é autor de *Sobre cronologia do vocabulário galego-português (Anotações ao "Dicionário etimológico" de José Pedro Machado),* publicado por Galaxia en 1968.

Entre os documentos expurgados figuran os *Documentos gallegos de los siglos XIII al XVI* editados por Martínez Salazar (1911), os de M. Sponer (1934) e

(18) Na Universidade de Valladolid R. Lorenzo dirixira unha memoria de licenciatura sobre o vocabulario en *Os Eidos 1 e 2* de Uxío Novoneyra (1978).

os contidos nas edicións realizadas por E. Duro Peña sobre *El monasterio de Pedro de Rocas y su colección documental* (1972) e sobre *El Monasterio de San Esteban de Ribas de Sil* (1977).

Tamén se ficharon os documentos do *Libro do Espital dos Pobres de Muros,* que Adela Lamas transcribira para a súa memoria de licenciatura (1984), e os de Montederramo, presentados por Begoña Martín Acero tamén como memoria licenciatura (1985). Na sección de galego medieval do ILG Rosa Martín Biedma redactou unha memoria de licenciatura sobre documentos do mosteiro de S. Estebo de Ribas de Sil (1983) e Carme Barreiro García fixo o mesmo sobre os *Miragres de Santiago* (1985), mentres que F. R. Tato Plaza se ocupou do *Libro de Actas do Concello de Santiago (1416-1422),* incluíndo glosario (A-D) e textos concordados. Todas estas memorias foron dirixidas por R. Lorenzo (19). Entre as persoas que realizaron a fichaxe e ordenación das obras citadas están Rosa Martín Biedma, María Xesús Senín, Eusebio Lorenzo e, especialmente, Carme Barreiro.

Por outra parte, R. Lorenzo é coordinador do equipo que xa transcribiu os documentos do mosteiro de Montederramo que van ser editados polo Consello da Cultura Galega e dos que se está a elabora-lo glosario. Ademais ten publicadas consideracións sobre léxico medieval en *Verba*, 1 (1974), 159-169 e sobre normas de edición de textos medievais galegos (tomo VI das actas de *XVIII CILPhR,* 1988).

Constantino García dirixiu a tesiña de M.H. Martínez na que se analizaba o léxico romance no Tumbo C da catedral de Santiago (1968), a de R. Louzao sobre o léxico protorromance dos documentos da catedral de Lugo (1976) e a de M. García Pena sobre o vocabulario da *Corónica de Iria* (1972). É ademais director da edición crítica do Cancioneiro de Joan Airas (1976), realizada por José Luis Rodríguez, publicada como anexo 12 de *Verba* (1980).

A. Santamarina redactou as anotacións etimolóxicas correspondentes ós nomes de invertebrados e peixes que figuran no anexo 7 de *Verba, Nomenclatura de la flora y fauna marítimas de Galicia*, de Mª C. Ríos Panisse.

3.3. Estudios gramaticais e léxicos

Xunto coa recolleita de material léxico e o seu estudio, leváronse a cabo xa desde a creación do ILG traballos de gramática, tanto no plano sincrónico -boa proba son as leccións gramaticais dos tres volumes do método *Galego-* coma no diacrónico.

Xa se indicou anteriormente (3.1) que nas teses de doutoramento de "falas" hai un apartado gramatical. Algúns capítulos, con modificacións, publicáronse en *Verba* e nos seus anexos; é o que fixo A. Santamarina en *El verbo gallego* (anexo 2, 1974), no que se realiza unha análise sincrónica e diacrónica dos constituíntes

(19) Na Universidade de Valladolid R. Lorenzo dirixiu unha tese de doutoramento sobre o léxico de documentos do século XIII correspondentes ó mosteiro de Montederramo (1979) e unha tesiña sobre o vocabulario de documentos galegos do século XIII anteriores a 1275, defendida no ano 1977.

verbais, así como dos valores e funcións dos tempos, e nos artigos sobre a comparación e o adverbio en *Verba*, 1 (1974), 16-30 e *Verba*, 2 (1975), 59-106.

Guillermo Rojo, que redactara unha memoria de licenciatura sobre as perífrases verbais en galego moderno (1969), desenvolveu o mesmo tema na tese de doutoramento (1972), publicada como anexo 2 de *Verba* (1974). Isabel González estudiou os sufixos nominais no galego actual (1975), tese publicada como anexo 11 de *Verba* (1978). R. Álvarez Blanco analizou na súa tese de doutoramento (1980), diacrónica e sincronicamente, tódalas formas do pronome persoal recollidas no *ALGa*, ademais de estudia-las funcións e a colocación do pronome átono, aspecto este último tratado en profundidade; pola miña parte presentei como tese (1979) unha análise sincrónica e diacrónica de tódalas variantes diatópicas das formas verbais presentes no *ALGa*. Todas estas teses foron dirixidas por Constantino García, ó igual que as tesiñas de Hilda Otero sobre formacións expresivas de nomes de animais (1968), a de Emilio Montero sobre o eufemismo (1973), a de Francisco G. Gondar sobre o infinitivo conxugado (1976; anexo 13 de *Verba*, 1978) e a de Victoria G. Cao sobre a preposición *A* (1982).

Outras investigacións sobre aspectos varios da gramática moderna son as seguintes: a tese de Francisco A. Cidrás sobre as construccións pasivas (1990), dirixida por R. Lorenzo; as tesiñas de X. Lantes sobre os pronomes reflexivos (1980), a de Mª A. Bellón sobre a cuantificación (1982) e a de Consuelo Brea sobre termos despectivos de persoa (1982), baixo a dirección de A. Santamarina; a de Carme Hermida sobre as funcións, valores e usos do artigo (1986), parcialmente publicada en *Verba*, 16 (1989), 117-134 e maila de Mª Xosé Beceiro sobre a comparación (1990), dirixidas por R. Álvarez Blanco ás que hai que engadi-la de Julia Marqués sobre palabras compostas en galego (1989), dirixida por M. Brea.

R. Álvarez Blanco estudiou o sistema fonolóxico do galego en comparación co do portugués (*XVIII CILPhR*, 1986) e a metafonía nominal en *HPiel* (1988), 141-157. A gheada foi analizada por A. Santamarina en *Verba*, 7 (1980), 243-249 e por X. Mouriño nunha tesiña (1984) dirixida por A. Santamarina. O seseo e a gheada foron tratadas por min nas correspondentes entradas da *Gran Enciclopedia Gallega*, mentres que M. González González estudiou o sistema de sibilantes (*XVIII CILPhR*, 1986). Este membro do ILG é pioneiro na investigación de fonética experimental na Universidade de Santiago; mostra disto é a comunicación que presentou ó *XIX CILFR* (1989) sobre o estudio acústico do vocalismo galego, en colaboración con X. L. Regueira.

R. Álvarez Blanco analizou a morfoloxía do artigo en *Verba*, 10 (1983), 169-182, o pronome persoal na lingua en prosa de Cunqueiro (*HCunqueiro*, 1982, 246-266) e a secuencia de pronomes átonos (*XIX CILFR*, 1989); F. Fernández Rei ocupouse das desinencias de perfecto (*XVIII CILPhR*, 1986); M. González estudiou as vacilacións fonéticas e gráficas da prosa de Cunqueiro (*HCunqueiro* 171-185) e en colaboración con F. Fernández Rei ocupouse da morfoloxía do mesmo autor (*Ibídem*, 186-245); X. Varela Barreiro analizou a sintaxe do posesivo do escritor mindoniense (*Ibídem*, 267-307) e Xosé Xove tratou a temporalidade verbal en Cunqueiro (*Ibídem*, 308-340), ademais de estudia-los tempos en *-ra* e *-se* na obra de Rosalía (*ACIERosalía*, 1986, 133-149), a posición dos clíticos desde a

pragmática (*XVIII CILPhR*, 1986), a orixe da oposición *levámos / levamos* en portugués en *HPiel* (1988), 461-496 e os tempos de *ter* + participio en galego e portugués (*XIX CILFR*, 1989). X. L. Regueira describiu a lingua do poemario *Nimbos* en *HDíaz Castro* (1987), 85-102, mentres que M. D. Sánchez Palomino fixo unha detallada análise estilística-formal dos mesmos poemas (*Ibídem*, 114-149).

Ademais destes traballos parciais cómpre salienta-la redacción da *Gramática galega* por R. Álvarez Blanco, X.L. Regueira e H. Monteagudo, publicada en 1986 por Galaxia. Esta gramática está escrita en galego, co fin de facer unha descrición da lingua galega como sistema autónomo, sen utilizar ningunha outra liña veciña como referente. Trátase da primeira gramática feita por profesionais, cunha metodoloxía moderna. Anteriormente para a enciclopedia temática de Galicia, de Ed. Nauta (1984), R. Lorenzo e R. Álvarez Blanco fixeran unha síntese de gramática galega no artigo "La lengua gallega".

Constantino García, nos *Recantos da Lingua* (1983) e nas *Cousas da Lingua* (1990) tratou a nivel de divulgación aspectos de morfoloxía, sintaxe e léxico, con especial atención ás interferencias lingüísticas, á adaptación de cultismos e ó uso de dialectalismos e vulgarismos. Nas súas *Follas da Lingua* (1987) o obxecto de estudio é a lingua de Rosalía de Castro; nos *Retrincos da Lingua* (1988), a de Castelao e no *Cartafol da Lingua* (no prelo) a de Celso Emilio Ferreiro. O contido destes libros fora publicado en forma de artigos en *La Voz de Galicia.* Para outros traballos léxicos de C. García véxase a biobibliografía precedente.

Con vistas á elaboración da inexistente gramática histórica da lingua galega leváronse a cabo diferentes investigacións sobre o galego medieval, á parte das que están en marcha. Constantino García dirixiu a tese de doutoramento de Teresa García-Sabell sobre galicismos e occitanismos nos cancioneiros medievais (1990) e as tesiñas de Mª José F. Jiménez sobre o artigo (1971), a de Mª Pilar Barreiro Mosquera sobre os verbos auxiliares nas *Cantigas de escarnho e mal dizer* (1972), a de Xosé Xove sobre a temporalidade verbal nestas mesmas cantigas (1977), a de Mª Jesús Dono sobre o posesivo e outras formas de expresa-la relación (1978) e a de Victoria Ogando sobre a posición do pronome átono (1978) publicada en *Verba*, 7 (1980), 251-282.

R. Lorenzo dirixiu as memorias de licenciatura de Mª Sol López Martínez sobre o acusativo con preposición (1981) e a de Mª Gloria Paredes relativa ós valores de *aver* e *ter* nos séculos XIII-XV (1987). A. Santamarina ocupouse da dirección das tesiñas de H. Monteagudo sobre as construccións condicionais (1982) e de Carlos L. Díaz Abraira relativa á sintaxe do infinitivo non perifrástico (1983). Persoalmente dirixín varias monografías de morfoloxía e sintaxe da fase medieval do galego: a de Xavier Varela sobre a cuantificación (1981), a de Mª Carme Ares sobre as funcións sintácticas dos pronomes persoais tónicos (1982), a de Xermán Gª Cancela sobre o adverbio de tempo (1983), a de Rosa Mª López Gato sobre a negación na prosa (1984) e a de Francisco A. Cidrás sobre a indeterminación do axente na lingua das *Cantigas de Santa María* (1985), publicada en *Verba*, 13 (1986), 181-235 e 14 (1987), 217-270.

R. Lorenzo analizou o estado da lingua galega nun documento de 1344 correspondente ó mosteiro ourensán de Montederramo na Homenaxe a P. Teyssier (*Arquivos do Centro Cultural Portugués,* XXIII, 1987, 49-69) e o mesmo fixo sobre un documento de 1482 do mosteiro tamén ourensán de San Croio de Leiro, publicado en *Verba*, 13 (1986), 127-141, á vez que fixo consideracións sobre o galego medieval na longa recensión á *História do Galego-Português* de C. de Azevedo Maia, en *Verba*, 14 (1987), 441-488; ademais analizou as vocais nasais e o ditongo *ão* en portugués en *HPiel* (1988), 289-326.

A estes traballos feitos por membros do ILG cómpre engadir tamén os de M. Brea sobre a parasíntese nas *Cantigas d'escarnho e de maldizer,* en *Verba,* 4 (1977), 127-136; un estudio sobre a partícula medieval *ar / er,* en *HZamora,* I (1988), 45-57 e anotacións ó uso dos adverbios pronominais en galego-portugués, en *HPiel* (1988), 181-190. Por outra parte tamén dirixiu a tesiña de José I. Pérez Pascual relativa ó -N- intervocálico (1981), parcialmente publicada en *Verba,* 9 (1982), 201-213, na que se editou material do *ALGa*, e a de X. L. Blanco Valdés sobre a composición de palabras en galego-portugués (1985), publicada en *Verba,* 12 (1985), 199-252.

3.4. Sociolingüística, estandarización, historia externa e historiografía lingüística

Son liñas de investigación pouco desenvolvidas. Téñense feito traballos, pero non son o resultado dunha planificación, senón mais ben froito de investigacións individuais, ás veces sen ningunha interconexión.

Uns traballos versan sobre a estandarización, como a entrada que fixo ó respecto A. Santamarina para o *Lexikon,* citada anteriormente, ou o recente traballo de H. Monteagudo en *Grial,* 107 (1990), 294-316, ou ben sobre a posición do galego na Romania, tema dun meu traballo de *Verba,* 15 (1988), 79-107.

Outros son de tipo máis xeral como o artigo de H. Monteagudo e A. Santamarina, "Galician and Castillian in contact: Historical, Social and Linguistic aspects" en *Readings on Romance Philology,* VI (no prelo), ou o de H. Monteagudo, "A situación sociolingüística de Galicia", comunicación do *II Congrés Internacional de la Llengua Catalana* (1986).

Outras investigacións tratan de medi-lo bilingüismo, como ocorre coa tese de doutoramento de Mª Camiño Noia, que o fai en dous grupos de escolares da zona de Vigo (1980) e a de Modesto A. R. Neira que analiza o uso de galego e castelán en estudiantes do ciclo superior de EXB de Lugo (1985), as dúas dirixidas por C. García. En 1986 Luz Varela Caruncho presentou como memoria de licenciatura unha contribución sociolóxica sobre usos e actitudes lingüísticas da poboación estudiantil das Escolas Universitarias de Vigo, traballo realizado baixo a dirección de A. Santamarina. Este profesor coordinou o *I Congreso Internacional sobre Culturas Minoritarias* que, organizado polo Consello da Cultura Galega, se celebrou en Santiago entre o 24 e 26 de setembro de 1987.

Por outra parte, un equipo do ILG formado por H. Monteagudo, P. Novo, H. Costas e E. Rodríguez elaborou o informe *Aspectos sociolingüísticos do bilingüismo en Galicia segundo os alumnos da 2ª etapa de EXB,* que publicou a Conse-

llería de Educación da Xunta de Galicia (1986); ademais, H. Monteagudo redactou o artigo "Aspectos sociolingüísticos do uso do galego, castelán e latín na Idade Media en Galicia", en *Revista de Administración Galega,* I (1985), 85-108. Pola miña parte, presentei unha comunicación sobre "A lingua galega na prensa escrita. Interferencias lingüísticas" nas Xornadas do IECO sobre *As novas linguaxes nos medios de comunicación escritos* (abril de 1990).

R. Álvarez Blanco estudiou, entre outros aspectos, a competencias lingüística dos funcionarios docentes de EXB. (*Actas de las Jornadas de Bilingüismo,* Zarauz, 1980); M. González González tense ocupado do estatus legal do galego e tamén do uso do idioma, tanto na redacción da entrada "Sociolingüística" do *Lexikon* coma en "La recuperación del gallego" en *RFR,* III (1985), 101-119; pola miña parte estou estudiando a contribución das institucións e dos partidos partidos ó proceso de normalización actual do galego, sobre o que presentei unha comunicación no congreso de romanística de Santiago (1989) e sobre o que publiquei un artigo en *A Trabe de Ouro,* 1 (1990) 43-71, da Ed. Sotelo Blanco.

Outra liña de investigación atende ó rexurdimento da conciencia lingüística na segunda metade do século XIX. Sobre o tema ten moi avanzada a tese de doutoramento Carme Hermida, baixo a dirección de A. Santamarina; ó respecto publicou un artigo sobre a caracterización sociolingüística en *Cadernos de lingua,* 1 (1990), 57-78, revista semestral que edita a RAG baixo a coordinación de X. L. Regueira, e un estudio sobre a polémica ortográfica a finais do século XIX, en *Grial,* 97 (1987), 299-316.

Verbo da formación da lingua estándar hai que salientar "A lingua literaria na época de Rosalía" de R. Lorenzo, no volume III das *ACIERosalía* (1986), 5-41. Sobre a historia externa A. Santamarina e M. González realizaron o catálogo e dirixiron a exposición *Historia da Lingua Galega* (1988) da Dirección Xeral de Política Lingüística. Polo que respecta á historiografía do idioma A. Santamarina redactou as entradas "Diccionarios" e "Gramática" e eu as correspondentes á "Gheada" e ó "Seseo" da *Gran Enciclopedia Gallega.*

Nesta mesma *Enciclopedia,* da autoría de R. Álvarez Blanco, F. Fernández Rei e X. Xove Ferreiro, publicouse a voz "Galego" con apartados de sociolingüística, elaboración do estándar, historia externa e historiografía, entre outros aspectos.

3.5. Toponimia e onomástica

Como xa se indicou ó tratar do asesoramento ós concellos (2.3), o ILG levou desde os inicios unha recolleita de toponimia paralela á do léxico. Este material ás veces deu lugar a teses de doutoramento como a do concello de Marín (1979) de Elixio Rivas, que se publicou como anexo 18 de *Verba* (1982), o mesmo que a tese do concello de Pantón (1981) de Antón Palacio, ámbalas dúas dirixidas por Constantino García, que ademais dirixiu nesta universidade unha tese sobre a toponimia maior de Burgos (1975). Por outra parte, dirixiu varias memorias de licenciatura sobre toponimia, entre elas a de Mª Jesús Ríos sobre a comarca compostelana (1974), a de Luísa Blanco sobre Samieira-Poio (1975), a de Elixio Rivas

sobre Marín (1976), a de Modesto A. R. Neira sobre Bretoña-Pastoriza (1977) e a de Emilia Estévez sobre Bueu (1977).

A. Santamarina, que é o redactor da entrada "Toponimia" da *Gran Enciclopedia Gallega* e o autor de "Efectos de contacto lingüístico na toponimia galega" en *HPiel* (1988), 87-96, dirixiu a tesiña de Felipe J. Rodríguez Pérez sobre as parroquias de Santa Mariña de Esmeriz e Santiago de Requeixo en Chantada (1976). Ademais, como secretario da Comisión de Toponimia da Xunta de Galicia desde a súa creación, coordinou investigacións puntuais, realizadas por membros do ILG, para elaborar dictames solicitados por concellos co fin de restauraren a toponimia galega.

Por outra parte, xunto con Ramón Lorenzo Martínez, delegado do Instituto Xeográfico Nacional para Galicia, A. Santamarina supervisou a toponimia do mapa 1:250.000. Asemade coordinou a recollida do material para o Mapa Topográfico Nacional de España (1:25.000), que está a ser publicado pola Dirección Xeral do citado Instituto Xeográfico. Gonzalo Navaza recolleu a toponimia de Ourense e Pontevedra; Goretti e Anxos Sanmartín, M. Rei Romeu e X. M. Millán a da Coruña; X. M. F. Salgado e M. Puga a de Lugo e concellos de Asturias e León de fala galega.

Ademais, R. Lorenzo Vázquez e A. Santamarina representan á Universidade de Santiago nun proxecto de patronímica románica coñecido coa sigla PATROM, co fin de elaborar un *Dictionnaire historique de noms de famille romans,* do que a editorial Niemeyer editou o volume I (1990), e que no futuro permitirá redactar un diccionario histórico dos apelidos de cada lingua románica. O coordinador xeral deste proxecto é Dieter Kremer da Universidade de Trier, que conta con coordinadores noutros países europeos (Bélxica, Italia, Francia, Romanía, Portugal...) e cun coordinador en cada unha das universidades de Barcelona, Sevilla, Zaragoza, País Vasco, Santander, sendo os membros do ILG antes citados os coordinadores para a Península Ibérica, que contan coa colaboración de Ana I. Boullón e Fernando R. Tato. Para a redacción das entradas deste *Dictionnaire* celébranse periódicamente coloquios (Tréveris, 1987; Pisa, 1988; Barcelona, 1989; Dijon, 1990).

3.6. Léxico panrománico

Nos anos oitenta téñense realizado memorias de licenciatura nas que se estudian fundamentalmente as denominación románicas dun concepto, con abundantes notas etimolóxicas. O material do *ALGa* dese concepto é analizado á par das outras linguas románicas.

Constantino García dirixiu a tesiña de Elvira Fidalgo relativa ás denominacións románicas de *chuvia / chover* (1986), codirixida por Mercedes Brea, quen se ocupou da dirección das tesiñas de Mª C. Maril sobre a *bolboreta* (1982), da de Esther Corral sobre a *curuxa* (1985) e da de Fe Besteiro sobre o *arco da vella* (1986). As denominacións galegas da *bolboreta*, da *curuxa* e do *arco da vella* publicáronse en *Verba,* 11 (1984), 12 (1985), e 14 (1987) respectivamente. Son traballos

onomasiolóxicos nos que se analiza a historia de tódolos nomes recollidos para un concepto en toda a Romania.

Investigación diferente é a realizada baixo a dirección de M. Brea por Rosario Portela na que se analiza o reflexo da relixión na lingua cotiá e as súas repercusións semánticas (1990), tanto en galego como nas outras linguas románicas. Por outra parte, Mª Carmen Alén analizou o léxico de dous capítulos do *Pinocchio* en galego, portugués, español, catalán, francés, occitano e italiano nunha tesiña dirixida por A. Santamarina (1990), que tiña, entre outros obxectivos, o de establecer unha tipoloxía léxica da Romania.

O ILG participa no proxecto do *ALIR*, desde que en outubro de 1986, nun congreso do *ALE* celebrado no centro P. Longuevin do CNRS francés, se puxo de manifesto a necesidade de iniciar traballos para a elaboración paralela de novos atlas que abranguesen o conxunto xeográfico das tres principais familias lingüísticas europeas (xermánica, eslava e románica). Nesta sesión de traballo iniciouse a planificación do *ALIR*, para o que foi nomeado director o profesor da Universidade de Grenoble Gaston Tuaillon, que xa era presidente da sección románica do *ALE*. Da coordinación e planificación dos traballos do territorio español, agás Cataluña, encargouse M. González, coa colaboración de A. Santamarina e F. Fernández Rei.

En xuño de 1987 celebrouse en Torino a primeira reunión do *ALIR*, na que se aprobou a proposta de cuadriculado deste atlas panrománico; en xuño de 1989 tivo lugar a segunda reunión en Saint-Vincent (Aosta), na que se presentaron varias das sínteses léxicas que van figurar no volume I do *ALIR*, codirixido por Michel Contini. A terceira reunión celebrouse nas vilas corsas de Corte e Ajaccio (novembro de 1990).

4. OUTRAS PUBLICACIONS

Dirixida por Constantino García, o Servicio de Publicacións da Universidade de Santiago publica desde o ano 1974 a revista *Verba. Anuario galego de filoloxía*, do que se editou o volume 16 en 1989. En *Verba* publícanse artigos sobre a variada problemática lingüística do galega e doutras linguas románicas, así como traballos de lingüística xeral. Hai que salienta-lo volume 7, dedicado ó profesor Joseph M. Piel, no que practicamente tódolos artigos versan sobre aspectos de filoloxía e lingüística galega e portuguesa.

Verba acompáñase de anexos (en 1990 publicouse o 33), con monografías de lingüística galega e española, pero tamén hai algún anexo de lingüística francesa e de lingüística xeral. Nos anexos de galego trátase de teses de doutoramento e doutras investigacións feitas na Universidade de Santiago, especialmente no ILG, pero tamén os hai de traballos realizados noutras universidades sobre lingüística galega (20).

(20) Cf. R. Lorenzo, "As publicacións" do ILG en *Coloquio de Lexicografía* (1988), 37-39.

A utilización da lingua galega en *Verba* e nos seus anexos é escasa, como ocorre nas publicacións do Servicio de Publicacións da Universidade, de prescindir da Biblioteca de Divulgación, integramente en galego, da que o primeiro número se publicou en 1989. Dos 33 anexos soamente o nº 13 da autoría de F. G. Gondar sobre o infinitivo conxugado (1978) está redactado en galego, o mesmo que se fai na introducción dalgúns outros. Nas páxinas de *Verba* é insólito abondo o uso do galego; no volume 15, por exemplo, dos 17 artigos publicados hai 13 en español fronte a 1 en galego, 1 en alemán e 2 en francés; das 6 notas, 4 están redactadas en español fronte a 1 en galego e outra en portugués; e no caso das recensións soamente figura 1 en galego, mentres que o español se utiliza nas 5 restantes.

Entre as publicacións especializadas realizadas por membros do ILG, aínda que publicadas fóra da Universidade, hai que salienta-lo *Cancioneiro Popular Galego* recollido e ordenado por Dorothé Schubarth e Antón Santamarina que edita a Fundación "Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa" (en 1984 apareceu o volume I; en 1988 o V); a *Traducción gallega de la Crónica General y de la Crónica de Castilla* (Instituto de Estudios Orensanos "Padre Feijoo", 2 tomos, 1975 e 1977) da autoría de Ramón Lorenzo, ó igual que a edición da *Crónica Troiana* pola Fundación "Pedro Barrié de la Maza" na "Colección documentos históricos" (1985). A *Crónica Troiana* foi composta no obradoiro do propio ILG.

Por outra parte, na *Homenaxe a Cabanillas no centenario do seu nacemento* (1977) e na *Homenaxe a Alvaro Cunqueiro* (1982), preparadas pola Facultade de Filoloxía, hai colaboracións dos investigadores do ILG, especialmente no de Cunqueiro, tal como se sinalou no apartado 3.3, ó igual que na *Homenaxe a X. M. Díaz Castro* (1987). E o mesmo ocorre na *Homenaxe* que preparou o Departamento de Filoloxía Galega para Celso Emilio Ferreiro (no prelo).

5. PASADO E FUTURO DO ILG

Nos seus case vinte anos de existencia, o ILG, na miña opinión, cubriu de modo máis que satisfactorio as dúas principais finalidades para as que foi creado: promoción do estudio da lingua galega a nivel científico e a súa promoción social. O seu labor foi recoñecido primeiro no estranxeiro, ó concedérselle o Premio Ossian 1982 pola Fundación F.V.S. de Hamburgo, que premia desde hai anos a personalidades ou institucións destacadas na promoción e no estudio de comunidades e linguas minoritarias europeas.

Logo do recoñecemento internacional veu, dalgún xeito, o recoñecemento en Galicia, ó dárselle o Premio da Crítica Galicia 1983 (Iniciativas Culturais) do Círculo Ourensán-Vigués, o Premio Xunta de Galicia 1985 de Investigación e, recentemente, o Premio "Otero Pedrayo" 1989 das Deputacións de Galicia.

A dobre vertente de investigación e de contribución á dignificación e á normalización da lingua galega estiveron sempre unidos, en maior ou menor grao, nos investigadores da institución desde o seu comezo. Ademais de todo o que xa se dixo, podería engadirse o feito de que as tres primeiras teses de doutoramento

redactadas e defendidas en lingua galega na Facultade de Filoloxía foron as dos investigadores do *ALGa* (F. Fernández Rei, *O verbo. Contribución á dialectoloxía galega,* 1979; R. Álvarez Blanco, *O pronome persoal en galego,* 1980; M. González González, *O xugo e o carro. Contribución ó estudio das denominacións dos apeiros de labranza en Galicia,* 1980). Por outra parte, a primeira lección de inauguración dun curso académico pronunciada en galego en toda a historia da Universidade de Santiago débese a Constantino García, que en outubro de 1977 disertou sobre o tema *Galego onte, galego hoxe.*

O Patronato do ILG en toda a súa existencia dá a impresión de que careceu de agresividade verbo do proceso de restauración do idioma. Da análise das actas apréciase unicamente "un lamentar que en el nuevo plan de Bachillerato no figure la lírica galaico-portuguesa" (sesión de 9.05.75), así como as críticas manifestadas polo director do ILG (sesión de 21.03.79) relativas "á escasez de recursos con que o Estado dota ó noso 'ente' autonómico en comparanza cos de Cataluña ou o País Vasco" para a formación de mestres en lingua galega e sobre a "tardanza na aprobación por parte do Consello de Ministros do Decreto no que se regula o Ensino Bilingüe".

Cando se fixeron públicas as normas previstas no artigo sétimo do Decreto da Presidencia de Goberno 2929/1975, de 31 de outubro, polo que se regulaba o uso das "lenguas regionales españolas" o Patronato do ILG acordou por unanimidade elevar ós poderes públicos unha solicitude interesando que as citadas normas "amparen expresamente el uso voluntario dentro del territorio que abarca el dominio lingüístico gallego, de la lengua del país, por los hablantes de la misma, en sus relaciones con los órganos locales de la Administración, sin perjuicio de lo que disponen los artículos tercero y cuarto del referido Decreto", tal como consta na acta da sesión do 9 de decembro de 1975.

O ILG, ó instar este pronunciamento, pretendía sobre todo evitar que unha interpretación restrictiva daquela disposición afectase "al uso inveterado de la lengua del país en casos en que razones prácticas lo aconsejan, como ocurre en declaraciones ante autoridades judiciales y situaciones análogas; y al mismo tiempo afianzar el respeto a las lenguas regionales y la protección de su cultivo por la acción del Estado, de acuerdo con el artículo primero del Decreto mencionado y los principios formulados en la parte exposivitiva del mismo".

Antes de aprobar este acordo, na mesma sesión R. Carballo Calero propuxera ó Patronato do ILG que se solicitase o recoñecemento do dereito á utilización en xeral da lingua galega dentro do territorio de Galicia por calquera cidadán que o desexase. Pola súa parte, X. Filgueira Valverde estimaba que a normativa vixente debía evitar que unha interpretación restrictiva afectase á práctica do uso do galego nas actuacións xudiciais.

En ningunha outra sesión do Patronato do ILG houbo un debate e acordo semellante verbo do proceso de normalización lingüística, aínda que si houbo debates e posicionamento sobre a introducción do galego no ensino, tal como se observa na lectura das actas do Patronato.

Nin a declaración de inconstitucionalidade do artigo 1 da Lei de Normalización Lingüística (xuño de 1986) pola que se declara que os galegos non teñen o

deber de coñeceren o seu propio idioma (pero están obrigados, porque así o quere a Constitución Española, a coñeceren o español) nin o requirimento do Goberno Central ó Goberno Galego (novembro de 1987) pola Orde da Consellería de Educación sobre aplicación da LNL no ensino non universitario nin o recente decreto da Xunta de Galicia do 18 de abril de 1990 polo que se amplían as exencións para estudio da lingua galega no ensino non universitario, ningún destes tres sinais antinormalizadores mereceu a análise e a repulsa pública do Patronato.

Ben é verdade que no caso do requirimento de 1987 os investigadores do ILG manifestaron publicamente o seu rechazo, e o mesmo fixeron como membros do Departamento de Filoloxía Galega da Universidade de Santiago no caso do Decreto de Exencións. Por outra parte, o ILG adheriuse (xuño de 1989) ó *Modelo de Normalización Lingüística para o Ensino,* proposto nas II Xornadas de Normalización Lingüística convocadas por Nova Escola Galega, logo refeito por unha comisión de grupos sensibilizados pola restauración do uso do galego.

A existencia desde 1990 de dúas novas universidades en Galicia, o papel crecente que está a ter todo o relacionado cos estudios de terceiro ciclo e coa investigación, a inminente reforma dos proxectos de estudios e o necesario proceso de revisión dos estatutos da Universidade de Santiago, todo isto obriga a facer xa unha reforma dos estatutos do ILG (aprobados en xullo de 1971) para adaptarse á nova situación universitaria, co fin de centrarse fundamentalmente na investigación sobre a lingua galega e na posible impartición de cursos especializados de post-grao e de doutoramento.

O ILG ten nestes momentos dúas seccións totalmente consolidadas, a de cartografía lingüística e a de lexicografía, con varios proxectos en marcha tal como máis arriba se indicou. Ten que potenciarse a sección de galego medieval para poder redactar unha gramática histórica e un diccionario etimolóxico, dos que aínda carecemos; debe afortalarse a sección de fonética e fonoloxía, non só coa finalidade de redactar traballos descritivos, senón tamén con vistas á elaboración dun modelo ortofónico pensado especialmente para a normalización lingüística dos medios de comunicación oral, ademais de potenciarse a sección gramatical, especialmente a investigación sobre a sintaxe e sobre a semántica.

E finalmente, é urxente dar pulo a diferentes liñas de investigación sobre a historia externa e a sociolingüística (uso do idioma, grao de interferencias tanto na lingua literaria coma na fala viva, problemática e tipololoxía da estandarización etc.). Dado que moitos dos investigadores do ILG teñen unha formación romanística sería interesante impulsar unha liña de investigación relativa á sociolingüística románica, co fin de estudiar criterios para o establecemento dunha moderna tipoloxía das linguas románicas e unha historia da constitución dos estándares neolatinos, así como como facer análises da situación sociopolítica e de contacto de linguas que viven comunidades cunha problemática semellante á galega (Occitania, Córcega, Sardeña, O Friuli, O Piemonte, Os Grisóns, etc.).

Na miña opinión, o ILG dos próximos anos ten que centrarse na investigación sincrónica e diacrónica do galego, para contribuír a un mellor coñecemento do noso idioma en tódolos planos da lingua, pero tamén para contribuír á súa plena dignificación e normalización, polo que non pode deixar de manifestarse

publicamente e rexeitar calquera tipo de deixadez e de atranco institucional que impida a total restauración do idioma propio de Galicia.

Verbo da proxección futura do ILG, en novembro de 1980 o seu director dicía o seguinte: "por un lado continuará o labor de promoción do galego, pro xa como simple colaborador dos organismos oficiais creados actualmente, como é a Consellería de Educación e Cultura da Xunta de Galicia, que é a que hoxe ten a responsabilidade a este respecto; e seguirá colaborando e servindo de asesor pra tódalas cuestións que lle sexan plantexadas por distintos organismos, no que respecta ó emprego da lingua" (21).

Aínda que esta vontade de colaboración e asesoramento para calquera persoa e institución que acuda ó ILG debe manterse, coido que este instituto non pode limitarse a ser un simple colaborador das institucións oficiais, que xa foron creadas hai tempo e que deben asumir por si mesmas as funcións que teñen asignadas, potenciando equipos de traballo e investigación de seu. O ILG necesita, por unha parte, dedica-los seus recursos ás investigacións que se consideran prioritarias; e, por outra parte, manter unha independencia que lle permita manifestarse con total liberdade verbo de calquera aspecto relativo á lingua galega e afianzarse como punto de referencia obrigado de tódalas persoas sensibilizadas polo estudio e pola normalización do galego.

Calquera equipo de goberno da Universidade de Santiago -independentemente da súa ideoloxía- coido que ten que apoiar "a casa de tódolos interesados polo galego", tal como definiu o ILG o falecido Rector Suárez Núñez cando o 15 de maio de 1984 entregou ó Patronato a actual sede da institución, o edificio López Ferreiro. A Universidade non pode cesar no potenciamento da lingua propia de Galicia; e para iso ten unha boa panca -por suposto que unha delas, non a única existente- no Instituto da Lingua Galega, que coas súas luces e coas súas sombras, cos seus acertos e cos seus erros, coas enormes doses de voluntarismo dos seus membros que -agás no caso dos bolseiros- nunca percibiron unha remuneración polo traballo desenvolvido, a maiores das obrigas do seu labor académico diario, nestes case vinte anos en que foi dirixido por Constantino García axudou á dignificación do uso da lingua galega no ámbito universitario e á súa promoción no ensino non universitario, ademais de contribuír grandemente ó coñecemento da propia lingua e ó seu recoñecemento científico no campo da romanística.

Sirva esta breve historia do labor do ILG como modesta homenaxe a unha persoa chegada hai 25 anos de fóra de Galicia, que se identificou cientificamente e sen apriorismos cunha lingua desprestixiada e practicamente descoñecida polos sabios romanistas, cando podería ter escollido como obxecto de investigación outras linguas románicas nas que de entrada podería ser máis doado brillar. A súa determinación de dedicarse ó estudio da lingua propia de Galicia e de animar e ilusionar nesa tarefa a xeracións de estudiantes nas súas clases de Filoloxía Románica da antiga Facultade de Filosofía e Letras e a estudiantes de Lingüística Románica na Facultade de Filoloxía, foi acompañada da creación de equipos de

(21) Cf. a páx. 33 do traballo de Constantino García citado na nota 2.

licenciados sensibilizados pola problemática do galego. Todo o gran que sementou o profesor C. García nestes anos deu unha excelente colleita, sen dúbida a mellor da historia da lingüística galega.

ABREVIATURAS BIBLIOGRAFICAS

ACIERosalía = *Actas do Congreso Internacional de Estudios sobre Rosalía de Castro e o seu tempo.* Santiago, 15-20 de xullo, 1985. 3 tomos. Consello da Cultura Galega / Universidade de Santiago de Compostela, 1986.

XVI CILFR = *XVI Congrés Internacional de Lingüística i Filologia Romàniques.* Càtedra Ramon Llull de la Universitat de Barcelona i L'Estudi General Lul.lià de Mallorca. Palma de Mallorca, 7-12 de abril de 1980.

XVIII CILPhR = *XVIIIème Congrès International de Linguistique et Philologie Romanes.* Université de Trier (Trèves), du 19 au 24 mai 1986.

XIX CILFR = *XIX Congreso Internacional de Lingüística e Filoloxía Románicas.* Universidade de Santiago de Compostela, do 4 ó 9 de setembro de 1989.

Coloquio de Tréveris = *Tradición, actualidade e futuro do galego. Actas do Coloquio de Tréveris.* Do 13 ó 15 de novembro de 1980. Edición preparada por D. Kremer e R. Lorenzo. Consellería de Cultura da Xunta de Galicia. Santiago de Compostela, 1982.

Coloquio de Lexicografía = *Actas do Coloquio de Lexicografía.* Instituto da Lingua Galega. Santiago, 27- 28 de febreiro e 1 de marzo de 1986. Preparadas por R. Lorenzo para a súa edición no anexo 29 de *Verba* (1988).

Géolinguistique = *Géolinguistique.* Université Stendhal. Grenoble, III.

Grial = *Grial. Revista Galega de Cultura.* Galaxia. Vigo.

HCabanillas = *Homenaxe a Cabanillas no centenario do seu nacemento.* Universidade de Santiago de Compostela. 1977.

HCunqueiro = *Homenaxe a Alvaro Cunqueiro.* Facultade de Filoloxía. Universidade de Santiago. 1982.

HDíaz Castro = *Homenaxe a X. M. Díaz Castro.* Asociación Cultural Xermolos. Guitiriz (Lugo). 1987.

HGalmés = *Homenaje a Alvaro Galmés de Fuentes.* Universidad de Oviedo / Ed. Gredos. Oviedo / Madrid.

HPiel = *Homenagem a Joseph Piel por ocasião do seu 85º aniversário.* Edición de D. Kremer. Instituto de Cultura e Língua Portuguesa / Consello da Cultura Galega. Niemeyer. Tübingen. 1988.

HZamora = *Homenaje a Alonso Zamora Vicente.* Castalia. Madrid.

RFR = *Revista de Filología Románica.* Facultad de Filología. Universidad Complutense de Madrid.

Verba = *Verba. Anuario galego de Filoloxía.* Facultade de Filoloxía. Universidade de Santiago de Compostela.

I

LINGÜÍSTICA

O pronome persoal suxeito na prosa galega medieval

Mª CARME ARES VÁZQUEZ

As formas do pronome persoal organízanse en dúas series, unha tónica e outra átona. Dentro da primeira distínguese entre formas rectas e oblicuas. O obxecto do noso traballo constitúeno as denominadas *rectas,* que son as que poden funcionar como *suxeito,* nun marco temporal concreto (séc. XIII-XVI).

O material de base da nosa análise intégrano os seguintes textos (1):

-*La traducción gallega de la Crónica General y de la Crónica de Castilla (C.G.).* Ed. de Ramón Lorenzo Vázquez, Instituto de Estudios Orensanos "Padre Feijoo", Orense, 1975. (Composta a finais do séc. XIII ou principios do XIV).

-*General Estoria (G.E.).* Ed. de R. Martínez López, *Archivum,* Univ. de Oviedo, 1963. (Versión galega datada preto de 1350; en calquera caso, da 1ª metade do século).

-*Miragres de Santiago (Miragres).* Ed. de J.L. Pensado, *Revista de Filología Española,* Anexo LXVIII, Madrid, C.S.I.C., 1958. (Composta entre finais do séc. XIV e comezos do XV).

-*Crónica de Santa María de Iria (C.I.).* Ed. de X. Carro García, *Cuadernos de Estudios Gallegos,* Anexo V, Santiago de Compostela, Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos, 1951. (Texto serodio da segunda metade do séc. XV).

-*A vida e a fala dos Devanceiros (Dev.),* Vol. I Ed. de Ferro Couselo, Galaxia, Vigo, 1967. (Recolle textos notariais entre os séc. XIII e XVI -1º tercio-).

As formas que rexistramos en función de suxeitos son:

	singular	plural
1ª persoa	EU, MIN, NÓS	NÓS
2ª persoa	TU, TI, VÓS	VÓS
3ª persoa	EL ELA	ELES, ELOS ELAS

(1) Para a localización dos exemplos que ofrecemos indícase a páxina e liñas das edicións sinaladas.

Sinalan as tres persoas gramaticais que interveñen no discurso. Hai un emisor *(eu, min, nós)* que pode asociar a si unha ou máis persoas *(nós)*, constituíndo respectivamente a 1ª persoa de singular ou a 1ª de plural. A eles oponse un receptor *(tu, ti, vós)*, 2ª pers. de sing., ou máis dun receptor *(vós)*, 2ª pers. de pl. Todo o que queda fóra deste eixe emisor-receptor constitúe a 3ª persoa do singular *(el, ela)* ou do plural *(eles, elos, elas)*. No que se refire ó xénero, este só se indica na 3ª persoa, o necesario coñecemento mutuo dos dous interlocutores fai innecesaria unha especificación do xénero nos outros casos.

Nótese o uso das formas oblicuas *min* e *ti* como suxeito, no canto das rectas correspondentes, o de *nós* por *eu* no chamado plural de maxestade, o de *vós* referido a un interlocutor singular que merece unha consideración especial e a aparición, ó lado de *eles*, da forma *elos/ellos* nalgún documento notarial.

Polo que respecta á *1ª persoa*, no singular *eu* (< ĔGŌ) é a forma predominante nos textos medievais se ben rexistramos (concretamente en *Dev.*) o uso de *ego, yo* e *heu*. *Ego* é a forma latina e documentámola en texto practicamente escritos en latín (*Dev.* pp. 13 -ano 1244-, 14 -ano 1244-, 15 -ano 1251-); na acta nº 3 (ano 1251) aparece xa, ó lado de *ego*, a forma *eu* (*Dev.* 15). *Yo* aparece en Documentos dos anos 1426, 1479, 1491 (*Dev.* 119, 202-203, 203) sendo reflexo da presión que o castelán exercía xa sobre o galego. En canto a *heu* (*Dev.* 191, 192) é unha simple grafía.

Cómpre salientar, pola excepción que constitúe, os poucos casos en que aparece como suxeito a forma oblicua *min* (< MIHĬ), no canto da recta correspondente:

> E nossas cartas que *min* e meu marido Martin Fernandes teemos de nossos heredamentos e de nossas gaanças e... (*Dev.* 24. 26-27).

> Mándolle o quiñón meu das vacas que compramos *min* e él do noso seruiçal de Fogio, e mándolle... (*Dev.* 49. 8-9).

Segundo Nunes (1975: 240) este uso antigo parece case exclusivo da lingua popular. Trátase de Documentos notariais dos anos 1265 e 1292, respectivamente. As formas da lingua non estarían ben determinadas na época e iso leva ós escritores a insertaren formas e construccións vulgares. O galego medieval carecía de fixación e a decisión entre unhas formas e outras dependía da atención e dos prexuízos, cultos ou non, dos escribentes.

Na actualidade non sería posible esta construcción pero convén adiantar que *ti* é actualmente a forma suxeito para a P^2 en grande parte do noso dominio (2).

---

(2) Casos deste tipo nos que a forma do caso réxime pasa a asumi-las funcións do suxeito danse nas diversas linguas románicas. Na Italia septentrional o caso oblicuo de 1ª e 2ª persoa ocupou moi cedo o posto do nominativo en xenovés e lombardo. Tamén *mi* e *ti* sustitúen as formas do veneciano *eo, tu*. En francés, *moi*... etc. funcionaban como suxeito. No macedorromanés *tu* foi suplantado por *tine* e *eu* por *mine*. Fronte a isto teriamos que sinalar casos coma o catalán e o provenzal nos que as formas suxeito son as que pasan a funcionar como formas con preposición. Para unha maior información sobre estes aspectos cfr. Tekavčić (1972: 247), Lausberg (1966: 152 e ss.) e Meyer-Lübke (1890: 73 e ss.).

Por outra banda, témo-lo uso de *nós* por *eu* no chamado 'plural de maxestade'. Adoita aparecer en *Dev.*, sen dúbida pola clase de textos que nesta obra aparecen. É frecuente en escritos, cartas e decretos procedentes de monarcas e altos dignatarios da igrexa:

> Et que esto seja certo fasemos con vosco esta carta partida por A.B.C. ena qual *nos* o dito dom abbade escripuimos noso nome. (*Dev.* 102. 8-9).

> Esta he a capela que *nos* don Alvaro d'Oca, pola graça de Deus e de Santa Eigreja de Roma, abbade do mosteiro de Çelanova, onde fezemos o altar de Sancta Kathalina (...). E estos son os bees que *nos* compramos para a dita capela. (*Dev.* 132. 22-24 e 30).

Como peculiaridade interésanos salientar un único caso que achamos na *C.I.* no que esta forma *nos* funciona como suxeito precedida de preposición:

> Et non enbargante que noso anteçessor Urbano, papa, lle prometeu o ofiçio episcopal, a gora *a nos et nosos irmaos* cardeaes, por poer fin a tantos traballos et angustias, porque de aquí en diante por tal ocassion a egllesia de Conpostella se non destruía, nin os inamiigos da fe catholica se apoderen da terra querendoa proveer de persoa idonia, *te rogamos* que, por tua benignidade, queiras fazer elegir persoa religiosa et onesta a tan alto honor pontificial et nos los envíes a reçeber la consagraçon, onrra e dignidade da egllesia de Santiago de Compostella. (*C.I.* 75. 10-24)

pode ser debido a un lapsus do amanuense ou tratarse do abandono dunha construcción sintáctica para adoptar outra máis acorde co que o falante pensa nese momento, esquecendo a coherencia gramatical.

No *plural* a forma suxeito para P^4 é *nós* (< NŌS) que vén se-la suma de eu máis outro(s). Non documentamos no corpus analizado a forma *nosoutros/-as,* con todo, na literatura medieval encóntranse algúns casos que confirman a existencia deste plural exclusivo (3).

Para P^2 a forma suxeito é xeralmente *tu* (< TŪ), mais no corpus analizado atopamos un exemplo no que esta forma se ve desprazada por *ti* (< TĬBĪ):

> Ve ti, ve ti, que quer dizer... (*Miragres*, 34. 2)

Esta, se ben é frecuente na prosa medieval como término de preposición é excepcional como suxeito, así nolo proba o feito de rexistrarmos un único exemplo. Ó respecto remitimos ó xa dito para P^1 (uso de *min* por *eu*) salientando o feito de que na actualidade desapareceu a oposición *tu/ti* (suxeito / complemento con preposición) que se mantiñan na lingua medieval. No galego estándar de hoxe, *ti* é a forma suxeito, existindo tamén na fala o pronome *tu* que vai sendo desprazado de maneira espontánea pola anterior.

Asemade é preciso considerármo-los casos en que *vós* actúa como equivalente de *tu.* Refírese a un interlocutor singular e emprégase como forma de cortesía marcando unha diferencia social entre falante e oínte:

> Et disestes que uos pidisse hũu dom et *uos* que mo dariades; et eu demãdeyuos meu padre et *uos* outorgastesmo (*C.G.* 37. 40-41)

> Cõdessa, *uos* fezestes muy boo feycto et a guisa de vuy bõa dona... (*C.G.*, 153.18-19)

(no primeiro exemplo o falante diríxese ó rei).

(3) Álvarez Blanco (1980: 21-22) documenta esta forma na *Crónica Troyana.*

Este uso é frecuente en rexistros especiais coma documentos e textos notariais:

> O qual casar vos dou con esta condiçón, que morrendo eu o dito Diego Fernandes primeiro que *vos*, que *vos* a dita Aldonça Esteues, miña moller, que *vos* que teñades o dito casar en toda vosa vida. (*Dev.* 100. 29-31).

No plural (P^5) é xeral o uso de *vós* (< VŌS). Ó igual ca na P^4 non atopámo-la forma *vosoutros/-as,* o cal nos leva a considerar que na época medieval tanto na P^4 coma na P^5 o uso da forma reforzada con ALTEROS, -AS é minoritario (4).

As formas de 3ª persoa singular e plural (P^3 e P^6), a diferencia das anteriores, presentan variación de xénero; mesmo documentámo-la forma neutra *elo* aínda que non coa función de suxeito.

Para o singular témo-las formas *el* (< ĬLLE) e *ela* (< ĬLLA), masculino e feminino respectivamente, baixo as grafías *el, ele, ell, elle* para a primeira e *ela, ella* para o feminino. Salientamos un único caso rexistrado no que a forma *el* funcionando como suxeito aparece precedido de preposición:

> Outrosi prenderõ, ontre *el* et aquel Lopo, seu priuado -et dizẽ aynda nas estorias que era seu fillo esse Lopo- dous cabedees de mouros lidãdo cõ elles... (*C.G.* 20. 10-12)

o elemento prepositivo vén indica-la cooperación entre as dúas persoas que realizan a acción sinalada polo verbo.

En canto ó plural masculino o predominante é *eles,* formada analoxicamente a partir do singular. Documéntase tamén *ellos* que poderiamos considerar proveniente do respectivo plural latino ĬLLOS. Segundo Nunes (1975: 237) nun primeiro momento faríase uso da forma *elos* e despois pasaría a empregarse *eles,* formada analoxicamente sobre o singular, quedando a anterior relegada á clase dos arcaísmos:

> ...que *ellos* en aquela noite auiirian seu acordo et lle darian boa resposta (*C.I.* 93. 7-8).
>
> ...por ende, dixeron que *ellos* se conçertaban anbos en esta maneyra (*Dev.* 227. 2-3).
>
> ...pues todos *ellos,* todos siempre fueron e son uasallos solariegos e pecheros de Pedro Çúñiga mi señor (*Dev.* 203. 29-30) (5).

Ó respecto queremos sinalar que a etimolóxica *elos* é unha forma viva hoxe no galego de Asturias (6).

No feminino plural documentamos *elas, ellas,* sen outra peculiaridade cá variación gráfica.

As formas pronominais de 3ª persoa singular e plural presentan un índice de frecuencia maior có das dúas anteriores, posiblemente pola necesidade de aclara-lo xénero do suxeito e precisar rigorosamente a(s) persoa(s) determinada(s) polo contexto:

---

(4) Aparece na *Crónica Troyana.* Cfr. Álvarez Blanco (1980: 21-22).

(5) Nótese que este exemplo corresponde a unha acta notarial do ano 1491 con posible influxo do castelán sobre o galego.

(6) Álvarez Blanco (1980: 48).

Et disse aa jnfante coñ̃o o leixara, muy lazerado, et que auia della muy grã querella, et querellauase a Deus por ende, porque *ella*, soo o queria sacar deste mundo et fazerllj prender morte, et que *ella* fora razõ̃ et achaque porque *el* queera en aquela priiom, et, se *ella* quisesse, poderia *el* seyr della et escapar a uida (*C.G.* 132. 5-9).

Se ben as desinencias verbais abondan para indica-la persoa e o número a que se refire o predicado, o uso do pronome persoal suxeito é frecuente na prosa medieval. Nalgúns casos o pronome é claramente reiterativo:

Eu demandarey o sangre das vosas almas da mão de todas las bestas, et asy cõmo *eu* demandarey o voso sangre (...), outrosy se algũ de vos esparguer sangre doutro omẽ, del a demãdarey *eu*... (*G.E.* 47. 13-16).

Leixo para ela todas quantas herdades *eu* ajo eno couto de Bustelos en (...) e leixole mays o que *eu* ajo en Queyja (...) Et mando ao mosteyro de Sobrado toda cuanta herdade *eu* ajo en Tribes. Et mando a meu sobriño (...) todas las herdades que *eu* ajo en Rovreda. Et mando ao mosteyro de Junqueira d'Ambía todas las herdades que *eu* ajo en toda Limia. (*Dev.* 111. 26-35).

O falante quere reafirma-la súa vontade, a súa decisión. Trátase de salienta-lo suxeito, de insistir sobre a persoa que realiza a acción. A idea de persoa ponse por riba da acción expresada polo verbo. O pronome ten un valor intensivo, de énfase.

Noutros casos a presencia do pronome suxeito é máis necesaria, por exemplo, cando vai acompañado de sustantivos en aposición:

Onde por todas estas cousas *eu* dom Afonso (...) escolly os mays verdadeiros et mellores (*G.E.* 3-4).

Et *nos* Garçia Dias d'Espinosa et Afonso Martís de Galdo, juices da çibdade d'Oureste, visto e examinado hun proçeso de pleito (...) (*Dev.* 120. 17-19).

Salvãte se por ventura quisermos *nos* os christiãos apremear et... (*G.E.* 74. 32-33).

O, o *tu* Nylo! onde quer quee te vẽe... (*G.E.* 187.27)

Et, *tu* romano, esta codiça queas de querer saber o feyto do Nilo... (*G.E.* 187.1)

ou de adxuntos que o modifican ou intensifican:

Home santo de boa vida que *nos todos* avemos a creer dinos que che semella do poboo que erra... (*Miragres*, 24. 7-8).

(...) por esto nõ queremos morrer ne perder o condado, ca muyto ualrra mays que partamos o pecado *nos todos tres* (*C.G.* 135. 23-25).

Et se alguen ueer que diga que algua cousa teemos sen dereyto e se o quiser dar por sua alma aa dita albergaría e capela aia parte e quiñon no ben que se fezer na dita capela e albergaria assy como *nos meesmos* (*Dev.* 76. 13-16).

Tamén hai esixencias sintácticas cando o núcleo do predicado é unha forma nominal:

Et señor, seendo *eu* teeu uassalo, et fazẽdome *tu* merçee et ajuda, coido eu... (*C.G.* 84. 38-39).

Et segundo diz Eusebio... andando *ella* por las terras (...) (*G.E.* 158. 12).

Et *el* andando contendendo en esto... (*C.G.* 27. 8-9)

e por razóns de claridade cando o verbo non vén expreso:

Poys que son muytos mays ca *nos*, caualleyros et peões et son muy ligeyros, et (*C.G.* 98. 48-49).

Mays, os cristiãos, por que erã poucos ouvéronse de uençer, ca os mouros erã muytos mays ca *elles*... (*C.G.* 6. 37-38)

(...) et dizẽ que outros ouvo, antes et despoys, mays santos que *el*... (*G.E.* 30. 3-4).

Así pois, aínda que as desinencias verbais son en xeral suficientemente claras, o pronome suxeito está presente, xustificándose a súa aparición ben por *motivos gramaticais* (diferenciar dúas persoas gramaticais, distinguir un suxeito masculino doutro feminino, cando o verbo non está expreso, etc.) ben por *motivos estilísticos* (desexo de salienta-la persoa axente mesmo poñéndo por riba da acción expresada polo verbo). Este uso está xa no latín onde se ben na lingua literaria o pronome suxeito non se expresaba máis ca por motivos estilísticos, de énfase, na lingua falada tendíase a xeraliza-lo seu uso polo desexo dunha maior expresividade. De aí a súa propagación ás linguas romances.

BIBLIOGRAFIA

Ali, M. Said: *Gramática histórica da língua portuguesa,* Edições Melhoramentos, São Paulo, 1960.

Álvarez Blanco, R.: *O pronome persoal en galego,* Tese de doutoramento, Facultade de Filoloxía, Universidade de Santiago, 1980 (inédita).

Álvarez, R. / Regueira, X.L. / Monteagudo, H.: *Gramática Galega,* Ed. Galaxia, Vigo, 1986.

Ares Vázquez, M.C.: *Funcións sintácticas dos pronomes persoais tónicos na prosa galega medieval,* Tese de Licenciatura, Facultade de Filoloxía, Universidade de Santiago, 1982 (inédita).

Bassols de Climent, M.: *Sintaxis latina,* C.S.I.C., Madrid, 1976 (5ª reimpresión), 2 vols.

Bueno, F. da S., *A formação histórica da língua portuguesa,* Ed. Saraiva, São Paulo, 1967[3].

Câmara, Jr., J. Mattoso: *Estrutura da língua portuguesa,* Ed. Vozes Ltda. Brasil, 1976[7].

———: *História e estrutura da língua portuguesa,* Ed. Padrão, Livraria Editora Ltda. Rio de Janeiro, 1976[2].

Corominas, J. / Pascual, J.: *Diccionario crítico etimológico castellano e hispánico,* Gredos, Madrid, 1980.

Coutinho, Ismael de Lima: *Gramática histórica,* Ed. Livr. Acadêmica, Rio de Janeiro, 1974[6], (7ª reimpresión).

Dias, A.E. da Silva: *Syntaxe histórica portuguesa,* Ed. Livraria clássica editora, Lisboa, 1970[5].

Ernout, A.: *Morphologie historique du latin,* Ed. L.C. Klincksieck, París, 1955[3].

Ernout, A. / Thomas, F.: *Syntaxe latine,* Ed. Librairie, C. Klincksieck, París, 1953[2].

García de Diego, V.: *Elementos de gramática histórica gallega (Fonética-Morfología),* Verba, Anexo 23, Universidade de Santiago, 1984.

Grandgent, C.H.: *Introducción al latín vulgar,* C.S.I.C., Madrid, 1963[3].

Lausberg, H.: *Lingüística Románica,* Gredos, Madrid, 1966, 2 vols.
Machado, J.P.: *Dicionário etimológico da língua portuguesa,* Ed. Livros Horizonte, Lisboa, 1977[3], 5 vols.
Meyer-Lübke, W.: *Grammaire des langues romanes,* Welter Ed., París, 1890, vol. III.
Nunes, J.J.: *Compêndio de gramática histórica portuguesa,* Ed. Livraria clássica editora, Porto, 1975[8].
Tekavčić, P.: *Grammatica storica dell'italiano,* Vol. II, Morfosintassi. Societá editrice il Mulino, Bologna, 1972[2].
Väänänen, V.: *Introducción al latín vulgar,* Gredos, Madrid, 1971.
Williams, E.: *Do latim ao português,* Ed. Tempo Brasileiro, Rio de Janeiro, 1975.

Una pescadilla filológica

RAMÓN BALTAR VELOSO

La tasa de precios de Santiago de 1133, incorporada a la *Historia Compostellana,* cobija en el apartado de artículos marinos una transmisión opaca que estorba aclarar de qué pescado o marisco se trata: por una vez no huele mal el pez sino el nombre. El texto de la sección entera reza así (III.33.40-48): "Dicimus etiam de piscibus, ut non minus V magnos uesugos uel mugiles uendant pro nummo et de minimis X, *temam* grandem pro nummo; locusta pro nummo; pulpum grandem non amplius duobus denariis, mediocrem bonum non amplius nummo; pexotas recentes uel salsas non minus tres pro nummo, ostreas magnas non minus L; sardinas non minus LX; congrium de VIII palmis non amplius VII denariis; mediocres bonos non amplius tribus nummis; lampredas non amplius tribus nummis; ircim maximum non amplius XII nummis" (edición de Emma Falque, Corpus Christianorum. Cont. Med. LXX, Turnholti, 1988). Es el caso que ni la lección *temam* (I. 41) ni la variante *cemam* (P) se dejan relacionar convincentemente con nada conocido en ictionimia antigua o posterior, resistencia chocante cantando el contexto nombre vulgar y género del país y de consumo ordinario. Cabe pues error de péndola, y por ello no extraña que Suárez y Campelo en su traducción de la Compostelana (Santiago, 1950, p. 468 y n. 4) no rechacen del todo el parecer de López Ferreiro (*Fueros Municipales de Santiago y de su Tierra I,* p. 84) que vertió *temam* por anguila pero apuntando *t(a)eniam;* arbitrario a mi ver en lo primero y poco atinado en lo segundo; tal voz no es ictiónimo acreditado en latín y, para colmo, gall. *taíña* vale por múgil, justo el anterior en la lista. Querencioso de explicaciones sencillas y naturales, vine a maliciarme en *cemam* deturpación de *cernam* 'mero', reflejo de nuestro *cherna* (continuador de un latín **acerna,* forma alternante de *acharna,* según intuición etimológica de Antón Santamarina, en Ríos Panisse, *Nomenclatura de la flora y fauna marítimas de Galicia,* p. 288, s.v. *merillo*). Sabemos que la estimación de los manjares muda con las épocas y los lugares, pero una ordenanza de 1417 (*Libro de Actas do Concello de Santiago,* fol. 23r) aparea mero y rodaballo y fija su precio "a seis dineiros cada libra", el más alto de la pescadería. Y es que, solicitado desde la Antigüedad por su fina carne, el mero no entró en el refrán simplemente para rimar con carnero.

Contribución ó léxico medieval da construcción en galego

Mª CARME BARREIRO GARCÍA

Este traballo é un pequeno adianto dun estudio máis amplo e máis profundo que estou a facer sobre uns documentos notariais galegos da Idade Media, que no seu día será a miña tese de doutoramento.

O documento que nesta ocasión publico forma parte dun corpus de documentos notariais pertencentes a unha colección particular da vila de Noia, hoxe xa adquiridos pola Universidade de Santiago.

Neste estudio publico a lectura que fixen do documento orixinal (cfr. *Apéndice*) e farei unhas breves reflexións sobre as palabras que teñen relación co léxico da construcción,sen atender outros aspectos moi interesantes e pouco estudiados no galego medieval como son os termos xurídicos.

O documento data do ano 1478 na vila de Noia, e é un **contrato de iguala** no que se concede o permiso de **medianeira.**

A estructura do contrato é a seguinte:

a) Petición do permiso para construír.
b) Concesión do permiso e formulación das condicións (pagar unha cantidade de cartos, reparacións, etc.).
c) Compromiso de ámbalas dúas partes de cumprir tódalas condicións.
d) Especificación das penas, se non se cumpren as condicións.

O primeiro que atopamos cando nos introducimos no estudio do léxico relativo á construcción é a pobreza descritiva do documento, tanto dos materiais utilizados coma da técnica constructiva.

Do termo xenérico de **casa,** moi pouco podo dicir se teño presente a clasificación que dela fai Xaquín Lorenzo, e aínda me resulta máis complicado se quero definila tendo en conta a amplísima tipoloxía que Pedro de Llano fai no volume 2 da *Arquitectura popular en Galicia.*

Soamente por algún elemento illado podo saber, por exemplo, que podería ter **solaina.**

Os termos específicos que aparecen no documento son os seguintes (1):

Traue.- En galego actual esta palabra conserva a mesma acepción que na Idade Media, mais baixo a forma **trabe.**

(1) Manterei a grafía medieval.

É un elemento de apoio que se emprega para soste-las distintas estructuras dunha edificación coma o teito, o **soallo** e mesmo as paredes, etc.

Ata aquí, as tres ocorrencias das que dispoño,así o confirman. O problema é sabe-lo material de que están construídas.

Os diccionarios, tanto o **Xerais** coma o de **Morais** din que é de madeira. Outros autores consultados (Xaquín Lorenzo, Pedro de Llano) xa diferencian máis segundo sexa o lugar onde se utilicen estes apoios, por exemplo na **solaina** o único soporte constitúeo a pedra, a diferencia do **corredor** no que só se utiliza a madeira. O feito de que no meu documento non se especifique a que tipo de estancia están destinadas as **traues** fai moi arriscada calquera hipótese.

Das tres ocorrencias (liñas 7, 12 e 20) poño só dúas porque a segunda reproduce o mesmo contexto ca liña 7:

"pódesedes pousar cõ as **traues** das ditas vosas casas ẽna parede das mĩas casas" (l.7).

"et que nõ posades poer **traue** ẽno mĩbro que está da parte de dentro, saluo sobre esteo" (l.20).

Parede.- É un dos elementos máis importantes na construcción da casa. A súa función é dobre, soste-la vivenda e illala do clima exterior. Sabido é que a **parede**, segundo estea no exterior ou no interior da casa, terá que ser distinta tanto no seu grosor coma nos materiais empregados para a súa construcción. Estes normalmente están moi vencellados á natureza do chan do que se extrae a materia prima (xa sexa zona rica en lousa, pedra de gra, etc.).

No documento o termo **parede** só ten dúas ocorrencias (liñas 8 e 13) e en ámbolos casos hai indicios suficientes para saber que se trata dunha parede exterior que vai servir de **medianeira** para construír unha nova casa. Non indica o material empregado, pero no texto dá probas, aínda que escasas, de que a **parede** podería ser de pedra. Faise referencia, por unha banda, ó pagamento a dous **pedreiros** que tamén actuarán como testemuñas do contrato, por outra, do contexto dedúcese claramente que as devanditas **paredes** servirán de **medianeiras**, onde a dona vai permitir pousa-las **traues** da nova casa. O muro divisorio entre dúas construccións é de pedra.

Mĩbro.- Se a parede é interior o material empregado para a súa construcción non sería de pedra senón doutros materiais máis lixeiros. O habitual era separa-las distintas dependencias mediante "táboas verticais toscamente colocadas", o chamado **taboado** (2) que perfeccionado chegou ata hoxe.

Outra técnica de separación é à que se coñece co nome de **pallabarro**, que, procedente de Castela, introduciuse en Galicia na Idade Media, consiste segundo a definición de Xaquín Lorenzo "nuha trama feita con cangos, os máis fortes verticais, **pés dereitos**, enlazados por outros horizontais ou inclinados. Os ocos que

(2) Pedro de Llano, *Arquitectura popular en Galicia 1.*, COAG, Santiago de Compostela, 1981, p.106.

deixan entre si énchense con palla, algunhas veces trenzada, e o conxunto cóbrese cunha capa de barro" (3).

No documento non se rexistra ningún dos vocábulos anteriores, senón que aparece a forma **mĩbro**:

> "et que nõ posades poer traue ẽno **mĩbro** que está da parte de dentro, saluo esteo segundo que agora está" (l.20).

Esta palabra non a atopei en ningún traballo específico sobre a construcción nin, por suposto, nos diccionarios consultados. A lectura detida do documento lévame case a asegurar que se trata da parede interior da **solaina** construída coa técnica do **pallabarro**. De tódolos xeitos é unha palabra moi interesante tanto pola súa aplicación a unha técnica constructiva chamada habitualmente **pallabarro** como polo aparente castelanismo **mĩbro**, en clara referencia ó material empregado na súa construcción, en vez da palabra patrimonial **vimbio** (4).

Pouso e **Pousar**.- Se facemos unha lectura superficial do documento, podemos estar de acordo coas definicións que dá o *Diccionario Xerais* de **pouso** e **pousar**.

Pousar, xenericamente, é 'deixar algo nun lugar', pero no meu texto, ó estar aplicado á construcción e ir referido a un elemento de apoio (**as traues**) e a unha estructura que sustenta (**a parede**), podería definirse como 'asentar un peso sobre un muro'. Este verbo ten catro ocorrencias, das que só poñerei dúas por ser todas elas redundantes:

> "me rrogastes que eu / vos dese lugar para que podesedes **pousar** cõ as traues das ditas vosas casas ẽna parede das ditas mĩas casas" (l.7).

> "para poer et **pousar** cõ as traues das djtas vosas / casas ẽna parede..." (l.12).

Pouso é un lugar axeitado para colocar algo. Como uso especial o *Diccionario Xerais* di que se aplica "a pedra colocada á porta do muíño para pousa-la carga" (s.v. **pousadoiro**). Este uso, no meu caso, é claramente rexeitable. Este termo aplicado á construcción non o atopei nin nos diccionarios consultados nin nas obras específicas relativas ó tema. Polo contexto dedúcese que é un elemento de apoio onde teñen que ir sustentadas **as traues**. Nesta liña, axudoume o estudio que fai Xaquín Lorenzo dos apoios, no que di que "a parede precisa levar ó seu nivel algo en que sufinquen as trabes que o soportan" e constata tres tipos de apoios. O máis corrente é que a parede teña unha serie de ocos ou buratos nos que se aloxan as cabezas das trabes", o segundo é facer un tipo de "escalón para

(3) Xaquín Lorenzo, *A casa*, Galaxia, Vigo, 1982, pp. 13-14. Cfr. tamén, Pedro de Llano, *Arquitectura popular 1*, pp. 106-107 e a *Gran Enciclopedia Gallega*, s.v. **casa**, p. 138.

(4) A rareza desta palabra obrigoume a revisa-lo documento orixinal para confirma-la súa lectura ou por contra indagar se podería tratarse da forma galega **uĩbjo**, pero non teño dúbida de que está ben lido **mĩbro**.

recibi-las trabes", e, por último, un sistema de "poios ou **cachorros** nos que van colocadas as puntas das trabes" (5).

Eu non podo saber que tipo destes apoios é o utilizado dada a ambigüidade do contexto. Os exemplos son os seguintes:

> "et por vos dar os ditos **pousos** / me satisfariades a vista de ofiçiaas" (l.8).
>
> "para senpre pousedes et ajades os **pousos** para poer et pousar cõ as traues das djtas vosas / casas ẽna parede das ditas mjñas casas" (l.12).
>
> "porlos quaes ditos **pousos** vós (...) me avedes de dar et pagar dous mjll et quinentos pares de brãquas" (l.14).

Hai unha ocorrencia máis (l.31), que, sen embargo, non reproduzo porque coincide co último exemplo.

Caanle.- É unha canle artificial para conduci-la auga. Os especialistas na construcción sitúan as **canles** no tellado da casa. Xaquín Lorenzo, ó falar da cuberta, di que as tellas se colocan en ringleiras paralelas coa parte cóncava cara arriba, **as canles**, e por riba delas, outras coa parte convexa cara abaixo, **as cubertas**; aínda se lles pode poñer por riba outra serie de **canles** cando os tellados están moi expostos ó vento e á chuvia. As veces, para que non se movan as tellas, póñenselles por riba unhas pedras (6).

Paréceme moi arriscado inclinarme por este significado de **canle**, porque tería que ter algún dato que confirmase que o tellado é de tella, e tal material non aparece en todo o documento. Máis axeitado ó meu caso é a descrición que fai Pedro de Llano no seu estudio da que el chama **a casa do pincho**. "A sua cobertura, sempre construída a duas augas (...) conta finalmente con dous elementos peculiares para este tipo de construción: un capiado de lousas (...) para protexer de posibeis filtracións a unión do muro ou tellado, **e máis uns grandes canalóns de cantería** situados sobre **o muro medianeiro** (7), que teñen por obxecto recoller as augas do tellado e darllee saída cara á fachada mediante unhas elementais gorgazas" (8). No documento aparece soamente dúas veces:

> "deuedes de rreparar por vosa custa para / senpre as **caanles** de pedra que agora está postas e sentadas ẽnas ditas casas" (l.18).
>
> "et prometo et me obligo (...) rreparar as ditas **caãles**" (l.31).

Esteo.- É unha columna ou piar que, segundo este documento, serve para soste-la **traue**; normalmente é de madeira pero tamén podería ser de pedra. En relación á súa utilización, aínda me atrevería a pensar que **o esteo**, xunto coa **traue**

(5) X. Lorenzo, *A casa*, p. 25.
(6) X. Lorenzo, *A casa*, p. 44. Cfr. tamén, Pedro de Llano, *Arquitectura popular 1*, p.72.
(7) O subliñado é meu.
(8) Pedro de Llano, *Arquitectura popular en Galicia 2.*, COAG, Santiago de Compostela, 1983, p. 59. Para a descrición e emprazamento de **a casa do pincho**, cfr. pp. 55-67.

vai servir neste caso de sustento dunha **solaina**. Cfr. s.v. **solana e mĩbro**, neste traballo.

Só hai unha ocorrencia:

"et que nõ posades poer traue ẽno mĩbro que está da parte de dentro, saluo sobre **esteo** segundo que agora está" (l.21).

Poyal.- O **poial** é un banco de pedra que vai construído a carón da parede de fóra da casa. Cómpre ter en conta a gráfía castelanizante "y".

"et querẽdo / vós faser **poyal** ante as vosas casas, que leyxedes lugar por donde posa yr et entrar vn tonel" (l.22).

Solana.- A solaina é un corredor ou balcón. O antecedente directo da **solaina** é o **patamal** ou **patín** ('descanso no que remata a escaleira exterior da casa'). Este, que no principio era pequeno, foise facendo máis amplo tanto ó longo como ó ancho, e deu lugar a dous dos elementos máis típicos da arquitectura popular galega: o **corredor** e a **solaina**. A diferencia máis importante entre eles é o material do que se constrúen. O **corredor** é completamente de madeira e leva tódolos elementos deste material (chan, esteos, etc.), mentres que na **solaina** sería a pedra o único material empregado na súa construcción. Outra diferencia é que o **corredor** sempre vai cuberto polo tellado mentres que a **solaina** ás veces pode carecer de cuberta. Un último elemento da **solaina** é a **baranda** (9). Tamén son moi distintas as solucións para os diferentes apoios e materiais que van necesitar suxeita-lo corpo xa do **corredor** xa da **solaina**. O problema de sustentación do **corredor**, ó ser de madeira e pesar menos, é menor que no caso da **solaina** e préstase a unha maior variedade de modalidades que esta, considerada máis señoril que o **corredor** (10).

No relativo á súa situación e orientación di Pedro de Llano que "é unha terraza exterior situada na fachada da edificación, xeralmente orientada ao mediodía". No caso que eu estudio dedúcese que

1) Trátase dunha casa da costa (**Noia**), onde predominan as **solainas** sobre os **corredores**, máis abundantes nas terras do interior.

2) Sábese que está nunha rúa (da **Corredoyra**) dentro da vila.

3) Por último, a **solana** non se debe poñer diante da casa senón saíndo:

"nõ / posades nẽ façades **solana** debante ẽnas ditas vosas casas, saluo sayndo como as outras casas" (l.24).

De todos estes datos, non podo sacar moito en limpo. En principio, a **solaina** debería ir na fachada principal, pero o texto non permite ese emprazamento, e aínda máis me desconcerta o feito de que diga "saluo sayndo como as

(9) Cfr. X. Lorenzo, *A casa*, p. 99, e Pedro de Llano, *Arquitectura popular 1*, pp. 101-102.

(10) Pedro de Llano, *Arquitectura popular 1*, pp. 95-104, e X. Lorenzo, *A casa*, pp. 97-104, entran en problemas técnicos que eu non podo contemplar neste traballo.

outras casas". ¿Quere dicir que tería que ir pola parte posterior da casa sen acceso directo desde a vivenda?

Por último, cómpre chama-la atención sobre a forma que aparece no documento. Esperaría o significante **solaina** coa diptongación decrecente e, sen embargo, atópase a solución **solana**, claramente castelá.

APÉNDICE

1478, marzo, 18. Noia.

Mariña Pellaes concede permiso de medianeira a Alberte Gonçalues, crego, na rúa da Corredoyra da vila de Noya.

Particular

Sepan quantos esta carta et contrabto de yguala virẽ como (1) eu, Mariña Pell*aes*, moller que foy de Pero Vaasques da Ponte, cuja alma Deus aja, vesjña da vila de Noya (1), que / presente sõo, por rrazõ que vós, Alberte Gonçalues, clérigo de Sant (1) Cosmede d'Outeiro, que presente sodes, agora novamente leuãtades hũas casas novas jũto / et a par das mjñas casas en que agora mora Martí Gujllelmes, meu fillo, que está ẽna rrúa da Corredoyra, de dentro da dita vila, et me rrogastes que eu / vos dese lugar para que podesedes pousar cõ as traues das ditas vosas casas ẽna parede das ditas mjñas casas, et por vos dar os ditos pousos / me satisfariades a vista de ofiçiaas (1). Por ende eu, a dita Mariña Pellaes, de mjña propia et libre voõtade, por mj̃ et por meus herdeiros, quero et/ me plase que vós, o dito Alberte Gonçalues, d'oje este día (1) endiante para senpre pousedes et ajades os pousos para poer et pousar cõ as traues das djtas vosas / casas ẽna parede das ditas mjñas casas, tãto quanto as ditas vosas casas ouverẽ mester de pousar, porlos quaes ditos pousos vós, o dito / Alberte Gonçalues, me avedes de dar et pagar dous mjll (1) et quinentos pares de brãquas, que ontre vós mj̃ fuj cõçertado por mãdado et a ven vista de Ferrnã / Cotoriño et Sueyro Afonso, pedreiros, forros, quitos et exsentos, sen desconto algũo. Et mays avedes et deuedes de rreparar por vosa custa para / senpre as caanles de pedra que agora está postas et sentadas ẽnas ditas casas quando et cada que for mester, et tomar as ágoas de medio /a medio a vosa custa, et que nõ posades poer traue ẽno mĩbro que está da parte de dentro, saluo sobre esteo segundo que agora está, et querẽdo / vós faser poyal ante as vosas casas, que leyxedes lugar por donde posa yr et entrar vn (1) tonel, nẽ eso mjsmo vós nẽ vosos herdeiros nõ / posades nẽ façades solana debante ẽnas ditas vosas casas, saluo sayndo como (1) as outras casas. Et esto que dito he eu, a dita Marina / Pellaes, prometo et me obligo de teer, conprir e agardar et nõ yr contra elo, antes prometo et me obligo de voslo faser sã̃o, de pas para senpre, por / mj̃ et por meus bẽes, que vos a elo obligo (1), et so a pena ajuso cõtiúda. Et eu, o dito Alberte Gonçalues, que presente sõo, para mj̃ et para me[u]s (2) herdeiros asý o / rreçebo, et outorgo et prometo et me obligo de dar et pagar a vós, a dita Mariña Pellaes, os ditos dous mjll (1) et quinentos pares de branquas / porlos ditos pousos, segundo dito he, et rreparar as ditas caãles et

(1) No ms. cunha raia sobre a palabra.
(2) No ms. di mees, cunha raia sobre a palabra.

tomar as djtas ágoas segundo et ẽna maneira que dita he, et conprir as / outras cousas et cõdiçõos arriba cõtiúdas por mj̃ et por meus bẽes, que a elo obligo, et en espeçial obligo a elo as djtas mj̃as / casas, et so a pena ajuso cõtiúda. O qual todo nós, as ditas partes, prometemos et nos obligamos teer, conprir et agardar esto que / dito he et nõ yr nẽ vijr contra elo nẽ contra parte delo, sub obligaçõ dos ditos nosos bẽes et so pena (1) de dez mjll (1) morauidís vellos, que / pague por pena (1) a parte de nós que o cõteuer et conprir et contra elo for á outra parte que o teuer, conprir e agardar et por elo esteuer, sóbre/lo qual todo rrenũçiamos a toda exçepçõ, que nõ digamos delo o contrario, et a pena (1) pagada ou nõ pagada, todavía este / contrabto et as cousas en el cõtjúdas fiquen firmes et vallã para senpre. Feito et outorgado o dito contrabto ẽna vyla de Noya (1), a des / et oyto días do mes de março, ano (1) do nasçemento de Noso Señor Ihesu Cristo de mjll (1) et quatroçentos et sateẽta et oyto anos (1), / estando presentes por testigos Ferrnã Cotoriño et Sueyro Afonso, pedreiros et Gomes Varela et Juã de Caamaño, veziños da / djta vjla, et outros./

Et eu, Afonso Ares de Valadãas, escriuán (3) de cámara del rrey et da rreyña, nostros señores, et seu notario público ẽna súa corte et en tódoslos seus rregnos (1) / et senoríos et escusador de Áluaro Garçía, notario da villa de Noya, a esto que dito he, cõ os djtos testigos (1) presente fuj et / escripuj et aquí meu nome et signo (1) poño, que tal he, en testemoyo de verdade./ Afonso Ares, notario. /SIGNO/

(3) Está abreviado e tamén se podería ler escriuano.

Léxico de Náutica na narrativa de Alfredo Conde

LUISA BLANCO RODRÍGUEZ

Tódolos escritores adoitan ter unhas constantes, uns temas recorrentes que en maior ou menor medida emerxen nas súas creacións, quizais se trate de aspectos da vida que lle preocupan ou que lle interesan con máis intensidade ou ben sexan debidos a resoancias autobiográficas; o certo é que este escritor galego oriundo de Allariz non é unha excepción. Temas recorrentes ou constantes vertebran a súa narrativa.

Ó lector que se achega pola primeira vez ás páxinas de A. Conde chámalle moito a atención a presencia de personaxes, accións, ambientes, lugares, léxico... relativo ou relacionado co mar. Sen embargo ó lector iniciado na súa obra, no seu quefacer literario xa non lle estraña tanto porque sabe que este fixo estudios de Mariña Mercante e que durante algúns anos navegou por rutas e en barcos distintos (1), e polo tanto ha de atribuir esta presencia tan rechamante a algo coñecido polo escritor en profundidade, e engadiría que ademais ama. A. Conde é un grande namorado do mar, do sol, pasear polas praias ó amencer ou atardecer así como darse un bo baño e nadar un chisco (2).

O material recollido é abundantísimo no que a léxico relativo ó mar se refire, o que plantexa o problema da selección xa que resulta imposible incluírmos tódolos exemplos, polo que farei unha elección baseada na representatividade do termo, deixando de lado os nomes de peixes e mailos de mariscos, tan abondosos nas costas galegas como na narrativa condiana, xa que a maioría dos personaxes amósanse en moitas ocasións comendo, "pediron un ollomol á plancha. Aquí fano coma en Santurce, ábreno en dous, ó longo e déitanlle aceite por riba" (*Breixo,* 68), e que reflexan en moitos casos os gustos que en materia de culinaria ten o propio escritor, baseada sobre todo en productos do mar do que é gran amante e coñecedor (3).

(1) Cfr. A. Conde, "Lecturas e milagres", en *La Voz de Galicia*, 1-IV-1986, "...o milagre e case tan esquivo como o raio verde dos meus anos de mar...".

(2) Vid. A. Conde, "O verao que acaba", en *La Voz de Galicia*, 8-IX-86; "Fervente partidario como eu son da Galicia asana consistente en toma-lo sol do solpor deitado na area miúda e doce de calquera praia da banda sur da nosa ría...".

(3) Para a consecución deste material traballei sobre as obras e edicións seguintes: *Breixo*, Xerais, Vigo, 1981. *Memoria de Noa, (Noa)*, Galaxia, Vigo, 1986. *Xa vai o Griffon no vento*, Galaxia, *(Griffon)*, 1987 (4ª edic.), así como o primeiro relato de *Música-sacra*, Galaxia, Vigo, 1989, do que citarei exemplos á pé de páxina.

Analizarei exclusivamente os vocábulos referidos ó mar, xa empregados cun sentido directo, xa con valor translaticio; nas tres novelas estudiadas áchanse termos coa mesma frecuencia, aínda que non tódalas palabras se repiten. Así en *Breixo* atópanse: preamar, baixamar, izar, proa, popa, bruma mariña, estibar, borda... e os que documentamos (4):

> unha tasca vella e case deshabitada da cidade vella, xa preto do mar e na que soñaban desvencelladas derrotas vellos patróns, os derradeiros en amarrar as bakas no peirao das Corbaceiras... e levan aparellos, anzós, liñas, (p. 45).

> que se podería dar aló, noutras latitudes, nas do paralelo de Madrid, por poñer un caso, ou no de Sevilla -trinta e tres graos vintetrés minutos norte,... asegún din o Almanaque Náutico do ano de 1966... (p. 80).

A. Conde non emprega os vocábulos náuticos para facer un tratado ou un estudio de Náutica, senón que os integra na súa narración e deste xeito pasan da linguaxe especializada á común, a pesar de que algún vocábulo poida resultar un pouco complicado para un lector non demasiado culto como ocorre co exemplo seguinte, no que se quere lograr unha maior verosimilitude na descripción e nada máis verosímil que unha de tantas praias galegas:

> amámonos nas dunas, sabendo o mar alá embaixo, pra nos quedar falando á toa, o vulturno pousando ondiñas coma beixos na intuída orela,... o vento non rolara e a lúa tremelucía no seu orto... (p. 95).

Noutros casos trátase de emprega-los termos de náutica cun significado translaticio ou metafórico, que poden atopar diferentes tons ou matices, desde o máis delicado e poético ata o máis duro e sarcástico; comparémo-los exemplos seguintes (5):

> Os meus artellamentos, as miñas angalladas... Eran ondas que chegaban ó peirao sen forza, soamente a bicalo logo de se derramar nos baixos e mais nos cons silandeiros da súa badía... (p. 22-23).
> acenando canso co polegar, no que batía a brisa lene do repunte... (p. 94).
> a miña predilección e conceptos tales como os que quedan xa explicitados e que compoñen a singladura pequeno burguesa do confort, (p. 154).

Nalgúns fragmentos semella detectarse con maior claridade significacións biográficas do escritor, postas na boca do personaxe Breixo, quen rememora a época do servicio militar e unha das viaxes feitas como oficial de mariña mercante e que posiblemente se refire ó barco "Covadonga" (6):

> e velaí tres ó infraescripto, que fixen a mili pola mariña, (p. 37).

> Estaba eu debruzado sobor da borda dun transatlántico de cuxo nome non quero ter memoria... polas estachas que, a proa e a popa do navío, coutan a este de libertarias aventuras e que son, a saber, dous traveses e mais dous springs. (p. 179).

(4) Cfr. "No peirao bradaban as sereas e de novo todo era máis alá do gris. A auga aparentemente impávida axitaba sen embargo os barcos coa repousada e tensa violencia que trae con el o mar de fondo ¡Como triscaban as estachas!" (*Música-sacra*, 11-12).

(5) Vid. "No peirao... Seguían a brada-las sereas e ti preguntábasme polo clamor dos seus laios. "Ese barco está xa de saída", dicíache, "esoutro chama polo práctico"... (*Música-sacra*, 10).

(6) O transatlántico *Covadonga* foi desguazado en 1977.

Alfredo Conde tamén usa os vocábulos mariñeiros para construír comparacións e metáforas, algunhas moi belas e delicadas; recollín moitas e as que teñen como refente ó mar posúen unha significación positiva; é coma se ese gran amor que profesa o escritor ó mar lle impedise empregalo como algo despectivo, a pesar de que encontramos varios disfemismos (7). Vexamos algúns casos de metáforas e símiles:

> soñábala sempre e sabías o seu corpo no aire que se che pousaba no peito, no alento que che traía a brisa, e a brisa era leve coma un beixo. (p. 83).
>
> Sentín os seus ollos esculcando síntomas que non asomaban por ningures e soubo que eran os ollos máis cheos de mar que vira na súa vida. (p. 57) (8).
>
> foi agromando chea coma o mar do outono. (p. 38).
>
> alí onde dormen os congros meirandes, cabo das laxes e nun leito de area, os congros de dúas arrobas e media que meten medo cando agroman na tona do mar e fungan coma cans ou gatos. (p. 45).

Para remata-la análise das voces máis rechamantes rexistradas en *Breixo,* querería aludir ó mar; na narrativa condiana existen abundantes notas cromáticas, é coma se mirasemos todo en tecnicolor; todo ten unha color que pode variar, pero o mar non, o mar adoita ter unha tonalidade fixa: o gris; non se trata de que así o sexa nas costas galegas senón que o escritor lle aplica un ton subxectivo, de pena, tristeza, desalento, desánimo..., tonalidade tan pouco frecuente noutros escritores (9).:

> Breixo ollou, a traveso das fiestras do trole, as ringleiras de piñeiros deitadas contra do *gris* da ría e recoñeceu o lugar onde estivera a praia de Lourizán... (p. 54).
>
> Galicia... mantiña unha língua que a vencellaba á Europa latina e unha alma que a pousaba docemente no seo atlántico de brumas e deuses, no seo máxico que dan as choivas mainas e os mares cheos de *grises.* (*Griffon,* 75).

Polo que se refire ós termos náuticos recollidos en *Memoria de Noa* a maioría deles aparecen empregados con matices metafóricos bastante perceptibles, é dicir, con translación de significado.

Un dos personaxes principais da novela chamado Quietán e que será o marido da narradora Noa, adoita aparecer descrito no que se refire ó seu aspecto físico, xa nas primeiras páxinas, con palabras mariñeiras: nuns parágrafos ditos términos, *bergantín-goleta,* son usados para crear unha suxeridora metáfora, pero noutros para crear unha pintoresca comparación; nos dous casos a sensación de desvalimento á vez que comicidade, que están na intención da narradora, lógrase plenamente co empleo das voces mariñeiras, tan precisas que mesmo suxiren unha peculiar maneira de andar, de desprazarse no espacio, coma se coxease, indicando falta de equilibrio, inseguridade:

> Coñecín ó Quietanciño, un santo, un santón laico, na Ferradura, camiñando ás alancadas,... e non vos riades, tíñavos certa semellanza coa fasquía dun *bergantín-goleta,* entrando pola boca

(7) Cfr. "Unha coña mariñeira" (Breixo, 153).

(8) Cfr. "Vin os teus ollos e souben xa que os amaba, tan azuis eran, tan inmensos. Todo o mar estaba dentro deles". (*Música-sacra,* 11).

(9) Cfr. "No peirao bradaban as sereas e de novo todo era máis alá do *gris.*" (*Música-sacra,* 11).

norte da ría... E atracou o bergantín e aquilo era unha chalupa, inda que moi mariñeira, iso si. (p. 19-20) (10).

dicía eu (e dicía ben) que viña el pola Ferradura abaixo, *bergantín-goleta* no que os brazos e a destacada, sobranceira testa compuñan esa trinidade absoluta que son o trinquete, o maior e o mesana, mastros ergueitos ós avatares do mar e mais ás lufaradas da vida,... e acenaba con tanto xenio, con tal fermosura de ademáns, cun ritmo tan mareiro, (p. 102-3) (11).

Rematamos de ver como o nome dunha embarcación lle serve ó escritor para establecer un parecido co aspecto físico dun personaxe masculino non demasiado agraciado, cremos que se capta a intencionalidade burlona e case esperpéntica así como o aspecto positivo da expresión "cun ritmo tan mareiro".

Outra novidade que achamos en *Noa* e que non aparecera en *Breixo* é que para describi-lo mar, en vez de usa-la sombría tonalidade do gris, emprega outros tons máis vivos, ledos e esperanzadores:

O mar, agora, semella de chumbo cando hai ben pouco era *verdi-azul*, (p. 40).

bragado varón o que navegou esteiros *verdiazuis* na hora do repunte, (p. 23).

Tamén atopamos pola primeira vez o mar coma imaxe do paso do tempo, da morte... de longa raigaña na poesía de tódolos tempos. No exemplo seguinte ó valor anterior súmanse outros metafóricos amén de eufemísticos:

E, mentres, a tarde devalaba. Era como rabenar un soño pouco a pouco. A mesta escuridade ía chegando e rescatándote da introspección na que te foras sumindo, asoellándote a salgadas lufadas que do mar viñan. E é que o mar estaba alí, decote estivo alí, na agarda das nosas olladas a se pousar nel apaiñaradamente,... deitabámonos no asmo leito... e os suspiros non chegaban e estabas no mar, no mar, no mar, e ningún embarcadeiro te acollía, e non había peirao para unha arribada que gorentabas, (p. 58)

Un termo náutico dá nome a un camposanto "que a xente da vila chama da vela, náutico nome..." (p. 140) (12): outro utilízase coma un eufemismo: "e levaba un ser no ventre que aproaba orgullosamente cara a fóra," (p. 208). E nas derradeiras páxinas, Noa pon fin ós seus longos monólogos empregando, unha vez máis, vocábulos mariñeiros, voces cangadas de esperanza que desexa ver cumpridas no seu fillo que vai nacer:

será o meu fillo, será o Pedro renacido quen terá ollos para amar... ou barcos de fasquías novas que eu non poderei navegar, para que me leven ó amor morno da nenez. En Santo Domingo de Bonaval verei as dornas e as gamelas nas que navegarei oníricas derrotas, deloirados soños que a vellez á que me achego me reclaman; alí mesmo amarei as patelas, (p. 212-3).

Das tres novelas estudiadas é *Xa vai o Griffon no vento* a que contén máis léxico náutico á vez que máis descricións do mar (13); hai varias secuencias situadas nun barco, xa que un dos temas da obra é o tráfico clandestino de libros prohibidos na época do rei Felipe II; e é precisamente un dos protagonistas, o Visitador ou Inquisidor o que se nos mostra navegando ou describindo a arribada

(10) Na versión en castelán aparece: "Y atracó el bergantín-goleta de tres palos..." (p. 21).

(11) Vid. "pousada a túa imaxe no cristal da mesa, a carón dun *bergantín-goleta* non se sabe como no taboleiro que protexía o cristal." (*Música-sacra*, 14).

(12) Na versión en castelán figura *De la vela.*

(13) Xa o título da novela nos fala do mar, do vento mariño, "Tres carracas... levounas unha tronada... Coas carracas levantinas fóronse o "Gran Griffon", capitana das urcas," (p. 184).

Vid. páxinas 173-184, onde abondan as descricións de combates navais.

dalgún navío; parte dos coñecementos que de Náutica adquiriu o escritor durante os anos de estudio e navegación parecen encontrar o lugar ideal nesta última narración longa.

Achamos moitísimos termos de náutica entre os que salientan nomes de tipos de barcos antigos como: carracas, pinazas, filibotes, galeiras, urcas e outros como: abarloar, bitácora, xarcias, mastros, estrobo, escotas, amura... xa que "pra mariñeiros nós" (pp. 173, 186).

Nalgúns fragmentos, os termos mariñeiros semellan compoñer unha sentencia ou máxima, dado o quintaesenciado da expresión lingüística, case gracianesca; neles tamén afloran materiais biográficos do escritor, ás veces con tons un tanto filosóficos:

> os mariños, xentes capaces de acumular ocio durante días e días ollando o mar, ben dende a ribeira, ben dende a borda do navío, (p. 47).
>
> porque o mar é traicioneiro e non xoga a ver quen reza máis, se reformados ou non, e levou con el a xentes mitradas e sangues que puideron ser coroadas xunto con algún lampantín máis que ía con eles... (p. 105).
>
> O mar é a chaira interminable, o camiño de todos, que os homes libres aman... (p. 30).

Ese material subxectivo, recordo dos estudios e navegación, pode nalgúns casos dificulta-la lectura dada a cantidade de tecnicismos que ás veces se concentran nunhas liñas; nestes casos ponse de manifesto unha das características do estilo condiano, refírome ó seu buscado barroquismo:

> Coa Mariña Real ían corenta barcos mercantes artillados, segundo han conta-las crónicas, acompañados de trinta e catro barcos lixeiros máis que as crónicas tampouco han de desmentir. Zabras, fragatas e pataches, un galeón que os comandaba e vintetrés urcas máis a transportar pertrechos e vituallas. Non se quería perder aquela festa o Visitador, (p. 109).
>
> O vento é o axeitado para o rumbo que levan,... na navegación de bolina que desenvolven con mestría. Por veces, lufadas de vento tensan máis do debido as escotas dos navíos... Logo pode comprobar como, sen bauprés, o "Nuestra Señora del Rosario" é abandonado a súa sorte. Pedro de Valdés, no castelo de popa,... Os sinais por bandeiras sucédense afusquinadamente e as chalupas sulcan o mar de nao a nao, (p. 178).
>
> Bogaron duro e xa de noite albiscaron a fasquía do barco que se recortaba ó pe do bicaño de Baiona. Sen iza-lo velamio,... fóronse achegando ó navío ata abarloarse por sotavento... En pouco tempo tivo toda a súa impedimenta nas sentinas do navío... levou a áncora, izou o velamio e aproou ás Cíes. O vento rolara e agora un leste clariño... (p. 244).

No *Griffon* tamén achamos suxeridoras comparacións nas que hai termos náuticos; unha das que adoita repetirse en tódolas novelas é a que ten como elemento comparado unha gaivota, ave que mellor representa ó mar, á liberdade, á xente mariñeira, peiraos, praias... á Galicia costeira nunha palabra. Transcribimos exemplos das tres novelas con este símbolo do mundo do mar:

> bandadas de gueivotas, máis ben raras nesta época do ano, avisan dun mar... que han alimenta-las fogueiras para outros sangues e acalar pensamentos que intenten voar coma gueivotas. (Griffon, 30).
>
> Alá enriba andan as gaivotas. Quizais elas me traian a música... sei que son moitas, millentas deben ser, e enchen o ceo gris-azul, de gris-prata; (Noa, 21).
>
> non cambiaramos de orela e vimos voar as gaivotas sobor dos cons de San Vicente, algunha delas fendida polo raio de luz do faro da illa, (Breixo, 96).

Diciamos un pouco máis arriba que no *Griffon* achamos comparacións moi logradas e que en moitos casos semellan posuír un valor metafórico, a pesar de que ambos conceptos opóñense; pero nalgúns exemplos poderiamos falar dunha metáfora comparativa; o amor, a tenrura do autor por todo aquilo que se refira ó mar é o móbil desencadeante destes chispazos lírico-descritivos dunha grande plasticidade (14):

> o mentado "la grappe du Pape" do 79, que lle pousaba no ceo da boca un abraio indescifrable, como de ostra mediterránea ou así, (p. 13).
>
> Chegara... do silencio no que vivira nas longas noites do seu inverno oceánico, que o seu país, furaba no mar coma unha proa, tan só os da súa terra lles doaba. (p. 35).
>
> mentres a lúa ilumina a praza do Obradoiro que se abre ó campo coma se fose unha praia femia das moitas que no país hai. (p. 228).
>
> Aman a posibilidade de volver abri-la casa da praza da Ferreiría, enriba dos soportais, aberta á contemplación do convento que veciño e no curutiño máis espilido da cidade se lles amosa ergueito coma un velamio. (p. 234).

Nas páxinas que preceden intentamos xustifica-lo abondoso uso que de termos náuticos existen na narrativa condiana, baseándonos non só no profundo amor que o escritor lle ten ó mar, senón tamén no gran coñecemento dos ditos vocablos relacionados cos anos de estudios de Náutica. Cremos que os exemplos documentados son suficientes para explica-la constante presencia do mar na narrativa de Alfredo Conde e que non se trata dun mero aditamento senón que constitúe a espiña dorsal da paisaxe da súa narrativa.

(14) Cfr. "O tempo metérame en ti coma nunha abra apracible e doce e toda lonxanía,"; "Así o tempo levarame a ti coma a unha abra serea e repousada de ventos..." (*Música-sacra*, pp. 10 e 13, respectivamente).

Sobre problemas no tratamento descriptivo da palabra composta

JUAN L. BLANCO VALDÉS

Noutro lugar (1), fixemos unha primeira cala -no noso caso no galego medieval-, sobre un campo da morfoloxía relativamente abandoado -en razón da súa escasa productividade- nos estudios románicos: a composición (/vs/ a derivación) de palabras.

A aplicación desta liña de traballo á lingua moderna por parte de Julia Marqués nunha recente e sólida memoria de licenciatura (2) e a abundancia do material aí recollido, suxeriunos a posibilidade de reflexionar novamente sobre a estructura morfolóxica deste proceso e, especialmente, sobre a súa evolución ó longo dos séculos.

Dun xeito ou doutro, os problemas teóricos (i.e., descriptivos e clasificativos) resultantes da observación dun corpus de palabras compostas (3) seguen sendo, ó noso parecer, os mesmos:

-a enorme dificultade de sistematizar en calquera lingua románica a estructura da unidade *palabra*. A interaccción de criterios diversos (fonéticos, morfolóxicos, semánticos, sintácticos) maniféstase neste mester dun xeito especialmente molesto (4).

-fronte á derivación (prefixación e sufixación), e por moito que se queira, a composición románica -tanto diacrónica como sincronicamente-, é un proceso de notabilísima asistematicidade, razón pola que os métodos estructurais de análise (i.e., a posibilidade de descubrir *a posteriori* estructuras recurrentes nos resultados dun proceso lingüístico, partindo de unidades seleccionadas *a priori*) están expostos a atoparse cunha casuística inzada de irregularidades e excepcións. É evidente, emporiso, que a propia economía dos sistemas lingüísticos tende a facer sistemático un proceso -en principio anómalo e aillado-, cando se fai rentable e

(1) X.L. Blanco, "Palabras compostas en galego-portugués", *Verba* 12 (1985), pp. 199-252.

(2) Julia Marqués Valea, *Palabras compostas no galego actual*, Universidade de Santiago, 1989 (inédita).

(3) Corpus moi limitado no noso artigo de 1985 -lóxica consecuencia de tomar como punto de partida fontes escritas primitivas-, e na memoria de Marqués moitísimo máis amplo.

(4) Cfr.a este respecto a multiplicidade de marcos teóricos e terminolóxicos posibles: *palabra simple / palabra derivada / palabra composta, lexía, monema (léxico / gramatical), lexema, base léxica, semantema*, etc). Non é, de feito, nada inusual achar ó comenzo de traballos sobre palabras compostas un apartado de reflexións previas sobre a natureza da propia unidade palabra (p.e., M. A. Seijo Castroviejo, "Algunas observaciones sobre las palabras compuestas", *Anuario de Estudios Filológicos*, 5 (1982), pp. 201-210).

productivo (5): a estructura V(erbo) + N(ome) (ou se se quere *verbo - complemento* (6), *predicado + implemento* (7)) ten xa carta de natureza no galego (anque, curiosamente, é descoñecido no noso expolio de formas medievais (8)) como rentabilísimo modelo a partir do que poden xurdir novos exemplos de palabras compostas, moitos dos cales poden ser invencións individuais e *ad hoc* dun usuario calquera (9). É simplemente máis económico -nunha lingua de carácter predominantemente derivativo e/ou sintagmático para a expresión de novos conceptos ou ideas conxunturais-, e tamén máis enfático e expresivo, botar man dun composto -como estructura morfo-semántica *patente-*, e dicir, p. e., *pinchadiscos* (sobre o modelo de *paraugas, gardabosques*) que do sintagma que o motiva -como estructura sintáctica (10) *latente-*: (a persoa que) *pincha* (metáfora irónica de aplicar o *pick-up* sobre a superficie dos) *discos*.

Podemos, pois, propoñer para as palabras compostas un conxunto de patróns ou estructuras-base, máis ou menos recurrentes, con criterio morfolóxico-categorial, tal e como se fai acostumadamente nos estudios sobre o tema (V + N / N + V, N + (i) + A(dxectivo) / A + N, N + N, V + V, etc.) (11), no intento de achegar o método de análise que é operativo na derivación (proceso no que -eis a diferencia fundamental-, un sector da unidade pertence a unha clase morfolóxica *pechada*) á composición de palabras. É verdade, como opina Dardano, que "la capacità di passare dalla parola alla frase sottostante e di compiere il percorso in senso inverso è un fattore que fa della formazione delle parole un procedimento vivo e produttivo" (12). comprendendo aquí baixo a etiqueta FP derivación e composición. De feito, é facilmente comprobable a existencia dun sintagma latente en calquera unidade formada (i.e., derivada ou composta (13)); pero os resultados dunha e outra posibilidades son consecuencia de a) conexións semánticas no sintagma latente, e b) procesos morfolóxicos na unidade patente, radicalmente diferentes nun e noutro caso: un morfema dependente, poñamos por caso /eir/, pode representar no sintagma latente relacións moi diversas entre N e V: *libreiro* (que vende) / *panadeiro* (que fabrica) / *carteiro* (que transporta), etc., pero en

(5) Parécenos moi reveladora a insistencia de K. Klingebiel na *analoxía* como factor de producción de novos exemplos, unha vez creado un determinado patrón de palabras compostas: "La plupart des composés N + V s'expliquent par l'existence de leurs prédécesseurs [...] dans la période moderne [...] cette composition doit sa survie à l'analogie dont les opérations continuent à jouer en faveur des N + V". K. Klingebiel, "Réflexions sur la composition gallo- et hispano-romane du type *maintenir, mantener*", *Medioevo Romanzo*, XI, 3 (1986), pp. 321-335.

(6) Cfr. P. M. Lloyd, "A possible structural factor in the development of Verb-Complement compounds in the romance languages", *Studia Neophilologica*, 38 (1966), pp. 257-262.

(7) Cfr. Marqués, pp. 17-46.

(8) Para as formas *pediolo* e *tragazeite* -que suxiren patróns V + N-, cfr. Blanco, pp. 237-40.

(9) A este respecto, cfr. Marqués, p. 1: "a creación espontánea destas palabras está en función das necesidades do momento."

(10) Estructura sintáctica xeralmente relativa para a gramática transformacional. Cfr. G. Gross, "Degré de figement des noms composés", *Langages*, 90 (1988), p. 60.

(11) Unha exhaustiva tipoloxía da estructura dos nomes compostos do francés moderno "calculée en termes de catégories gramaticales" en Gross, p. 61.

(12) M. Dardano, *La formazione delle parole nell'italiano di oggi*, Roma, 1978, p. 9.

(13) Para as unidades compostas, cfr. Seijo Castroviejo, p. 207: "El hablante de una lengua tiene acceso al contenido semántico de un compuesto, gracias a que puede transformarlo automáticamente en una información que se le presenta bajo la forma de una estructura sintáctica completa".

esencia o valor semántico *axentivo* mantense en tódolos casos (ó igual que, p.e., /or/ en *actor, pintor, lector*: que actúa, que pinta, que le, etc.). Deixando de lado razóns de evolución fonética e morfolóxica, o xeito en que se produce a fusión dos morfemas dependentes coas bases léxicas nos procesos derivativos está presidido tamén por unha grande regularidade. Fronte á regularidade fundamental da derivación, pois, a composición preséntase como un dominio renovador do léxico unicamente baseado na creatividade ("fóra das reglas" diría un xenerativo) e a libre capacidade dos usuarios da lingua de unir dous (ou máis) bases léxicas (14).

Outro problema descriptivo de grande envergadura é o que constitúe o grado de *fixación* dos elementos dun composto. O tratamento que demos a esta cuestión en 1985 (15) resulta práctico para unha visión xeral e un pouco apresurada do fenómeno, pero non dá conta nin con moito da complexidade dos feitos en tódalas linguas románicas. Non imos aprofundar aquí neste panorama teórico, tan complexo que ven sendo nos últimos anos obxecto de análises moi minuciosas en diversas linguas románicas (16), pero queremos relevar o papel cada vez máis importante da fusión -sexa eventual e individual, sexa estructural e colectiva-, de elementos independentes como proceso de creación léxica en todo o dominio de aquelas (17).

En fin, os problemas no plantexamento teórico da palabra composta románica seguen estando en estreita relación co carácter asistemático e inestructural deste proceso, e un novo exemplo da viveza creativa dos falantes pode en calquera monento botar por terra os intentos máis meditados de sistematización.

O traballo de Marqués ven corroborar, por un lado, unha vez máis, as dificultades ata aquí sinaladas no tratamento descriptivo da composición e, por outro, e fronte ó estado do fenómeno na lingua medieval, o corpus de formas que contén (866, cáseque todas palabras compostas, probadas no "test" morfolóxico) coincide coa nosa tese: nas sociedades actuais, como resultado da necesidade constante de novos termos, da urxencia na expresión de relacións dificilmente -ou *mais* dificilmente, ou, en moitos casos, incomodamente-, condensables morfolóxica e semanticamente mediante procesos derivativos, a composición de palabras -neste sentido, a unión de realidades ás veces dispares para a expresión dunha realidade

(14) Neste sentido, e para evitar molestos problemas de interpretación sobre o que se entende por "base léxica", palabra (i.e., ¿son ou non bases léxicas -fronte ós prefixos-, *sen, contra, entre*, que existen como unidades independentes, non ligadas, en *senrazón, contrasentido, entreliñar*? etc.) pensamos que sería máis cómodo o termo *monema*, tomado en xeral como unidade da segunda articulación.

(15) Partindo da tipoloxía de H. de Carvalho: *sintagma libre, sintagma fixo* e *palabra composta*, cfr. Blanco, pp. 211-13.

(16) Cfr. os abundantes exemplos de elementos a medio camiño entre o sintagma e a unidade léxica en Klingebiel, *op. cit.*, Gross, *op. cit.*, A.Giurescu, "Les noms composés dans le portugais contemporain", *Revue Roumaine de Linguistique*, 18 (1973), pp. 415-424, F. Dimitrescu, "Sur quelques termes récemment composés en roumain", *Beitrâge zur romanischen Philologie*, 8 (1969), pp. 166-169, R.L.Wagner, "Réflexions a propos des mots construits en français", *Bull. de la Soc. de Ling. de Paris*, 63 (1968), pp. 65-82, etc.

(17) Cfr. Dardano, p. 143; P.H.Mattews, *Morfología, introducción a la teoría de la estructura de la palabra*, Madrid, 1980, p. 51.

semántica única (18)-, está incrementando dun xeito notabilísimo a súa frecuencia e rentabilidade en todo o dominio románico (19).

A fin de contas, e nunca máis que agora, as linguas non son máis que instrumentos, que mudan na mesma medida en que o fan as necesidades de expresión -ben cuantitativa, ben cualitativamente medidas-, dos seus usuarios.

(18) Pénsese na disparidade de, p.e., *café* e *concerto* como unidades ailladas, e, sen embargo, na unicidade semántica de *café concerto*.

(19) Naturalmente, e por moito terreo que teña gañado a composición, a *estructura* das linguas románicas é *flexiva*. Cfr. Dardano, p. 114 e a nosa referencia en Blanco, p. 201, nota 4.

Aproximación ó estudio das palabras compostas

MERCEDES BREA

Tense xa convertido nun tópico decir que a composición é cicais o procedemento menos rentable para a formación de palabras novas (1), pero en algúns casos eso podería non ser senón unha especie de excusa para non lle presta-la debida atención, posto que é aínda moito o que está por facer neste eido.

1. A PALABRA COMPOSTA

Un dos primeiros problemas que se plantexan é o da delimitación (e, se se quere, da definición) do obxecto de estudio, pois, se ben pode parecer que en teoría está máis ou menos claro o que se entende por *palabra composta*, na práctica os traballos que presentan grupos ou relacións de compostos ofrecen bastantes diverxencias no seu tratamento (2).

(1) Considerando xa innecesario aportar referencias bibliográficas neste sentido, non queremos deixar de recordar que probablemente sexa unha das responsables desa consideración a autora dun dos traballos claves sobre a composición, F. Bader, *La formation des composés nominaux du latin*, Les Belles Lettres, Paris, 1962, p. 8, de quen recollen, directa ou indirectamente, outros lingüistas a consideración de que o latín prefería o método "flexivo" sobre o "aglutinativo", para logo indicar (como fan, por exemplo, P. Tekavčić, *Grammatica storica dell'italiano*, Il Mulino, Bologna, 1972, III, pp. 197-198; ou M. Dardano, *La formazione delle parole nell'italiano di oggi*, Bulzoni,.Roma, 1978, p. 141) que, non obstante, nas linguas románicas parece ir gañando terreo a composición.

Sen pretender desmentir ningunha destas asentadas opinións, conviría ter en conta que non parece existir unha diferencia enorme entre a rentabilidade do procedemento en latín e nas linguas románicas, porque tanto en unha como nas outras está ben implantado; o que acontece é que onde hai que buscar compostos non é precisamente nos repertorios lexicográficos tipo "diccionarios", nen moito menos nos niveis de linguaxe máis elaborados (a non ser, claro está, no caso dos neoloxismos, dos que falaremos logo), senón en determinados vocabularios específicos e, sobre todo, nos rexistros coloquiais máis vinculados ás manifestacións espontáneas da expresividade da fala (vid., a modo de referencia, os exemplos recollidos por X. L. Blanco -no traballo citado en nota 2- para o latín (p. 203 e nota 11), o galego e o español do Siglo de Oro (p. 204 e notas 12 e 13); para o español clásico, vid. tamén a relación facilitada por J. M. Pérez Vigaray e J. J. Batista Rodríguez -art. cit. en nota 2-).

(2) Pódese ver un resume do estado da cuestión, coas oportunas revisións metodolóxicas e referencias bibliográficas, en toda unha serie de traballos recentes, entre os que citaremos só algún adicado a compostos galegos e españoles, como: X. L. Blanco Valdés, "Palabras compostas en galego-portugués", *Verba* 12, 1985, pp. 199-252; J. M. Pérez Vigaray - J. J. Batista Rodríguez, "Notas sobre palabras compuestas en español a propósito de algunos ejemplos quevedianos", *In Memoriam Inmaculada Corrales*, Universidad de La Laguna, Santa Cruz de Tenerife, 1987, vol. I (*Estudios lingüísticos*), pp. 397-418; F. Gómez Solís, "Acerca de un tipo de composición nominal en español", *Estudios humanísticos* 9, 1987, pp. 31-52.

A dificultade reside básicamente en atopar un límite preciso con respecto, por unha parte, ás palabras *derivadas*, e, por outra, ós que podemos denominar "sintagmas fixos".

1.1. Palabra composta /v/ palabra derivada

1.1.1. Dentro dos mecanismos de *derivación*, non parece excesivamente complexo distingui-la *sufixación* da *composición* (3), en canto que case o único sufixo susceptible de ser analizado en relación con este outro procedemento é *-mente*, posto que orixinariamente en latín non era sufixo, senón un sustantivo que experimentou un proceso gradual de gramaticalización que o levou a ese resultado na maioría das linguas románicas (4).

1.1.2. Máis problemas pode presenta-la *parasíntese*, dado que este término é utilizado polo menos en dous sentidos: a) para sinala-lo procedemento que combina prefixo + sufixo, como en *podre* > *empodrecer*, *craro* > *acrarar* (5); b) para indica-la suma de composición + derivación (normalmente, por medio de sufixos), como en *picapedreiro*, *paniaguado*. En calquera caso, as formacións do segundo tipo non parecen ser moi abundantes (6), pero as primeiras si, e iso lévanos ó terceiro dos mecanismos derivativos, que é precisamente o que máis dificultades de deslinde mostra con respecto á composición.

1.1.3. Xa non son moitos os autores que inclúen a *prefixación* como un tipo de composición, dado que os *prefixos*, o mesmo que os *sufixos*, non son propiamente "palabras" (7), senón *morfemas derivativos* que se engaden a unha forma xeneralmente simple ou primitiva que serve de *base* para a creación de novos elementos, que tenden a agruparse en series ou familias. Está claro que as diferencias entre estes dous tipos de morfemas derivativos non estriban só en que os prefixos preceden (*leal* > *desleal*) e os sufixos seguen (*leal* > *lealdade*) á base, senón

(3) A non ser que consideremos derivación e composición simplemente como dúas variantes dun único proceso, porque, "en el fondo, ambos tipos, vistos desde el contenido, son sintagmas constituidos por varios lexemas, son sintagmas con lexema compuesto, y, como tales sintagmas, quedan asignados a diversas categorías funcionales según los morfemas con que se combinan" (vid. E. Alarcos, "Consideraciones sobre la formación léxica", *Serta Philologica F. Lázaro Carreter*, Cátedra, Madrid, 1983, I, pp. 11-15).

(4) Pódese ver un resume do proceso que levou a *mente* a se converter nun sufixo, entre outros en H. Lausberg, *Lingüística románica*, Ed.-Gredos, Madrid, 1966, II (*Morfología*), pp. 146-151.

(5) En casos coma éste último, ¿pódese falar realmente de "sufixación"? ¿Non habería que pensar máis ben nun fenómeno de "transposición" ou "transcategorización"?.

(6) Formas aparentemente parasintéticas, como *follalateiro*, non son senón derivados sufixais de compostos previos (*follalata*). E mesmo as consideradas tradicionalmente parasintéticas, como as mencionadas arriba, supoñen probablemente, máis que unha adición simultánea de composición e derivación, unha fixación previa dos sintagmas *pica pedra* e *pan y/e agua*.

(7) Dado que non é a nosa intención entrar aquí neste tema, remitimos a traballos que se ocupen do mesmo, como a revisión, con abundante bibliografía, de J. M. González Calvo, "Consideraciones sobre la palabra como unidad lingüística", *Revista española de lingüística* 12, 1982, pp. 375-410. E, por suposto, a obras como a de P. H. Matthews, *Morphology. An introduction to the theory of word-structure*, Cambridge Univ. Press, Cambridge, 1974. Ou, neste mesmo volume, o estudio de J. Pena, "Consideraciones en torno a la *palabra* y al *morfema*".

tamén en que, mentras os sufixos dan lugar normalmente a novas palabras pertencentes a unha categoría gramatical distinta da base (8) (adxectivos > sustantivos; sustantivos > verbos; etc. etc.), os prefixos non teñen esa capacidade (cando modifican a categoría, case sempre estamos ante formas parasintéticas, non simplemente prefixadas), senón que provocan unha modificación máis ben de tipo semántico ou, cando menos, aspectual (*ter* > *reter*, *deter*, *conter*; *facer* > *desfacer*, *refacer*; *moral* > *amoral*, *inmoral*; etc.).

Por outra parte, os sufixos, como morfemas que son, non teñen (salvo o caso xa mencionado de *mente*, por razóns comprensibles desde un punto de vista diacrónico) existencia independente na lingua, mentras que cos prefixos -e posiblemente sexa esta a razón dos problemas apuntados- a situación varía: algúns, efectivamente (e cóntanse entre estes algúns dos máis rentables), non poden aparecer máis que como tales prefixos (*re-*, *des-*, *in-*,...); outros, en cambio, son empregados tamén como preposicións (¿pódese, neste caso, falar propiamente de "palabras", de "existencia independente"?): *a* (*achegar*), *de* (*deter*), *en* (*empreñar*) (9), *con* (*compoñer*), *por* (*porvir*), etc.

E mesmo podemos atopar en distribución prefixal adverbios (*bendicir*, *maldicir*, *menosprezar*), ou preposicións de contextura fónica e contido semántico máis plenas que as mencionadas, como *entre* (*entreabrir*), *sobre* (*sobrepoñer*), *contra* (*contrapoñer*), etc. ¿Seguimos a falar, en todos estes casos, de formas *derivadas*, e, consecuentemente, de *prefixos*, ou pódese pensar en *compostos*?

Se aceptamos que *aprezar* e *desprezar* son derivados, probablemente non queden moitas razóns para pensar que *menosprezar* non o sexa tamén, a non ser a posible ocurrencia de *menos* como forma "libre" (non necesariamente ligada a unha base, como no caso de *des-*, por exemplo); en calquera caso, o que non parece variar é o significado de *menos* según apareza funcionando como adverbio ou como "prefixo" (10). Algo similar acontece con *bendicir*, *maldicir*: ¿non poden formar serie con *desdicir*, *predicir*,...?

De tódolos xeitos, non podemos obvia-la consideración de que a toma de postura con respecto a analizar formas como *menosprezar*, *bendicir*, *maldicir* como derivados ou compostos dependerá en boa medida da etiqueta que apliquemos ós adverbios: ¿son "palabras" do mesmo tipo que os sustantivos, verbos, etc.? Se é así (?), posiblemente haxa que decidirse por incluir estas formacións no grupo dos compostos; a non ser que se estabeleza algún tipo de restricción que permita tomar como prefixos a aqueles adverbios que, antepostos a unha base, non modifiquen a categoría gramatical da mesma, senón que simplemente produzan un cambio de matiz (semántico ou aspectual) (11).

(8) Non todos participan desta cualidade, pois non fan cambia-la clase gramatical os sufixos "alterativos", é decir, os diminutivos, aumentativos, superlativos, despectivos, etc.

(9) Non é casualidade que queiramos exemplificar precisamente coas consideradas por algúns preposicións "vides", "incoloras", etc.

(10) Por outra parte, nos dous casos actúa como "modificador" do término ó que acompaña.

(11) Non esquenzamos tampouco que unha parte das actuais preposicións románicas eran en latín adverbios, e mesmo que algunhas das preposicións latinas foran orixinariamente tamén adverbios.

Se nos inclináramos por esta segunda posibilidade, restarían moitos menos motivos aínda para dubidar a propósito de *entreabrir*, *sobrepoñer*, *contrapoñer*,...; polo menos ata que nos encontramos con formas do tipo de *sobrecama*, *sobrecella*, *sobremesa*; *antefaz*, *anteollos*.

Se *sobrecama*, por exemplo, é o mesmo que *cubrecama*, ¿como é que a primeira é unha palabra derivada e a segunda composta?. *Sobrecella* podemos relacionala con *entrecella*, pero non varía moito a situación. Ó mellor -pero habería que perfilalo moito- resulta, entre outras cousas, que *sobre-* ou *ante-* como prefixos funcionan de maneira regular con verbos e adxectivos, onde o sentido de '(por) enriba' (co valor superlativo que pode comportar tal significación) aparece bastante claro en *sobresaír*, *sobrenatural*, e o de '(por) diante' en *antepoñer*, *anteceder*, *antepasado*, pero en cambio resultan máis raros con sustantivos. O mesmo contido situacional é o que xustifica a existencia de *sobrecama* ou *sobrecella* ('o que está por enriba de todo na cama', 'o que está enriba da cella' (12)), *antefaz* ou *anteollos* ('o que se pon diante da faz, dos ollos'); se ben non tanto de *sobremesa*, para o que habería que practicar unha análise diferente (non moi diversa, por outra parte, da que se aplica ás palabras compostas cando se indica que o seu significado non sempre é a simple suma dos significados dos seus compoñenentes).

Existe, sen embargo, unha certa diferencia, que podería chegar a ser formulada como unha das regras ou condicións para o recoñecemento de palabras compostas: mentres que *antepoñer* é 'poñer por diante', e *sobrepoñer* 'poñer por riba' (en definitiva, non son outra cousa que especificacións do contido xeral de *poñer*), *anteollos* non son *'uns ollos por diante' nen *sobrecama* *'unha cama por riba', senón que (13) pasan a designar un obxecto novo, diverso, non unha alteración ou modificación de *ollos*, *cama*.

En non poucas ocasións, o primeiro elemento nin siquera é unha forma reconocible ou identificable sincrónicamente (14), como sucede con *satisfacer*; *penúltimo*; *retroceder*, *interceder*, *intervir*; *extraviar*; etc.; pero o feito de que *satis*, *paene*, *retro*,... foran adverbios en latín e non se conservaran en galego non fai variar moito a consideración destas palabras: serán compostos (híbridos) ou derivados según o sexan as mencionadas anteriormente.

(12) Recordemos que en latín CILIUM significaba 'párpado' e logo 'pestaña', de tal maneira que SUPERCILIUM era lóxicamente o que estaba por riba, ou sexa, a cella.

(13) Eso si, igual que os prefixos -a diferencia dos sufixos; non neste caso, como veremos, dos compostos-, sen cambia-la categoría gramatical da forma resultante.

(14) Mesmo o segundo elemento pode adoecer desta particularidade, por ser toda a palabra un cultismo ou neoloxismo: *antipatía*, *simpatía*; *circunferencia*; *anticipar*; *península*; *retrospectivo*; *introducir*, etc..

1.2. Palabra composta /v/ sintagma fixo (15)

Polo outro extremo, poderíase chegar a decir que as palabras compostas non son outra cousa que o resultado da fixación total de primitivos sintagmas que, en determinado momento e/ou obedecendo a determinados intereses, acaban por integrarse no acervo léxico dunha lingua para designar un obxecto ou dar conta dun concepto. Pero ¿en qué momento, en qué circunstancias se pode considerar que o sintagma deixou de ser tal para convertirse en *sintema* (16)? Pode resultar claro o procedemento desde o punta de vista teórico se recollemos a gradación (17) proposta por J. G. Herculano de Carvalho (18) entre

sintagma libre - sintagma fixo - palabra composta.

Mentras que os elementos que integran un sintagma "libre" poden ser substituidos por outros do mesmo tipo, aqueles que constitúen un sintagma "fixo" adquiren unha unidade indisociable que non permite o mesmo tipo de conmutacións. Utilizando as palabras de Carvalho:

(15) Aínda que non as mencionemos aquí, convirían prestar atención asimesmo -posto que en certo modo cumplen un papel moi similar ó dos sintagmas fixos- ás "expresións fixas" do tipo de *facela boa, buscarlle as cóxegas, deixar en albas*, etc. Vid., entre outros, os traballos de A. Zuluaga, "Estudios generativo-transformativistas de las expresiones idiomáticas", *Thesaurus (BICC)* 30, 1975, pp. 1-48; "La fijación fraseológica", *Thesaurus (BICC)* 30, 1975, pp. 225-248; *Introducción al estudio de las expresiones fijas*, Peter Lang Verlag, Franckfurt, 1980. Ou traballos que se ocupan da "descomposición", como o de J. Dubsky, "Composition, dérivation et décomposition", *Lingua* 16, 1966, pp. 190-198.

(16) Entendendo por tal "las unidades lingüísticas cuyo comportamiento sintáctico sea estrictamente idéntico al de los monemas con los que conmutan, pero que pueden concebirse como formados por elementos semánticamente identificables" (cfr. A. Martinet, "Sintagma y sintema", *Estudios de sintaxis funcional*, Gredos, Madrid, 1978, pp. 234-249; a cita textual corresponde a p. 240). En relación con esto, vid. tamén, no mesmo volume, outros dous traballos de Martinet, "Palabra y sintema", pp. 250-260; e "Composición, derivación e monemas", pp. 224-233. E outros, como M. Mahmoudian, "A propos de syntagme et synthème", *La linguistique* 11, 1975, pp. 51-73. B. Grunig ("Contribution à l'étude des composés et dérivés", *Word* 23, 1967, pp. 239-253), trata de responder desde catro puntos de vista diferentes á cuestión "Dans quelle mesure l'étude des synthèmes est elle à dissocier de l'étude des syntagmes et des énoncés?" (p. 239).

(17) H. M. Gauger (*Untersuchungen zur spanishen und französischen Wortbildung*, Carl Winter, Heidelberg, 1971), por ex., establece unha gradación entre os tipos: A) *pomme de terre* ("in einem Wort finden sich zwei (oder mehr) Wörter durch eine Präposition vereinigt"); B) *cigarette-filtre* ("in einem Wort finden sich zwei (oder mehr) Wörter durch blosse, asyndetische Zusammenfügung vereinigt"); C) *aérogare* ("auch hier blosse Zusammenfügung, aber die Konstituentenfolge ist die umgekehrte: Sekundärwort + Primärwort"); D) *tire-bouchon* ("in einem Wort finden sich ein Verbalthema und ein Substantiv vereinigt: dabei bezeichnet das Substantiv das Objekt der durch das Verbum bezeichneten Handlung") (pp. 135-164).

(18) Cfr. J. G. Herculano de Carvalho, *Teoria da linguagem. Natureza do fenómeno linguístico e a análise das línguas*, Atlântida editora, Coimbra, 1974, II, pp. 504-525. Por suposto, non é a única gradación, nen siquera a única convención terminolóxica que poderíamos adoptar, posto que outros autores prefiren falar de compostos "propios" e "impropios", e mesmo "sintagmáticos"; ou ben de "conglomerados" (Dardano), ... Vid. tamén, entre outros, N. C. W. Spence, "Composé nominal, locution et syntagme libre", *La linguistique* 2, 1969, pp. 5-26 (Spence fala de "composés prépositionnels"); R. L. Wagner, "Réflexions à propos des mots construits en français", *Bulletin de la Société de Linguistique de Paris* 63, 1968, pp. 65-82; S. G. J. Hervey - J. W. F. Mulder, "Pseudo-Composites and Pseudo-Words: sufficient and necessary criteria for morphological analysis", *La linguistique* 9, 1973, pp. 41-70; L. Lipka, "Topicalization, Case Grammar and lexical decomposition in English", *Archivum Linguisticum* 7 (new series), 1976, pp. 118-141; etc. Vid. tamén os rasgos que enumera A. Giurescu (*Les mots composés dans les langues romanes*, Mouton, The Hague - Paris, 1975) para distinguir entre "sintema" e "grupo sintáctico libre" (pp. 44-48).

"Sintagma libre e sintagma fixo opõem-se, semanticamente, em que, se o segundo *significa um conceito complexo*, o primeiro, do mesmo modo que a palavra, *significa um conceito simples*. (...). Por outro lado, (...) a significação do sintagma fixo não resulta da combinação do significado dos seus termos (como acontece com a do sintagma livre), pelo que, mesmo conservando uma certa relação com esse significado, nunca pode definir-se rigorosamente em função do mesmo e chega, muitas vezes, a nada ter que ver com ele" (pp. 508-509).

Polas suas características, o *sintagma fixo* preséntase como unha unidade morfosintáctica análoga á da palabra, que se manifesta nas seguintes propiedades (Carvalho, 514-522):

a) a orde de sucesión dos termos do sintagma fixo é ríxida e non admite a introducción de ningún outro termo: *garda civil* (19) (non son aceptables **civil garda* nen **garda moi civil*);

b) o sintagma fixo non é susceptible de "derivação, quer por substituição, quer por supressão, quer por expansão" (p. 514) (20);

c) o sintagma fixo -a diferencia do libre- pode pertencer a unha clase gramatical distinta da do seu núcleo: *portavoz* é un sustantivo anque o elemento nuclear do sintagma sexa verbal;

d) os termos de certos tipos de sintagma fixo non son susceptibles da mesma variación flexional que lles cabe cando, como formas soltas, son usados isoladamente ou formando parte dun sintagma libre: *pararraios* ten a mesma forma (aparentemente plural, pola variante adoptada polo sustantivo) para referirse a un so obxecto ou a varios;

e) os sintagmas fixos poden presentar construccións sintácticas "anómalas", é decir, alleas ás regras que determinan a combinación dos termos dos sintagmas libres: *mestre-escola*:

f) o sintagma fixo funciona sintácticamente como unha soa palabra;

g) tamén como a palabra, o sintagma fixo pertence a un inventario léxico, esto é, íntegrase nunha estructura paradigmática do plano do saber linguístico, mentras que o sintagma libre é unha entidada do plano da fala.

En suma, o sintagma fixo é "uma associação de palavras em sequência fixa, que constitui uma unidade sintáctica perfeita (...) e também muitas vezes semântica (...) e morfológica" (p. 522). O que ven a querer decir que non é nen unha verdadeira palabra (en tanto que conserva certas propiedades sintagmáticas) nen tampouco un verdadeiro sintagma (por todas esas características que o diferencian dun sintagma libre).

Botando unha simple ollada ós exemplos adaptados dos portugueses facilitados por Herculano de Carvalho, advírtese que, se ben pode parecer clara a distinción entre sintagma libre e sintagma fixo (en función das características descritas arriba), non sempre se percibe con claridade o límite entre sintagma fixo e palabra composta (non perdamos de vista a consideración xa aludida de que o

(19) Tentaremos adaptar ó galego algúns dos exemplos que utiliza Carvalho, mesmo aqueles que para nós teñen a consideración de palabras compostas realmente e non de sintagmas fixos.

(20) Para o sentido destes termos, cfr. Carvalho, pp. 514-517, con exemplos suficientes para a sua comprensión.

sintagma fixo non é outra cousa, moitas veces, que o estadio intermedio entre un sintagma libre e a súa lexicalización como palabra composta (21)), ata o punto de que as súas diferencias case se vexan reducidas a dúas (22):

a) a palabra composta presenta un único acento, mentras que o sintagma fixo pode conservar dous;

b) cicais o máis importante, na palabra composta as variacións morfolóxicas de xénero e número veñen soportadas por un so dos compoñenentes (normalmente o que ocupa o último lugar), mentras que nos sintagmas fixos recaen aínda sobre os dous.

Dacordo con esto, pode ser considerado sintagma fixo *martiño peixeiro*, porque acentualmente son dúas palabras e porque o seu plural é *martiños peixeiros*; polo contrario, *xordomudo* ten un único acento principal e o seu feminino é *xordomuda* (e non **xordamuda*). E pode que conveña asimesmo considerar sintagma fixo *gardacivil* (anque poidera ser escrito como unha sola palabra, pronunciarse *gardacivil* e facer un plural *gardacivís*), como especificación do sust. *garda*, frente a *garda urbano*, *garda rural*, *garda de tráfico*; e, en cambio, definir como compostos *gardabosques*, *gardagullas*, *gardavías*, se se acepta que o primeiro constituinte é o verbo *gardar* e non, como nos casos anteriores, o sustantivo *garda* (23).

En calquera caso, o que si se percibe é a conveniencia de establecer algún tipo de distinción entre esa "composición a medias" e a composición plena. Pero incluso se pode matizar máis nesa fase intermedia. Así, por exemplo, Benveniste (24) fala, por una parte, de "conglomérés" para referirse a "des unités nouvelles formées de syntagmes complexes comportant plus de deux éléments" (p. 171) do tipo de fr. *va-nu-pieds*, *meurt-de-faim*, e tamén das locucións como *dorénavant*, *désormais*, etc.; por outra parte, propón o termo "synapsie" para designar "un type de composition, qui n'étant pas encore reconnu dans sa nature propre, n'a pas de

(21) X. L. Blanco ("Palabras compuestas...", pp. 212-213) recolle algúns casos de fixación progresiva como o de *lugartenente*, que na lingua medieval facía un plural *lugares tenentes* (hoxe, en cambio, dise *lugartenentes*), ou *osten antiga*, hoxe *estantiga*. Vid., por ex., E. Martinell, "De la complementación a la composición en el sintagma nominal", *Revista española de lingüística*, 14, 1984, pp. 223-244: "junto a sintagmas nominales totalmente ocasionales los hay estables, y el más fortuito de ellos se hace frecuente por un motivo cualquiera (...). Los grupos frecuentes se memorizan, se recuerdan y se usan de nuevo con frecuencia; de ahí que algunos alcancen su cohesión (...). El estudio realizado permite reconocer un paulatino proceso de aglutinación conducente a la composición, como hay un paulatino proceso de desgaste desde la composición hasta la derivación" (p. 243).

(22) Poderíase engadir unha cuestión ortográfica: mentras a palabra composta se escribe normalmente xunguida (con guión, como mostra posible dunha vacilación na sua consideración como tal, ou decididamente sen el; e non existe tampouco nesto un acordo unánime, de tal xeito que unha mesma forma pode aparecer grafiada de varias maneiras en distintas obras de consulta: o *Diccionario Xerais da Lingua*, de M. C. Ares Vázquez e outros, Ed. Xerais, Vigo, 1988 -ed. corr. e aum.- recolle, por exemplo, *garda-meta*, mentras que o *Diccionario da Lingua Galega* de X. F. Feixo Cid e outros, Ed. Ir Indo, Vigo, 1986, prefire *gardameta*, o mesmo que o *Diccionario da Lingua Galega* da R.A.G. e o I.L.G., Madrid, 1990), o sintagma fixo mantén unha grafía con espacio en medio (é decir, os compoñentes escríbense separados).

(23) Se o primeiro elemento fora o sustantivo, si formarían grupo cos anteriores, coa peculiaridade sintáctica da, nestes casos, ausencia da preposición *de* marcando a dependencia do segundo sust. (**garda de bosques*, **garda de agullas*, **garda de vías*; cfr. *garda de tráfico*).

(24) Cfr. E. Benveniste, "Formes nouvelles de la composition nominale", *BSLP* 61, 1966, pp. 82-95, recollido en *Problèmes de Linguistique générale*, Gallimard, Paris, 1974, II, pp. 163-176.

statut défini. Il consiste en un groupe entier de lexèmes, reliés par divers procédés, et formant une désignation constante et spécifique", atendendo á necesidade de "qui soit distinct de "composition" (il s'agit précisément de quelque chose d'autre que la composition), distinct aussi de "syntagme", pour laisser à "syntagme" sa désignation propre qui s'applique à n'importe quel groupement, même occasionnel, opéré par des moyens syntaxiques, alors que nous avons ici une unité fixe" (p. 172).

Os "synaptiques", de todos modos, non son idénticos (25) ós "sintagmas fixos" de Carvalho (26), pois as suas características son (cfr. pp. 172-173):

a) a natureza sintáctica e non morfolóxica da "liaison" entre os seus membros;

b) o emprego de "joncteurs", especialmente *de* e *à* (27);

c) a orde determinado + determinante dos seus membros;

d) a sua forma lexical plena, e a libre elección de todo sustantivo ou adxectivo (28);

e) a ausencia de artigo diante do determinante;

f) a posibilidade de expansión para un ou o outro membro;

g) o carácter único e constante do significado.

Para Benveniste, o dominio por excelencia deste procedemento (gracias á sua extrema flexibilidade paradigmática) é o da nomenclatura técnica (29), onde resulta tan rentable que "en tant que mode de désignation, tend à réaliser ce que Saussure appelait la limitation de l'arbitraire" (p. 174) (30).

1.3. Definición e delimitación de palabra composta

Simplificando de maneira considerable, pódese decir que unha *palabra composta* é aquela que, presentando un sentido unitario -que non ten que ser necesariamente unha simple suma dos significados dos compoñentes-, e funcionando

(25) Case cada autor que se ocupa do problema introduce novos elementos que levan a modificar parcialmente (en ocasións só mínimamente) os tipos; vid., por ex., o intento de L. Bauer (*The Grammar of Nominal Compounding, with special reference to Danish, English and French*, Odense Univ. Press, Odense, 1978) de analizar unha boa parte dos "sinápticos" de Benveniste como "compound phrases" (pp. 47-48). Vid. tamén, entre outros, L. Guilbert, *La créativité lexicale*, Larousse, Paris, 1975, especialmente o apartado III.6 (pp. 249-278), onde inclúe dentro dos "synápticos" o que el chama "la siglaison" (pp. 274-278).

(26) Unha parte ó menos dos que Carvalho considera tales, para Benveniste serían auténticos compostos.

(27) En pp. 175-176 presenta unha relación de "funcións" para cada un destes relacionantes.

(28) "C'est toujours et seulement la nature du désigné qui permet de décider si la désignation syntagmatique est ou n'est pas une synapsie: *valet de chambre* en est une, mais non *coin de chambre*.

Plus le désigné est spécifique, plus il devient nécessaire de caractériser la désignation par un trait différentiel, et ce trait peut être lui-même fort complexe" (Benveniste, *Problèmes*, II, p. 173).

(29) "Les termes de base à l'aide desquels se constitue une nomenclature tendent à devenir explicites et à constituer à leur tour des combinaisons explicites, au moyen d'unités lexicales indépendantes, identifiables séparément et organisées selon des modèles syntaxiques" (Ibid., pp. 173-174).

(30) "Alors que la composition, en français, atteint très vite ses limites et que les composés se forment à un rythme lent et pour ainsi dire par cooptation individuelle" (Ibid., p. 174).

sintácticamente como unha soa palabra, resulta da concurrencia de (polo menos) dúas palabras recoñecibles como tais (e que, consecuentemente, teñen existencia independente na lingua), entre as que existe normalmente unha relación sintáctica (que pode ser de diverso tipo). Como unidade fónica e morfolóxica, non recibirá máis que un acento principal e unha soa vez os morfemas gramaticais correspondentes (normalmente sobre o elemento que ocupa o último lugar) (31).

Ante os problemas expostos en relación coa delimitación das palabras compostas, caben cando menos dúas posturas extremas (e tódalas intermedias que se queira):

a) prescindir completamente tanto dos "sintagmas fixos", "conglomerados", "synápticos", etc. como das formacións nas que o primeiro elemento é un adverbio, relegando as segundas á derivación (prefixación), e formando un grupo aparte coas primeiras;

b) aceptar que os adverbios son "palabras recoñecibles como tais" e con existencia independente na lingua e integrar esas formas como compostas, tomando además en consideración a posibilidade de incluir algunhas das voces nas que o primeiro elemento é unha preposición con unhas características especiais, como nos casos de *sobrecama* e *anteollos*; o que pode levar a modificar ou amplia-la definición de palabra composta para contempla-lo feito de que o significado unitario da mesma representa un obxecto ou concepto diferente do designado polo compoñenente nuclear (se é que o hai). Pola outra banda, habería que dar cabida tamén (¿constituindo con eles un grupo especial?) ós "sintagmas fixos" (32).

Sen embargo, esta postura complexiva podería ser tachada de incoherente ou inconsecuente. Dacordo cos razonamentos expostos en 1.1.3., aceptaríase que *sobrepoñer* e *antepoñer* son derivados porque supoñen simplemente especificacións do sentido xeral de *poñer*, mentras que *sobrecama* e *anteollos* serían compostos por denotar un obxecto novo, distinto de *cama* e *ollos*. Se é así, ¿poden te-la consideración de compostos sintagmas fixos como *peixe sapo*, *martiño peixeiro*, etc., que non son outra cousa que especificacións de *peixe*, *martiño*? ¿Non habería que incorporalos á derivación, considerando que o segundo elemento funciona a modo de sufixo?.

(31) Vid., entre outros moitos estudios que coinciden en líneas xerais con esta concepción, as características descritas por J. J. Montes Giraldo, "Compuestos nominales en el español contemporáneo de Colombia", *Thesaurus (BICC)* 23, 1968, pp. 23-32 (concretamente, p. 32).

(32) Do que non parece caber duda é de que, en calquera caso, existe "una zona indecisa y variable entre la simple agrupación de sintagmas y su inmovilización en compuesto, donde se funden los lexemas en unidad y es ésta la que se combina en sintagma único con morfemas únicos" (cfr. Alarcos, "Consideraciones...", p. 15). Eso é o que permite, por ex., a J. Marouzeau falar de "Composés à l'état naissant" (é o título dun traballo publicado en *Mélanges de linguistique offerts à Albert Dauzat*, Éd. d'Artrey, Paris, s.a., pp. 201-207, no que recolle unha serie de expresións fixas -para moitas das cales pode haber un equivalente como palabra composta nas linguas angloxermánicas, máis adeptas ó procedemento- que o levan a "observer en français une propension à lexicaliser des complexes syntaxiques. Peut-être y a-t-il là de quoi rectifier l'opinion traditionnellement admise, que le sens de la composition est étranger à notre langue: ce n'est pas le procédé qui lui fait défaut: c'en est la pratique, d'ordinaire méconnue, qui demande à être définie").

Por outro lado, este tipo de sintagmas incumplen en principio algunhas condicións das palabras compostas: aínda que chegaran a escribirse como unha soa palabra (¿con ou sen guión?), ¿poderían ter un plural **peixesapos*, **martiñopeixeiros*? Chegado ese caso, cicais habería que admitir que o proceso de fixación era completo e que estábamos ante auténticos compostos; mentras, sería preferible mantelos á marxe (33).

Como solución intermedia e provisional, cabería a posibilidade de considerar palabras compostas, por unha parte, a todas aquelas que teñen como primeiro elemento un adverbio, e mesmo unha preposición, sempre e cando o papel que éste desempeñe non sexa asimilable ó dos prefixos; é decir, cando non supoñan unha modificación semántica do designado polo segundo elemento, senón que pasen a denotar un contido (obxecto, concepto) novo, diferente (*sobrecama*, *contraventá*). Esto implica, entre outras cousas, que un mesmo compoñenente (adverbio ou preposición) terá unhas veces carácter de prefixo e outras de primeiro elemento dun composto (34).

Do mesmo xeito, pola outra parte, un sintagma fixo (35) poderá te-la consideración de palabra composta se o segundo elemento non se encontra desempeñando un papel similar ó dos sufixos alterativos, senón que, igual que no caso anterior, denota de algunha maneira un novo ser, anque eso leve a dar un tratamento diferente a sintagmas de estructura formal parella.

2. CRITERIOS DE ORDENACION E/OU CLASIFICACION

Por se foran poucos os problemas atopados para deslinda-lo obxecto de estudio, seguen despois os concernentes ó método. Ata hai relativamente poucos anos (en certo modo, foron os xenerativistas os responsables de que se volveran a poñer de moda os estudios sobre os procedementos de formación de palabras),

(33) Existen xa varios traballos que se ocupan de estudia-lo grado de fixación deste tipo de expresións, e bastantes entre eles coinciden na necesidade de arbitrar unha serie de normas, regras ou condicións que permitan coñece-lo nivel alcanzado nese proceso. Recordemos só algúns deles, como E. Martinell, "De la complementación..."; G. Gross, "Degré de figement des noms composés", *Langages* 90, 1988, pp. 57-72.

(34) Evidentemente, existen moitas outras maneiras de dar conta destas diferencias de uso dun mesmo prefixo sen necesidade de deixar de consideralo prefixo nalgúns casos (en outras palabras, sen necesidade de considerar que unhas formas son derivadas prefixais e outras compostas). Vid., por ex., E. Alarcos, "Consideraciones...", p. 14: "Lo pertinente es decidir si es el prefijo o el lexema el elemento que, en el contenido, especifica al otro componente. En *antecapilla*, *antesala* (como en *trascorral*, *trascocina*) **el prefijo es el centro lexemático** de la designación ("algo situado delante o detrás") y el lexema especifica la referencia. Por el contrario, en *antepuesto* (como en *pospuesto*) el centro lexemático de la designación es el lexema y el prefijo la determina" (o destacado é noso, porque ven en certo modo a incidir nas razóns polas que nos decidimos a propoñer esas formas como compostos).

(35) Sempre e cando, lóxicamente, cumpla tódolos requisitos indicados na definición de *palabra composta*.

non abundaban os traballos adicados á composición (36), pero tampouco se advertía un acordo claro sobre a forma de abordala.

Deixando á parte os intentos de clasificación (en compostos "propios" frente a "impropios"; "endocéntricos" ou "exocéntricos", etc.), o máis frecuente era cicais recorrer a criterios morfolóxicos (37) que permitiran atender tanto á forma do resultado (palabra composta) como á dos elementos que o integraban. Esto colegábase tamén á necesidade de ubicar en algunha das divisións tradicionais da gramática o estudio destes procedementos, de tal maneira que podía entenderse que o seu lugar natural fora a Morfoloxía (se ben algúns autores trataban de facerlle posto en algunha parte a medio camiño entre ésta e a Semántica).

Foi probablemente Benveniste (38) un dos primeiros maiores defensores da conveniencia de atender a criterios sintácticos: "quelle est la fonction des composés? Qu'est-ce qui les rend possibles et pourquoi sont-ils nécessaires?" (p. 145). Os compostos son o resultado dunha transformación, dun "metamorfismo": "Ils représentent la transformation de certaines propositions typiques, simples ou complexes, en signes nominaux" (p. 160), polo que hai que ter en conta cales son eses mecanismos de transformación, cal é a estructura sintáctica subxacente nas palabras compostas.

É a esto en certa maneira, a tratar de explica-las regras mediante as que se xeneran os compostos (39), ó que veñen dedicando os seus esforzos un grupo importante de xenerativos, desde Aronoff ou Scalise ata Marchand ou Chétrit, por citar só algúns (40).

---

(36) De todos xeitos, con ser éste o mecanismo menos atendido, non faltan obras "clásicas" sobre a composición. Ademáis de algunhas xa citadas, como as de Bader e Dardano, podemos recordar outras, como A. Darmesteter, *De la création actuelle de mots nouveaux dans la langue française et des lois qui la régissent*, Paris, 1877 (reimpresión, Slatkine, Genève, 1972) e *Traité de la formation des mots composés dans la langue française comparée aux autres langues romanes et au latin*, Librairie H. Champion, Paris, 1894 (reimpr., 1967); J. Alemany Bolufer, *Tratado de la formación de palabras en la lengua castellana. La derivación y la composición. Estudio de los prefijos y sufijos empleados en una y otra*, Librería General de Victoriano Suárez, Madrid, 1920; F. Tollemache, *Le parole composte nella lingua italiana*, Ed. Rores di N. Ruffolo, Roma, 1945; A. Giurescu, *Les mots composés...*; etc. Un "repaso" á maior parte dos estudios existentes ata ese momento pode verse en P. M. Lloyd, "An Analytical Survey of Studies in Romance Word-Formation", *Romance Philology* 17, 1964, pp. 736-770.

(37) Para non abusar das referencias bibliográficas, remitimos á revisión metodolóxica detida -onde, lóxicamente, se poden atopar tamén as referencias oportunas- do artículo de J. M. Pérez Vigaray e J. J. Batista Rodríguez citado en nota 2. Case todos los traballos que se ocupan do tema fan unha revisión "histórica" máis ou menos completa; por citar só outro -realizado desde unha perspectiva diferente-, vid., por ex., Bauer, *The Grammar*, pp. 48-66.

(38) Cfr. E. Benveniste, "Fondements syntaxiques de la composition nominal", *BSLP* 62, 1967, pp. 15-31 (recollido en *Problèmes...*, II, pp. 145-162).

(39) Case de maneira secundaria, pois tamén a gramática xenerativa -igual que a tradicional- atende máis, en xeral, ós procedementos de derivación que á composición.

(40) Vid., entre outros: M. Aronoff, *Word Formation in Generative Grammar*, M.I.T., Cambridge - Londres, 1981; S., Scalise, *Morfología generativa*, Alianza Universidad, Madrid, 1987; H. Marchand, "On the Description of Compounds", *Word* 23, 1967, pp. 379-387, e *The Categories and Types of Present-Day English Word-Formation*, C. H. Beck'sche Verlag, 2ª ed., München, 1969 (unha selección de traballos de Marchand relativos ós procedementos de formación de palabras pódese atopar en H. Marchand, *Studies in Syntax and Word-Formation* (selected articles on the occasion of his 65th Birthday on October 1st, 1972; edited by D. Kastovsky), Wilhelm Fink Verlag, München, 1974); W. J. Meys, *Compounds Adjectives in english and the ideal speaker-listener. A study of compounding in a transformational-generative framework*, North-Holland, Amsterdam, 1975; J. Chétrit, "Les composés nominaux à joncteur *à*", *Cahiers de Lexicologie* 35, 1979, pp. 91-105.

E non podemos deixar de recordar os criterios semánticos, que poden ser destacados sobre calesqueira outros, ou simplemente vir en apoio dos morfolóxicos ou dos sintácticos (41). Así, Coseriu (42) destaca que

> "Desde el punto de vista del contenido (significado), la formación de palabras corresponde a una particular **gramaticalización** del léxico "primario" (...), y los tipos de procedimientos formativos corresponden a los tipos y condiciones de esta gramaticalización. Las relaciones 'gramaticales' -o, mejor dicho, semejantes a las de la gramática ("paragramaticales")- que se dan en los productos de la formación de palabras resultan de las equivalencias semánticas entre estos productos y las construcciones que les corresponden desde el punto de vista del contenido (...), acerca de lo cual hay que advertir, sin embargo, que semejantes fórmulas tienen función **analítica**, es decir, metalingüística" (p. 249).

Se prestamos atención ós plantexamentos expostos ó longo do apartado 1 (en especial, en 1.3.), advertiremos que, como moito, poderá ser discutida a prioridade dun criterio sobre outro, pero que, en calquera caso, todos eles deberán ser tomados en consideración (43):

A innovación que supoñen os plantexamentos da gramática xenerativa resúmea de maneira moi clara S. Scalise ("La forma del lessico nella Teoria Standard Estesa", *Lingua e Stile* 19, 1984, pp. 41-72): "L'evoluzione della teoria del lessico nella grammatica generativo-trasformazionale può essere benissimo riassunta, como proposto nella relazione di Graffi, con lo slogan "da emarginato ad emergente". Agli inizi, e in linea con la tradizione strutturalista, il lessico era concepito come una semplice lista di parole, deposito delle irregolarità, mentre oggi gli si atribuisce una complessa struttura interna in grado di esprimere anche "regolarità" e creatività. In alcune versioni di quella corrente che va sotto il nome di "morfologia lessicale", il lessico è infatti concepito come un intero componente della grammatica (componente lessicale) che comprende un livello di rappresentazione delle parole (Lessico vero e proprio o Dizionario) e vari livelli di regole lessicali, ordinati gli uni rispetto agli altri: Regole di Formazione di Parola (RFP), Regole di Flessione (RF) e Regole di Riaggiustamento (RR)" (p. 41).

Non faltan revisións hispánicas sobre estes plantexamentos, como, por exemplo, as de H. Urrutia Cárdenas, "La formación de palabras en la lingüística generativa natural", *Philologica hispaniensia in honorem Manuel Alvar*, Gredos, Madrid, 1985, II (*Lingüística*), pp. 631-636; A. Vera Luján, "A propósito de una condición de las reglas de formación de palabras en una gramática generativa", *Lingüística española actual* 10 (*Homenaje a Julio Fernández-Sevilla*), 1988, pp. 269-279. Ou a proposta dunha "Morfología de Estructura Léxica" defendida por S. Alcoba, "Categoría léxica de las palabras compuestas", *Verba* 15, 1988, pp. 109-146.

(41) En certo modo, poderíase considerar tamén que "El análisis semántico no es más que la descripción de los efectos comunicativos de la lengua que encuentran su expresión en los distintos medios sintácticos" (Mª A. Seijo Castroviejo, "Algunas observaciones sobre las formaciones compuestas", *Anuario de Estudios Filológicos* 5, 1982, pp. 201-210; a cita corresponde a p. 210).

(42) Vid. E. Coseriu, "La formación de palabras desde el punto de vista del contenido (A propósito del tipo *coupe-papier*)", *Gramática, Semántica, Universales. Estudios de lingüística funcional*, Gredos, Madrid, 1978, pp. 239-264; e "Les procédés sémantiques dans la formation des mots", *Cahiers Ferdinand de Saussure* 35, 1981, pp. 3-16.

(43) Non estamos moi lonxe de, por exemplo, os plantexamentos de E. de Bustor Tovar, "Algunas observaciones sobre la palabra compuesta", *RFE* 49, 1966, pp. 255-274 (vid., de maneira especial, os elementos de análise resumidos en p. 274); nen tampouco dos de H. Marchand "On the Description of Compounds", *Word* 23, 1967, pp. 379-387 (vid. p. 379: "a satisfactory description should (...) comprise the following factors: morphologic shape, morphologic structure, grammatical deep structure (syntactic relations in the underlying kernel sentence and type of reference), semantic content"); ou das conclusións a que chega H. Urrutia Cárdenas, "Aproximaciones metodológicas en el estudio de la formación de palabras", *Español actual* 20, 1971, pp. 21-24:

"a) El estudio de la formación de palabras tiene que hacerse a nivel de la *lengua* y del *discurso*.

b) El análisis morfonológico de los constituyentes lexicogenésicos del discurso debe trascender a los esquemas de la lengua, donde hay que encontrar las formas memoriales condicionantes de la intercomunicación.

c) En el análisis se deben manejar los conceptos de "morfema", "palabra" y "enunciado".

1) Anque probablemente sexa o menos trascendente, convirá examina-las repercusións fonéticas da aplicación do procedemento de composición, por unha parte, para corroborar mediante a ubicación do acento cal dos dous elementos é o nuclear, e, por outra, para comprobar se a fusión provoca algún tipo de alteración (xeneralmente, na parte final do primeiro compoñente) (44). Neste sentido, non deixa de chama-la atención a presencia dun *-i-* como elemento de unión en bastantes sustantivos e adxectivos compostos de sustantivo + adxectivo (*aninovo*, *rabilongo*), ou ben de sustantivo + sustantivo (*carricoche*, *nabicol*, *coliflor*), ou adxectivo + adxectivo (*altibaixo*, *agridoce*) (45).

2) Desde o punto de vista morfolóxico, interesa coñece-la categoría da forma resultante (que pode coincidir coa do elemento nuclear ou ser distinta del (46)), pero tamén a de cada un dos elementos que a integran, tendo en conta que cada tipo presenta as súas peculiaridades, de tal maneira que, por ex., nos compostos de verbo + nome, pode interesar atender ó tempo e modo presente na forma verbal, e ás veces ó xénero ou, máis ben, ó número do sustantivo; nos compostos de sustantivo + adxectivo ás posibles concordancias entre eles, nos de sust. + sust., se son de distinto xénero, cal deles prevalece no composto, etc. E, de maneira especial, interesará atender ó comportamento das marcas morfolóxicas sobre o composto, no sentido de averiguar cómo se forman os femeninos e os plurais, se os morfemas recaen sobre o primeiro elemento, o segundo ou os dous (entre outras razóns porque eso pode servir de argumento para calificar algunhas formas de compostos ou de "sintagmas fixos"); ou se o composto está inmovilizado, é invariable xenérica e numéricamente;...

3) A relación existente entre as partes que constitúen o composto resulta fundamental, entre outras cousas, para entende-la sua creación. Así, por ex., nece-

---

En la confrontación de los niveles léxico, sintáctico y semántico se perfilará el campo de la formación de palabras.

d) Hay que ver a los C.I. lexicogenésicos como elementos integradores que aportan en la última fase de construcción de la palabra, valores gramaticales y expresivos" (pp. 23-24).

(44) De todos xeitos, normalmente as alteracións que se poden producir son as propias da fonética sintáctica, é decir, sobre todo as que supoñen a reducción dos hiatos que se ocasionan no encontro dunha palabra rematada en vocal e outra comenzada da mesma maneira: *garda agullas* > *gardagullas*, *rompe olas* > *rompiolas*, etc.

(45) Non entraremos agora na discusión a propósito da orixe ou significado deste *-i-*, que ten sido interpretado de moi diversas maneiras, desde unha simple vocal de unión (vid., por exemplo, A. Manteca, "Sintaxis del compuesto", *Lingüística española actual* 8, 1986, pp. 333-346), ata unha mostra de "l'origine antica, latineggiante di questo tipo" (como indica, entre outros, N. Benedek, "Sostantivi composti nell'italiano contemporaneo", *Lingua Nostra* 39, 1978, pp. 117-121; concretamente, p. 119). M. Alvar e B. Pottier (*Morfología histórica del español*, Gredos, Madrid, 1983) falan simplemente de "transición con *-i-*" (p. 416), se ben para algúns tipos, como esp. *arquibanco*, *tripicallos*, *rojiblanco*, precisan que se trata de "*y* coordinativa". Para F. García Lozano ("Los compuestos de sustantivo + adjetivo de tipo *pelirrojo*", *Iberoromania* 8, 1978, pp. 82-89), "La vocal de enlace *-i-* ha de interpretarse como un morfema de enlace con la única función de mostrar el engranaje de las partes componentes. (...) Para nuestros fines baste con observar que probablemente se trata de una adopción del tipo latino 'barbirasus, oriputidus'. Se trata, por tanto, de un compuesto de tipo culto" (p. 84). Mesmo pensando nun resto dun tipo de compostos latinos, habería que establecer se se trata ou non dunha marca de xenitivo fosilizada.

(46) Os compostos de vbo. + sust., por ex., son case todos sustantivos; os de sust. + adx. son frecuentemente adxectivos; etc.

sitaremos saber se dous sustantivos en combinación están en relación de coordinación (que pode manifestarse como unha simple xustaposición) ou de subordinación, se o sustantivo que acompaña a un verbo é o seu obxecto directo, se vai precedido do artigo (como en *vichelocrego* (47)), etc. E tamén se atenderá á orde (determinante + determinado; determinado + determinante,...) que presentan os compoñentes, e que normalmente é ríxida: non se pode alterar, nen tampouco intercalar outras unidades entre os seus constituintes. En ocasións pode suceder tamén que os compostos presenten construccións sintácticas que, como tais, poderían ser tildadas de "agramaticais", é decir, que parecen alleas ás propias regras da sintaxe (como en *alicaído* 'caído de ás'), pois non son frecuentes os casos nos que aparece unha estructura sintáctica "completa" (*mexanacama*, *fozanamerda*, *pousameaxeito*,...), senón que, máis a miúdo, ésta aparece "condensada" (*picaflor*, *andarríos*, etc.).

4) Dentro da semántica, non son poucos os aspectos a considerar: ¿o significado do composto é a adición sen máis dos significados dos compoñentes, ou outra cousa diferente? No segundo caso, ¿cómo se chega a ese novo significado?, ¿intervén algún procedemento semántico, como pode se-la metáfora?. Por outra parte, ¿en qué campos semánticos, en qué parcelas do vocabulario, en qué niveis de lingua se producen os compostos?

A todo o anterior conviría engadir que, ademáis, non sempre é posible realizar unha análise estrictamente sincrónica da composición, a non ser que previamente se decida deixar fora do obxecto de estudio todos aqueles compostos nos que, na fase elixida, non sexa posible identificar como formas autónomas a cada un dos compoñentes, ben porque se trate de cultismos ben porque nunha etapa anterior (cando se creou o composto) funcionaran como palabras independentes pero deixaran xa de usarse como tais. Esta elección é perfectamente válida, pero posiblemente ocasionara unha visión só parcial do proceso, que se percibe mellor na súa complexidade se, como punto de partida, non se exclúe xa unha parte do material.

A partir da combinación axeitada dos diversos tipos de criterios, si debería ser posible chegar á formulación dunha serie de regras ou fórmulas (máis ou me-

(47) Que, ademáis, é deses escasos compostos que presentan a forma verbal claramente flexionada. Este tipo de compostos son considerados por Alvar e Pottier (*Morfología histórica*..., p. 416) "secuencias de discurso totalmente lexicalizadas" nas que "tal lexicalización puede darse de enunciados enteros".

nos limitidas, máis ou menos productivas (48)) que desen conta do procedemento e mesmo permitisen unha previsibilidade con respecto ó seu funcionamento (49).

3. A SELECCION DUN CORPUS DE ESTUDIO

Aludíamos ó comenzo deste traballo á rentabilidade do procedemento de formación de palabras compostas (50) en relación con determinadas parcelas do vocabulario. Non deixa de ser certo que, estadísticamente, nas linguas románicas encontramos un número maior de palabras derivadas (por prefixación, sufixación -é o grupo máis numeroso- ou parasíntese) que compostas, pero eso non quere decir que este mecanismo sexa pobre ou pouco rentable, senón que actúa de maneira probablemente menos "regular". Aínda así, combinando diacronía con sincronía, pódense atopar formas compostas en campos semánticos e categorías gramaticais dos máis diversos tipos:

1) O latín vulgar tendeu a fixar unha serie de sintagmas (en moitos casos, complementos "circunstanciais") como sustitutos de adverbios máis ou menos clásicos, que foron desaparecendo sustituidos por aquelas construccións; estas remataron, así, por fosilizarse como adverbios nos que, desde un punto de vista estrictamente sincrónico, non resulta xa doado percibir unha composición (en boa

(48) A productividade é un dos factores que non pasaron desapercibidos para os estudiosos do mundo anglosaxón que se ocupan dos procedementos de formación de palabras. Vid., a modo de exemplo, as seguintes palabras de Aronoff: "The question of productivity has always been a difficult one for modern linguistic theories. In those areas where productivity is not a central concern, it has simply been swept under some convenient rug, or dealt with summarily, so that the field could go on to more important matters. In syntax, for example, rules are classified as either optional or obligatory, punkt. (...). *There is one area, however, in wich the question of productivity cannot be ignored if one is to do serious work. That is the area of word formation*" (M. Aronoff, "The relevance of productivity in a synchronic description of word formation", en J. Fisiak (ed.), *Historical Morphology*, Mouton, The Hague, 1980, pp. 71-82; a cita reproducida pode atoparse en p. 71, e o suliñado é noso). Sobre a importancia de atender á productividade destes mecanismos insisten asimesmo, entre outros, unha parte dos traballos recollidos en J. Fisiak (ed.), *Historical Semantics. Historical Word-Formation*, Mouton, Berlin, 1985; ou L. Bauer, *English Word-Formation*, Cambridge Univ. Press, Cambridge, 1983, sobre todo cap. 4 (pp. 62-100).

(49) Para A. Vera Luján ("A propósito de una condición...", pp. 278-279) "La operatividad de las reglas de formación de palabras es analizable, en efecto, desde un doble punto de vista: en la medida en que la dimensión prototípica de los elementos considerados coincida con la comúnmente aceptada por una colectividad, los sintagmas resultantes de la aplicación de una de tales reglas serán todos ellos pertenecientes al acervo léxico normativo. La condensación, al contrario, de conceptos en relación normativamente no prototípica no necesariamente habrá de traducirse en la producción de formas anómalas. Siempre que el marco *co-textual* o *contextual* en el que el uso lingüístico tenga lugar asegure una relevancia de las relaciones en cuestión, los usos léxicos complejos serán posibles con un carácter creativo perfectamente aceptable".

(50) Se ben o autor se refire ós derivados con determinados sufixos, poderíamos facer nosas -aplicándoas ós compostos- as seguintes palabras de I. Iordan: "Je suis convaincu que la réalité linguistique est aujourd'hui plus riche que ne la reflètent ces ouvrages lexicographiques, qui n'enregistrent, probablement, qu'une partie des mots" ("Aspects de la formation des mots dans les langues romanes actuelles", *Phonétique et linguistique romanes. Mélanges offerts à M. Georges Straka*, S. L. R., Strasbourg, 1970, I, pp. 211-222). Efectivamente, non tódolos repertorios lexicográficos rexistran as palabras compostas na mesma medida, pero en ningún caso recollen a totalidade das creacións posibles (e empregadas de feito) na fala.

medida, porque os elementos constituintes non resultan separables e individualizables, nuns casos a causa da evolución fonética experimentada, noutros porque puido quedar fora de uso algún dos compoñentes). Pénsese, por ex., na desaparición de NUNC, sustituido na maioría das linguas románicas por sintagmas nos que entra o sust. HORA, do tipo HA(C) HORA (ás veces reforzado por unha preposición) (51); no mesmo ámbito de adverbios de tempo, pódense recordar tamén *antano* (< ANTE ANNO), *ogano* (< HOC ANNO) *onte* (< HA(C) NOCTE), *antonte*, *arestora*, *entrementres*, *pasadomañá*, etc.

É discutible, non obstante, que nestes casos se deba falar propiamente de "composición", pero non están moi lonxe da estructura subxacente e do proceso que vai dar lugar, nuns casos, a sintagmas fixos, noutros a compostos completos. Por outra parte, se se acepta que, de algunha maneira, o camiño seguido polas palabras compostas comenza nun "sintagma libre" que vai adquirindo determinados grados de fixación ata a súa completa lexicalización, tampouco quedaría moito que obxectar nese sentido (52).

2) No mesmo ámbito poderían ser incluidos tódolos casos de pronomes "reforzados" no latín vulgar ou xa nas linguas románicas, como son os tan coñecidos demostrativos precedidos de ACCE / ACCU (ACCU ILLE > *aquel*), os pronomes de identidade ós que se antepón (53) MET (METIPSIMU > *mesmo*), etc.; pero aquí é máis que dubidosa a "existencia independente" deses primeiros compoñentes.

Máis razón de seren analizados como compostos teñen outros pronomes reforzados, como os personais en plural ós que se fixa un indefinido: NOS ALTEROS, VOS ALTEROS > *nosoutros*, *vosoutros*; e tamén os demostrativos: *estoutro*, *esoutro*, *aqueloutro*; os indefinidos como *calquera*, os distributivos como *cadaquén*, *cadanseu*, etc. etc.

3) Un pouco máis claramente entran no terreo da composición os nomes dos números. O latín empregaba nuns poucos casos un curioso procedemento de sustracción que facía que o 18 e o 19 foran chamados DUODEVIGINTI, UNDEVIGINTI, pero este sistema cedeu pronto ante as formas creadas por adición, de tal maneira que, sobre os nomes dos dez primeiros números, aparecen compostos nos que se suma a unha unidade a decea (UN + DECEM > UNDECIM > *once*; DUO + DECEM > DUODECIM > *doce*,...) ou se emprega primeiro a indicación da decea e logo a da unidade correspondente, pero nestes casos xunguidas mediante unha conxunción copulativa (DECEM AC SEPTEM > *dazasete*, DECEM AC OCTO > *dazoito*,...). Volven a existir nomes específicos (anque derivados dos das respectivas unidades) para toda a serie das deceas (VIGINTI,...), e, en cada unha

(51) Pódense contrasta-los descendentes deste sintagma (*agora*, *ahora*, etc.) coas formacións desenroladas noutras linguas para o mesmo contido, como o ital. *adesso* (< AD IPSU (TEMPUS)) ou o francés *maintenant* (<MANU TENENTE)).

(52) En relación con esto, poderían ser contemplados tamén os numerosos casos de "reforzamento" de preposicións e adverbios no proceso evolutivo do latín ás linguas románicas (DE (IN) ANTE > *diante*, AD DE MAGIS > *además*, DE EX DE > *desde*, etc. etc.), pero neste caso é aínda máis discutible que poida falarse de composición.

(53) En realidade, son máis ben casos de anficlise, no que o reforzo acaba soldándose ó segundo membro e desligándose do primeiro (EGOMET IPSE > *EGOMETIPSE > (EGO) METIPSE).

delas, o procedemento é o de nome da decea + conx. copul. + nome da unidade (VIGINTI ET UNU > *vinteún*, VIGINTI ET DUOS > *vintedous*,...). Nas centeas, anteponse o nome da unidade ó da centea (*douscentos*, *trescentos*,...), e o mesmo sucede cos millares. Desta maneira, a partir dun número de nomes limitado son posibles moitísimas combinacións que permiten dar conta da complexidade numérica.

4) Un procedemento similar é o que da conta dos nomes dos días da semana. Salvo no caso do *sábado*, para o que se xeneralizou o nome hebreo, nos demáis casos mantívose bastante ben o sistema tradicional romano no que se especificaba a qué divinidade pagana estaba adicado cada día: MARTIS DIES, MERCURII DIES, IOVIS DIES, VENERIS DIES. O Cristianismo converteu o día do sol (cfr. ingl. *sunday*, al. *Sonntag*) no DOMINICUS/A (según o xénero que se atribuira ó sustantivo) DIES, co que o único que cambia na construcción é a expresión formal do determinante, que pasa a ser un adxectivo en lugar dun nome propio en xenitivo. Nos descendentes galegos do tipo *luns*, *martes*, etc. non se percibe o mecanismo compositivo porque tivo lugar a elipse de DIES, pero si se mantén noutras linguas románicas (curiosamente, en posible relación coa sustitución de DIES/DIA polo derivado DIURNU), como fr. *lundi*, *mardi*, etc.; ital. *lunedì*, *martedì*,...; ou, coa orde inversa (determinado - determinante) en cat. *dilluns*, *dimars*, etc.

Restos do intento cristiano de sustituir tódolos nomes paganos por un sistema máis aséptico formado a partir dun numeral + o sustantivo FERIA podémolos atopar na serie dos *segunda feira*, *cuarta feira*, etc. E en algunhas linguas románicas é posible rexistrar aínda algún tipo máis de formación composta, como, por ex., o sardo CENA PURA > *kenapura* (54).

5) Os avances científicos e tecnolóxicos que foi experimentando -e segue a experimentar continuamente- a humanidade son responsables dun dos grupos máis numerosos de compostos, anque se trate dun tipo con características peculiares, pois entran en combinación bases latinas e/ou gregas para dar nome, por unha parte, ás parcelas en que se divide e subdivide o saber, e, por outra, ós *artiluxios*, ós novos obxectos que se van inventando na imparable carreira en pos do progreso (55).

(54) Sobre os nomes dos días da semana existe xa unha abundante bibliografía; ademáis de C. García, "Los días de la semana en gallego (Problema de interferencias)", *Verba* 7, 1980, pp. 29-39, vid., entre outros: J. Gilliéron - M. Roques, "Les noms gallo-romans des jours de la semaine", *Études de géographie linguistique*, Paris, 1912; M. de Paiva Boléo, *Os nomes dos dias da semana em português*, Coimbra, 1941; G. Rohlfs, "Les noms des jours de la semaine dans les langues romanes", *Miscelânea de Filologia, Literatura e História cultural á memória de Francisco Adolfo Coelho*, Centro de Estudos Filológicos, Lisboa, 1949, I, pp. 88-94; W. von Wartburg, "Los nombres de los días de la semana", *RFE* 33, 1949, pp. 1-14; A. Henry, "Les noms des jours de la semaine en ancien français", *Études de lexicologie française et gallo-romane*, Paris, 1960, pp. 13-49; J. R. Fernández González, "Los nombres de los días de la semana: el orden de elementos y resultados en occitano", *Homenaje a Alvaro Galmés de Fuentes*, Univ. de Oviedo - Edit. Gredos, Madrid, III, 1987, pp. 49-75.

(55) Para I. Iordan ("Aspects...", p. 211) son dous os dominios en que millor se pode adverti-la tendencia a enriquece-lo vocabulario por esta vía: "le domaine des notions abstraites, dont l'enrichissement est la conséquence logique du développement des disciplines théoriques (...) et (...) le domaine des sciences exactes et de la technique", se ben "Ces deux domaines s'interfèrent souvent,

Así aparecen, para designar partes da ciencia teórica ou aplicada toda unha serie de formacións, por exemplo, con *-loxía* (*arqueoloxía, astroloxía, cronoloxía, ecoloxía, filoloxía, fonoloxía, meteoroloxía, odontoloxía,...*) ou *-grafía* (*caligrafía, mecanografía, taquigrafía, ortografía,...*), moitas das cales, además, poden entrar a formar parte de series diferentes (*psicoloxía, psicópata, psicoanálise,...; xeoloxía, xeografía, xeometría,...; fotografía, fotosíntese, fotofobia,...*) (56) e teñen multitude de aplicacións en case tódolos dominios científicos (pénsese, sen ir máis lonxe, na enorme rentabilidade que presentan, por exemplo, en Bioloxía ou Medicíña) (57).

E, entre os innumerables *artefactos* creados de cotío polo inxenio humano, ¿por qué non recordar os *helicópteros, locomotoras, automóviles, semáforos, teléfonos, bolígrafos, dentífricos, insecticidas, televisores* e o sinfín de *electrodomésticos* que tentan facernos a vida máis agradable?.

En ocasións, sobre todo cando unha das bases (normalmente a primeira) conseguíu asumir popularmente o significado do tecnicismo, prodúcense compostos "híbridos" nos que a esa base latina ou grega se lle suma outra xa vulgar (58), como sucede, por ex., con *tele* (empregada no sentido de *televisor* ou *televisión*), sobre a que aparecen: *telexornal, telenovela, teleprograma*, etc. (ó lado de *televidentes, telespectadores*, onde tamén o segundo constituinte é un cultismo) (59).

De tódolos xeitos, estamos ante outro dos grupos discutidos e discutibles en canto á súa consideración ou non como auténticos compostos. Son non poucos

---

dans le sens que le même suffixe peut servir à former des mots appartenant aussi bien à la terminologie abstraite qu'aux langages techniques".

(56) Anque unha parte destas bases tenden a fixarse no primeiro ou no segundo lugar do composto, non é tampouco extraño atopar algunhas que poidan aparecer nun ou noutro lugar (*fonoloxía, fonógrafo / megáfono, micrófono, magnetófono,...*).

Asimesmo hai que ter en conta os compostos de máis de dous elementos, como *biotecnoloxía, electroencefalograma*, etc., pero normalmente non se produce a adición de máis de dúas bases á vez, é decir, *biotecnoloxía* supón a anteposición de *bio-* a un *tecnoloxía* xa creado, para especificar un tipo dentro dun contido extenso, do mesmo modo que *electroencefalograma* supón a suma de *electro-* a un *encefalograma* realizado posiblemente por outro procedemento.

(57) Os nomes de pesas e medidas, por ex., constitúen un grupo intermedio entre éste e o dos nomes de número, dado que se constrúen a partir da unidade correspondente (*metro, litro, gramo*) antepoñéndolle unha base culta de contido cuantitativo (que multiplica ou divide: *hectómetro, kilómetro, kilogramo, decímetro, centímetro, decilitro*, etc.

(58) O proceso pode ser moito máis complexo. V. Alba de Diego ("Elementos prefijales y sufijales: ¿derivación o composición?", *Serta Philologica F. Lázaro Carreter*, Cátedra, Madrid, 1983, I, pp. 17-21) resume os pasos descritos por Guilbert nun traballo sobre a formación do vocabulario da aviación: 1º) transformación progresiva do primeiro constituinte en elemento prefixal e do segundo en elemento sufixal, virtualmente disponibles como novas bases de composición (é o caso de *auto-, aero-, mini-; -metro, -grafía,...*); 2º) integración dese elemento (sobre todo dos sufixais) nunha serie de derivacións, que fan, por ex., a partir de *metro*: *termómetro, anemómetro, fotómetro*, e tamén *trigonometría, hidrometría*, ou *fotométrico, fotometrista,...*; 3º) distorsión do modelo sintagmático do composto grecolatino pola combinación de elementos non homoxéneos etimolóxicamente: *radioactivo, radioaficionado, radiopatrulla,...*; 4º) formación de tricompostos: *electrocardiograma*, etc.; 5º) xa como unha fase de emancipación do modelo sintagmático da composición, as formacións do tipo de *mundorama, circorama,...* a partir de *panorama*. Vid. tamén L. Guilbert, *La créativité*, especialmente o apartado III.5 (pp. 224-249).

(59) Vid. Mª V. Romero Gualda, "Acerca del elemento *tele-*", *Thesaurus (BICC)*, 30, 1976, pp. 3-12. Tamén, para un caso similar, M. Alvar Ezquerra, "Notas para el estudio del formante de palabras español *foto-*", *Analecta Malacitana* 1, 1978, pp. 313-326.

os lingüistas que prefiren consideralos (según tendan a ocupa-lo primeiro ou o segundo posto) "raíces prefixas e sufixas", "prefixoides" e "sufixoides", "elementos prefixais e sufixais", "pseudoprefixos" e "pseudosufixos", "elementos semiautónomos", "recompostos",...; e mesmo "confixos" (60). E todo porque parece evidente que "no se les puede considerar afijos verdaderos" (61), non son auténticos prefixos e sufixos, nen dan lugar, por conseguinte, a palabras "derivadas"; son outra cousa, ocupan outra desas zonas imprecisas, intermedias, que probablemente deban ser estudiadas á parte tanto da derivación como da composición, sobre todo se se pretende atender á lingua cotidiana, na que moitas destas formas teñen entrada, e desenvolvemento (ás veces, acadan moita fortuna como formantes de novos compostos), pero sen ser creacións espontáneas da fala, senón invencións dunha metalinguaxe específica, que podería recurrir a términos populares (en algúns casos, tamén a préstamos doutras linguas), pero que, en continuación dunha tradición *multisecular* (62), prefire empregar bases extraídas das linguas clásicas de cultura (63). E, en calquera caso, para entender na súa complexidade o proceso de composición, aínda cando se xustifique debidamente a exclusión dun estudio exhaustivo das mesmas, non deberían ser perdidas de vista estas formacións, pois axudan a comprende-los mecanismos que rixen o procedemento (e pode que non só o procedemento de composición -ó tratarse en principio de innovacións "meditadas" que logo poden propagarse simplemente por analoxía-, senón tamén o proceso en virtude do cal unha base que entra a formar parte dun composto pode rematar sendo un afixo derivativo (64)).

Por outra parte, poden acabar funcionando da mesma maneira bases que si teñen existencia independente no estado actual da lingua (anque sexan fonéticamente cultismos parte deles), como sucede con *motor*, *clave*, *piloto*, *ficción*,..., cando se fala de *ciclomotor*; *posición-clave*, *problema-clave*; *piso-piloto*, *experiencia-piloto*; *ciencia-ficción*, etc. (65).

---

(60) Vid., para este último término, acuñado por Martinet, Alarcos, "Consideraciones...", p. 15.

(61) Vid. V. Alba de Diego, "Elementos...", p. 21.

(62) Probablemente convenía incluir tamén neste grupo as formacións nas que interveñen elementos como os cuantitativos *multi-*, *pluri-* (*pluridimensional*), *omni-* (*omnívoro*, *omnipotente*), etc.

(63) Por esta razón, poderíamos chamarlles, como fai Bauer, "neo-classical compounds" (vid. *English Word-Formation*, p. 216, onde xustifica por qué "neo-classical" e non simplemente "classical").

(64) Situacións similares poideron darse en outros estados da lingua, no mesmo latín, no que, por ex., os verbos FERO e GERO pasaron a ser utilizados a modo de sufixos como segundos elementos de formacións do tipo de IGNIFER, SOPORIFERUS; LANIGER (cfr. *plumífero*, *somnífero*,...), VOLO como -VOLUS en BENEVOLUS, MALEVOLUS, FACIO como -FICUS e -FICARE en BENEFICUS, BEATIFICARE, etc. (o tipo -FICARE tivo un enorme rendemento; pénsese, por ex., en casos como *significar*, *simplificar*, *magnificar*, *electrificar*, etc.). Vid. tamén L. Nadjo, "Sur deux composés nominaux plautiniens: *multibibus* et *merobibus*", *L'information grammaticale* 42, 1989, pp. 9-11.

(65) V. Alba de Diego ("Elementos...", p. 20) considera que "todos estos lexemas se comportan como prefijos o sufixos: un mismo elemento léxico puede dar lugar, en ciertos casos, a una base, en otros casos a un afijo y eventualmente incluso a una palabra independiente. (...) No obstante, hay que reconocer que este tipo de construcción es el que presenta mayores dudas a la hora de alinear su segundo elemento entre los sufijos. Se necesita una perspectiva histórica superior a la que en la actualidad tenemos.

Quizá el criterio más importante que puede resolver todos estos problemas es el de la reproducción analógica. Este criterio se basa en la frecuencia y disponibilidad que la unidad lingüística en cuestión tiene en los locutores para la creación de nuevas formaciones. Por esta razón, si la frecuencia

6) A toponimia fornece exemplos abundantes de palabras compostas, tanto cos constituintes fonéticamente evolucionados (e, por tanto, na maior parte dos casos, recoñecibles e identificables como lexemas autónomos) como presentando algúns deles, ou os dous, formas cultas ou a medio camiño de evolución: *Fonfría* ou *Fontefría*, *Novefontes*, *Castroverde*, *Castrocaldelas*, *Pontecaldelas*, etc. etc. (66).

7) Na linguaxe literaria non parecen abunda-las palabras compostas (67). Cabería esperar que os escritores de épocas "clásicas", "humanísticas", etc. recurriran a este procedimento dunha maneira similar a como fan científicos e tecnólogos, buscando as suas innovacións en bases latinas e/ou gregas (68). Pero é cicáis máis frecuente que recurran á composición os que, con finalidade satírica (69), humorística, etc., tratan de condensar na expresión máis escueta o contido máis rico e expresivo, como fai, por ex., Quevedo cando emprega *calvatrueno*, *carajuana*, *pelicabras*,... (70).

---

del elemento afijal es superior a su existencia como elemento independiente (como palabra), afianza su validez de elemento afijal. Si, por el contrario, su frecuencia como palabra autónoma es superior, estaríamos ante un verdadero lexema y no ante un elemento afijal" (o destacado é noso).

É, desde logo, un criterio a ter en conta, pero pensamos que limitado ós casos mencionados neste último párrafo (*piso-piloto*, *ciclomotor*, etc.), porque para os tecnicismos e neoloxismos fáltanos un elemento de contraste ó non ser tomadas as bases directamente do estado da lingua contemporáneo á súa creación, senón dunha fase anterior (no caso do latín), e de formas que en moitas ocasións non perviviron, ou mesmo dunha lingua distinta (no caso do grego), polo que unha proba dese tipo non pode dar resultado.

Por outra parte, non faltan tampouco os partidarios de incluir sen máis este último tipo (no que as bases non teñen que ser xa gregas ou latinas, senón "vulgares") de "neoloxismos" na composición (chámeselle "aposición", "composición por xustaposición", etc.), como fai, por ex., I. M. Alves, "Aspectos da composição nominal no português contemporáneo", *Alfa* 30-31, 1986-87, pp. 55-63.

(66) Vid. J. R. Fernández González, "Topónimos compuestos románicos: la estructura 'determinado + determinante' / 'determinante + determinado'", *Verba* 8, 1981, pp. 229-246.

(67) Non obstante, habería que facer unha análise detida da linguaxe poética, sobre todo, posto que pode suceder que se atopen nela creacións esporádicas, ocasionais, "inventadas", do tipo desas formacións prefixais (*desolvido*, *enlunado*, *desnacer*, (tierra) *trasterrada*, etc.) que comenta J. A. Mayoral ("Creatividad léxica y lengua poética: algunos ejemplos de motivación contextual en formaciones léxicas prefijadas", *Philologica hispaniensia in honorem Manuel Alvar*, II (*Lingüística*), Gredos, Madrid, 1985, pp. 495-506) e que "tal vez aporten alguna luz en el intento de comprender hasta dónde puede llegar el "régimen de libertades" ejercidas por los poetas sobre el código de la lengua a la hora de construir ese tipo particular de "mensaje" que tradicionalmente conocemos con la denominación de "mensaje poético"" (p. 506).

(68) Vid., por ex., as formas como *mellifluent*, *esquipotent*, *chrysopteron*, *anemophylace*, etc., recollidas por H. Lewicka, "Composition spontanée et composition artificielle dans le français du XVI^{e} siècle (Les adjectifs composés)", *Actes du X^{e} International de Linguistique et de Philologie Romanes* (Strasbourg, 1962), Klincksieck, Paris, 1965, II, pp. 483-489.

(69) Cfr. os exemplos de Marcabru do tipo de *corna-vin*, *bufa-tizon*, *croup-en-cami*,..., de intención claramente escarnecedora; e, por outra parte, os logros expresivos de Raimbaut de Aurenga, como *vert-matur*, *trist-alegre*, *irat-jauzen*,..., nos que se xunguen contidos antitéticos de gran efecto poético. Cfr. S. Mejean, "Les mots composés chez Marcabru et Raimbaut d'Orange. Étude de quelques cas", *Mélanges de Linguistique et de Philologie Romanes dediés à la memoire de P. Fouché*, Klincksieck, Paris, 1970, pp. 93-107.

(70) Para exemplos quevedianos, vid. J. M. Pérez Vigaray - J. J. Batista Rodríguez, "Notas sobre palabras compuestas...", pp. 416-418.

Alvar e Pottier (*Morfología histórica*..., p. 416) recollen algúns exemplos de compostos utilizados por Unamuno, como *cazavocablos*, *devoralibros*, *rompeideas*. E un moi curioso de García Márquez, que condensa nunha palabra composta a imaxe dun cambio de color: "Los movimientos de la hoja que *verdeazulblanqueaba* con los diferentes golpes de luz" (Alvar-Pottier, p. 419).

Esta é tal vez unha das razóns polas que a fala cotidiana utiliza máis formas compostas que a variante leteraria, porque aquí a expresividade e o afán de condensación cóllense da man moitas veces para crear palabras compostas, que ás veces son de emprego totalmente ocasional e outras acaban lexicalizándose completamente e ampliando o seu ámbito a un uso habitual. Sen pretender agotar tódolos campos posibles de búsqueda de palabras compostas, querémonos referir a algúns dos máis rentables:

7.1) Un dos campos onde é posible atopar abundancia de compostos é o que corresponde ós motes ou alcumes, nos que a imaxinación xoga un importante papel poñendo en relación un feito ou característica real de alguén con outro que o deforme e ridiculice, dando lugar a formas como *Papaganduxos*, *Lambelaxas*, *Saltapalletas* (todos eles recollidos en *A Esmorga*, de E. Blanco Amor) (71).

Sen chegar a personalizarse como sobrenomes, pero sí empregados para descalificar a alguén polo seu contido plenamente despectivo ou peiorativo (non exento de humor), abundan as creacións expresivas do tipo de *lapabroas*, *papanatas*, *papamoscas*, *cagatintas*, *choranabizas*, etc.

7.2) Asimesmo, aplicados tamén a seres humanos, empréganse compostos para designar determinadas actividades, funcións ou profesións, como *gardagullas*, *gardamontes*, *gardameta*, nalgúns casos tamén con sentido humorístico ou sarcástico en lugar dos nomes habituais desas profesións, como cando se designa ó médico como *matasanos*, ó avogado como *chupatintas*, etc.

7.3) A imaxinación popular dalle nomes compostos a moitos animais e a moitas plantas nos que destaca sobre todas algunha peculiaridade ou algunha actividade. Basta botar unha ollada a calquera repertorio de nomes populares da fauna e da flora (72) para atopar creacións como *escornabois* (ou *vacaloura*), *lucecú* (ou *vagalume*), *vichelocrego*, *paporroibo*, *sapoconcho*, *lapafigos*, *andarríos*, *saltamontes*; *mexacán* (ou *mexanacama*), *xirasol* (*mirasol*), *azoutacristos*, etc., que conviven ó lado dos nomes máis ou menos "estandarizados" pero con moita máis vitalidade e un uso máis cambiante duns lugares a outros. Probablemente nestes casos, como nos dos apartados anteriores, un dos aspectos máis destacables á hora de emprende-la sua análise sexa o da motivación e, en relación con ela, o do mecanismo semántico que os sustenta.

7.4) Os xogos infantís (en uso ou xa en desuso) e os xoguetes e *pasatempos* son tamén terreo abonado para a composición. Recordemos, por exemplo, o *pin-*

(71) F. Yndurain ("Sobre un tipo de composición nominal, verbo + nombre", *Presente y futuro de la lengua española (Actas de la Asamblea de Filología del I Congreso de Instituciones Hispánicas)*, OFINES, Madrid, 1964, II, pp. 297-302) relata cómo a sua propia experiencia persoal lle permite explicar a orixe do apodo *Pescafrailes* aplicado a un pescador (p. 299), para observar cómo "muchos de estos nombres tienen un sentido metafórico y no vale para su interpretación el análisis de sus elementos constitutivos" (p. 300).

(72) Nós examinamos os seguintes repertorios: J. R. García, *Flora en Galicia*, Follas Novas, Santiago de Compostela, 1979; X. M. Penas Patiño e outros, *Guía das aves de Galicia*, Galaxia, Vigo, 1980; Mª C. Ríos Panisse, *Nomenclatura de la flora y fauna marítimas de Galicia*, Anexos 7 e 19 de *Verba*, Santiago de Compostela, I, 1977; II, 1983.

chalagarto, *pinchacarneiro*, *arrincanabos*, *inchapeidos*, *buscalume*, *arreburriño*, *rompecabezas*, e tantos outros.

7.5) Os fenómenos meteorolóxicos que tanto preocupan a unha poboación campesiña e mariñeira presentan tamén nomes compostos, como o *calabobos*, e sobre todo sintagmas e expresións fixas, do tipo de *auga de castañas* (que nalgunhas zonas designa a chuvia miúda, e noutras tamén o café moi lixeiro), *arco da vella*, *chover a chuzos*, etc.

7.6) Poden aparecer tamén nomes compostos designando prendas de vestir (en non poucas ocasións, tamén con sentido humorístico), como *taparrabos*, ou obxectos da hixiene persoal, como *cortauñas*, *limpauñas*, *escaldapés*, e todo tipo de aparatos, utensilios ou instrumentos de uso doméstico (e auxiliar en sentido amplio), como *lavaplatos*, *abrelatas*, *afialápis*, *contagotas*, *gardarroupa*, *parabrisas*, *parasol*, *paraugas*, *pararraios*, *salvavidas*, etc. (73), así como partes das vivendas ou das construccións anexas ás mesmas (por exemplo, entre as partes do hórreo hai *tornarratos*, *cantacuco*, *pasavento*,...), e mesmo tipos de vivendas, como o *rañaceos*.

8) Os medios de comunicación fan uso abundante das palabras compostas, nalgúns casos pode que por influxo do inglés (é coñecida a rentabilidade da composición nas linguas angloxermánicas), pero de maneira especial por esa necesidade de resumir, de condensa-la información da maneira máis concisa e á vez máis clara posible (74). E pódense atopar ahí creacións que responden a case tódolos tipos (nos últimos días recollimos *tragaperras*, *marcapasos*, *compraventa*, *tiramillas*, que son voces de uso frecuente a case tódolos niveis, pero tamén outras, como o caso dunha cámara fotográfica *buscainstantáneas* -que nos recorda, entre outras cousas, ese *buscapersonas* que permite, por exemplo, localizar ó medico de guardia no hospital-, ou o da posta en marcha dun sistema de *bibliopiscina*), chamando a atención o recurso a bases do tipo das mencionadas en 5), que admiten combinacións case inesgotables. A modo de exemplo podemos citar informacións recentes -aparecidas en tódolos medios de comunicación (prensa escrita, radio, televisión)- relativas a unha campaña contra o tráfico de drogas; quen practica este tráfico son os *narcotraficantes*, entre os que os máis buscados son os *caponarcotraficantes* (75); como sucede no caso de *tele-*, *narcotraficantes* pode quedar reducido simplemente a *narcos*, de tal maneira que se pode falar da *narcojet*, dun xuiz *cazanarcos*, e mesmo de que éste ten unha "honda *matanarcogigantes*". ¿E que

(73) Para Yndurain ("Sobre un tipo...", p. 301) é posible agrupa-lo tipo de compostos a que el atende "en dos áreas léxicas: A) Tecnicismos, nombres de artefactos, describiendo la función característica: *guardajoyas*, *pesacartas*, *matasellos*, *sacaleches*. B) Términos afectados por un juicio de valor que puede ser despectivo, jocoso, burlesco, etc., según el contexto" (os de tipo B) coinciden cos que se sinalan en 7.1). Tamén Ch. Schapira, estudiando o mesmo tipo ("Les noms composés verbe + objet direct" (*Travaux de Linguistique et de Littérature* 20, 1982, pp. 271-282), chega á conclusión de que é posible "de tracer un contour assez précis de l'aire d'emploi des composés: ceux-ci désignent dans leur presque totalité des instruments, outils, dispositifs, ou objets ménagers de la vie quotidienne" (p. 278).

(74) Vid., entre outros, J. R. Losada Durán, "Los compuestos nominales ingleses en relación con los españoles", *Senara* 2, 1980, pp. 53-112.

(75) Non plantexa ningún tipo de problemas o feito de quo o novo constituinte que se engada agora sexa, xa non unha base culta, senón un italianismo, porque o término é suficientemente coñecido por todas partes, gracias ás informacións, literatura, películas, etc. relacionadas coa mafia siciliana.

se podería decir da *Sadomadonnamanía* que daba título a un artículo referido á xira da cantante Madonna?

Tamén o humor gráfico logra combinacións inxeniosas coas palabras compostas. En *La Voz de Galicia* do 29.05.1989, no apartado do "Humor galego", aparecía un chiste relativo á *augardente*, da que se decía: "Pola mañá é un *erguemortos*, e se o segues tomando ata a noite é un *matavivos*".

E para a publicidade a composición é a mellor fonte na que atopar marcas comerciais para todo tipo de productos: *campofrío*, *casademont*, *cortefiel*, *lavicera*, etc., posto que permite "d'écrire clairement sans alourdir ses articles de longues descriptions ou explications" (76).

Esta frecuencia de uso, xunto coa posibilidade de "descompoñer" dalgunha maneira formas que non son realmente compostas permite na linguaxe periodística (e tamén política) a utilización de bases ficticias coas que logra-los obxectivos propostos no relativo á información, ridiculización, ou simplemente chamada de atención sobre feitos, persoas,... que de algunha maneira teñen que ver co obxecto de atención. Referímonos ós "cruces léxicos" como creacións máis ou menos ocasionais do tipo de *apertuficción*, *aristógato*, *turistócrata*, *autonosuyas*, *Borrellpierre*, *catedratenientes*, e tantas outras similares (77), que son unha proba máis da enorme productividade que pode chegar a alcanza-lo procedemento da composición.

* * *

É evidente que quedan abertos case tódolos los problemas, que só se esbozan ou mencionan cuestións fundamentais no estudio da composición, e que nin siquera se traen a colación outras igualmente importantes, pero, aínda así, parece conveniente pecha-lo traballo de algunha maneira, e quixéramos facelo reproducindo unhas frases de Benveniste (*Problèmes*, II, pp. 162-162):

> "La langue n'est pas un répertoire immobile que chaque locuteur n'aurait qu'à mobiliser aux fins de son expression propre. Elle est en elle-même le lieu d'un **travail incessant** qui agit sur l'appareil formel, transforme ses catégories et produit des classes nouvelles (...).
>
> Néanmoins le composé est capable de plus de diversité qu'il ne semblerait, et les nombreuses variétés qu'en recensent les grammaires correspondent justement à des types divers de propositions (...).
>
> Mais cet appauvrissement relatif de l'expression syntaxique transformée en expression nominale est compensé par **la variété des combinaisons** que le composé livre à la langue. Il donne le pouvoir de manier comme adjectifs ou noms des propositions entières et de les faire entrer sous ces espèces nouvelles dans d'autres propositions. Ainsi se constitue notamment un **répertoire vaste, toujours ouvert,** de composés descriptifs, instruments de la classification et de la nomenclature, aptes à devenir dénominations scientifiques ou épithètes poétiques, et qui par delà l'enrichissement qu'ils procurent, entretiennent cette **activité métamorphique**, peut-être le travail le plus singulier de la langue".

(76) Cfr. M. J. Lifetree-Majumdar, "Contribution à l'analyse des modes de composition nominale en français écrit contemporain", *Cahiers de Lexicologie* 24, 1974, pp. 63-84 (p. 65). Vid. tamén, entre outros, D. Miannay, "La terminologie publicitaire à la Télévision", *La banque des mots* 6, 1973, pp. 151-164.

(77) Recollidas e estudiadas recentemente por F. Rodríguez González, "Los cruces léxicos en el ámbito político-periodístico", *Verba* 16, 1989, pp. 357-386.

Toda a cita fala por si sola, pero quixemos darlle realce, destacándoas tipográficamente, a algunhas expresións moi ilustrativas da importancia que realmente ten a composición como procedemento de formación de palabras novas. É realmente un campo aberto, no que sempre é posible que aparezan -e, de feito, sempre están a aparecer- novas creacións, que, eso si, responden normalmente a un modelo que se propaga analóxicamente (aínda que en determinados momentos ou situacións sexa posible o nacemento dun novo modelo) (78). Ten además a indudable ventaxa da nominalización, é decir, de ser un instrumento que permite que unha estructura máis complexa poida funcionar como un sustantivo ou adxectivo (mesmo recibindo morfemas derivativos además dos gramaticais). E é un recurso do que botar man cando descoñecemos o nome de algo, ben porque se trata dun obxecto ou concepto novo, ben porque é a primeira vez que se atopa e non se sabe cómo chamalo, de tal maneira que se pode facer referencia a el indicando a súa función ou finalidade (un aparato eléctrico que bota aire quente e leva a indicación de que se poñan as mans debaixo para secalas, ¿qué outra cousa pode ser que un *secamáns*?), ou ben chamando a atención sobre algunha peculiaridade (forma, cor, decoración,...) que o faga diferente. Pero sen esquencer tampouco a efectividade expresiva que se obtén deste tipo de formacións e que contribúe en boa medida á súa continua utilización e permanente disponibilidade.

(78) Vid., entre outros, Mª A. Seijo Castroviejo, "Algunas observaciones...", p. 201. Como recollen tamén outros autores, entre eles Dardano (*La formazione...*, p. 143): "Nella lingua di oggi i composti veri e propri dipendono dalla competenza del parlante; dalla capacità esecutiva di quest'ultimo dipendono i composti occasionali".

As construccións pronominais en galego. Proposta de clasificación e caracterización

FRANCISCO ANTONIO CIDRÁS ESCÁNEO

A delimitación dos valores da partícula *se* preséntase adoito como unha cuestión cunha prototípica aureola de dificultade dentro da análise gramatical, xa desde os manuais escolares. Máis alá das razóns obxectivas que poderían sustentar unha tal caracterización -dado o patente sobrecargo deses valores que se foron acumulando sobre esta forma- o enfoque "práctico" (cara ás aulas) que se lle dá ó tema, en termos de análise sintáctica *stricto sensu*, é particularmente responsable de adxuvar a tal percepción. Desde esta óptica, que consideramos característica, a situación que se presenta perante cada ocorrencia de construcción pronominal (en diante, CP) adopta sempre a mesma formulación de saída: ¿cal é a función, por suposto sintáctica, que desempeña nesta cláusula o pronome *se* (ou *me, te, nos, vos*, no seu caso)? Pártese así sempre dun prexuízo de base consistente en xulgar que toda palabra debe desempeñar algunha función sintáctica -primaria ou secundariamente- na cláusula. E, por suposto, os pronomes concíbense de seu como unha clase de palabra. Obviamente esta descrición non vale para toda a gran cantidade, e variedade, de literatura sobre o tema, pero deseña, coidamos, o enfoque arquetípico da cuestión, a súa formulación "de manual", por así dicilo.

A concreción destes presupostos non suscita ningunha controversia no caso das chamadas construccións reflexivas propiamente ditas (recíprocas incluídas), nas cales ó elemento pronominal se lle asigna sen maior problema a función de complemento directo ou, eventualmente, a de indirecto. Pero ocorre que, desde este reducido ámbito primitivo, vaise producindo de vagar, en latín vulgar e sobre todo nos romances, unha progresiva ampliación dos empregos desta construcción, co cal xorden novos usos que rompen cos esquemas prescritos. Deste xeito, fronte ás construccións reflexivas "propiamente ditas", temos agora un conxunto non estructurado de construccións reflexivas "só pola forma", "pseudorreflexas", "cuasereflexas" ou "reflexivas impropias", por só referir algunhas das denominacións empregadas, sen falar das nunca mutuamente delimitadas "pasiva reflexa" e "activa impersoal reflexa". Destas construccións non resulta doado ou non cabe dar conta nos termos de función sintáctica anteditos. Neste punto, os camiños multiplícanse, e máis aínda as clasificacións propostas. Bótase man de moi diversas, e sobre todo etéreas, nocións para dar conta do goberno destes usos: a tan estendida caracterización como reflexivo de *interese* ou dativo *ético*, a súa consideración como complemento *expresivo* (por oposición ós complementos verbais, funcións sintácticas;

así en Lázaro, 1964), como signo de *espontaneidade* (Cuervo, nota 102), como índice de *intencionalidade* do proceso, nalgunhas ocorrencias (Martín Zorraquino, 1979, pp. 301, 336) ou mesmamente á inversa, como marca da súa *involuntariedade*, noutras (Schmitz, 1966)...

Semella doado chegar a perderse nunha vaguidade nocional talmente mudable. Por máis que boa parte destas caracterizacións remitan dun ou doutro xeito a unha noción diatética de medialidade baixo etiquetas como as de "afección", "participación" ou "interioridade", en última instancia carecen todas, na nosa opinión, da necesaria pertinencia funcional ó careceren dunha plasmación distintiva no significante, dun soporte formal que permita discriminar na enorme imprecisión das nocións propostas cun criterio obxectivo, non meramente impresionista ou intuitivo. Soporte formal que non é de certo o clítico, conforme o avalan, coidamos, unha enorme cantidade de contraexemplos que lle confiren á hipóterse un grao de defectividade incompatible coa pertinencia funcional. Quedan así tales nocións degradadas de trazos semánticos a vagos matices de contido, carentes de pertinencia na clasificación destas CP no seu conxunto. En última instancia, a función e o *status* do *se* restan lonxe de quedar claros.

Neste traballo tentaremos unha reformulación do tema a partir da consideración do estatuto gramatical de tódolos pronomes átonos no seu conxunto, cuestionando o rol que desenvolven estas formas dentro da estructura clausal. O caso da partícula *se* será un máis entre elas, con certas peculiaridades derivadas do sobrecargo do seu uso, pero manténdose sempre dentro do marco xeral tracexado.

A diferencia dos chamados pronomes tónicos, morfemas libres que desempeñan función sintáctica e poden mesmo aparecer sós formando enunciado, os átonos ou clíticos son morfemas ligados, dependentes do verbo, que se limitan a marca-las funcións gramaticais existentes entre os argumentos da cláusula. Carecen por tanto de estatuto léxico e xa que logo non desempeñan funcións sintácticas, aínda que polo xeral son índices formais delas, en tanto que relacións gramaticais que tales funcións son.

Repárese na impropiedade, tan estendida por aulas e gramáticas, que consiste na asignación de funcións sintácticas ós clíticos cando eles constitúen precisamente unha das evidencias formais que garanten a delimitación das distintas funcións sintácticas (a chamada proba do resto pronominal), co que se traba o procedemento de identificación de tales funcións. Repárese igualmente en que a outra proba formal básica dese procedemento, a presencia de determinados índices proposicionais, tampouco ampara tal proceder, senón todo o contrario, como amosa ben ás claras, por exemplo, a agramaticalidade do clítico con preposición *a*, índice de complemento indirecto en **a película gustou a lles*, fronte á mesma cláusula con tódolos seus argumentos acutalizados, *a película gustoulles ós nenos*, v. g. Ademais, como xa se apuntou, os clíticos non teñen estatuto léxico, senón estrictamente gramatical; por tanto non constitúen argumentos da predicación e, repárese, só a estes se lles asignan funcións sintácticas, semánticas e informativas. Tampouco son sustitutos abreviados de argumentos, como o demostra o feito de concorreren frecuentemente con eles na mesma secuencia, ás veces mesmo de xeito obrigatorio (cf. *ás túas curmás atópoas/* **atopo tódolos días*). Do dito des-

préndese que os clíticos non teñen o significado ocasional (léxico) dos argumentos ós que fan referencia, senón un significado gramatical: son marcas de relacións gramaticais, especificamente de funcións sintácticas.

Desde este punto resulta inevitable situar en paralelo o papel dos clíticos como marcadores das relacións existentes entre o verbo e os seus compementos e o dos morfemas número-persoais como marcadores da relación do verbo co seu suxeito, a través da "sintaxe de concordancia" estes, fronte 'a "sintaxe de rección" daqueles. Cómpre por tanto considerar conxuntamente a clíticos e morfemas número-persoais como unidades do mesmo tipo: morfemas gramaticais ligados ó verbo; morfemas verbais, por tanto, independentemente do tratamento gráfico que se lles depare (con ou sen aglutinación nunha mesma palabra gráfica, que sempre unha única palabra fónica). Así nunha cláusula como *(nós) falámoslles (a todos)* resulta tan absurdo considerar a *lles* complemento indirecto como a *-mos* suxeito, e exactamente igual atribuírlle ó clítico un estatuto léxico, como palabra autónoma, do que é merecente no mesmo grao que o sufixo de número e persoa...

Podemos postular, pois, a existencia dunha clase conxugacional formada polos clíticos, en paralelo coa flexión número-persoal, a primeira apuntando ás relacións verbo-complementos (conxugación obxectiva), a segunda á relación verbo-suxeito (conxugación subxectiva). O verbo, como elemento central xerador das producción lingüísticas, encerra así nos seus límites todo o programa de desenvolvemento clausal, coas súas marcas formais, que "son como flechas lanzadas hacia los substantivos que se agrupan como meros blancos alrededor del cuerpo central", segundo a expresiva imaxe de Von der Gabelentz difundida entre nós por Rodolfo Lenz (1920, p. 104).

A forma *se*, en tanto que clítico, constitúe un morfema verbal. Pero ¿que tipo de morfema verbal?, ¿cal é a súa función? Consonte o exposto máis arriba, os clíticos constitúen no seu conxunto o soporte formal da conxugación obxectiva, en tanto que índices de función sintáctica de complementos verbais. Tal é, en plena harmonía co resto da serie, o papel do que podemos denominar, para entendernos, o *se* primitivo, o correspondente á ámbito primario das CP, isto é, o das chamadas "construccións reflexivas propiamente ditas" -reflexivas e recíprocas-, nas cales o *se* vén ser, como o resto dos clíticos en conxunto, un morfema flexional obxectivo, índice verbal das funcións sintácticas de complemento directo e, eventualmente, indirecto.

En efecto, a partícula *se*, pola súa propia condición de pronome persoal, remitía orixinariamente en latín só a persoas ou seres animados, contrariamente ó que sucede nos romances modernos, en que se aplica indistintamente a seres animados e inanimados: velaí os dous polos da dinámica de expansión do sistema clásico do reflexivo latino ós actuais sistemas romances de CP (J.-C. Milner, 1978, p. 79). O proceso foi meticulosamente estudiado para o español no xa clásico artigo de Monge (1955): a partir da reducida esfera primitiva en que o *se* se aplica só a persoas, configurando os usos propiamente reflexivos, prodúcese unha paulatina extensión a outros empregos, documentada sa no propio latín. "En la época imperial y en el latín vulgar, se construye también [el reflexivo] con objetos inanimados *por procerso de animización y personificación*" (Monge, 1955, p. 13, cursivas

nosas). Trátase por tanto nun primeiro momento dun recurso estilítico-expresivo que senta as bases para, sen contravi-las regras de gramática establecidas, da-lo salto. Co tempo e o desgaste do uso, a primitiva forza personificadora, de carácter expresivo, vaise esvaendo e acaba por se gramaticalizar. Temos así o xerme dunha ampla gama de novas construccións pronominais, que vai mudando e medrando co propio proceso de desenvolvemento dos diversos romances, nunha dinámica aínda en curso que amosa considerables peculiaridades para cada un deles. Cinguíndonos ó ámbito do galego, substancialmente común co dos romances inmediatamente veciños, podemos agrupar desde un punto de vista sincrónico estas "novas" construccións pronominais en dous grandes núcleos, atendendo ó carácter funcioinal da partícula *se* en tanto que morfema verbal.

Temos por unha banda o conxunto das CP de sentido impersoal, dunha notable inestabilidade formal interna, nas cales o *se* é deslocado á posición funcional de morfema flexional subxectivo, apuntando ás relacións do verbo co primeiro actante, unha vez que queda inoperante o papel que a este respecto lle corresponde ó morfema número-persoal, segundo veremos máis abaixo.

Outra serie de CP, considerablemente heteroxénea en canto á configuración dos seus componentes, agrupa diversas construccións que, seguindo camiños igualmente diversos, acaban por especializa-la primitiva oposición presencia/ausencia de pronome, de carácter orixinariamente sintáctico, nunha oposición léxica. Párterse sempre, directa ou indirectamente, do inicial proceso de extensión expresiva á que aludiamos máis arriba e chégase en todo caso, por diferentes vías, a bloquea-la funcionalidade sintáctica do *se* (en tanto que índice de calquera desas funcións), converténdose así o clítico nunha sorte de formante lexemático do verbo.

Concluíndo a exposición do que precede, chegamos a postula-la existencia de tres grandes grupos de CP, consonte o carácter funcional do clítico en tanto que morfema verbal; a saber:

a) morfema flexional obxectivo,
b) morfema flexional subxectivo,
c) formante lexemático.

No que resta de traballo desenvolveremos algo máis polo miúdo o tema, dentro dos límites de espacio propios dunha visión de conxunto, pormenorizando a delimitación e caracterización interna de cada un dos tres núcleos propostos.

1. *SE*, MORFEMA FLEXIONAL OBXECTIVO

Este primeiro bloque é o de máis doada identificación, desde os propios postulados da gramática tradicional. Abrangue aquelas construccións chamadas "reflexivas propiamente ditas", anteriores ó proceso de expansión das novas CP, que son as que tradicionalmente se tentan delimitar a partir do punto de referencia daquelas ("reflexivas propias" vs. "pseudorreflexas", etc.). Como xa se apuntou, os clíticos compórtanse nestas construccións reflexivas en perfecta harmonía co

resto dos clíticos usados en construccións non pronominais. Sométense pois doadamente á común -e, para nós, viciada, lémbrese- caracterización polo desempeño de funcións sintácticas, que é o que leva á diferenciación de tres grupos nidiamente xebrados de sempre; a saber: reflexivas directas, indirectas e recíprocas.

1.1. O primeiro grupo abrangue as construccións nas cales o clítico é índice verbal da función sintáctica de complemento directo, desempeñada por un argumento referencialmente idéntico ó suxeito:

(1) María vestiuse axiña.
(*Cf.* María vestiu o neno axiña).

(2) Onte laveime no río.
(*Cf.* Onte lavei o neno no río).

(3) A muller sentouse nunha butaca do cinema.
(*Cf.* O acomodador sentouna na primeira fila).

(4) Parouse na rúa un anaco a falar cun amigo.
(*Cf.* Parouno a policía e pediulle a documentación).

A estructura sintáctica destas CP é idéntica á das súas correspondentes cláusulas oblicuas (entre parénteses), o que aboa a súa consideración como tales reflexivas directas. O seu comportamento non é, con todo, homoxéneo: por unha banda as cláusulas (1) e (2) admiten o reforzo pronominal *a si mesmo*, contrariamente ás outras dúas (cf. *vestiuse/lavouse a si mesmo* vs. **sentouse/*parouse a si mesmo*); pola contra as cláusulas (3) e (4) admiten en galego a supresión do pronome átono, dando lugar a construccións reflexivas sen partícula reflexa, imposibles en (1) e (2) (cf. *senta aí; parou na rúa* vs. **vestiu axiña*; **lavei no río*) (1).

Sen embargo, na nosa opinión, estas restriccións constructivas non teñen repercusión na estructura sintáctico-semántica. A eventual ausencia do clítico non mingua o papel deste como índice de complemento directo non oblicuo, que opera por defecto, nestes verbos en que a acción ocorre máis adoito proxectada sobre o propio axente ca sobre outro término (*cf.* o caso do inglés, onde estas reflexivas directas sen marca son norma para toda a serie: *he shaves* vs. *he shaves himself [not others]*, con carácter implicitamente contrastivo). Tampouco o diferente comportamento co reforzo *a si mesmo* ten repercusións no esquema sintáctico, senón que as diferencias dependen da clasemática dos verbos en cuestión: contrariamente ós demais predicados de acción, os verbos de movemento corporal como os de (3) e (4) presentan a obvia peculiaridade de desenvolveren a súa tensión como unha acción interna, desde o punto de vista óntico, cando os argumentos axente e término afectado son referencialmente idénticos, o que non ocorre cando non hai tal identidade. Pero de aí non se pode concluír, no ámbito estrictamente lingüístico, que tales verbos construídos pronominalmente (*pararse,*

(1) Esta posibilidade de supresión resulta restrinxida con algúns verbos (cf. *senta aí* pero *?eu sento sempre nesta cadeira*), libre con outros (cf. *pareí/pareime na rúa*) e practicamente obrigada con outros: *baixeime do autobús*, *subinme á cerdeira*. O galego é unha lingua relativamente restrictiva no emprego de CP, en particular se o comparamos co castelán. Por iso usos pronominais como os de *subirse* ou *sentarse* son sentidos fortemente como castelanismos.

sentarse, levantarse, deitarse, etc.) constitúan verbos funcionais distintos dos seus correspondentes transitivos oblicuos, por máis que existan certos conceptos correspondentes ó dominio do coñecemento da realidade que apunten nese sentido (2). Pero semellante percepción non pode interferir na descrición lingüística. Neste eido, o verbo *parar*, v. g., definido como, poñamos, 'facer alguén o necesario para que algo ou alguén deixe de estar en movemento', vale tanto para o *parar* de *parouno a policía* como para o de *parou(se) na rúa*. Desde esta óptica, é o carácter básico -non marcado- do uso non oblicuo destes verbos de movemento corporal o que explica a inaceptabilidade (por outra banda relativa) do reforzo *a si mesmo*, que perde nestas ocorrencias a súa xa de seu escasa funcionalidade ante a interpretación por defecto, sen marcas, do sentido reflexivo (o que explica tamén a tendencia destas ocorrencias a non se construíren pronominalmente). Pero, en definitiva, en tanto que se presenten con CP, comparten o mesmo esquema sintáctico-semántico coas demais reflexivas directas -tipo (1) e (2)-, polo que o clítico é, en todo caso, índice formal dun complemento directo referencialmente idéntico ó suxeito.

1.2. Resulta un lugar común, abundantemente contrastado coa realidade da fala, afirmar que en galego son incorrectas as chamadas construccións reflexivas indirectas, o que constitúe un dos trazos contrastivos máis salientes con relación ó castelán, onde son tan abundantes. En efecto, por máis que se poidan documentar mesmamente en escritores de prestixio, son en galego absolutamente agramaticais, e de feito non se rexistran na lingua viva, construccións como as seguintes:

(5) * O home lavouse as mans.

(6) * O home queimouse un dedo.

(7) * O home bebeuse toda a botella.

(8) * O home fíxose un traxe novo.

O clítico non pode, pois, por vía de regra, aparecer como índice funcional dun complemento indirecto referencialmente idéntico ó suxeito. O galego adopta esa opción como non marcada e interpreta por tanto tal identidade por defecto, prescindindo de calquera marcador, que aparece sen embargo obrigatoriamente no caso de non se-lo destinatario coincidente co suxeito (cf. *lavoulle as mans, queimoume un dedo, bebeuche a botella, fíxonos un traxe*). Sen embargo, en determinados contextos fortemente marcados, pero non insólitos, a devandita opción non marcada pode verse alterada por factores pragmáticos derivados das presuposicións acerca da interrelación de determinados argumentos con determinados predicados. En efecto, nestes casos chega a darse a circunstancia de que se non aparece o clítico reflexivo marcando a identidade referencial do destinatario co suxeito, entenderíase -contravindo a opción básica- que ese destinatario é outro distinto daquel. Tal é o que ocorre en construccións como as que seguen:

(2) "En efecto, el hablante entiende de modo transitivo expresiones como *levanto algo*... pero una consideración análoga de *me levanto* está bloqueada por su conocimiento extralingüístico que le impide interpretar de ese modo la acción, porque ella no es posible en la realidad" (Cartagena, 1972, p. 64).

(9) Vistos os resultados das súas análises, o médico diagnosticouse unha epatite.

(10) Propuxéronse unha tarefa moi difícil.

(11) Os pobres non se poden permitir eses luxos.

(12) O home preguntábase qué debía facer e, despois de moito cavilar, contestouse: "tes que actuar".

(13) O xastre fíxose un traxe novo para a voda do fillo.

En todos estes casos pode decirse que existen *boas razóns* para marcar pronominalmente a identidade do destinatario co suxeito: doutro xeito, o noso coñecemento da realidade interferiría na regra lingüística de base e interpretariamos que o médico lle diagnosticou a epatite a un paciente e o xastre lle fixo o traxe ó fillo ou a outro cliente, antes que a si mesmo. Por tanto nestes casos, contextualmente moi marcados, a presencia da partícula *se* índice de complemento indirecto xustifícase, a título de excepción, pola necesidade (pragmaticamente determinada) de marcar de xeito inequívoco a "non oblicuidade" da acción -por empregarmos terminoloxía de Cartagena (1972)- en ocorrencias en que a falta de marca levaría a interpretar que a acción "pasa a outro", que presenta un destinatario distinto do axente (3).

1.3. O terceiro grupo de CP co clítico morfema flexional obxectivo é o das chamadas construccións recíprocas. Baixo unha aparencia de materia doada, estas oracións agachan unha notable complexidade na descrición do seu funcionamento e mesmo na súa delimitación como tal grupo. A marxinalidade con que habitualmente se aborda este tipo de construccións resulta unha boa aliada deste estado de cousas. O primeiro que chama a atención a este respecto é a tradicional consideración -pouco menos que unánime- destas recíprocas como unha modalidade das reflexivas *stricto sensu*, "unha forma de reflexividade na que existe unha dobre dirección da acción" (Alvarez *et alii*, 1986, p. 179), e non como unha variante das construccións transitivas: consúmase así mesmamente unha contradicción lóxica, pois a propiedade reflexiva non pode admitir, por definición, reciprocidade.

O asunto vai máis alá dunha mera cuestión terminolóxica e atinxe ó problema da propia delimitación da noción de reciprocidade en lingüística, isto é, a relación entre o "sentido recíproco", como categoría lóxico-semántica, e a súa plasmación formal mediante uns determinados tipos de construccións lingüísticas. O tipo base, sobre o que non se suscita discordia, é o daquelas construccións en que un axente *A* realiza unha acción sobre un termo *B* paciente, que á súa vez actúa como axente realizando en paralelo a mesma acción sobre *A*. Dependendo do tipo de predicado en cuestión, temos daquela construccións recíprocas ditas directas ou indirectas, como exemplifican (14) e (15) respectivamente:

(3) Sen embargo, nestes casos non é posible a substitución pronominal do complemento directo, por causa da inaceptabilidade da secuencia *se o(s)*, *se a(s)*, dificilmente impoñible coa escasa forza dunhas pcorrencias sempre excepcionais. *Cf. infra* (§ 2) o caso parello da solución *a el non se lle ve pola rúa* (/ *se o*).

(14) Paulo e Antón abrazáronse.

(15) Paulo e Antón déronse un abrazo.

O paralelismo entre esta división nas recíprocas e a das reflexivas é obvio e sen dúbida resultou determinante á hora de caracteriza-las primeiras como unha modalidade das segundas, dando un salto no absurdo. En efecto, nas CP recíprocas o clítico é índice funcional no plano da expresión das funcións sintácticas complemento directo e indirecto, segundo os casos, de xeito paralelo ó clítico das reflexivas directas e indirectas. Pero o esquema de funcións semánticas de base dun e outro tipo de construccións son netamente distintos. Prodúcese por tanto unha identidade formal que desemboca frecuentemente en ambigüidade; unha ambigüidade que, de non se dirimir pola situación comunicativa, tense que desfacer co recurso ós reforzos reflexivo *vs.* recíproco (*a si mesmos* vs. *un ó outro / entre si / mutuamente*).

Pero se falamos de ambigüidade, e non simplemente de indeterminación informativa, é precisamente porque á construcción eventualmente ambigua lle corresponden dous esquemas semánticos distintos (o reflexivo e o recíproco): temos por tanto dúas construccións lingüísticas *distintas*, pero deficientemente *distinguidas*; as dúas estructuras de base están marcadas na secuencia formal coa mesma partícula, o cal, constituíndo unha mostra de defectividade do sistema, non borra a súa diferenciación lingüística. En realidade, a ambigüidade destas CP ultrapasa amplamente os límites do par reflexividade-reciprocidade: unha construcción como *matáronse dous nenos* resulta ambigua por corresponder a nada menos que catro estructuras distintas: reflexiva ('suicidáronse'), recíproca ('matáronse un ó outro'), impersoal ('alguén matou dous nenos' *v. infra* § 2) e, digamos, causativa ('morreron, matáronse nun accidente, v. g., *v. infra* § 3.2), ás que habería que engadir en español unha quinta, a reflexiva indirecta "de interese" (*los asesinos se mataron dos niños*). Semellante situacijón deriva do sobrecargo de funcións á que se foi sometendo a partícula *se*, co cal o que se "economiza" no plano da expresión "descóntase" na dependencia semántica do contexto ou da situación comunicativa, cumprindo en última instancia (pero só de xeito excepcional) recorrer a reforzos formais de significado inequívoco. Pero diso non se desprende en modo ningún (como, polo demais, ninguén pretende) a non diferenciación lingüística entre, poñamos, a estructura impersoal e a causativa, nin tampouco a consideración daquela como unha modalidade desta. Pois o mesmo cómpre dicir acerca da confluencia formal entre reflexivas e recíprocas.

Situándonos alén destas que podemos considerar exemplos certos de construcción reflexiva -como (14) e (15)- xorden problemas co establecemento dos límites desa construcción sintáctica, que se tenden a alargar para dar cabida dentro deles a novas construccións que amosan igualmente "sentido recíproco" pero que non se ateñen á estructura gramatical de dobre transitividade simultánea (*A abraza B + B abraza A = A e B abrázanse*). Cabe considerar daquela novas construccións recíprocas como as seguintes:

(16) a. Os dous rapaces xuntáronse.
b. Os dous rapaces divorciáronse.

(17) a. Os dous rapaces pelexaron (/?pelexáronse).
b. Os dous rapaces casaron (/?casáronse).

(18) a. Os dous rapaces concordaron (/*concordáronse).
b. Esas dúas cores combinan (/*combínanse) mal.

Temos por tanto outras presuntas construccións recíprocas construídas pronominalmente, como as de (16), outras que poden eventualmente levar unha marca pronominal que moitos falantes rexeitarían, como en (17), e finalmente outras nas cales a CP é rotundamente agramatical, como as de (18). Fronte ás construccións recíprocas canónicas (14-15), que só poden ser construídas pronominalmente, con verbo transitivo e suxeito plural, estas abranguen igualmente a transitivos e intransitivos e poden construírse con suxeito en singular cun suplemento verbal introducido xeralmente por *con*, como amosan:

(16') O rapaz xuntouse coa rapaza.

(17') O rapaz pelexou coa rapaza (/?pelexouse).

(18') O rapaz concordou (/*concordouse) coa rapaza.

A todas estas construccións se estende de certo o "sentido recíproco", entendido como a idea de relación mutua entre os dous ou máis termos en cuestión. Esta noción de reciprocidade ou mutualidade alárgase por tanto máis alá dos límites das CP, de xeito que a CP recíproca non sería máis que unha das súas formas de expresión. Agora ben, a cuestión é: ¿constitúen tódalas pretendidas construccións recíprocas (14-18) un tipo de construcción lingüisticamente delimitado? Os modelos referidos como canónicos (14-15) responden a unha estructura sintáctica homoxénea (que máis arriba definiamos como dobre transitividade simultánea), pero non ocorre o propio coas construccións correspondentes ó sentido recíproco alargado (16-18). Desde logo non se pode considera-lo clítico como índice formal dese sentido, nin sequera con carácter defectivo. En todos estes casos o sentido recíproco deriva do propio carácter léxico do verbo (*xuntarse, pelexar, combinar,* etc. implican necesariamente dous ou máis termos vencellados en relación mutua). Por tanto nestes casos non se pode falar de construcción recíproca, pois o sentido recíproco non se corresponde con ningunha construcción sintáctica senón que ten un carácter léxico.

Consonte o dito, ¿cal é o papel do *se* nestas construccións pseudorrecíprocas con marca pronominal? Como veremos, correrspóndese sempre a outros tipos de CP -non recíprocos-, de xeito que a súa implicación nestas cláusulas de sentido recíproco é meramente circunstancial. Considerémo-lo caso das construccións de (16): predicados como *xuntar, separar* e tantos outros presentan un módulo actancial do tipo *alguén xunta A con B / alguén separa A de B*. Supoñendo que ese alguén sexa o propio *A* temos *A separouse de B* (modelo 16') cun *se* índice de complemento directo referencialmente coincidente co suxeito (*separouse a si mesmo*, reforzo relexivo); o mesmo *se* segue aparecendo se situamos conxuntamente a *A e B* na posición de suxeito: *A e B separáronse* (modelo 16), isto é *A* e *B* son axentes da acción de separárense a si mesmos. Obviamente separáronse de algo: ese se-

gundo termo pode ser *B* relativamente a *A* e viceversa (sentido recíproco), ou ser un termo ou termos distintos (*A* de *C*, *B* de *D*, ou *A e B* de *E*: sentido non recíproco). As distintas posibilidades dependen dunha indeterminación informativa suplida xeralmente polo contexto situacional; pero non hai ambigüidade, pois o esquema semántico e sintáctico é en claquera caso o mesmo.

Estas construccións dos tipos (16-16') poden chegar mediante unha especialización semántica a unha lexicalización da construcción pronominal, de xeito que o clítico perda a súa funcionalidade como índice de complemento directo e se convirta nun constituínte máis do lexema verbal (*cf. infra* § 3): tal é o que ocorre nos usos pronominais de, v. g., *separarse* ou *divorciarse* cos significados de 'obte-la separación legal', 'obte-lo divorcio'. Nestes usos -tanto en (16) *A e B divorciáronse* como en (16') *A divorciouse de B*- temos uns predicados predicados funcionalmente distintos dos seus homónimos non pronominais. O mesmo ocorre con construccións como *A escríbese con B*, do mesmo tipo que as de (16') pero procedentes dunha construcción propiamente recíproca -*A e B escríbense (cartas)*, tipo (14)-; *escribirse* adopta nestas construccións un valor léxico como predicado funcionalmente independente co signo de 'manter relación epistolar con alguén', e como tal debe ir presentado no diccionario. En certo punto semellante é o caso das construccións con verbos intransitivos como as de (17-17') con *pelexar* ou *casar* ('contraer matrimonio'), nas cales as escasamente aceptables CP de sentido recíproco presentan o mesmo estatuto léxico que o que posúen en xeral as CP con verbos intransitivos (*cf. infra* § 3). A inexistencia dunha auténtica oposición semántica nos pares *pelexar/pelexarse, casar/casarse*, do tipo da de, v. g., *ir/irse*, deixa estas CP nunha situación que linda coa agramaticalidade, nunha lingua moito máis restrictiva que outras (como o español) con estas construccións en xeral e en particular cos verbos intransitivos, caso no cal a CP está fortemente limitada pola súa rendibilidade como marca lexemática dun cambio de significado (de onde a inaceptabilidade de **caerse pola ventá*, **quedarse calado*, etc. *V. infra* § 3).

2. *SE*, MORFEMA FLEXIONAL SUBXECTIVO

Agrupa este segundo bloque en que clasificamos funcionalmente as CP aquelas construccións denominadas xenericamente "de *se* impersoal". Obxecto dunha particularmente abundante bibliografía, a súa consideración como un conxunto á parte do resto das CP non suscita maior problema mesmamente pola peculariedade formal de non seren estas construccións susceptibles de variación de persoa, aparecendo unicamente na non-persoa (P3, singular e plural), por tanto cunha única forma pronominal inalterable *se*. Pero unha vez sentado o seu carácter diferencial relativamente ás restantes CP, suscítase unha profunda controversia acerca da súa condición como un grupo internamente homoxéneo ou non. Esta polémica xorde alentada pola notable diverxencia formal que se observa nas construccións considerádas neste parágrafo, ó tempo que latexa dun xeito máis ou menos patente certa convicción de que, por riba das distincións que se poida chegar a establecer, existe unha sorte de ámbito común a todas elas que leva a ca-

racterizar tales diverxencias formais como meras variantes ou vacilacións correspondentes a unha única estructura de base. Mostra destas diverxencias dánola o seguinte exemplario ilustrativo deste grupo de CP:

(19) a. A casa alúgase durante o verán.
b. Véndense libros.

(20) a. Aquí vívese ben.
b. Lese pouco.

(21) Avisouse a un afectado.

(22) a. Alúgase casas durante o verán.
b. Véndese libros.

(23) O acordo asinouse por ámbolos presidentes.

Dúas son as posturas que polarizan os extremos do debate acerca da caracterización destas CP, debate que amosa unha alta dose de apriorismo nas súas opcións: para uns son claramente pasivas ("pasivas reflexas"), para outros son activas ("impersoais reflexas"). Entre elas atópase unha postura intermedia (unhas son activas, outras pasivas), solución ecléctica de compromiso que é a máis estendida na gramática tradicional. En tódolos casos se parte de determinados modelos que cadran formalmente co que se postula e que se presentan como canónicos, proscribindo ou xustificando forzadamente aqueloutras construccións rebeldes á caracterización previamente adoptada.

Claro exponente da posición apasivante, e desta maneira de operar, é Andrés Bello (1847), quen para soste-la súa caracterización pasiva de toda a serie ten que acudir a un forzado recurso de elipse do suxeito nas CP con verbo intransitivo, como as de (20) *se duerme*, "como si dijéramos *se ejecuta el dormir*" (§ 787); tamén ten que xustificar dun xeito non menos forzado as CP co elemento nominal introducido por preposición, como a de (21), interpretando como dativos os complementos directos (*se colocó a las damas = se dió colocación a las damas*, § 791); e por suposto ten que rexeitar por inaceptables as CP non concordadas do tipo das de (22), que obriga a rescribir ora asimilándoas ás de (21) póndolle a marca preposicional *a* de dativo, ora asimilándoas ás de (19) facéndoas concordar: "así, o decimos: «Se desobedece a los preceptos de la ley divina» ... o «Se desobedecen los preceptos»" (*ibid.*).

Se consideramos activa a serie, como ocorre paradigmaticamente con autores como Rodolfo Lenz (1920) ou Said Ali (1908), temos que xustifica-la concordancia co obxecto nas CP concordadas en plural, tipo (19b), como unha falsa concordancia: "é devida à influência de frases de verbo pronominal com sentido manifestamente reflexivo", argumenta Ali (p. 16); cómpre tamén explica-la eventual presencia de axente, como en (23), analizándoo como un complemento circunstancial de instrumento ou de medio, non como tal complemento axente, ademais de incidir sobre a incorrección destas construccións na lingua moderna (eran correntes na Idade Media), lugar común ás gramáticas española e portuguesa. Repárese en que o mesmo recurso á proscrición normativa, de nulo valor para o

efecto, é empregado igualmente por uns e outros, pero con orientacións opostas segundo os presupostos adoptados de partida.

Na tan estendida postura ecléctica (unhas son activas, outras pasivas) a concordancia convértese na pedra de toque no discernimento dun e outro grupo: na pasiva reflexa "o verbo está en terceira persoa de singular ou plural, concertando co suxeito paciente", mentres que "na impersoal activa o verbo está inmobilizado en terceira persoa de singular e o paciente é o seu complemento directo" (Alvarez *et alii*, 1986, p. 182). Deste xeito amáñase *ad hoc* os desaxustes sinalados nas dúas solucións monolíticas, pero déixase a adscrición da CP con verbo e frase nominal ambos en singular -tipo (19a), a ocorrencia máis frecuente, con moito, de todas- a mercé de valoracións prexuizadas, segundo a paráfrase que dela se faga, dado que na mesma coinciden formalmente ámbalas pretendidas estructuras activa impersoal e pasiva reflexa (*alúgase a casa* = 'alguén a aluga'/'é alugada').

Na base do procedemento de adscrición destas CP a unha modalidade diatética ora activa ora pasiva opera, calquera que sexa a opción, unha sorte de prexuízo funcional que conduce á asignación dun determinado esquema de funcións sintácticas a cada construcción, salvando a falta de criterios formais operativos coa adopción doutros intuitivos e apriorísticos, consonte os presupostos nocionais de que se parta. A cuestión de fondo deste debate -como en xeral de toda a problemática de clasificación das CP- é a do estatuto gramatical da partícula *se*, e dos clíticos en conxunto, de onde se deriva a confusión acerca da función sintáctica que se lle deba asignar nas construccións impersoais, e por tanto da interpretación diatética destas.

Consonte o marco xeral de reformulación da caracterización global das CP deseñado na primeira parte deste traballo, considerando os clíticos como morfemas verbais, o *se* impersoal (19-23) constitúe un morfema verbal subxectivo, que apunta ás relacións do verbo co primeiro actante, o suxeito semántico. A diferencia dos restantes clíticos (incluído o *se* morfema flexional obxectivo), este non é referente de función sintáctica, mesmamente porque o *se* impersoal, fronte ós outros clíticos, non está en lugar dun elemento nominal determinado, senón que é referente verbal dunha posición argumental baleira (a dun suxeito semántico lingüisticamente indeterminado) que pola súa propia vacuidade non é susceptible de sustentar función sintáctica. Consecuentemente, o correspondente proceso de asignación de tal tipo de funcións ó obxecto semántico perde relevancia funcional: atopámonos pois perante unha construcción (a de *se* impersoal) que presenta un esquema sintáctico indeterminado.

Esta solución, para alén dos receos que puidera suscitar a primeira vista por artificiosa, non é máis que o punto en que converxen a inestabilidade e vacilacións formais que amosa este conxunto de CP, que facían inviable calquera das opcións diatéticas escollidas. En efecto, esas anomalías formais deste "terreo movedizo da sintaxe" (en expresiva imaxe de Cartagena 1972, p. 147) constitúen o exponente da indeterminación do esquema sintáctico destas CP, pois afectan mesmamente ás marcas formais que delimitan as funcións sintácticas implicadas no caso, suxeito e complemento directo: a concordancia verbal e o resto pronominal *o(s), a(s)*, respectivamente. Repárese nas variacións de (24) e (25):

(24) a. Desde alí non se vían as rapazas.
b. Desde alí non se vía as rapazas.

(25) a. *Desde alí non se as vía (a elas).
b. Desde alí non se lles vía (a elas).

Na nosa opinión, a indeterminación do esquema sintáctico das CP impersoais está na base do anómalo comportamento do resto pronominal correspondente ó obxecto semántico. Dado que este clítico é asignador de función sintáctica pero a mesma está neutralizada, prodúcese unha irresolución na aparición das marcas formais, que perden así o valor funcional que habitualmente presentan. Unindo a isto que se trata dunha construcción de relativamente escasa prevalencia cuantitativa, compréndese a adopción de solucións gramaticalmente chocantes como *se lle* (25b), favorecidas no caso do galego polo insólito das secuencias "esperables" **se o, *so, *se a, *sa* (25a), que non aparecen propiciadas por ningunha construcción sintáctica de uso, o que leva á habilitación do clítico máis contiguo, o dativo *lle*, que neste caso non é índice de complemento indirecto, nin de ningunha outra función sintáctica.

Do mesmo xeito, a concordancia alternante que amosan estas CP (24), parella á que se dá noutras construccións que amosan a posición de suxeito tamén baleira (*houbo/houberon festas; fixo/fixeron uns días moi bos; choveu/choveron pingas moi gordas*), constitúe tamén manifestación formal desa indeterminación sintáctica, e de feito non pode servir para diferenciar como estructuras sintáctica e diateticamente opostas as vacilantes solucións (24a) e (24b), de feito meras vacilacións, idiolectalmente alternantes, dunha única construcción.

Temos por tanto que tódalas ocorrencias de *se* impersoal (19-25), coas súas anomalías e alternancias, constitúen unha única construcción sintacticamente indeterminada, o que comporta a inoperancia de caracterizar tales construccións diateticamente, quer como activas, quer como pasivas. O *se* defínese pois, nestas CP, como un morfema flexional subxectivo, índice dun suxeito semántico lexicamente baleiro e ó que por esa propia vacuidade non se lle pode asignar función sintáctica ningunha (de onde se deriva a indeterminación sintáctica de toda a construcción).

3. *SE*, FORMANTE LEXEMATICO

Temos por último un terceiro bloque de CP que, consonte o criterio de caracterización funcional que estamos a empregar, abrangue unha serie de diversas construccións nas cales a aparición da partícula reflexa perde a súa primitiva funcionalidade sintáctica (como índice verbal dunha determinada función) mediante un proceso de especialización semántica, de xeito que o uso pronominal destes verbos se identifica cunha determinada acepción léxica distinta e, por tanto, constitúe de seu un predicado funcionalmente distinto, dentro do fondo léxico de unidades predicables da lingua. Perdida a súa funcionalidade sintáctica como morfema verbal flexivo, o clítico convértese deste xeito en formante lexemático do

verbo, integrado nunha sorte de lexema discontinuo, o significado do cal vén dado conxuntamente pola raíz e o clítico. Corresponden por tanto estas construccións ós usos verbais que veñen (ou deberían vir) sinalados nas entradas do diccionario como *v.pron.*, contrariamente ó resto das CP, as cales, pola súa índole sintáctica, non lle corresponde ó diccionario a súa identificación. Máis alá destes elementos comúns, o conxunto de CP agrupadas neste parágrafo resulta bastante heteroxéneo polas diversas vías de integración no mesmo. Ocuparémonos a seguir dos tipos fundamentais que cómpre discriminar dentro deste bloque.

3.1. En primeiro lugar consignamos un grupo de construccións cun considerable nivel de productividade, que constitúe de certo o tipo internamente máis homoxéneo dos que distinguimos nesta alínea e mesmamente acaso de tódolos tipos de CP considerados neste traballo. Referímonos a construccións como as que seguen:

(26) A neve derreteuse durante a primavera.

(27) O rapaz alegrouse pola boa nova.

(28) A ventá abriuse co vento.

Todas estas cláusulas están sintáctica e semanticamente relacionadas con outras construccións transitivas, que dan conta da *grosso modo* mesma realidade extralingüística, se ben presentándoa cunha diferente perspectiva informativa:

(26') A calor derreteu a neve durante a primavera.

(27') A boa nova alegrou o rapaz.

(28') O vento abriu a ventá.

Como se ve, o suxeito da CP "convértese" en complemento directo no seu correlato transitivo, introducíndose nesta para ocupa-la posición do primeiro actante un suxeito-axente *causante* da acción expresada polo verbo. A relación existente entre os correlatos (N)-(N'), constante dotada dunha extraordinaria relevancia na lingua, tense denominado "ergativa" (isto é, *causativa*), termo potencialmente enganoso que leva acadado notorio espallamento, sobre todo gracias ó influxo de Lyons e Halliday. En consecuencia, as CP deste tipo (26-28) téñense caracterizado como "reflexividade ergativa" (Zribi-Hertz, 1987).

A correlación "causación/resultado" é obvia. A construcción transitiva amosa unha presentación activa, isto é, unha organización operativa dos argumentos (do causante cara ó término afectado) que deseña un estado de cousas en que o verbo é un predicado de acción. A CP amosa pola súa banda a presentación *resultativa* do mesmo fenómeno, deseñando un novo estado de cousas en que o verbo pasa a funcionar como un proceso interno que sobrevén como resultado do estado de cousas correspondente ó correlato transitivo (presentación adventicia). Deste xeito temos unha contraposición semántica "causa/resultado", o segundo termo da cal vén marcado nestas ocorrencias polo engademento do clítico reflexo, contraposición con caracteres de constante. Repárese:

DERRETER	*vt*	Facer que algo pase de sólido a líquido.
DERRETERSE	*vp*	Pasar algo de sólido a líquido.
ALEGAR	*vt*	Facer que alguén sinta alegría.
ALEGRARSE	*vp*	Sentir alguén alegría.
ABRIR	*vt*	Facer que unha abertura quede libre.
ABRIRSE	*vp*	Quedar libre unha abertura.

A pesar da extraordinaria recorrencia que amosa na lingua esta correlación sintáctico-semántica dita ergativa, é o certo que ela non é en absoluto xeral: son moitos os verbos transitivos non causativos, que non a admiten (v. g.: *A come B/ *B cómese* [= resulta comido]; *A le B/ *B lese* [= resulta lido]; *A garda B/ *B gárdase* [= resulta gardado]; *A supera B/ *B supérase*; etc.). Quere dicirse por tanto que, na medida dos nosos coñecementos, non pode ser descrita como producto dun mecanismo puramente gramatical, senón que constitúe en última instancia unha propiedade léxica: correspóndelle ó lexicón ou diccionario especificar a que predicados alcanza (4).

Por outra banda cómpre lembrar que a gran productividade desta correlación ten na CP simplemente unha das súas manifestacións formais. Se ben son estes usos pronominais os que nos interesan para o caso que nos ocupa, é obvio que a presentación resultativa pode tamén construírse intransitivamente sen ningunha marca pronominal, como en (29), vacilar ás veces entre a presencia e a ausencia desa marca, como en (30), ou mesmo vir dada por unha forma léxica netamente distinta, como en (31):

(29) A pancarta rachou co vento.

(30) As flores murcháron(se) coa xeada.

(31) O monte ardeu. [*Cf.* O incendio queimou o monte]

A existencia de múltiples pares léxicos asimilables á correlación "causa/resultado", como *queimar/arder, matar/morrer; tirar/caer*, etc., é unha proba, tan obvia como innecesaria, do carácter léxico da oposición dos pares tipo *derreter/derreterse, alegrar/alegrarse, abrir/abrirse*, etc. Polo que respecta á alternancia presencia/ausencia de marca pronominal, esta non depende dunha oposición funcional, senón que se dilúe en factores diatópicos, diastráticos e diafásicos, estando en última instancia as máis das veces suxeita a un criterio puramente idiolectal, traducindo imprecisas matizacións de maior ou menor intensidade afectiva a xuízo

(4) Precisamente é este carácter léxico -non gramatical- do fenómeno o que induce ás confusións que desaconsellan o emprego do termo "ergativo", ó levar a interferencias co uso propio do mesmo, referido ás linguas dotadas dun esquema gramatical tal que marcan -polo xeral morfoloxicamente- o suxeito das construccións intransitivas do mesmo modo que o obxecto das transitivas, e de maneira diferente ó suxeito destas últimas (por oposición ás linguas de base nominativa, que marcan igual os suxeitos de ámbalas construccións e distinto o obxecto das transitivas). O número de linguas ergativas -neste senso propio- é reducido, pero se adoptamos aqueloutro sentido adicional léxico, calquera lingua ten, en maior ou menor medida, ese tipo de ergatividade, mesmo as linguas de base nominativa. De aí que a identidade terminolóxica, precisamente por tratarse de dous fenómenos afíns pero situados en dimensións distintas, resulta perniciosa por levar a confusión.

do informante. No caso do galego, lingua non normalizada no seu propio territorio, na identificación deses factores latexa sempre a sombra da sospeita dunha interferencia dos esquemas do castelán, lingua que, por regra xeral, presenta unha maior tendencia á marca pronominal (cf. *la pancarta ?rompió/se rompió con el viento* vs. *a pancarta rompeu/?rompeuse co vento*).

3.2. Outro gran grupo de construccións en que a presencia do clítico amosa un carácter léxico é o das CP con verbos intransitivos, do tipo das que ilustran os seguintes exemplos:

(32) O vello foise (de vacacións).

(33) O vello ríase (de todos).

(34) O vello empezou a laiarse (polo golpe que levara).

(35) O vello finarase algún día.

A aproximación prototípica a este grupo de construccións salienta nomeadamente dous aspectos característicos. En primeiro lugar, sinálase o feito de que poden construírse gramaticalmente sen pronome (*o vello foi/riu/laiou/finou*), o que leva á caracterización do clítico como un elemento superfluo, innecesario, redundante, nunha visión superficial dos feitos que despreza as fundamentais repercusións sintácticas e semánticas implicadas no tratamento pronominal destas construccións. Por outra banda resulta lugar común destaca-lo contraste que con relación ás restantes presentan estas CP con verbos intransitivos, nas cales a propia condición monoactancial dos verbos en cuestión repugna a súa intelección como unha modalidade alargada da noción de reflexividade, subespecie da transitividade. Para salvar esta perigosa sima téndese unha precaria ponte conceptual, interpretando nestas CP unha aplicación *sui generis* da reflexividade: en palabras de Bello, de repararnos ben nestas construccións, "percibiremos cierto color de acción que el sujeto parece ejercer en si mismo" (§ 764).

Esta concepción impresionista da reflexividade acáelle perfectamente á hipótese de caracterización das CP como índices de voz media, hipótese que se verá profusamente ilustrada con exemplos deste tipo de CP. A serie de nocións que se ven implicadas na descrición destes usos é ampla: fálase de tenues matices de percepción, participación, especial interese, de volición, vigor, intensidade, espontaneidade e un longo etcétera de caracterizacións afectivas, unhas veces referidas ó suxeito, outras ó emisor, en ocasións non sabemos certo a quen; todo o cal mesturado con eventuais connotacións de nivel de lingua (unhas veces estas CP revélanse vulgares, outras veces propias da linguaxe familiar, outras non marcadas); e en última instancia atopamos indefectible o recoñecemento da escaseza de estudios que aprofundicen na materia e a sometan a regras máis precisas. Resta por tanto a impresión de que, ó cabo, o uso destas CP faise á mercé dunha confusa amálgama de factores esvaradíos.

Semellante estado de cousas leva a algúns autores (Bull 1950, 1952; Cartagena 1972) a postular como necesario o estudio destas CP por separado para cada par opositivo "presencia/ausencia de clítico" (*ir/irse; rir/rirse; finar; finarse*, etc.), re-

nunciando así a unha descrición global do mecanismo de funcionamento destas construccións. Tamén Martín Zorraquino (1979) asume este programa, pero sen embargo afirma, un tanto incoherentemente, que non se debe renunciar a unha explicación xeral para todas estas CP, que formula deste xeito: "el pronombre reflexivo no hace sino *reforzar, recalcar* las características de ese proceso [o intransitivo]: *localizar* insistentemente ese proceso en el sujeto" (p. 112, cursivas da autora). Caracterización moi xenérica, como era de esperar, que podería valer acaso para describi-lo fenómeno (o uso pronominal) cando este aparece, pero non explica *cando* é que aparece, ou o que é o mesmo, *por qué* aparece nunhas ocorrencias e non aparece noutras. Deste xeito, o necesario factor de predictibilidade esixible a calquera explicación lingüística resulta absolutamente nulo: a estricta aplicación *a priori* da pretendida explicación levaría a construír un número inxente de CP agramaticais (**xeminme, *entreime, *saínme, *moreime, *víveste, *agonízaste, *espírraste, *boquéxaste, *xurdímonos, *caémonos, *actuámonos*, etc.). Non hai pois explicación porque non se describe o mecanismo de producción destas CP con verbos intransitivos.

Dada a falta de constancia da existencia dun mecanismo gramatical operativo no goberno destas CP, a descrición do fenómeno convértese nunha cuestión léxica, en tanto que corresponde ó lexicón ou diccionario a descrición do rico xogo de oposicións vencelladas ó par "presencia/ausencia de clítico". Ademais, dicimos que o clítico é nestas construccións un formante lexemático porque a ausencia do pronome produce alteracións no contido léxico do predicado, das que debe dar conta o diccionario. Estas alteracións van, nun continuo, desde un máximo diferencial de significado en determinados pares en que os dous termos da oposición (v.intr./v.pron.) constitúen predicados de sentidos netamente distintos, ata pares cun mínimo diferencial de significado, reducido a matices correspondentes a distintos niveis de lingua para o que é, *grosso modo*, o mesmo contido. Exemplos do primeiro son:

-rir (alguén) / rirse (alguén de alguén ou de algo): 'emitir riso' *vs.* 'burlarse'.

-laiarse (alguén) / laiarse (alguén por algo): 'emitir laios' *vs.* 'manifestar descontento'.

-ocorrer (algo) / ocorrerse(lle algo a alguén): 'suceder' *vs.* 'ter unha idea'.

-desmaiar / desmaiarse: 'perde-lo ánimo' *vs.* 'quedar inconsciente'; etc.

As diferencias de significado entre os dous termos están frecuentemente máis atenuadas, manténdose en común unha boa porción de semas: no típico -e complexo- par opositivo *ir/irse*, por exemplo, temos a grandes trazos un ámbito de contido común ('desprazarse no espacio alguén ou algo') dentro do cal, simplificando, a CP é obrigatoria cando se salienta o punto de partida (*foise/*foi da oficina ás dúas; irse* = 'saír'), mentres que é normalmente agramatical cando ten o sentido de acción en curso, de progresión no espacio sen indicación de orixe nin de destino (*ía/*íase pola rúa dando un paseo*). Sen embargo, cando se salienta que o movemento é cara a un punto de destino (= 'dirixirse a') resultan gramaticais as dúas construccións, con e sen pronome: *foi(se) de vacacións ó Algarve*. Tal é o que ocorre tamén, por exemplo, nos pares *laiar/laiarse* no sentido de 'emitir laios' (*sentín o pobre do vello laiando(se) toda a noite*), ou *finar/finarse* (*o pobre do vello*

finou(se) de madrugada). Nestes casos temos entre ámbolos termos un mínimo diferencial de contido; a oposición léxica, carente de rango semántico, vese degradada a un valor estilístico, de nivel de lingua, ás veces a unha escolla meramente idiolectal, o que en calquera caso debe ir reflectido no diccionario (5).

Repárese no feito de que, polo xeral, cando entre os pares opositivos se dá unha oposición semántica plena, esta ten case sempre repercusións sintácticas: cada un dos termos especialízase nunha determinada estructura sintáctica (*alguén ri* vs. *alguén rise de algo; algo ocorre* vs. *algo ocórreselle a alguén*), fenómeno este xeral nas CP de carácter léxico: *algo alegra a alguén* vs. *alguén alégrase de algo* (§ 3.1), *alguén manifesta algo* vs. *alguén maniféstase por algo* (§ 3.3). Non ocorre o mesmo no caso das oposicións meramente estilíticas, carentes sempre de repercusións no plano gramatical. Para rematar, repárese no feito de que, en termos xerais, o galego tende a restrinxir e especializa-la oposición "pronominal/non pronominal", con estes verbos, en oposicións semanticamente plenas, o que contrasta coa situación do castelán, en que son moito máis frecuentes as oposicións estilísticas, sen trascendencia semántica. Por iso ocorre que con frecuencia moitas destas CP producidas idiolectalmente en galego por algúns falantes poden ser sentidas como pouco aceptables ou mesmo incorrectas por outros (así: **caeuse pola ventá; ?quedouse calado*, consonte os criterios de norma máis espallados).

3.3. Acabamos de ver como nos verbos intransitivos o clítico da CP chega a converterse en marcador dunha especialización léxica a través dun proceso activado polo propio carácter monoactancial do predicado, que bloquea a presumible funcionalidade sintáctica do clítico (como unha aplicación alargada da reflexividade *stricto sensu*) relegándoa subsecuentemente a un valor de carácter léxico. Ocuparémonos agora dunha serie de verbos transitivos nos cales o incremento pronominal acaba por dar lugar tamén a pares opositivos lexicalizados, de xeito parello ó caso precedente, se ben por camiños de certo distintos.

En efecto, estes verbos transitivos presentan unha CP lexicalizada a través dunha aplicación particularizada da reflexividade en sentido propio: un número considerable de predicados usados en construcción reflexiva propiamente dita (tipo 1.1, *supra*), mediante un proceso de especialización semántica deses usos chegan a constituírse funcionalmente en predicados autónomos como verbos pronominais, aparecendo diferenciados como tales no diccionario. Velaí unha serie de exemplos destes pares opositivos:

brindar algo a alguén: 'ofrecer como presente, dedicar'.
brindarse alguén a algo: 'ofrecerse voluntariamente'.

(5) A título de mostra: *finarse* é o termo non marcado da oposición nun nivel de uso coloquial para os máis dos falantes, sendo o uso non pronominal o estilisticamente marcado, asociado a situacións formais, en que o uso pronominal é rexeitado (cf. *finóuselle onte o pai* vs. *o señor X finou onte ós oitenta anos de idade, tras unha longa enfermidade*). A oposición léxica, que non provoca ningunha alteración dos semas, ten un carácter meramente diastrático. Sen embargo tal oposición non é nin mesmo posible no caso dos seus equivalentes *falecer, perecer* e *morrer*, que non admiten a CP (no caso de *morrer*, aínda que o uso pronominal se chegue a dar de feito, fomentado por interferencia do castelán, é sentido como fortemente inaceptable pola maioría dos falantes).

comportar algo unha cousa: 'levar consigo de maneira implícita'.
comportarse alguén dalgún xeito: 'obrar dunha maneira determinada'.

fixar algo: 'tornar fixo'.
fixarse alguén en algo: 'centra-la atención en algo'.

manifestar algo: 'dar a coñecer, declarar, amosar'.
manifestarse alguén por algo: 'reunirse en grupo para protestar contra algo'.

portar alguén algo: 'levar, traer'.
portarse alguén dalgún xeito: 'obrar dunha maneira determinada'.

prestar algo a alguén: 'deixar algo coa condición de devolvelo'.
prestarse alguén a algo: 'ofrecerse voluntariamente'.

O clítico destas CP lexicalizadas perde o seu primitivo estatuto de índice funcional de complemento directo referencialmente idéntico ó suxeito para se converter en formante lexemático do novo verbo, solapándose sobre a construcción reflexiva matriz ata facer máis ou menos opaca a súa primitiva relación de afinidade semántica con ela (sen chegar polo xeral a deixala irrecoñecible mediante unha simple reflexión metalingüística). O proceso diacrónico desa lexicalización varía de verbo a verbo, dependendo da particular historia das palabras, pero sincronicamente amosan un comportamento homoxéneo (6). Repárese no feito de presentaren todas estas CP un suxeito animado, pegada común da súa orixe propiamente reflexiva (tipo 1.1), construcción na cal suxeito e clítico se aplican só a seres animados.

Como nos tipos de CP lexicalizada anteriormente vistos (§§ 3.1, 3.2), a oposición léxico-semántica existente entre estes pares opositivos (tipo *brindar/brindarse*) vai vencellada a unha reestructuración sintáctica da cláusula: a presencia do clítico formante lexemático impide a aparición dun complemento directo (lugar ocupado soterradamente polo clítico, que aínda mantén ecos de tal función) e despraza ó núcleo oracional argumentos habitualmente periféricos, as máis das veces baixo especie de adxacentes verbais con preposición, en función de suplemento (*brindarse A ALGO; fixarse EN ALGO; desfacerse DE ALGO; burlarse DE ALGUEN*, etc.) (7).

(6) *Brindar*, por exemplo, presenta ó parecer un uso pronominal cronoloxicamente anterior ó transitivo, contravindo a secuencia lóxica e habitual; pero en última instancia o -lixeiro- desprazamento de contido responde á mesma motivación có resto da serie (trátase dun verbo derivado de *brinde*, vocábulo formado sobre o alemán *[ich] bring dir's* 'eu ofrézocho', de onde se foi xerando, cunha secuencia cronolóxica anómala, un novo verbo paralelo de *ofrecer*). Tamén *comportarse* se axusta ó padrón da serie, a pesar de que o seu relativamente moderno uso pronominal xurdise na lingua, segundo parece, por influxo do francés. Desde o punto de vista sincrónico estas particularidades carecen de relevancia.

(7) Sinalemos por último que este tipo de pares opositivos transitivo/pronominal ó que nos estamos a referir pode darse eventualmente tamén á marxe da CP, a través de oposicións transitivo/intransitivo, como é o caso do par *repara algo/reparar en algo* ('arranxar' *vs.* 'decatarse'). Pero o estudio destoutros novos pares cae xa fóra dos límites de presente traballo.

4. AS *CP* NON OPOSITIVAS: *UBI SUNT?*

No decurso de todo o que precede de traballo non nos ocupamos dunha peculiar especie de CP: as construídas á volta de verbos que non poden ser usados doutra forma máis que incrementados pronominalmente. Son os chamados "verbos reflexivos obrigatorios", do tipo de *queixarse, esforzarse, atreverse, arrepentirse,* etc. A cuestión que loxicamente se suscita é a seguinte: ¿que lugar ocupan estas CP dentro do esquema de clasificación proposto? Para responder esta pregunta cómpre primeiramente clarexar unha cuestión previa: ¿que tipo de relación existe entre estas construccións obrigatoriamente pronominais e as demais CP, en conxunto?

En tódolos parágrafos anteriores viñemos presentando unha serie de CP caracterizadas opositivamente con relación ós seus correlatos non pronominais. Ocorre eventualmente que, por diversas circunstancias, se rompre o equilibrio de determinados pares opositivos, acontecendo con certa frecuencia a perda do termo non pronominal da oposición. Resta o verbo por tanto cunha única posibilidade constructiva, a CP, convertida deste xeito nunha construcción non opositiva.

Aínda contando coas lagoas documentais propias da corrente desatención á sintaxe histórica, a historia da lingua fornece importantes evidencias acerca do carácter noutrora opositivo de moitos destes verbos que hoxe en día só se constrúen pronominalmente. Reconstruído o primitivo par opositivo, descóbrense os diversos tipos de CP de orixe dos integrantes deste parágrafo. Velaí algúns exemplos rastrexados (8).

AFANARSE, 'sufrir afán, desvelarse para conseguir algo', admitía antigamente a construcción non pronominal intransitiva, sen alteración substancial de significado: *ao que afana ou trabalha em alguns negócios* (*Vit.Christ.* III,14). Abóase deste xeito a existencia pretérita dunha oposición do tipo das actuais *ir/irse, final/finarse* (CP tipo 3.2).

ESFORZARSE ten o sentido moderno de 'facer un esforzo para conseguir algo' que non é senón unha aplicación do máis xenérico de 'darse forzas, cobrar ánimos', moi documentado nos textos medievais: *et que sse esforçassen et que nõ dessen a vila* (*Cr.Gral.* 521.20). Nestes mesmos textos o uso pronominal do verbo alternaba co transitivo, este co sentido de "dar forzas, animar': *confortaua os seus et esforçauaos ẽna batalla* (*Cr.Gral.* 113.61). Temos por tanto un par análogo a *vestir/vestirse, sentar/sentarse* (CP dita reflexiva directa, tipo 1.1).

MOFARSE, co sentido de 'facer mofa ou burla', construíase primixeniamente como intransitivo, consonte o uso moderno do portugués, que tamén rexistran aínda xeralmente os diccionarios casteláns, a pesar de non empregarse nesa lingua hoxe máis que en CP. Temos pois unha oposición parella á vista en *afanarse* (CP tipo 3.2).

(8) Para a documentación histórica servímonos fundamentalmente do *Glosario* de R. Lorenzo (1977), así como dos diccionarios etimolóxicos de Machado (1977) e Corominas (1980).

QUEIXARSE posuíu nas orixes da lingua un uso transitivo *queixar a alguén* co valor de 'aflixir': *super ista fortia quo ille faciebant fuit inde quexar a iuditios et alchaydes* (Salazar 1.8, *apud* Lorenzo s. v.), uso este que se perdeu axiña ó verse descargado sobre a forma derivada *aqueixar* (cf. *ueu que aqueixauan moyto a sseu señor*, Cr.Try. I,214.2). Ambalas variantes acabaron por xebrarse como dous verbos totalmente distintos, de modo que a forma sen prótese quedou limitada á súa construcción exclusivamente pronominal, o que non obsta para recoñece-lo seu primixenio par opositivo, caracterizado pola correlación causativa, ó xeito do modelo *enfadar/enfadarse*, como *aflixir/aflixirse* (CP tipo 3.1).

QUERLARSE, 'presentar querela ou queixa', podía antigamente construírse tamén como intransitivo, á par do seu máis frecuente, e hoxe único, uso pronominal: *assy que o que Receber o erro deue querellar ... por el ao dito fernan f.* (*CDGH*, 366). Podemos por tanto reconstruí-la primitiva oposición intransitivo/pronominal, sen plena alteración de contido semántico, como nos casos anteriores de *afanarse* e *mofarse* (CP tipo 3.2).

En ocasións o rastrexo do proceso diacrónico condúcenos ata a situación latina, na procura do termo presuntamente perdido da oposición. Tal é o caso, por exemplo, do verbo ATREVERSE, do que a moderna CP obrigatoria é o producto da lexicalización dunha primitiva CP opositiva. O romance *atreverse*, antigo *treverse*, procede do latín *tribuere sibi (aliquid)*, 'atribuírse (a capacidade de facer) algo', de onde 'sentirse capaz, ousar'. Desvélase así unha soterrada CP das chamadas reflexivas indirectas (tipo 1.2) na base do moderno uso romance.

Parello é o caso de ARREPENTIRSE, antigo *repentirse*, procedente do impersoal latino *paenitet* con prefixo intensificativo. A secuencia evolutiva da súa construcción cómpre considerala en conxunto cos restantes verbos impersoais de estados anímicos (*piget, pudet, taedet, miseret*): como sinala Bassols (1948, pp. 73-81), estes impersoais, que se construían canonicamente co experimentador en acusativo e a causa en xenitivo (*paenitet te cuiusquam*), presentaron desde o período arcaico a posibilidade de construcción persoal, co experimentador como suxeito (*tu paenites cuiusquam*). Finalmente estes verbos impersoais, a diferencia dos que expresaban fenómenos atmosféricos, acabaron por se regularizar non romances, adoptando o esquema común de construcción persoal, pero incrementados pronominalmente, como CP. Esta CP semella o resultado do cruzamento das dúas construccións latinas de base: *paenitet te* e *tu paenites*, de onde *tu te paenites*, logo *ti arrepínteste*. A CP de *arrepentirse* correspóndese, deste xeito, á causativa do modelo *enfadarse* (CP tipo 3.1), como amosa a correlación activa transitiva *vs.* media impersoal: *quisquam te paenitet* vs. *paenitet te cuiusquam* (cf. 'causar arrepentimento' vs. 'arrepentirse').

Tornando ó presente, o estado actual da lingua fornece tamén exemplos de pares opositivos que segundo tódolos indicios están a piques de perde-la modalidade constructiva non pronominal, o que implica que nos atopamos perante uns verbos pronominais de inminente ingreso no corpus das CP non opositivas que nos ocupan. Tal podería se-lo caso do par *esmerar/esmerarse*, cunha CP aínda de tipo 3.3 (*manifestar/manifestarse*) en tanto perviva a construcción transitiva *esme-*

rar algo, 'pulilo, perfeccionalo', moi rara no galego hoxe. Caso semellante é o de *apoderar/apoderarse*, do que antano era común o uso transitivo *apoderar a alguén*, 'poñelo no poder, facelo señor de algo' (*dademe uos as chaues do Carpyo et apoderademe del, Cr.Gral.* 44.32; *Cr.1344* II, 442), o que revela unha CP do tipo 1.1. Esta acepción acabou por perderse, pero non a construcción transitiva en si, que se refuxiou nun uso xurídico de ámbito marxinal ('concederlle os poderes a alguén') mediante unha especialización semántica que coloca o par actual no ámbito do modelo *manifestar/manifestarse* (CP tipo 3.3) (9).

Non tódolos verbos pronominais que engrosan as CP que agrupamos nesta alínea proceden necesariamente dun primitivo par do que se perdeu o termo non pronominal (de xeito que, se este non se atopase nun rastrexo histórico, o fracaso da indagación tería que ser atribuída a unha lagoa documental). Existen evidencias abondas de verbos pronominais non opositivos nacidos así na lingua: sen correlato non pronominal, correlato que con frecuencia foi xerado posteriormente, consonte algún dos pares opositivos dados, o que apunta ó nacemento destes verbos como pronominais non opositivos dun xeito inducido, ó abeiro dalgún dos modelos existentes. Velaí uns poucos exemplos.

O antigo ESPEDIRSE (posteriormente *despedirse*), derivado de *expetere* 'reclamar, pedir', usábase nos comezos da lingua só reflexivamente, en CP non opositiva, co sentido de 'pedir licencia para marchar' ou máis particularmente 'declara-lo vasalo a fin da súa relación de vasalaxe co señor' (*foy o Çide espedirse del rrey, Cr.Gral.* 633.2). Parece claro o sentido reflexivo directo, tal como *pedirse a si mesmo*, correspondente á CP opositiva tipo 1.1. A percepción diso era talmente así que non demorou moito en aparece-lo correlato oblicuo non pronominal *despedir a alguén*, producíndose unha especialización semántica en ámbolos termos da oposición, co que a CP acabou por se integrar no tipo 3.3. Tamén OMILLARSE -derivado de *humiliare* e en última instacia de *humus*- era antigamente un verbo exclusivamente pronominal, co sentido de 'reverenciar, inclinarse para saudar', onde o uso pronominal, aínda que non opositivo, estaba tamén claramente inducido polo modelo das reflexivas directas (*botarse ó chan*, CP tipo 1.1). Este verbo, seguindo parello camiño, xerou tamén a construcción oblicua non pronominal *humillar a alguén*, cun sentido, en principio figurado, de 'rebaixalo moralmente, vexalo', sentido que se estendeu a ámbolos termos do par, co que se asentou finalmente unha verdadeira oposición do modelo de *parar/pararse* (CP tipo 1.1).

Na lingua moderna, o aínda recente verbo SUICIDARSE, non opositivo desde o seu nacemento, amosa ben ás claras un incremento pronominal suscitado ó abeiro das reflexivas directas, peculiarmente redundante dada a base de composición *sui-* (cf. *homi-cida/sui-cida*, 'asasino de si mesmo'). Con todo aínda nos atopamos perante un verbo pronominal obrigatorio (CP non opositiva), polo menos mentres non se xeralice o seu incipiente uso oblicuo, como o irónico *non se suicidou, suicidárono*, hoxe por hoxe meramente estilístico e agramatical.

(9) En tanto persista a construcción transitiva. *Cf.* o caso do portugués, onde esta se perdeu, resultando *apoderarse* un modelo de CP non opositiva.

Máis que unha relación apurada da casuística do fenómeno ou un remedo metodolóxico ó introducir argumentos diacrónicos nunha caracterización esencialmente sincrónica, o obxecto das calas presentadas foi o de patentiza-lo carácter azaroso das potencialidades constructivas que presentan os verbos en cada estadio de lingua (producto dos múltiples avatares do seu proceso histórico), en particular no referente ó carácter opositivo ou non de calquera CP. Deste xeito, as actuais CP non opositivas consúmanse como tales pola ausencia do correlato non pronominal, preexistente ou non, pero en calquera caso xerado ó abeiro dalgúns dos modelos sincronicamente productivos da tipoloxía presentada nos parágrafos precedentes.

Queda así clarexada, de concordarse co exposto, a cuestión do tipo de vínculo existente entre o conxunto das CP non opositivas e os diferentes tipos en que agrupamos as CP opositivas. Aquelas non se opoñen a estas como se fosen resultados dun novo mecanismo de producción de CP, senón que se integran nelas, evocando en todo caso un par opositivo -historicamente documentado ou non- correspondente a algún modelo da clasificación das CP proposta. Sen embargo, a cuestión fundamental da localización destas CP non opositivas no marco do esquema clasificatorio está suxeita a controversia aínda a partir deste punto, dependendo das implicacións teóricas que se queiran ver neste estado de cousas.

Algúns autores, como é nomeadamente o caso de Nelson Cartagena (1972), precisamente partindo da ponderación da correspondencia -histórica ou inducidadas CP non opositivas cos modelos xerais das CP opositivas, xulgan que a desaparición da posibilidade constructiva non pronominal nas CP non opositivas implica en termos de descrición lingüística a perda do seu primitivo valor funcional, calquera que este fose (de entre os referidos). Pasa o clítico, consonte esta caracterización, a se converter, por falta de contraste, en puro formante lexemático. Ausente a opción non pronominal, a CP convértese nunha correspondencia exacta da unidade léxica, que non pode ser concebida á marxe do incremento pronominal (10).

Tal concepción, nestas CP, de verbo e clítico como unha unidade léxica constitúe mesmamente o punto de vista maioritario dos gramáticos acerca do tema, e de principio parece unha postura sólida e razoable, dado o carácter indisociable do signo constituído por lexema e clítico, elemento unitario que non permite, sincronicamente, unha definición funcional opositiva. Desde esta óptica, a aplicación ó modelo de clasificación proposto no que precede precisaría o engademento dunha nova alínea (3.4) dentro do grupo das CP co clítico formante lexemático para acoller estas CP non opositivas.

Sen embargo, na nosa opinión, esta percepción dos feitos resulta inadmisible desde o punto de vista da coherencia metodolóxica. A constatación, documental ou indiciaria, dos pares opositivos ausentes no estadio actual de lingua e asemade da súa correspondencia *in absentia* cos modelos de CP opositivas exis-

(10) "La particularidad de las CP no opositivas reside en que corresponden más bien a unidades léxicas, entidades de diccionario, lo cual significa que el elemento pronomianl, desde un punto de vista estrictamente sincrónico, funciona en el lexema verbal respectivo como un morfema más de número y persona" (Cartagena, 1972, p. 219).

tentes, non permiten reduci-lo valor destas CP obrigatorias ó de formante léxico polo simple motivo da ausencia circunstancial do par opositivo. Desde os presupostos funcionais que asume o propio Cartagena, non se pode pretender que o mantemento dunha oposición lingüística para unha determinada categoría dependa da existencia efectiva de tódolos termos da oposición en cada unha das formas léxicas comprendidas nesa categoría.

Tomemos un exemplo moi sinxelo. Se caracterizámo-los substantivos por presentaren oposición morfolóxica (mediante flexión) de xénero e número, de carácter obrigatorio, isto é así independentemente de que existan substantivos que non actualizan tódalas posibilidades deses dous pares opositivos. O feito de que, no caso do xénero, mesmamente a maioría dos substantivos sexan ou masculinos ou femininos, sen presentaren posibilidade de variación dentro da masma forma léxica, non implica en absoluto a perda do valor funcional da oposición. *Cesta* e *mesa* son substantivos femininos independentemente de que existan ou non os seus correlatos opostos masculinos. Pero do feito de que existe *cesto* e non **meso* non se deduce a perda de proporcionalidade da oposición: o valor funcional de 'feminino' do morfema *-a* de *mesa* mantense inalterado, o mesmo que o valor funcional de 'plural' do morfema *-s* de *andas*, independentemente de que non se actualicen sincronicamente na lingua os seus correlatos opositivos. Así pois, da mesma maneira que os morfemas *-a* e *-s* non poden ser considerados formantes lexemáticos pola perda do seu valor funcional en tales ocorrencias, tampouco os clíticos das CP non opositivas poden ser desposuídos do seu correpondente valor funcional e apartados do seu lugar estructural para recluílos, como formantes lexemáticos, nunha estraña mallada na que se recollen sen maiores consideracións tódalas ovellas que van quedando sen parella. Como se as ovellas ó quedaren viúvas deixasen de se-lo que antes eran: ovellas.

REFERENCIAS BIBLIOGRAFICAS

Ali, M. Said (1908), *Dificuldades da língua portuguesa*. Livraria Acadêmica, Rio de Janeiro, 1966[6].

Álvarez, R., Monteagudo, H., e Regueira, X. L. (1986), *Gramática Galega*, Galaxia, Vigo, 1986.

Bassols de Climent, M. (1948), *Sintaxis histórica de la lengua latina. II.1. Las formas personales del verbo*, CSIC, Barcelona, 1948.

Bello, A. (1847), *Gramática de la lengua castellana destinada al uso de los americanos*, El Progreso, Santiago de Chile, 1847. Ed. con notas de R. J. Cuervo (1874), Sopena, Buenos Aires, 1958[5].

Bull, W. E. (1950), "*Quedar* and *quedarse*: A Study of Contrastive Ranges", *Language*, 26, 1950, pp. 467-480.

——— (1952), "The intransitive reflexive: *ir* and *irse*", *Modern Language Jounal*, 36, 1952, pp. 382-386.

Cartagena, N. (1972), *Sentido y estructura de las construcciones pronominales en español*, Publicaciones del Instituto Central de Lenguas, Universidad de Concepción, Chile, 1972.

Corominas, J. e Pascual, J.A. (1980), *Diccionario etimológico castellano e hispánico*, 5 vols., Gredos, Madrid, 1980.

Lázaro Carreter, F. (1964), "Problemas de terminología lingüística", en *Presente y Futuro de la Lengua Española. Actas de la Asamblea de Filología del I Congreso de Instituciones Hispánicas*, vol. II, Ediciones Cultura Hispánica, Madrid, 1964, pp. 383-393.

Lenz, R. (1920), *La oración y sus partes. Estudios de gramática general y sus partes*. Publicaciones de la Revista de Filología Española, 1935[3].

Lorenzo, R. (1977), *La traducción gallega de la Crónica General y de la Crónica de Castilla*, vol. II, *Glosario*, Instituto "Padre Feijoo", Orense, 1977.

Machado, J. P. (1977), *Dicionário Etimológico da Língua Portuguesa*, 5 vols., Horizonte, Lisboa, 1977[3].

Martín Zorraquino, M. A. (1979) *Las construcciones pronominales en español. Paradigma y desviaciones*, Gredos, Madrid, 1979.

Milner, J.-C. (1978), "Le système du réfléchi en latin", *Langages*, 50, 1978, pp. 73-86.

Monge, F. (1955), "Las frases pronominales de sentido impersonal en español", *Archivo de Filología Aragonesa*, VII, 1955, pp. 7-102.

Schmitz, J. R. (1966), "The *se me* construction: Reflexive for unplanned ocurrences", *Hispania*, XLIX, 1966, pp. 430-433.

Zribi-Hertz, A. (1987) "La réflexivité ergative en français moderne", *Le Français Moderne*, LV/1-2, 1987, pp. 23-25.

O sufixo -EIRO con valor individualizador no suroeste galego

XOSÉ HENRIQUE COSTAS GONZÁLEZ

O sufixo nominal latino -ARIU(M), feminino -ARIA(M), deixou abundantes derivados nas diferentes linguas romances (*-eiro, -eira,* en galego e portugués; *-ero, -era* en español; *-er, -era* en catalá e provenzal: *-er, -ère,* en francés; *-iere, -iera,* en italiano, etc.) e, en cada unha delas, con diversos significados paralelos.

No latín, co sufixo nominal -ARIU(M) formábanse preferentemente nomes de instrumentos e nomes de lugares, mais tamén se podían elaborar sustantivos colectivos e xentilicios a partir dunha idea de "relación coa base" sobre a que se forma o derivado, é dicir, atendendo á certa semellanza, atendendo á formación dunha cualidade, inclinación, caracterización, etc. Isto mesmo vai perdurar hoxe en día nos diferentes romances, onde cos resultados de -ARIU(M) se van poder formar

a) Sustantivos colectivos: *cancioneiro, cançoner, chansonnier, canzioniere,* etc.

b) Sustantivos locativos: *pulailler, galliner, poleiro, gallinero, galinheiro,* etc.

c) Sustantivos instrumentais: *aguller, agulleiro, alfiletero,* etc.

d) Sustantivos profesionais: *enginyera, ingegnera, enxeñeira, ingeniera; banquier, banqueiro, banquero, banquer, banchiere; ferreiro, ferrer, herrero,* etc.

e) Sustantivos relativos a: *chevalier, cabaleiro, caballero, cavaleiro, cavaller, cavaliere,* etc.

f) Sustantivos de árbores e plantas: *figuera, figueira, higuera, figuier; oranger, taronger, laranxeira, laranjeira,* etc.

Moitos destes sustantivos están xa lexicalizados nas súas respectivas linguas, pero o sufixo en cuestión aínda actúa en cada unha delas para seguir formando sustantivos con estes significados. Non é este o momento de analizármo-las lexicalizacións, semilexicalizacións, épocas de formación, etc.; do que imos tratar é de ver un uso moi senlleiro deste sufixo nunha zona do suroeste galego e do noroeste portugués.

Acabamos de ver, secasí, a base común románica de actuación do sufixo e os significados comúns que aínda permanecen nos diferentes romances. Agora ben, este sufixo foi adquirindo a maiores outros valores nas diferentes áreas románicas; así, nos romances hispánicos serve tamén para formar adxectivos que significan "tendencia, propensión, adicción, afección, gusto, etc."; por exemplo, *mullereiro* e *femeller* significan suxeito con inclinación ó trato con persoas femini-

nas; *mentireiro* e *mentider* significan suxeito con inclinación á mentira; etc. Este novo significado poderíase incluír dentro dos valores dos sufixos de relación, evidentemente, pero trátase dun significado de moito rendemento nos romances peninsulares e, outramente, case descoñecido ou moi pouco empregado nos demais romances polo que nosoutros sabemos.

Pero ocorre que, amais, poden actualizarse novas significacións en cada unha das linguas, e así no galego, por exemplo, o sufixo *-eiro, -eira,* pode facer referencia a "gusto, afección por un alimento", significado este moito máis específico có anterior e que fóra do noso idioma a penas ten relevancia. Así, se dicimos

Cibrán éche moi *carneiro* e a irmá moi *peixeira*

non queremos dicir que Cibrán teña actitudes ou formas do macho da ovella, nin que a irmá negocie con peixe, senón que ó primeiro goréntalle a carne e á segunda o peixe.

Ora ben, na área miñota, tanto galega coma portuguesa, este sufixo *-eiro, -eira,* posúe un outro valor tremendamente peculiar e sobranceiro, descoñecido no resto das falas galegas e portuguesas e do que non temos noticia de ningún outro paralelismo románico; trátase do valor individualizador, ou mellor dito uni-numeralizador, que adquire este sufixo cando se aplica sobre sustantivos xenéricos, é dicir, sobre aqueles que en singular designan un número indeterminado de obxectos cuantificables.


Se acudimos ás gramáticas galegas e portuguesas (1) non achamos referencia ningunha a este valor dialectal e particular do sufixo que nos atinxe; tampouco os diccionarios galegos e portugueses reflexan ningún indicio desta significación, agás na entrada "cabeleiro" do *Diccionari Português-Català* de Seabra-Devi, onde se nos di: "**cabeleiro** *m* cabell [un cabell aïllat]" (2); nin sequera Isabel González no seu estudio sobre os sufixos nominais galegos (3) fai unha mínima mención a este fenómeno. Isto é só un indicio do descoñecemento xeral que existe en torno a este argumento que agora nos ocupa.

Nas gramáticas galegas e portuguesas achamos unha decena de usos primordiais do sufixo *-eiro, -eira:* para indicar profesión, oficio ou cargo *(enfermeiro, titiriteiro, tesoureiro...);* árbore ou planta *(cerdeira, fatoeira, amieiro...);* colectividade de cousas *(ramalleira, galiñeiro, carballeira...);* lugar, recipiente, útil, moble *(celeiro, roupeiro, filloeira...);* natureza ou orixe *(brasileiro, estaleiro, lagoeiro...);* tempo ou época propicia *(sementeira, milleira...);* e tendencia *(moceira, festeiro, trapalleiro...);* e dentro de cada un destes usos, segundo os diferentes autores, diversas subdivisións. O traballo referido de Isabel González aporta moitos exemplos con leves variantes en canto a divisións e subdivisións verbo das gramáticas consultadas.

(1) Véxanse, por exemplo, as máis recentes nos dous idiomas: Álvarez, R., Regueira, X.L., Monteagudo, H., *Gramática galega,* Ed. Galaxia, Vigo, 1989 (2). Cunha, C., Lindley Cintra, L.F., *Nova gramática do português contemporâneo,* Sá da Costa, Lisboa, 1984.

(2) Seabra, M. de, Devi, V., *Diccionari Português-Català,* Enciclopèdia Catalana, Barcelona, 1985, s.v. "cabeleiro".

(3) González Fernández, I., *Sufijos nominales en el gallego actual,* anexo 11 de *Verba,* Univ. de Santiago, Santiago, 1978.


perneira (pé de planta)
toupeira (e variantes)
incidencia esporádica de-eiro/a
incidencia plena de -eiro/a

Nunha área galega comprendida entre a ría de Vigo, o río Verdugo, o Condado e parte da Limia Baixa ourensá, e nunha área portuguesa que abrangue desde o río Cádavo ata a fronteira política con Galicia, é onde polo de agora se ten rexistrado o uso do sufixo *-eiro, -eira,* para designar un único obxecto, unha unidade dentro dun conxunto, formado a partir dun sustantivo colectivo xenérico que tanto pode indicar un único obxecto coma un número indeterminado deles.

Coidamos que os primeiros investigadores que repararon en tal singularidade foron os portugueses Cláudio Basto e Gonçalves Viana, alá polos primeiros de século, pero é en 1925 cando o primeiro deles publica nun artigo (4) un cento de sustantivos de uso frecuente con valor uninumeralizador ó engadírselle o sufixo *-eiro.* Basto recolleu estes exemplos tanto de traballos anteriores sobre falas minhotas coma da propia experiencia, e deste xeito aporta datos de Monção, Melgaço, Paredes de Coura, Viana do Castelo, Barcelos, Arcos de Valdevez, Ponte da Barca, etc., dunha área compacta caracterizada no conxunto do país irmán polas súas características lingüísticamente arcaicas. Segundo este autor, os nomes-de-unidade, como el lles chama, teñen dous procesos de formación: a) analítico: *un* (único) *gran de millo, un* (único) *pelo,* etc.; e b) sintético: *un milleiro, un peleiro,* etc., engadindo que

> "...dá-se preferência aos derivados quando se quere fazer realçar a independência, a individualidade para assim dizer, dos objectos, isto é: que êles estão distintos, não confundidos numa aglomeração, numa colecção..." (5)

Verbo do noso idioma, as primeiras referencias dánnolas os investigadores do ILG que elaboraron o *Atlas Lingüístico de Galicia* (6), deixando constancia do fenómeno que nos ocupa como rasgo común ós falares miñotos galegos e portugueses; estes autores deixaban enxergar unha estreita relación entre a acción deste sufixo e a aparición en zonas máis amplas do país de formas como toupeira, ombreiro, no canto de toupa e ombro. Posteriormente, fixeron referencia a esta peculiaridade Helena Pousa (7) e o autor do presente traballo (8) en cadansúas teses de licenciatura sobre falas do suroeste galego. Helena Pousa indicaba que

> "...fronte a esta dobre posibilidade de casos como *a folla* (unha folla ou un conxunto delas) ou *o pelo* (un pelo ou un conxunto deles), a designación dun só elemento resulta totalmente clara cando se usan os derivados co sufixo *-eiro/a: folleira* (unha folla) e *peleiro* (un pelo)." (9).

No título desta nota calificábamo-lo valor deste sufixo como "individualizador", denominación relativamente inexacta que pode dar lugar a ambigüidade por canto todo determinante singular é normalmente xa individualizador:

ese pelo / unha pinga / o gran / aquela folla

---

(4) Basto, C., "Formação popular de 'nomes-de-unidade'", en *Revista Universitária de Coimbra,* vol. IX, 1933, pp. 274-384.

(5) *Ibid.*, p. 383.

(6) Vid. Álvarez, R., Fernández Rei, F., Xove, X., "Galego", en *GEG,* vol. 14, pp. 222-255 (con especial atención á páxina 226).

(7) Pousa Ortega, H., *A fala de Goián. Estudio descritivo,* tese de licenciatura (inédita), Univ. de Santiago, 1987, pp. 97 e 98.

(8) Costas González, X.H., *Aproximación lingüística á fala de Vincios (Val Miñor),* tese de licenciatura (inédita), Universidade de Santiago, 1986, pp. 98 e 99.

(9) Pousa Ortega, H., *op. cit.*, p. 97.

Daquela, coidamos que lle acae mellor a designación de "uninumeralizador", posto que, efectivamente, o valor deste sufixo é sobrancear unha unidade, un único obxecto, fronte ós demais da súa mesma especie. Poderíase pensar logo que este sufixo ten un carácter redundante, por canto a unidade xa é expresada polo determinante singular *(o gran, un gran);* é tan redundante como pode selo calquera concordancia de xénero, número ou persoa. En *ese gran* o determinante é redundante na medida en que concorda en xénero e número co sustantivo ó que acompaña, mais o contrario -non concordar- sería impensable; do mesmo xeito en

ese peleiro / unha pingueira / o granceiro / aquela folleira

o determinante é o redundante ó expresa-lo significado de singularidade e unicidade xa proporcionado polo sufixo *-eiro, -eira.* Entre as frases:

Quita *ese pelo* de diante dos ollos
Quita *ese peleiro* de diante dos ollos

hai unha diferencia ben clara: na primeira indícase que se tire un conxunto indeterminado de pelos -sustantivo xenérico-, a perrela por exemplo, ou mesmo un só pelo; mentres que na segunda se indica que se tire o único pelo que está diante dos ollos. O valor uninumeralizador do sufixo queda ben patente e non deixa lugar a dúbidas.

No diverso material de campo que temos recollido desde hai varios anos nestas zonas do suroeste do país, temos rexistrados unha serie de exemplos cos que o falante doutras áreas galegas poderá moi ben comprende-lo uso deste sufixo con este valor tan particular:

"...todo foi comer unha *uveira* pa empesar a doerlle a barrigha..."
"...atén o feixe cun *vimbieiro*, boteno ó lombo e..."
"...el viña a pincharme cun *piqueiro* deses dos pinos..."
"...e metiamos *ghranseiros* no bulsillo e botabamos a correr..."
"...entrárame unha *areeira* nun ollo e non podía mirar nada por el..."
"...xoghabamos a pai-fillo-nai (10) con *pedreiriñas*..."

Comprobemos que o sufixo *-eiro, -eira,* acepta tamén a engádega doutros sufixos (neste caso *-iño, -iña*) e a formación dun plural. Sen que por iso último perda o seu valor uninumeralizador. Vexamos outro ejemplo que nos proporciona Cláudio Basto:

"...a vinha tem muitas uvas; que de *uveiras* estão pelo chão!"

Lembremos que só os sustantivos xenéricos aceptan esta formación con *-eiro, -eira;* mais, así e todo, as irregularidades de uso tamén acontecen, principalmente cando o xenérico é sustantivo referido a plantas e arbustos. O sufixo -e seguimos a Helena Pousa- tamén serve para indicar "unha soa planta", "unha vista por separado", así: *unha silveira* (por separado) oponse a *unhas silvas* (en conxunto), *cepeira/cepas, fenteiro/fentos, xesteira/xestas,* etc.; pero hai casos que rachan a norma, como é *un toxeiro* (por separado) / *un toxal, unha toxeira, uns toxos* (en conxunto), e algúns exemplos máis.

(10) "Pai-fillo-nai" é como se lle chama nestas áreas ó xogo das tres en raia.

Partindo das preguntas números 840 (denominacións para o gran de trigo) e 928 (denominacións da planta ou pé de millo) do *ALGa* (11) escolmamos aqueles puntos onde as respostas fosen *granceiro* e *milleiro,* e, amecendo os datos fornecidos por Cláudio Basto, elaborámo-lo seguinte mapa onde se pode apreciala extensión do fenómeno na zona miñota galega e portuguesa; compriría facermos tamén dúas observacións ó mapa:

a) Tomamos como zona de plena vixencia do fenómeno a abranguida pola área onde se rexistra *granceiro,* sendo a limítrofe unha área de rendemento esporádico ou alomenos menos frecuente do sufixo con este valor uninumeralizador.

b) Hai zonas fóra destas áreas devanditas que presentan indicios do fenómeno en estado embrionario ou en proceso truncado: nalgunhas áreas ourensás (0.20 Xinzo de Limia e 0.27 Baltar) e trasmontanas (Mogadouro e Lagoaça) *perneira* designa un (único) pé de calquera planta (unha *perneira* de millo, unha *perneira* de centeo, etc.). Á parte disto teñamos moi en conta as amplas zonas galegas onde *toupeira* e *ombreiro* sustituíron a *toupa* e *ombro,* e que, segundo o dito máis arriba, algúns investigadores do ILG poñen en relación coa aparición deste valor especial do sufixo *-eiro, -eira.*

Cláudio Basto aseguraba que en 1925 o fenómeno no norte de Portugal

> "...é de tal maneira *vivo,* que certas vezes os individuos, na rápida precisão de salientar ben a sua ideia, *criam* no momento espontâneamente nomes-de-unidade com o sufixo *-eiro, -eira,* nomes que êles e seus interlocutores jamais tinham ouvido, mas que lhes não causam, nem a uns nem a outros, qualquer estranheza desde que *tenham jeito* (como o povo observa)." (12)

O propio autor aventuraba unha hipótese acerca da antigüidade do proceso: dicía que debe ser moi arcaico, de cando as terras "de além e aquém Rio Minho se confundiam na linguagem". Coidamos que non se poden aventurar arriscadamente teorías "sentimentais", e que para afirma-lo anterior habería que facer un labor de pescuda nos documentos escritos a unha e outra banda do Miño desde as épocas pretéritas; do que non nos cabe a menor dúbida é de que este fenómeno debeu ter lugar nunha zona galega e portuguesa moito máis ampla da actual, como o demostra o feito da súa aparición en estado truncado ou embrionario en zonas do norte, leste e sueste galegos, e nordeste portugués.

Ben sabemos que non é moi doado que un diccionario reflecta dun sustantivo as diversas acepcións ocasionais que pode coller segundo o sufixo que se lle ameza (xa non é o primeiro caso, como vimos máis arriba), non embargantes, si coidamos que as gramáticas e sobre todo os estudios específicos sobre sufixación ou formación vocabular deberían telo moi en conta, pois, aínda que non triunfase en toda a Gallaecia, hai seguridade de que quixo agromar este uso por moitos recantos do país. Só o seu estudio -en gramáticas e monografías- difusión e emprego entre os usuarios dos dous idiomas poderá evitar que desapareza e que se esvaia un recurso de formación lexical sobranceiro e común.

(11) Consultámo-los materiais inéditos do *Atlas Lingüístico de Galicia* depositados no Instituto da Lingua Galega.

(12) Basto, C., *op. cit.*, p. 375.

Aproximación al "contrasto" de Cielo D'Alcamo. Estudio de los rasgos lingüísticos sicilianos

ANA Mª DOMINGUEZ FERRO

1. INTRODUCCION

No es tarea fácil abordar el análisis del "contrasto" de Cielo D'Alcamo, bien sea desde un punto de vista literario, bien desde una perspectiva lingüística, ya que este poema presenta multitud de interrogantes que van desde la fecha de composición a la autoría, adscripción a un género determinado, aspectos estilísticos, etc.

Nuestra intención no es agotar todas estas posibilidades, ni siquiera abordar en este trabajo de forma exhaustiva una sola de ellas; tan sólo pretendemos señalar algunos rasgos lingüísticos que demuestren la presencia de la modalidad lingüística siciliana en el *contrasto*, a pesar de la toscanización a la que, como es de todos sabido, se sometió la literatura siciliana del siglo XIII (1).

La atribución del poema *Rosa fresca aulentissima* a un autor de nombre Cielo D'Alcamo la debemos a un humanista del "Cinquecento", Angelo Colocci, aunque no conocemos las razones que le llevaron a realizar tal afirmación, ya que, en el códice más antiguo que lo registra, el Vaticano latino 3793, aparece sin atribución de autor. No hay noticias de este poeta en los documentos del "Duecento" ni tampoco en el *De vulgari eloquentia*, donde Dante nos presenta este texto como ejemplo de la lengua de los sicilianos de media condición *terrigenis mediocribus* (2). La cuestión del nombre fue resuelta prácticamente de forma definitiva por Avolio, que propuso la forma Cielo como derivada de Celi, que a su vez proviene de Cheli, hipocorístico de Micheli (3). Acerca de la especificación *dal camo*, la tesis más fidedigna parece ser la que lo pone en relación con el lugar de origen y nada hay que impida suponer que nació en Alcamo, ciudad situada entre Trapani y Palermo.

(1) Con respecto a la toscanización de la lengua en el "contrasto" véase A., Pagliaro "Il Contrasto di Cielo D'Alcamo" en *Saggi de critica semantica*, Messina-Firenze, 1953, pp. 229 y ss.

(2) Cfr. Dante Alighieri, *De vulgari eloquentia*, ed. de Ricci, P.G., Firenze, Le Monnier, 1968[3], p. 102.

(3) Vid. *Dizionario Biografico degli Italiani*, Istituto della Enciclopedia Italiana, Roma, Società Grafica Romana, 1978, s. v. Cielo D'Alcamo.

Por lo que respecta a la vida misma de Cielo y a la época de composición del poema, las hipótesis mejor fundadas se basan en las referencias histórico-geográficas de la composición que nos ocupa, concentradas en los versos 21 a 30 (4).

Las citadas alusiones hacen referencia a la ley de la *difensa*, a una moneda (*gli agostari*), a la ciudad de Bari, al emperador Saladino y al sultán.

Hay autores que quieren ver en *Saladino* una referencia al soberano de Egipto y Siria, muerto en 1193, que se cita como todavía vivo en el texto. Sin embargo, la solución generalmente admitida parece ser la de Grion y la de D'Ancona, que mostraron como el término *saladino* no era un nombre, sino un título que llevó por primera vez el célebre Yusuf y que heredaron sus sucesores (5).

La hipótesis más fidedigna es la que defienden algunos autores, entre ellos A. Bartoli, para quienes el texto hace referencia al monarca Federico II, que muere en el año 1250 (6). Por otra parte la alusión a la *difensa* apunta a una ley promulgada por el Instituto Jurídico, y a la cual apela el protagonista en el verso 22. Mediante esta ley, el súbdito agredido podía invocar en propia defensa el nombre del emperador, amenazando al agresor con el pago de una multa. Este último dato corrobora la teoría de que el poema fue compuesto antes de la muerte de Federico II. Esto por lo que respecta al *terminus post quem*. El *terminus ante quem* puede extraerse de la mención a *gli agostari*, ya que esta moneda fue acuñada por primera vez y puesta en circulación después de la codificación de 1231. Las fechas, pues, más fidedignas parecen ser las que sitúan el "contrasto" entre los años 1231 a 1250, que es, por otro lado, la época de mayor esplendor de la poesía siciliana.

2. LA LENGUA DEL CONTRASTO

Hemos visto cómo existe una opinión generalizada que propone para el autor del poema un origen siciliano, concretamente en la zona oriental-mesinesa. Esta teoría ha sido defendida principalmente por Pagliaro, que ha aislado rasgos lingüísticos característicos de la zona de Messina, explicando otras desviaciones como fruto de la transmisión meridional de la que ha sido objeto el poema, así como del proceso de toscanización (7).

Trataremos, pues, de ver en qué medida son representativos estos rasgos sicilianos y hasta qué punto pueden ayudarnos a situar la lengua del poema en una u otra área de Sicilia.

(4) Vid. G. Contini, *Poeti del Duecento*, Milano-Napoli, Ricciardi, 1960, vol. 2, t. I.


(5) Vid. G. Grion, "Il sirventese di Cielo D'Alcamo" en *Esercitaz. critica*, Padova, 1858, y A. D'Ancona, "Il Contrasto di Cielo d'Alcamo", en *Studi sulla letteratura italiana dei primi secoli*, Ancona, 1884, pp. 239-458.

(6) Vid. A. Bartoli, *I primi due secoli della letteratura italiana*, Milano, 1880, pp. 128-33.

(7) Vid. A. Pagliaro, *op. cit.*

2.1. El sistema vocálico siciliano

El siciliano, en lugar del sistema vocálico del latín vulgar, posee un sistema fonológico de tres grados, puesto que los tres grados extremos del orden vocálico se han fundido en una única vocal:



Mientras a, ĕ, ŏ se han conservado como a, e, o se han fundido en el grado i: ī, ĭ, ē; del mismo modo ŭ, ū, ō se han confundido en el grado u. Este desarrollo también corresponde a gran parte de Calabria. En nuestro texto este fenómeno aflora cuando se estudia la rima a final de verso (8):

ī, ĭ, ē > i:
v. 36 *aucisa* < lat.med. AUCĪSAM
v. 37 *ripresa* < REPREHĒNSAM
v. 38 *distesa* < DISTĒNSAM

v. 89 *dire* < DĪCERE
v. 90 *abere* < HABĒRE

v. 121 *fina* < FĪNAM
v. 122 *marina* < MARINAM
v. 123 *rena* < ARĒNAM

v. 151 *seno* < SĪNUM
v. 152 *patrino* < PATRINUM
v. 153 *meno* < MĪNUS

ō, ŭ, ū > u:
v. 159 *ora* < HŌRAM
v. 160 *ventura* < VENTŪRAM

v. 129 *tutto* < *TŌTTUM (9)
v. 130 *disdotto* < *DISDŪCTUM

A pesar de que la grafía enmascara la realidad, estos ejemplos permiten entrever con bastante claridad el sistema vocálico siciliano.

(8) Los ejemplos del texto están tomados de la edición que de la lírica del "Duecento" ha realizado G. Contini, *op. cit.*, pp. 173-185.

(9) Por lo que respecta a la ū, es necesario recurrir a explicaciones hipotéticas como, por ejemplo, partir de un plural *TUCTI debido al sinónimo CUNCTI y a un TUTTU(M) urbano en oposición a un TOTUM rústico. Vid. M. Cortelazzo; P. Zolli, *Dizionario della lingua italiana*, Bologna, Zanichelli, 1988.

2.2. El sistema consonántico

2.2.1. Fonemas labiales

Veamos en primer lugar como se comportan en el texto /b/ y /w/ iniciales: La /b/ a comienzo de palabra se conserva en la Italia septentrional y en Toscana. En Italia meridional /b/ inicial pasa en grandes zonas a /v/. Los lugares en los que esta evolución es más frecuente son Campania, Lucania, Puglia, etc. En Sicilia encontramos también este resultado; sin embargo, en algunas zonas de la isla, en concreto el territorio oriental, la /b/ permanece inalterada. A este resultado responden los ejemplos que aparecen en el "contrasto":

> v. 108 *bello* < BELLUM; v. 14 *bono* < BONUM; vv. 112, 19, 37 *bona* < BONAM; vv. 25, 35, 60, 92, 115 *bella* < BELLAM; vv. 131, 45 *ben* < BENE; v. 47 *belleze* < *BELLITIAS; v. 55 *besogn'è* < *BISONIUM EST.

La /w/ en posición inicial en Italia se convierte normalmente en un sonido labiodental /v/. En la zona meridional, sin embargo, /w/ inicial se ha confundido con /b/ inicial.

Puede presumirse que en los primeros siglos esta /v/ haya sido bilabial [ß], lo que explicaría la grafía b por v en los antiguos textos meridionales, así como en algunos de los ejemplos que aparecen en nuestro texto: v. 16 *boglio*, v. 89 *bolio* < *VOLEO; v. 71 *bale* < VALET; v. 74 *bolta* < VOLTAM. El resto de las formas presentan un resultado normal: v. 26 *vivere* < VIVERE; v. 51 *viso* < VISUM; v. 13 *vejoti* < VIDEO (TE).

Por lo que respecta a la solución de /b/ y /w/ intervocálicas, la /b/ intervocálica pasó a la fricativa bilabial [ß] desde los primeros siglos del latín vulgar, confundiéndose con la /v/ intervocálica, que en aquella época tenía también una pronunciación bilabial.

A partir del s. I d. de C. se observa en las inscripciones una gran confusión ortográfica. La confusión entre los dos sonidos se produce en todas las lenguas neolatinas, lo que permite decir que el fenómeno es muy antiguo. Más tarde, en algunas partes de la Romania [ß] ha sido sustituída por la labiodental /v/. En consecuencia, tenemos en el dialecto toscano: de la antigua /b/: *fava*, *ove*, *dovere*, *cavallo*, y de la antigua /w/: *vivere*, *muovere*, *novo*, etc. Este desarrollo, según Rohlfs, es general para toda Italia (10). Nuestro texto, aunque presenta numerosos ejemplos que siguen la evolución normal (v. 142 *novo* < NOVUM; v. 143 *uovo* < OVUM; v. 26 *vivere* < VIVERE etc), cuenta también con casos en los que /v/ intervocálica pasa a /b/: v. 123 *trobara(ti)* < ant.fr.TROVER (11), lo que podría llevar a pensar en la existencia de un único fonema /b/ con dos variantes fonéticas: (b) y [ß].

El resultado de /b/ intervocálico presenta también dos soluciones, ya que esta consonante en posición intervocálica tendría que evolucionar a /v/, y así su-

(10) Vid. G. Rohlfs, *Grammatica storica della lingua italiana*, Torino, Einaudi, 1967, vol. I, p. 291.

(11) Para Contini esto responde a un uso que no es siciliano sino procedente de Montecassino. Vid. la introducción de G. Contini, *op. cit.*, p. 175.

cede en algunos ejemplos como vv. 11, 92, 120 *avanti* < ABANTE; v. 53 *prova* < PROBAM; vv. 9, 23 *avere* < HABERE, pero en otros muchos /b/ intervocálica se conserva: v. 32 *parabole* < PARABOLAE; v. 86 *cabalieri* < CABALLARII; v. 90 *abere* < HABERE, etc. Sin embargo, el hecho de que contemos con algún ejemplo que presenta las dos soluciones, como el verbo *avere*, puede llevarnos a pensar que este resultado se deba a una confusión gráfica y no responda a un resultado fonético (12).

2.2.2. Fonemas palatales (g + e,i; j; dj)

El resultado esperado para /g/ seguida de vocal palatal (que sólo aparece en el texto en posición inicial) es la palatalización en la mayor parte de la Romania. El latín gi-, ge- evoluciona primeramente a la africada prepalatal [ǧ]. En la fase ǧ se produjo coincidencia con el resultado del latín j- y dj. La ulterior evolución llega a la africada prepalatal alveolar [ǧ], y de aquí a la africada linguoapical [dz]. La articulación [ǧ] no se encuentra documentada en Italia (13). Sí lo están en cambio [ǧ] y [j] y éste último es el resultado más difundido en la zona meridional. Los ejemplos de nuestro texto reflejan esta solución: vv. 69, 112 *jente*, v. 103 *jente* < GENTEM.

El desarrollo de /j/ inicial por su parte, es el mismo en las lenguas neolatinas que el de /g/ más vocales palatales. La Italia meridional por lo general mantiene, pues, la [j]: v.156 *iurasti(mi)* < IURA(V)ISTI (MIHI); v. 153 *juroti* < IURO (TIBI); v. 120 *jittomi* < lt.vg. *JECTO (ME).

El grupo /dj/ en posición inicial presenta también el mismo desarrollo de /j/. Así, DIURNUM pasó muy pronto a *JURNU. La forma que resulta en toscano es *giorno* y en la zona meridional *jurnu*, que en el texto aparece como *jorno* (v. 115).

Otro tanto sucede en posición intervocálica donde RADIUS, por ejemplo, se pronunciaba [rajjus], HODIE [ojje]. Más tarde, a partir del siglo II d. de C., la articulación parece haberse reforzado en [raǧǧus], estadio del que ha pasado en toscano a la prepalatal [ddž], que no es el único resultado existente en esa zona, aunque sí el más extendido. En los dialectos del "Mezzogiorno", sin embargo, el desarrollo de [dj] se corresponde al de la antigua [j], en cuanto a que en ambos casos el resultado es [j] (14). El texto parece reflejar esta solución: v. 13 *vejoti*< <VIDEO (TE); v. 16 *ajungasi*<ADJUNGAT SE.

2.2.3. El grupo /tj/ (+/ntj/).

En Toscana hoy el resultado es doble: Por una parte tenemos [tts] y por otra la fricativa prepalatal sonora [ž]. Sin duda el desarrollo toscano indígena está

(12) Para una explicación más detallada, teniendo además en cuenta la evolución de los fonemas labiales en todas las lenguas románicas, véase P. Tekavčić, *Grammatica storica dell'italiano*, Bologna, Il Mulino, 1972, vol. I, p.142.

(13) Vid. H. Lausberg, *Manual de lingüística románica*, Madrid, Gredos, 1976, t. I, p. 323.

(14) Vid. G. Rohlfs, *op. cit.*, vol. I, p. 247.

representado por la primera serie; las palabras de la segunda presuponen una antigua base sonora (15). Al sur de Toscana el resultado normal de la región meridional hasta Sicilia es [tts]. Hay también otras palabras latinizantes que presentan la sonora [dz]. En nuestro texto contamos con ejemplos de las dos soluciones: v. 131 *pozzo* < *POTEO; v. 87 *justizierikiustizia* + *ero*.

Para el grupo/ntj/, en Toscana, se produce un doble desarrollo en estos grupos. La explicación dada por Meyer-Lübke es que el resultado sería en un primer paso [tš] y [ts] después del acento. Sin embargo, esta solución no es válida si se piensa en palabras como *alzare*, *avanzare*, *canzone* etc. Rohlfs apunta que [ts] sería el resultado normal y [tš] vendría provocada por influencias extranjeras o por una pronunciación hipercorrecta (16). En la Italia meridional, en cambio, el resultado típico es [ts], así como en siciliano y napolitano. Véase en el *contrasto* v. 39 *canzoneri* < *canzone* + *ero*.

2.2.4. Grupos de oclusiva + líquida.

El resultado del grupo /pl/ en Toscana como en el resto de la Italia central, llega, a través de [pʎ], a la forma /pj/. Este resultado se encuentra también en la mayor parte de la Italia septentrional. En la Italia meridional, así como en Sicilia, la oclusión labial de la p ha sido sustituida por una oclusión velar k, condicionada evidentemente en el estadio [pʎ] por la naturaleza de la [ʎ] siguiente, seguida de la asimilación parcial:

pl > pʎ > pj (toscano)
pl > pʎ > chi (meridional)

Este fenómeno se refleja en nuestro texto: v. 60 *chiù* < PLUS; v. 80 *chiaci* < PLACET. Tenemos un caso en el que el grupo se conserva: v. 113 *plazzati* < PLACEAT (TIBI). Esto puede ser debido a una influencia de la zona de Calabria, donde hay restos del grupo /pl/ conservado, o simplemente un cultismo o incluso un efecto de la toscanización.

2.2.5. El grupo -nd- en posición intervocálica

En la zona toscana este grupo se mantiene. En el "Mezzogiorno", sin embargo, al sur de una línea que va desde el confín septentrional del Lazio hasta Ancona, se ha producido la asimilación de /nd/ a /nn/. Sicilia presenta este resultado, a excepción de la zona nororiental, en algunas localidades de Messina, donde se conserva el grupo /nd/. La asimilación se manifiesta incluso cuando /n/ y /d/ pertenecen a palabras distintas. No se sabe con exactitud en qué época se data el fenómeno por primera vez. Veamos los ejemplos del texto: v. 59 *granne* < GRANDEM; v. 70 *comannamenti* < lt.med. COMANDAMENTI< lat.vg. COMENDARE < lt. cl. COMMANDARE; vv. 9, 119 *monno* < MUNDUM; *perfonno* < PROFUNDUM; v. 156 *incenno* < INCENDO; v. 157 *difenno* <

(15) *Ibídem*, vol. I, p. 409.
(16) *Ibídem*, vol. I, pp. 412-413.

DEFENDO; vv.142, 150 *prenni* < PRENDE; v. 10 *aritonno* < (RE) TONDO v. 11 *artonniti* < (RE) TONDIS (TE). No hay casos de asimilación en el texto entre palabras distintas.

2.2.6. El grupo -ns- en posición intervocálica

En estos grupos sucede con frecuencia que se inserta un sonido de transición [t] entre la /n/ y /s/ siguiente, resultando que /s/ pasa a [ts]. El fenómeno es característico de los dialectos del "Mezzogiorno": napolitano, calabrés y siciliano; si bien tampoco resulta extraño encontrarlo en el toscano popular (17). El resultado, pues, en este grupo, es una africada que sustituye a la /s/ después de líquida. Esto se aprecia en el texto: v. 5 *penzando* < PENSANDO.

2.3. Morfosintaxis

2.3.1. Sustantivos

Dentro del grupo de los sustantivos, lo más característico en el texto es la presencia de un plural en *-ora*. Del plural de los neutros en -s de la tercera declinación se ha desarrollado una desinencia plural de gran empleo. Este tipo ha superado muy pronto el círculo de los neutros al que estaba originariamente limitado. La expansión analógica data de los siglos IV y V (18). En los documentos medievales de los ss. VIII al XII este tipo aparece fundamentalmente en Campania y Lombardía. A pesar de esta frecuencia en los documentos medievales, en Italia septentrional estas formas dejaron de utilizarse muy pronto y son también relativamente raras en la antigua lengua literaria toscana. En Italia meridional este fenómeno es mucho más frecuente y vital. En Sicilia es muy utilizado, particularmente en la provincia de Caltanissetta y las terminaciones propias de esta zona son en *-ura* y en *-ira*. Por otra parte, el artículo que acompaña a estos sustantivos es femenino (19). Esto puede observarse en los ejemplos del texto, tanto si están determinados por un artículo como por un demostrativo: v. 41 *le schiantora*; v. 3 *d'este focora*. La aparición de la forma *-ora* y no *-ura* o *-ira* como sería de esperar, puede deberse al efecto de la toscanización.

2.3.2. Los adjetivos y pronombres demostrativos

En el sistema latino de los demostrativos, como en el de los posesivos, existía la oposición entre las tres personas (una referida al hablante, otra a la persona a la que se dirige el discurso, y una tercera referida a un lugar alejado). Además, tenemos en latín una única forma para el adjetivo y el pronombre.

En la evolución a las lenguas romances jugaron un papel de singular importancia especialmente tres factores:

(17) *Ibídem*, vol. I, p. 381.
(18) *Ibídem*, vol. II, pp. 39 y ss.
(19) *Ibídem*, vol. II, p. 41.

1. La brevedad formal, es decir, el escaso cuerpo fónico de algunas formas (es el caso de HIC e IS).

2. Las nuevas funciones que van asumiendo algunos demostrativos (por ejemplo ILLE, que va a adoptar los valores del artículo).

3. La necesidad de insistir en el acto de la demostración que intenta ser expresivo y se carga de afectividad.

Después de la desaparición de HIC e IS del paradigma de los demostrativos, y del uso de ILLE como pronombre y artículo, aparece ISTE en función demostrativa como sustituto de los dos primeros, solo o combinado con la partícula demostrativa ECCU, mientras ILLE es sustituido por la forma compuesta con ECCU. La necesidad de crear un demostrativo para la 2ª persona y recuperar así el sistema trimembre provoca diversas soluciones:

A) Combinación de ECCU más IPSE o IPSU, de lo que resulta *quesso*, conservada hoy en algunos dialectos meridionales y en el siciliano. Sin embargo, esta forma no se impuso en la lengua italiana.

B) El demostrativo para la 2ª persona se creó mediante la combinación de ECCU y del demostrativo ISTU, más una forma reducida del pronombre de 2ª persona TE o TI. De aquí provienen las formas italianas *codesto*, *cotesto*. La evolución sería la siguiente (20):

ECCU + ISTU > *questo*
ECCU + T(I) + ISTU > *codesto, cotesto*
ECCU + ILLU > *quello*

Nuestro texto presenta restos de la combinación de ECCU + IPSU > *kissu* para designar a la 2ª persona que, como ya hemos señalado más arriba, fue la solución adoptada por la zona meridional. A excepción de esta 2ª persona, el resto de las formas del "contrasto" están toscanizadas. Esto es una muestra de la fuerza de esta forma en la zona meridional: v. 18 *questi forti correnti*; v. 86 *quel frutto;* v. 115 *quello jorno*; v. 107 *chissa magione*; v. 160 *chissa cosa*; vv.132, 139 *quisso* (21).

El sistema que presenta el "contrasto" sería el siguiente:

1ª esto 2ª chisso 3ª quello
questo quisso

La lengua medieval conocía también la forma *esto,* con el sentido de *questo* (por ejemplo, *tutta esta gente*, Purg. 23, 64). Se produce una aféresis y se obtiene *sto* que hoy en la lengua literaria se encuentra en algunas formas cristalizadas: *stamane*, *stasera*, *stanotte*. En el texto hay una gran representatividad de esta forma: v. 3, 43, 89, 77, 94, 98, 112, 147 *esto*.

Por otro lado, tenemos en el texto las formas: v. 71 *di ciò*, v. 138 *se ciò*, v. 141 *per zo*. Al toscano *ciò* (ECCE- HOC), le corresponde el napolitano *zo,* cala-

(20) Para un estudio más completo sobre la evolución de los demostrativos en italiano, véase P. Tekavčić, *op. cit.*, vol. II, pp. 188 y ss.

(21) La existencia de formas como *quisso* (con /kw/) al lado de *chissu* (con reducción a velar) podría llevar a pensar en la existencia de una alternancia similar entre *chistu* y *quistu*.

brés *zo* (o *zzo*), siciliano *soccu* "*ciò che*". De la *z* o *s* inicial se deduce que tales formas derivan del antiguo francés *ço* [*tso*]. Vemos, pues, como al lado de formas toscanas aparecen también formas, si no sicilianas, sí al menos típicas de la zona meridional.

2.3.3. Pronombres personales

La tercera persona del plural

Lo más característico dentro de este apartado es la aparición de la forma *issi* < IPSI del verso 12. Esta partícula es típica de los dialectos centromeridionales. Desde el Lazio y en buena parte de la zona umbra, es muy frecuente encontrar *issi* (femenino *esse*). Más hacia el sur son utilizadas otras variantes: *illi* (femenino *ille*), en la provincia de Cosenza, así como *iḍḍi* (femenino *iḍḍi* o *iḍḍe*).

Con respecto a los pronombres tónicos complemento, en algunas zonas meridionales, TIBI se continúa en la forma *teve*, sobre la cual se ha formado un analógico *meve*. Aparte de en la *Rosa fresca*... también encontramos *meve* y *teve* en otros poetas de la Escuela Siciliana (Rinaldo D'Aquino, Giacomino Pugliese, en el Ritmo Cassinese etc.). También los antiguos dialectos *marchigiani* muestran *meve* y *teve*, y hasta los líricos toscanos medievales, por influjo meridional, usan *meve*. Estos pronombres tienen la función de oblicuo tónico. *Meve* y *teve* sobreviven hasta hoy en algunas zonas de la provincia de Lecce (22). En el texto tenemos una amplia representación de las dos formas: vv. 6, 65, 98, 109, 111 *meve*; vv. 44, 47 *teve*.

Acerca de la colocación del pronombre complemento átono, tenemos en el texto algunos casos interesantes que merecen particular atención. En el italiano antiguo, la posición del pronombre átono venía dada por su situación en la frase, ya que estos pronombres no podían colocarse al inicio de ésta (23). En los textos más antiguos se puede reconocer como principio fundamental el criterio sintáctico de la posposición en inicio de frase y la anteposición cuando la frase comienza por una preposición, si bien no siempre se sigue esta regla de una forma rígida. También las conjunciones *magis* y *et* provocan la posición enclítica. Estas condiciones son observadas muy de cerca, por ejemplo, en *Il Novellino*, en posición inicial. En Dante la posición enclítica del pronombre es todavía bastante frecuente en esta misma situación; asimismo, se evita comenzar por un pronombre una proposición principal, que sigue a una secundaria, y después de las conjunciones *e* y *ma*. Este uso se extiende a los dialectos venecianos, sicilianos y los de la zona de la Puglia. Sin embargo, estos criterios, como ya hemos señalado más arriba, no siempre se siguen de una forma rígida (24).

Otras veces la colocación enclítica no responde a ninguno de los criterios anteriores. Esto ocurre sobre todo cuando la palabra se encuentra a final de

(22) Vid. G. Rohlfs, *op. cit.*, p. 139.

(23) La colocación enclítica de los pronombres está bien clara en los ejemplos de conversación práctica del latín tardío. En Petronio se encuentra ya: *rogo vos, crede mihi*, citado por G. Rohlfs, *op. cit.*, vol. II, p. 170, nota 2.

(24) Para un estudio más amplio de la anficlisis véase también H. Lausberg, *op. cit.*, t. II, p. 171.

verso, y en este caso la enclisis se debe a razones rítmicas. Por ejemplo, Jacopone utiliza a su gusto la posición enclítica cuando utiliza la rima esdrújula. De igual manera nuestro poeta, Cielo D'Alcamo, en palabras de Rohlfs (25) "non esita a fare altrettanto per completare i proparossitoni avanti la cesura". Veamos los casos que presenta el texto: v. 6 *trabàgliti*; v. 11 *artonniti*; v. 13 *véjoti*; v. 14 *dónimi*; v. 16 *ajùngasi*; v. 21 *trovanmi*; v. 22 *mèttoci*; v. 33 *procàzzala*; v. 46 *fósseti*; v. 48 *tagliàrami*; v. 105 *lèvimi*; v. 108 *pèrdici*; v. 121 *gittiti*; v. 126 *segnomi*; v. 156 *juràstimi*; v. 153 *jùroti*.

Cuando junto al verbo se presentan dos pronombres complemento, uno dativo y el otro acusativo, en italiano antiguo, en la zona de Toscana, la combinación predominante es la de acusativo-dativo. Este es el orden utilizado en *Il Novellino*, que presenta únicamente este tipo, en contraposición con la *Vita nuova*, por ejemplo, donde aparecen los dos casos, aunque el primero es el más abundante. Muy frecuente es también en Boccaccio la anteposición del acusativo, si bien existe un nutrido número de ejemplos que presentan el orden inverso (26). De todo ello se deduce que, desde los orígenes, la lengua florentina ha utilizado con mucha más frecuencia el orden acusativo-dativo, si bien en otros lugares de la Toscana existen ejemplos que presentan el orden actual dativo-acusativo. Así, Rohlfs señala que ésta es la posición de los pronombres que puede observarse en textos antiguos de la zona de Pistoia y Lucca, aunque en textos más tardíos encontramos las dos posiciones.

Para este autor, no están claras las razones que han motivado la sustitución de la construcción antigua acusativo-dativo, hasta llegar a la de dativo-acusativo del italiano actual. Atribuye este cambio a una solución panrománica, dado que, también en francés y provenzal se ha producido esta misma transformación a finales de la Edad Media (27). En los dialectos septentrionales y meridionales ha debido tener lugar en un período anterior, ya que la posición que puede observarse en los textos más antiguos es la de dativo-acusativo.

Así pues, desde estos presupuestos, puede decirse que todos los nombres en español tienen género ya que se clasifican como "masculinos" o como "femeninos". La oposición genérica entre los nombres tendrá su base de comparación en, exclusivamente, la presencia de la clase, del género, sin importar desde el punto de vista gramatical que la base común entre los nombres enfrentados vaya más allá del género y sea más o menos amplia. Así, es posible oponer, por el género, nombres masculinos como *bolso, niño, ventanal, ojo, puerto, pequeño,* etc. a nombres femeninos -en correspondencia o no con los anteriores- como *bolsa, niña, ventana, nariz, hoja, puerta, pequeña,* etc. En unos casos, las base de comparación es sólo el género (*ventanal* frente a *nariz, ojo* frente a *hoja*), y en otros casos las base es más amplia (*niño* frente a *niña, pequeño* frente a *pequeña*). Resulta de este modo inoperante desde la óptica gramatical la distinción que con frecuencia se

(10) Para que se formalice en una lengua como morfema flexivo, como categoría gramatical, ha de satisfacer los requisitos de sistematicidad y de repercusión sintáctica. De otro modo, encajaría entre los contenidos derivativos o entre los básicos o entre los puros de relación, según la visión de Sapir (1921, cap. V). Cfr. a este respecto también la propuesta de Bybee (1985).

(11) Algunos estudiosos establecen una frontera entre la Morfonología y la Morfología; por ejemplo, Bybee (1985) diferencia las dos áreas porque mientras la Morfología se ocupa de morfemas, la Morfofonémica se encarga de los alomorfos, o lo que es lo mismo de "the variant phonological representations of a single morpheme" (1985, v).

Otros distinguen entre variantes de realización y morfemas , o entre morfológico y mórfico (cfr. Matthews, 1972 y 1974; Carstairs, 1987; o el mismo González Calvo, 1979).

maneja entre "género selectivo" y "género flexional" (12), distinción que responde a criterios cuando menos mixtos y a medio camino entre lo estrictamente lingüístico y lo extralingüístico. Si el fundamento de la distinción quiere ser sintáctico, conviene señalar que la relación sintagmática de dependencia en uno u otro sentido (se trate del sustantivo o se trate del adjetivo) se da en una estructura de combinaciones, y no siempre resulta pertinente para caracterizar paradigmáticamente las unidades en el sistema. Concretamente, en el caso del género aquella distinción conduce al final a una base referencial: el sustantivo selecciona género porque él mismo posee inherentemente (referencialmente) género; el adjetivo, por contra, no remite a objetos y no puede, por tanto, tener género sino tan sólo flexionar en género. Desde el punto de vista gramatical, la diferenciación entre "género selectivo" y "género flexional" no supone, pues, aportación interesante para la descripción de esta categoría y de su funcionamiento en español; más bien resulta conflictiva en una óptica morfológica, al descansar en criterios sintácticos entremezclados con criterios referenciales.

BIBLIOGRAFIA

Academia, Real —— Española (1931): *Gramática de la lengua española,* Madrid, Espasa-Calpe, 1931.

——— (1973): *Esbozo de una nueva gramática de la lengua española,* Madrid, Espasa-Calpe, 1979.

Badía Margarit, A. (1967): "Aspectos formales del nombre en español", A.A. V.V. (1967) *Problemas y principios del estructuralismo lingüístico,* Madrid, C.S.I.C., 1967, 58-64.

Bosque, I. (1982): "La morfología", A.A. V.V. (1982), *Introducción a la lingüística,* Madrid, Alhambra, 1982, 115-153.

Bybee, J. (1985): *Morphology. A Study of the relation between meaning and form,* Amsterdam, Benjamins, 1985.

Carratalá, E. (1980): *Morfosintaxis del castellano actual,* Barcelona, Labor, 1980.

Carstairs, A. (1987): *Allomorphy in Inflexion,* London/N. York/Sydney, Croom Helm, 1987.

Fernández Pérez, M. (1986): "Las disciplinas lingüísticas", *Verba,* 13, 1986, 15-73.

——— (1987): "La importancia de las corrientes de investigación en la configuración de la *teoría lingüística:* un ejemplo con las llamadas *categorías gramaticales*", *Verba,* 14, 1987, 75-101.

González Calvo, J. M. (1979): "El género, ¿una categoría morfológica?", *Anuario de estudios filológicos* (Univ. de Extremadura), II, 1979, 51-73.

Hjelmslev, L. (1928): *Principles de grammaire générale* (= Historik-filologiske XVI, 1) Det. Kgl. Danske Videnskabernes Selskab, 1928. Traducción de F. Piñeiro, *Principios de gramática general,* Madrid, Gredos, 1976.

(12) La diferencia, que proviene de Hockett (1958, cap. 27), puede resultar pertinente y rentable desde otras perspectivas, pero no desde nuestra aproximación al género.

Hockett, Ch. F. (1958): *A Course in Modern Linguistics,* N. York, MacMillan, 1958. Traducción de E. Grégores y J.A. Suárez, *Curso de lingüística moderna,* Buenos Aires, Eudeba, 1971.

Martínez, J. A. (1977): "Los elementos de la gramática y el género en castellano", *Estudios ofrecidos a E. Alarcos,* I, Universidad de Oviedo, 1977, 165-192.

Matthews, P. H.(1972): *Inflectional Morphology,* Cambridge, Cambridge University Press, 1972.

——— (1974): *Morphology: An Introduction to the Theory of Word Structure,* Cambridge, Cambridge University Press, 1974. Traducción de R. Monroy Casas, *Morfología. Introducción a la teoría de la estructura de la palabra,* Madrid, Paraninfo, 1980.

Roldán, A. (1967): "Notas para el estudio del sustantivo", A.A. V.V.(1967), *Problemas y principios del estructuralismo lingüístico,* Madrid, C.S.I.C., 1967, 78-83.

Rosenblat, A. (1952): "Género de los sustantivos en *-e* y en consonante", *Estudios dedicados a Menéndez Pidal,* III, Madrid, C.S.I.C., 1952, 159-202.

Sapir. E. (1921): *Language: An Introduction to the Study of Speech,* N. York, Harcourt, Brace & Co., 1921. Traducción de M. y A. Alatorre, *El lenguaje. Introducción al estudio del habla,* México, F.C.E., 1974.

A onomatopeia como creadora de denominacións da chuvia/chover

ELVIRA FIDALGO FRANCISCO

Un problema que preocupou dende antigo ós lingüistas que se interesaron pola orixe das palabras é aquel da relación establecida entre sonido e significado.

Xa dende as primeiras páxinas dos estudios de etimoloxía, os teóricos chamaban a atención sobor da potencia evocativa de certos sonidos na mente do falante dunha determinada comunidade lingüística, potencia bastante para que o falante, por un proceso mimético, sexa capaz de evocar, con certos sonos da sua linguaxe, sonidos da natureza, ou ben de traducir con unha secuencia acústica ideas de color, olor, gravedade, lixeireza, movemento, etc. Esta capacidade imitativa é a base esencial da onomatopeia, aspecto da lingua que atopa o seu merecido espacio nos tratados que dende Sócrates deseñan a historia da lingüística, ata chegar ó fundamental estudio de Grammont (1) que escomenza ca definición da mesma: "On appelle **onomatopées** les mots dont le son imite celui de l'objet qu'ils désignent. Les unes sont voulues comme *glouglou*, *frou-frou*, *tic-tac*, c'est-à-dire, qu'elles n'ont pas d'autre origine que l'imitation même d'un bruit de la nature. Les autres sont accidentelles, c'est-à-dire, qu'elles ne doivent leur valeur imitative qu'à l'évolution phonétique normale d'un mot qui n'était nullement onomatopéïque" (p. 97).

Un pouco mais adiante, Grammont abre un apartado para tratar o que el chama "mots expressifs", ós que se refire deste xeito: "A côté des onomatopées, il y a dans la langue quantité de mots, designant non plus un son, mais un mouvement, un sentiment, une qualité materielle ou morale, une action ou un état quelconques, dont les phonémes entrent en jeu pour peindre l'idée; c'est ce qu'on peut appeler les **mots espressifs**" (p. 140).

A fronteira entre "onomatopées" e "mots expressifs" non é, por conseguinte, moi precisa, e debuxar un trazo nítido entre un concepto e outro non é o que nos vai ocupar nestes intres: as duas ideas nos serven, e as duas definicións porán os pilares que sosteñen o traballo que aquí escomenzamos.

Sen contradicir a idea básica da lingüística moderna de que o signo lingüístico é inmotivado, "c'est-à-dire, arbitraire par rapport au signifié, avec lequel il n'a aucune attache naturelle dans la réalité" (2), váisenos amosar seguidamente cómo metáfora e onomatopeia se alían nun factor que, tendo a sua millor baza na con-

(1) Vid. M. Grammont, "Onomatopées et mots expressifs", *Revue des Langues Romanes*, 144, 1901, pp. 97-158.

(2) Vid. F. de Saussure, *Cours de Linguistique Générale*, Paris, Payot, 1972, p. 101.

notación, dan orixe a un amplo abanico de posibilidades designativas para un fenómeno tan simple como pode se-lo de 'chover', definido polos diccionarios como:'caer auga da atmósfera en forma de gotas' (3) e do resultado desta acción, a chuvia.

Quen millor xogou con esta baza foi a etimoloxía popular, nunha partida onde tamén interviñan o factor afectivo dunha comunidade lingüística e as cousas que a rodean, acabando con un resultado de numerosas novas formacións léxicas que xurden para ese fenómeno.

Tendo en conta isto, e partindo das definicións de Grammont, queremos ver cómo intervén a onomatopeia na formación de novas palabras, sobor de todo, cando se trata de denomina-lo devandito fenómeno engadíndolle matices de violencia (*treboada*) ou levedade (*chuviña*), que xa predispoñen, de algunha maneira, o esprito da comunidade. Pero non queremos pasar adiante sen antes recalcar novamente que, como xa dixera Saussure, onomatopeias puras hai moi poucas, e que o que maiormente imos atopar nas novas designacións é unha base claramente onomatopeica apuntalada por unha metáfora que da o impulso necesario para facer válida a asociación entre significante e significado.

1.1. Escomencemos pola base onomatopeica TRRRUMP, ben expresiva por sí mesma, adoptada para denomina-la treboada en bastantes zonas da Romania.

O zumbido trepidante e grave que imita o son das trompas, sustantivo que encabeza a familia léxica derivada da onomatopeia, está representado pola sucesión de vibrantes e oclusivas xordas que suxiren, de entrada, un sonido continuo que se repite. Sendo ademais fonemas xordos e a vibrante en combinación ca nasal, evoca un sonido seco e, ó mesmo tempo, un estralo provocado pola caída de algo. Con isto, parécenos estar preto do ruído que producen as cheas pingadas da bátega ó estralaren contra o chan, isto mesmo deben senti-los membros doutras comunidades lingüísticas, xa que os derivados desta raíz non se ciñen a unha área determinada:

-a área iberorromance ofrece un *tromba* con un frecuentativo *trompa*, bastante espallados, que ten a sua orixe no *trompa*, nome do instrumento musical, que imita un sonido que se produce pola voz expresiva que estamos vendo. En Navarra, querendo aumenta-la violencia da precipitación, engadíuselle un sufixo aumentativo en expresións como *trompazo de agua.*

-na área galorromance recollemos expresións como [na trõmba d'eg] na parte limusina, [trumbee] en Gironde. Existe tamén [trẽmpõlạdo] en Haute-Garonne e [trũpo d'ayo] en Aveyron que, aínda que presenten na sua morfoloxía cruces con outros vocablos, a orixe parece sempre aquela (4).

(3) Vid., entre outros, X. Feixóo Cid, *Diccionario da lingua galega*, Vigo, Ir Indo, 1985, I, p. 553.

(4) Bloch e Wartburg atribuiron outra orixe a este vocablo, facendo derivar *trompa* dun xermanismo, cifrado en alto alemán TRUMPA, TRUMBA, que designaba o instrumento musical. A esto responde Corominas decindo que: "Suponer un fráncico TRUMPA para explicar el francés (...) es inverosímil, porque está en desacuerdo con el consonantismo de las formas germánicas antiguas (...). Esto obligaría también a suponer, sin necesidad, que en la Península Ibérica se tomó del francés". Vid. *Diccionario Crítico Etimológico Castellano e Hispánico*, V, 1983, p. 657.

1.2. Seguindo a mesma secuencia, atopamos os derivados de TURBO, que indicaba en latín calquera tipo de obxecto impulsado con un movemento rápido e circular, como torbeliño, tromba, ciclón (5). Aproveitando tanto a semántica como a fonética, as linguas romances, sobor de todo o galego, propiciarán unha chea de novas designacións para a chuvia forte.

Os termos mais usuais son *torbón* e *terbón*, pero variantes como *trombón* poden ouvirse en Compostela ou Guitiriz, *trubón* en Sobrado e *turbón* en Valadouro. Sobre estes sustantivos, formaránse outros tales como *entrebón treboada*, *terboada*, *trobonada*, *trabonada* (ou con sufixo diferente, *troboeira*, *treboeira*) que empregan a nasal como caixa de resoancia para o son que inicialmente imitan.

Quizais a este mesmo apartado perteñecera a forma italiana [trubbe̯ya], xa que existe nesta lingua un *turbine* indicando un vento moi forte.

Nestes derivados nos que, como vimos de ver, parece máis importante a idea de desorden e confusión, a forma acústica que xustifica a onomatopeia está presente, aínda que en segundo termo, xa que o que se traduce é a intensidade e precipitación da chuvia ó caer.

1.3. Se a esta combinación de xordas e vibrantes lle cambiamo-la bilabial por unha velar, igualmente xorda, nunha sucesión TRK-, a connotación parece evolucionar lentamente ata un sonido seco que neutraliza a sensación de continuidade suxerida na secuencia vista máis arriba. Tendo isto en conta, facilmente nos podería vir á memoria a voz gótica THRUKS, 'apretón, empuxón, choque', noción que parece estar perfectamente traducida pola fonética.

Se isto é correcto, teríamos nos denominativos gascóns *trucassado*, *troucassado*, derivados de *truca*, *trouca* 'pegar, golpear fuerte', novas formas de orixe onomatopeica.

1.4. Sobre outra variación na matriz de vibrantes e nasais, podería alzarse a palabra xermánica *BRAND, 'espada', xa onomatopeica orixinariamente, por querer chamarlle ó obxecto con un nome que recorde o ruído que a envolve cada vez que se emprega nun combate. *BRAND derivará nun sustantivo *brandido*, utilizado moi frecuentemente no dominio d'oc, primordialmente en Lot e Lot-et-Garonne, como sinónimo de 'bátega', aínda que a onomatopeia quede sometida á metáfora.

1.5. Igualmente, poderíamos chegar por esta vía a *barrumbada*: 'juerga desordenada', segundo Corominas, que emprega a imaxe do barullo que se desprende desta, como trampolín para chegar ó sustantivo *barrumbón*, que en mallorquín, e de xeito máis aillado en Andalucía, designa a chuvia forte.

(5) Vid. A. Ernout y A. Meillet, *Dictionnaire étymologique de la langue latine. Histoire des mots*, Paris, Klincksiek, 1951, p. 707.

2.1. A raíz onomatopeica CHAP-, da que dí Corominas que "expresa el ruido del golpe aplastante de la lluvia al caer violentamente sobre plantas y cosechas" (6), reflexa moi ben ese ruído que oímos mentres chove con forza, con esa palatal inicial portadora da maior parte da carga fónica, e a oclusiva bilabial xorda que apaga inmediatamente o ruído, conferindolle a noción do golpe seco.

Pero é unha combinación rentable únicamente no chan ibérico, xa que formacións que sobre ela naceron designando a chuvia, somentes as atopamos nesta zona, eso sí, con variados aspectos, que adoptaron unha vibrante forte que prolonga e suliña a sensación acústica: *chaparrón*, que está moi espallado con unha outa frecuencia de uso; pero non hai que despreciar *chaparrazo* (Navarra, Aragón), *chaparrada*, *chapetón*, no sul sobre todo, e xa de maneira máis aillada, *chapaza* e *chaparradilla* na Rioxa, que xa reduciron considerablemente a violencia expresiva.

2.2 Sobre a mesma raíz, pero a través do sustantivo *chorro*, fórmase en español o verbo *chorrear* que, se ben non garda a acepción que tratamos agora, dará pe a sustantivos como *xurrada*, *enxurrada* na provincia de Pontevedra, que sí designan o resultado da acción que estamos vendo.

3. O termo árabe *ġâra* parece se-la orixe de algunhas denominacións da bátega de auga que se rexistran no sul da Península, tales como *algarón*, *algarada*, *algariada* (*algarada* recóllese tamén en Asturias con unha variante en *albarada*).

O vocablo árabe facía referencia ás bruscas incursións realizadas pola "algara", (tropas) en terra inimiga e, posteriormente, ó tumulto, á vocería como a causada pola algara (7). Con esto xa conectamos co que agora nos interesa, xa que, seguramente apoiándose nesta idea de ruído, exténdese ata a indicación do fenómeno atmosférico.

Aínda que o termo non fora onomatopeico na sua orixe, funciona perfectamente nos sustantivos actuais, por estaren sostidos polas vocais máis abertas entre unha sucesión de líquidas, a primeira propia para a expresión da liquidez, e a segunda connotando sucesivos golpes aillados, impresión ésta reforzada pola velar sonora.

4.1. Esta mesma sensación quere desprenderse de *CROTALARE, que corresponde a unha forma latinovulgar derivada do clásico CROTALUM (especie de castañetas), proveñente a sua vez do grego KROTALON, que significaba 'sacudirse, axitarse', e que acabará nun infinitivo italiano *crollare* (id.) (8). Tal infinitivo parece se-la base de algunhos deverbales que se extenden por toda a área italorromance indicando a treboada. Entre eles, recollemos [ʃgorlọn] no nordeste, [ʃgrôllọ̊n] na rexión toscana, ou unha expresión sudeña [ʒ̊kurlón dắkwa] e incluso

(6) Vid. *DCECH*, II, 1980, p. 328.

(7) Vid. *DCECH*, I, 1980, p. 159.

(8) G. Devoto (*Avviamento alla etimologia italiana*, Firenze, Le Monnier, 1968, p. 111), propón como étimo algo diferente. Supón [ʃgrolón] derivado de SCROLLARE < CROLLARE (máis /S-/ durativa) < lat. vg. *C(O)RROT(U)LARE: 'rodar xuntos', con síncopa tardía, procedente de COM- + ROTULUS.

un [ʂkr̥c] atestiguada no norde, con diferente sufixo. A nota innovadora é a impresión de fricción, engadida á expresión de ruido, co fonema inicial que abre os vocablos italianos, imposta pola acumulación de fricativas.

4.2. *Stroscione*, voz designadora da chuvia forte, predominantemente na Toscana, é un deverbal de *strosciare*, 'ruído da auga cando cae en abundancia', impresión claramente manifesta nesa sucesión de fricativas xusto onde a palabra se pronuncia máis forte polo acento, despois do golpe da oclusiva, e a prolongación do efecto polas líquidas.

5. Case seguro que a base onomatopeica SKLAFF-, onde o sonido producido pola oclusiva queda prolongado polas labiodentais, evoluciona ata producir un sustantivo *schiaffo*, 'golpe dado na cara ca man aberta', empregado tamén como sinónimo do golpe de auga, que foi variando paralelamente a sua configuración sonora sen deixar de ser expresiva.

E ata aquí algunhos exemplos da transmisión do sentimento de violencia do ruído, expresada por fonemas que integran palabras que normalmente se empregan para designar unha acción certamente violenta.

Pero tamén a suavidade, a lixeireza de certas accións pódese reflexar ca forma fónica das palabras das que botamos man cando queremos designalas, variando simplemente as fórmulas combinatorias dos sonidos. Pero vexámolo en exemplos concretos, manténdonos sempre no eido da chuvia, para confrontar mellor os resultados.

6.1 A raíz *BAB- (9) será unha afortunada base de carácter onomatopeico para a designación da chuvia que cae docemente, pois dá lugar a formacións do mesmo carácter construídas sobre a repetición da oclusiva que alude a un ruído que se reproduce de maneira continuada, un número indeterminado de veces, con vocais abertas intercaladas que actúan como pantalla reflectora das resoancias consoánticas

É o caso de *barbañar* e *barbaña*, espallado polo interior de Galicia. *Babuxar*, sobre o que se formarán os sustantivos *babuxada* ou *babuxeira*, na comarca compostelana, ca presencia dunha vocal tan pechada, de tan poucas vibracións, parece querer connotar certa escuridade ó escenario onde se sinte o ruído. E para rematar, quédanos *barbuza*, *barbuzar* en Dumbria e O Incio, que desprenden algo do descontento contido na interdental.

6.2. A mesma raíz *BAB- extenderase tamén con bastante éxito por todo o chan galorromance, aínda que predominantemente no sul e, sometido ás leis da evolución, fricativiza a segunda oclusiva gañando, máis que perdendo, expresividade no proceso, ó adquirir sensación de fluidez. Desta maneira, temos termos como

(9) Respecto a *BAB-, Corominas dí: "voz expresiva sobre el lenguaje infantil con repetición de sílaba BA-, para expresar el babeo, mezclado con el balbuceo de los niños pequeños" (Cfr. *DCECH*, I, 1980, p. 442).

[bavinè] en Isère, [bɐ̀vɐ̀s] en Allier e na rexión do languedoc occidental [bɐ́bũno]. De calquera xeito as formas máis usuais son [bavinè] ó oeste e [bavi̯no] ó leste, onde con moita frecuencia alternan formas como [bavayi'na], [bavazi̯na] con matices de menor dureza, como vemos, dependendo seguramente da disposición das comunidades de falantes diante da chuvia.

6.3. Para a área italorromance, os derivados de *BAB- rexístranse na parte septentrional con formas como [abavík'e], [bavi̯éle], [ʃbavik'e] con un progresivo aumento na sensación de dureza.

7.Por repetición de oclusivas, esta vez combinadas con unha vocal pechada que transmite a idea de brandura, recollemos no medio do dominio galo a expresión [fa de bibi], relacionada ca onomatopeia francesa *bibi*, que designa obxectos pequenos.

8.1. Un eslabón máis no emprego das oclusivas bilabiais como creadoras de novas designacións da chuviña na Galorromania, é a raíz xermánica *BROD-, que, significando algo así como 'borbotón de auga ou de calquera líquido' (10), é unha fonte bastante explotada para a denominación do fenómeno, tanto pola extensión dos derivados, como pola forza expresiva dos mesmos. Si o encuadre de oclusivas para unha vocal aberta e redonda, precedida dunha vibrante, podería suxerir sen dificultade o 'borbotón' que indicaba inicialmente, os sufixos que recolle no chan francés forman sustantivos como *brouillard*, *brouillasse*, que restan precipitación e engaden molura.

8.2. O mesmo sucede ca base grega βλύσσειν, que significaba o fluído dun líquido de forma violenta, tamén, a borbotóns, e que na parte sudoriental gala recolle sufixos que borran esa idea de violencia e engaden á sensación de continuidade na precipitación, xa presente pola líquida e as vibrantes, a de dozura, en verbos como *blasineja*, *blasigna*, *blaïneja*, que son os máis frecuentes no dominio provenzal, ou, con rotacismo do l en *brésineja* ou *brousineja*.

9. Un caso ben evidente de "onomatopeia accidental", por segui-la terminoloxía de Grammont, son os derivados de *CERCIUS, que, na parte noroccidental da Península Ibérica, desembocarán en formacións sufixais como *zarzallo*, *zarzallada*, *zarzalleira* ou *zarzallar*. Se o sustantivo latino facía referencia únicamente a un vento, os derivados romances, por metáfora, adquiren aquel outro sentido de chover, reforzada pola resonancia da palabra.

Foi a nosa intención xustificar cos exemplos expostos ata agora o que ó escomenzarmos estas liñas comentábamos da influencia, aínda que soio sexa de xeito tanxencial, da onomatopeia, e ésta, acompañada da metáfora, na formación

(10) Cfr. L. Guinet, *Les emprunts gallo-romans au germanique, du I^er^ à la fin du XV^ème^ siècle*, Paris, Klincksiek, 1982, p. 92.

de palabras novas que denominan doutro xeito unha acción que xa tiña nome, pero que quedara pouco expresivo.

Como vimos, palabras que, designando actualmente o fenómeno que tratamos, se poidan chamar onomatopeias, con toda a delimitación do seu significado, hai moi poucas: quizais, os derivados de CHAP-, ou o infinitivo italiano *strosciare*, que indicaban na sua orixe e na actualidade somentes o ruído da chuvia cando cae e, por extensión, a chuvia mesma.

O resto das palabras que mencionamos son máis ben "mots expressifs", sobor de todo os que se refiren á chuvia doce, ou onomatopeias "accidentelles", ó manteñeren unha forma fonética ca que hoxe podamos imitar, máis ou menos exactamente, o ruído no que pensamos cando empregamos eses termos.

Non fai falla suliñar que a maioría, tendo unha base onomatopeica, evolucionan fonética e semánticamente para dar lugar ós vocablos que agora estuvemos vendo, e que somentes tendo moi crara e moi presente esa variación no senso, podémolos aceptar como onomatopeicos, porque o valor expresivo dos sonidos só se manifesta cando estes veñen ben apoiados polo significado dos mesmos, e isto está en perfecto acordo co que di Grammont: "un mot n'est onomatopée qu'à condition d'être senti comme tel", ou o que é o mesmo, que o feito de que unha palabra sexa ou non onomatopeia é moi subxectivo, e o individuo buscará no significado os elementos que favorezan o realce do valor expresivo dos sonidos.

Esa forza concéntrase esencialmente nas consoantes, dado que as vocais teñen un espectro connotativo bastante máis restrinxido, funcionando como cañamazo que ofrece unha gama de sonidos agudo/baixo, sobre o cal as consoantes se dispoñen nunha determinada orde para produci-lo efecto desexado, xa que a impresión que sentimos prodúcese na orde na que os fonemas chegan ó noso oído.

Dende logo, os estudios teóricos analizan a forza de cada son, e describen o que se pode expresar con cada combinación fonética, pero ó fin e ó cabo, é somentes o falante o que ratifica a teoría, cando no seu esprito admite esas descripcións como correspondentes ó que él sinte cando as pronuncia ou as escoita.

Puntualizacións á influencia da escola trobadoresca provenzal no léxico da lírica galego-portuguesa

TERESA GARCÍA-SABELL TORMO

A influencia que a lírica provenzal exerceu sobre toda a producción poética europea da Edade Media, non só no que se refire á inspiración temática senón tamén ás formas, é hoxe en día universalmente recoñecida. E referíndonos máis concretamente á nosa producción lírica medieval trátase dun proceso facilmente explicable se temos en conta que as relacións culturais entre Francia e a Península Ibérica a partir do século XI, e aínda antes, son moi estreitas.

Traballos de investigadores de finais do século pasado como P. Meyer (1) ou os xa clásicos de C. Michaëlis (2), C. de Lollis (3), entre outros, explican a orixe e desenvolvemento desta influencia.

A expansión pola Península das ordes relixiosas de orixe francesa de Cluny e do Cister, o parentesco entre as familias reinantes de Francia e dos reinos cristiáns peninsulares, a guerra contra o Islán que favoreceu a existencia de establecementos francos na Península, as peregrinacións a Santiago de Compostela a través do *Camiño Francés,* etc. son algúns dos factores que facilitan a introducción de modelos procedentes de Francia, sen esquence-lo papel importantísimo que xogaron as cortes de Aragón, Navarra e Portugal e sobre todo a corte de Castela durante o reinado de Alfonso X que foi centro de atracción de poetas e artistas europeos e peninsulares.

Os tantas veces citados versos de Alfonso X: "Vos non trobades come proençal / mais come Bernaldo de Bonaval / por ende non é trobar natural / pois que o del e do Dem'aprendestes" (4) ou os de D. Denis: "Proençaes soen mui ben trobar" (5) e "Quer'eu en maneira de proençal / fazer agora hun cantar d'amor" (6), mostran como os nosos poetas recoñecen explicitamente esta fonte de inspi-

(1) "De l'influence des trobadours sur la poésie des peuples romans", pp. 257-258, *Romania* 5, 1876.

(2) *Cancioneiro da Ajuda*, vol. II: *Investigâções bibliográphicas, biográficas e historico-litterarias*, Halle, 1966, pp. 751-755.

(3) "Dale cantigas de amor a quelle de amigo", pp. 617-626, *Homenaje M. Pidal* I, Madrid, 1925.

(4) *CE* 17. Lapa, M. Rodrigues, *Cantigas d'escarnho e de mal dizer dos Cancioneiros medievais galego-portugueses, seguido de vocabulario galego-português extraido da edição crítica das Cantigas d'escarnho e de mal dizer*, Coimbra, 1970, 2ª edición.

(5) *CAmor* 73. Nunes, J.J., *Cantigas d'amor dos trovadores galego-portugueses. Edição crítica acompanhada de introdução, comentário, variantes e glossário*, Lisboa, 1972.

(6) *CAmor* 69.

ración estranxeira. Podemos constatar que a imitación de esquemas provenzais aparece con toda claridade nas *cantigas de amor,* xénero que pode considerarse, como sinala Tavani, a realización hispánica dunha poesía europea directamente derivada da lírica provenzal de onde extrae a ideoloxía, a casuística e incluso o formulario. Sen embargo o propio Tavani matiza que toda esta imitación prodúcese nun contexto social totalmente distinto do orixinal (7).

Pero este fenómeno de imitación non se atopa só nas *cantigas de amor.* Tamén as *cantigas de amigo* de aparente espontaneidade e sinxeleza, e sen dúbida baseadas nunha tradición popular precedente, presentan rasgos característicos da escola trobadoresca, aínda que neste caso a caracterización precisa da influencia provenzal resulte menos evidente. Como indica Tavani a *cantigas de amigo* ten unha apariencia popular porque presenta unha notable esquematización das relacións humanas, polo seu deseño absolutamente elemental, pola inxenuidade de certos recursos expresivos así como polo seu paralelismo formal e conceptual. Pero, en realidade, o carácter elemental e os esquemas ríxidos que presenta non son mais que a fachada ou decorado que agacha uns textos literariamente cultos e cargados de artificios retóricos (8).

Como exemplo claro desta contaminación provenzal podemos cita-la cantiga de Nuno Fernandez Torneol *Levad', amigo, que dormides as manhãas frias* (9). Esta cantiga representa a asimilación da *alba* provenzal por parte do noso poeta que a transforma sen dificultade nunha *cantiga de amigo.*

Nas *cantigas de escarnio* dos nosos trobadores tamén podemos atopa-los ecos da lírica provenzal, non hai que esquecer que os textos satíricos galego-portugueses teñen como antecedente o *serventés* provenzal, sobre todo no caso das sátiras políticas ou morais. Un exemplo claro de asimilación da cultura do sur de Francia pode se-lo *serventés* de Martim Moxa *Amigos, cuid'eu que Nostro Senhor* (10).

Incluso as *Cantigas de Santa Maria,* a pesar do seu distanciamento temático e formal, non poden entenderse fóra do contexto trobadoresco e presentan exemplos característicos de transposición do esquema cortés cando o autor se presenta como un simple trobador disposto a cantarlle á Virxe, e incluso a cambeala polas demais damas: "E o que quero é dizer loor / da Virgen... / ... / e rogo-lle que me queira por seu / Trobador e que quiera meu trobar / reçeber" (11), "Esta dona que tenno por Sennor e de que quero seer trobador, / se eu per ren poss'aver seu

(7) Cfr. Tavani, G., *Ensaios protugueses,* Lisboa, 1988, p. 42.

(8) Tavani, *op. cit.*, p. 43.

(9) Cfr. Gonçalves, E., Ramos, A.M., *A lírica galego-portuguêsa: textos escolhidos. Apresentação crítica, selecção, notas e sugestiões para análise literário* de E. Gonçalves; *critérios de transcrição, nota linguística e glossário* de M.A. Ramos, Lisboa, 1983, p. 28.

(10) *CE* 279.

(11) *CSM* B 15-22. Mettmann, W., *Cantigas de Santa Maria de Alfonso X o Sabio,* 4 vol., Coimbra, 1959-1972.

amor, / dou ao demo os outros amores" (12), "Santa Maria, valed', ai Sennor, / e acorred"a vosso trobador, / que mal le vai" (13).

Sen embargo compre sinalar que esta influencia non parece tan definitiva e esencial como para considera-los nosos textos mera imitación dos provenzais.

Esta realidade vese confirmada no que atinxe ó léxico, pero a influencia trobadoresca é, neste caso, moito menos importante do que cabería agardar.

Moitos termos de procedencia provenzal que podemos atopar na nosa lírica medieval son exclusivos das *Cantigas de Santa Maria,* cantigas que presentan unha densidade de provenzalismos moito maior que o resto dos Cancioneiros. Palabras como *albergada, albergaria, avol, bastida, bastido, bastimento, bastirse, bestiola, bocin, bren, deleito, deleitosa, desdenar, drudaria, erege, eregia, estra, estruz, felonia, gabança, jornal, justador, laidura, lenguage, marques, mascarade, messageria, mongia, oufania, tornei, tricharia* e *viage* son características das *Cantigas de Santa Maria* e non aparecen empregadas polos trobadores recollidos nos Cancioneiros.

En xeral, podemos constatar, como xa dixemos, que as *Cantigas de Santa Maria* presentan un número maior de provenzalismos e hai algunhas que poden exemplificar esta característica. Un caso particularmente salientable é a cantiga nº 35 que se caracteriza polo emprego de numerosos préstamos procedentes do sur de Francia, como: *greu, prez, cendal, talan, afan, assaz, nenllur, bel* e *volonter* xunto con outros procedentes do norte como: *miragre, dayan, maste, preito,* etc.

Nas *cantigas de escarnio e maldizer* tamén atopamos unha serie de provenzalismos característicos deste xénero e que son de escasísimo rendemento xa que aparecen empregados por un só poeta: *albergueiro* (Johan Baveca) (14), *balandrao* (Johan Baveca) (15), *boçon* (Johan Soarez de Pavha) (16), *brialete* (Lopo Lias) (17), *descor* (Lopo Lias) (18), *esgremir* (Fernan Rodriguez Redondo) (19), *estança* (Pero da Ponte) (20), *gaia* (Caldeyron) (21), *guarda-cós* (Joham Garcia de Guilhade) (22), *mensonha* (Martin Anes Marinho) (23), *oufana* (Estevam da Guarda) (24), *parlar* (D. Denis) (25), *pelegrin* (Johan Soarez Coelho) (26) e *sonha* (Caldeyron) (27).

(12) *CSM* 10.19-22.

(13) *CSM* 279.4-6. Tamén podemos atopa-lo emprego de tópicos característicos da escola trobadoresca, como por exemplo a expresión *tirar de coit'e de d'afan* que aparece na cantiga 240: "pois sempr'ela quer / rogar por nos u nos á mais mester / por nos *tirar de coitas e d'afan*" (vv. 40-42).

(14) *CE* 192.3.

(15) *CE* 194.2.

(16) *CE* 242.5.

(17) *CE* 254.13.

(18) *CE* 270 Rúb.

(19) *CE* 140.21.

(20) *CE* 356.12.14.

(21) *CE* 431.7.

(22) *CE* 209.19.

(23) *CE* 276.22.

(24) *CE* 109.6.

(25) *CE* 94.7.

(26) *CE* 230.10.

(27) *CE* 431.12.

Tamén hai algún exemplo de provenzalismo empregado por un só poeta na *cantigas de amor,* como é o caso da palabra *alegrança* (Ayras Nunez) (28) e nas *cantigas de amigo: gonela* (Pedr'Amigo de Sevilla) (29).

Podemos pois concluir que tódolos préstamos reseñados son de escasísimo rendemento nos textos, sen embargo a carón deles podemos atopar outras palabras que aparecen con bastante frecuencia. Son os termos característicos da lingua tópica literaria, sacados directamente do léxico cortés e, polo xeral, empregados en fórmulas fixas. Este é o caso de *afan, prez, sen* ou *talan.*

Nos textos trobadorescos a palabra *afan* forma parte dos tópicos literarios que expresan o xogo da antítese do *ben* e do *mal* e por conseguinte esta palabra aparece frecuentemente asociada a outros sustantivos que teñen o mesmo valor ou que son sinónimos, como é o caso de *trebalh* 'tormento', e acompañada do verbo *sofrir* ou *traire* 'soportar': "Las! qu'eu d'Amor non ai coquis / mas cant *lo trebalh et l'afan*" (Cer. I, 7-8), "Bona dompna, souen sospir / e *trac* gran *pena* e gran *afan*" (PR VI, 33-35), etc. Como podemos ver neste exemplo o termo *afan* aparece asociado con *pena* para reforza-lo seu sentido de sufrimento, tamén acompaña ós sustantivos *dol, dolor, mal* e *ira* (30).

Estes mesmos empregos podemos atopalos nos nosos textos, onde o sustantivo *affan* asociado con *coita* expresa o sufrimento do amor: "Quanta *coita* e quant'*affan* / m'ela no mundo faz levar" (31), "Tan muyto mal mi fazedes, senhor, / e tanta *coyta e afan* levar" (32), "Ai meu amigo, avedes vós por mi / *afam e coit'*e desej'e non al, / e o meu ben é todo vosso mal" (33), etc. Tamén podemos atopalo empregado asociado con *mal:* "o mui grand'*affan* e muito *mal* / que ei por vos" (34), "que eu ren poss'aver / de vos, senhor, se non *mal* e *affan*" (35), "mays (sol) non cuyda de mi, / nen de meu *mal,* nen de meu grand'*affam*" (36).

Finalmente compre sinalar que o verbo que aparece con máis frecuencia acompañando estas expresións é, como nos textos provenzais, o verbo *soffrer:* "Senhor, o gran *mal* e o gran *pesar* / e a gran *coita* e o grand'*affan* / ... / que por vos *soffro*" (37), "*soffre* gran *mal* / e grand(e) *affam*" (38), etc. ou *levar* co sentido de 'soportar' como xa vimos nos exemplos antes citados.

A palabra *prez* refírese, polo xeral, ó mérito ou alta reputación dun cabaleiro ou dunha dama e na lírica provenzal este termo indica un valor cambeante que debe ser continuamente precisado polos verbos que o acompañan, xa que pode ser positivo ou negativo, segundo os casos (39). Tamén nos nosos textos *prez*

(28) *CAmor* 138.5.
(29) *CAmigo* 330.12.
(30) Cfr. Cropp, G.M., *Le vocabulaire courtois des troubadours de l'époque classique,* Genève, 1975, p. 426.
(31) *CA* 187.13. Vasconcellos, C. Michaelis de, *Cancioneiro da Ajuda,* vol. I: *Textos e notas,* Halle, 1976.
(32) *CAmor* 41.2.
(33) *CAmigo* 406.2.
(34) *CA* 215.2.
(35) *CA* 257.2.
(36) *CAmor* 131.18.
(37) *CA* 173.2.
(38) *CAmor* 6.9.
(39) Cfr. Cropp, *op. cit.,* p. 426.

aparece con frecuencia acompañado dun adxectivo ou dun adverbio que precisa o seu valor positiva ou negativamente, e son frecuentes as expresións: *bon prez, gran prez, mayor prez, tal prez, mui bon prez, melhor prez* e *mal prez:* "Mais tolhe-m'én log'aqueste cuidar / vosso *bon prez* e vosso semelhar" (40), "meu coraçon / non será se non da que sei / Mui fremosa e de *gran prez*" (41), "E as que alá *mayor prez* avyam / ... toda'las fuy veer" (42), "Quer'eu, amigas, o mundo loar / por quanto ben nostro Senhor fez: / fez-me fremosa e de *mui bon prez* (43), "Qual dona Deus fez melhor parecer / ... / e con tod'esto *melhor prez* aver" (44), "Mais se vós sodes i de mal sen, / de que lh'apoedes *mal prez?*" (45). Hai tamén uns casos especiais nos que o termo *prez* ten, por si só, un valor negativo, sen aparecer acompañado de ningunha outra palabra que o indique: "Sempre mi pesa con sa companha, / por que ei medo de mi crecer *prez* / con el, com'outra vegada ja fez, / e, pero lhi digu'en mui gran sanha / que se parta de mi tal ben querer" (46).

O mesmo acontece con *sen* e *talan.* Estas dúas palabras forman parte do léxico tópico trobadoresco e ímolas atopar en fórmulas fixas paralelas en ambas escolas poéticas.

Sen pertence ó vocabulario relixioso ou intelectual de onde pasa cun novo rexistro ó léxico trobadoresco que lle atribúe un valor mundano (47). Os trobadores provenzais empregan esta palabra con frecuencia en locucións: *perdre lo sen / perdre son sens:* "Aras veias, haretie, si *as* ben *lo sen perdut*" (48), "o no *perga son sen* o totz vius no.s contranha" (49); *aver (son) sen:* "Non *ai* de *sens* per un efan" (50), etc. Estas mesmas expresións ímolas atopar nos nosos Cancioneiros: *perder o sen* 'perde-lo xuicio' é frecuentísima nos nosos textos onde adoita aparecer reforzada con outra palabra, como por exemplo: *perder o sen e o dormir* para expresa-la desgracia no amor: "a mui gran coita, que me por vos ven, / per que *perdi o dormir e o sen*" (51), "ca *sen / perç'e dormir* e tod'esto mh-aven / por vor veer" (52), etc.

Talan é un termo frecuentemente empregado polos trobadores provenzais para indica-lo desexo (53) e tamén neste caso podemos sinalar algúns empregos paralelos entre os textos daqueles poetas e os autores dos nosos Cancioneiros. Por exemplo o caso das expresións *bon talan / mal talan,* Bernart de Ventadorn escribe "E pel *bo talen* qu'eu n'ai / m'es vejaire que be'm vai" (54) ou *a son talan, en talan, per talan,* etc.: "e si del semblan / non trob dompna *a mon talan* / que valha

(40) *CA* 47.20.
(41) *CA* 311.25.
(42) *CAmor* 178.13.
(43) *CAmigo* 178.3.
(44) *CA* 85.4.
(45) *CE* 363.9.
(46) *CAmigo* 305.14.
(47) Cfr. Cropp, *op. cit.*, p. 412.
(48) *Las Novas del Heretie*, Appel 107.20.
(49) *Chanson d'Antioche*, Appel 6.19.
(50) *Bernart de Ventadorn*, Raynouard V, p. 195a.
(51) *CA* 83.10.
(52) *CAmor* 241.8.9.
(53) Cfr. Cropp, *op. cit.*, p. 412.
(54) Citado por Cropp, *op. cit.*, p. 266.

vos qu'ai perduda" (55), "d'aisso.us port garentia / que maintas vetz *per talan* de donar / ai aver tout, e non per manentia" (56), etc. Os nosos poetas tamén empregan estas expresións: *bon talan / mal talan*, para referirse ó carácter positivo ou negativo: "Este cavaleiro era grand'e apost'e fremoso, / manss(o) e de *bon talante*" (57), "que nunca d'el'al atendy / senon gran sanha, ... / e *mal talante* (58), etc.; *a seu talan* 'á súa vontade': "se compra tod' *a seu talan*" (59) ou *par seu talan* 'voluntariamente': "por que os tragedes vós / a vender e *par seu talan*" (60), etc.

É interesante, por último, indicar que tódolos préstamos provenzais empregados nos Cancioneiros non correron a mesma sorte polo que se refire á súa integración na lingua. Algúns vanse conservar e outros, os mais, desaparecen por completo do idioma.

En xeral podemos dicir que aquelas palabras propias do léxico cortés, os tópicos literarios, desaparecen ó mesmo tempo que a escola lírica trobadoresca, como é o caso de *sen, gracir, greu,* etc., aínda que algúns se conserven na lingua culta, *don* e *talante* entre outros. Os termos que forman parte do vocabulario técnico literario como: *cobra, descor, refrán, serventés, tensón, trobar* ou *trobador,* hai que consideralas aparte xa que se van manter, na maioría dos casos, no léxico técnico literario.

Outro grupo de palabras de procedencia provenzal que aparecen con frecuencia nos Cancioneiros e que se van perder son aquelas que designan prendas de vestir: *balandrão, boçon, brial, garnacha, gonela, guarda-cós* deixarán de ser empregados despois do século XVI debido a cambios na indumentaria.

Sen embargo hai algúns préstamos que se van integrando perfectamente na lingua e que, por conseguinte, se manteñen no léxico actual. Este fenómeno ocorre cos termos pertencentes ó léxico relixioso: *capelán, freire* ou *monxe,* por exemplo; e tamén con outros que se refiren ó vocabulario común, como: *alegrar, alegría, alegre, desdén, desdenar, xornada, xornal.* Algún, como este último, con novas acepcións, como tamén ocorre coa palabra *refrán* que formaba parte do léxico técnico literario. Consérvanse tamén os nomes dos animais *avestruz* e *papagaio* no rexistro culto da lingua (o mesmo que sucede en castelán).

A presencia de palabras procedentes do sur de Francia nos nosos Cancioneiros pode deberse, nalgúns casos, a necesidades métricas, á rima. Sería interesante facer unha análise sistemática deste feito xa que a súa importancia pode constatarse nalgún exemplo característico.

Un dos casos mais significativos podería ser esta cantiga de Fernan Soarez de Quinhones:

> Lop'Anaia non se vaia
> ca, senhor, se s'ora vai
> e lhi frorecer a faia,
> a alguen jogará *lai.*

(55) Bertran de Born, Appel 20.8.
(56) Albert Malaspina e Raimbaut de Vaqueiras, Appel 90.20.
(57) *CSM* 336.22.
(58) *CAmor* 167.21.
(59) *CE* 225.7.
(60) *CE* 99.11.

Se lhi froreç'o *bastage*,
meu senhor, seede *sage*
que prendades dela *gage:*
ca, se s'ora daqui vai
ben, ferá tan gran *domage*,
come Fernand'e(n) Romai.
Lop'Anaia non se vaia,
ca, senhor, se s'ora vai
e lhi frorecer a faia,
a alguen jogará *lai.*

Se el algur acha *freiras*,
ou casadas ou solteiras,
filha-xas pelas carreiras;
e, se queren dizer "ai",
atá lhis faz as olheiras
ben come prês de *Cambrai.*
Lop'Anaia non se vaia,
ca, senhor, se s'ora vai
e lhi frorecer a faia,
a alguen jogará *lai.*

Non se vaia de Sevilha,
ca será gran maravilha,
quant'achar, se o non filha,
ca assi fez(o) seu pai;
ca já nen un boi non trilha
en Oscos - esto ben sai.
Lop'Anaia non se vaia,
ca, senhor, se s'ora vai
e lhi frorecer a faia,
a alguen jogará *lai.* (61).

Nesta cantiga, como se pode ver, os préstamos tanto do norte como do sur de Francia, sitúanse a final do verso.

Outro exemplo significativo da importancia da rima para o emprego de palabras estranxeiras é a cantiga de Santa María nº 25 onde o préstamo *senner* aparece en rima con *molher* e *prazer,* e, na mesma cantiga o autóctono *sennor* en rima com *for:*

"Porque sei que santa *moller*
foi ela, e el ome santo
e profeta; poren, *senner,*
fillar-chos quer'e dar-ch-ei quanto
quiseres, tod'a teu *prazer.*" (vv. 41-45).
...
"E vos, Jeso-Cristo, *Sennor,*
e vos, sa Madre muit'onrrada,"
disse'el, "se daqui longe *for* (vv. 59-61).

Nos textos líricos galego-portugueses medievais hai un número considerable de palabras de orixe provenzal. A maior parte das veces estes préstamos entraron como apoio a uns esquemas literarios, son termos clave, altamente significativos, de tópicos e recursos literarios propios da escola trobadoresca. Pero, así como a influencia das técnicas literarias é alta e rentable, a do léxico en si paré-

(61) *CE* 143.

ceme notablemente inferior, sobre todo porque se trata dun número de palabras *relativamente* alto e sen embargo *proporcionalmente* baixo dado o seu escaso rendemento.

Notas sobre a expresión concesiva no galego medieval

XOSÉ MARÍA GÓMEZ CLEMENTE

Co presente traballo pretendemos facer un pequeno estudio descritivo sobre a evolución da construcción concesiva no galego medieval, en textos que abranguen o período comprendido entre os séculos XIII e XV, salientando o uso de determinados nexos conxuntivos e a utilización do indicativo e do subxuntivo para a expresión da realidade ou da hipótese.

Para isto fixémo-la seguinte escolla de textos (1):

1. Século XIII: Cantigas de Amor (AMOR), Cantigas de Amigo (AMIG), Cantigas de Escarnho e Mal dizer (CEM), Cantigas de Santa María (CSM).

2. Século XIV: Crónica Troiana (CT), Historia Troiana (HT), General Estoria (GE), Crónica Galega (CG), Crónica de Castela (CC), Crónica Particular (CP).

3. Século XV: Miragres de Santiago (MS), Crónica de Santa Maria de Iria (CI).

1. NOTAS TEORICAS

A complexidade destas oracións, que teñen quizais o tipo de construcción máis determinado dentro do que tradicionalmente se considera como grupo das subordinadas adverbiais, motivou o establecemento de criterios comparativos con outras oracións do seu grupo para intenta-la súa descrición. Nos estudios gramaticais, tanto galegos coma españois, introduciuse sempre o criterio de delimitación con respecto ás adversativas e condicionais. A Gramática Galega de Álvarez Blanco, H. Monteagudo e X.L. Regueira (2) inclúe as concesivas dentro das ora-

(1) As indicacións dos exemplos que se citan están remitidas ás seguintes edicións: 1. Século XIII: AMOR Ed. de José Joaquim Nunes, Centro do Livro Brasileiro, Lisboa, 1972), AMIG (Ed. de José Joaquim Nunes, Centro do Livro Brasileiro, Lisboa, 1973), CEM (Ed. de Manuel Rodrigues Lapa, Galaxia, Vigo 1962, CSM (Ed. crítica de Walter Mettman, Galaxia, Vigo, 1981. Referencias ó Tomo I e II). 2. CT (Ed. de Ramón Lorenzo, Real Academia Galega, A Coruña, 1985) HT (Ed. de K. Parker, C.S.I.C., Santiago, 1975), CC CG CP (*La traducción gallega de la Crónica General y de la Crónica de Castilla*, Ed. de Ramón Lorenzo, Instituto de Estudios Orensanos "Padre Feijoo", Ourense, 1975), GE (Ed. de Ramón Martínez López, Universidad de Oviedo, 1963). 3. Século XV: MS (Ed. de J. Luis Pensado, Anexo LXVII da *Revista de Filología Española*, Madrid, 1958), CI (Ed. de Jesús Carro García, *Cuadernos de Estudios Gallegos*, Anexo V, Santiago de Compostela, 1951).

(2) Rosario Álvarez Blanco, X.L. Regueira, H. Monteagudo, *Gramática Galega*, Galaxia, Vigo 1986.

cións bipolares, seguindo a teoría sintáctica de Guillermo Rojo (3) (onde tamén aparecen as adversativas e condicionais), por presentaren dúas, e só dúas, cláusulas no nivel constitutivo inmediatamente inferior ó de oración. Sen embargo, apuntan a circustancia de que os pronomes se comportan dentro do período concesivo como nas cláusulas subordinadas, feito importante á hora de defini-lo seu esquema sintáctico. A *Gramática da Real Academia Española* (1931) inclúe as concesivas dentro do grupo das subordinadas adverbiais e as adversativas dentro das coordinadas. Ó estaren estas últimas a medio camiño entre a subordinación e a coordinación a dificultade do deslinde é evidente. No *Esbozo* (4) da Real Academia Española coméntase: "En el período concesivo, la subordinada expresa una objeción o dificultad para el cumplimiento de lo que se dice en la oración principal, pero este obstáculo no impide su realización. Si decimos, por ej: Aunque llueva saldré, enunciamos el cumplimiento de la acción principal, "saldré", negando eficacia al obstáculo que representa la subordinada (aunque llueva). Es como una condición que se considera desdeñable e inoperante para la realización del acto" § 3.22.7.

As gramáticas portuguesas de Cunha (5) e Vázquez Cuesta (6) non entran na consideración dos problemas que presentan as concesivas, aínda que si o fai a gramática de Mira Mateus (7).

Desde posturas xenerativistas, partindo do concepto de presuposición, tamén se analizou o período concesivo. José Luis Rivarola (8) distingue dous tipos de enunciados: 1. de carácter presuposicional (concesivos) (9) contrarios a unha expectativa; 2. de carácter non presuposicional (adversativos). Despois, e desde un punto de vista sintáctico, comproba a posibilidade de que *aunque* (conector concesivo) poida funcionar como coordinante e por isto distingue dous procedementos de expresión sintáctica para esta relación lóxico-semántica: a coordinación

(3) *Cláusulas y oraciones*, Anexo 14 de *Verba*, Univ. de Santiago, 1978.

(4) Real Academia Española, *Esbozo de una Nueva Gramática de la Lengua Española*, Espasa-Calpe, Madrid, 1986.

(5) Celso Cunha e Luis F. Lindley Cintra, *Nova Gramática do Português Comtemporâneo*, Edições João Sá da Costa, Lisboa, 1986

(6) Pilar Vázquez Cuesta, Maria Albertina Mendes da Luz, *Gramática da Língua Portuguesa*, Edições 70, Lisboa, 1980.

(7) Maria Helena Mira Mateus, Ana Maria Brito, Inês Silva Duarte, Isabel Hub Faria, *Gramática da Língua Portuguesa*, Livraria Almedina, Coimbra, 1983. pp. 470 e ss "As orações concessivas entram en construções que exprimem a contrajunção ou junção contrastiva e cuja asserção é regulada pela modalidade do factual, do hipotético ou do contrafactual". Para a explicación do concepto de "contrajunção", vid. pp. 190-194. En resume, establece tres tipos de "contrajunção": 1. Situacións que contrastan co curso normal dos acontecementos (o primeiro membro nega o contido proposicional do segundo membro). 2. O contido proposicional do segundo membro é contrario ás expectativas do primeiro membro formuladas por un individuo. 3. O primeiro membro do período mostra que non se dá a condición para que se realice o segundo membro.

(8) J. Luis Rivarola, *Las conjunciones concesivas en español medieval y clásico*, Tübingen, 1976,

(9) Rivarola, *op. cit.*, p. 8, "Una relación concesiva no es sino unha relación (lógicamente) conjuntiva entre dos frases que es contraria a una relación implicativa presupuesta entre una de ellas y la negación de la otra".

(F1 CO F2) e a subordinación (F1 SU F2) (10). Tamén comparte este punto de vista sintáctico Vera Luján (11): "la concesividad vendría a conformar un tipo de contenidos que encontraría una doble vía de expresión gramatical: la subordinación o la coordinación oracionales" (p. 201). Luis Santos Ríos (12) reserva o termo "locución concesiva" para aquelas que expresan relacións contrafactuais (hipotéticas) e utilizan o subxuntivo. Tamén sinala a existencia de "locuciones que contienen concesión y adversación", dentro das cales poderiamos incluí-las concesivas reais en indicativo e subxuntivo. Estas dúas distínguense das adversativas por producirse o que el chama "anticondición" (13).

Guillermo Rojo, incide na demostración de que os criterios de subordinación e de coordinación son inaplicables para as concesivas. Estas e as adversativas pertencen á clase das bipolares xa que nelas existe "una relación entre dos constantes" e só aparecen dous elementos no nivel máis alto da estructura sintáctica. María Angeles Álvarez Martínez (14) critica esta teoría de Rojo, por aplicar un criterio semántico para unha distinción sintáctica, e afirma "Así pues, causales, condicionales y concesivas deberían mantenerse, a nuestro juicio, en el apartado de las subordinadas adverbiales, puesto que actúan como aditamento respecto del núcleo verbal oracional".

Vemos pois que a discusión sobre a expresión sintáctica da relación lóxico-semántica expresada polas concesivas é a que ten levado a maiores controversias. A inclusión de adversativas e concesivas dentro dun mesmo esquema sintáctico (A, conector, B) é algo que consideramos difícil de soster. O comportamento de ambas é distinto e responde ós seguintes esquemas:

Concesivas:	1. conector B, A; 2. A, conector B (15).
CC 490.24	1. Et el rey de Valença pero que entendeu muy bem a rraçõ por que era, prouguelle moyto. 2.Et el rey de Valença prouguelle moyto, pero que entendeu muy bem a rraçõ por que era.
Adversativas:	A, conector, B

Facemos notar que o conector debe considerarse como un ponderador, segundo a terminoloxía de Luis Santos, que afecta o membro que inicia o período

(10) Co exemplo "Erasmo ganó la competencia (F1), aunque no estuvo brillante (F2)" demostra o anterior: 1. Subordinación Exp (F2 implica o contrario de F1) 2. Coordinación Exp (F1 implica o contrario de F2).

(11) A. Vera Luján, "En torno a las oraciones concesivas", *Verba* 8, 1981, pp. 187-203.

(12) *Semántica, pragmática y sintaxis de los modelos lingüísticos generativos: La teoría de la presuposición*, 2 tomos (Tese de doutoramento inédita), Universidad de Salamanca, 1976. A cita tómoa de Bartol Hernández, J.A, en *Oraciones consecutivas y concesivas en las Siete Partidas*, Publicaciones de la Universidad de Salamanca, 1986. p. 146.

(13) Basicamente a "anticondición" é "ainda que p, q; se p, entón normalmente -q". A "condición" é: se **p**, entón **q**.

(14) "Las oraciones subordinadas: esbozo de clasificación", *Verba* 14, 1987, pp. 117-148.

(15) Esta é a principal diferencia entre as contruccións con **mais, pero** e as que utilizan conectores **concesivos**. Nas primeiras é imposible o esquema **pero B, A**.

concesivo (16). Existe unha focalización sobre o conector e o ámbito deste conector. O significado que aporta un conector concesivo (presuposicionalidade) pode ser expresado da seguinte forma: supón que hai unha alternativa ó valor expresado en A e que o valor realmente dado en A é o menos probable e o máis sorprendente de todos aqueles que se poden dar nese contexto.

Asemade, este mesmo ponderador concesivo fai que o comportamento dos pronomes átonos, sobre todo no caso do galego, teña moita máis relación co que ocorre no grupo das subordinadas adverbiais que co comportamento dos clíticos nas adversativas.

Non obstante, e por ser unha estructura de carácter contrastivo (dous membros nun mesmo nivel xerárquico) cremos que non se pode considerar como subordinada, xa que aínda considerando un *aditamento* (17) o período iniciado polo conector concesivo, non hai unha dependencia clara do núcleo verbal.

Desde o punto de vista semántico consideramos que a teoría de Luis Santos, xunto coa de Rivarola, poden servir de marco á consideración deste tipo de oracións:

> A relación que se establece neste tipo de oracións é a seguinte:
>
> aínda que **p**, **q** = -(Expectativa): se **p**, entón normalmente **q** (18).
> (-Expectativa) = a condición "esperable" que aparece despois non se cumpre.
>
> (CT 515.1) et aynda que **q**(queiras) non as pera hu possas fugir
>
> **p** = queiras
> **q** = non as pera hu possas fugir
> **-(Expec)**: (se queres (hipótese), entón normalmente "as pera hu possas fugir").

O mesmo ocorre na oración (CC 620.10) "Et señor, como quer que elles son omes onrados et de gran sangue, non llis dera eu miñas fillas..." a relación en-

---

(16) Desta maneira o esquema sintáctico de Rojo, B, conector, A, non responde tanto a adversativas coma a concesivas, senón simplemente ó primeiro grupo.

(17) Vid. Emilio Alarcos Llorach, "Aditamento, adverbio y cuestiones conexas", en *Estudios de gramática funcional del español*, 2ª Ed., Gredos, Madrid, 1978, pp. 219-253.

(18) Pódense engadir aquí as notas de Elena Rivas en "Observaciones sobre las concesivas. Su comparación con las condicionales y las adversativas", *Verba* 16, 1989 p. 241, 242. Neste traballo rexéitase a implicación entre o primeiro membro e a negación do segundo membro das concesivas, o que permite distinguilas das condicionais, e establécese que a relación é de expectativa de implicación, expectativa que se pode cumprir ou non. A non implicación pode constatarse, nos textos que analizamos, na posibilidade de aparece-lo indicativo na cláusula A cando a B utiliza o subxuntivo e polo tanto a posibilidade de expresar hipótese. Pódese comprobar no seguinte esquema modal temporal (dos exemplos analizados):

B	A
Indicativo presente	Indicativo (presente, copretérito, postpretérito, futuro)
Indicativo copretérito	Indicativo (presente, copretérito, pretérito, antepretérito, futuro)
Indicativo Antepretérito	Indicativo (copretérito, pretérito, antepretérito)
Subxuntivo presente	Indicativo (presente, futuro, pretérito, copretérito), Subxuntivo (presente)
Subxuntivo copretérito	Indicativo (presente, copretérito, pretérito, antepretérito, futuro), Subxuntivo (copretérito)
Subxuntivo futuro (2v)	Indicativo (presente, futuro)

tre as dúas cláusulas expresa que en A non se cumpren as expectativas que, pola convicción xeral ou do falante, deberían producirse.

- *Tipos de concesivas*

Basicamente o criterio que utilizaremos para cataloga-los distintos tipos de concesivas é a presentación dos feitos que se expresan no período iniciado polo nexo concesivo como factuais ou reais e non factuais ou hipotéticos. As primeiras mostran a ocorrencia dunha situación inesperada (contraria a unha expectativa dada por outra situación), tendo en conta o noso coñecemento do mundo. As segundas expresan situacións do mundo real que non son accesibles no intervalo de tempo que se produce a enunciación e por iso non é posible a súa constatación. O modo que se utiliza para a expresión da factualidade é tanto o indicativo coma o subxuntivo (19), mentres que a expresión da non factualidade e exclusiva do subxuntivo.

2. ORACIONS CONCESIVAS INTRODUCIDAS POR NEXOS CONXUNTIVOS (20)

2.1. Macar

A etimoloxía desta conxunción non presenta grandes problemas. Ten a súa orixe no grego antigo μακαρίε "feliz, benaventurado" usada como interxeción desiderativa. Deste valor desiderativo pasouse ó sentido concesivo "por una especie de cortesía demostrada al interlocutor, afectando desear que suceda lo que él nos objeta" (21).

O galego non é a única lingua románica que conserva unha conxunción con esta orixe grega. Aparece no español *maguer* e no portugués antigo (coa mesma forma có galego) *magar*, e en certos dialectos italianos (*magari*). J.L. Rivarola (22) fala dunha variante latina *makar* que coincide plenamente co resultado que atopamos nos textos galegos medievais e tamén no portugués. Tódolos autores que investigaron a orixe desta partícula no español, recoñecen a súa procedencia occidental (23).

(19) Ve-los exemplos que se citan para cada nexo.

(20) Non entro neste traballo no comentario do uso da locución conxuntiva **por + (adxectivo)** ou **(adverbio)**, ou **(adverbio + adxectivo) + que**, un dos procedementos máis utilizados para a expresión da concesividade no galego moderno, e con documentacións a partir do século XIII.

(21) Vid. J.A. Corominas e J. Pascual, *Diccionario Crítico Etimológico de la Lengua Castellana*, Ed. Gredos, s.v. Maguer.

(22) J.L. Rivarola, *op. cit.*, Tübinguen, 1976.

(23) Como recoñece James E. Algeo, "Pleonasm and the expression of reality in the concessive clause in medieval ibero-romance" en *Revue Roumaine de Linguistique*, XVI, pp. 287-298 "I suspect that this conjunction is Galician rather than Portuguese. Many examples of it occur in 13th century lyric poetry which is often more Galician than Portuguese".

a) Século XIII

Macar é unha das conxuncións máis importantes do século XIII, despois de **pero** e os seus compostos. Aparece con moitísima frecuencia nas Cantigas de Santa Maria, que por outra parte é a obra que recolle máis riscos lingüísticos galegos. Algeo (24) cita 13 exemplos no século XIII para o portugués. Bartol Hernández (25) comenta que o español *maguer (que)* "durante los siglos XII y XIII aparece en la mayor parte de las obras literarias como conjunción concesiva de carácter general (é dicir expresa tanto feitos factuais coma contrafactuais, dato que por outra parte coincide cos que recollemos para o galego). Este autor recolle, só nas *Partidas* de Afonso X, 1435 exemplos de *maguer* e os seus compostos.

a.1. Macar + indicativo

O indicativo é o modo predominante que aparece con este nexo no século XIII. De 72 exemplos totais, 59 están en indicativo. O galego individualízase con respecto ó español na modalidade que utiliza esta conxunción. Nas Partidas de Afonso X fronte a 124 exemplos con indicativo aparecen 1311 con subxuntivo (case sempre hipotético) (26). Algeo no portugués só recolle 5 exemplos. Vemos polo tanto que **macar** (no galego) no XIII está practicamente especializado en expresar circunstancias factuais (reais).

Exemplos:

Macar lho rogo, non mi-á mester. (AMIG 61.1)
E porende poder non ouveron os mouros per ren de mal fazer en aquel lugar santo, nen de o en toller macar que xo tiian enserrado en sa pilla. (CSM I 561.26)
E el loou muit'a Virgen e nos demos-lle loores / que nos acorre nas coitas macar somos pecadores. (CSM I 572.43)

a.2. Macar + subxuntivo

Dos 13 exemplos que rexistramos no século XIII de *macar* con subxuntivo non atopamos ningún que exprese realidade.

Exemplos:

Que o non visse, macar quisesse. (AMIG 324.10)
Quen comendar de coraçon a Santa Maria o seu, macar mal prenda, creo eu que llo pode dar sen lijon. (CSM I 512.7)
Macar preit'ajades con alguen non queirades con el en voz entrar. (CEM 33.3)

a.3. Macar sen verbo

Un só exemplo real.

A monja con mui gran coita de con seu amigo s'ir / macar de noite aa igreja foi. (CSM)

(24) Algeo, J., "The concessive conjunction in Medieval Spanish and Portuguese: its function and development". *Romance Philology*, XXVI, 1973, pp. 532-545.

(25) Bartol, *op. cit.*, p. 158.

(26) Bartol, *op. cit.*, p. 164. Algeo, recolle datos (para *maguer*) máis achegados ó galego: 58 exemplos en subxuntivo; 92 en indicativo.

a.4. Maer + Indicativo. Do castelán *Maguer* con perda da consoante velar intervocálica. Un único caso con pleonasmo (27).

e maer u m'el jurou que morria por mi, mais non mi queria tan gram bem como dizia. (AMIG 318.21)

b) Século XIV

Hai poucas ocorrencias deste nexo no século XIV, fronte á abundancia do século XIII sobre todo nas *Cantigas de Santa María*. Especialízase na expresión de feitos hipotéticos (catro exemplos). Non hai exemplos con indicativo (polo tanto reais) nin con subxuntivo real. Algeo non rexistra este nexo nos textos portugueses do catorce e só recolle 22 exemplos do español *maguer* con indicativo.

b.1. Macar + subxuntivo

Hipotético

Custume era de cada dia hir guardar os herueyros e os caualos desta oste per quadrellas, aqueles a que o el rrey mandaua, macar a quadrella sua non fosse. (CC)
Pero dize o arçebispo dõ Rodrigo que o nõ poderã alcançar, macar levara esporas. (CC 387.31)

b.2. Mager + Subxuntivo

Un único exemplo da Crónica Troiana, traducción galega dun manuscrito castelán, feito que pode explica-la presencia deste nexo. Introduce concesión real.

Pero eu non dulto que, mager o prez deste pleito seia partido que uos non ajades ende uossa parte. (CT 319.22)

2.2. Macar que

Só aparece no século XIV con moi poucas ocorrencias: tres en indicativo e tres en subxuntivo: 1 real, e 2 hipotéticos.

b.1. Macar que + indicativo

macar que el rrey dõ Fernando era ia barõ feyto et firmado en ydade de sua força conprida, sua madre, a rreyna dona Beriguela, nõ quedou ne quedaua delli dizer e ensinarlle agustosamente... (CC 816.65)
Macar que soo desconsolado, averia todo ben. (CT 229.23)

b.2. Macar que + subxuntivo

Real

Et Abeniafa envioulle dizer que llj nõ daria o fillo, macar que soubesse que perderia a cabeza. (CC 527.21)

(27) Do reforzo pleonástico falaremos no apartado 3.

Hipotético

macar que ficar quisessen, non aujam que comer. (CG, 882.6)
Et digouos de meu que eu o coydo a fazer: macar que elles me queyran prender a vida, ante me mataria eu meesmo, ca me dar a priiom. (CG, 108.92)

2.3. Pero

Con orixe no matiz causal do *per* instrumental do latín clásico que pasa a ser utilizado moito máis no latín postclásico. O seu correlato era un *quod* explicativo que introduce unha subordinada. Pasa de ter este valor a expresa-la concesividade a través de contextos nos que "la causa expresada no corresponde a un efecto esperable" (28).

Vallejo (1925, 72) apunta: "es bien conocido el origen de esta partícula; *pero* con su antigua significación "sin embargo" fue empleada para encabezar la construcción concesiva, del mismo modo y con igual sentido que nuestra actual locución "a pesar de que".

Pero é moi utilizado no século XIII con valor concesivo. Non é así en español, onde o uso está restrinxido ó verso (quizais por influxo da poesía galego-portuguesa) e pasa axiña a adquirir un valor adversativo. A meirande parte dos exemplos que aparecen nesta lingua proveñen de obras de Afonso X (*Primera Crónica General*, *General Estoria*) de tipo histórico. Algeo recolle só catro exemplos nos textos portugueses do XIV e un nos casteláns. Os resultados do galego son ben diferentes.

a) Século XIII

É sen dúbida a conxunción con máis ocorrencias nos textos galegos deste século. De 316 exemplos totais de concesivas no século XIII, 170 son de **pero.**

a.1. Pero + indicativo

Rexistramos, de 170 exemplos totais, 143 en indicativo.

E pero pode, non lles quer valer. (CEM 584)
pero me ben non quer, non leyxarey de a servir por em. (AMOR 291.6)
Pero a Santa Maria foi pedir entón que entrass' en sa igreja, non quis consentir. (CSM I 381.12)

a.2. Pero + subxuntivo

Só aparecen 27 exemplos con subxuntivo, 26 hipotéticos e un que poderiamos considerar real.

Hipotético

mais sol non seja pensado, pero o morrer vejades, que me vós por el roguedes. (AMIG 134.11)

Real/Hipotético

pero vos el rei queira des i ben juzgar, non á end'o poder. (CEM 4)

(28) Rivarola, *op. cit.*, p. 54.

b) Século XIV.

Redúcese o número de ocorrencias dunha maneira moi notable. Cede os seus usos a **como quer que** e variantes.

b.1. Pero + indicativo

Vintetrés exemplos en indicativo que polo tanto expresan concesión real.

(con pleonasmo) et pero laurauaa o mellor que el podia, et sometaua daqueles sementes quelle Deus dera pensado quelle nasceria et colleria ende froyto donde gozase como laurador por ello, mays a terra mays lle criaua cardos et espiñas et outras eruas et cousas danonas. (GE 8.11)
Et pero os mouros eran muytos vençeronos duas uezes. (CC 782.36)
et pero el leuaua o caualo del rrey Mãomete, nehun non foy y ousado de llo toller. (CT 373.21)

b.2. Pero + subxuntivo.

Só aparecen tres exemplos en subxuntivo (un deles real). Hai polo tanto unha certa especialización deste nexo na expresión da realidade con indicativo.

Real

os cristãos non querian queymar senon astas de lanças et de seetas, das que os moros tragiam, o que ome non poderian creer, pero fosse verdade. (CC 753.44)

Hipotético

Por que he mester que seiamos todos boos, ca non podemos fugir a nenhũun cabo, pero queyramos. (CC 108.85)
de guisa que non ouue y quen lly resposta desse, pero preguntar quisessen. (CC 219.35)

2.4. Pero que

a) Século XIII

Aparece con moita menos frecuencia cá súa forma simple. Corenta e seis exemplos puidemos recoller ó longo do século XIII. Rexe tanto indicativo coma subxuntivo. Vallejo (29) afirma que *pero que* responde a un intento de crear un instrumento "especialmente intensivo para la concesión de lo real". A aparición, nos textos galegos, de só dous exemplos con valores hipotéticos entre o século XIII e o XIV, semella confirma-la teoría de Vallejo (30). Rexístranse 39 casos no castelán e 36 no portugués.

a.1. Pero que + indicativo

Hai unha total prevalencia dos usos con indicativo. Corenta e tres exemplos dun total de corenta e seis.

(29) "Sobre un aspecto estilístico de D. Juan Manuel. Notas para la historia de la sintaxis española" en *Homenaje a Menendez Pidal*, II, Madrid, 1925, pp. 63-85.
(30) No caso do español, en contra da teoría de Vallejo, Algeo recolle 42 exemplos hipotéticos entre os dous séculos.

e pero que mui gran fogo de todas partes viynna a moura non foi queimada nen seu fillo chamuscado. (CSM I, 652.43)
Pero que ei ora mengua de companha nen Pero Garcia nen Pero d'Espanha nen Pero Galego non irá comego. (CEM 3.1)

a.2. Pero que + subxuntivo.

Só tres exemplos. Dous que expresan realidade e o restante hipótese.

Real

Pero que seja a gente doutra lei e descreuda os que a Virgen mais aman a esses ela ajuda. (CSM I 588.3)
Pero que os mouros non teman a nossa fe tod'esto da Virgen Santa tẽen que gran verdade é. (CSM I, 203.30)

Hipotético

Quen quer que na Virgen fia e a roga con femença, valer-ll-á, pero que seja d'outra lee en creença. (556.4)

b) Século XIV.

É o nexo con maior número de ocorrencias no século XIV despois de **como quer que**. Nótase unha especialización na expresión da realidade en indicativo. Dos 94 exemplos rexistrados, 93 van en indicativo e só 1 en subxuntivo real. Algeo recolle 4 ocorrencias no castelán e 23 no portugués.

b.1. Pero que + indicativo.

Et pero que esto era cousa tan espantosa et maravillosa Jaason, quando os vio, foy contra eles moy ardidamente. (HT 24.19)
et pero que estaua tan mal ferido, non perdera a fala. (CC 388.3)
Et Eytor foy de aquela uez moy maltreyto, pero que non foy chagado. (CT, 330.1)

b.2. Pero que + subxuntivo.

Real

Et pero que o senor fezesse contra elles algua coussa sen guissa, nunca elles teueron por ende sana uell condesada. (CG 90.4)

2.5. Empero (que)

Non hai acordo na orixe do em-. Hai autores que pensan que procede do prefixo latino *inde + per hoc* e outros defenden a hipótese da proveniencia de *in + per hoc.*

a) Século XIII

Non hai moitas ocorrencias de *empero que* no galego medieval. Só puidemos rexistrar 3 casos de *empero que* e un de *empero* todos eles en indicativo. Algeo non rexistra exemplos nin no castelán nin no portugués.

a.1. Empero + indicativo

empero foi ela i tan ardida e de pran vençeu bo caualeiro, mais empero é x'el tan braceiro que ouv'ende ela de ficar colpada. (con pleonasmo) (CEM 46.3)

a.2. Empero que + indicativo

Pois maestr'Ali viu esto, empero que x'era mouro entendeu que ben guardadas teuera com'en tesouro a Virgen aquelas pedras. (CSM I 277.25)
e empero que os mouros a vezes lle fazen guerra, aos que vee coitados nun lle-la porta serra d'acorrer con sa merçee. (CSM II 323.56)

b) Século XIV

Empero

Aumenta o número de ocorrencias con respecto ó século XIII. Tamén se especializa na expresión da realidade en indicativo. Dos 21 exemplos, 19 utilizan o indicativo e 2 o subxuntivo hipotético.

b.1. Empero + Indicativo

Et diz que os ladrillos leuaua empero estauan ja asentados e secos et apreos con o bytume. (GE 74.2)

b.2. Empero + subxuntivo

atados huus con outros con cadeas por que non podessem fugir empero quisessem. (CC 748.67)
pero ben osmaua que, pois ali uehera, que faria delle boo et esforçado empero non quisesse. (CC 538.15)

Empero que

O mesmo ocorre con **empero que.** Dos 19 exemplos, só 2 utilizan o subxuntivo expresando concesión hipotética.

b.3 Empero que + indicativo.

Et a pouco tempo foran todos mortos e malafrontados, sse a uentura non fora contraria aos troyãos; ca, empero que se acolleron aas tendas, nonos querian leyxar os troyãos, antes os querian matar e destroyr. (CT 400.20)
Et aaparte do medio dia ho de Cartago em Affrica quesse começou em Anybal et Asdrubal, empero que rreynaram em el antes Amylcar et outros rreys. (GE 120.14)
Que o mataria os de Gerara por Sarra, sua moller, que era muy fermosa, empero que auia ja noveenta anos. (GE 216.16)

b.4. Empero que + subxuntivo.

Real

Empero que eu aja tan grande vertude de aqueste saber (...) pero non ha cousa nengua que eu mays queyra conosçer que saber as rrazões. (pleonasmo). (GE 181.6)

2.6. Compostos con -quer

Existen no galego medieval unha serie de conxuncións cun denominador común que é a presencia da partícula -quer. Esta partícula ten a súa orixe nos verbos volitivos cun valor disxuntivo: galego-portugués *quer-quer,* romanés *oare-oare.* Característica de todas estas partículas é a introdución dunha alternativa como cuestión de elección ou preferencia. A apódose implícita nestas cláusulas disxuntivas implica a concesión por parte do falante, do eventual desexo do oínte, en vista de que o cumprimento non afecta á validez da oración principal.

Combinada con pronomes e adverbios relativos (qui, que, cuan, c(u)anto, dá orixe a unha serie correspondente de pronomes e adverbios de carácter indefinido e xeneralizador. Non hai unha opinión clara con respecto á orixe destes compostos. Tradicionalmente son considerados como un calco das formas latinas formadas por **-libet** ou por **-vis.** Lombard (31) afirma que os indefinidos xeneralizadores representan un tipo panrománico (fr. *qui que ce soit;* it. *qualsivoglia*), formado a partir de construccións xeneralizadoras caracterizadas pola presencia dun relativo e dunha forma verbal en subxuntivo que pode estar unida ó relativo por medio dun *que.* O composto ten como resultado final unha conxunción concesiva por debilitamento da relación do relativo e o verbo da subordinada introducida por *que.* Polo tanto a xeneralización (32) desaparece e o composto convértese nun simple subordinante.

2.6.1. Como quer que

a) Século XIII

Nótase unha especialización deste composto na utilización do subxuntivo: dos 18 exemplos que rexistramos só un utiliza o indicativo. Algeo cita 21 exemplos dos textos portugueses medievais e 116 dos castelláns.

a.1. Como quer que + indicativo

Como quer que gran poder á o demo en fazer mal, mayor l'á en ben fazer a Reyña spirital. (CSM I 634.3)

a.2 Como quer que + subxuntivo

Dezasete exemplos aparecen nos textos consultados: 12 expresando realidade, e 5 hipótese.

Real

E and'eu mui coitada como quer que vos al diga. (AMIG 485)
El, como quer que lle fosse esto de fazer mui greu por entrar ena eigreja da Virgen, com'aprix eu, fezeo. (CSM 461.42)
Sennor, sempr'en ti confiey, como quer que pecasse. (CSM I 729.64)

(31) Lombard, A. "Une classe spéciale de termes indéfinis dans les langues romanes, *Studia Neophilologica,* 11, 1938, 1947.

(32) O valor de indefinido xeneralizador tamén se atopa nos textos consultados.

Hipotético

e como quer que eu mayor pesar non podesse ueer de que enton uerey, prazer ey ende. (AMOR 68)

b) Século XIV

É o nexo concesivo con maior número de ocorrencias no século XIV. Hai unha repartición case ó 50% entre os exemplos que utilizan o indicativo (50) e os que utilizan o subxuntivo (60, 36 reais e 24 hipotéticos). Os textos casteláns proporcionan 173 exemplos e os portugueses 54.

b.1. Como quer que + indicativo

Et os mouros, como quer que llis pesou, compriron seu mandado. (CC 654.4)
Agamenon fezo mouer tres azes, hûas empus outras, et como quer que alegres uaan, algûus yran ala por seu mal, onde al non pode seer. (CT 458.26)

b.2 Como quer que + subxuntivo

Real

ca ata aqui, como quer que o nos aiamos chamado suso en estoria ante desto Almançor, non lle chamauan aynda assi os mouros. (CG 207.7)
Et muyto agiña o dara a entender, ca, como quer que el fose muy pequeno de dias, non o semellaua nos feytos. (CT 614.6)
mays como quer que que alguns delles digam de hũa guysa, et outros de outra nos non dizemos agora aquí mays desto. (GE 38.3)

Hipotético

Et non catades nen façades ende al, ca, como quer que el compla sua voontade en algua cousa, con todo esto mais vale teer ele por senhor ca o treedor. (CC 550.39)
Señores, como quer que sse algun queixe desto que eu agora quero dizer non posso estar que o non diga. (CT 534.4)

c) Século XV

É notable a diminución de exemplos de concesivas que se produce no século XV. Nos dous textos que consultamos só atopamos catro exemplos de **como quer que,** un en indicativo, e tres en subxuntivo real. Como vemos este nexo perdeu a capacidade de expresa-la concesión hipotética. Rexístranse 64 exemplos no portugués e 93 no castelán.

c.1. Como quer que + indicativo

et como quer que moyto se alegraron do miragre que viron, moyto se alegraron mais por que lles semellauan que Santiago vivo era verdadeiramente que lles agina abrira as portas. (MS 207.12)

c.2. Como quer que + subxuntivo

Et como quer que tu pecases, eu amote moyto (MS 21.4)

2.6.2. A como quer que

a) Século XIII

Non se rexistran exemplos.

b) Século XIV

Dos 38 exemplos rexistrados 26 aparecen en indicativo e 12 en subxuntivo (11 reais e 1 hipotético). Existe unha certa especialización na expresión da realidade. Aparece case exclusivamente na General Estoria.

b.1. A como quer que + indicativo

Pero a como quer que el ena sua voontade criia hun Deus, con vergonça de seus viziños et dos outros çidadãos tiña ydolos em sua casa. (GE 134.21)
Frixo, a como quer que pesou de sua yrmaa que leuaua consigo moyto de coraçon por quanto a perdera, non podo mays fazer. (HT 16.40)

b.2. A como quer que + subxuntivo

Real

A como quer que ouuese outros de tam boo linagen et tam rricos et poderosos como Jason, pero depoys que ella via que el ya por cabdillo, pagouse mays del et prougolle con el mays que con todos. (Pleonasmo). (HT 20.9)

Hipotético

Et basteçeron moy ben tódolos muros et as torres et de compañas en tal maneyra que, a como quer que auesse, nõ sse temessen de trayçon. (CT 325.16)

c) Século XV

Atopamos un exemplo de **acomoquier que**, forma castelá de **a como quer que**, con subxuntivo real.

Et por quanto a España ainda non avia conoscemento alguun da fe de Iesu Xristo, a como quier que ende en vida viera predicar o Santo Apostollo (CI, 33.12)

2.6.3. Quanto quer que

Só un exemplo en subxuntivo.

ca nunca quedaua de roubar et de forçar aos outros et yrlos buscar onde quer el soubese que eran quanto quer que fose aalonge. (GE 13.37)

2.7. Ainda que

O adverbio *ainda* puido se-lo encabezador reforzativo da subordinada introducida por *que* + subxuntivo. Para o valor deste adverbio (aun) Cuervo (33) apunta que a primitiva construcción en español debeu ser con subxuntivo coma en italiano e en francés. 'A parte do dato da non existencia de exemplos, nas obras

(33) Cuervo, R.J., *Diccionario de construcción y régimen*, 2 Tomos, Bogotá 1953 e 1954.

consultadas, no século XIII, os poucos exemplos que aparecen no catorce rexen case sempre subxuntivo.

b) Século XIV

Hai unha case total especialización deste nexo na utilización do subxuntivo hipotético: dos 34 exemplos que rexistramos, só 11 expresan realidade (5 en indicativo e 6 en subxuntivo). Algeo rexistra esta conxunción xa no portugués do século XIII (15 exemplos); no século XIV 107.

b.1. Aínda que + indicativo

ca, ajnda que no começo dos omens casauan os yrmaos con as yrmaas, pero non tomauan en hãa sazon mays de hãa e non duas. (Pleonasmo) (GE 15.10)
Et todos aqueles a que eu cheguey con este mandado achey brauos et esquiuos a sobreguisa, et non mo quisestes dar, aynda que uos el rrey quitaua quanto mal auia rreçebudo. (CT 634.11)

b.2. Ainda que + subxuntivo

Real

ainda que sabamos que nos mataran por ello os caldeos, non deuemos por ende creer nen fiar enos ydolos. (GE 143.10)
Et toda a sua gente sera desbaratada aa entrada da porta, aynda que nos mays y non seiamos. (CT 348.5)

Hipotético

Et aynda que nos queyramos fugir, non nos leyxaran. (CC 435.6)
Et pero diseron que aynda que a cibdade non podessen tomar per força, pero que poderian fazer gran dano et que o fezessen se quer por se vengar. (HT 14.7)

2.8 Vel

Bartol (34) fai notar sobre esta partícula que "ya desde su valor originario "si se quiere", pasó con el uso a tener un valor de "incluso, hasta"". Este valor permítelle, por ser un ponderador, introducir concesivas. Só atopamos un exemplo no século XIII, que se comporta como un reforzo do valor concesivo de **pero**.

e pero lhi fale, ben sey ca non ey nen hun poder de o por amig'aver vel falasse comigo. (AMIG 268.4)

3. PROCEDEMENTOS DE REFORZO. A RELACION PLEONASTICA

Nos textos galegos medievais consultados aparece o fenómeno do uso redundante dunha conxunción adversativa entre os dous membros que conforman o período concesivo. Como apunta Bartol (35) este fenómeno xa era coñecido en

(34) *Op. cit.*, p. 178.
(35) *Op. cit.*, p. 168.

latín sobre todo coa partícula *tamen*. Algeo na súa Tese de doutoramento (36) analiza as construccións concesivas en portugués, español e catalán e constata o fenómeno da expresión pleonástica nas tres linguas (37). Posteriormente, no artigo que xa citamos, comenta a existencia deste tipo de reforzamento clausal tanto en latín coma en provenzal antigo e dialectos do norte de Italia. Nos textos medievais galegos danse un total de ±30 casos.

Os usos pleonásticos aparecen asociados case sempre á expresión da realidade (38), tanto co subxuntivo coma co indicativo. No século XIII atopamos 7 exemplos, todos eles en indicativo e cos seguintes nexos: pero (4), macar(2), empero (1). No século XIV aparecen 23 exemplos (7 en subxuntivo expresando realidade (39) e 17 en indicativo) cos seguintes nexos: como quer que (11), a como quer que (6), pero que (2), ainda que (2), empero que (2). Os reforzos pleonásticos de tipo adversativo son estes: pero (19), porem (2), empero (2), pero (con todo eso /esto) (2), por todo esso (2), mays (1), mays pero (1).

Exemplos (40)

a) Século XIII

Macar o caualeir'assi despreçar se uiu da que el amaua, e seu desamor sentiu, pero, con tod'esto, o coraçon non partiu da que per seu ben e de mais d'al cobiçaar. (CSM I 150.25)
Pero punho sempre de preguntar, poren nunca me poden entender o muy gran ben que uos eu sey querer. (AMOR 458.7)

b) Século XIV.

Mays as suas cidades, como quer que non som conosçudas agora, empero terras ouueron. (GE 71.15)
Et como quer que ha mester de falar outros en este feyto et tomar y consello do que quiserdes fazer ante que o começemos, pero eu dizeruos ey o que me acasçeu. (CT 248.22)

CONCLUSIONS

Dos datos analizados podemos tira-las seguintes conclusións:

1. Non existe unha total especialización dos nexos á hora de expresa-la concesión real ou hipotética pero podemos constata-los seguintes fenómenos:

(36) Algeo, James E., *Mood in the Concessive Clause in Medieval Ibero-Romance*, Diss, Univ. of Wisconsin, 1969.

(37) Datos máis concretos sobre o español, portugués e catalán nas pp. 292-293 de "Pleonasm...".

(38) Bartol Hernández, *op. cit.*, p. 168 explica esta circustancia polo carácter das partículas expresadas plenonasticamente. Orixinariamente tiveron un carácter de deíctico (pero, empero, con todo eso) que facía referencia a un feito real que se pode contrastar. James E. Algeo, en "Pleonams..." comenta :"My findings show that the pleonastic concessive is used in all three languages, over the three centuries studied, almost exclusively for the expression of *real events*", p. 288.

(39) Non obstante o seguinte exemplo da Crónica Troiana podería interpretarse como hipotético: "Et pero disseron que aynda que a cibdade non podesen tomar por força, pero que poderían en ella fazer gran dano et que o fezessen se quer por se vengar" (CT 14.7).

(40) Nos comentarios que fixemos a certas conxuncións xa apareceron máis exemplos.

- Tódolos nexos aumentan a súa versatilidade no século XIV : poden utiliza-lo subxuntivo para expresar concesión hipotética, agás **macar** e **como quer que** que xa o podían facer no XIII e **pero que** que a perde. Non hai unha relación directa entre o aumento da capacidade dos nexos de expresar tanto realidade (en indicativo e subxuntivo) coma non realidade e a maior ou menor aparición nos textos. Ver cadro III.

- **Macar** vese relegado á utilización única do subxuntivo no século XIV. Nótase, polo tanto, unha evolución con respecto ó século XIII, á parte da diminución clarísima do número de ocorrencias. *Macar* no século XIII pode iniciar tanto concesivas hipotéticas como reais, pero vemos que hai unha distribución clara: reais en indicativo e hipotéticas en subxuntivo. No catorce especialízase na expresión da concesividade hipotética e os poucos casos de reais son introducidos por *macar que.* Os exemplos que recollemos mostran que *mac*ar utiliza nun tanto por cento moi elevado o indicativo. Desaparece como conxunción no século XV.

- **Pero que** deixa de introduci-la concesión hipotética no século XIV, e aumenta a súa relación co indicativo.

- **Pero** pode utiliza-lo subxuntivo real no XIV pero non no XIII. Aumenta a súa versatilidade aínda que se reduce a súa presencia nos textos (quizais por estar especializado no verso). É, por excelencia, o nexo introductor das concesivas reais. Entre os dous séculos, xa que non rexistramos exemplos nos textos do XV, só aparecen 28 exemplos de concesivas hipotéticas.

- **Como quer que** é desde o século XIII o nexo que pode expresa-la realidade e a hipótese tanto en subxuntivo coma en indicativo. En parte é esta versatilidade a que fai que estea vixente no século XV.

- **Ainda que,** é o único nexo que se especializa na utilización do subxuntivo e na concesión hipotética.

2. No século XIV prodúcese a aparición de novos nexos: **aínda que, macar que** e **a como quer que**. Isto pode estar motivado pola existencia de textos en prosa.

3. O subxuntivo é, comparativamente, moito menos utilizado có indicativo. Ningún nexo chega a asociarse estreitamente a el. O contrario ocorre no portugués con **pôsto que** e **ainda que** (41).

4. Mantense o esquema, Ind (Real), Subx (Real, Hip) ó longo dos tres séculos. Existen poucas restriccións á utilización do subxuntivo real.

5. Partindo da "archetipycal concessive conjunction" (que responde ó esquema do punto anterior) definida por Algeo (42) vemos que tódalas conxuncións

(41) Vid. Algeo "The concessive conjunction...", pp. 535-538.
(42) Algeo, "The concessive conjunction...", p. 541.

analizadas participan das características do "arquetipo", agás **pero** e **pero que** que nunca utilizan o subxuntivo para expresa-la realidade.

6. Non se pode comprobar no galego medieval que a pervivencia dun determinado nexo se deba á súa capacidade de utiliza-los dous modos. Tanto no século XIII coma no XIV hai unha relevancia destacada de certos nexos, que, creo, está motivada por razóns de tipo literario.

APÉNDICE

I

Táboa resume das ocorrencias dos nexos concesivos

Nexos	S. XIII	S. XIV	S. XV	Total
1 Pero	170	26	0	196
2 Pero que	46	93	0	139
3 Empero	1	21	0	22
4 Empero que	3	19	0	22
5 Macar	72	4	0	76
6 Macar que	0	6	0	6
7 Como quer que	18	110	4	132
8 A comoquer que	0	38	1	39
9 Ainda que	0	34	0	34

II

Nexos, modalidade, número de ocorrencias

Nexos		S.XIII	S.XIV	S.XV
	I. Real	143	23	0
1	S. Real	1	1	0
	S. Hip	26	2	0
	I. Real	43	93	0
2	S. Real	2	1	0
	S. Hip	1	0	0
	I. Real	1	19	0
3	S. Real	0	0	0
	S. Hip	0	2	0
	I. Real	3	17	0
4	S. Real	0	0	0
	S. Hip	0	2	0
	I. Real	59	0	0
5	S. Real	0	0	0
	S. Hip	13	4	0
	I. Real	0	3	0
6	S. Real	0	1	0
	S. Hip	0	2	0
	I. Real	1	50	1
7	S. Real	12	36	0
	S. Hip	5	24	3
	I. Real	0	26	0
8	S. Real	0	11	1
	S. Hip	0	1	0
	I. Real	0	5	0
9	S. Real	0	6	0
	S. Hip	0	23	0

III

Nexos, modalidade: perspectiva diacrónica

Nexos	1	2	3	4	5	6	7	8	9
S.XIII									
REALIDADE	+	+	+	+	+	-	+	-	-
Indicativo	+	+	+	+	+	-	+	-	-
Subxuntivo	-	+	-	-	-	-	+	-	-
HIPOTESE	+	+	-	-	+	-	+	-	-
Subxuntivo	+	+	-	-	+	-	+	-	-
S.XIV									
REALIDADE	+	+	+	+	-	+	+	+	+
Indicativo	+	+	+	+	-	+	+	+	+
Subxuntivo	+	+	-	-	-	+	+	+	+
HIPOTESE	+	-	+	+	+	+	+	+	+
Subxuntivo	+	-	+	+	+	+	+	+	+
S.XV									
REALIDADE	-	-	-	-	-	-	+	+	-
Indicativo	-	-	-	-	-	-	+	-	-
Subxuntivo	-	-	-	-	-	-	+	+	-
HIPOTESE	-	-	-	-	-	-	-	-	-
Subxuntivo	-	-	-	-	-	-	-	-	-

Unha mostra do tratamento da *Homonimia* nos diccionarios galegos

MANUEL GONZÁLEZ GONZÁLEZ

1. INTRODUCCION

A pesar de que xa é case un lugar común o recoñecemento da importancia do léxico galego polo seu conservadurismo dentro da Romania, ata non hai moito tempo non se comezou unha recollida exhaustiva do léxico galego. Ata hai moi poucos anos, podemos dicir que tódolos diccionarios do galego eran de carácter bilingüe, e obra de afeccionados con maior ou menor intuición, pero que carecían das bases máis elementais dunha teoría da lexicografía, é dicir, dunha metodoloxía científica que, á hora de elaborar un diccionario, sexa capaz de dar conta dos problemas teóricos que se presentan e da súa resolución práctica. Dalgunhas obras lexicográficas galegas podemos mesmo dicir que son máis ben froito do traballo manual que do traballo intelectual ou, como se ten dito, algún lexicógrafo traballou máis coa tesoira que coa pluma.

Por sorte, nos últimos anos, na lexicografía galega produciuse un adianto notable, tanto na cantidade coma na calidade dos traballos, aínda que a miúdo se segue observando unha falta de formación profesional dos lexicógrafos. Un dos problemas que máis chaman a atención na lectura das diccionarios galegos é o tratamento que se lles dá ás palabras *homónimas.*

Falamos de homonimia cando se dá a identidade fónica ou gráfica entre dúas palabras completamente distintas pola súa orixe e polo seu significado. Cando se produce identidade fónica chamámoslle *homofonía;* e cando identidade gráfica, *homografía.* Son coñecidos abondo os problemas da distinción entre a homonimia e a polisemia, e esta dificultade levou a algúns lexicógrafos a reagrupa-los homónimos, e non presentalos no diccionario como entradas distintas. É este un problema co que debe enfrontarse todo lexicógrafo cando inicia a redacción dun diccionario, e tanto o mante-los homónimos en entradas separadas, como a súa reagrupación poden ser opcións válidas se se xustifican debidamente. Con todo, a fidelidade histórica e a utilidade pedagóxica parece que fan recomendable rexistra-las palabras homónimas como entradas distintas, e así se fai en obras tan prestixiosas coma o *Petit Robert* (1), o *Longman Dictionary of*

(1) Robert, Paul: *Le petit Robert. Dictionnaire alphabétique et analogique de la langue française*, Montréal-París, 1985 (nova edición corrixida e actualizada).

Contemporary English (2) ou o *Oxford Elementary Learner's Dictionary of English* (3), por non citar máis ca algún exemplo significativo. O que de ningún xeito parece admisible é a falta de criterio ou a incoherencia no tratamento destas voces, que é o que observamos con frecuencia nos diccionarios galegos.

2. CORPUS DA ANALISE

Para dar unha mostra do tratamento inaxeitado das palabras homónimas, imos tomar como corpus de análise a letra A do *Dicionário da Língua Galega* dirixido por Isaac Alonso Estravís (4). Neste diccionario preténdese tratar como entradas independentes cada un dos homónimos: neste caso, para distinguilos, a entrada vai seguida dun número infraescrito, por ex.: **A_1, A_2, A_3, A_4, A_5; Abada$_1$, Abada$_2$; Acuminar$_1$, Acuminar$_2$**, etc.; e o criterio que se trata de seguir para diferencia-las palabras homónimas parece que é o etimolóxico. Estes criterios metodolóxicos semellan correctos, pero unha cousa é o mundo das intencións e outro o das realidades, e podemos ver a continuación como a falta de coñecemento da realidade histórica da lingua fai que a distancia entre o que se pretende facer e o que se fai resulte realmente notable, de maneira que podemos dicir que no corpus analizado hai unha verdadeira anarquía no tratamento dos homónimos. Velaquí algunhas mostras:

ABADAR

Abadar, v. tr. (1) Enfaldar, recoller as faldas polos extremos para poder levar algo no oco que se forma. (2) Prover de abade [der. de *abade*].

Non se distingue entre **abadar^1**, voz relacionada con **aba** 'faldra', quizais do lat. *alipes* 'alado' (vid. Corominas, I, s.v. *álabe*) (5), e **abadar^2**, palabra derivada de **abade** 'aquel que goberna unha abadía', do lat. *abbas, abbatis*, e este do arameo *abba* 'padre', a través do grego. A acepción (1) corresponde a **abadar^1**, e a (2) a **abadar^2**.

ABIÑAR

Abiñar (ABINHAR), v. tr. (1) Formar mazarocas de dous en dous fios para logo tocé-los. (2) Comezar a fruta a madurecer antes de tempo.

Evidentemente, confúndense acepcións correspondentes a dúas palabras distintas: **abiñar** e **aviñar.**

(2) *Longman Dictionary of the English Language*, Essex 1985 (reimpresión da primeira edición de 1984).

(3) Hornby, A. S., *Oxford Advanced Learner's Dictionary of Current English*, Oxford University Press, London, 1987 (3ª edición, 26 reimpresión).

(4) Alonso Estravís, Isaac: *Dicionário da Língua Galega*, Alhena Ediciones, Madrid, 1986.

(5) Corominas, J. e Pascual, J. A.: *Diccionario crítico etimológico castellano e hispánico*, ed. Gredos, Madrid, 1984, tomo 1, s.v. *álabe*.

Abiñar procede dun étimo **binare*, formado a partir do lat. *binus* 'dobre', e está emparentado co cast. **binar**, fr. **biner**, oc. e cat. **binar**, etc. A esta entrada corresponderíalle a acepción (1) 'formar mazarocas de dous en dous fíos para logo torcelos'.

Aviñar, en cambio, é un derivado de **viño**, e nesta entrada é onde habería que situa-la acepción (2) 'comeza-la froita a madurecer'. Dise que a froita xa está aviñada, ó madurecer, porque comeza a te-la cor do viño.

Esta mesma confusión atopámola tamén na entrada **aviñar**:

> **Aviñar** (AVINHAR), v. tr. (1) Afastar mediante o aviñadoiro o viño pisado na tinalla. (2) Baixar o bagazo do viño canto [sic] está fermentando na vasilla onde se pisa. (3) Temperar ou misturar con viño. Impregnar ou dar cor de viño a. (4) Madurar a fruta. (5) Unir vários fios e envolvé-los formando unha espécie de novelo, para retorcé-los logo xuntos na roca. (6) Embebedar. Emborrachar. v. i. Criar pus unha ferida ou parte golpeada. v. r. Inflamar-se con pus unha ferida: *'aviñou-se-me a ferida'*.

onde a acepción (5) 'Unir varios fíos...' debe pasar para **abiñar.**

ABOIAR

> **Aboiar,** v. tr. (1) Pór boias a un obxecto para manté-lo flutuando sobre a água. Flutuar. (2) Cobrir o boi a vaca: *'vaca aboiada'*. (3) Estimular ao gado para que ande. (4) Traballar con bois. v. i. (1) Sobrenadar, manter-se na superfície da água. (2) Andar sen rumo fixo por ruas e camiños entretendo o tempo por falta de ocupación ou por folgazanaria: *'andar aboiando'*. v. r. Suster-se un nadador boca arriba sen aparentemente mover as maos nen os pés.

Cómpre distinguir entre **aboiar**[1], derivado de **boi** 'touro', do lat. *bos, bovis*, e **aboiar**[2], derivado de **boia** 'sinal flotante', voz tomada dunha variante antiga ou dialectal do fr. **bouée**, e esta quizais do fráncico **baukan* 'sinal', 'boia' (vid. Corominas, I, s.v. *boya*[1]) (6).

As acepcións 'cubri-lo boi á vaca', 'estimular ó gando', 'traballar con bois' pertencen a **aboiar**[1]; e as acepcións 'pór boias', 'sobrenadar', 'andar sen rumbo', 'sosterse' pertencen a **aboiar**[2].

ALFA

> **Alfa,** s. f. (1) Primeira letra do alfabeto grego que corresponde ao noso A. (2) O ar caldeado que sai pola boca do forno. (3) Vento cálido do sul. (4) Chama do sol que quenta moito e o mesmo sol moi quente. Locs. *O alfa e o omega:* o princípio e o fin. *Raios alfa:* raios emitidos por corpos radioactivos [gr.-lat. *alpha*].

A acepción (1) e as locucións *O alfa e o omega* e *Raios alfa* corresponden a un **alfa**[1], procedente do gr. ἄλφα a través do lat. *alpha*. Pero as acepcións (2) e (3) non teñen nada que ver coa denominación da letra grega, senón que hai que poñelas en relación co verbo **arfar**, probablemente continuador dun lat. vg. **arefare*, reducción do lat. cl. *arefacere* 'secar, murchar'. Este verbo **arfar** sufriu unha disimilación de vibrantes que deu lugar á variante **alfar**, a partir da que se formou un

(6) Corominas, J. e Pascual, J.A.: *op. cit.*, I, s.v. *boya*[1].

substantivo deverbativo **alfa**^{2} . Este substantivo ten xénero feminino, pero **alfa**^{1} en galego debe ter xénero masculino, como corresponde nesta lingua ós substantivos que designan as letras (cfr. **o efe, o ese, o xe,** etc.); este aspecto tamén está errado no diccionario, onde aparecen tódalas acepcións como femininas.

ALOBADO

Alobado, adx. (1) De cor semellante á do lobo. (2) Pode aplicar-se tamén a un animal que foi mordido polo lobo. (3) Carbúnculo, doenza do gado.

Como pode verse, aparecen tres acepcións desta voz, que se considera un adxectivo. Se ben as dúas primeiras acepcións pertencen á clase de palabras dos adxectivos, non hai dúbida de que a acepción (3) 'carbúnculo, doenza do gando' é un substantivo. Pero non é este o problema que nos interesa na análise que estamos a facer, senón o da homonimia; e desde este punto de vista parece claro que estamos diante de dúas palabras homónimas:

Alobado^{1}, adxectivo, derivado de **lobo** (do lat. *lupus*), ó que corresponden as dúas primeiras acepcións.

Alobado^{2}, substantivo, relacionado con **lobo** 'lóbulo', procedente do gr. λοβός 'papo da orella' 'lóbulo do fégado', ó que pertence a acepción (3) 'carbúnculo, doenza do gando'.

AMOLLOAR

Amolloar (AMOLHOAR), v. tr. (1) Xuntar as gavelas para facer os mollos ou feixes. (2) Demarcar unha leira. Pór os marcos nunha herdade. Sinóns. *Delimitar, estremar.*

Estamos diante de acepcións que corresponden a voces distintas:

Amolloar^{1}, verbo relacionado co substantivo **mollo** ou **monllo,** do lat. vg. *manuculus*, alteración do lat. *manupulus*. Nesta entrada debe figura-la acepción (1).

Amolloar^{2}, que é voz paralela á castelá **amojonar** (se non é calco desta) e á asturiana **amuñonar.** Este verbo é un derivado dun substantivo que existiu no galego medieval **mollón** (desaparecido no galego moderno, substituído por **marco**), que o mesmo có castelán **mojón** e o cat. **molló** son continuación do latín hispánico **mutulo, -onis*, derivado do lat. *mutulus* 'cabeza saínte dunha viga', 'madeiro fincado nunha parede'. A esta entrada pertence a acepción (2) 'demarcar unha finca. Pó-los marcos nunha herdade'.

ANAL

Anal, adx. (1) Relativo ao ano, que se fai repetindo-se de ano en ano. (2) Que ten relazón co orifício do ánus. s.m. (1) Misa que se di pola alma de algunha persoa todos os dias du-

rante un ano. (2) Dia en que se cumpre o aniversário da morte de alguén. (3) Oferenda que se puña na sepultura desde o dia do enterro até que pasaba un ano.

Obsérvase a confusión entre dúas palabras que, á parte da coincidencia formal, non teñen ningún outro tipo de parentesco. Son necesarias, xa que logo, dúas entradas:

Anal[1], adxectivo, derivado de **ano**, do lat. *anus* 'anel, ano'. Nesta entrada habería que incorpora-la acepción (2) 'Que ten relación co orificio do ano'.

Anal[2], do latín *annalis*, derivado de *annus*. A esta entrada pertencen tódalas outras acepcións.

ANALISTA

Analista, adx. e s. (1) Que, ou a persoa que analisa. (2) Que é versado en álxebra ou en química. adx. Que escrebe anais.

Non se fai a distinción, que parece obvia, entre:

Analista[1], da familia de **análise**, que é unha palabra tomada do francés **analyste**, á que pertencen as acepcións 'Que, ou a persoa que analiza' e 'Que é versado en álxebra ou en química'.

Analista[2], formada sobre **anal** (da familia de **ano**, cfr. *os anais da historia*), do lat. *annalis* (véx. **anal**[2]). A esta entrada habería que incorpora-la acepción 'que escribe anais'.

ANCO

Anco, s.m. (1) Cotovelo ou enseada na costa do mar. (2) Reentráncia nos portos e enseadas. Angra. (3) Tenazas dos crustáceos [gr. *agkon*, lat. *ancu*].

Par ce clin d'oeil la langue se fait miroir et la moralité sert de commentaire de la fable adultérée. Ainsi cette hiérarchie linguistique engendre-t-elle l'autonymie, la mise en abyme (3). La moralité établit une mise à distance de l'allusion antérieure, qui est annulée dans l'explicite et cette cassure marquant la frontière entre l'attendu et l'inattendu réveille l'attention du récepteur. Et ici, plus que nulle part ailleurs, le message se fait euphorie, fête langagière.

Dans l'exemple [2] la substitution est totale; à défaut d'un schéma syntaxique plus ou moins rempli comme dans le cas précédent, c'est le rythme ternaire des trois phrases verbales qui est conservé pour en faire l'allusion sous-entendue à l'histoire de Rome. Il s'agit d'une allusion tout à fait cryptique: cette parenté établie par le rythme ternaire est renforcée par une parenté logico-sémantique en ceci que dire "Veni, vidi, vici" après une conquête équivaut, le cas échéant, à dire "J'ai osé. J'ai goûte. J'ai aimé" lors du premier rendez-vous avec un certain type d'apéritif.

(2) Ces exemples adoptent le principe du figement (cfr. B. Grunig, 1990, p. 118).
(3) Cfr. J. Rey-Debove (1979, pp. 7 et 19).

Dans ces allusions, qui sont des implicites, des sous-entendus intertextuels (4), deux sémantismes coexistent, l'un manifeste et l'autre latent: "ces diverses substitutions ont ceci en commun qu'elles imposent au lecteur de prendre conscience à la fois de l'élément renouvelant et de l'élément renouvelé" (5). Ces messages sont à la fois recyclés et détournés à des degrés différents.

3. LE DYNAMISME LINGUISTIQUE

La langue dans n'importe quel emploi est "jeu de forces contraires" et parmi celles-ci des forces de "stabilité et changement" (6). Elle relève d'une "co-existence de structurations à la fois stables et instables, «fermes» et «molles» où s'affrontent résidus diachroniques et percées novatrices; autrement dit comme une «épaisseur synchronique» aux strates entremêlées et plus ou moins mobiles" (7). Cette réorganisation constante se produit à deux niveaux, à savoir celui de la langue en tant que code ouvert et celui du discours en tant que message restreint.

Les mots du langage ordinaire sont aussi réutilisés, mais l'émetteur a l'impression de les posséder; en revanche dans le cas de la reprise intertextuelle d'un fragment d'un discours précis, l'émetteur cherche à dessein à s'approprier quelque chose qui appartient à quelqu'un d'autre. Cette appropriation faussée est la pierre de touche de l'allusion intertextuelle qui se définit comme le jeu (latin: "allusio", en rapport avec "alludere" et "ludere" = jouer) de dire sans dire.

Nous avons affaire à une langue en perpétuelle mouvance par accommodation. La manipulation des hapax aboutit à un discours publicitaire fait de bribes hétérogènes, se prenant lui-même pour spectacle linguistique.

Ces énoncés codés, reconnus comme tels au sein d'une culture, peuvent être aussi destructurés. Cela montre que dans l'exercice de la manipulation rien n'est achevé, rien n'est clôturé, tout peut être remis en question. Le discours publicitaire est plus enclin à ces infractions que n'importe quel autre discours. Il exerce une "transgression des «usages normaux» qui nous semble également permettre de dégager un des traits fondamentaux de l'institution langue: il n'y a pas d'un côté compétence générale, de l'autre actualisation de certains de ses traits, mais plutôt reprise et transformation, néo-codage et non simplement répétition du précodage" (8). Aussi à chaque actualisation les éléments linguistiques dégagent-ils une sorte de polyphonie qui s'accroît ostensiblement lors de l'allusion intertextuelle.

(4) Cfr. F. Goyet (1987, p. 314) où il dit que "l'intertexte est une allusion", et par là même il diffère de nous qui prenons le terme d'intertexte comme globalisateur.
(5) M. Riffaterre (1971, p. 170).
(6) M. Yaguello (1984, p. 149).
(7) A.-M. Houdebine (1985, p. 7).
(8) F. François (1977, p. 8).

4. ESCRITURE ET LECTURE

Plus que d'écriture ou de lecture sans plus, il s'agit d'un phénomène de réécriture et de relecture. La rencontre du discours étranger avec le discours publicitaire crée une coexistence entre des éléments de nature différente, c'est-à-dire un fait de dialogisme textuel, d'interlocution.

Cet acte de réecrire est motivé par un choix ludique supposant un travail sur un langage codé: ce qui est déjà fait est défait et refait par la suite. L'accommodation est double: au texte et au contexte. Dans l'exemple [1] la partie manifeste explicitée favorise la reconnaissance; dans l'exemple [2] les choses se passent autrement puisque la transformation est maximale et la reconnaissance risque d'être plus subtile.

La théorie de l'information a vulgarisé le postulat que tout acte de communication exige un code commun à l'émetteur et au récepteur; cette réciprocité est renforcée lors de cette lecture en profondeur que commande l'allusion. La nouvelle signification se légitime à partir de celle qui est latente: l'altération se cristallise dans l'émergence de l'expression ou du mot authentique, qui est le remplacé. Il est évidé au profit du remplaçant, même s'il demeure latent comme infrasignification. Le résultat est un amalgame de sens, un système modelant qui prépare dans un sens la réception du texte remplaçant pour que celui-ci soit prégnant au sens linguistique et psychologique du terme.

De cette manière il se produit une convergence forcée d'éléments différents donnant prise à une identification temporaire par la pression d'une situation de communication nouvelle. Le message qui sert de source perd son caractère mémoriel de message fini et immuable et acquiert de nouvelles potentialités combinatoires. Le nouveau sens parfois n'embrasse pas plus que la jouissance de la parole transgressée. Des silences, la parole publicitaire en fait jubilation. Le référent publicitaire est envisagé à partir de la manipulation d'un outil linguistique unique qui est destructuré: "pour échapper à l'énoncé d'un autre, il faut encore pouvoir lui faire reconnaître qu'on y échappe, c'est-à-dire s'appuyer sur un tissu discursif qu'on partage avec lui, sans qu'il en soit le seul maître" (9). En dernier ressort tout contribue à un enrichissement du texte par des polyvalences connotatives.

L'interprétation du texte source a déjà été faite à l'avance. Sa mémorisation est collective. Les éléments remplaçants possèdent une surcharge significative et sont là pour mieux greffer le discours étranger au discours publicitaire.

Le lecteur supposé est celui qui reconnaît le discours fragmentaire mutilé et qui réalise la substitution en sens inverse à celle opérée par l'émetteur. Il essaie de rendre cohérent ce qu'il observe, en fonction de ce qu'il sait dans une perspective culturelle. Son interprétation se base sur l'acquis caractéristique de la société à laquelle il appartient.

(9) F. Flahault (1978, p. 109).

5. CONCLUSION

Nous avons voulu traiter un matériau linguistique qui ressortit à l'allusion puisqu'il est du domaine du non-dit, de l'implicite. Au moyen de deux exemples, qui font un usage différent de l'allusion -dans un cas beaucoup plus celée que dans l'autre-, nous assistons à un type particulier d'enchâssement dans le discours publicitaire. Ce procédé de mise en valeur est en vogue dans les mass-médias: publicité, presse, radio, télévision,...

Par le choix de la manipulation de messages codés, des valeurs symboliques, véhiculées par des référents socio-culturels, sont prisées. Les surprises créés par les ruptures sont un moyen productif d'attirer avec plus d'entrain l'attention du récepteur.

Il existe d'ailleurs une sorte de besoin de reexploiter le fonds de notre culture dans un mouvement en spirale qui trahit par accommodation aux nouveaux besoins ce qui culturellement nous appartient. Et on s'en sert par des montages incontestables: coupures, collages, effacements, enchâssements, soulignements, silences,...

BIBLIOGRAPHIE

Flahault, F. (1978): *La parole intermédiaire,* Seuil, Paris, 1978.

François, F. (1977): "Langage et situations de communication", *Etudes de linguistique appliquée,* 26, 1977.

Goyet, F. (1987): "«Imitatio» ou intertextualité?", *Poétique,* 71, 1987, pp. 313-320.

Grunig, B. (1990): *Les mots de la publicité,* Presses du CNRS, Paris, 1990.

Houdebine, A.-M. (1985): "Pour une linguistique synchronique dynamique", *La linguistique,* 21, 1985, pp. 7-36.

Rey-Debove, J. (1979): *Lexique, sémiotique,* P.U.F., Paris, 1979.

Riffaterre, M. (1971): *Essais de stylistique structurale,* Flammarion, Paris, 1971.

Yaguello, M. (1984): *Les fous du langage,* Seuil, Paris, 1984.

Unha mostra da fala de Lier (Sarria)

Mª XOSÉ LÓPEZ CASTRO

Lier é unha parroquia que se atopa na parte oriental do Concello de Sarria: linda polo Sur e Leste con Frollais e Reiriz, polo Oeste con Castelo e polo Norte con Calvor. Ten unha extensión de 3,7 km^2 e unha poboación de 85 habitantes (1), repartidos en tres pequeños núcleos de poboación, Lier, As Canceleiras e Mundín.

A actividade económica fundamental desta poboación é a relacionada co traballo da terra e a gandería. Dedícase a maioría do terreo a prado, coa finalidade de ter unha maior cantidade de gando vacuno, que é a base principal da economía destes pobos.

Nos últimos anos leváronse a cabo profundas transformacións neste eido encamiñadas á mellora das explotacións. Esta produciuse uns anos antes en Lier (o núcleo máis poboado) e algo despois nos outros dous. O ritmo ó que se desenvolve é lento, pero a evolución prodúcese dun xeito irreversible: abandónanse cultivos como o centeo (o liño xa hai tempo que se deixou), diminúen outros como o millo, o esterco é sustituído polo purín e os abonos químicos, etc.

A evolución dos modos de vida ten unha repercusión importante na evolución da lingua, aínda que isto non sexa perceptible dun xeito inmediato. No verán de 1986 efectuamos unha serie de gravacións, que servirían de base ó traballo que presentamos algún tempo despois como tese de licenciatura, e no que tentamos recoller, entre outras cousas, o léxico relacionado con actividades que van desaparecendo. Aquí ímonos limitar a presentar unha escolma daqueles textos, que falan por si sos das súas características, e que poden quizais servir para axudar a coñecer mellor a variedade lingüística galega.

O galego falado nesta parroquia encaixa polas súas características dentro do Bloque Central, e máis concretamente dentro da zona norte da área lucu-auriense (2), aínda que algúns rasgos nos recordan o galego oriental, como veremos.

O seu grao de castelanización é importante: a pesar de tratarse de falantes que sempre viviron na parroquia e cunha formación a nivel primario, o seu léxico está bastante contaminado. É raro pola contra atoparmos castelanismos morfolóxicos ou sintácticos. Á castelanización contribuíron factores como a influencia da igrexa, da escola, dos medios de comunicación, as actitudes das clases domi-

(1) Tomamos estes datos de Mª Pilar de Torres Luna e outros, *Municipios y parroquias de Galicia*, Univ. de Santiago de Compostela, Servicio de Publicacións e Intercambio Científico, 1989.

(2) Vid. F. Fernández Rei, "Bloques e áreas do galego moderno", *Grial* 77, 1982, pp. 286-290.

nantes respecto á lingua, coa difusión de prexuicios sobre o seu emprego. Todo isto fai xurdir unha actitude de autodesprezo e de rexeitamento que enraíza mesmo en galego-falantes.

Das súas características fonéticas, queremos chama-la atención sobre os aspectos máis diferenciais con respecto ó que se considera "galego común":

A) VOCALISMO TONICO

1. Ĕ, Ŏ + Cons. Nasal

O Ĕ latino seguido de cons. nasal ten como resultado na nosa fala [ę], agás cando a nasal vai seguida de D. Neste caso a vocal pecha un grao. Ex.:

dęnte, xęnte (S., IV), paręnte, sęmpre (C., I), tęmpo, ręnte (L., II), quęn (L., II), bęn (L., II), tamęn (L., II), formęnto (L., III), ferramęnta, enchęnta, etc.
Con [ẹ]: lenda, merenda

O Ŏ latino pecha en máis casos: fonte, monte, lonxe (S.), bon, conto (L., II).

É aberto en: ǫme (L., II), ǫnte.

2. Metafonías nominais

Hai algúns casos nesta fala, aínda que a incidencia deste fenómeno, consistente na alteración do timbre etimolóxico de Ĕ, Ŏ pola influencia da vocal final (-A ou -U lat.), é pequena:

2.a. Metafonía producida por -U (> gal. -ǫ pechado)

Témo-los seguintes exemplos: medo (< Lat. MĔTU) (C., I; L., II), Lévedo (< *LĔVITU) (L., III), testo (< Lat. TĔSTU), Porto (< Lat. PŎRTU).

O máis corrente é que non se produza:

*SŎTTU > sǫto
SŎCCU > zǫco
HŎRTU > ǫrto
NŎVU > nǫbo
NŎVA > nǫba

2.b. Metafonía producida por -A

Non hai exemplos de metafonía neste caso:

ĬLLA > ela
IN ACCU ĬLLA > naquela
HŌRA > ora (L., II).

Serve para hipercaracteriza-lo xénero na parella

sogro / sǫgra

3. Grupos latinos -ŬLT-, -ŬCT-, -ŎCT-, -ŌRI-, -ŎRI-

Nos dous primeiros alterna a solución [ui] e a solución [oi], aínda que a primeira abunda máis e é a empregada con exclusividade por algúns falantes (C.), mentres que a segunda nunca é exclusiva. Ex.:

mui (L., II), *muito* (L., II). en múltiples ocasións.

Ningún ex. de *moi, moito* neste texto.

muitas (C., I; L., III), *muitar* (L., III), *moi roxo* (L., III), *moitas* (idem.), *moitar beces* (L., III), *muito* (S., V), *muita* (S., VI), *mui* (S., IV).

Para os restantes grupos a solución na fala de Lier é *[oi].*

Tendo isto en conta, e confrontándoo coa sistematización dos resultados destes grupos feita por Fernández Rei, concluímos que a fala de Lier presenta as solucións do grupo C, que este autor considera, xunto coas do E e F, como propias do galego oriental. Velaí o cadro elaborado por Fernández Rei (3) para as variedades do galego:

		A	B	C	D	E	F
-ULT-	MULTUM	moito	muito	muito	muito	muto	mutio
	AUSCULTARE	escoitar	escuitar	escuitar	escuitar	escutar	escutiar
-UCT-	LUCTAM	loita	luita	luita	luita	luta	lutia
	TRUCTAM	troita	truita	truita	truita	truta	trutia
-OCT-	NOCTEM	noite	nuite	noite	noite	noite	noite
	OCTO	oito	uito	oito	oito	oito	oito
-ORI-	VERSORIAM	vasoira	vasuira	vasoira	vasoura	vasoira	vasoira
-ORI-	CORIUM	coiro	cuiro	coiro	couro	coiro	coiro

Ademais presentan ditongo *ui* nesta fala palabras como *cuidar, cuidado, entruido.* Neste caso produciuse inflexión do [o] por iode. A inflexión non se produce cando o iode é absorbido pola consoante palatal: FŎLĬA > fǫlla; ŎCŬLU > ǫllo.

B) VOCALISMO ATONO

1. Harmonización vocálica

O fenómeno afecta ás vocais /a/, /e/, /o/ en posición pretónica, que pechan atraídas por unha sílaba tónica constituída por /í/ ou polo ditongo /ei/.

(3) Cfr. F. Fernández Rei, "Bloques...", p. 261.

1.a. A + í > ę + í, ä + í

Harmonización en contacto:

ęí (L., II), äínda

Outros casos:

äsí (L., II), älí (*ibid.*), ęlí (C., I; L., II; S., VI), ęquí (L., II), ęsí (L., II; S., IV), ębía (S., IV), prę min.

Xunto a estas formas aparecen outras sen harmonización:

abía (L., II), aquí (L., II), camiño (C., I).

1.b. A + éi > ä + éi:

läreiro (L., III)

1.c. E + éi > i + éi

cireixas

1.d. E + í > i + í

sintiu (L., II)

Tamén pode haber harmonización a máis distancia: piquiniña (C., I).

É posible tamén a aparición dunha solución intermedia, cunha vocal de timbre indeterminado entre [e] e [i]:

bèciño, sèntiron (L., II) ou outras.

1.e. O + í > u + í

respundía (L., II)

Solución intermedia:

cŏciñas (L., II).

Vemos que o fenómeno afecta bastante a esta fala, o que fai que coexistan varias formas fónicas para unha mesma palabra.

2. O timbre das vocais átonas nas palabras derivadas

Hai nesta fala algunhas palabras que teñen unha vocal átona aberta, especialmente en posición pretónica inicial. Isto explícase por tratarse de derivados que conservan o timbre aberto da vocal tónica da palabra primitiva. Ex.:

Sabęliña (L., II), Sabęlón (Idem), drogería (L., II), zǫqueiro, ęlludo (L., III), quęnceira (S.), rǫdeira, rǫdales, fręxeleira, xęsteira, cancęliña, cancęleira.

3. Fenómenos de adición de vocais

Son bastante frecuentes nesta fala.

De prótese (fenómeno consistente en engadir unha vocal ó comezo da palabra) témo-los seguintes casos:

atemperando (L., III), arremedar, apalpar, alimacha, agradar, agrade.

De epéntese (inclusión dunha vocal no interior dunha palabra) tamén hai algún exemplo: creio (L., II). Tamén pode aparecer neste caso un wau, especialmente por fonética sintáctica:

ę u-ęsí (L., II), a u-auga (L., III; S., VI), ęlíue (L., II).

Maior releve parece ter en Lier a paragoxe (consistente en engadir un fonema vocálico ó final da palabra), da que rexistramos numerosos exemplos:

panhe (L., III), segunhe (Idem), ningunhe (Idem), nouhe (C., I), sere (L., II), millore (Idem), contare (Idem), lebedare (L., III), calore (Idem).

4. Fenómenos de sustración de vocais

Temos exemplos de aférese (perda dun sonido ou grupo de sonidos ó comezo da palabra): inda (L., III), maręla.

Tamén hai algún de síncope (desaparición dun sonido ou grupo de sonidos no interior da palabra): brao, dreito. Nos verbos *parecer* e *aparecer* é frecuente o debilitamento da vocal, chegándose a producir en casos en que é tónica, por influencia doutras átonas debilitadas. Ex.: parəce (L., II), paracían, aparaceran.

5. Palatalización de a átono

O /a/ en posición átona pode palatalizar nesta fala, realizándose como [ä] ou mesmo como [ę] aberto. Ex.:

xäntar (L., II), plęntes, prę (S., VI), prä (C., I; L., I; S., VI), comä (L., III), etc.

6. Labialización

Por influencia da cons. labial ou dunha vocal labializada, a vocal átona pode ter realizacións labializadas. Ex.:

formęnto (L., III), Soborribas (L., II), propára-la fariña (L., III), somana, bíspora (L., III).

Por influencia de /u/: boutizo, coutibar, coutęla (L.), coudullo.

7. Transformación en ditongo do /e/ en hiato

lariare (L., III), lariando (Id.), tangoniouno (S., V), branquiar (L., III), carriaba (L., III), Rial (L., II).

C) ENCONTROS VOCALICOS. INCIDENCIA DA FONETICA SINTACTICA NO VOCALISMO

Ó falarmos, as palabras perden na cadea a súa independencia e isto orixina modificacións, que son bastante frecuentes nesta fala.

Nestes encontros pode producirse a perda dunha das vocais. Nisto inflúen factores como o de *+tonicidade / -tonicidade,* timbre da vocal, orde de aparición, que sexan vocais iguais ou distintas.

Falaremos dalgúns dos posibles encontros e das súas solucións nesta fala.

1. Vocal tónica + átona (distintas)

Consérvase a tónica ou as dúas. Ex.:

á'mpanada (L., III), ę*í*'n Soborribas (L., II), bel'aqu*í* 'stá (L., II), ęqu*í* 'stá (Idem), i-ǫ́ *a*pear (L., II).

2. Vocal átona + tónica

2.a. Iguais:

cinc'*o*ras (L., III)

2.b. Distintas:

rę́nt'*á* (L., II), qu'ę́ (S., IV), dicíall'*i*l (L., II), s'*i*l (C., I), pr'ę́l, qu'ę́la.

2.c. /e/ da conxunción copulativa + vocal:

A conxunción pecha en [i] e abre a vocal seguinte. Se esta é /a/, abre máis (xa é aberta de seu). Ex.:

i-ą́i (L., II), i-ą́s escuras (S., VI), i-ę́la (S., IV), i-ę́l (S., V), i-ę́ste (e iste: a vocal do demostrativo abre dous graos), i-ǫ́ fillo, i-ǫ́n pouco (S., IV; neste caso tamén abre dous graos: u > ǫ).

3. Vocal átona + átona

3.a. Iguais:

/a/ + /a/: o resultado é un [ą:] máis longo e máis aberto do habitual: abí 'ą:quí (L., II).

/e/ + /e/: perda dun, ou fusión dos dous nun: qu'*e*staba (C., I).

/u/ + /u/: chego'*u*n irmao (C., I).

3.b. Distintas:

/a/ + /e/: conservación da primeira: *a*'ntrar (C., I), nad*a*'n sęte (L., II).

/a/ + /o/: contraen o [ǫ] aberto: abí'ǫs mouros (L., II), ęr'ǫ cancęlo (Idem), seic'ǫ ǫno pasado (Id.), biñęr'ǫ tręn (S., VI).

/a/ + /u/: contraen en [ǫ] aberto, orixinando unha variante do artigo indefinido que se estendeu logo a outros contextos: cheg'ǫn irmao (C., I), pr'ǫnha feira (L., II), ęr'ǫnha cena (S., V).

Cando a primeira vocal é /ę/, pérdese sempre en combinación con calquera outra vocal:

/ę/ + /a/: deull'*a* faia (C., I), porqu'*a*bía (Idem), dábanm'*a* cena (S., IV).

/ę/ + /ę/ (aberto): domina o timbre semiaberto da segunda vocal: qu'ęquí (L., II), deitars'ęsí (S., VI).

/ę/ + /i/: sęmpr'*i*bamos (L., II).

/ę/ + /o/: qu'*o* rapaz (C., I).

/ę/ + /u/: dáball'*u*nha (C., I).

Cando a primeira vocal do encontro é a conxunción copulativa *e* /ę/, esta vocal pecha dous graos e abre a vocal seguinte.

/ę/ + /a/: *i-ą* mullęr (L., II), *i-ą*rriba (S., V).

/ę/ + /ę/: ę'staban (C., I), ę'ntonces (Idem; L., II).

Neste caso predomina a vocal semiaberta, primeira na cadea.

Tamén poden conservarse as dúas, modificando o seu punto de articulación: i-ę (L., II), variante da conxunción copulativa por fonética sintáctica.

/ę/ + /ǫ/: i-ǫ apellido (S., V)

/ę/ + /u/: i-ǫn día (L., II), i-ǫnha bez (S., V).

A transformación é semellante á vista nos puntos anteriores; o /u/ abre dous graos. O resultado aberto coincide co de /a/ + /u/.

/ǫ/ + /ę/: perda tamén do /ę/, coma noutros puntos anteriores: pol*o*'ngaño (C., I).

/a/ + /ou/: Esta combinación, ou máis exactamente /a/ + /a/ + /ou/, deu como resultado [ą:u]: pr'ą:utra bez (L.), pr'ą:utras (L., III).

A partir de aí orixinouse a variante *autra, autro,* ó estenderse tamén ó masculino do indefinido: pr'ą:utro día (L., II).

4. Combinacións de tres vocais

/a/ + /a/ + /ẹ/: tiñ'*ą*:'spiga (C., I).

/ẹ/ + /á/ + /ẹ/: fórons'*á*'stación (S., V).

Ademais a conxunción copulativa pode combinarse con varias vocais. Vexamos algúns casos:

/ẹ/ + /a/ + /a/: *i-Ą*:ián (L., III).

/ẹ/ + /a/ + /u/: *i-ǫ*n lado (L., III). Neste caso a conxunción actúa de maneira redundante para abri-la vocal.

/ẹ/ + /a/ + /ou/: i-ą̆utra (L., II; S., IV).

D) CONSONANTISMO

1. Noutros textos recollémo-la realización aspirada farínxea xorda [h], propia da gheada en L., informante de Mundín. Tamén aparecen exemplos de aspiración do /g/ nesta e noutros informantes da parroquia: che̥aba (S., IV).

Temos mesmo dous exemplos de realización seseante en formas do verbo dicir en L. e C., informantes de Mundín (noutros textos). De tódolos xeitos, estes exemplos son pouco numerosos e non nos permiten deduci-la existencia nesta fala do seseo e a gheada, dous fenómenos moi importantes á hora de establecérmo-las variantes dialectais do galego.

Máis relevancia parecen ter na nosa fala as modificacións do s implosivo. Rexistramos *rotacismo* (transformación do /s/ en [r], ou realización [r] do fonema /s/):

car bacas (L., III), tęrlle (L., III), már nada (L., II), silbar machas (Id.), derde (L., VI; S., XIII), nor dicían (L., Lier VI), moitas beces (L., Lier X).

O fenómeno acada unha importancia notable nesta fala, rexistrándose mesmo cando a consoante que segue é xorda, como /f/: Ex. derfeito (S.).

En relación coa dificultade de pronuncia que parece presenta-lo s implosivo hai que poñe-la perda do iode que forma parte do ditongo *oi,* ai, por exemplo en pos (S., IV, L., II), despós (L., II), despor dixen (L., II), más (S., V; L., III).

2. Grupo culto -Ct-

A dificultade de pronuncia qũe presenta evítase vocalizando o primeiro elemento. Isto produce a abertura da vocal: afętibamęnte (L., II), ęfętibamęnte.

3. Grupos cultos /Kw-/, /Gw-/

O segundo redúcese normalmente, a non ser nos castelanismos *(guardia).* O primeiro presenta maior variedade de solucións:

Casos de reducción: canto, cando, catro (C., I; L., II), cal.

Casos de conservación: por castelanismo: cuadrilla (C., I), cuadra (C., I); por presenta-la solución do galego oriental (4): unhas cuantas, unhos cuantos (indefinido), cuañadeira, cuañar, cuarta, cuartillo (L., II), cuarto (L., II), cuallar, cuallado, cuadrar, cuadroume (L., II), cuadrou (S., VI), se cuadra (L., III).

Outra solución é a que aparece na palabra corẹnta (< Lat. QUADRAGINTA), onde o /a/ é átono.

E) FONETICA SINTACTICA: A SUA INCIDENCIA NO CONSONANTISMO

1. Cando se produce o encontro entre dúas consoantes iguais, o normal é que se reduzan a unha soa: dúa-silbar (L., II), o-segadores (C., I).

2. Cons. distintas:

/n/ + /m/: primeiro dáse a asimilación do /n/ polo /m/ e logo a reducción a unha soa consoante: no'*m* 'acọrdo (C.).

/s/ + /r/: o /s/ rotatiza e logo fóndese co /r/: unhe-recados (S., V), co-ranchos (L., II).

/θ/ + /d/: pérdese a primeira consoante: empadescanse (L., II). Neste caso os falantes perden a conciencia de que se trata dunha locución composta por varias palabras.

3. Alveolarización de /n/ por fonética sintáctica

Prodúcese cando unha forma verbal rematada en /n/ vai seguida do artigo ou do pronome persoal átono. Tamén cando ese /n/ pertence a NON, BEN, TAMÉN, SIN, QUEN, etc.: tẹn-a bufareira (L., III), ¡quẹn-o soubẹra!, tu non-o conociches (L., II), non-a tiñan (S., VI), non-o perdemos (S., V), non-o cọlle (L., III).

(4) Cfr. F. Fernández Rei, "Bloques...", p. 262.

TEXTOS

NORMAS DE TRANSCRICION

A transcrición que empregamos é unha transcrición semifonolóxica, que parte das seguintes convencións:

A) CONVENCIONS TIPOGRAFICAS

a.1. Cando suprimimos un anaco de texto por resultar defectuosa a audición, ou mesmo imperceptible, indicámolo por medio dunha paréntese: (...).

a.2. A lagoa restaurada pola súa importancia para a comprensión do texto aparece así: <dixo>.

a.3. Os castelanismos de tipo léxico van en cursiva na transcrición.

a.4. Para localiza-los exemplos no corpo do traballo empregamos un sistema baseado nunha serie de abreviaturas:

Nome do informante:
C., Carme Valiña (65 anos)
L., Lola Valiña (68 anos)
S., Sara Valiña (63 anos)
Os textos van numerados: C., I.

Os exemplos que non levan ningunha referencia ó informante non se documentan nos textos, pero suscribímolos por termos unha certa competencia lingüística en relación coa nosa fala.

B) ORTOGRAFIA E PRONUNCIA:

I. Vocalismo:

b.1. Indícase a abertura dos fonemas de grao medio abertos: /ɐ/, /ɔ/. Para os de grao medio pechados é suficiente a carencia de calquera signo. Cando o /ɐ/ por fonética sintáctica se transforma en iode, no caso da conxunción copulativa *e*, e orixina un ditongo, indicámolo deste xeito: *i-ɐlas* (L., II).

b.2. O encontro de dous /a/ que conflúen nun /a/ máis longo e máis aberto, representámolo como segue: *biff ą:sí.*

Na trascrición non se contempla a posibilidade de aparición doutras vocais longas, pola súa menor relevancia na fonoloxía do galego.

b.3. A contracción de /a/ + /a/ ou de /a/ + /o/ sinalarémola, coma na grafía habitual, poñéndolle un til agudo á vocal resultante: *métes' ɔ́ camiño* (C.), *cɔ́s fusos, rɐnt' á* (L., II).

b.4. O /a/ átono pode palatalizar na nosa fala. Representámolo, segundo o grao de palatalización, como [ä] ou como [e]: *prä* (C., I), *prɐ* (S., VI).

b.5. A elisión dunha vocal por fonética sintáctica sinálase cun apóstrofe. Do mesmo xeito sinalámo-la crase de dúas vocais en contacto: *cinc' oras* (L., III), *abí ɔs mouros* (L., II).

II. Consonantismo:

b.6. Suprimímo-lo *h* da grafía por non ter unha correspondencia fonética *(abía)*, e reservámolo para indica-la realización aspirada farínxea do /g/: [h] nalgúns falantes.

b.7. O fonema /b/ representámolo por [b], que corresponde ás grafías *b* e *v*.

b.8. O [g] representa un sonido oclusivo velar sonoro, e non leva *u* cando vai seguido de *e, i: drogɐría* (L., II).

Para o sonido fricativo velar xordo (fonema castelán /x/), presente nos castelanismos empregamos *[j]: Juana* (L., II).

b.9. O /n/ final é alveolar cando vai unido á vocal inicial da palabra seguinte. Para sinalalo servímonos dun guión.

b.10. Empregamos tamén un guión para indica-la supresión por fonética sintáctica dunha consoante: *o-segadores* (C., I), *co-ranchos* (L., II).

I. O que pasou en Casarello.

C.- (...) quinz'aluga^{d}os ę *iban* claro, a cuadrilla; iban mullęres tamęn, ę'staban... comeron, ę desque comeron, foron polo *ganado,* non, ę'ntonces marcharon cun rapaz da casa polo ganado prä be-los *tǫros,* que tiñan catro tǫros, ę (...) bacas tiñan muitas bacas. Ę'ntonces marcharon mirar, cu rapaz, marcharon cu rapaz, qu'o rapaz dixo que foran con il, ę foron. Ę'ntonces o rapaz dáball'unha'spiga de millo sęmpre ǫ tǫro, chamab'ǫ tǫro ę dáball'unha'spiga de millo sęmpre; quitoull'a'spiga ę deull'a faia. Entonces bęuse o rapaz, bęuse o tǫro, cǫll'a faia, a fǫlla do millo ę biu que nonhe, que nonhe tiñ'ą: 'spiga, pos foise ǫ rapaz, tirouno no *suęlo* ę matab'ǫ rapaz. Todos mirando, tod'ǫ-segadores mirando ę ningún s'atrebía ą: ... a'ntrar dentro do prado porque temendo qu'os fora, qu'os fora matar, todos tiñan medo. Entonces chegou un irmao, cheg'ǫn irmao ę según chego'un irmao, entrou cunha bariña pequena, entrou no prado ę *dícelle:* ¿que fixęche, mǫrito?, ę, ¿qu'estaba ..., que fixęche tú, que fixęche? ¡Deixǫ, mǫrito be, morito bę, deixǫ! ¿Que foi o que fixęche?

Entonces bęuse o ... o mǫrito ę dice: bente, ala bente, *benga,* benga prä fǫra do prado; bente mǫrito, bente. Ę'ntonces il bęuse, botou fǫra do prado. Entonces o rapaz cunha bara piquiniña fixo *salir* xa do prado. Entonces bęu prá casa, meteuno na *cuadra;* todos ęlí asustados, todos escapando, o-segadores todos escapando, os alugados, todos escapando, ę bęuse o rapaz, meteuno na cuadra ę'ntonces cerrou a cuadra ę xa nonhe ... non pasou nada que sinón, mat'ǫ rapaz, mat'ǫ ir ..., mátall'o irmao, s'il non bęn, mátall'$^{u}_{ǒ}$ irmao, polo*'ngaño* que lle fixęra.

ENT.- Si. ¿E cantos anos tiña o pequeno?

C.- O irmao tiña, once anos. O outro xa ęra maior, pęro o que llo ... o que lle tornou o tǫro tiña once anos.

II. O castro de Mundín e outros contos.

ENT.- Cónteme logo o conto ese que sabe sobre o castro de Mundín.

L.- Pois no castro de Mundín sęmpre nos dicía a nǫsa nai que, ęí abí'ǫs mouros, i-ąbí'ǫnha ucha d'ouro i-ąutra d'alquitrán, ę dicían que se s'abrí'ą: d'alquitrán que n$^{u}_{ǒ}$n quedaba nada'n sęte parrǫquias, ę, i-ǫnha bez andaba, ęra de Sibil, unha qu'andaba cas obellas; chamábanlle Sabęliña, ę

foi ęlí prǫ castro cas obellas. Beu a ora de xäntare ę berráronlle i-ęla nun respundía:

-¡Sabęliña!, ¡Sabęliña!

Ę dicían que claro, qu'abía mouros por baixo do, d'ęsí do castro ę, sęntiron unha boz:

-Sabęliña, Sabęlón, derretida en aceitón.

Ę claro, qu'a derreteran en aceite.

Despois ęlí, biron un día ... andaba, unha señora aquí de Mundín, unha mullęr de Mundín cas obellas, ę biu unha pita cun rabaño de pitos, no castro. Ę iban, contábanolo sępmpr'a nǫsa nai, unha bez foi un do *puęblo,* d'ęquí foi a Castroncán bender unhos bois, ę comproullos un mouro, i-ą chegar ęí ǫ Camiño Rial abía dúa-silbar machas ę dicían ..., unha dun lado i-ąutra doutro; sępmpre nor dicían qu'ęr'ǫ cancęlo por *dond'*entraban os mouros.

Nós *ibamos,* eramos pequenas, ibamos co-ranchos por ęlí ę'stabamos mirando sępmpre a ber se ... se biamos por dond'entraran os bois, que claro, pęro tiñamos muito medo porque sępmpr'ibamos dúas con eso do, do, dos mouros.

I-ąlí más abaixo na Roupeira, estaba tamęn cas ubellas, unha patrona da casa de Baixo, e sintiu tecer, estaba sentada ę sintiu tecer debaixo dela, un tear, ę ... ę már nada.

Ę resulta que claro, dęcían qu'en tódolos castros; abí'ǫ castro ęí de Castelo, ęí os castros todos, qu'estaban todos en aire, qu'ęran qu'estaban os mouros, *cuębas* de mouros por abaixo.

I-ǫn día, iba eu pr'ǫnha feira, prä Sarria, mui cedo, i-ąí nas Bouzas; ęra nunha *llanada* mui grande, ę bin *salir* un ǫme de baixo da tęrra, i-eu claro, quedeime quięta. Á mañá cedo. (...)

ENT.- ¿Foi berdá?

L.- Ę quedeime quięta, ę quelaro, afętibamęnte; ęr'ǫ Reboredo de Lięr, qu'abí'ǫnha cuęba mui grande todo, ę todo paredadiño, i-ǫnha cuęba *bajo tięrra.*

ENT.- ¿E onde?

L.- Ęí nas Bouzas, rępnt'á de Loureiro ęí no Limeiro.

ENT.- Ai si.

L.- Ę ..., ę'ntonces bin salir aquel ǫme pa riba ę despór dixen: pęro aquil ę *conocido, asta* que s'acercou ę dixo:

-Ǫín qu'abí'ą:quí un espacio mui grande, debaixo da tęrra, ę biñen mirar.

Dixo:

-Debeu sere dalgún tępmpo, mouros, qu'ęquí'stá todo paredado com'ǫnha cociña de lareira.

Ę despós eu xa me pasou o medo, claro, *conocino* ę xa me pasou o medo porque, tú dáte *cuępnta,* ir ǫnha mañá ęsí bęn cediño, ę ber salir un ǫme ęsí dunha, dunha tęrra *llana,* ę ber salir un ǫme pa riba; eso xa bes qu'ę unha cousa que...

ENT.- ¿E recorda algunha cousa máis que lle pasara así, de noite ou eso?

L.- Ai de noite... ęsí...

ENT.- ¿Cousas de medo ou...?

L.- De noite, cousas ęsí de medo, eu ǫía *decir* muito antes que..., i-eu tamęn me tęn pasado, ber así barias *señas;* ǫ Luis non lle digas nada d'eso que *dice* que tod'eso é mẹntira, pęro, ai quęn crei neso, i-eu creio, desto d'ęsí de señas ę deso porque... o, empadescanse ǫ señor *Manuęl* de Tomás, tú bęn ..., tú non-o conociches, cǔntábanos, que biña dunha feira de noite do Incio dacabalo dunha burra i-ąí ..., ęí 'n Soborribas, encendiouse todo, *allamouse* todo. Biu unha abe mui grande ę... i-ąllamouse todo. <Dixo>: aquelo ęra... non ęra cousa boa. Antes abía muito deso.

Unha bez biñamos nǫs de... da pasantía de Lięr, ę biñamos eu i-ą Sara, a miña irmá, ę bimos unha pantalla enbǫlta, unha *sábena blanca* i-ǫnha pantalla altísema, no medio do camiño. Dęmo-la bǫlta prä Lięr correndo, berrando, ę despós beu... o Pępe de Pacio de Lięr, que xa morreu. ¡*Diǫ*lo teña na grǫria!, morreu. Bęu con nǫs, asta... despós xa non bimos nada; en desd'ese día xa non... I-ęso qu'eu ando anque sea ás catro da mañá, como non axa defuntos, bou... bou tres ou catro kilǫmetros, non teño medo.

ENT.- ¿E non ten medo ós mortos logo?

L.- Ǫs mǫrtos téñoller muito medo ę non fan nada, pęro téñoller muito... S'ai mǫrtos, non me manden ir; se non ai mǫrto cerca, bou anque sea tres ou catro kilǫmetros de noite ę nǔn..., i-ąi quęn tęn muito medo, claro. Ę parǝce mintira, teño már medo *aora* de bęlla que cando ęra nǫba. Eu non sei como debe ser eso, ęsí.

Ę íbache contare que, tamén ęí, a d'aber unhos cinco anos, pęro deso do... dos mǫrtos nada. Ai si, dos mǫrtos, o Corral de Lięr, tú non sei s'o acordaches, derde que..., tiñ'ǫn tío qu'ęra cura, ę ... i-ę ... ę claro, entrou n'ą:bitación que dixęron, estaban en..., claro, antes quedábas'un nas cǔciñas de lareira deitados en palla, *nadia* se deitaba. Ę, abí'ǫn defunto na casa ę'ncanto non s'enterraba, non se deitaba nadia, ę, ę todos deitados, como se podía, pasando frío ę todo nas cǔciñas, i-ąbía cada pouco tęmpo, íbase, íbase be-lo defunto. Según entra na ... no cuarto, pos lebantou unha pęrna pa riba. Bot'ą: correr...

ENT.- ¿O morto levantou unha perna?

L.- O mǫrto lebantou unha pęrna pa riba, o mǫrto, ę... ę claro, botou a correr... Pęro, ¿que foi?, dixęron que fora desta maneira: tíñanll'as pęrnas atadas ę, i-ǫ apẹar il ǫ cuarto ę'stremecers'o cuarto, rompeu o cordón ę lebantou unha pęrna pa riba. Desas cousas pasan muito; desas cousas pasan muito na bida ęsí, quelaro, porque a mǫrte ę mui impresionante, non bes, ę ... i-ąsí.

Pęro íbache contar tamęn outro conto. Iba, eu un ano dises atrás iba pr'ǫnha feira, ę iba unha rapaz'ą:í de Zo tamęn, i-ǫ pai, ę quelaro, dicíall'il, iban älí pola ponte de fęrro, ę dicíall'il:

-Nena, tú mira prä diante, tú mira prä diante, nada pa tras, pa diante todo, nada pa tras.

Ę despois, claro, a rapaza iba mirando prä diante.

Pr'ą:utro día, estaba il i-ą mullęr, que se chamaba *Juana*; estaba'n Sarria, na drogęría, i-eu cuadroum'estar tamęn, ęlíue, ę díxolle:

-Juana, ¿quęres unhas calcetas?

Ę díxolle, ela:

-Pois, como queiras tú.

-¡Ai Juana, Juana, cada bez que sales, como che se me ban mil pesetas!, díxoll'u ... díxoll'u ǫme. Ę díxolle:

-Señor *Jesús,* quíteme pr'ǫn cuartillo de biño, das calcetas.

Ę díxolle Don Jesús:

-Non, porque lle pode ser malo o biño.

-Pos lǫo, quíteme pr'ǫn paquete de tabaco.

-O tabaco tampouco ll'ę nada bon.

Ę quelaro, seic'ǫ ǫno pasado o pai, tolo non ę, pęro ę-uęsí un ǫme ... mui farrista, ę dixęronll'as mullęres:

-Xan, se quita-la ... os pantalós, dámosche mil pesetas, ę se te quedas con todo ǫ aire.

Dixo:

-Pos xa 'stá.

Quitounos, pos empezou a correr tras das mullęres, as mullęres escapando todas prä fǫra, i-ęl sin pantalós. Mira, mira que sentido. ¡Eso non ę sentido!

III. Como se fai o pan.

L.- Pos desta maneira: tráiches'a fariña do muíño, s'ę pa ..., *aora* dícesell'ǫ muiñeiro:

-Pois, quítame o millore, porque ..., prä facer bon panhe.

Nǫs *mezclámoslle* unha pouca fariña d'afǫra, ę un ... i-ǫn pouco, i-ǫnha pouca da ..., da da casa, ę sale millor u pan. Ę amasa..., quęntámo-la auga; aora niste tęmpo a auga tiña qu'ir coma do sol, prä sali-lo pan millore. Pois propára-la fariña; o formęnto xa o facemos *bíspora,* porqu'ǫ ... deixalo...

ENT.- Pero trano tamęn, cómprano.

L.- Nǫ, ou déixalo dunhas coceduras pr'ą:utras; lębalo á *nebera,* męlelo nunha bǫlsa de plástico, ę consęrbachese moi bęn, porque claro, aora non ę ...; antes (...) balorecido ę todo, ę moitas beces estaba catro ou cinco días feito prä que lebedara, porque, prä compralo...; andaba dunhas casas pr'ą:utras, claro...

ENT.- ¿Pero antes íbase buscar a Lier tamén, non?

L.- Tamęn, i-Ą:'ián i-ęso, porque prä compralo, non se podía, ¿non sabes?, ę ... ę ibas ę andábas'o formęnto, se cuadra, i-ą Barxa, i-ǫn lado

i-ą̨utro buscando o formę̨nto. Aora tralo de Sarria ou despór déixalo, lébalo á *nebę̨ra* nunha bǫlsa de plástico, ę gárdachese, como aora cǫces más *a menudo;* non ę́ coma antes. Ǫ' millor pasaban dour meses ę medio que non cocías. Pę̨ro aora xa se cǫce más a menudo.

ENT.- E o pan poñeríase todo balorecido e duro.

L.- Ę..., pę̨ro íbachese comendo; ę muitas beces salíache becerra sǫla, ę... becerra sǫla sǫla sǫla, que non che sei de que ch'ę̨r'ą̨:quelo, unha ... pecha, chamabámoslle becerra pecha, pę̨ro quelaro, sabíache bę̨n, comíachese, non che se perdía ningunhe. Aora faise ..., pos, eu sę̨mpre qu'o ..., amaso moitar beces, quę̨nto a u-auga, niste tę̨mpo, bótolla ...; no inbę̨rno tę̨n que ser más quę̨nte, porque senón non dá lebedado, pę̨ro niste tę̨mpo, comä do sol, ę quę́ntoa, ę despós bot'o sal, ę derretǫ ę̨lí na auga, amasǫ ę brę̨gǫ bę̨n bregado, ę despós fago as pę̨las; dicen que canto más bre... más bę̨n bregado, millore.

ENT.- Claro, sae máis olludo e máis...

L.- Sale más ǫlludo ę más *esponjado* ę ..., ę claro, dicen qu'o ... o *centeno,* s'ę́ centeno *sǫlo,* na calor, *ablanda,* i-ǫ trigo, qu'endurece; o centeno tę̨lo que deixar már duro, ę s'ę́ trigo sǫlo,...

ENT.- ¿Máis mollado?

L.- Már mollado, porque, ca calor, ¿non sabes?, endurece, i-ǫ..., i-ǫ... i-ǫ do centeno, pois ablanda ca calore. Despós beste pe...; moitar beces, eu estab'ą̨:masando, unha bez estaba amasando, ę bę̨u o meu fillo, botam'a auga, xa'staba o pan mollado, libroum'un balde, despois todo ę̨r'ǫnha furricada por ą̨:'rtes'ą̨:baixo; binme perdida. Despois polo *pu*ę̨*blo* á fariña, ę... prä, prä dalo enxugado, despós quelaro, íbachese todo polas maus, bíaste perdida.

ENT.- ¿E canto tempo ten que lebedar?

L.- Ai, eso ę́ segunhe; cando ę́ d'inbę̨rno ǫ́ millor igual tira cinc'oras, ou seis, ę ... ę quę̨ntándolle ar mantas, ę poñéndolle cachos de brasas, ę pǫtas d'auga ferbendo drento da artesa, ę tra-la ... a cociña prá co ..., tra-la artesa prá cociña de lareira, i-ą̨lí unha *ogę̨ra* de lume, ę todo pechadiño, prä que lebede. D'inbę̨rno tarda muito en lebedare; aora niste tę̨mpo, ǫ́ millore, se amasas á raia de medodía, estáche lébedo en dúas oras ou en tres oras. Lebeda muito máis pronto.

Despois encę́nde-lo forno un pedazo antes. Eu de... ¡Ui! ¡Cantar beces teño roxado o forno!

Aló cando abí'ǫs ǫmes, nada, se tiñan qu'ir pr'ą̨:lgún lado, marchaban, porque, estaba a María d'Ärroxo, qu'eu xa digo, que son a María d'Ärroxo, unha tosca qu'ai en Arroxo, porque non..., deixábanme prä, prǫ́ pan, eu, pa todo, como eu fixę̨r'ǫ labor xa'staba, ę... ę claro, roxaba ę carriab'ǫ pan ę̨'nfornaba, i-ą̨..., i-ą̨tendío. Ę..., ę xa digo; agarras despois ę fa-lo pan, ę..., encę̨ndes o forno un pedaciño antes, ę̨sí coma media ora ou ę̨sí, xa bes como o forno empę̨za a branquiar ę̨sí polas beiras, ę, despós carreta-lo pan á manta, ę cę̨rras bę̨n as pǫrtas, *siges* roxando. O forno d'aló ai que larialo tres ou catro beces, quitarll'ar brasas, senón salech'o pan

crudo, ę despós xa bęn a ora d'enfornalo, pęro á ora ę media ai qu'andalo, mobelo, (...)

ENT.- ¿E como? ¿Sácalle as brasas, non ten logo donde botalas elí?

L.- Ai, tęn-a bufareira, pęro cun lareiro largo, balas apañando todas do... a, a leña arrímala ǫn lado, bas lariando ęsí o forno, chámaselle lariare; claro, eso tú nunc'ǫ fixęche, porqu'a xęnte d'aora...

ENT.- Si, pero siga.

L.- Buęno, ę despoise, apártala, ęsí o lume pr'ǫn lado, ęsí a leña qu'está ardendo, quita-la brasa pa bufareira, ala, siges facendo lume, tres ou catro beces bęn, porque senón sale *crudo,* ę despós cando bes qu'o pan está lébedo, pos bárre-lo forno, agarras co lareiro, quitasll'ar brasas, ę despós xa fas un *escobo,* ę mángalo na... na punta dun lareiro largo, ę, com'ǫn escobo, pouco más tęn, ę bárrelo, bárre-lo forno...

ENT.- ¿E de que fai o escobo?

L.- O escobo, de xęsta, baise por xęsta i-ą́talo cunhas corres de xęsta, porque s'os atas cunhas xuncas, arden, átalo cunha corre de xęstas, retǫ́rcela, bęn retǫrta, i-ą́lí a..., daslle tres atados, i-ą́lí mángala nun läreiro, ę recórtala un pouco, ęsí com'ǫn medio escobo, un escobo prä barre-la cociña, dises escobos que se facían a... Nǫ́s inda, fai o meu ǫme, muitar beces bai car bacas ę trai a cinco ę a seis xuntos, prä barreren as cociñas, que se barren moi bęn. Ę despós bárrelo, ę xa enfornas, agarra-la *pala,* ę xa enfornas; despois, está dúas oras.

ENT.- ¿A pá, ou?

L.- Si, a pá, bótase na pá ę bótal'ǫ́ forno, ę, despós xa o tęs qu'ir atemperando no forno; s'está moi roxo, tęrlle que ter a pǫrta un pouco abęrta, a ber se lle baixa o color, ou non lle baixa, ou eso, ou cho queima; xa tęs qu'estar ęlí, asta que... que pase *siquięra...* Dicen que desque pasa dez menutos xa non-o cǫlle o forno, xa non-o alampea, que senón, se bai moi roxo, igual che queda com'ǫn carbón, negro.

ENT.- Si. ¿E canto tempo coce?

L.- Dúas oras.

ENT.- ¿Ten que cocer dúas oras?

L.- Dúas oras tęn que cocer, despós á ora ę media...

ENT.- A empanada pódese sacar antes.

L.- A'mpanada, media ora. Media ora, chégalle á'mpanada, chégalle media ora, porque despós pǫnse moi dura, ę pos claro, a empanada úntase ę, pǫ́ñenselle berzas po-riba prä que ablande. Eu tráigocha prá cociña e póñoll'as berzas no forno ę úntoa, tráigoa prá cociña, ę póñoa alí na cociña riba dun saco...

ENT.- ¿Baixo dun saco?

L.- I-ą́lí, i-ą́lí, atafánoa moi atafanada cun saco, e póñoll'un saco, ou póñoll'un... unha gabardina bęlla po-riba, desque..., po-riba das berzas, ę despós póñochell'unhas estęlas tamę́n, prä que lle faga peso prä qu'amoleza, porqu'eso fixę́molo sęmpre, ę... ę parece que tira un por eso,

¿non sabes? As cousas dos d'aora serán doutra maneira, pero un tira por esas cousas que foi aprendido.

IV. Como pretendían antes.

S.- Buęno, ębí'ǫn beciño ęlí na nǫsa pǫrta que, eu pregunteille, díxenlle:

-Señor *Josę́,* ¿ę lǫo ca..., ¿como pretendían antes?

-Pos pretendiamos pouco máis ou menos com'*ę:ora.* Eu *ib'ę:* casa, chegaba, preguntaba s'estab'ą: moza; *decíanme* que si, pero eu estaba cos pais de conbęrsación, tod'ą: noite, i-ęla fía fía na rǫca, fía fía na rǫca; non sei as madas que... qu'enbolbía na rǫca tod'ą: noite, facía por o menos unha ducia de... de mazarǫcos. Ę nǫ́s estabamos tratando de casamęnto, ę de capital, i-ęla despós deitábase no banco ę dǫ̈rmía. I-eu cǫ̈s pais, falando con iles, eu enbǫlto no meu man... no meu, cando biña prá casa enbolbíame nun tapabocas que tiña, mui enbǫltiño, ę despois claro, dábanm'a *cena;* daquela asábas'un magosto de castañas, i-ǫn pouco caldo atrás, i-ęr'ǫnha cena bárbara, i-ǫn baso de biño, cand'o abía, ę cando non pasábase sin il.

Ę despós casámonos, desde que tratamos de dǫte, casámonos, bęu prá casa, ę ¿quęn dixo dormir con ela a primeira noite? Eu, *iba* ę subía arriba ą́: ... ą́:'bitación; lebantábam'ę iba, ę decíalle:

-*¿Se puędе*?

Petáballe na pǫrta.

-¿Se puede, Francisca?

-Pasa ǫn, pasa.

-*Buęnos* días.

-*Buęnos.*

-¿Como descansache?

-Bęn, ¿ę tú?

-Eu tamę́n.

Despois:

-¿Aste lebantar, ou tráioche o *desaiuno* á cama?

Dixo:

-Xa me lebantarei.

Lebantábase; xa más nada.

Ę díxenll'eu:

-Señor Josę́, ¿ę canto tęmpo estubęron ęsí?

Dixo:

-Por o menos un mes.

Dixen:

-Pos abíalle-ser *aora,* dormindo na misma casa ę dormindo *sǫlos.*

Dixo:

-¡Ę lǫo pęnsas qu'ę́ com'ą:ora!; aora *sǫ́lo* che se bolbe sinberguęncería na xęnte, sǫ́lo sinberguęncería.

V. O que tiña medo de perde-lo tren.

ENT.- Conte logo ese do tren.

S.- I-nha bez era outro beciño e, foron...; antes o carné qu'abía era as cédulas, eran cédul ..., chamábanlle a cédula, e tiñ'o *nombre* i-o *apellido* do fulano, i-er'on papel, unha cédula, e cun eso podíase circular, e cun eso era o carné d'entidá qu'abía com'a:ora. E claro, biñan a ... a Sarria, e, non foron recollelos a tempo; eran dous omes de calma, e botáronllelas prä Lugo, e marchárons'a Lugo, e claro, desde <que> chegaron a Lugo, (...) e despois botoulles tarde; non tiñan tren, e tuberon qu'esperar que biñer'o tren. Comeron en Lugo, e despós fórons'á'stación a'sperar o tren. Pero, o tren aínda non biña, e foron ber un ..., facer unhe-recados, e dicíalle u que se chamaba Ämilio ó que se chamaba Francisco:

-Francisco, bamos perde-lo tren.

-Non perdemos, ome, non.

-Bamos perde-lo tren, Francisco.

-Non, ome, non, non-o perdemos.

Pegou a correr, corre, corre, corre; chegan á'stación, o tren en marcha. Pero o que parecía más paroxo, o que se chamaba Francisco, botoull'a mao ó *pasamanos* do tren, i-arriba, i-o outro, o tren en marcha, i-el correndo dun lado pró outro, correndo dun lado pró outro; e'ntonces abí'onha caixa de mercancía de..., unha pila de caixas na'stación de mercancía, e foi dar esí ca *ingl'*elas, e beu o *jefe* da'stación i-agarrouno e díxolle:

-¿Pra onde bas, burra?

ENT.- ¿E por onde o agarrou?

S.- Agarrouno por un brazo e tangoniouno, e díxolle:

-¿Pra onde bas, burra? ¿Non bes que corre muito o tren?

O outro quedar quedouse coma s'o foderan. E despós tubo que bolber dormir en Lugo, e birse deloutro día; eso er'o apurado.

VI. A fía e as papas de millo.

S.- Bueno, i-autra beze, claro, eran unhes, unhes, unhas fulanas qu'estaban fiando, unhas beciñas qu'estaban fía fía fía, e iban unhas prá casa das outras prä fiar, tod'a: noite, i-alí 'staban da *rodillas* darredor dun borrallo que se facía, que cocías'un caldeiro de nabos prós, prós cochos, de ceba, i-alí quedaba aquil borrallo, e daquela alumábase con ... con petróleo, que lle se chama gas, e cun candil de gas, e'scotaban un perrochico cada unha pre ... prä comprar un litro de gas. E tiñan un candil; unha noite tragío unha e autra noite tragío outra co qu'escotaban, entr'elas as que fiaban.

Pęro abía un mozo no, na casa, nunha casa pa onde lles cuadrou ir aquela noit'ęlí...

Alǫ á alta noite roían unhas castañas secas porque..., pra que lles dęse saliba prä fiar, como prä fiar ai que botar muita saliba á ..., ǫ que s'está fiando, ǫ liño; ę'ntonces dixeron:

-Bamos, da ... da fariña que ai de millo moída prǫs cochos bamos poñer ęí un pǫte d'auga ę facer un pǫte de papas, prä comelas; claro, cun pouco sal ę auga, que outra cousa non-a tiñan. Ę'ntonces cando estaban dixo:

-Pois, están as papas...; está a u-auga ferbendo, bamos -botarll'a fariña.

Ę dixęron fǫra, berráronlles derde fǫra, dixo:

-Pois, chamai os ǫmes do lugar, qu'está a auga na propia pr'ą:feitar.

Ę'ntonces fixęron as papas, ę despós iba un ... un mozo da casa de ronda, ę chegou, ę xa non lles deixou face-las papas porque gastaban a fariña, ę as pǫbres das mullęres, fiando tod'ą: noite, ę tubęron que deitar'ęsí, todas, todas, iban todas desecadas de fiar, i-ąs escuras, remecendo o borrallo co fuso, co coto do fuso remecían o borrallo, pęro más nada; tubęron que deitars'ę ... ę sin come-las papas, ę o conto xa s'acabou.

A negación total ou conexional en galego medieval

ROSA MARÍA LÓPEZ GATO

0. INTRODUCCION

O presente traballo consiste, fundamentalmente, nun estudio descritivo das negacións totais en galego medieval; aínda que se basea nun corpus limitado (1), cremos que os resultados poden ser aplicables á lingua antiga en xeral. O único criterio que guiou a escolla das obras foi o intento de abrangue-lo período medieval e os distintos xéneros: prosa, poesía e prosa documental.

Na exposición imos segui-lo enfoque e a terminoloxía de L. Tesnière, pois consideramos que é o máis axeitado ó noso propósito de facer unha descrición sintáctica das diferentes estructuras negativas presentes no corpus do traballo. Este lingüista diferencia dous tipos básicos de negación, a conexional que:

> comporte des nucléus pleins et qui ont eux-mêmes un sens positif, mais dont la connexion est niée au moyen d'un marquant qui, portant sur la connexion, intéresse du même coup tout la phrase (2).

e a nuclear, que

> est celle qui porte sur un nucléus. Par exemple dans le cas d'une interrogation nucléaire, par conséquent à nucléus vide, fr. *qui est venu?*, si, au lieu de répondre à nucléus plein *Alfred est*

(1) O corpus consta de cinco obras de prosa e catro de poesía, se ben destas unicamente dúas (CA e CSM) foron fichadas exhaustivamente; son as seguintes, que de agora en diante citaremos polas siglas indicadas entre parénteses:

Cantigas d'amigo dos trovadores galego-portugueses (CA), 3 vols., edición de J. J. Nunes, Imprensa da Universidade, Coimbra, 1926, [reimpresión: Kraus reprint, New York, 1971].

Cancioneiro de Ajuda (CAJ), edición de C. Michaëlis de Vasconcellos, Halle, Max Niemayer, 1904.

Cantigas d'Escarnho e de mal dizer (CE), edición de M. Rodrigues Lapa, Galaxia, Vigo, 1970^2.

Afonso X O Sabio, *Cantigas de Santa María* (CSM), 2 vols., edición de W. Mettmann, Xerais, Vigo, 1981 [reimpresión: Universidade de Coimbra, 1959-1972].

La traducción gallega de la Crónica General (CG) en *La traducción de la Crónica General y de la Crónica de Castilla*, edición de R. Lorenzo, Instituto de Estudios Orensanos "Padre Feijoo", Ourense, 1975.

General Estoria. Versión gallega del siglo XV (GE), edición de R. Martínez-López, Publicaciones de Archivum, Universidade de Oviedo, 1963.

Miragres de Santiago (MS), edición de J. L. Pensado, Revista de Filología Española, anexo LXVIII, C.S.I.C., Madrid, 1958.

Crónica de Santa María de Iria (CI), edición de J. Carro García, Cuadernos de Estudios Gallegos, anexo V, Instituto "Padre Sarmiento", Santiago de Compostela, 1951.

A vida e a fala dos Devanceiros. I. Terras de Ourense (D), edición de J. Ferro Couselo, Seminario de Estudios Históricos, Galaxia, Vigo, 1967.

(2) L. Tesnière, *Éléments de* Syntaxe *Structurale*, Klincksieck, Paris, 1976^2, 218.

venu, en remplissant le nucléus avec le nom de la personne qui est venue, je réponds *personne n'est venu*, en le remplissant avec le mot général négatif *personne*, afin d'indiquer que le premier actant n'était ni Alfred, ni qui que ce soit, il est évident que c'est un nucléus, celui du prime actant qui est avant tout intéressé (3).

Esta análise é seguida por P. Tekavčić e J. Solà. O primeiro fala de 'negazione nucleare' cando se nega unha parte da oración e 'connessionale' cando se "nega il rapporto funzionale fra soggetto e predicato, osia l'incidenza" (4). Solà (5) considera 'negaciò nexual' aquela en que a negación recae sobre toda a oración e 'negaciò nuclear' cando recae sobre outra calquera das súas partes.

Deixando para outra ocasión a negación nuclear, na presente imos estudia-la negación conexional, que, como acabamos de ver, indica a 'desconexión', a inadecuación entre o suxeito e o predicado por medio dun marcante que non cumpre ningunha función sintáctica na oración; estes marcantes son, fundamentalmente, dous: *nõ* e *nẽ*.

1. A NEGACION CONEXIONAL NÕ

En galego medieval *nõ* (6) é a partícula máis frecuente para marca-la negación conexional ou total: *non creo* (CA, XXVIII.7), *nõ son scriptos* (MS, 67.2), etc.

A estructura máis común é aquela en que o marcante negativo precede ó verbo:

non fôra doita (CA, 1.11)
e *non* viia quen lla das mãos sacasse (CSM, 5.104)
et *nõ* quebrariã tam agina cõmo ellas (GE, 16.21)
et *non* demandes por tí esta dignidade (CI, 82.7)
que *non* posa demandar nin pidir (D, 70.5)

Se na oración aparece un pronome átono, preséntanse dúas distribucións segundo a oración sexa principal ou simple ou ben subordinada. No primeiro grupo a orde é *no + pr. + V.*, coa forma pronominal intercalada entre a negación e o verbo:

e *non* mi-o neguedes (CA, 233.4)
poren *non* / vos amarei nulha sazon (CE, 134.23-24)
*non*o tyrou da ygreja (CSM, 253.62)
Et o conde *nõ* se lle parou en caro (CG, 91.25)
Eles *nõ* aquiserõ créér (GE, 207.29)
et *nõ* nos poderõ achar (MS, 139.2)
et *non* o podo alcançar (CI, 81.11)

No grupo das subordinadas a negación interpólase entre o pronome átono e o verbo, dando lugar á distribución *nexo subordinante + pr. + nõ + V.*:

(3) *Ibidem*, 217.
(4) P. Tekavčić, *Grammatica storica dell'italiano*, vol. III (*Morfosintassi*), Il Mulino, Bologna, 1972, 674.
(5) J. Solà, *Estudis de Sintaxi Catalana*, vol.2, Llibres a l'abast, Barcelona, 1973, 89-118.
(6) Polo que respecta á grafía, para cada vocábulo empregarémo-la forma máis frecuente na escrita, se ben esta pode estar determinada polo criterio dos editores, que, por exemplo, prescinden do til de nasalidade en CSM e D.

porque o *non* vej'aqui (CA, 25.19)
Poren será de mal siso o que a *non* loará (CSM, 256.38)
fazia pesar a muytos que llo *nõ* mereciã (CG, 260.16-17)
por quema *nõ* dauã (GE, 236.21)
en gisa que se lle *nõ* mollauã os pees (MS, 186.10)
se o *non* conpriren (D, 60.28-29)

A interpolación entre pronome e verbo só é posible en contextos limitados, como di Ramsdem (7): "Within the Spanish area interpolation appears to be limited by the character of the preceding element (the exordium) and by the character of the interpolated element". A negación é un dos elementos que máis frecuentemente pode interpolarse e ocorre case sempre tras un nexo subordinante; hai que ter en conta que nesta interpolación pode actua-la analoxía da orde *nõ* + *V.* así como a atracción do pronome átono cara ó nexo subordinante.

Este fenómeno, anque esporadicamente, tamén pode aparecer en oracións non subordinadas, dando lugar a enunciados coma os seguintes:

Por al vos *non* mandaria / vee-lo (CA, 86.8-9)
Esto vos *non* sofreremos (CSM, 8.40)
Et por tãto as *nõ* devẽ nĩgen levar alo (MS, 140.4)

Pola contra, nalgunhas oracións subordinadas desaparece a interpolación e presentan a orde das principais *nõ* + *pr.* + *V.*:

Disse [...] que *non* lh'estevess'eu triste (CA, 67.9)
nen cantares faça oy mais, ca *non* mi á mester (CSM, 316.56)
alçarõse cõtra el [...], ca *nõ* o queriam por seu rey (CG, 76.2-3)
et era moy triste por que de seu traballo *nõ*lle vjña froyto (GE, 8.16-17)
viian [...], et que *non* se apagauan de día (CI, 42.9)
protestaron que [...] *non* se perdese (D, 193.29)

En varios casos o afastamento do nexo subordinante respecto da negación e do pronome fai perde-la idea de subordinación, outras veces trátase de subordinadas causais que están a medio camiño entre a coordinación e a subordinación; nos exemplos restantes hai que supoñer un proceso de analoxía coa orde *nõ* + *pr.* + *V.*, que será a que prevalece posteriormente.

A negación *nõ* tamén aparece precedendo as formas non temporais do verbo. Nas oracións con infinitivo e xerundio, que son fundamentalmente verbos (8), *nõ* é unha negación conexional co mesmo comportamento ca nas oracións con verbo en forma persoal:

non o veer nen lhi falar (CA, 215.5)
Non catando aos meus (CSM, 275.42)
por *nõ* yrẽ cõtigo os de Cordoua nõ des nada (CG, 237.15)
et *nõ* sabendo aforça do vyño bebeu (GE, 49.31)
Mellor he aos homes, [...], *nõ* prometer a cousa que a prometer et *nõ* a dar (MS, 176.2-3)
e foy pousar nas mias casas e eno meu heredamento, *non* me pedindo pera eles trégoa (D, 56.6)

(7) H. Ramsden, *Weak-pronoum position in the early romance languages*, University Press, Manchester, 1963, 142.

(8) A. Santamarina, *El verbo gallego*, Anexo 4 de *Verba*, Santiago, 1974, 129 e 133.

O caso do participio é ben distinto, pois é "un adjetivo atributivo, cuyo valor depende casi en su totalidad del valor semántico propio, variable, por lo tanto no gramatical" (9). No corpus estudiado, á parte das perífrases ou dalgún tempo composto, o participio funciona coma un adxectivo, e polo tanto non pode recibir unha negación conexional. Vémolo nestes exemplos onde se coordina con outro adxectivo:

nõ era paçiẽte *nẽ* sofrudo (CG, 77.24)
o qual non era roto *nen* raso *nen* cançelado (D, 57.9-10)

1.1. Nõ en oración reducida

A oración con *nõ* pode reducirse por distintos motivos sen que por iso a negación deixe de ser total, pois segue a indica-la desconexión entre suxeito e predicado.

Consideraremos catro tipo de reduccións:

A) *En resposta*

Normalmente trátase de respostas a unha oración interrogativa na que aparecen formulados o suxeito e os complementos; na contestación evítase a reiteración dos elementos innecesarios ou redundantes:

Queredes-mi, amigo, matar? / -*Non*, mia senhor (CA, 27.22-23)
- ¿Sabes quen eu soo?. Et o rromeu rrespondeu:
- *Nõ*. (MS, 201.14-15)
En preguntado se sabía mayz e disso que *non*. (D, 22.38-39)

B) *En coordinación*

Neste caso son oracións coordinadas co mesmo verbo e os mesmos complementos que por un proceso de reducción se eliden:

muit'a gram sazon / que vos non vi e vedes porque *non* (CA, 87.2)
non era assi, *non* (CSM, 318.16)
se lles queria vijr acorrer ou *nõ* (CG, 195.3)
que aja fillos que *non* (D, 143.26-27)

C) *En condicionais negativas*

Corresponden a este grupo aquelas oracións introducidas por *se nõ*; estas teñen como condición un feito expresado anteriormente que non se volve a enumerar para evita-la repetición:

que est comigo perdudo / ca se *non;* logo verria (CA, 131.18-19)
"Tol tas maos dela, se *non*, farey-te perecer" (CSM, 5.115-116)
Dame fillos, se *nõ* morrerey cõ pesar de queos nõ ey (GE, 290.18-19)
Se comigo fores et me mostrares Marsil leixart'ey viuo, se *no* sabe que te matarey (MS, 141.5-6)

Coma os anteriores, este *nõ* está representando unha oración negativa e, xa que logo, constitúe unha negación conexional.

(9) *Ibidem*, 138.

D) *Reducción parcial*

Agrupamos baixo este epígrafe aquelas ocorrencias en que aparece a negación *nō* seguida dun ou varios sintagmas. Isto sucede cando a secuencia con *nō* vai ligada á anterior a través dun *e, mais, pero*, ou algunha outra partícula coordinante; deste xeito ámbalas dúas secuencias posúen algún elemento común que se pode elidir, e outros propios de cada secuencia. O *nō* destes sintagmas é, pois, unha negación conexional que se atopa nunha oración reducida:

> Vosso nome vos dirá, assi Deus m'ampar, / quen vos chamar saco e *non* já jograr (CE, 132.4-5)
> estaua para o seu seruiço, ca *nō* para o seu deseruiço (CG, 121.8, cap.80)
> o dito Don Diego Gelmeriz era vicario por tenpo et *non* obispo (CI, 73.19-20)

1.2. Nō na interrogación

A pesar de non seren frecuentes, rexístranse no corpus medieval interrogacións negativas:

> e como *non* levas, asse Deus te valla, / a omagen tigo e vas teu camỹo? (CSM, 9.55-56)
> et marauillome moyto, tu que tãtas terras et tãtas vilas liuraste do poder dos mouros, por que *nō* liuraste a mina, (MS, 72.8-10)

Ó preguntar sobre un feito que se sabe non realizado é lóxica a aparición de *nō* na oración. Pero, outras veces son interrogacións orientadas a unha determinada resposta: aquela que interesa ó demandante; en palabras de Borillo:

> Le locuteur ne met pas en balance de manière neutre les deux termes de l'alternative. Au contraire, se fondant sur son jugement - qui peut aller de la simple présomption à une quasi-certitude- il se propose, selon le degré de sa conviction, de faire confirmer ou de faire admettre son point de vue par la personne à laquelle il s'adresse, son interlocuteur. Sa stratégie est donc d'orienter celui-ci vers le choix de la valeur que lui-même croit vraie (10).

Por outra parte,

> Si è constato, sopra due casi particolari, che per le domande con associata una aspettativa di risposta il segno della domanda, per così dire, è contrario al segno della aspettativa: a domanda positiva corrisponde aspettativa negativa, a domanda (apparentemente) negativa corrisponde aspettativa positiva" (11).

Enunciados con este tipo de interrogación negativa son os seguintes:

> *Non* sabes la profecia que diss'o bon rei Davi [...] ? (CSM, 14.27)
> -Amigas, *nō* veedes como anda Gonçaluo Gonçaluez en panos de liño? Bem coido que o nō faz por al senō porque nos namoremos del. (CG, 180.17-18)
> Et *¿no* sabes tu que se bem fezeres queo rreçeberas, et se fezeres mal, todo oteu pecado sera sabudo et visto? (GE, 11.32-33)

Efectivamente, en todos eles se agarda unha contestación afirmativa. Con todo, nalgunha ocasión, e contrariando as expectativas, a resposta a estas interronegativas é negativa:

(10) A. Borillo, "La négation et l'orientation de la demande de confirmation", *Langue Française* 44 (1979), 27.

(11) E. Manzotti, "Fenomeni di negazione espletiva in italiano", en *Studi di grammatica italiana*, Vol. IX, Firenze (1980), 290-291.

"Padre, ¿*nō* gardaste tu amyña bendiçō pera mj̃, ou tam solamẽte algũa bendiçō ou algũa pare dela?" Diso Ysáác: No, que señor ofiz de todo (GE, 282.24-25)
- Yrmão, *nō* me conoçes? Et orromeu diso: -Señor, nō. (MS, 182.1)

A pesar das contestacións negativas, nas preguntas existe un interese por que se responda afirmativamente: o fillo quere que o pai lle dea a bendición e o apóstolo desexa ser recoñecido polo romeiro; e isto determina o modo de realización da interrogación.

2. A COORDINACION NEGATIVA

Cando dous ou máis elementos calquera (oracións, frases, sintagmas....) desempeñan unha función equivalente poden aparecer coordinados mediante unha conxunción; e, sendo estas secuencias negativas, o marcante empregado para tal fin en galego medieval é a conxunción *nẽ*. *Nẽ* é a forma máis común na prosa, fronte a *nen* nos Cancioneiros; outras grafías son: *nin, nem, nẽm, ne* e *ni.*

Así pois, cómpre distinguir dous grupos segundo *nẽ* coordine oracións (*et nō nō cofesache nẽ fillache del peedença*; MS, 201,19-20) ou partes dunha oración (*que nō faziam pecado nẽ erro nẽgũ*; GE, 73.5-6), aínda que no último caso pode pensarse nunha oración con elementos elididos por seren comúns, xa que "la relación co-ordinativa fue entendida en general, como establecida siempre entre oraciones, basándose en la elipsis de todos los miembros comunes a las dos oraciones coordinadas" (12). Neste traballo ocuparémonos unicamente da coordinación entre oracións.

A estructura máis frecuente é *nō* + *V.* + *nẽ* + *V.*:

que *non* mente *nen* erra (CSM, 6.7)
e *non* no comen *nen* o dan (CE, 325.4)
porque *non* ocupassen o corpo do Apostollo Santiago, *nin* o podesen tomar (CI, 57.8-9)

Aquí *nẽ*, ademais do seu valor coordinativo, indica o carácter negativo da oración seguinte, facendo innecesaria a presencia de *nō*; xa que logo posúe un valor de negación total ou conexional.

Cando a primeira oración está negada con *nũca* aparece entón *nũca* + *V.* + *nẽ* + *V.*:

Nunca madre a filha bon conselho deu / *nen* a min fez a minha (CA, 65.4-5)
que *nunca* mentiu *nen* á de mentir (CSM, 259.39)
et mays ajnda que ata odeluvyo *nũca* comerã carne *nẽ* beberam vyño (GE, 50.34-35)

Sen embargo, se é a segunda oración da coordinación a que está negada con *nũca* aparecen as estructuras *nō* + *V.* + *nẽ* + *nũca* + *V.* ou *nũca* + *V.* + *nẽ* + *nũca* + *V.*, onde *nẽ* actúa só como un nexo de unión entre as dúas oracións negativas. Así:

nunca eu ar pudi saber / que x'era pesar [...] *nen nunca* o meu coraçon / nen os meus olhos ar quitei / de chorar (CA, 117.8-9, 13-15)
que *nō* fugamos nos *nẽ nũca* tornemos a Castela sem o conde (CG, 136.13-14)

(12) T. Jiménez Juliá, *La coordinación en español*, Tese de doutoramento inédita, Universidade de Santiago de Compostela, 1983, 20.

et en que *nũca* erdou teu padre, nẽ teu avoo, nẽ teu visavoo, *nẽ* foy *nũca* do teu linageẽ (MS, 106.1-2)

Ás veces a correlación *nõ...nõ* é substituída por *nẽ...nẽ*, que anuncia e asemade resalta a coordinación negativa:

Nen as servides vós *nen*as loades (CE, 164.25)
nen era ben esperto *nen* dormia (CSM, 299.21)
nẽ se acõpanauã, *nẽ* paresçia quese amauan (GE, 272.35 e 273.1)

Tamén é posible, e así acontece bastantes veces, que se coordinen varias oracións, sendo as negacións iniciais *nõ* ou *nũca*. Deste xeito:

que *non* dorme, *nen* á o sen consigo, / *nen* sabe de si parte (CA, 477.9-10)
Este *nũca* bebeo vino nẽ sidra, *nẽ* comeu carne, *nẽ* se çerçeou, *nẽ* fez coroa, nẽ barba, *nẽ* se banou, *nẽ* se vntou d'olio (MS, 20.11-12 e 21.1)
non usaba direitamente como deuía, *nin* era boo catholico, *nin* regia ben a egllesia, *nin* trataua ben o poboo (CI, 60.20-22)

Nẽ observa un comportamento semellante cando coordina oracións con verbo en forma non persoal, unicamente son de salientar aqueles casos en que *nẽ* coordina infinitivos que forman parte dunha perífrase ou complexo verbal do que se obviou o verbo conxugado:

que vos non oí já cantar fazer, *nen* loar mi (CA, 293.8-9)
porque errar / non nos faça, *nen* peccar, (CSM, 7.6-7)
o qual outro obispo que fose antes del non podera auer, *nin* alcançar do Papa (CI, 80.19)
e que as non posa vender, *nen* traspasar, *nen* dar, *nen* empeñar, *nen* faser delas manda algua (D, 126.35-36)

O mesmo sucede nalgunha ocasión co participio:

[...] tam grande que non poderia séér osmada *nẽ* posta em preço (GE, 252.18-19)
nũca pode seer destroydo *nẽ* tirado d'ali (MS, 161.3-4)
nen seiamos sobre ello oydos *nen* reçebydos á ningún tenpo do mundo (D, 79.33-34)

Por outra banda, cabe salienta-los usos especiais da conxunción *nẽ* (13) que se apartan dos valores comúns, sexa pola súa significación, sexa pola estructura sintáctica. En primeiro lugar hai unha serie de ocorrencias que presentan *nẽ...nõ* para introduci-la oración:

ca o meu non se pod'osmar / *nen* eu *non* o pudi negar (CA, 4.22-23)
citolar non vos oíu / *nen*os vosso nadigões *non*os viu (CE, 132.17-18)
que nõ quiseste creer que nos viramos a Ihesucristo despois da sua morte *nẽ* tu por la tua maa sospeita *nõ* no criiste ata que o viste (MS, 233.5-7)

Como pode observarse, sempre se rexistra a distribución *nõ* + *V....* + *nẽ* + *sint.* + *nõ* + *V.*; este *nẽ* parece cumprir unicamente a función de coordinante pois non lle imprime o suficiente carácter negativo á oración que o segue e de aí a presencia de *nõ* diante do verbo. Así mesmo hai que ter en conta a posición pre-

(13) O valor expletivo será estudiado máis adiante. Por outra parte, as oracións con verbos modais coma: *Non quis nulla vez / que ss'y perdesse / nen que ardesse*, CSM, 255.128-130, son consideradas 'normais' a pesar de que a primeira negación vai co verbo modal e a coordinación se efectúa co segundo verbo. O mesmo tratamento reciben as oracións reducidas que conteñen unha coordinación negativa, por exemplo: *por seu syso lles vjnã, et nõ porlo bem fazer nẽ porla merçede de Deus*, GE, 59.13.

verbal do sintagma que pode influír na aparición de *nõ* por considerarse afastado o nexo *nẽ* mentado en primeiro lugar.

En segundo termo áchanse aqueles exemplos onde *nẽ* aparece só, sen ir canda outra negación. Segundo Llorens "En la coordinación de dos oraciones puede no estar negada la primera; en este caso "ni" equivale a "y no", como sucedía en latín" (14); isto ocorre en contadas ocasións:

> E digu'esto por me guardar / dũa cousa que vus direi: *nen* cuidedes que al cuidei / de vos (CAJ, 29-32)
> desesperada / Era ja d'aver vida / *nen* lle prestaren meezỹas (CSM, 89.29-31)
> por la alma do dito seu fillo que morrera *nin* reçebera os sacramentos de Santa Egllesia (CI, 52.13-17)

Cun significado semellante atópase un *nẽ* na CG, aínda que vai precedido dunha oración negativa:

> mãdoulle teer a porta que nõ entrassem, *nẽ* entraro (CG, 255.22)

Noutro contexto *nẽ* parece afastarse do seu valor negativo:

> leixauano os judeus entrar en Santa Santorum que era o lugar mais santo *nẽ* mais onrrado que eles avian segundo sua lee (MS, 21.8-10)

Como apunta Pensado en nota: "'Ne', despojado de sentido negativo y con valor simplemente copulativo, ocurre en los textos medievales, franceses, provenzales y portugueses." (15)

En resumo, a partícula *nẽ* está aínda suxeita a certas vacilacións: pode ser nexo coordinador e negativizador ó mesmo tempo, ou ben precisa-la negación *nõ*, pero tamén pode equivaler ou mesmo ir coordinado con *e*.

Despois dun enunciado de significado negativo, a negación total pode efectuarse con *tampouco*, só documentado nun exemplo do corpus:

> Et conta Orosio outrosy queas gẽtes *tampouco* aviam em vso de yr em ostes nẽ lidar em nẽgum lugar, (GE, 158.34-35)

ou coas expresións *nõ/nẽ + outrosy* e *nõ/nẽ + ar/er*. *Outrosy* equivale a 'igualmente', 'tamén' e *ar* significaba na lingua medieval "novamente, aínda, também, tao-pouco, outra vez, antes pelo contrário" (16), e, empregando estas formas en oración negativa, acádase o mencionado valor de 'tampouco', como acontece co portugués *também não*, ou mesmo co *tamén non* que, se ben raramente, aparece no galego moderno. Vexamos varios exemplos:

> nũca pode auer a bẽeyçõ [...] assi como o enperador Loys a *no* pode auer *outrossy* (CG, 103.86-88)
> nẽm os padres donde nós víjmos nũca nos mostrarõ feyto de ydolos [...], et nos *outrosi nõ* corrõpamos anosso señor Deus cõ elles (GE, 143.14-16)
> que deita-la / per nulla ren non podia *nen outrossi* traspassa-la (CSM, 199.27-28)
> que non sabia parte da dita sentença [...] *nen* sabía *outrossy* que o dito moesteyro [...] (D, 86.16-17)

(14) E.L. Llorens, *La negación en español antiguo con referencia a otros idiomas*, *Revista de Filología Española*, anexo XI, Madrid, 1929, 141.

(15) J.L. Pensado, edición e estudio crítico de *MS*, *op. cit.*, 21, nota 6.

(16) A. de Morais Silva, *Grande dicionário da lingua portuguesa*, Confluéncia, Lisboa, Vol. I, 1949[10], s.v. *ar*.

ca o non vi, nen vio el mi, / *nen ar* oi o meu mandado (CA, 6.14-15)
por lhe non seer seu mester defeso / *nen er* ficar en tanta peioria (CE, 122.17-18)
Que en tal prijon non moira *nen ar* seja justiçado (CSM, 301.20)

En canto á estructura, como pode verse, *outrosy* e *ar* adoitan situarse ó lado da negación e, nalgún caso, o verbo intercálase entre os dous formantes. En xeral a partícula negativa máis *outrosy* ou *ar* abonda para coordinar e negar unha oración, pero, ocasionalmente, rexístrase *nẽ outrosy* + *nõ* + *V.*:

Nen ar na egreja *non* vos conselh'eu / de teer voz (CE, 19.22-23)
que deles sol non viu ren, / *nen ar* valer *non* lle pode fisica de Monpisler (CSM, 318.37-38)
nõ [...] nẽ ovento çerço que gele *nẽ outrosi nõ* he el aly (GE, 184.7)

ou *nen* + *non ar* / *nẽ ar* + *nõ* seguidos da forma verbal:

Que nulla cousa non falou / *nen* a missa *non ar* cantou (CSM, 283.45-46)
nõ era dino para rreçeberlo *nẽ ar* nõ soo dino para cotarlo (MS, 10.5)

Estas distribucións son semellantes a *nẽ* + *sint.* + *nõ* + *V.*, xa explicada e á cal remitimos.

Por último citaremos algúns exemplos do que Barrenechea chama "correlación negativa con un ejemplo destacado (+ *siquiera, aún, por suspuesto*, etc.)" (17). No corpus consultado, a pesar de rexistrarse algunha vez *non sequer* (*que me non destes, como x'omen diz, sequer un soldo*, CE, 46.6-7 é máis usual nese sentido o adverbio *sol* ou *solamente* acompañado da negación *nõ* ou *nẽ*, ou ás veces co verbo intercalado. Desta maneira:

non lho parci, *nen* quis *sol* en saber (CA, 237.10)
Sen meu amigo manh'eu senlheira / e *sol non* dormen estes olhos meus (CA, 394.1-2)
Achou-s' un bispo que eu sei un dia / cõno eleit'e *sol non* lhe falou (CE, 72.1-2)
solamente un mur / alí entrar *non* podia (CSM, 245.107-108)
e comer ja non podia *nen sol* a agua passar (CSM, 308.31)

Así mesmo tamén se documenta nunha ocasión *nen aynda*:

nen valian ervas nen escantaçoes, / *nen aynda* santos a que oraçoes / fazian por ela (CSM, 319.30-32)

3. NÕ E NẼ COMO NEGACIONS EXPLETIVAS

Denominamos 'expletiva' a negación superflua, isto é, sen valor significativo, que aparece en determinados enunciados: en comparativas, en oracións con verbos de temor, de dúbida,... ou con nexos como *ata que*, etc. Por exemplo:

Et mays ual de seer morto ou preso que *nõ* fazer feycto que depoys aiã aos parentes que retraer (CG, 148.53-54)

Con todo, esta negación non é de regra e, aínda que non se efectuou unha fichaxe exhaustiva, podemos afirmar que son máis abundantes os exemplos que non levan esa marca expletiva, así:

(17) A.M. Barrenechea, "Problemas semánticos de la coordinación", en *Estudios Filológicos y Lingüísticos (Homenaje a Angel Rosenblat en sus 70 años)*, Instituto Pedagógico, Caracas, 1974, 92.

dou Deus noso señor mays grande pẽna aos de Sodoma et daquelas outras çidades que aos que matou cõ odeluvio (GE, 208.28-29)

Este tipo de negación é definido por Manzotti do seguinte modo:

chiamiamo 'espletivo' un elemento negativo in una frase F se la sua presenza in F la lascia sintatticamente positiva, e (quindi) non muta il valore di verità o più in generale il nucleo centrale di significato de almeno una delle letture di F. Si parlerà allora di 'negazione expletiva' (18).

Damourette e Pichon, nos que se basea o propio Tesnière, din que en francés os empregos de *ne* só (sen *pas*) nas subordinadas "nous ont amenés à penser que *ne* y exprimait toujours une discordance entre cette subordonnée et le fait central de la phrase. C'est pourquoi nous avons donné à *ne* le nom de discordantiel" (19). Existen ademais outras denominacións para este fenómeno: superflua ou espuria para Bosque (20), pleonástica para Tekavčić (21), etc; así mesmo son distintas as causas ás que o atribúen, causas que teremos en conta para cada situación, sen esquecer, como di I. Bosque, que:

Las teorías que intentan explicar el fenómeno de la negación superflua ofrecen interpretaciones más o menos intuitivas y hasta cierto punto plausibles, pero el hecho de que no estén de ninguna manera contrapuestas hace que todas o ninguna puedan ser válidas (22).

Esta negación, por outra parte, está moi estendida nas linguas románicas e en moitas outras non románicas.

A) En oración comparativa

Nas oracións comparativas de desigualdade, principalmente nas de superioridade, pode aparecer unha negación precedendo o segundo termo da comparación:

mellor o fezo ca *non* o disse (CA, 72.10)
deu por si mais ca *non* val (CE, 289.6)
onde aquela omagen foi despois en car teũda / mui mais ca ante *non* era de todas aquelas gentes (CSM, 294.43-44)
que mays cresçia Abrraã em hũa semana que outro moço *nõ* soya cresçer em hum mes (GE, 131.30-31)
Glorioso señor Santiago, preçioso mais que eu *nõ* poderia dizer (MS, 184.7-8)

Nestes casos consideramos que o emprego de *nõ* se debe a un intento de suliña-lo desacordo, a desproporción existente entre ámbolos termos da comparación; existe, como se pode comprobar no texto, a idea de que algo non é coma o comparado e por iso aparice a negación.

Unha variante da distribución anterior constitúena os enunciados en que se produce unha coordinación de oracións despois do comparativo, dando lugar a dúas negacións expletivas:

(18) E. Manzotti, *op. cit.*, 275-276.
(19) J. Damourette e E. Pichon, *Des mots à la pensée; Essai de grammaire de la langue française*, 1911-1927, Tome I, D'Artrey, Paris, 1968, 131.
(20) I. Bosque, *Sobre la negación*, Cátedra, Madrid, 1980, 68.
(21) P. Tekavčić, *op.cit.*, 68.
(22) I. Bosque, *op. cit.*, 69.

et os catiuos mays querem a morte ca *nõ* a vida que an *nẽ* ueer o seu herdar a seus eemjgos (CG, 108.89-90)
foy el despoys ao Egyto, mays por saber da morte de Pompeyo que *nõ* por lo segudar ja *nẽ* tomar del mayor vengança (GE, 179.8-9)

B) En oración temporal

A negación expletiva aparece cos nexos *ante que* e *ata que*.

1) As oracións introducidas con *ãnte·que/ca* denotan unha prelación de grao ou tempo, tendo así un significado próximo ó das comparativas, e mesmo

> Dentro de la gramática transformacional, y en concreto en la semántica generativa, se ha planteado la hipótesis de considerar *antes* como el resultado de un proceso de lexicalización de una cláusula comparativa subyacente, concretamente de *más pronto que*" (23).

Debido a esta idea de preferencia gradual ou temporal establécese unha inadecuación entre os dous procesos separados por *ante que*; así en *nõ quiso dar resposta* [...] *ante que nõ fezese saber esta rrazõ* (CG, 245.20-21), non se quere dar resposta antes de levar a cabo un determinado feito que, polo tanto, se contempla como aínda non realizado -o verbo está en subxuntivo- e de aí o emprego dun *nõ* discordancial e expletivo. O mesmo (24) acontece en *ante matedes mj̃, ca nõ el* (CG, 274.78-79).

En certas ocasións achamos *nẽ* coordinando dúas oracións introducidas por *ante que*; trátase dunha expletiva coa mesma orixe e función có *nõ* visto anteriormente, e que aquí se omite:

> Deus criou [...], et outrosy todaslas aruores et as eruas ante que naçesem en ella *nẽ* leuasem semente nẽ froyto (CG, 5.27-30)
> e as nossas déuedas pagadas, ante que se partan *nen* se desbaraten os meus bees e os de Sancha Eanes (D, 84.27-28)

2) A locución conxuntiva *ata que* introduce unha subordinada temporal que, cando vai complementando unha principal negada, pode presentar unha negación expletiva:

> ca ata que *non* comprisse seu cuido non folgaria (CSM, 365.28-29)
> et que nũca fame salrria da terra nẽ aueriã agoas as gentes, ata que *nõ* sacasse da priiom o bispo (CG, 222.12-13)
> que ata que *nõ* seja morto nõ pode yr ao fondo (GE, 212.3)
> que vos la nõ rreçebera ata que *nõ* façades penitẽçia (MS, 179.9-10)

Neste contexto as dúas accións poden ser vistas como negativas mentres non teña lugar a acción expresada pola subordinada, xa que esta é a condición necesaria para que se realice a acción anunciada na principal.

C) Con verbos de prohibición, temor e dúbida

Existe un tipo de verbos que, polo seu significado, posibilitan a aparición dunha negación expletiva na subordinada que introducen. Desta maneira:

---

(23) I. Bosque, *op. cit.*, 83.
(24) Sen embargo nos Cancioneiros os exemplos deste tipo non levan negación expletiva.

ca lhe defendi que *non* morasse (CA, 198.8)
Mais la madre lle defendeu / que *non* fosse per ren alá (CSM, 146.45-46)
Et el vianos así tristes, defendeunos que o *nõ* fosemos (MS, 25.16-17)

O verbo *defender* implica prohibición, o que leva -en principio- á non realización, e por iso está presente a negación expletiva na oración que sinala o feito 'prohibido'. Para Damourette e Pichon "il y a discordance entre le phénomène qui devait se produire et la force qui l'empêche" (25).

Así mesmo o verbo *gardar* pode dar lugar a que apareza un *nõ/nẽ* expletivo xa que "dans la précaution, il y a discordance entre les efforts que fait le sujet et le danger qui subsiste en dépit d'eux" (26):

Guardan-me d'el e que o *non* veja (CA, 353.5)
que rreçebessem castigos pera se saber gardar de *nõ* fazer nẽgũ mal (GE, 3.26-27)

En terceiro lugar atópanse os verbos de temor e dúbida, se ben aquí só aparece a negación discordancial *nẽ* en oracións coordinadas:

et disolle sobre a yda do conde cõmo ouusara ensayar tal cousa *nẽ* sacalo de ali (CG, 153.6-7)
e que duldariã ellas delle fazer nj̃hũ pesar, *nẽ* deo matar nẽ ajnda sofrer anj̃hũ queo matase (GE, 23.1-2)
temẽdose que quando vissem averdade do deluvio et das agoas, queselle collesem aarca *nẽ* se metessem em ella (GE, 39.35 e 40.1)

Nos verbos de temor subxace a idea do medo a realizar algo, hai un desexo de que non se leve a cabo o feito expresado nas subordinadas que é o que provoca a marca negativa. En canto ó verbo *duldar*, o seu propio contido semántico pode indicar unha actitude negativa ante un feito ou estado de cousas, o que fai posible a existencia dunha negación expletiva.

D) Coa locución 'per pouco'

Documéntase raramente:

Aquel fog' ao mininno tan feramente coitou / que a per poucas dos pees os dedos *non* lle queimou (CSM, 53.15-16)
forõ tã desconfortados et tã malandantes que per pouco *nõ* perderõ os sisos (CG, 130.118)

Por pouco introduce unha secuencia que estivo a punto de realizarse pero que finalmente non se levou a cabo, por iso despois desta locución adverbial pode aparecer unha negación expletiva mostrando a inadecuación entre o que ocorreu e o que estivo a punto de ocorrer.

4. CONCLUSION

Despois de estudia-las formas e o comportamento da negación conexional, é de salienta-la dobre distribución que presenta *nõ* en oración con pronome átono: *nõ* + *pr.* + *V.* en simples e principais e *pr.* + *nõ* + V. en subordinadas.

(25) J. Damourette e E. Pichon, *op. cit.*, 132.
(26) *Ibidem*, 132.

Anque estes dous modelos poden verse alterados de cando en vez (inicio da transformación que desembocará nunha unificación de estructuras), con todo, nesta época, os dous esquemas están plenamente vixentes.

Canto á coordinación, hai que suliña-la existencia das expresións *nẽ/nõ + outrosy* e *nẽ/nõ + ar/er* que non sobreviviron no galego moderno, e foron substituídas por *tampouco*, raro nos textos medievais.


Outros aspectos como a reducción da oración negativa, a interronegación, ou a negación expletiva non se diferencian do galego moderno e son comúns a outras linguas románicas.

Así pois, pódese afirmar que o sistema da negación conexional non experimentou cambios substanciais desde a lingua medieval ata a actual, se exceptuámo-la dobre distribución da negación con pronome átono e a desaparición dalgún marcante.

A propósito dalgunhas estructuras sintácticas do verbo *mandar* en galego

Mª SOL LÓPEZ MARTÍNEZ

Algunhas linguas románicas coma o portugués, castelán ou galego dispoñen dunhas estructuras sintácticas constituídas por verbos de mandato, complementados por unha cláusula introducida pola conxunción *que* e verbo en forma persoal, ou sen conxunción e cun infinitivo. O esquema funcional nos casos en que a cláusula subordinada ten como núcleo do predicado un verbo en forma persoal é o seguinte:



Sen embargo, a delimitación das funcións de CD (2) e CI resulta máis complexa cando, en vez dunha forma persoal do verbo, temos un infinitivo. A explicación funcional destas estructuras varía dunhas gramáticas a outras. Nas gramáticas do castelán a interpretación máis aceptada é a que considera que o verbo *mandar* vai modificado por dous complementos: un CI, referido a persoa, e un CD, desempeñado polo infinitivo. Sinálase, ademais, que o CI (3) funciona, ó mesmo tempo, de suxeito do infinitivo. En contra desta opinión, o *Esbozo* da RAE, considera que o chamado suxeito do infinitivo debe interpretarse coma un

(1) As siglas CD e CI corresponden as funcións de complemento directo e de complemento indirecto respectivamente.

(2) Para identifica-lo CD tense en conta a posibilidade de pronominalizalo por medio de *o, a, os, as*, a transformación da estructura activa en pasiva e, por último, as definicións de tipo semántico. Cómpre sinalar, sen embargo, que non tódolos CD responden a estes tres factores dunha maneira conxunta.

(3) A explicación dada por J. Alcina Franch e J.M. Blecua é a seguinte: "Cuando se trata de mandato y prohibición el sujeto, tanto del infinitivo como del verbo subordinado, puede expresarse por medio de un complemento indirecto. Además exigen subjuntivo en la construcción con proposición que (te mando salir / te mando que salgas / le mandó traer el jarro / le mandó que trajese el jarro; se lo mandó traer" (*Gramática española*, Barcelona, 1975, p. 991). Neste mesmo senso se expresa Gili Gaya "Con verbos de mandato no hay dificultad, puesto que el infinitivo es la cosa mandada y su sujeto es un claro complemento indirecto" (*Curso superior de sintaxis española*, Barcelona, 1961, § 144). E. Alarcos Llorach distingue tamén a función de complemento e a de implemento desempeñada pola cláusula de infinitivo (*Gramática funcional del español*, 3ª ed., Madrid, 1980, p. 188).

constituínte directo da cláusula subordinada (4). Sen embargo, malia a estas explicacións, para R. Cano Aguilar (5) segue sen resolverse o estatus funcional do infinitivo e tamén o do chamado suxeito do infinitivo.

Tampouco se poñen de acordo na explicación do réxime deste verbo as gramáticas portuguesas. Para Said Alí (6) o suxeito do infinitivo é, ó mesmo tempo, obxecto do verbo en forma persoal, pero non aclara cal é a función da cláusula de infinitivo. Da mesma maneira, na *Gramática portuguesa* de P. Vázquez Cuesta as funcións que constitúen os esquemas sintácticos dos verbos de mandato non están moi delimitadas (7). En contraposición con estas opinións, M. de Abreu e G. de Moura sinalan que o verbo *mandar* rexe un CI e un CD, que pode estar constituído por un infinitivo (8). Por último, para Eunice Pontes (9) o verbo *mandar* rexe un CD, que pode estar constituído por un infinitivo e o suxeito deste.

No galego as únicas referencias en relación cos verbos de mandato achámolas na *Gramática galega* (10). Ó se referiren ás funcións das formas pronominais *lle, lles, o, os, a, as* sinalan os autores que estas poden ser suxeito dun infinitivo con verbos de percepción ou factitivos (11). Noutra parte da mesma gramática, ó describi-las funcións do infinitivo dise que, con verbos coma *deixar, mandar* ou *facer,* o infinitivo funciona coma predicativo (12).

As gramáticas latinas deixan constancia da existencia de oracións constituídas por verbos de mandato e percepción con complementación de acusativo con infinitivo. O emprego destas estructuras sintácticas dáse en tódalas etapas da lingua latina, se ben a súa frecuencia non é a mesma para tódolos verbos (13) e, amais, a relación funcional do infinitivo depende do tipo de verbo rexente (14). Tocante ós verbos de mandato Bassols sinala que "si aparece indicada la persona a quien se manda ésta debe interpretarse no como sujeto del infinitivo sino como complemento del verbo principal" (Bassols, 1981, II, § 315.b). En canto á función do infinitivo, considera que desempeñaría a de CD con respecto ó verbo rexente (Bassols, *op. cit.*, I, § 374). Por último, para M.E. Torrego a estructura funcional

(4) Segundo esta interpretación nunha estructura como "*mandaron volver a Juan*, el infinitivo y su sujeto forman una oración incorporada que es complemento directo del verbo principal" (RAE, *Esbozo de una Nueva Gramática de la Lengua Española*, Madrid, 1983, p. 487).

(5) *Estructuras sintácticas transitivas en el español actual*, Madrid, 1981, p. 351.

(6) *Gramática histórica da língua portuguêsa*, Rio de Janeiro, 1971, p. 344.

(7) Segundo Vázquez Cuesta verbos coma *deixar, fazer, mandar, ouvir, ver* no portugués actual "pueden llevar como CD un sustantivo o pronombre que sirva a su vez de sujeto al infinitivo de un verbo intransitivo, o usado como tal, de ellos dependiente; pero se construyen con CI cuando en infinitivo es transitivo y lleva a su vez un CD" (*Gramática portuguesa*, II, 1971, p. 200).

Nótese que de acordo coa explicación de Vázquez Cuesta, a diferencia do castelán e probablemente do galego, no portugués os verbos de mandato e percepción responderían ó mesmo esquema funcional.

(8) "O verbo mandar, no sentido de ordenar, pode construir-se com complemento indirecto precedido de preposição e o verbo no infinitivo" (*Regência verbal*, Livraria Freitas Bastos, 1963, p. 280).

(9) *Verbos auxiliares em português*, Rio de Janeiro, 1973, cap. III.

(10) R. Álvarez, X.L. Regueira e H. Monteagudo, *Gramática Galega*, Vigo, 1986.

(11) *Ibid., op. cit.*, pp. 173-175.

(12) *Ibid., op. cit.*, p. 391.

(13) M. Bassols de Climent, *Sintaxis latina*, II, 6ª reimp., Madrid, 1981, § 215.

(14) *Ibid., op. cit.*, I, Madrid, 1981, § 374 e § 389.

destes verbos no latín consta de dous complementos, un de persoa en acusativo e outro en infinitivo (15).


Así pois, as estructuras latinas con verbos de mandato estarían formadas, desde o punto de vista funcional, por un complemento de persoa en acusativo ou dativo (vid. Bassols de Climent, *op. cit.*, I, § 374. 2 e 3) e outro de cousa, desempeñado polo infinitivo. Deducimos, polo tanto, que cada un destes complementos se relacionan directamente co verbo rexente.

Na lingua galega o verbo *mandar* posúe dúas acepcións:

a) "enviar" (rexe un CD e un CI): *mandoulle o libro a Pedro...*
b) "ordenar": *mandou le-lo libro a Pedro...*

Cando se emprega coa segunda acepción, pode levar unha cláusula en infinitivo ou un verbo en forma personal, introducido pola conxunción *que.* En ámbalas dúas estructuras o *axente* da cláusula principal e o da cláusula subordinada son distintos. Ademais, semanticamente as dúas estructuras poden estar formadas polo verbo *mandar* + *a quen se lle dá a orde* + *o mandato dado.*

Se a cláusula subordinada está desempeñada por un verbo en forma persoal, aparecen diferenciadas a función de CI, constituída por unha frase que posúe o rasgo de + animado, e a de CD, desempeñada pola cláusula introducida pola conxunción *que.* Desde o punto de vista semántico, o CI de *mandar* tería unha dobre función: *destinatario* (a persoa que recibe a orde) en relación co verbo principal, e *axente* con respecto á cláusula subordinada. Sen embargo, sintacticamente a única función a considerar debe se-la de CI de *mandar.* De acordo con isto, un exemplo como "mandou a María que lese o libro" tería o seguinte esquema funcional:



A diferenciación destas funcións de CD e CI non está tan clara, alomenos formalmente, cando a cláusula subordinada leva como núcleo do predicado un verbo en infinitivo. Non debemos esquecer que, en xeral, as gramáticas identifican coma CD todo segmento susceptible de ser sustituído polas formas *o, a, os, as*, segundo o número e o xénero do dito segmento.

Frente á maior parte das gramáticas do castelán, que consideran que o verbo *mandar* (16) rexe un CI e un CD, no portugués as gramáticas vacilan en in-

(15) "Construcciones pasivas de nominativo", *Emerita, LV, 1*, 1987, pp. 71-84.
Segundo Torrego a doble complementación destes verbos queda constatada pola transformación pasiva destas estructuras. Neste proceso o acusativo de persoa non se mantén coma suxeito do infinitivo, senón que pasa a nominativo para funcionar coma suxeito do verbo rexente. De aquí dedúcese que o acusativo está relacionado directamente co verbo en forma persoal e que, polo tanto, na estructura activa tampouco debe ser interpretado coma suxeito da forma non persoal (vid. p. 74).

(16) Vid. J. Alcina Franch e J.M. Blecua, *op. cit.*, p. 991, S. Gili Gaya, *op. cit.* § 144, entre outros.

terpreta-lo complemento de persoa unhas veces coma CD e outras coma CI (17). No galego tamén se observa esa mesma vacilación para algunhas das estructuras que levan este verbo coma núcleo do predicado (18). A explicación para o emprego do CD ou do CI soe poñerse en relación co tipo de infinitivo que rexe o verbo de mandato. Se o infinitivo é transitivo e vai determinado por un CD, entón o complemento de persoa do verbo rexente é CI. En cambio, se o infinitivo é intransitivo ou transitivo, pero non leva CD, neste caso o complemento de *mandar* é CD.

Segundo esta interpretación, o esquema funcional de *mandar* non depende das relacións sintagmáticas directas, que se poden dar entre os seus propios elementos funcionais, senón que a súa rexencia estaría relacionada coa estructura funcional do infinitivo. Desde o noso punto de vista, as relacións funcionais que se poden establecer nunha estructura determinada deben ser independentes das unidades gramaticais máis ou menos complexas que as desempeñan. É dicir, sintacticamente, as relacións funcionais que se establecen no interior da cláusula de infinitivo non deben altera-lo esquema funcional da cláusula que ten coma núcleo do predicado o verbo *mandar.*

No galego, coma noutras linguas, as funcións de CD e CI poden estar desempeñadas por distintas unidades gramaticais. Unha frase pode desempeñar ámbalas dúas funcións, pero, mentres que para a función de CI ha de ser sempre unha frase preposicional coa preposición "a", para a de CD, a frase será nominal, e só en determinados casos se utiliza unha frase preposicional (19). Así pois, formalmente non se poderían diferenciar estas relacións funcionais. A diferenciación formal máis clara dáse naqueles exemplos que empregan as formas átonas dos pronomes persoais. O galego dispón das formas *te, o, os, a, as* para a función de CD, e emprega *che, lle, lles* para o CI. Deste xeito, a súa pronominalización permitiranos identificar neste tipo de estructuras as funcións de CD e CI, segundo a forma que resulte da sustitución (20). Non obstante, este procedemento non sempre é válido (21). Factores de tipo histórico e tamén de carácter formal actúan en determinados contextos alterando as posibilidades de pronominalización.

Anteriormente sinalamos que este tipo de verbos se construía no latín con acusativo de persoa ou con dativo (vid. Bassols de Climent, *op. cit.,* I, § 374.2) e máis un infinitivo. O esquema funcional destas estructuras é, polo tanto, semellante ó de verbos coma *perdoar, rogar,* etc., que rexían dobre acusativo. En consecuencia, a evolución ó galego debería segui-las mesmas pautas: CI de persoa e CD de cousa. Sen embargo, hai dous feitos que non favoreceron o asentamento deste esquema nas cláusulas co verbo *mandar:*

(17) Vid. P. Vázquez Cuesta, *op. cit.*, p. 200.

(18) Vid. R. Alvarez, X.L. Regueira e H. Monteagudo, *op. cit.*, pp. 173-175.

(19) Se o CD está desempeñado por un pronome persoal tónico, entón este vai sempre precedido da preposición "a". Nos demais casos pode funcionar coma CD unha frase nominal ou a preposicional.

(20) A sustitución por un referente pronominal é o mecanismo funcional que Alarcos emprega para a súa identificación (E. Alarcos Llorach, *op. cit.*, pp. 154-155).

(21) Non sería aceptable a pronominalización en exemplos como: "estudia químicas" ou "quero comer" e, sen embargo, a función parece que é a de CD.

a) A dobre función semántica que o complemento de persoa desempeña con respecto ó verbo rexente e ó verbo rexido (infinitivo).

b) A imposibilidade formal de pronominaliza-la cláusula de infinitivo.

Este segundo punto parécenos importante para explica-la alternancia entre as formas derivadas do acusativo e do dativo. Os rasgos formais do infinitivo, o mesmo cós da cláusula introducida por *que*, só permitirían a pronominalización por unha forma do xénero neutro. Como é sabido, as formas átonas do pronome persoal dispoñen de formas de masculino e feminino, pero non de neutro. De aí que non sexa aceptable a pronominalización de estructuras como:

quero *comer* # *queroo
quero *que veñas* # *queroo.

Isto mesmo ocorre co verbo *mandar* nun exemplo coma:

mandou a Pedro *que viñese* # *mandou*no* a Pedro # *mandou*llo*

Como se pode ver, a pronominalización da cláusula subordinada non é aceptable. E, polo tanto, desde o noso punto de vista, o emprego das formas *lle, lles, o, os, a, as* estaría máis relacionado con feitos de carácter histórico e coas compatibilidades formais destas estructuras que cunha identificación funcional. É dicir, a imposibilidade de pronominalización do infinitivo permite que formas coma *o, a, os, as* se sigan mantendo nunha relación funcional para a que normalmente se emprega *lle, lles.*

Na Idade Media (22) este verbo emprégase nun tipo de estructuras moi semellantes ás da lingua actual. Coa acepción de *darlle unha orde a alguén* pode ir complementado por unha cláusula introducida por *que,* ou por un infinitivo. En calquera dos dous tipos de estructura pode estar presente a persoa a quen se lle dá a orde ou, por ser coñecida, omitila. Segundo isto, distinguiremos dous tipos:

1. MANDAR + CD (CLAUSULA CON VERBO EN INFINITIVO)

Cando a persoa a quen se lle dá a orde non está presente na estructura, a cláusula subordinada funciona de CD. Ó mesmo tempo, o verbo desta cláusula subordinada pode ir complementado por un CD e/ou un CI. Nestes casos, se estes complementos están constituídos por unha frase, esta normalmente vai posposta ó infinitivo:

Et o Çide mandou *dar pousadas aos jnfantes* (648.23).
Mandou logo escabeçar *o mouro* (185.60).
Et *quanta onra* mandastes *fazer a dona Xemena, et a suas fillas* (572.24-25).
Et mandou *escabeçar Preuiolo et aqueles seus sete fillos* (15.35).
Mandou o conde *chamar a todos* (111.10).

(22) Os exemplos medievais citados pertencen a *La traducción Gallega de la Primera Crónica General* y *de la Crónica de Castilla*, ed. de R. Lorenzo, T. I, Ourense, 1975. Para a súa localización, o primeiro número corresponde á páxina e o segundo á liña.

O cambio posicional dalgún dos complementos que rexe o infinitivo, podería dar lugar a unha estructura ambigua. Así, cando os complementos do infinitivo están desempeñados por pronomes persoais átonos, a súa ubicación pode ser de enclise ó infinitivo ou ocupa-lo lugar que lle corresponda, proclise ou enclise, onda o verbo principal. Nos exemplos recollidos, estes pronomes en función de CD ou de CI do infinitivo aparecen colocados maioritariamente en relación co verbo principal. Achamos exemplos de CD do infinitivo en casos coma:

Et o Cide mãdou*ho* coller ena uila (587-588.4-5).
Mando*o* deytar en ferros (129.99).
Sabe por çerto que *te* mandarey matar (677.14).
Pero, tremendo sempre que a jglesia *os* mandaria partir, a elle et aa rreynã, por que erã parentes (681.11-12).

Unha posición semellante tende a ocupa-lo CI do infinitivo cando está pronominalizado. Nas estructuras seguintes a forma pronominal está relacionada directamente co infinitivo e non co verbo en forma persoal:

Mandou*lles* cortar as cabeças e mandoos deytar aos cães (789.18).
Et fezo muyta onra al rrey don Ramiro et ao jnfante d'Arangõ, ca *llis* mandou dar todo quanto aujã mester, a elles et a suas conpanas (667.25-26).
Et mandou*lle* dar muy bem de çear (436.29).
Et mandou*llj* logo entregar todos os lugares (687.36).

No exemplo seguinte o CD do infinitivo vai enclítico ó verbo principal e o CI deste mesmo verbo vai posposto ó infinitivo:

Et mando*o criar* a duas amas (202.82).

Así pois, nestas estructuras o verbo *mandar* rexe un CD constituído por unha cláusula de infinitivo e as formas pronominais que aparecen a carón do verbo en forma persoal desempeñan as funcións de CD ou CI na cláusula de infinitivo.

2. MANDAR + CI + CD

Frente ó apartado anterior, aquí está presente a persoa que recibe a orde. Dependendo de que a cláusula subordinada estea composta por un infinitivo ou por un verbo en forma persoal, diferenciaremos dous tipos de estructuras:

2.1. Mandar + CI + CD (que + verbo (transitivo / intransitivo)

A función de CI (persoa que recibe a orde) pode estar desempeñada por un pronome átono ou por unha frase:

a) A función de CI está desempeñada pola forma do pronome persoal *lle/lles* se a cláusula que funciona de CD ten coma predicado un verbo transitivo con CD:

Mandou*lle* que o adusese ante ela (168.40).
Et mandou*lle* que scripuesse hũa carta (184.44-45).

Sen embargo, nalgúns exemplos seguen a empregarse as formas *o, a, os, as,* mantendo a forma de acusativo de persoa que este verbo rexía no latín. De tal maneira que, a persoa á que se lle dá a orde está representada funcionalmente pola forma reservada no galego para a función de CD. Cómpre salientar, non obstante, que o emprego desta forma non impide a presencia do CD do verbo subordinado, como se pode ver no último dos exemplos:

Et mando*os* que se fossen (236.76).
Et mando*os* que laurassem et criassem seguramente et que llj dessem seu peyto (512.11-12).
Pero non *te* mando eu que tu faças nẽhũa maa cousa (383.11-12).

b) Cando a función de CI está desempeñada por unha frase, emprégase maioritariamente unha frase preposicional introducida por 'a'. E isto ocorre así independentemente de que o predicado da cláusula subordinada estea desempeñado por un verbo transitivo ou intransitivo:

Mandou *aos sobrinos* que fossẽ correr o cãpo (192.6).
Et mandou *a seus vasalos* que fezesem quanto el mandase (433.7).
Et *a estes seis condes* mãdou el rey que oyssem o Çide conos condes de Carron (618.30-31).
Et mandou *a dom Aras Gonçaluez et aos outros caualeyros* que fosem aconpanar o Çide (376.31-32).
Et madou *aos seus* que nõ fezessem mays mal aos cristãos (321.46-47).
Et mando *a todos meus vassalos* que uaã cõuosco (153.19-20).

Con todo, achamos un exemplo que mantén a estructura funcional latina e emprega unha frase nominal para a función que hoxe consideramos de CI:

Et mãdou *o alfaqui que fezera alcayde* que julgasse que morte mereçia (554.25-26).

En canto á posición que ocupa este complemento dentro da cláusula, pode preceder ou seguir inmediatamente ó verbo rexente, pero non sería posible gramaticalmente que fose despois do CD.

Vemos, pois, que, cando o verbo *mandar* rexe unha subordinada introducida pola conxunción *que,* o seu esquema funcional tende a diferencia-las funcións de CI e de CD. Non obstante, quedan aínda algúns exemplos que reflexan o réxime de acusativo que tiña este verbo no latín.

2.2. Mandar + CI + CD (infinitivo transitivo / intransitivo)

Hai un segundo tipo de estructuras que, a diferencia das anteriores, levan coma núcleo de predicado da cláusula subordinada un verbo en forma non persoal, é dicir, un infinitivo. Os exemplos da lingua medieval, que responden a este tipo de estructura, presentan unha serie de variantes que imos tratar de describir. Coma no apartado 2.1, o complemento que indica a quen se lle dá a orde pode estar desempeñado por un pronome átono ou por unha frase. Hai, sen embargo, nestas estructuras un factor, que non é pertinente cando a cláusula subordinada está constituída por un verbo en forma persoal, pero que, alomenos formalmente, nestas estructuras parece importante. Trátase da presencia ou ausencia dun CD referido ó infinitivo:

a) Cando o complemento do verbo rexente, que nós interpretamos como CI, está desempeñado por un pronome átono, observamos unha maior vacilación no emprego entre as formas *o, os, a, as* e *lle, lles*. Esta alternancia parece estar en función de que o infinitivo leve ou non CD. De tal modo que, se o infinitivo leva un CD, o emprego das formas *lle, lles* é máis habitual:

Et mandou*lle* fazer hũu atoude (103.80).
Mãdou*lle* teer a porta que nõ entrassem (225.22).
Et mandou*lles* dar XXX marcos de ouro para dona Xemẽa (559.17).

En cambio, se o infinitivo é intransitivo, ou non leva CD, para esta mesma función as formas *o, os, a, as* son as que aparecen con máis asiduidade:

Et como *o* mandaua el rrey sayr da terra (415.24-25).
Et que, se *o* mãdaua entrar (587.3).
Et mando*os* pousar ena orta mayor (490.5).
Mando*o* tornar para sua terra (880.4-5).
Et mãdo*os* yr para suas terras (756.47-48).

Unicamente achamos un exemplo coa forma *lle* e cun infinitivo sen CD:

Mandou*llj* el rrey seu padre pousar en hũu oliuar cabo da uila (866.4-5).

b) Cando esta función está desempeñada por unha frase, a maior parte dos exemplos están constituídos por unha frase preposicional introducida pola preposición 'a'. A diferencia dos exemplos anteriores, a frase preposicional está presente tanto se o infinitivo leva un CD coma se non o leva:

Mandou *a seu escudeiro* deçer por ela (853.63).
Et como mãdou *a seu fillo* dõ Afonso yr a la frõteyra (830.1-2).
Que el rey mãdou ir adubar os paaços de Galiana *a Beeito Perez, seu rreposteiro* (613.2-3).
Mandou *ao seu moordomo* tomar muy grande auer (154.11-12).
Como el rrey dõ Fernando mandou *aos das naues* tomar terra contra o areal (881.1).
Et mandou *a toda a clerezia* rezar a ledeyna (896.26).
Et mandou *ao mays rigeo* delles tomar a signa (675.28-29).

Non obstante, falta a preposición nalgúns casos:

Et *as fillas* mandoas estar enos estu[d]os das donas (308.32-33).
Et *a segunda aaz* mandaa entrar de parte d'ouçient[e]. Et, quando chegarõ a aquel lugar, mãdarõ *a conpana* yr deante (598.32).
Et, quando a çea foy guisada, mandou asentar *seus caualeyros todos* (314.15).

Da análise destes exemplos da lingua medieval podemos deducir que o esquema funcional que amosa este verbo é semellante ó da lingua actual. En xeral pódese afirmar que para o complemento de persoa se empregan maioritariamente as formas que habitualmente desempeñan a función de CI. Quedan, non obstante, restos das formas de acusativo nalgúns casos en que o verbo da subordinada vai en forma persoal e, sobre todo, cando a cláusula subordinada ten un infinitivo intransitivo coma núcleo do predicado. En cambio, se o complemento é unha frase, con independencia do tipo de infinitivo (transitivo ou intransitivo), achamos na maior parte dos exemplos unha frase preposicional con *'a'*.

Na lingua actual o emprego das formas átonas procedentes do acusativo latino é semellante ó que vimos de describir. As estructuras con verbos de mandato máis infinitivo poden ter, alomenos teoricamente, unha dobre interpretación.

Un exemplo coma "mandou vir a Pedro" podería significar "mandou a Pedro que viñese", pero tamén "mandou que Pedro viñese". No primeiro caso interprétase que a orde se lle dá a Pedro, mentres que no segundo non se fai referencia directa á persoa a quen se manda. O esquema funcional para a primeira interpretación cremos que debe ser: Predicado, CI, CD. En cambio, no segundo deberíase considerar 'a Pedro' como suxeito do infinitivo (23) e, polo tanto, 'vir a Pedro' como CD de *mandar.* Esta interpretación ten, desde o noso punto de vista, dous inconvenientes. En primeiro lugar, cumpriría redifini-la función de suxeito para inclui-la posibilidade de que poida funcionar coma tal unha frase preposicional. E en segundo, como se pode constatar no seguinte exemplo, estas estructuras non permiten a presencia dun CI referido ó verbo rexente: *mandou a María vir a Pedro. A incompatibilidade das formas 'a María' e 'a Pedro' na mesma estructura demostra, cremos, que 'a Pedro' debe ser considerado como un complemento do verbo en forma persoal.

En definitiva, as cláusulas que teñen coma núcleo do predicado o verbo *mandar* poden ir complementadas por un CD, constituído por un infinitivo ou por unha cláusula con *que,* e por un CI desempeñado por unha frase preposicional ou pola forma átona do pronome persoal. O feito de que, aínda na lingua actual, se dea unha vacilación entre as formas *lle/lles* e *o, os, a, as* debe explicarse por razóns de tipo diacrónico e pola mobilidade posicional das funcións da cláusula.

Desde o noso punto de vista, a imposibilidade de pronominalización do infinitivo, permite que o complemento de persoa poida estar representado polas formas etimolóxicas de acusativo, pero funcionalmente deben ser interpretado como CI. Sen embargo, cando o infinitivo leva un CD, o galego, por mor das distintas posicións que poden te-las funcións dentro da cláusula, ten que facer un reaxuste de formas. É dicir, se o verbo *mandar* rexe un infinitivo con CD, este pode ir proposto ó verbo en forma non persoal, pero tamén a carón do verbo principal. Neste último suposto, para evita-la confluencia de dúas formas iguais, o complemento do verbo rexente acomoda a forma á función que lle corresponde desempeñar, a de CI.

En resume, entendemos que os verbos de mandato se constrúen no galego con dous complementos: un de persoa e outro de cousa. O seu esquema funcional estará constituído, polo tanto, por un CI e un CD, independentemente do tipo de unidades que desempeña cada función. O emprego de formas pronominais átonas procedentes do acusativo para a función de CI explícase como unha fosilización da forma latina, favorecida polo rechazo do infinitivo á pronominalización.

(23) Esta interpretación é a que postula para o castelán o *Esbozo* da RAE (vid. p. 487).

A modernizacion do léxico galego en *Sempre en Galiza* e a norma léxica do galego culto actual

HENRIQUE MONTEAGUDO

Como é sabido, a xeración das *Irmandades da Fala* e o grupo *Nós* déronlle un pulo trascendental á lingua galega. Aínda que esta conseguira no derradeiro tercio do século XIX avances substanciais no dominio literario, especialmente no eido da poesía, durante os primeiros anos do s. XX estivo a piques de ver encorado o seu avance e houbo de quedar reducida á condición de lingua poética ou literaria. Precisamente os intelectuais das Irmandades e de Nós deron continuado a liña ascendente na elaboración do galego. Por unha banda estenderon o seu abano de rexistros orais cultivándoa nas distintas modalidades de oratoria pública, desde a de carácter académico ata a de carácter político, pasando pola oratoria científico-especulativa, cultural e social: conferencias, discursos, xuntanzas, asembleas, mítins. Por outra banda, no que se refire ós rexistros escritos, o galego afincouse con decisión na prosa narrativa e informativa, e, o cal nos interesa agora especificamente, no ensaio. É indiscutible que nos terreos devanditos a actividade e a obra de Castelao significou unha achega fundamental, ata o punto que merece figurar, segundo tódolos puntos de vista, como un dos principais fundadores do galego moderno.

Dentro da fértil obra de Castelao, salienta por dereito propio e pola influencia que tivo nas xeracións que o seguiron, o *Sempre en Galiza*, libro que obviamente cae fóra da súa creación literaria. Neste ensaio de amplo alento, Castelao, tratando dos diferentes aspectos da problemática galega, vai tocando un amplo leque de temas históricos, económicos, sociais, políticos, lingüísticos, culturais e ideolóxicos, de xeito que se pode considera-la obra como unha sorte de testamento intelectual non só dun home, senón mesmo de toda unha xeración. Desde o noso punto de vista, podemos considera-lo *Sempre en Galiza* como un tesouro dos logros que a lingua galega atinxira no terreo da prosa ensaística gracias ó labor do seu autor e dos seus coetáneos e mais como un compendio das tentativas de solución ós problemas de distinto tipo que presentou o cultivo da lingua galega en terreos que ata aquela case non foran tripados. Na análise lingüística de *Sempre en Galiza* imos centrarnos no estudio do léxico, e concretamente nun aspecto que nos semella especialmente interesante: a tentativa de moderniza-lo léxico galego por mor de construír un rexistro adecuado para o xénero ensaístico. Pola súa temática, é obvio que esta obra é especialmente doada para un estudio do léxico político e social, pero coidamos que sería máis interesante facer unha análise xe-

nérica, fundada nunha serie de exemplos ilustrativos, dos procedementos empregados por Castelao para conseguir unha modalidade de discurso ensaística en idioma galego. A fixación de determinadas formas e estructuras lingüísticas de circulación xeral na lingua culta precede á creación de tecnolectos específicos dos distintos dominios intelectuais. De feito, unha revisión superficial do vocabulario político, social e económico que aparece no *Sempre en Galiza*, producíuno-la impresión de non resultar especialmente interesante. A nosa análise de algúns exemplos do léxico do *Sempre en Galiza* complétase cunha visión crítica dos resultados atinxidos, feita desde os presupostos da situación do galego actual.

CARA A CONSTITUCION DUNHA NORMA AUTONOMA PARA O LEXICO CULTO

Por efecto da imposición en Galicia do castelán como lingua formal, escrita, do ensino e profesional, máis ca falar dunha evolución histórica podiamos falar dunha deriva da lingua galega, na que esta experimentou unha deturpación progresiva (consistente en grande parte na introducción masiva de empréstitos do castelán), no canto da súa gradual renovación ou modernización. A reacción, tardía e culta, fronte esta tendencia, que ameaza con destruí-lo galego acabando coa súa 'autonomía' lingüística (1), foi o diferencialismo, isto é, a promoción de formas e variantes galegas que servisen para afirma-la identidade do galego fronte ó castelán. Agora ben, dada a inescapable semellanza entre as dúas linguas (consecuencia non tanto da superposición do castelán sobre o galego canto do estreito parentesco lingüístico entre as dúas e dunha evolución en varios aspectos converxente), a marxe de manobra para conseguir un galego o suficientemente autónomo (*enxebre*, na terminoloxía do galeguismo histórico) segundo a sensibilidade dos seus cultivadores é moi reducida. No nivel léxico, que é o que nos interesa agora, os escritores galegos tentaron ampliar esta marxe de maniobra basicamente por tres medios: a rebusca no galego popular e especialmente nos distintos falares galegos, o recurso ó galego medieval e o empréstito do portugués.

Deste xeito, podemos considera-la historia da constitución dunha norma para o léxico culto no galego contemporáneo como a crónica dunha continua tentativa de erguer un estándar autónomo, en tensión permanente coa presión do castelán, e mantendo o portugués como modelo visible do nivel que o galego pode alcanzar. A influencia do castelán, que os cultivadores do galego pretenden peneirar, infíltrase a furto nos rexistros cultos: por unha banda, na medida en que actúa como modelo inconsciente nuns usuarios que o teñen como lingua escolar e que están decote expostos a el, especialmente no discurso escrito; por outra banda, provocando indirectamente a ultracorrección nuns usuarios que ou ben non posúen a competencia suficiente en galego ou ben están desprovistos dun criterio de corrección firme nel, e que en todo caso carecen dun modelo e unha tradición que seguir. Pola contra, a influencia do portugués é deliberadamente pocurada como vía de desalienación; pero en ocasións, a inseguridade producida por un co-

(1) No senso de Stewart (1968).

ñecemento defectuoso do galego e o portugués ou por falta de sentimento lingüístico, tende trapelas ó voluntarismo e conduce a solucións disparatadas ou estrañas ó xenio da lingua. En consecuencia, a coherencia e autonomía do sistema lingüístico galego vese ameazada por tres factores, que enumeramos por orde de importancia: a) a presión intoxicadora do castelán, especialmente sentida pola presión directa que exerce sobre o galego popular, pero que ten efectos secundarios (como a hipercorrección) moi visibles no galego culto; b) o efecto esnaquizador da superposición do castelán nas falas galegas, abandonadas a unha deriva diverxente debida á carencia dun estándar, c) as incorreccións e abusos do galego literario, especialmente no recurso á ultracorrección, ó arcaísmo e ó empréstito portugués.

Neste artigo, prentendemos mostrar como se foi cumprindo a angueira de construír unha norma autónoma do idioma galego. Analisaremos algúns casos significativos do *Sempre en Galiza* á luz da tradición literaria anterior ou como referencia comparativa das solucións adoptadas en galego fronte as do castelán e o portugués. A comunidade lingüística galega (e especialmente, a súa elite letrada) foi tentando distintas posibilidades, promocionando determinadas verbas e estructuras e marxinando outras, pero, como apuntamos, en grande parte as posibilidades de escolla do sistema lingüístico galego son moi similares ás do portugués, e as de ambos e dous non moi distintas ás do castelán. Servirémonos de diversos exemplos, uns mostrando procesos que conduciron a resultados adquiridos e solucións plenamente incorporadas a aquela norma, e outros mostrando tentativas no mesmo senso máis ou menos fanadas.

A MODERNIZACION DO LEXICO

Pero procede, antes de continuar, aclarar en que senso concreto entendémo-las dúas palabras clave do título do noso artigo, que son as que orientarán este artigo. A *modernización* do léxico inclúe tódolos procedementos para actualiza-la lingua ata facela intertraducible coas linguas desenvolvidas do seu entorno, habilitándoa para a expresión de novidades materiais e intelectuais, e para que se desenvolva dun amplo abano de novos xéneros, estilos e modalidades de discurso. Basicamente, os procedementos de renovación do léxico consisten en:

1) A modificación do estatus estilístico dunha forma, a través da cal esta pode pasar do rexistro popular ou dialectal ó culto, literario ou especializado, da lingua arcaica á moderna, etc. Este procedemento será o que máis nos interese, e do que ofreceremos un maior número de exemplos. A adaptación de palabras patrimoniais para a expresión de novos conceptos conleva adoito a ampliación do seu campo semántico, a adquisición de novas acepcións, xeralmente máis abstractas cá primitiva. Tal é o caso de verbas como *acadar, aferrollar, aguilloar, asoballar, ceibar, empurrar, incirrar, pulo, xurdir* e mais unha serie de palabras relacionadas con elas, que acabaron consagradas polo uso e que hoxe son moeda corrente no galego culto. En moitos casos, isto faise a través do calco semántico doutra lingua: no noso caso interesan especialmente os calcos semánticos sufinca-

dos no castelán e no portugués. Imos considerar como exemplos destes procedementos *esmagar, agromar* como calcos do castelán e *abalar* como 'conmover' e *abultar* como 'salientar, destacar' como calcos do portugués. Como exemplo de tentativa de actualizar unha palabra medieval ampliando o seu campo semántico trataremos do verbo *conquerir*.

Outras palabras que, polo que observamos no *Sempre en Galiza*, experimentaron o mesmo proceso, pero que non callaron no galego culto de hoxe foron *afincar(se) en* para o senso de 'baserase, fundarse en' e de *creto* para o senso técnico bancario de 'crédito'.

2) A introducción (que xeralmente require a adaptación fonética e morfolóxica) de items léxicos tomados doutras linguas. Trataremos aquí do exemplo de *anceio*, seguramente tomada do portugués.

3) A creación por medio de procedementos derivativos de novas palabras. A partir dunha palabra xa existente na lingua (como *illa*), créanse derivados (*aillar, aillamento*), nalgúns casos (coma no exemplo devandito) seguindo o modelo doutra lingua (compárese o castelán *isla, aislar, aislamiento*). Obviamente, este procedemento combínase moitas veces cos anteriores, como veremos con exemplos do tipo *asoballamento, asoballador; rexurdir, rexurdimento; anceiar.*

4) A invención léxica, que é o mecanismo menos frecuente, e do que non atopamos exemplos no *Sempre en Galiza.*

A partir dunha serie de exemplos, contrastaremos como se realizaron estes procesos en galego, castelán e portugués, e veremos que, aínda que os dous idiomas veciños serviron de modelo para o galego, este conseguiu solucións propias e orixinais, resultado da vontade de construcción dunha norma autónoma.

A NORMA LINGÜISTICA COMO INDICE DE FRECUENCIA DE USO E COMO IDEAL DE CORRECCION

A palabra *norma* remite, entre outras, a dúas nocións que interesan para o noso estudio:

1) 'O que é normal' en termos de frecuencia de uso. Esta é unha noción de tipo descritivo que aplicaremos con finalidades comparativas. Definiremos unha serie de campos semánticos, coleccionarémo-los items léxicos que aparecen na nosa obra relacionados con eles e determinarémo-la frecuencia de cada un deles. Ó compara-las solucións léxicas do galego para cada campo coas do portugués e o castelán, atoparemos que as diferencias non se atopan só (e adoito non principalmente) na presencia de palabras exclusivamente galegas, senón tamén na frecuencia relativa de uso dos items léxicos 'comúns' ás tres linguas.

2) 'O que se considera aceptable, correcto ou adecuado': esta é unha noción de tipo prescriptivo. O seu manexo presupón a existencia dun modelo de lingua correcta, conforme ó cal se xerarquizan as variantes lingüísticas e se avalía o

seu grao de adecuación e corrección. A norma entendida como modelo de corrección é unha noción de carácter crítico, pois opera con xuízos de valor, mentres que a norma entendida como índice de frecuencia e condicións de uso opera simplemente con datos. É evidente que en ningunha lingua existe un modelo de corrección e adecuación absoluto e incontestable, pero non é menos certo que o grao da sofisticación dese modelo e da súa realización efectiva nos usos lingüísticos da comunidade é un índice do nivel de normalización lingüística e de desenvolvemento socio-cultural desa comunidade. Habitualmente, a norma dunha lingua é o resultado dun traballoso e complexo proceso de cultivo colectivo da lingua en modalidades de discurso, ámbitos, temas e rexistros cada vez máis amplos. Conforme unha sociedade consegue un uso progresivamente requintado da lingua, a valoración desta na consciencia social é superior, ata o punto de que a eficiencia ou a elegancia no seu uso constitúen valores de grande importancia para os membros da comunidade. Así se xeran os xuízos sobre a corrección das variantes lingüísticas, e se establece unha xerarquía entre elas. Estes xuízos son en parte froito dun consenso social, pero adoito algunhas individualidades, xeralmente escritores (que teñen entre as súas funcións sociais a de xogar coas palabras), adquiren unha autoridade especial e inflúen decisivamente no proceso. Por outra banda, no consenso social hai sectores con máis capacidade de influencia ca outros, como os lingüistas e os cultivadores da lingua en xeral, os usuarios dela en dominios especializados, os grupos que dictan as preferencias estéticas e marcan as etiquetas sociais. É claro que, neste senso, Castelao é unha das máximas autoridades do galego moderno, o cal se debe por unha banda ós seus indiscutibles méritos lingüístico-literarios, que unidos á significación simbólica que a súa personalidade atinxiu para a comunidade galega, o rodean dunha aureola de prestixio indiscutido, e por outra banda ó mesmo feito de que a súa obra influíu probablemente máis ca ningunha outra as xeracións ilustradas en galego que o sucederon.

De tódolos xeitos, no caso do galego realmente aínda non existe un modelo de norma que reúna indisputablemente as condicións devanditas: en primeiro lugar por culpa de que o idioma non adquiriu o grao suficiente de desenvolvemento dos seus usos sociais (a 'normalización'); en segundo lugar porque as condicións históricas do proceso de normalización social obrigan a consituír o modelo de corrección ('normativación') máis de contado e dun xeito máis 'artificial' e menos 'espontáneo' do que o fixeron as linguas 'normais' do noso entorno. As dúas anteriores condicións son causa de que os lingüistas e os escritores teñan un papel moito máis 'importante' no proceso do que é habitual noutras linguas. A principal razón disto é que a comunidade lingüística, na medida en que sofre atrancos ou é desmotivada na aprendizaxe e uso do galego culto e escrito, reserva para os 'atesouradores' da lingua estes usos. Deste xeito, as diferencias de criterio e as polémicas entre os 'custodios' da lingua adquiren unha relevancia e unha notoriedade que nin lles corresponde, nin atinxirían xamais nunha situación normal (2).

(2) Lamentablemente, o galego non é o único exemplo disto dentro da súa área lingüística, aínad que si presente unha situación especialmente grave. Poderíase argumentar, por exemplo, que as sucesivas e incesantes polémicas ortográficas no portugués durante este século (especialmente entre o

Nós imos utilizar como modelo de lingua correcta o que inspira as *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*, que sentimos como máis concorde cos nosos coñecementos e o propio sentimento da lingua, e que na nosa percepción, a comunidade lingüística galega acepta de mellor grao e considera máis autorizado. De tódalas maneiras, se se ten en conta que imos cinxirnos ó estudio do léxico, que é o plano en xeral menos sistematizable das linguas, e o menos polémico no caso do galego, axiña se decatará o lector de que os criterios persoais do autor do traballo non pesan decisivamente neste terreo. A fin de contas, coidamos que o escandallo que fixemos no léxico do *Sempre en Galiza* mostrará que Castelao se esforzou, no mesmo sentido cá xeneralidade da tradición culta do galego moderno, por construír unha norma autónoma do galego, tamén no plano léxico.

1. Asoballar, ceibar

Imos comezar por algunhas palabras que gozan de circulación normal do galego dos nosos días. Vexamos en primeiro lugar a serie formada por *aferrollar, asoballar* e *esmagar*. A primeira acepción de *aferrollar* no galego popular é a de 'pechar unha porta co *ferrollo*'. Esta acepción ampliouse, por abstracción, a 'encadear a alguén con ferros' (ER I 72); pero o noso autor emprégao en senso aínda máis abstracto, 'quitarlle a liberdade a unha persoa ou a un país': "[Os Reis Católicos] *aferrollaron* a Galiza" /67/, "... teñen mellor xustificación os que *aferrollan* o pensamento dos homes... que os gobernantes ilusos..." /159/. Coidamos que, aínda que en castelán *aherrojar* tamén se utiliza coa acepción de 'someter ou oprimir a alguén' (MM I 99), a extensión semántica desta palabra se realizou de xeito autónomo en galego. Pola súa banda, o portugués *aferrolhar* engadiu á acepción de 'encarcerar' a de 'gardar con coidado, esconder' (ACL I 155), que non aparece en galego nin en castelán. Polo tanto, estamos perante un exemplo de extensión metafórica do significado dunha palabra que se realizou independentemente, e en senso parcialmente diverxente, nas tres linguas.

O caso do verbo *asoballar* é máis notable, polo valor case emblemático que a palabra atinxiu. En principio, o verbo significaba (é unha acepción practicamente esquecida) 'tripar e estragar un terreo sementado' (RAG 249, abóao co Padre Sobreira) (3); pero a través da poesía (4), no galego culto adquiriu a acepción de 'impedir que algo se desenvolva' e 'oprimir, impoñerse ou impoñer algo a persoas ou colectivos contra a súa vontade', como aparece na nosa obra: "[o caciquismo traidor] *asoballou* os anceios cidadáns de Galiza" /36/. Curiosamente, no galego popular, a palabra evolucionou nun senso distinto, o de 'humillar a alguén; actuar con prepotencia cara a alguén' (aboado xa desde Sarmiento: "Eu malpoca-

Brasil e Portugal) que conduciron a continuas reformas da grafía, son un índice do escaso grao de desenvolvemento e cohesión da cultura luso-brasileira.

(3) Sobre a etimoloxía desta palabra, que nalgures oín explicar como resultado da vulgarización por metátese do castelanismo *avasallar* (o cal semella insostenible), pódese ve-la proposta de Meier (1982:102-3), que parte dunha forma latino-vulgar * *subpediculare*.

(4) Xa o utilizara X. M. Pintos (*La Gaita Gallega*, 23) no senso translaticio: "O Galicia, boi de palla / canta lástima ten de ti o gaiteiro / o aguillón que che meten é de aceiro / e con el muita forza te *asoballa*". Lémbrese tamén o título de R. Cabanillas *Da terra asoballada*, publicado en 1917.

diño / estaba temendo / que me asoballasen / sen ningún remedio", RAG 249). *Asoballar* creou unha fértil familia léxica no galego literario, e así témo-los adxectivos *asoballado* -"Galiza viveu sempre *asoballada*" /38/- e *asoballador* -"hai nacións imperialistas e *asoballadoras*" /281/- e mailo substantivo *asoballamento* (non aparece na nosa obra, pero si noutras obras do noso autor, por exemplo en *As Cruces de Pedra na Galiza* 43 e 134). Este é un exemplo típico de solución orixinal do galego, conseguida a través do cambio de estatus estilístico e extensión semántica dunha palabra enxebre.

Esmagar é un verbo especificamente galego-portugués, e é a palabra comunmente utilizada no galego falado para expresa-lo significado de 'deformar unha cousa por medio da presión exercida en sentido vertical diminuíndo o seu grosor'. De feito, no GVGH 333 só se recollen acepcións populares relacionadas coa noción devandita. Mais no galego literario, o verbo tomou o senso metafórico en que o emprega Castelao, de 'oprimir a unha persoa, un grupo humano ou as súas ideas' (5): "[O Estado non ten dereito a] *esmagar* os feitos étnicamente desunidos" /296/, "[hai un dogma que gravita sobor da miña concencia] *esmagando* as ilusións que podíamos fundar n-unha repatriación" /253/ (6). En portugués, este verbo aparece cos sensos figurados de "destruir completamente os argumentos de. Vencer. Embatucar [facer calar]. Afligir; consumir de mágoa" (CF I 1075), que son notablemente distintos ós do galego, e mailo de "oprimir, tiranizar, escravizar" (NDLP 561), moito máis próximo. En todo caso, parece asisado pensar que a ampliación semántica da palabra en galego se efectuase por calco semántico realizado sobre o castelán *aplastar*, empregado no senso de "abatir o abrumar física o moralmente a alguien" (MM I 214).

Desde o punto de vista da frecuencia de uso, observamos que o emprego do verbo *esmagar* e especialmente a preferencia por *asoballar* limita notablemente a aparición dos verbos *oprimir* e *someter* no galego culto, ata o punto de que o primeiro non se rexistra na nosa obra (aínda que si os derivados *opresión* e *opresor*), mentres que o segundo aparece só ocasionalmente, xunto co seu derivado *sometimento*. Polo tanto, nesta serie léxica obsérvase que a palabra que o galego culto favoreceu para remarca-la súa autonomía e diferenciarse do castelán (*asoballar* fronte a *oprimir*) conduciu inopinadamente a un resultado notablemente distante do portugués (que emprega preferentemente *oprimir* ou *submeter*).

Con significación antónima a estes verbos temosen galego *ceibar*, xa moi estudiado por outros autores (7). *Ceibar*, verbo relacionado primitivamente coa

(5) Este emprego aparece xa en Curros Enríquez (*Aires da Miña Terra*, 165), cun senso aínda non moi despegado do físico: "E d'a Ley apoyado n-a coluna, / Esmagar baixo a garra prepotente / 'Os verdugos d'o vate sin fortuna".

(6) Sobre esta palabra creouse o adxectivo *esmagador* (que non aparece no noso autor), que é utilizado en expresións como *maioría esmagadora*, que en galego é tomado do portugués onde debe ser calco semántico do italiano (*schiacciante maggioranza*) quizabes a través do castelán *mayoría aplastante*. Cf. o inglés *overwhelming majority*.

(7) Pensado (1980:45-46): "La historia de *ceibar* y *ceibo,-a, -e* es elocuente, porque nos hace ver como un término esencialmente rústico, aplicado al ganado, va ganando terreno y ampliando su ámbito expresivo, primero a presos, y luego a todo tipo de acciones. La burguesía cultivadora del s. XIX, va poco a poco imponiendo su uso hasta el punto de que se hace sinónimo preferido de *libertar, libre*, etc. porque tiene la ventaja de diferir de la lengua oficial... El hecho contrasta con la misma voz

vida pastoril no senso de 'permitirlle o paso a un terreo que estaba pechado ó gando' e de aí o de 'solta-lo gando', xa adquirira a acepción de 'soltar a un preso' no galego literario do s. XV (8). En *Sempre en Galiza* atopamos *ceibarse* como 'librarse, conseguir verse libre dunha tendencia nociva': "os hespañoes chegarían a interesarse pol-a política xeral, *ceibándose* da súa teima anarquizante" /205/. Contra o que puideramos esperar, *ceibar(se)* non aparece no senso especificamente político, para o cal atopamos na nosa obra *libertarse*: "¿De que nos valeu facer unha revolución sanguiñenta para *libertarnos* do despotismo feudal?" /47/. Así e todo, é importante sinalar que ambos e dous verbos son moi pouco frecuentes nesta acepción na nosa obra. Por de parte, *ceibar* aparece coa acepción de 'librar, expedir unha orde ou comunicación oficial', aínda que semella estar empregado cunha connotación despectiva: "A sonada declaración dos trece puntos, que o Goberno *ceibou* o día 30 de abril do 1938, non foi acollida en serio" /150/. Con todo, a acepción máis usual do verbo na nosa obra é a de 'soltar, deixar unha persoa ou cousa saír de si un sonido ou expresión dun xeito brusco':" un aparello alemán, de tan variadas voces que servise para regalar con coros anxélicos a piedade do Bispo ou para *ceibar* tronos do inferno enriba do Cabildo" /19/, "entón o mestre, que non sabe o que dixo o rapaz, *ceiba* unha gargallada" /110/. Esta expresión *ceibar unha gargallada* chistáballe especialmente a Castelao, xa que a emprega polo menos en tres ocasións en *Sempre en Galiza,* e adoito noutras obras.

En fin, o adxectivo *ceibe*, relacionado co *ceibar*, aparece con certa frecuencia na nosa obra, coma tal: "Eu vexo â nosa Terra *ceibe* de vezos rutinarios, de pleitos cativos e de cobizas ruíns" /133/, "¿non haberá quén conteste ao ¡Arriba España! c-un ¡Viva Galiza *ceibe*!" /186/. Secomasí, o adxectivo *libre* é de lonxe preferido a *ceibe* na nosa obra, dato do cal concluímos que a elevada frecuencia de uso de *ceibe* fronte a *libre* no galego culto de hogano responde a unha preferencia relativamente frecuente. Neste caso, volvemos constatar que a elaboración autónoma do galego conduce a un resultado tan distinto do castelán coma do portugués.

2. Abrollar, agromar, aparecer, xurdir

Vexamos como procede Castelao na modernización do léxico cunha serie de palabras do campo semántico de 'aparecer' ou 'nacer': *abrollar*, *agromar* (coa variante *agomar*) e *xurdir*. As dúas primeiras, xunto cos outros sinónimos que non gozan de grande vitalidade no galego culto (como *abrochar* e *brotar*), son palabras do galego popular, que significan 'saíren as plantas da terra; botaren as plantas fi-

en portugués: en esta lengua nadie piensa que al usar *libertar, liberdade, libre* o *liberar* está utilizando una palabra castellana, no hay presión diferencialista fruto del bilingüismo, y *ceibo, ceiva, ceivar* y *ceive* siguen siendo voces provinciales, con significaciones muy concretas..". García (1988:59): "Se dicimos que a palabra *ceibar* para o home galego de hoxe que ten relación coa vida rural é unha verba normal que emprega decote como palabra oposta a *xunguir* ou a *prender* ou a *atar*, resultará unha novidade para o home da cidade neofalante que só coñece este verbo como sinónimo de *librar* ou *liberar*".

(8) Cf. a *Corónica de Santa María de Iria*: "estes criados deste arcebispo prenderon dez et seis beneficiados... por los rescataren por dinero; por lo qual quando os ceibaron, rescataronos por quinentas dobras" (45-6).

llos ou brotes' (9). O noso autor utiliza entrambas cun sentido metafórico, que é habitual hoxe no galego literario: "nos eidos da República *abrollan* os vezos da Monarquía" /24/, "o *abrollar* do romance galego... siñifica unha renascencia" /262/; "[as liberdades de Hespaña] *agroman* no esprito popular" /258/, "... se ademitíramos unha completa absorción dos caraiteres indíxenas, de modo que éstes xa nunca máis *agomaran*..." /279/ (10). Estes dous verbos son de lonxe os preferidos entre os seus sinónimos, ata o punto de que varren case totalmente o uso de *brotar*, que é sentido como propio do castelán, maila o feito de que resulta se-lo preferido (xunto con *desabrochar*) polo portugués culto. Nos diccionarios portugueses, achamos que o ACL 43 só recolle *abrolhar* na súa acepción botánica, mentres que o NDLP 12 inclúe a acepción "Aparecer, surgir; brotar", aboada cun exemplo dun escritor miñoto, co que nos atoparemos varias veces ó longo deste artigo, Camilo Castelo Branco: "E, neste lance, as lágrimas aborlharam a torrentes". De calquera maneira, no exemplo que se nos ofrece o verbo non aparece cunha amplitude semántica tan grande como a habitual hoxe no galego culto. Polo que se refire a *agomar*, é verbo que non recolle o ACL, pero si CF I 83 e NDLP 51, aínda que unicamente na acepción botánica. Parece razoable concluír que a ampliación semántica de *abrollar* e *agromar* en galego é producto dun calco semántico sobre o castelán *brotar*.

Canto a *xurdir*, este verbo no galego común ten o sentido básico de 'saír unha cousa da terra ou da auga', no que é empregado na nosa obra, coma tal en "Galiza era unha ínsua de rocas ígneas... que *xurdía*, outa e forte, dos mares formativos" /44/. Pero este sentido xa aparece metaforizado en usos como "do chan galego *xurde* unha enerxía incoercible" /35/. O seguinte paso na xeneralización e abstracción do sentido aparece en "De súpeto, *xurde* no meu maxín esta pergunta..." /14/, "ao mesmo tempo, *xorde* unha poderosa cultura galega" /51/, "unha nova vida... vai *xurdir* das cinzas da guerra mundial" /253/, "[nos Cancioeiros] â veira dos temas vulgares *xurden* fórmulas de estética pura" /268/. Se seguímo-la traxectoria desta verba e mais doutras dúas do seu mesmo campo semántico (*aparecer* e *surxir*), no galego literario, atoparemos que Rosalía non empregou nunca *xurdir* e, usando os dous, preferiu *aparecer* a *surxir*. Curros utilizou os tres verbos, pero *xurdir* só o utilizou en sentido material (11) e Pondal dos tres verbos só utilizou *aparecer*. Pois ben, a voga de *xurdir* foi tan intensa que, aproximadamente cincuenta anos despois, Castelao xa non utiliza *surxir*, e *xurdir* faille unha seria competencia mesmo ó verbo máis común e xenérico de todos, *aparecer*: concretamente, rexistramos 62 ocorrencias de *xurdir* fronte a 9 de *aparecer* na acepción que nos interesa. O verbo *xurdir* dá orixe a unha familia léxica fértil, na que aparecen

(9) Ofrecemos uns datos tirados do VVGH 22, 23, 36, a título simplemente indicativo: *abrochar* aparece rexistrado en 5 localidades, *abrollar* unicamente en unha (e só na acepción de 'manar'), *agromar*/*agomar* e similares en 7 lugares, e *brotar* e variantes noutros 7. Nalgúns diccionarios tamén aparece o verbo *desabrochar*.

(10) O verbo *agomar* deriva do substantivo *gomo*, que tamén aparece empregado en *Sempre en Galiza*: "Galiza é un *gomo* novo, que será ponla frorecida na vella cachoupa de Hespaña" (34).

(11) Ver *O divino Sainete*: "e víanse en ringulerias *xurdir* por tódalas rúas os romeiros i as rameiras" (53). Para Rosalía, Curros e Pondal consultei as concordancias realizadas con medios informáticos no ILG e que están depositadas en forma impresa na súa biblioteca.

derivados moi usuais. Así na nosa obra aparecen *rexurdir* 'volver aparecer, ter outra vez forza e vigo' e *rexurdimento* 'acción de *rexurdir*': "os povos hispanos teñen azos para *rexurdiren* e reclamaren a súa soberanía" /29/, "cando Galiza se desperguizaba d-un sono de catro séculos e cando *rexurdía* o noso xenio creador" /37-8/, "o galego *rexurdeu* no século pasado con poetas tan esgrevios como Rosalía, Curros e Pondal /42/, "[a lingua galega] sigue vivindo nos agros e *rexurde* a decotío en tódol-os poetas" /267-8/; "os que calificamos de imprudencia o *rexurdimento* do tema relixioso" /24/.

Xa que logo, entre *aparecer*, *surxir* e *xurdir*, sendo as dúas primerias voces existentes en galego, portugués e castelán, e a terceira exclusiva do galego e o portugués, o galego culto mostra unha preferencia clara por *xurdir*, e rexeita *surxir*, mentres que o portugués case non usa *surdir* en sentido metafórico (12), pois neste sentido mantén *aparecer* e habilitou *surgir*. Unha vez máis, a razón da inclinación do galego por *xurdir* é claramente a tendencia do galego ó diferencialismo fronte ó castelán, a despeito de que iso conduza a solucións diverxentes co portugués.

Para dar unha visión máis completa deste campo semántico, referirémonos á familia léxica de *nacer* (que aparece 13 veces na acepción de 'aparecer'): *renacer* (2 ocorrencias), *nacencia* (6 ocorrencias), *nacimento* (2 ocorrencias), *renacimento* (1 ocorrencia), *renacencia* (9 ocorrencias). Por unha banda, hai que salienta-la maior frecuencia dos derivados especificamente galego e diferenciais fronte ó castelán como *(re)nacencia* en contraste con *(re)nacimento*; por outra banda, tamén é digna de nota a comparación coas frecuencias dos derivados de *xurdir*: *rexurdir* (10 veces), *xurdimento* (1), *rexurdimento* (12). O cadro seguinte (do que deixamos fóra os verbos *abrollar, agromar, agomar*) mostra graficamente ata que punto actúa con forza o diferencialismo léxico en Castelao

Formas enxebres	Derivados enxebres	Palabras comúns
xurdir (62)		aparecer(9), nacer(13)
xurdimento (1)	nacencia (6)	nacimento (2)
rexurdir (10)		renacer (2)
rexurdimento (12)	renacencia (9)	renacimento (2)

Con respecto ó verbo *aparecer*, hai que sinalar que Castelao o emprega noutras acepcións, pero da súa familia léxica non rexistramos ningunha ocorrencia de *aparición*, o cal é aínda máis significativo se o contrastamos co feito de que outras palabras da mesma familia (coma tal, *desaparecer, desaparición, aparencia, aparente, aparentar*), que non concorren cos enxebrismos antes sinalados, son utilizadas con certa frecuencia.

(12) Sen embargo, o NDLP 1340 rexistra *surdir* como "resultar, provir, advir:... 'Nenhuma dessas sensações... desperta sentimento de beleza. Este surde unicamente das sensações visuais..."

3. Acadar, alcanzar; conseguir, conquerir, lograr

Un campo semántica que presenta solucións léxicas sumamente interesantes é a constituída, entre outros, polos verbos *acadar, alcanzar, atinxir, conquerir, conseguir* e *lograr*. De todos eles, coidamos que os máis correntes no galego falado, á vez que son os que teñen significado máis xenérico, son *alcanzar, conseguir* e *lograr*. Estes tres verbos posúen algunhas acepcións aproximadamente iguais en galego, castelán e portugués. Precisamente a coincidencia formal co castelán foi a que fixo que os escritores galegos procurasen empregar outras formas, exclusivas do galego, para o cal se habilitaron os verbos *acadar* e *conquerir* (entrambos innovación orixinal do galego literario e descoñecidos no castelán e no portugués comúns) e se promocionou o emprego de *atinxir* (correspondente ó portugués *atingir*). *Lograr* e *conseguir*, os máis xenéricos de todos eles, son sinónimos case totais nas acepcións xerais de 'chegar a ter ou a facer algo que se desexa ou intenta' (MM I 731; II 282) e 'obter unha persoa ou cousa coa súa acción ou polos efectos desta certo resultado': "O consello de Maura non *logrou* entrar na mioleira dos terratenentes extremeños" /17/; "[os gobernantes casteláns] somentes *conseguiron* acentualo [proceso desintegrador de Hespaña]" /307/. É rechamante que o verbo *lograr* escapase dos afáns diferencialistas de Castelao (aparece 37 veces na nosa obra), sobre todo se o comparamos coa fortuna de *conseguir*, que foi descartado case totalmente (ata o punto de que soamente atopei dúas ocorrencias). A razón disto debe ser que ó primeiro non se lle atopou un substituto axeitado, mentres que ó segundo lle apareceu un serio competidor en *conquerir*.

Conquerir é un verbo que con toda probabilidade se puxo de moda desde a publicación da *Crónica Troiana* medieval (editada por A. Martínez Salazar na Coruña en 1900), e co espallamento das edicións das *Cantigas de Santa María* e dos *Cancioneiros* líricos galego-portugueses. Sen embargo, o seu emprego no galego literario contemporáneo xa viña de antes, aínda que non de moi vello. De feito, non atopei *conquerir* nin antes de Rosalia nin nela mesma, e tampouco en Pondal. En toda a obra galega de Curros aparece rexistrado soamente nunha ocasión, sobre a que volverei. Dos diccionarios anteriores a 1930, *conquerir* aparece unicamente en Cuveiro (1876:76) como antigo e só na acepción de 'conquistar' e aínda en Filgueira (1926:57) aparece exclusivamente nesa mesma acepción. Coido que existe un dato que nos pode da-la clave da orixe da súa recuperación no galego contemporáneo: Valentín Lamas Carvajal empregou *conseguir* na súa obra publicada antes de 1886 e *conquerir* na publicada con posterioridade a esta data. Concretamente, *conseguir* aparece en *Dez cartas escritas pr'os gallegos* (1875:15) e *Saudades Gallegas* (Ourense, 1880:101); mentres que en *Gallegada* (1887:34, 63, 65, 79) utiliza repetidamente (ata 4 ocasións) *conquerir*, sempre no senso de 'alcanzar', e nunca *conseguir*. Complementariamente, nas dúas primeiras obras aparece o verbo *conquistar*, que non comparece na terceira. ¿Que ocorreu entre a publicación dunhas e outras obras de Lamas? En 1886, Antonio de la Iglesia publicou a súa antoloxía de textos galegos, na que se inclúen textos medievais, que brillaban co prestixio que a emoción do descubrimento dunha literatura galega antiga lle engadía ó engado que o medioevo exercía nos intelectuais do oitocentos. Nalgúns

destes textos aparece o verbo *conquerer*, coma tal: "Calrros, depois que *conquireu* con gran traballo moytas partes do mundo..." (vol. II, 32). Hai un dato que vén reforza-la nosa hipótese: o verbo *conquerir* é utilizado só unha vez na obra de Curros Enríquez, xustamente nun poema que data de 1887: "E todos vós, si o arte perseguides, *conquerirés* d'os inmortás o tempro" (13).

De certo, en toda a literatura medieval, *conquerer* (con variantes *conquirir, conquerir*) é o verbo empregado no senso no que hoxe usariamos *conquistar* (formado sobre o participio daquel, *conquisto*): 'facerse dono dunha praza, posición ou territorio inimigo' (v. RL 362-3). A semellanza fonética de *conquerir* con *conseguir* e a posibilidade de estender metaforicamente *conquerir* cara ó senso de 'obte-los favores amorosos dunha persoa' e, nunha acepción máis xenérica, 'adquirir algo con esforzo ou dalo feito', conduciron á confusión dos dous verbos. De feito, hai usos concretos nos que é difícil determinar se *conquerir* está empregado nun senso metafórico de 'conquistar' ou xa decididamente como 'conseguir': "Galiza deixará de loitar pol-a liberdade cando a *conquira*" /34/. Probablemente, o gusto diferencialista estendeu a errónea sospeita de que *conseguir* era un castelanismo que substituíra a forma presuntamente enxebre, *conquerir*, e así este arcaísmo se viu promocionado na literatura ata gañar toda a extensión semántica de *conseguir*. Castelao, desde logo, adheriuse ó emprego de *conquerir* e contribuíu á súa difusión: esta verba aparece empregada no *Sempre en Galiza* en 22 ocasións, en moi contados casos coa acepción primitiva -"ningún povo antigo *conquireu* un imperio tan grande [como Castela] /283/-, e as máis das veces con senso xenérico: "Galiza necesita unha política para *conquerir* o desenrolo normal da súa economía" /11/, "estamos moi lonxe de *conquerir* grandes portos pesqueiros" /49/, "un galego pode, sen sair de Galiza, *conquerir* un títduo universitario" /106/, "*conquerín* autorización para comunicalo â prensa" /242/, "non se trataba, non, de *conquerir* un dereito, que xa fora tomado polo povo catalán" /316/. Xa que logo, coido que se pode asegurar que foron os escritores da Xeración Nós os que consagraron definitivamente o emprego de *conquerir*, ó tempo que lle botaban a pauliña a *conseguir*. A partir do primeiro, aparece axiña un *reconquerir*: "alentando egoismos, inxusticias e xenreiras, para *reconqueriren*... o que non foran capaces de conservar" /23/. Con todo, no *Sempre en Galiza*, no senso 'volver adquirir unha cousa perdida', son preferidos *recobrar* e *recuperar*.

O verbo *alcanzar* está moi próximo en varias acepcións a *conseguir*, así a xeral de 'chegar a ter algo que se desexa, adquirir algo con esforzo': "ningunha das tres invasións *alcanzou* o domiño total das Península" /279/. Tamén aparece na construcción *alcanzar a* + infinitivo de verbo de percepción, equivalente a *conseguir* + infinitivo no senso de 'dar feito o que o verbo expresa, poder facelo': "para outros, a terra é tan grande que somentes *alcanzan* a vela no mapa de Fontán" /45/. Pero o verbo *alcanzar* ten o sentido máis preciso, no que non é substituíble por *conseguir*, de 'chegar alguén ou algo a un grao determinado en certa cousa': "[Hai galegos que] levan as imaxes do seu mundo nativo e apéganse a elas con tan

(13) Do poema "A Sociedade lírica d'Habana 'Aires d'a miña terra'" (*Obras Completas*, 283). Segundo informa Carlos Casares en nota, o poema foi escrito co gallo da constitución da devandita sociedade lírica, o 18 de abril de 1887.

afervoada saudade que *alcanzan* a categoría de tipos de novela" /13/, "[os feitos étnicos] cando *alcanzan* a categoría de nacionalidade poden, incluso, reclamaren a súa total independencia" /296/. Outra acepción máis específica de *alcanzar*, non compartida con *conseguir*, é a de 'chegar unha cousa ou chegar o efecto dunha cousa a algures': "[o Estatuto de Autonomía] evita os perxuicios que sempre nos *alcanzan* no reparto dos presupostos do Estado" /94/, "as invasións musulmanas non *alcanzaron* a toda Galiza" /263/, "Así, o dereito que se abría para Cataluña, abríase, posiblemente, para Euzcadi, pero non *alcanzaría* a Galiza" /314-5/.

Alcanzar, forma común ó castelán e ó portugués, sufriu en galego a competencia de *acadar*, verbo que partiu dun uso moi infrecuente no galego falado en acepcións do tipo 'coller algo estirando o brazo', 'recoller e xunta-lo gando' (14) e acabou por adquirir practicamente toda a extensión semántica de *alcanzar*. No *Sempre en Galiza* soamente rexistrei unha soa ocorrencia del: "os problemas vitaes de Hespaña teñen de ser planteados en Hespaña, porque é alí onde poden *acadar* solucións axeitadas" /256/. Sen embargo, o noso autor empregouno con profusión noutras obras, por exemplo, en *As Cruces de Pedra na Galiza*, abreviaremos *ACPG*): "As manifestacións artísticas do Purgatorio *acadaron* máis popularidade" /120/, "as imaxes da Doorosa *acadan* o cume en dous motivos diferentes" /160/ e mesmo na expresión *acadar a* + infinitivo (calcada de *alcanzar a* ou *chegar a*): "[a pintura] *acadaría*, de ser cultivada con esmero, *a crear* motivos ademirabeis" /129/.

O verbo *atinxir* debeu de introducirse no galego literario a partir de 1915, adaptando o portugués *atingir*, como afirma Eladio Rodríguez *s. v. atinguir* (ER I 271). Non o rexistramos no galego medieval (onde aparece a variante *atanger/atanguer*: RL 195; *atingir* debe ser cultismo en portugués, onde se rexistra a partir do s. XIV: ACL I 623, Machado I 345) nin na literatura do s. XIX, e non está rexistrado con seguridade no galego falado de hoxe. Aparece or primeira vez en RAG 216: "*Atinguir*, v. n. Tocar, interesar a todos" (15), e máis tarde en Filgueira (1926:22), sempre na variante *atinguir*, como "Tocar, conseguir, alcanzar, comprender". Na obra de Castelao só o rexistrei en *ACPG*, e unicamente en expresións, máis ou menos fixas, do tipo "polo/no que *atinxe* a...", co significado de 'canto a, no que se refire a', probable calco do castelán "por/en lo que *atiñe a*". Se

(14) No século XVIII, o padre Sobreira anotaba "***Acadar***... de Ribadavia. Poner las manos o *Ava* u otra cosa para recibir lo que le echan a distancia. Item, recibir efectivamente aquello". Definindo a palabra *borralleiro* explicaba "el paño que se tiende sobre la ropa para *acadar* la *borralla* cuando le echan la *bogada*". Na definición de *andarubel* informa "la cuerda que atraviesa el río, para detener la leña y los barcos tras ella, para cogerla o *acadarla*". Por último, ofrece este verbo como sinónimo de *aparar*: "poner ambas manos, la capa o la falda, para tomar o coger alguna cosa. Dicen también *acadar*". Fernández González (1981:189) recolle nos Ancares *acadar* como "traer el ganado a la majada". CF I 21 acolle o verbo como "anti[go]" no senso de 'agarrar, alcançar', aboado no medieval *Livro da montaria*, e mais como "prov[incial] minh[oto]" na acepción definida como "receber nas mãos ou no regaço; aparar". Máis información sobre a fortuna desta verba en portugués ofrécenola Boaventura (1950:9): *Acadar, acadrar*- Receber nas mãos ou no regaço uma cousa que se arremessa de distância: 'acada lá essas maçãs'. [outro senso]... esperar alguém, saindo ao caminho". Finalmente, GVGH 24, infórmanos da vixencia deste verbo nas terras ourensás de Castro Caldelas e Ramirás, no senso de 'coger algo'.

(15) Neste diccionario (RAG 258), tamén aparece a variante *atanguer*, que remite á primeira acepción de *abranguer* "Coger alguna fruta de un árbol. Coger una cosa que está al alcance de la mano. Alcanzar con la mano" (RAG 21).

non nos enganamos, a historia deste verbo é ben curiosa: foi tomado polo galego literario como empréstito do portugués para ser empregado nunha expresión calcada do castelán. De calquera maneira, non gozou de grande fortuna no galego culto de hoxe, onde lle apareceu un serio competidor en *acadar*.

Un indicio claro de que a ampliación de significado e extensión do uso de *acadar* no galego culto foi iniciado polos escritores da Xeración Nós ofrécenolo o dato de que nin Rosalía nin Curros nin Pondal empregaran este verbo, mentres que dos diccionaristas anteriores a 1930, soamente o rexistraban Valladares (1884:4) definíndoo na sorprendente acepción de "dar, acertar", e remitindo a *acitar*, verbo este definido como "dar en el hito, blanco, ó punto que se desea", e mais Filgueira (1926:7), que lle atribúe os significados de "esperar, recibir, alcanzar". A miña impresión, apoiada nos datos que acabo de expor, é que o éxito de *acadar* fronte a *alcanzar* é máis recente có de *conquerir* fronte a *conseguir*. Unha explicación do incremento actual da circulación de *acadar* pode radicar en que o persistente enxebrismo non se conforma coas formas comúns co castelán *alcanzar, conseguir* e *lograr*, ó tempo que unha nova conciencia de corrección desaconsella o emprego do arcaísmo *conquerir*. Curiosamente, unha forma que goza decerta vitalidade no galego literario (escasa, pero non moito menor ca *acadar*), *atinguir/atinxir*, non conseguiu grande circulación no galego literario, por máis avalada que estea polo seu profuso emprego no portugués.

Resumindo a situación no *Sempre en Galiza*, observamos que o ítem léxico máis frecuente neste campo semántico é o verbo *lograr*, cun total de 37 ocorrencias. Ora ben, é interesante notar que *lograr* aparece nunha variedade relativamente notable de construccións: preferentemente con infinitivo (17 ocorrencias) ou cláusula completiva (5 ocorrencias), pero tamén con obxecto directo expreso en frase nominal (15 ocorrencias). Fronte a el, *conquerir* aparece 23 veces ó longo da obra, das cales só en dúas significa exactamente 'conquistar' no senso material (16), pero nunca está construído con infinitivo ou cláusula completiva, isto é, o seu obxecto directo é sempre unha frase nominal. Pola súa banda, *alcanzar* presenta 11 ocorrencias, das cales só en 4 se pode considerar sinónimo de *conseguir* (unha ocasión construído con *a* + infinitivo, 3 con frase nominal), fronte a 7 co senso específico de 'chegar ó punto que se expresa'. Finalmente, hai que sinala-la infrecuencia de *conseguir* (2 ocorrencias) e *acadar* (1 ocorrencia), e a ausencia de *obter*.

4. Anceio, arelas, desexo

Comezarémo-la análise de toda unha serie de palabras do campo semántico do desexo precisamente polo verbo *desexar* 'tender co pensamento ou orienta-la vontade cara á posesión ou realización do que se expresa': "A teima universalista

(16) Curiosamente, o verbo *conquistar* só aparece en 3 ocasións, unha delas con significado inmaterial ("incapaces de conquistaren intelixencias", 202-3); outra nunha acepción inmaterial, pero moi próxima á material ("Portugal conquistou violentamente a súa independencia", 226) e outra con senso puramente material ("Galiza... non se deixou conquistar nin domeñar", 329). Tamén rexistrei unha ocorrencia de *reconquistar*. Son moi frecuentes outras palabras da mesma familia léxica como *conquista* e *conquistador*.

ou a degradada imbecilidade dos cosmopolitas, é tan absurda como *desexar* que desaparezan os negros." /245/. O substantivo correspondente é *desexo* 'acción de desexar' ou 'cousa que se desexa', cun plural de significado idéntico, pero intensificado, *desexos*: "cando o pianista manifestou *desexos* de tocalo ..." /20/, "sempre compatible co *desexo* de reconstrución racional do Estado hespañol e coas arelas de redención humán" /46/. No *Sempre en Galiza* rexistrei soamente en 5 ocasións o verbo e en 3 ocasións o substantivo. Obviamente, o autor, que sentía estas palabras como moi próximas ó castelán, tivo que botar man doutras voces para expresa-las nocións correspondentes.

Cun significado moi próximo a este, quizais cun matiz de maior intensidade e restrinxido a obxectivos non materiais, aparece *anceio* 'forte desexo de alcanzar fins beneficiosos pero remotos': "son os mesmos que perderon o *anceio* de chegaren a ser deuses" /43/, "n-esta indiscutible verdade afincamos o noso *anceio* e a nosa espranza" /296/, "no fondo das varias demandas que presentamos latexou sempre un mesmo *anceio*" /319/. Como se ve polos exemplos anteriores, a carga connotativa da palabra é adoito positiva, pero tamén pode aparecer connotada negativamente, case como sinónimo de 'desexo ambicioso, esaxerado ou ilexítimo': "non é dificultoso comprender que o obstáculo para chegarmos ao establecimento d-unha língoa internacional, está producido pol-a ambición das catro ou cinco língoas que puñan para chegaren â hexemonía cultural do mundo, cuio *anceio* vai xunguido âs arelas de predomiño" /246/, "prevalece o *anceio* avaro de detentar a fortuna para que outro non-a disfroite" /273/. Esta verba, que é sen dúbida a preferida por Castelao dentro da serie que consideramos, aparece con máis frecuencia en plural ca en singular: dun total de 89 ocorrencias rexistradas, contei 32 exemplos en singular fronte a 57 en plural. En plural, a palabra está adoito cargada de connotacións positivas: "o verdadeiro heroísmo consiste en trocar os *anceios* en realidades, as ideias en feitos" /10/, "ninguén pode fanar os nosos *anceios* patrióticos" /46/, "os *anceios* da renovación que arestora se sinten con balbordos revolucionarios non se resolverán con unisonancias monótonas" /111-2/.

Como verbo correspondente a *anceio* non aparece, como esperariamos, o derivado *anceiar*, senón *aspirar* 'senti-lo intenso desexo de conseguir algo beneficioso e difícil de conseguir', do que recollín 15 ocorrencias: "pero non determiñan cáles son as nacionalidades ibéricas que, pol-a súa diferenciación e capacidade, poden *aspirar* ao dereito de confederarse" /56/, "eu *aspiro* a chegar n-este libro a conclusións optimistas" /213/, "non desexamos separar o unido, senón que, pol-o contrario, *aspiramos* a trabar vencellos de fraternidade cada vegada máis apertados antre as diversas nacionalidades" /325-6/. Se a preferencia por *anceio* varreu do uso do noso autor o substantivo *aspiración*, en troca, *anceios* non impide a aparición de *aspiracións* (que aparece 16 veces): "as *aspiracións* máisimas de Galiza caben folgadamente dentro da ortodoxia socialista" /57/.

Cun senso moi similar ás palabras anteriores aparece o substantivo *arela* 'anhelo que impulsa a obrar', 'tendencia do intelecto e disposición positiva da vontade cara a algo' (usado en 5 ocasións): "non resolveríamos os nosos problemas sen autonomía lexislativa e sen que nos avencelle a todos unha mesma *arela* de redención, afincada na firme vontade de vencer" /64/, "O galeguismo é algo

máis que unha realidade; é tamén unha *arela* de creacións moraes" /101/. Este substantivo emprégase con maior frecuencia en plural ca en singular (23 contra 5 ocorrencias), pero sempre en acepcións idénticas: "[Eu quedeime] a rillar as miñas *arelas* patrióticas" /12/, "fuxiron da aición e non alumearon as *arelas* vitaes do povo" /202/. En todo caso, *arelas* ten con respecto a *arela* unha carga intensificativa análoga a *desexos* con respecto a *desexo*: "que cando un home dispoña d-un órgano seipa tocalo, para dar saída âs *arelas* do seu esprito" /21/, "todol-os povos que se asomaron ao noso Fisterre sentiron *arelas* de traspor aqueles hourizontes" /228/, "agora síntome con *arelas* de filosofar" /243/. A expresión *dar arelas* (da que soamente rexistrei unha ocorrencia) ten o senso de 'dar ánimos, infundir capacidade para arrostrar dificultades ou para emprender algo': "Fundirse co povo.. darlle vida e *arelas* para prosperar" /31/. Do substantivo *arela* construíuse por derivación o verbo *arelar*, 'desexar intensamente': "[a reforma das contribucións] é o que *arelan* os contribuíntes aldeáns" /122/, "[Arana, Brañas e Prat de la Riba] *arelaban* unha paz permanente" /193/, "os galeguistas *arelábamos* que Portugal se confederase con Hespáña" /227/, "eu d-aquela sóio *arelaba* chegar a Bós Aires" /249/.

Outras palabras relacionadas coa mesma noción, practicamente sinónimas de *desexo/desexar*, son *degoiro* e *degoirar*: "Tal aviso sería oportuno se nós entendéramos o galeguismo como un simple *degoiro* de benestar /101/, "... marchaban a loitar por Castela pol-o parvo *degoiro* de mostrarse fazañosos" /277/; "a uniformidade que *degoiran* algúns, sóio se logra coa morte" /245/. Sen embargo, na nosa obra estas palabras son as menos frecuentes da serie que estamos a considerar, pois soamente aparecen nos exemplos que acabamos de citar e mais noutro que citaremos deica pouco. Sobre elas, pouco temos que engadir ós comentarios de C. García 1988:70-2.

Intimamente vencellado coa serie devandita está o substantivo *afán(s)*, 'actitude da persoa que se entrega a súa enerxía a unha actividade; anhelo que impulsa a obrar dunha determinada maneira': "[os labregos] siguen acesos no *afán* de traballar e de posuír" /17/, "[ós galegos] perdeunos a modestia e o *afán* do bo parecer ante os demais hespañoes" /139/, "insistiremos aínda sobor d-esta incapacidade, que non provén da incompetencia senón da intransixencia e do *afán* de mando" /158/, "pol-o roteiro e a finalidade dos nosos propósitos autonomistas, tíñamos de concertar convenios con políticos alleos ao noso país e talvez non concordes cos nosos *afáns*" /185/, "na nosa Galiza non eisisteu, durante tres séculos, máis que o *afán* suicida de imitar a Castela" /280/. Castelao recorre a esta verba con certa insistencia: rexistrei 25 ocorrencias (21 en singular e 4 en plural). Pola súa banda, o substantivo *ambición* posúe a acepción de 'forte desexo de algo que se considera beneficioso', na que é sinónima total de varias das palabras citadas (*anceio, aspiración, arela*) -"a nosa *ambición* galeguista creémola compatible co republicanismo hespañol" /328/-, pero, especialmente na acepción de 'actitude de desexar con vehemencia algo e disposición de actuar para conseguilo', ten un uso característico: "Da falla de *ambición* provén cicáis o decaimento político de Galiza" /259/. A relativamente escasa frecuencia de uso desta palabra (6 ocorrencias) explícase pola competencia que sofre dos sinónimos que ennumeramos antes. Fi-

nalmente, a verba *cobiza* pode adquirir tamén o primeiro dos sentidos citados para *ambición*: "Tamén reparei n-unha rolda de xentes desocupadas, ollando dende máis lonxe o trafego dos peóns. Cicáis con *anceios* de gañar a vida; pero eu xúrovos que en algúns ollos adiviñei unha *cobiza* terrible: a de chegaren a 'vellos desamparados'" /18/.

Podemos ennumerar unha serie léxica pertencente ó campo semántico do desexo constituída polas palabras que levamos comentado, a efectos de comparala co correspondente castelán. Se distinguimos formas aproximadamente comúns co castelán de formas privativas do galego, indicando a súa frecuencia, temos:

Formas comúns		**Formas enxebres**	
desexo(s), -ar	8	anceio(s)	89
aspiracións, -ar	31	arela(s), -ar	49
afán(s)	25	degoiro, -ar	4
ambición	6		
Total	71	**Total**	142

Coido que as frecuencias indicadas son ben expresivas das preferencias do noso autor polo léxico enxebre. Pero aínda quero destacar un aspecto máis: se definisemos en castelán un campo análogo ó galego, teriamos que incluír necesariamente as voces *ansia, -ar; anhelo, -ar*, que non aparecen na nosa obra. Estas palabras non son patrimonio exclusivo do castelán: en primeiro lugar, son verbas perfectamente comúns en portugués (nas formas *ânsia, ansiar; anelo -ar*), que non as tirou do castelán, senón que as derivou directamente do latín *anxia* e *anhelare*; e, definitivamente, non só son galegas, senón que concretamente *ansia* e *ansiar* son moi comúns na lingua falada, mentres que *anhelar* e *anhelo* teñen un uso estilístico máis restrinxido. A preterición destas palabras soamente se pode explicar pola tendencia ó diferencialismo.

As palabras enxebres habilitadas para suplanta-las devanditas son basicamente *anceio*, *arela* e *degoiro*, xunto cos verbos correspondentes *arelar* e *degoirar*. Vexamos como chegaron a circular no galego literario. *Arela, -ar* son formas practicamente inexistentes e de *anceio* non posuímos documentación segura no galego falado de hoxe, mentres que nos escritores do século XIX non aparecen ningunha das tres, nin co senso en que as emprega Castelao nin con outro. A aparición no galego literario de *anceio* /an'0ejo/ explícaa A. Santamarina (17) como resultado

(17) A. Santamarina (en prensa). Permítome advertir que a explicación é perfectamente verosímil e aceptable, pero aínda precisa verse avaliada por datos máis concretos. Eu non achei *anceio* nos diccionarios portugueses, aínda que si *áncia, anciado, anciar* (Moraes 1823 I:137-8) e *anceia* (Gonçalves 1966:73: "*Anceia, sf.* Hmf [homófono]: *Anseia*, v. *ansiar*). CF I 206 recolle *anseio* como "desejo ardente, aflição, o mesmo que *ânsia*" e abóao cun exemplo de Camilo Castelo Branco. ACL I 376-7 tamén recolle *anseio*, e engádelle ó anterior outro exemplo da literatura decimonónica. O NDLP 103 tamén inclúe *anseio* como "1. Ato de padecer ânsias. 2. Desejo ardente; anelo, ânsia". Cunha (1989:52) limítase a rexistrar *anseio* como forma aparecida no s. XIX na familia derivativa de *ânsia*. Coido que aínda paga a pena explora-la posibilidade de explicar anceio como forma autónoma do galego, quiza-

da adaptación fantasiosa dunha palabra portuguesa: estaría tirada da variante gráfica *anceio,* correspondente ó substantivo portugués /an'seju/, derivado regularmente do verbo /an'sear/, á súa vez variante fonética de /an'siar/ (18). Obviamente, a letra *c*, en interior posconsonántico e ante *e*, representa en portugués o fonema /s/, pero, segundo esta hipótese, a palabra debeu de ser tomada por vía escrita e lida á galega con /0/. En canto a *arelas* co senso de 'anhelos', A. Santamarina (19), considéraa unha ampliación semántica que o galego literario efectuaría sobre un termo do galego falado, que aparece na expresión *dar arelas*, co senso exclusivamente de 'dar ánimos' (20). En canto a *degoiro -ar* (21), hai que explicalas a partir da variante do galego falado *degorar*, que na actualidade ten un uso reducídisimo (22).

Unha voz menos adoitada cás anteriores é *angueira*, que aparece na nosa obra en dúas acepcións. A primeira, en plural, como sinónimo de *aspiracións*, nun contexto rico en verbas da serie que estamos a comentar: "O recoñecimento da personalidade de Galiza e as *arelas* de anovar a súa autóctona cultura, a defensa da autodeterminación política do noso pobo, a laboura pola potencialización da súa economía, serían *angueiras* estériles i egoístas se non estivesen inspiradas polo *degoiro* de harmonizar na cultura universal o rexurdimento da nosa cultura /54/. A segunda acepción de *angueira* é a de 'tarefa, traballo concreto': "Dado que a Saudade é un sentimento inesplicable... haberá que buscala no corpo revelado da poesía celta. Esta *angueira* foi comprida por Plácido Rodríguez Castro" /355/. Esta segunda acepción da palabra introdúcenos noutro campo semántico que non comentaremos, no que Castelao utiliza palabras como *labor, laboura, tarefa, faena, faxina, ...*

Resumindo o que levamos visto do campo semántico do desexo, volvemos facer notar que, aínda que o portugués é ocasionalmente utilizado como fonte de empréstitos (neste caso con pouca fortuna, ata o punto de que hoxe en día o emprego de *anceio* e do seu derivado galego *anceiar* considerados adaptacións extraviadas, son desaconsellados), non é contemplado como modelo a seguir. De feito, os resultados da análise das verbas que Castelao emprega neste campo semántico móstrannos que a fin de contas as solucións galegas son tan autónomos e diferentes en comparación co castelán coma en comparación co portugués. Xa que logo, comprobamos de novo que a consecución dunha norma autónoma para o galego é

---

bes relacionada con *ancelioso, anceliar, ancelar, anzaliar, anzuelar* que recolleu Otero (1967:107 e 1977:27) no nordeste da provincia de Lugo.

(18) Téñase en conta que en portugués *anseiar* e *anseio* son formas totalmente inusuais, confinadas a algúns diccionarios.

(19) *Ibidem.*

(20) A. Santamarina (en prensa) califica *arela* e *arelar* como palabras "feitas de materia galega con espírito castelán ... *arelas* 'ánimos' usada no sentido de 'anhelos', e mesmo *arelar* 'anhelar', inexistente na fala, [son] usadas tamén por paranomasia coas correspondentes castelás *anhelo, anhelar*)". Sen embargo, a verba xa aparece recollida polo padre Sobreira no s. XVIII: "Aréla, sf. Ansia. Lointra y Samos. La ansia que uno tiene. Úsase más comúnmente en pl. // Arélas, sfpl. Los cuidados y las ansias." Como se ve, as indicacións de Sobreira canto ó significado e uso da palabra cadran perfectamente co emprego que dela fai Castelao. Sobre esta palabra v. tamén García (1988:23-4).

(21) Ver García (1988:70-2).

(22) O GVGH 271 rexístraa soamente en Codeseda (Pontevedra).

o fin procurado, e os recursos que ofrece o portugués son aproveitados na medida en que axuden a alcanzar ese obxectivo.

5. Animar, (dar) azos, empurrar, incirrar, pula

Imos considerar agora nunha serie léxica formada por palabras e expresións relacionadas polo seu significado, aínda que non constitúan un campo semántico propiamente dito. A relación entre elas fúndase por unha banda, na proximidade co significado material de 'aplicar forza nunha cousa ou persoa para que cambie de lugar', e por outra banda, na relación cos significados abstractos de 'intentar que un ser vivo actúe dun xeito determinado' ou 'incitar a alguén a que faga algo', e incluso 'fomentar, aumenta-la intensidade dun sentimento'. Para o significado material, o verbo preferido por Castelao é *empurrar* (10 ocorrencias): "[os galegos] sabemos pillar estradas c-un fatelo ao lombo ou *empurrando* a roda de amolar" /230/; "Parez que merecen o que gañan e non saben decatarse da sorte que os *empurrou* /11/". Este verbo é comunmente empregado en galego con este significado, pero Castelao úsao a reo no senso abstracto: "hai galegos tan amantes do seu terrón orixinario que dispóis de emigraren, *empurrados* pol-a necesidade... /12/ -aquí o verbo aproxímase moito ó senso de 'obrigar'-, "somentes a tiranía pode *empurramos* ao separatismo" /296/. Probablemente, na metaforización de *empurrar* estea actuando o exemplo do castelán *empujar,* co cal estariamos perante un exmplo de calco semántico.

Cun senso próximo ó que aparece nos últimos exemplos citados, o noso autor emprega tamén o verbo *incirrar*: "[os esquerdistas] descalificaron aquel movimento, por retrógrado e antiliberal, *incirrando* ás masas obreiras e orgaizacións democráticas contra calquera reivindicación dos pobos diferenciados" /171/, "o pior é que no entanto había outros homes... que se adicaban â sementeira de ideias demagóxicas, *incirrando* con falsas promesas o egoismo labrego" /203/. A forma que emprega Castelao é unha variante do máis común *encirrar*. Este verbo é moi empregado, con numerosas variantes, en toda Galicia con significado concreto de 'incita-los cans para que loiten entre si ou acomentan a alguén' (23), de onde pasou, no mesmo galego popular á acepción metafórica de 'incita-las persoas contra alguén ou contra algo' e xa no galego literario a 'fomentar unha tendencia negativa da xente', que aparece no último exemplo dos citados. Neste caso, podemos aduci-la evolución semántica paralela dos correspondentes verbos castelán (*azuzar*) e portugués (*açular*). Non se pode descartar que na metaforización do galego *encirrar* influíse como modelo, consciente ou inconsciente, o castelán, co cal estariamos ante un novo exemplo de calco semántico.

Unha ampliación semántica similar a *encirrar* experimentouna o verbo *aguilloar*, moi corrente no galego popular (xunto coa súa variante *aguillar*) co significado de 'excita-los bois ou cabalerizas coa *aguillada* para que turren máis ou anden máis de presa'. É ben sabido que unha *aguillada* é unha especie de vara longa cunha punta de ferro nun extremo, que se utiliza especialmente pinchando

(23) De camiño, sinalemos que nalgures tamén se emprega *empurrar* na mesma acepción. Ver GVGH 299.

esta punta nos animais de tiro ou carga. Pois ben, desta acepción tan concreta e relacionada coa vida labrega, a verba pasou ás acepcións próximas a 'incitar', 'animar', 'estimular' (24), e como tal aparece no exemplo de *Sempre en Galiza*: "asistimos ao rexurdimento de moitas nacionalidades europeas, *aguilloadas* por novas doutrinas políticas" /319/. Hai que notar que os verbos correspondentes do portugués (*aguilhar, aguilhoar*) e do castelán (*aguijar, aguijonear*) experimentaron unha ampliación semántica similar. Así, CF I 91 ofrece un exemplo de *aguilhoar* como "estimular": "Valderas estava em Madrid, aguilhoando o representante de Portugal" (25).

Xustamente, en relación coa última acepción citada, imos comenta-lo uso das palabras *pulo, impulso* e *impulsar.* A acepción básica da primeira delas queda perfectamente clara neste exemplo do noso autor: "un paso atrás para dar o *pulo* e non fixen outra cousa que afincar os pés no chán" /247/. No galego popular, o substantivo *pulo* aparece correntemente na acepción, que acabamos de exemplificar, de 'brinco, movemento que consiste en erguerse de socato do chan para volver caer no mesmo ou noutro sitio', e mais noutra relacionada con ela, 'impulso, forza que se toma para realizar ese movemento' (26). Da extensión semántica, en senso abstracto, desta segunda acepción, como "forza espiritual ou estímulo que move a obrar", parte o uso favorito da palabra por Castelao en *Sempre en Galiza*: "[o gran Xelmírez] matou o *pulo* intuitivo de Galiza" /224/, "sóio dende a nosa Terra... se debía irradiar o *pulo* constitutivo da unidade hispana" /270/, "cada povo obedece ao *pulo* xenésico que o enxendrou" /276/, "a merma que [a emigración] nos causa en potencial económico, en enerxía social, en *pulo* creacionista" /417/. Aínda que o noso autor prefire a palabra popular *pulo* ó cultismo *impulso*, non refuga a utilización ocasional deste último (a frecuencia relativa é de 7 casos contra 3) nin do verbo da súa familia *impulsar*: "a nosa emigración paréceme o erro máis terrible que cometeu Galiza, si é que se trata d-un movimento conscente e non d-un *impulso* involuntario e fatal" /249/; "xustamente, o retraso do galeguismo, como forza política, debémollo talvez â incomprensión dos republicáns hestóricos, mudos, xordos e cegos ante un anceio vital que sóio por eles debía ser *impulsado*" /174/; "Galiza era un "feito" creado pol-a intelixencia e *impulsado* pola imaxinación" /202/. O senso dado polo galego literario ó substantivo patrimonial *pulo* é un exemplo afortunado e aínda plenamente vixente de aproveitamento do léxico patrimonial na constitución da norma léxica do galego culto. A solución figúrasenos completamente orixinal e sen paralelo en castelán (onde non existe unha palabra

(24) Coido que o primeiro diccionarista que acolle este senso figurado de *aguilloar* é Valladares (1884:13) "incitar". Xa Rosalía de Castro testemuñara un emprego metafórico da palabra en *Follas Novas* 86: "aguillóame a impacencia".

(25) Pode ser sintomático que outra vez o exemplo estea tirado da obra de Camilo Castelo Branco, autor do que tamén se tira o exemplo para ilustra-lo emprego do adxectivo *aguilhoado*. ¿Gusto do escritor polo léxico popular? ¿Influencia da súa orixe miñota? ¿Simple casualidade?.

(26) De feito, no VVGH 583 ofrécese documentación lixeiramente máis abundante para a segunda acepción (documentada en Cabalar, Compostela e Castro Caldelas) ca para a primeira (rexistrada no Grove e na Mezquita). En todo caso, seméllame evidente que é palabra de uso estendido en ambas a dúas.

evidentemente próxima, e se recorreu ó cultismo *impulso* (27)) nin no portugués (lingua na que *pulo* soamente adquiriu o senso abstracto de "pulsaçâo violenta; agitaçâo", ben distante da do galego). Case sinónimo a *impulso* é o substantivo *empuxe*, empréstito do castelán, actualmente rexeitado, que Castelao emprega unha vez na nosa obra: "Parecía natural que se tratase de amolecer o *empuxe* das tropas que procedían de Galiza" /188/. Podemos asegurar que o escaso uso desta palabra se explica pola similitude coa castelá *empuje* (conforme á cal coidamos que se derivou en galego do verbo *empuxar*) e pola concorrencia dun sinónimo, *pulo*, investido do prestixio do enxebrismo.

Cos significados vehiculizados por *pulo* e *impulso* están relacionados os do substantivo *azos*. Esta aparece habitualmente na expresión *ter azos para* (detectei 13 ocorrencias desta construcción): "se os povos hispanos *teñen azos para* rexurdiren e reclamaren a súa soberanía..." /29/, "aínda que, individualmente, os galegos *teñan azos para* redimírense da miseria..." /30/, "se Galiza che parez pequena é que non *tés azos para* concebir nada grande" /93/. Nestes exemplos, o sentido é claramente 'ter forza ou presencia de ánimo abonda para actuar', 'ser capaz de', 'ser quen de'. Pero a nosa palabra pode aparecer noutros contextos, concretamente coas preposicións *con* (1 ocorrencia) e *sen* (3 ocorrencias), relacionadas ámbalas dúas coa noción de 'ter': "os republicáns combatían directamente os egoísmos materialistas do outro bando, *sen azos* para contrarrestaren a campaña patrioteira" /154/; "síntome *con azos* para escribir" /227/. Tamén aparece na expresión *dar azos* (2 ocorrencias), co significado 'dar ánimos', 'dar pulo': "Endexamáis *demos azos* ao povo sen estarmos ateigados de espranzas" /33/; "o recoñecimento do feito galego *darían os azos* para entablar despóis outras demandas" /404/. Finalmente, de xeito ocasional, *azos* pode aparecer como obxecto doutros verbos: "Os povos perguiceiros ou anémicos recobrarían folgos e *azos* co simple exercicio da autonomía" /205/ (28). Esta palabra, aínda viva e de orixe un tanto enigmática, que xa comentou o noso ilustre homenaxeado (29), está documentada en galego desde o s. XVIII. A probable forma correspondente en portugués, empregada habitualmente en singular, *azo*, está aboada desde o s. XIV (30), pero ten un senso distinto "ensejo, meio, ocasiâo, pretexto" (CF I 346). Coidamos que na promoción culta do galego *azos*, á que sen dúbida contribuíu a preferencia que Castelao mostrou por ela (aínda que xa a usaba López Ferreiro), pouco ou nada ten que ve-lo portugués *azo*, e que, xa que logo, se pode considerar unha solución autónoma do galego.

(27) Aínda que o galego *pular*/*pulo* e o castelán *empujar*/*empuje* tivesen relación etimolóxica (extremo este lonxe de estar probado), esta relación non é en absoluto evidente para o falante, nin sequera para o culto.

(28) Noutras obras de Castelao atopamos "o desespero dos homes toma azos na Piedade" (ACPG, 164), "este caso orixinal de consagración préstalle azos â nosa creencia" (ACPG, 16). Outros exemplos e comentario da palabra pódese ver en García (1988:38-9). En portugués existe *azo* como "ensejo; meio; ocasiâo; pretexto... Jeito, causa" (CF I 346; NDLP 169 ofrece un exemplo de Camilo Castelo Branco). En galego, a palabra está documentada desde o s. XVIII, e xa López Ferreiro a usou na literatura.

(29) V. García (1988:38-9). O mesmo no VVGH 89 rexístraa en Compostela e Sobrado co senso de 'ánimo'.

(30) V. Machado I 362 e mais Cunha 1989:89.

En fin, para completar un pouco máis a visión deste campo semántico, aínda que sen pretensión de exhaustividade, ímonos referir a algunhas palabras do galego culto que compiten en desavantaxe coas devanditas, por cousa da súa semellanza formal co castelán: *alento, alentar; ánimo, animar.* A primeira aparece soamente en acepcións metafóricas, que a achega á serie que nos ocupa. Nun caso, ocorre co significado de 'espírito, enerxía inaprensible pero na que se percibe o ser íntimo de algo' -"nos Cancioeiros todo é zume da terra, celme da tradición, *alento* de ocultas orixens" /267/-, e noutro cun significado moi próximo ó que nos interesa neste momento, de 'forza, principio que dá vigor ou fortaleza a alguén ou algo': "[O Concello rural de Galiza] carece de *alento* vital" /117/. O verbo *alentar* pode estar relacionado coas dúas anteriores acepcións: en primeiro lugar, como 'producir certa cousa ou actividade como manifestación de enerxía' -"[Galiza] tradicionalmente ven *alentando* un dereito peculiar" /387/-, en segundo lugar, como 'animar, infundir vigor a algo ou a alguén' ou 'fomentar un sentimento': "debemos prepararnos para defender e *alentar* ese propósito" /60/, "... na imprudencia que cometen... *alentando* egoismos, inxusticias e xenreiras" /23/ (31). Ocasionalmente, tamén aparece o verbo *animar* aparece co sentido de 'infundir vigor' ou 'comunicar un sentimento positivo': "Cando nós sexamos vellos iremos ver o traballo dos mozos e *animarémolos* coa nosa ledicia" /19/ "conste que o noso federalismo xurde dos sentimentos democráticos e liberaes que *animan* o noso credo" /319/.

A palabra *folgo* sufriu unha evolución semántica moi similar a *alento* e en certa maneira paralela a *arela*. O seu significado de partida é 'alento, aire que se bota dos pulmóns ó respirar': "Os vellos republicáns ficaron ...ensumidos no murriñoso ambente dos Concellos municipaes, a ceibaren o derradeiro *folgo* neste brado terrible" /172/. De aí, o seu plural *folgos* pasou a empregarse como 'ánimo, capacidade para emprender esforzos físicos ou intelectuais': "Os pobos preguiceiros ou anémicos recobrarían *folgos* e azos co simple exercicio da autonomía" /205/. (De camiño, nótese neste último exemplo a intensificación conseguida polo emprego dos sinónimos *folgos* e *azos*). Nas dúas acepcións aparece na expresión moi usual *ter folgos*: "E na hora fatal da súa agonía aínda *ten folgos* para berrar" /283/; "se aínda *temos folgos* para obedecermos ao mandado da Natureza" /27/, "o ser nacional de Galiza era poderoso e *tiña folgos* de sobra para imporse ao resto de Hespaña" /278/. O substantivo portugués correspondente, *fôlego*, percorreu un camiño moi similar na extensión do seu significado, pero posúe acepcións descoñecidas en galego ("folga, tempo de descanso"). Con todo, dado que a metaforización do substantivo non se debe ó seu emprego no galego literario, senón que está arraizada no galego popular (32), podemos asegurar que a pasaxe da acepción de "alento" á de "ánimo" é proceso independente no galego e no portugués.

(31) Compárese este último exemplo con "*incirrando* ... o egoismo labrego" que se cita un pouco máis atrás.

(32) Así, GVGH 370 ofrece unha documentación moi abundante de *folgo* como "ánimo" en localidades espalladas por boa parte de Galicia: Compostela, Novefontes, Sobrado, Guitiriz, Friol, Guntín, O Burón, Suarna, Pantón e A Mezquita.

Recapitulando, na serie léxica que consideramos neste campo semántico, observamos: é probable que se aplicase o procedemento de calco sobre o castelán ós verbos *empurrar, encirrar* e *aguilloar* e mais ás verbas *alento* e *alentar*; habilitáronse de xeito autónomo os substantivos *azos, folgo e pulo* dando entrada na lingua culta a tres palabras populares, a primeira de uso restrinxido, a segunda e a terceira de circulación ampla, pero mentres a segunda xa posuía a acepción abstracta no galego popular, a terceira experimentou unha ampliación semántica moi notable; introduciuse, en tímida concorrencia coas palabras anteriores, o cultismo *impulso* (e mailo verbo correspondente, *impulsar*), e ocasionalmente aparece o castelanismo *empuxe*. A fin de contas, queda configurada unha serie léxica bastante orixinal, en comparación coas correspondentes castelá e portuguesa, pero non moi arredada destas, especialmente da do portugués.

6. Afincar(se)

Unha aportación de Castelao que non semella ter prendido no léxico culto do galego actual é o emprego do verbo *afincar(se)*, rexendo a preposición *en*, no sentido de 'apoiar(se) en', 'fundar(se) en': "nesta indiscutible verdade *afincamos* o noso anceio e a nosa espranza" /296/, "os nosos aristócratas *afincan* o seu orgulo de caste en papeis vellos" /30/; "o autor en que nos *afincamos*" /53/, "Castela *afincouse* en conceptos errados" /283/. Tamén aparecen os seus derivados o adxectivo *afincado* -"un novo Estado español... *afincado* en realidades nacionaes" /296/- e o substantivo *afincamento* -"[o centralismo aitual de Hespaña está] sen puntos de *afincamento* nin forza de escola" /280/. Este verbo é preferido de lonxe a *basar(se)*: "o ser político, que se *basa* na vontade dos homes" /294/, "...convenios, en que *se* pode *basar* a paz permanente de Hespaña" /158/. No mesmo senso tamén aparece *fundar(se)*: "os señoritos *fundan* o seu orgulo reseso [no separatismo de caste]" /23/; "non se pode *fundar* ningunha reivindicación nacional... invocando caraiterísticas de raza" /41/. Cun uso máis restrinxido, aparecen *descansar* -"un país soio é nación cando *descansa* sobor de bases firmes" /281/- e *repousar* -"faltáballe a Portugal a seguridade e garantia que... sóio *repousa* na propria forza" /339/. Desta serie de verbos que se empregan como sinónimos na acepción sinalada, ímonos fixar en *afincar(se)* e a súa familia léxica, pois coidamos que desde o noso punto de vista os demais non merecen máis comentario.

Con *afincar(se)*, tan do gusto do noso autor, está relacionada outra forma, *sofincar*, que foi tentada por Otero Pedrayo nun senso moi similar. No caso de Otero Pedrayo (imos utiliza-lo seu romance *A Romeiría de Xelmírez*, Santiago, 1934), pártese do substantivo *sofinco* 'especie de puntal ou apoio; especialmente, cuña que se utiliza para inmobilizar un obxecto' (ER III, 338) co senso inmaterial de 'apoio': "o Papado procurará o *sofinco* temporal que o Imperador non lle pode prestar" /260/. Paralelamente, o verbo correspondente, *sofincar*, que primitivamente significa 'acuñar, calzar un moble, carro, etc., poñerlle forras para que se non mova' (ER III 337), pasa a adopta-lo sentido xenérico de 'apoiarse': "No nome de Zebedeu non pode *sofincare* o brilo orgoloso de uha eirexe cismática /223/. A partir deste verbo, créase o derivado *sufincamento*: "poidera citárvos

moitos sabedentes latinorios en *sufincamento* de ista téses" /35/. Entrambas verbas, *afincar* e *sofincar*, teñen relación co verbo *fincar*, de ampla circulación no galego popular, especialmente no senso de 'introducir algo ou a punta de algo nun sitio, facendo presión; facer presión coas mans ou outra parte do corpo' (ER I 74), e mais (xunto ca variante *afincar*) de 'afianzar, facer que algo que abaneaba ou ameazaba caer estea máis seguro' (GVGH 367). Coidamos que tanto a tentativa de extensión semántica de Castelao de *afincar*, coma a de Otero Pedrayo *sofincar*, non tiveron acollida no galego culto, e polo de agora, que saibamos ningún escritor as retomou. Estamos, xa que logo, perante tentativas fanadas de anovamento do léxico a través dos mecanismos de derivación e metaforización.

7. Abalar

Nos parágrafos precedentes, levamos contemplado casos abondos de ampliación do significado de palabras galegas por medio do calco semántico realizado sobre as palabras correspondentes do castelán. Aínda que son menos frecuentes, tamén queremos mostrar algún exemplo de calco semántico realizado sobre o portugués. Tomaremos dous verbos que aparecen na nosa obra: *abalar* e *abultar*. A primeira é unha palabra de uso moi estendido en galego co sentido de 'sacudir ou facer tremer unha árbore, a unha persoa ou unha cousa', que emprega Castelao en varios lugares. En *Sempre en Galiza*, sen embargo, aparece con moita frecuencia co sentido translaticio de 'conmover, impresionar, causar unha forte emoción en alguén': "Esa España inconcrusa, unitaria e centralista... mal pode *abalar* o noso corazón de galegos" /330/. Dado que non atopamos esta acepción nos diccionarios galegos e, aínda que non excluímos totalmente a posibilidade de que a metaforización se realizase independentemente no galego literario, pensamos que é máis probable que a acepción abstracta lle viñese a *abalar* a partir dun calco do verbo homónimo portugués, moi adoitado no significado de "impresionar, conmover". Así e todo, cabo deste, Castelao seguiu empregando o verbo *conmover*: "o que *conmoveu* ao Goberno provisional..." /167/. No galego actual, penso que neste senso *abalar* ten unha circulación bastante escasa, polo que podemos falar dunha tentativa fanada do noso autor.

8. Abultar

En canto a *abultar*, que no galego común se utiliza coa acepción de 'ser unha cousa voluminosa; formar vulto-unha cousa', aparece na nosa obra cunha acepción tirada directamente do portugués *avultar* (por certo, diremos de camiño que está a grafía con uve é a proposta modernamente en galego), a de 'salientar, destacar, pór de relevo': "o que agora compre *abultar* é que..." /450/. Igualmente se utiliza *pór(se) de bulto*: "eu quero *pór de bulto* algunhas consideracións" /158/, "... na diferenciación catalana, galega e vasca, *ponse de bulto* a súa fanada obra [de Castela]" /282-3/. Conforme nós entendemos, estes empregos de *avultar* e *pór de vulto* a penas tiveron continuación no galego actual. Hoxe en día empregamos *pór de relevo* e *destacar* e mailos probables portuguesismos (totalmente admitidos e de

circulación normal) *salientar* e *sobrancear*. O ilustre rianxeiro non utiliza, polos datos que temos, ningunha das formas ultimamente citadas.

9. Creto

Outro exemplo de tentativa fanada de extensión semántica dunha palabra patrimonial témola no emprego que o noso autor, coma a maioría dos escritores anteriores e contemporáneos a el, fai do substantivo *creto*. O sentido desta palabra no galego popular é o de 'reputación, boa fama, boa consideración social', como aparece ocasionalmente na nosa obra: "o comentarista político de máis *creto* en Inglaterra" /157/, "ninguén soupo *dar* sona e *creto* internacional ás nosas reivindicacións" /139/. A partir de aí, aparece adoito na expresión *dar creto a* 'acabar de crer, conceder veracidade a': "[cando un galego traspón a fronteira portuguesa] non *dá creto* ás arbitrariedades da política" /45/. Pero onde fallou Castelao (que nisto segue unha tradición bastante afincada no galego culto) foi no emprego especializado desta palabra no eido económico, como 'cantidade que alguén ten dereito a cobrar como acredor', para o que se recomenda hoxe o latinismo *crédito*, tomado no portugués e no castelán do italiano, e destas linguas para o galego (33).

10. Estar abocado a...

Unha exemplo do grao de modernidade da lingua empregada no *Sempre en Galiza* é o uso da expresión *estar abocado a*: "estamos fatalmente *abocados* a un período de iniciación; comezo dunha nova volta" /248/. Non sabemos de onde terá tirado Castelao este neoloxismo, aínda que supomos que o castelán puidera terlle servido de inspiración. En galego e mais en castelán o verbo *abocar* ten o sentido básico de 'aproxima-la boca de dous recipientes para verte-lo contido dun no outro', do cal doadamente se deriva o uso que comentamos. O curioso é que aínda nos diccionarios casteláns de hoxe non se recolle esta acepción: o que máis se aproxima e o de MM I 10 "*Abocado*. 'Expuesto' a un peligro inminente".

11. Adonarse

Outro calco do castelán, que polo que sabemos non tivo maiores repercusións no galego culto, é a derivación do verbo *adonarse* a partir de *dono*, segundo o patrón do castelán *dueño-adueñarse*: "[os nacionalistas galegos imos] *adonarnos* axiña do presente" /360/. O neoloxismo soa realmente chocante, e iso explica o seu pouco éxito ulterior.

(33) A forma *creto* tamén existe en portugués, segundo informan Machado II 248 (dáo como forma diverxente popular de *crédito*, sen especifica-la acepción) e CF I 757, quen sinala "*Pop[ular]*. O mesmo que *crédito* [sobreenténdese nas acepcións 'ampla', relacionada coa credibilidade persoal, e mais na acepción bancaria especializada]" e aboa a forma novamente cun exemplo de Camilo Castelo Branco: "ora um homem sempre se atriga de casar com mulher de maus *cretos*".

12. Aillar, aillamento

Un exemplo claro de palabra formada en galego segundo as pautas do castelán témola con *aillar* e *aillamento*, formados sobre o substantivo *illa* conforme ó castelán *isla-aislar-aislamiento*. Para os mesmos conceptos o portugués ten vacilado entre os latinismos *insular* e *insulaçâo* e os francesismos *isolar, isolamento* (CF II 128, 154), e só recentemente se impuxeron estes últimos. Vexamos algúns exemplos do emprego que destas verbas, carimbadas por el mesmo ou por algún coetáneo, fai o noso autor: "non hai maneira de *aillar* o noso problema" /247/; "o que non quedará en pé é a ideia hespañola de independencia absoluta, de *aillamento* do mundo" /214/. Aínda que *isolar* e *isolamento* teñen circulación no galego culto actual, as formas máis frecuentes continúan as se-los neoloxismos autónomos *illar, illamento*, sen o *a-* inicial que as fai excesivamente semellantes ó castelán, pero a fin de contas inventados pola Xeración *Nós*.

BIBLIOGRAFIA

A) Antoloxías e obras literarias referidas

Álbum de la Caridad, Hospicio Provincial, A Coruña, 1862.

Cabanillas, R.: *Da Terra Asoballada,* Galicia Nueva, Vilagarcía, 1917.

Cantigas de Santa María (ed. por L. de Cueto), 2 vols., Real Academia Española, 1889.

Castro, R. de: *Cantares Gallegos*, Vigo, J. Compañel, 1863.

———: *Follas Novas*, La Ilustración Gallega y Asturiana, Madrid, 1880.

Corónica de Santa María de Iria (ed. por J. Carro), Padre Sarmiento, Santiago, 1950.

Corónica Troyana (ed. por A. Martínez Salazar), A Coruña, 1900.

Curros Enríquez, M.: *Aires da miña terra*, Latorre y Martínez, La Coruña, 1886 (3ª).

———: *O divino sainete*, Ed. do Castro, A Coruña, 1969.

———: *Obras Completas*, Aguilar, Madrid, 1979 (ed. preparada por Carlos Casares).

Iglesia, A. de la: *El Idioma gallego. Su antigüedad y vida*, 3 vols., Latorre y Martínez, A Coruña, 1886.

Lamas Carvajal, V.: *Dez cartas ós gallegos*, José M. Ramos, Ourense, 1875.

———: *Saudades Gallegas*, La Propaganda Gallega, Ourense, 1880.

———: *Gallegada, tradicións, costumes, tipos e cantos da terriña*. El Eco de Orense, Ourense, 1887.

Otero Pedrayo, R.: *A Romeiría de Gelmírez*, Nós, Santiago, 1934.

Pintos, J. M.: *La gaita gallega*, José y Primitivo Vilas, Pontevedra, 1853.

Pondal, E.: *Queixumes dos pinos*, Latorre y Martínez, A Coruña, 1886.

Rodríguez Castelao, A. D.: *As Cruces de Pedra na Galiza*, Nós, Buenos Aires, 1950.
———: *Sempre en Galiza*, Centro Gallego, Buenos Aires, 1961 (2^a).

B) Diccionarios citados

ACL = Academia das ciencias de Lisboa: *Dicionário da Língua Portuguesa*, vol I, Imprensa Nacional-Casa da Moeda, Lisboa, 1976.
Boaventura (1950) = Boaventura, M.: *Vocabulário Minhoto*, Bracara Augusta, Braga, 1950.
CF = Figueiredo, C.
Costa, J. Almeida & Melo, A. Sampaio e: *Dicionário da Língua Portuguesa*, Porto Editora, Porto, 1979 (5^a ed.).
Cunha (1989) = Cunha, A. G. da: *Dicionário Etimológico Nova Fronteira da Língua Portuguesa*, Editora Nova Fronteira, Rio de Janeiro, 1989 (3^a impr. da 2^a ed.).
Cuveiro Piñol, J.: *Diccionario gallego,* Barcelona, N. Ramírez, 1876.
ER = Rodríguez González, E.
Ferreira, Aurélio Buarque de Holanda: *Novo Dicionário da Língua Portuguesa*, Nova Fronteira, Rio de Janeiro, 1975.
Figueiredo, C.: *Grande Dicionario da Língua Portuguesa*, 2 vols., Livraria Bertrand, Lisboa, 1939 (16^a ed.).
Filgueira (1926) = Filgueira Valverde, X. F. & *alii*: *Vocabulario popular Galego-castelán*, El Pueblo Gallego, 1926.
Gonçalves (1966) = Gonçalves, F. Rebelo: *Vocabulário da Língua Portuguesa*, Coimbra Ed., Coimbra, 1966.
Irmandades da Fala: *Vocabulario Castellano-Gallego*, A Coruña, 1933.
Machado = Machado, J. P.: *Dicionário Etimológico da Língua Portuguesa*, 5 vols., Livros Horizonte, Lisboa, 1977 (3^a ed.).
MM = Moliner, M.: *Diccionario de uso del español*, 2 vols., Gredos, Madrid, 1986.
Moraes e Silva, A.: *Dicionario Ethimologico da Lingua Portugues*, Lisboa, 1823.
NDLP = Ferreira, Aurélio Buarque de Holanda.
Rodríguez, F. J.: *Diccionario Gallego-castellano*, La Galicia, A Coruña, 1863.
RAG = Real Academia Gallega: *Diccionario Gallego-Castellano*, Imprenta y Fotograbado de Ferrer, A Coruña, 1913.
Rodríguez González, E.: *Diccionario Enciclopédico gallego-castellano*, 3 vols., Galaxia, Vigo, 1980 (facsimilar da 1^a ed., Vigo, 1958-1961).
Valladares (1884) = Valladares, M: *Diccionario Gallego-Castellano*, Seminario Conciliar, Santiago, 1884.

C) Outros repertorios léxicos e estudios

Boullón Agrelo, A. I.: *Contribución ó estudio do léxico de Valentín Lamas Carvajal (A-D)*, Memoria de Licenciatura inédita, Santiago, 1986.

Fernández González, J. R. (1981): *El habla de Ancares (León)*, Universidade de Oviedo Oviedo, 1981.

García (1985) = García González, C.: *Glosario de voces galegas de hoxe*, La Voz de Galicia, Santiago, 1985.

García (1988) = García González, C.: *Retrincos da Lingua*, La Voz de Galicia, A Coruña, 1988.

García González, C.: *Cartafol da lingua*, A Coruña, (en prensa).

GVVH = García González, C.: *Glosario....*

González Seoane, E.: *Textos galegos de mediados do século XIX. Glosario do Álbum de la Caridad (A-D)*, Memoria de Licenciatura inédita, Santiago, 1986.

Instituto da Lingua Galega & Real Academia Galega: *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*, Vigo, 1983.

———: *Vocabulario Ortográfico da Lingua Galega (versión provisional)*, 2 vols., edición policopiada, s.d.

Lorenzo Vázquez, R.: *La traducción gallega de la Crónica General y de la Crónica de Castilla. II Glosario*, Padre Feijóo, Ourense, 1977.

Meier (1982) = Meier, H.: "La posición del gallego en la etimología románica", *Tradición, futuro e actualidade do galego*, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 1982; pp. 99-105.

Otero (1967) = Otero, A.: *Contribución al diccionario gallego*, Galaxia, 1967.

Otero (1977) = Otero, A.: *Vocabulario de San Jorge de Piquín*, Verba, Santiago, 1977.

Pensado (1980) = Pensado, J.L.: "Aportaciones a la historia de *ceibar* y *ceibe* en portugués", *Verba* 7 (1980), pp. 41-9.

RL = Lorenzo Vázquez, R.

Rúa Ferradas, M.C.: *A lingua de Curros Enríquez. Glosario (A-E)*, Memoria de Licenciatura inédita, Santiago, 1986.

Santamarina (en prensa) = Santamarina A.: "Lingua galega: norma e estándar", aparecerá publicado no *Lexikon der Romanistik Philologie*, vol. VI, Tübingen (en prensa).

Sobreira, Fr. J.: *Papeletas de un diccionario gallego. I* (ed. por J. L. Pensado), Padre Feijoo, Ourense, 1979.

Stewart (1968) = Stewart, W.A.: "A Sociolinguistic Typology for Describing National Multilingualism", en J. A. Fishman (ed.), *Readings in the Sociology of Language*, Mouton, The Hague, 1968; pp. 531-45.

La trayectoria y el origen del pleonasmo en la expresión concesiva del castellano medieval y clásico

EMILIO MONTERO CARTELLE

- **ciarta** (certa) < CĔRTAM.
- **cierne** (cerne) deriv. de CĔRNĔRE (1)
- **cubiarta** (cuberta) < COOPĔRTAM.
- **diamo** (demo) < DAEMON.
- **dies** (dez) < DĔCEM.
- **fiara** (fera) < FĔRAM.
- **fiasta** (festa) < FĔSTA.
- **fiebre** (febre) < FĔBREM.
- **hiarra** (guerra) < WĔRRA (2)
- **hriata** (greta) < CRĔPTA.
- **iarba** (herba) < HĔRBAM.
- **liebre** (lebre) < LĔPOREM.
- **miarda** (merda) < MĔRDAM.
- **miel** (mel) < MĔL.
- **niáboa** (néboa) < NĔBULAM.
- **niáboda** (néboda) < NĔPETAM.
- **niata** (neta) < NĔPTAM.
- **piadra** (pedra) < PĔTRAM.
- **piarna** (perna) < PĔRNAM.
- **piarto** (3) (preto) < PRĔTTU.
- **piaza** (4) (peza) < PETTIA.
- **pié** (pé) < PĔDEM.
- **piel** (pel) < PĔLLEM.
- **pieste** (peste) < PĔSTEM.
- **priasa** (présa) < PRĔSSA.
- **riacua** (recua) < RĔKBA (do ár. RÅKBA).
- **siarra** (serra) < SĔRRAM.
- **siasta** (sesta) < SĔXTA (HORA).
- **siete** (sete) < SĔPTEM.

(1) S. Buschmann, *Beiträge zum etymologischen Wörterbuch des Galizischen (A-F)*, s.v. *CERNERE*.

(2) Segundo J. Corominas & J.A. Pascual, *Diccionario Crítico Etimológico Castellano e Hispánico*, s.v. *Guerra*, vén do xermánico oc. Ĕ > ϵ, e así foi como pasou ó lat. vulg.

(3) No portugués, a forma *preto* pasou a *perto* por metátese. Esta última forma, aínda que escasamente, tamén se rexistra no galego.

(4) O timbre aberto da vocal tónica mantense en galego sen inflexionar polo iode primeiro. Véxase o indicado por J.L. Couceiro Pérez, *El habla de Feás*, Anexo 5 de *Verba*, Santiago, 1976, p. 40, ou M. Taboada Cid, *El habla del valle de Verín*, Anexo 15 de *Verba*, Santiago, 1979, p. 61.

- **tiarra** (terra) < TĔRRAM.
- **viello** (*S*) (vello) < VĔCLU (< VETULUM).

Ademais destas palabras tamén ditongaron outras, como por exemplo as rematadas en -*ϵla* (<-ELLAM):

- **amariala** (amarela) < AMARĔLLAM.
- **cadiala** (cadela) < CATĔLLAM.
- **canciala** (cancela) < CANCĔLLAM.
- **caniala** (canela) < CANNĔLLAM.
- **Fontiala** (Fontela, top.) < FONTANĔLLAM.
- **taramiala** (tarabela) <TRABĔLLAM.

E moitas máis: **centiniala** (do it. *sentinella*), **apalpadiala** (apalpadela), **frehadiala** (fregadela), **lambediala** (lambedela), **picadiala** (picadela), **trabadiala** (trabadela), etc.

2.2. Excepcións á regra anterior

2.2.1. Alteración do timbre de ϵ por influxo metafónico de -o final

Nalgúns sustantivos e adxectivos o [ϵ] mudou para [e] por influxo metafónico do -*o* final, e por esta razón hai moitas palabras que non ditongaron a pesar do seu *AE, É* etimolóxico:

medo < MĔTUM	*morceho* < MURE(M) CAECUM
testo < TĔSTUM	*esterco* < STĔRCUS

E tamén outras rematadas en -*elo* (<-ĔLLUM):

canelo < CANNĔLLUM	*cotobelo* < *CUB(I)TUBĔLLUM
nobelo < *GLOBĔLLUM	*xerelo* (xurelo) < SAURĔLLUM

De tódolos xeitos, como a metafonía de -*o* sobre ϵ non actuou con moita regularidade (6), hai moitas outras palabras que si ditongaron.

(5) Os efectos dun iode segundo sobre a vocal tónica ϵ foron constantes *(tella, rella...)*, coa única excepción de *viello* (vello). A súa ditongación noutros dominios románicos tamén suscita dificultades de interpretación. Para R. Menéndez Pidal, *Manual de gramática histórica española*, Espasa-Calpe, Madrid, 1980[16], p. 57, a forma *viejo* no castelán debe ser por influxo do leonés ou aragonés, dialectos que si ditongaron ante iode (leonés: *vieyo*, aragonés: *viello*). En cambio, para J. Corominas & J.A. Pascual, *D.C.E.C.H.*, s.v. *Viejo*, a razón está en que o *Ĕ* debeu ditongar antes de que o grupo *CL* tivese tempo de palatalizar e actuar como tal no castelán ou no catalán.

Quizais para explica-la súa ditongación nesta fala poidamos partir dunha base *vello*, con timbre etimolóxico sen alterar por tratarse dunha excepción o grupo *cl*, tal como o explica E. Williams, *Do latim ao portugês. (Fonologia e morfologia históricas da língua portuguesa)*, Tempo Brasileiro, Río de Janeiro, 1975[3], p.45.

(6) No portugués, segundo S. Da Silva Neto, *História da Língua portuguesa*, Presença/Mec, Río de Janeiro, 1979[3], pp. 195-196, o ϵ sen inflexionar en moitas palabras podería explicarse por influencia dun *r* ou *l* seguintes ou ben por analoxía cos seus respectivos femininos. Da mesma opinión é J. Inés Louro, "Metafonia do *e* tónico en Português", en *Boletim de Filologia*, XVIII, Lisboa, 1959, p.

- **abiarto** (aberto) < APĔRTUM.
- **cubiarto** (cuberto) < COOPĔRTUM.
- **ciarto** (certo) < CĔRTUM.
- **fiarro** (ferro) < FĔRRUM.
- **infiarno** (inferno) < INFĔRNUM.
- **inviarno** (inverno) < HIBĔRNUM.
- **mialro** (merlo) < MĔRULUM.

E igualmente outras rematadas en *-elo* (< -ĔLLUM):

- **amarialo** (amarelo) < AMARĔLLUM.
- **castialo** (castelo) < CASTĔLLUM.
- **cutialo** (coitelo) < CULTĔLLUM.
- **martialo** (martelo) < MARTĔLLUM.
- **xanialo** (xanelo) < IAN(U)ĔLLUM.

2.2.2. Resultados de є trabado por nasal

Ó igual que nunha grande parte do galego, nesta fala o [є] etimolóxico pasou a [e] dunha maneira constante por causa do influxo dunha consoante nasal implosiva:

cento < CĔNTUM	*dente* < DĔNTEM	*facenda* < *FACĔNDA (7)
pemento < PIGMĔNTUM	*merenda* < MERĔNDAM	*semente* < SEMĔNTEM
tempo < *TĔMPUM	*tenda* < TĔNDAM	*testamento* < TESTAMĔNTU
renda < *RĔNDITA	*valente* < VALĔNTEM	*vento* < VĔNTUM

E en moitos outros sustantivos e adxectivos rematados en *-ento(a): famento, ferramenta,* etc.

Con todo, hai uns cantos casos que presentan ditongación do є ante consoante nasal, pero hai que sinalar que veñen coincidindo cos que no galego común manteñen o timbre aberto do [є] ante esta consoante. Estas excepcións poden explicarse:

- Por ser producto dunha contracción:

riente < r**є**nte < reente < raente < RADĔNTE
quiente < qu**є**nte < queente < caente < CALĔNTEM

- Por tratarse dalgúns pronomes ou adverbios que son máis reacios a calquera tipo de influxo:

alhián < algu**є**n < ALIQUĔM
quian < qu**є**n < QUĔM
tamián < tam**є**n < TAM BĔNE
bian < b**є**n < BĔNE

110. De tódalas maneiras, o influxo dun *r* ou *l* seguintes parece relativo, posto que hai casos coma *esterco* que, nas mesmas condicións, si sufriu o influxo metafónico de *-o*. O que si é de destacar é que os casos que presentan ditongo nesta fala veñen coincidindo cos que manteñen o є sen inflexionar no galego (*cad**є**lo, coit**є**lo*, etc.). Cf. J.L. Couceiro, *op. cit.*, p. 42 ou M. Taboada, *op. cit.*, p. 59.

(7) Segundo S. Buschmann, s.v. *FACIENDA.*

- Ou formas verbais que non foron afectadas pola consoante nasal:

vian < vɛn < VĔNIT **tian** < tɛn < TĔNĒT

2.3. Ditongacións a partir dun ɛ non etimolóxico

Nesta fala tamén aparecen ditongadas outras palabras que poden ser explicadas tendo en conta os resultados fonéticos que se dan a nivel galego.

2.3.1. Ditongación dun [ɛ] secundario producto dunha contracción vocálica

- **miestre** < mɛstre < MAGĬSTER
- **coriasma** < corɛsma < quareesma < quaraesma [< QUADRAGĒSĬMA]

E os numerais seguintes:

- **corianta** < corɛnta < quareenta < quaraenta < QUADRAGĬNTA
- **sesianta** < sesenta < seseenta < sesaenta < SEXAGĬNTA
- **setianta** < setɛnta < seteenta < setaenta < SEPTUAGĬNTA
- **novianta** < novɛnta < noveenta < novaenta < NOVAGĬNTA [<NONAGĬNTA]

Tamén podemos incluír neste apartado o caso de *fie* (fe), se consideramos como indica J. Nunes (8) que o [ɛ] aberto é resultado dunha crase: *fee* > *fɛ*.

2.3.2. Outras ditongacións a partir dun [ɛ] non etimolóxico

Ademais dos casos citados anteriomente, hai outras formas con ditongo nesta fala que poden ser explicadas se temos en conta que algúns vocábulos rematados en *-a* mudaron o timbre do *é* etimolóxico por influxo metafónico (9). É o caso de:

iala < ɛla < ela < ĬLLAM
aquiala < aquɛla < aquela < ACCU ĬLLAM
bodiaha < bodɛga < APOTHĒCAM
boniaca (~ **moniaca**) (10) < monɛca < BONNĬCA
miada < mɛda (11) < meda < MĒTAM

(8) J.J. Nunes, *Compêndio de gramática histórica portuguesa. Fonética, Morfologia*, Livraria Clássica Ed., Lisboa, 1969⁷, p. 47.

(9) O influxo metafónico dun *-a* final é unha das explicacións que se dan para a abertura antietimolóxica do *e* (e tamén do *o*) nalgúns vocábulos do galego e portugués, aínda que non tódolos estudiosos a aceptan como válida. Sexa cal sexa a causa desa mudanza de timbre, o que nos interesa neste caso é que as palabras que sufriron o cambio a nivel dialectal galego veñen coincidindo coas que ditongaron no goianés.

(10) Segundo J. Corominas & J.A. Pascual, *D.C.E.C.H.*, s.v. *Muñeca*. Con relación ó timbre desta palabra, só puiden consultar no *ALGa* o castelanismo *muñeca*, que se rexistra con [ɛ] practicamente en todo o galego.

(11) Segundo os datos consultados no *ALGa*, en falas próximas a esta *meda* ten timbre aberto.

2.3.3. Formas que presentan ditongo a teñen Ē, Ĭ no seu étimo

O ditongo nas palabras seguintes necesita unha explicación independente en cada caso, pero é de destacar que en todos eles podemos partir dunha realización [ɛ] segundo se rexistra a nivel galego:

- **nieve** (neve) < NĬVEM. Polo seu timbre aberto no galego e portugués e o seu tratamento noutros dominios románicos hai que partir dunha base **nɛve* lat. vulg., probablemente por influxo de NÉBULA (12).
- **bierce** (berce) < *BERTĬUM. A forma *bɛrce* rexistrada con timbre aberto no galego (13) pode deberse ó influxo do *r* seguinte sobre a vocal.
- **criado** (credo) < CRĒDO. O ditongo nesta fala pode explicarse a partir da forma *crɛdo* con timbre aberto en galego, igual que outros latinismos e cultismos introducidos pola Igrexa.
- **criaho** (crego) < CLĒRICUM. A forma *crɛgo* tamén permite explica-lo resultado con ditongo nesta fala.
- **lierme** (lesma) < *LĬMACE. A ditongación pode explicarse a partir de *lɛsme ~ lɛrme,* con timbre aberto segundo rexistramos (14).
- **papiel** (papel) do cat. *paper* (< PAPYRUS). O ditongo pode exlicarse a partir de *papɛl,* con timbre aberto no galego por analoxía con outras palabras rematadas en *-ɛl.*
- **perrexiel** (perexil) do prov. *peresilh* (do gr. petrosélinon). Igual ca no caso anterior, podemos partir dunha forma rematada en *-ɛl* con timbre aberto (*pirixɛl* e outras variantes) (15).

2.4. Ditongación de castelanismos

Por tratarse de palabras de entrada moito máis recente, non podemos asegurar con certeza se se trata de ditongos analóxicos, por acomodación a outros resultados xa existentes en contextos semellantes, ou se en realidade sufriron a ditongación a partir dunha base con timbre aberto, do mesmo xeito ca outras palabras patrimoniais. Tal é o caso de:

- **ciahas** (cellas), nas falas máis occidentais do galego, esta palabra aparece documentada con timbre aberto, mesmo cando se trata dun castelanismo: *cɛllas, cɛhas, cɛxas* (16).
- **ieres** (es), o ditongo tamén se corresponde cunha realización [ɛ] no galego.

(12) J. Corominas & J.A. Pascual, *D.C.E.C.H.*, s.v. *Nieve.*
(13) Datos consultados no *ALGa.*
(14) *Ibidem.*
(15) *Ibidem.*
(16) *Ibidem.*

- **ochianta** (oitenta), pode tratarse dun ditongo analóxico do que aparece noutros numerais (cf. *corianta, sesianta, setianta* e *novianta*), ou ben dunha ditongación a partir de *och nta,* con timbre aberto no galego.

- **sartiàn** (sartén), neste caso estamos ante o mesmo problema pois o castelanismo *sarten* tamén se pronuncia con timbre aberto no galego, por analoxía con outros elementos léxicos rematados en *-n,* xa existentes nesta lingua.

2.5. Ditongación de formas átonas

Como as conxuncións son consideradas partículas átonas, atopámonos con dous casos que saltan as regras da ditongación só en posición tónica.

-ie ('e') < ĔT. A forma ditongada [jɛ] aínda que é moi frecuente, non é a única realización que se rexistra nesta fala. As razóns da súa ditongaciòn non está moi claras, pero quizais haxa que ter en conta que algunhas partículas son practicamente tónicas en determinadas posicións sintácticas (17).

-piero (pero) < PĔR HOC. A realización con ditongo non é a máis frecuente, pero as poucas veces que a rexistramos a conxunción ten un valor intensivo ou é usada para introducir un periodo oracional, relacionando o que xa se dixo co que se vai dicir. A súa ditongación pode deberse probablemente a unha maior tonicidade en determinados contextos.

2.6. Ditongacións no sistema verbal

O sistema verbal é o que mellor demostra como os resultados desta fala, a pesar da ditongación, non se afastan no esencial das solucións propias do galego común, tanto no que respecta á vocal temática coma á vocal radical.

2.6.1. A vocal radical (VR)

Os verbos regulares que teñen *e* como vocal radical presentan os seguintes resultados:

Primeira conxugación

Por unha parte, hai verbos que presentan alternancia entre as formas rizotónicas e arrizotónicas porque é un ditongo nas primeiras e [e] nas segundas. E, por outra, verbos que non a presentan ben porque a vocal radical é sempre un [e] ou hai un ditongo en todo o paradigma.

(17) Unha das características do leonés é a ditongación desta partícula considerada normalmente como átona. Para R. Menéndez Pidal, *op. cit.*, p. 337, a conxunción copulativa *ĔT* era en castelán xeralmente átona, pero tónica no leonés, de aí os ditongos *ye* ~ *ya*, e o mesmo en castelán primitivo cando se consideraba acentuada por estar xunto a un enclítico. L. López Santos opina en "La diptongación en leonés", *Archivum*, X, Oviedo, 1960, pp. 309-311, que a conxunción ĔT, xeralmente átona, pasaba a ser tónica en principio de frase ou cando ía repetida, e por iso no leonés houbo un dobre resultado: *ye* ~ *y*.

Nos verbos que presentan alternancia, as formas verbais rizotónicas que teñen a vocal *a* ou *o* en sílaba final (p1, p2, p3 e p6 do Pr. ind.) presentan a variante do ditongo [ja], e cando teñen a vocal *e* (p1, p2, p3 e p6 do Pr. subx. e p2 do Imp.), o resultado é [jɛ] ~ [jẹ].

LEVAR

INDICATIVO					
pres.	imperf.	perf.	plusc.	fut.	fut.pret.
l*ia*vo	levaba	levei	levara	levarei	levaría
l*ia*vas	levabas	levaste	levaras	levarás	levarías
l*ia*va	levaba	levou	levara	levará	levaría
levamos	levábamos	levamos	leváramos	levaremos	levaríamos
levais	levábais	levastes	levárais	levareis	levaríais
l*ia*van	levaban	levaron	levaran	levarán	levarían

SUBXUNTIVO		IMPERATIVO	FORMAS NOMINAIS
pres.	imperf.		
l*ie*ve	levase		inf. levar
l*ie*ves	levases	l*ia*va	
l*ie*ve	levase		xer. levando
levemos	levásemos		
leveis	leváseis	levai	part. levado
l*ie*ven	levasen		

Segundo o modelo de **levar** conxúganse outros verbos con AE, E no seu étimo: **atravesar, cehar, enterrar, hobernar, acertar, prestar, sehar,** etc. E o mesmo ocorre noutros que teñen Ē, Ĭ como **esperar** (< SPĒRARE), **frehar** (<FRĬCARE), **pehar** (<PĬCARE), **pensar** (<PĒNSARE), **rehar** (<RĬGARE), **respetar** (<RESPĒCTARE), **asosehar** (<*SESSĬCARE), etc.

Para estes últimos casos cabe pensar en dúas posibles explicacións: unha, que por un proceso analóxico, os verbos que non tiña *E* no radical se asimilasen ós resultados dos verbos con ditongo nas formas rizotónicas, ó igual ca sucedeu no leonés ou castelán; e outra, que primeiramente a vocal radical pasara de [e] > [ɛ] por analoxía con outros verbos, e a partir de aí se producise a ditongación nas mesmas condicións.

Outros verbos da CI, en cambio, non presentan esta alternancia porque teñen [e] como vocal radical en tódalas formas. É o caso de **chehar, alegrar, aconsellar, merendar, cheirar, ordenar, sementar,** etc.

Por outra parte, hai tamén un reducido número de verbos que non presentan alternancia por presentaren ditongo en todo o seu paradigma; é o caso de **asientar, apiestar** e **quientar.**

INDICATIVO					
pres.	imperf.	perf.	plusc.	fut.	fut. pret.
quianto	quientaba	quientei	quientara	quientarei	quientaría
quiantas	quientabas	quientaste	quientaras	quientarás	quientarías
quianta	quientaba	quientou	quientara	quientará	quientaría
quientamos	quientábamos	quientamos	quientáramos	quientaremos	quientaríamos
quientais	quientábais	quientastes	quientárais	quientareis	quientaríais
quiantan	quientaban	quientaron	quientaran	quientarán	quientarían

SUBXUNTIVO		IMPERATIVO	FORMAS NOMINAIS
pres.	imperf.		
quiente	quientase		inf. quientar
quientes	quientases	quianta	
quiente	quientase		xer. quientando
quientemos	quientásemos		
quienteis	quientáseis	quientai	part. quientado
quienten	quientasen		

Segunda conxugación

Os verbos que teñen *e* como vocal radical presentan nesta fala unha alternancia entre un ditongo [jɛ] (na p2, p3 e p6 do Pr. ind.) / [e] no resto.

FERVER

INDICATIVO					
pres.	imperf.	perf.	plusc.	fut.	fut.pret.
fervo	fervía	fervín	fervera	ferverei	fervería
fierves	fervías	ferveste	ferveras	ferverás	fervérías
fierve	fervía	ferviu	fervera	ferverá	fervería
fervemos	fervíamos	fervemos	fervéramos	ferveremos	ferveríamos
ferveis	fervíais	fervestes	fervérais	fervereis	ferveríais
fierven	fervían	ferveron	ferveran	ferverán	ferverían

SUBXUNTIVO		IMPERATIVO	FORMAS NOMINAIS
pres.	imperf.		
ferva	fervese		inf. ferver
fervas	ferveses	ferve	
ferva	fervese		xer. fervendo
fervamos	fervésemos		
fervais	fervéseis	fervei	part. fervido
fervan	fervesen		

Igual có modelo anterior conxúganse outros verbos que tiñan *E* no seu étimo como **perder, tender, tremer**, etc. e outros que non o tiñan como **beber, me-**

ter, prender, temer, vender, etc.. E tamén os verbos incoativos en *-ecer* (18), como **merecer, aborrecer, parecer,** etc.

Unicamente os verbos **crer,ler** (19) e **deber** (20) non presentan alternancia vocálica entre as formas rizotónicas, porque teñen sempre [e]. Tampouco a teñen **quiecer** e **esquiecer** (21), pero nestes casos é porque presentan un ditongo mesmo nas formas arrizotónicas.

pres. ind.	pres. subx.	imp.
creo	crea	
cres	creas	cre
cre	crea	
cremos	creamos	
crendes	creais	crende
cren	crean	

pres. ind.	pres. subx.	imp.
quiazo	quiaza	
quieces	quiazas	quiece
quiece	quiaza	
quiecemos	quiezamos	
quieceis	quiezais	quiecei
quiecen	quiazan	

Como se pode observar no seguinte cadro, os diferentes resultados da vocal radical no galego común e no goianés son semellantes a pesar da ditongación que presenta esta fala.

(18) A alternancia dos verbos en *-ecer* non resulta estraña, pois segundo sinala F. Fernández Rei, *O verbo. Contribución á dialectoloxía galega*, Tese de doutoramento, Univ. de Santiago, 1979 (inédita), p. 27, nalgúns puntos do galego estes verbos acomodáronse analoxicamente ós outros da CII.

(19) Este verbo tamén ten outro paradigma con ditongo analóxico dos outros verbos da CII: *leo, lies, lie, lemos, leis, lien.*

(20) Ademais deste paradigma, que é o máis común, rexistramos outro que se caracteriza por ter un ditongo [jɛ] como vocal radical (na p2, p3 e p6 do Pr. ind.) e [ja] como VT no tema de perfecto: *diebes, diebe, dieben / dubiara...*

(21) O que hai que destacar é que estes dous verbos con ditongo, no galego manteñen sempre aberto o timbre da vocal radical *(quɛcer, esquɛcer).* Véxase o indicado por A. Santamarina en *EL verbo gallego*, Anexo 4 de *Verba*, Santiago, 1974, p. 13.

SEGUNDA CONXUGACIÓN (vocal radical *e*)

T.	P.	galego común	goianés
P r e s. I n d.	p1	[e] (bebo)	[e] (bebo)
	p2	[ɛ] (bebes)	[jɛ] (biebes)
	p3	[ɛ] (bebe)	[jɛ] (biebe)
	p4	[e] (bebemos)	[e] (bebemos)
	p5	[e] (bebedes)	[e] (bebeis)
	p6	[ɛ] (beben)	[jɛ] (bieben)
P r e s. S u b x.	p1	[e] (beba)	[e] (beba)
	p2	[e] (bebas)	[e] (bebas)
	p3	[e] (beba)	[e] (beba)
	p4	[e] (bebamos)	[e] (bebamos)
	p5	[e] (bebades)	[e] (bebais)
	p6	[e] (beban)	[e] (beban)
I m p.	p2	[e] (bebe)	[e] (bebe)
	p5	[e] (bebede)	[e] (bebei)

O que máis destaca é que os resultados ditongados desta fala coinciden totalmente coas formas que teñen a vocal radical aberta no galego. Por iso creo que para poder efectuarse a ditongación primeiro tiveron que darse unha serie de nivelacións analóxicas entre os verbos da CII (22). Os poucos verbos que son excepción á regra non resultan estraños, pois tamén veñen coincidindo cos que non presentan dita alternancia a nivel galego.

Terceira conxugación

Polo que se refire ós verbos da CIII, os qe teñen *e* como vocal radical, tipo **advertir**, non presentan ningunha particularidade especial pois, ó igual ca no resto do galego, trocan o [e] en [i] nas formas rizotónicas do Pr. ind., Imp. e todo o Pr. subx.

(22) Segundo A. Santamarina, *op. cit.*, p. 32, a orixe desta alternancia vocálica está en certos verbos que tiñan *Ĕ, Ŏ* como vocal radical, e que foron inflexionados na pl do Pr. ind. e todo o subx. por un iode orixinario que non era outra cousa que a vocal temática en latín. A partir destes verbos déronse unha serie de nivelacións analóxicas entre os verbos que pertencen á CII actual, salvo nuns cantos casos coma *ler, crer, deber* e *ver.*

ADVERTIR

pres. ind.	pres. subx.	imperativo
advírto	advírta	
advírtes	advírtas	advírte
advírte	advírta	
advertimos	advirtamos	
advertís	advirtais	advertí
advírten	advírtan	

Conforme ó modelo anterior conxúganse verbos como **divertir, preferir, medir, pedir, vestir**, etc. Tamén o seguen outros verbos como **sentir** e **sehir**: *sinto, sintes, sinte, sentimos, sentís, sinten/ sinta, sintas, sinta, sintamos, sintais, sintan / sinte, sentí.*

Só *servir* e *mentir* presentan uns resultados especiais no Pr. ind.:

pres. ind.	pres. subx.	imperativo
sirvo	sirva	
s*i*erves	sirvas	sirve
s*i*erve	sirva	
servimos	sirvamos	
servís	sirvais	serví
s*i*erven	sirvan	

minto	minta	
m*i*entes	mintas	minte
m*i*ente	minta	
mentimos	mintamos	
mentís	mintais	mentí
m*i*enten	mintan	

Para explica-los resultados destes dous verbos con [i] na p1, ditongo [jɛ] na p2, p3 e p6, e [e] na p4 e p5 do Pr. ind., temos que partir necesariamente dunha base con triple alternancia na vocal radical, tal como se estableceu no galego (23): *sirvo, sɛrves, sɛrve, servimos, servides, sɛrven.*

Ademais destes paradigmas, que teñen xa moi pouca vitalidade, estes verbos teñen outro con alternancia de dous membros soamente ([i]/[e]): *sirvo, sirves, sirve, servimos, servís, sirven; minto, mintes, minte, mentimos, mentís, minten.* Estes

(23) Esta triple alternancia ([i]/[ɛ]/[e]) nalgúns verbos en *e...ir*, segundo indica A. Santamarina, *op. cit.*, pp. 35-36, é debida á evolución sufrida pola vocal latina *Ĕ* seguida de iode (e o mesmo para algúns verbos con *Ŏ*) que, nunha primeira fase, fechou un grao: "servo" (< servio) / "sɛrves" (< servis), dando lugar a unha alternancia de dous membros no galego antigo. Posteriomente fechou en *i* por nivelación do vocalismo radical a partir das formas arrizotónicas (/sirb/) maioritarias. As formas /sɛrb/ resistiron máis tempo ó efecto nivelador por analoxía, e aínda se manteñen no galego actual.

resultados seguramente se deben a que as formas minoritarias con ditongo foron asimiladas polas maioritarias con [i] no radical.

2.6.2. A vocal temática (VT):

A VT dos perfectos fracos da CII resulta ben diferente á VT dos perfectos fortes. Nos perfectos fracos da CII a VT é sempre [e], coma no resto do galego: ***bebemos, bebestes, beberon***; en cambio, nos verbos irregulares con tema de perfecto (T') diferente ó tema de presente é un ditongo: ***pudiamos, pudiestes, pudiaron.***

Estes resultados diferentes poden observarse no cadro seguinte:

Resultados da VT no Tema de Perfecto

		galego común		**goianés**	
		Pf.fracos	Pf. fortes	Pf. fracos	Pf.fortes
P r e t. P e r f.	p1	-i- (comín)	-e- (-0-) (souben)	-i- (comín)	-e- (-0-) (supen)
	p2	-i-(-e-) (comiches)	-e- (soubeches)	-e- (comeste)	-je- (supieste)
	p3	-e- (-i) (comeu)	-0- (-e-) (soubo)	-i-(-jo-) (comiu)	-0- (supo)
	p4	-e- (comemos)	-e- (soubemos)	-e- (comemos)	-ja- (supiamos)
	p5	-e- (comestes)	-e- (soubestes)	-e- (comestes)	-je- (supiestes)
	p6	-e- (comeron)	-e- (souberon)	-e- (comeron)	-ja- (supiaron)
P r e t. P l u s c.	p1	-e- (comera)	-e- (soubera)	-e- (comera)	-ja- (supiara)
	p2	-e- (comeras)	-e- (souberas)	-e- (comeras)	-ja- (supiaras)
	p3	-e- (comera)	-e- (soubera)	-e- (comera)	-ja- (supiara)
	p4	-e- (comeramos	-e- (souberamos	-e- (coméramos	-ja- (supiáramos)°
	p5	-e- (comerades	-e- (souberades	-e- (comérais)	-ja- (supiárais)
	p6	-e- (comeran)	-e- (souberan)	-e- (comeran)	-ja- (supiaran)
I m p e r f. S u b x.	p1	-e- (comese)	-e- (soubese)	-e- (comese)	-je- (supiese)
	p2	-e- (comeses)	-e- (soubeses)	-e- (comeses)	-je- (supieses)
	p3	-e- (comese)	-e- (soubese)	-e- (comese)	-je- (supiese)
	p4	-e- (comesemos	-e- (soubesemos)	-e- (comésemos)	-je- (supiésemos)
	p5	-e- (comesedes	-e- (soubesedes)	-e- (coméseis)	-je- (supiéseis)
	p6	-e- (comesen)	-e- (soubesen)	-e- (comesen)	-je- (supiesen)

Para explica-lo ditongo só nos perfectos fortes fronte á VT [e] dos perfectos fracos, tamén temos que partir necesariamente dunha fase, cronoloxicamente difícil de precisar, na que xa estivese nivelada a VT dos perfectos da CII coa do tema de presente coma na maior parte do galego (24), se non non se entende como a ditongación só afectou a unhas formas verbais e non a outras.

3. CONCLUSION

Por tratarse dun fenómeno illado, resulta complexo poder demostrar cal é a súa orixe ou finalidade. De tódalas maneiras, á vista das regras que presenta esta ditongación, dubido que sexa froito dunha suposta colonización leonesa tal como sostén M. Fernández Rodríguez (25). Máis ben creo que hai que considerala como unha ditongación orixinada *in situ* e dentro do propio sistema lingüístico galego.

En primeiro lugar, porque non sufriron a ditongación aquelas formas inflexionadas por un *-o* final *(medo)* ou por un *n* implosivo *(tempo)*.

En segundo lugar, porque si o fixeron outras formas nominais afectadas, a nivel dialectal, polo influxo metafónico de *-a* final *(iala, miada...)*, ou teñen timbre aberto en todo o territorio galego *(coriasma, criaho, papiel...)*, mesmo cando son castelanismos *(sartián, ieres...)*.

E, en terceiro lugar, porque soamente ditongou a vocal radical nos verbos da CII *(biebes, biebe, bieben)* así como a VT nos perfectos fortes *(anduviamos, pudiamos, supiamos...)*, xustamente naqueles casos en que temos un [ϵ] no galego común.

Os resultados sinalados, algúns totalmente paralelos ás falas máis occidentais galegas, nada teñen que ver cos do leonés que segue as súas propias regras ben diferentes ás desta fala (26). Tampouco teñen ningún parecido coas que se deron en parte do territorio portugués, agás a ditongación do nalgunhas falas do norte (Barcelos, Póvoa de Varzim,

(24) Segundo di A. Santamarina *op. cit.*, pp. 54-61, a vocal temática no tema de perfecto dos verbos da CII, que ten a súa orixe nun sufixo *ĬS + consoante*, *ĔR + vocal* (Ī para a p1, Ĭ para a p3 e p4) e que veu dar foneticamente *e*, debeu ser [ϵ] polo menos nunha etapa común ós romances hispánicos. Que o timbre debeu ser aberto demóstrano os casos de ditongación no aragonés ("vendiemos", "vendiez". "vendieron"), no leonés ("xunciemos", "corriemos", "corriestes") e no castelán antigo ("vençiemos". "vençiestis"), así como o seu mantemento en zonas conservadoras do galego exterior: "vendɛmos", "vendɛstes", "vendɛron" /" vendɛra"/ "vendɛse". No resto do galego, hoxe só conservan a VT aberta os perfectos fortes porque nos fracos pasou a [e] por uniformización co tema de presente.

(25) M. Fernández Rodríguez en "El habla de Goyán", *Cuadernos de Estudios Gallegos*, XXIV, 1969, pp. 194-205, supón que "la zona donde se produce dicho fenómeno ha sido objeto de una colonización por gentes lejanas en los primeros siglos de la Reconquista, las cuales (...) deberían proceder de las tierras de Asturias o León..."

(26) Unha comparación pormenorizada entre as regras seguidas pola ditongación leonesa fronte ás desta fala pode consultarse no meu traballo *A fala de Goián. Estudio descritivo*, Memoria de Licenciatura, Univ. de Santiago, 1987 (inédita), pp. 67-79.

Caminha, Melgaço, etc.), pero como os datos recollidos son escasos non se pode establecer unha relación clara e directa entre elas e a do goianés (27).

Ademais, polo feito de que primeiramente se deran as nivelacións verbais e as alteracións do timbre de ϵ, *e* coma no galego, tamén hai que supor que se trata dunha ditongación que non puido producirse nunha etapa moi antiga, e mante-la súa actividade de xeración en xeración ata poder afectar a palabras de entrada máis recente na lingua (cultismos, castelanismos, etc.).

A hipótese de que se trata dunha ditɔngación recente orixinada *in situ* é a que me parece máis sostible de momento. De tódolos xeitos, queda aberto o camiño para posteriores investigacións que se baseen en datos históricos e cronolóxicos máis precisos.

(27) *Ibidem*, pp. 79-88.

La adaptación ática de ὡς como conjunción final a partir del s. V a.C., en una nueva perspectiva

JORDI REDONDO

El siglo V a.C. fue testigo de un elevado número de innovaciones lingüísticas que activaron profundamente la evolución de la lengua griega. Uno de estos fenómenos fue la introducción de ὡς como conjunción final. Cierto es que ya desde Weber se ha creído que ὡς fue siempre apta para estas construcciones (1). En nuestra opinión, sin embargo, esta conjunción sólo tuvo un valor modal que podamos considerar antiguo y a la vez común a todos los dialectos (2). Por tanto, coincidimos con Schwyzer al negar el valor final originario de ὡς (3).

Una vez fijado el carácter de innovación que supone la introducción de esta antigua forma de instrumental del tema del relativo en el sistema de las oraciones finales, expondremos brevemente las teorías que dan cuenta del hecho: para Goodwin la causa estriba en las ventajas expresivas de ὡς, como conjunción modal-final, frente a las más neutras ἵνα y ὅπως (4). De muy similar naturaleza es el razonamiento de Monteil, que refiere la extensión del uso de ὡς como conjunción de subordinación final al prestigio literario que le confería su predominio en la lengua del drama (5). También se ha justificado el uso de ὡς por razones de comodidad métrica y fónica para los poetas (6), de la que surgiría

(1) Cfr. Ph. Weber, *Entwicklungsgeschichte der Absichtssätze, I-II*, Würzburg 1884-85, *II*, p. 99; Id. B. Rosenkranz, "Der lokale Grundton und die persönliche Eigenart in der Sprache des Thukydides und der älteren griechischen Rednern", *IF* 48, 1930, pp. 127-175, esp. pp. 166-167.

(2) Cfr. E. Hermann, *Die Nebensätze in den griechischen Dialektinschriften in Vergleich mit den Nebensätzen in der griechischen Literatur*, Berlin & Leipzig, 1912, p. 265: "Ich bin nicht abgeneigt, anzunehmen, dass die finale Bedeutung ehemals gemeingriechisch und auch urgriechisch war". Como veremos más adelante, la presunción de Hermann no será corroborada por los datos epigráficos y literarios.

(3) Cfr. E. Schwyzer, *Griechische Grammatik I-II*, München, 1950 (4ª ed.), *II*, p. 672. Recientemente, H. Hettrich, "Zur Entwicklung der Finalsätze altindogermanischen Sprachen", *ZVS* 100, 1987, pp. 219-237, propone que el indoeuropeo predialectal conoció auténticas oraciones subordinadas finales que tanto en védico como en griego pueden distinguirse perfectamente de las modales. Semejante teoría, que sigue a R.J. Jeffers & W.J. Pepicello, "The Expression of Purpose in Indo-European", *IF* 84, 1979, pp. 1-16, no parece ser corroborada ni por los textos, los griegos al menos, ni por cuanto sabemos de la creación de modos de expresión propiamente finales.

(4) Cfr. W.W. Goodwin, *Syntax of the Moods and Tenses of the Greek Verb*, London, 1966, pp. 400-403. Así, en la p. 400 afirma que "Xenophont felt the original force of ὡς as a relative adverb of manner".

(5) Cfr. P. Monteil, *La phrase relative en grec ancien*, Paris, 1963, p. 403.

(6) Cfr. S. Amigues, *Les subordonnées finales par ὅπως en attique classique*, Paris, 1977, pp. 99-100.

el predominio aducido por Monteil. Este, si bien rechaza la hipótesis de un uso jonizante (7), se refiere siempre a razones puramente estilísticas. En resumen, razones estilísticas y/o expresivas avalarían el incremento de las construcciones finales por medio de ὡς.

Muy recientemente, la profesora García Novo ha propuesto, aun coincidiendo con Monteil en el magisterio de la lengua de los trágicos, otra posible causa de dicho incremento de uso: el rendimiento funcional de esta conjunción habría aumentado como consecuencia de su valor como término no caracterizado -valor neutro-, apto para todo tipo de empleos sintácticos (8).

Si pasamos al análisis de estas teorías, habremos de empezar por la especialización de ὡς en el papel de conjunción de alto valor expresivo y literario. Monteil centra este uso en la tragedia y la comedia (9). Pero nosotros creemos que hay que observar una gran prudencia respecto de conjunciones de tan diferente estructura métrica, ya que ἵνα , ὅπως y ὡς no presentan una distribución libre desde el punto de vista de la composición del κῶλον . Precisamente es ὡς la más rentable, y ἵνα la menos interesante (= ⏑⏑). Esta circunstancia ya invalidaría por sí sola el alegato en favor de la importancia del uso de ὡς en la lengua del drama; en general, puede decirse que la presencia de ὡς en los pasajes corales es baja en Esquilo y aún más en Sófocles (10); en segundo lugar, que el total de registros de ambos autores, excluidos los fragmentos, es de treinta y cinco en Esquilo frente a cincuenta y seis en Sófocles, con frecuencias de cinco y ocho por obra, respectivamente (11). Esta progresión certificaría la validez de las teorías de Goodwin y Monteil. En cuanto a Eurípides, cuya frecuencia se eleva aún a los once registros (12), nos interesa destacar tanto el incremento de la construcción con partícula, con lo que significa como síntoma de recaracterización de la expresión modal, y el de la construcción con optativo y sin partícula -piénsese en la preferencia que por este modo muestra Jenofonte- (13).

En conclusión, el uso de ὡς entre los trágicos permite afirmar que no se da de una manera uniforme, como solución sintáctica heredada, tal y como proponían Weber, Hermann y Rosenkranz. Muy al contrario, cada autor presenta más un uso determinado por gustos particulares que un patrón sintáctico definido. Parece claro, pues, que el fenómeno es de datación reciente y que en su relativa fortuna intervinieron factores de índole estilística. Cabe ahora plantear si responden a intereses de expresividad o de comodidad para el metro.

---

(7) Cfr. P. Monteil, *ibid.*

(8) Cfr. E. García Novo, "Esquema funcional de μή y ὡς en oración final y de temor", *Habis* 15, 1984, pp. 71-83, pp. 77-78 y 80; P. Monteil, *op. cit.*, p. 404.

(9) Cfr. P. Monteil, *op. cit.*, p. 403.

(10) Cfr. A. *Pr.* 156, *Sept.* 237, 627, *Ch.* 439, *Suppl.* 986; S. *Ph.* 1206, *El.* 1434 y 1441.

(11) Cfr. W. Dindorf, *Index Aeschyleus*, Leipzig, 1876, F. Ellendt & H. Genthe, *Lexicon Sophocleum*, Hildesheim, 1958 (= Berlin, 1872), *s.u.* ὡς .

(12) Cfr. J.T. Allen & G. Italie, *A Concordance to Euripides*, Groningen, 1970 (= Berkeley & London, 1954), *s.u.* ὡς.

(13) Cfr. W.W. Goodwin, *op. cit.*, p. 398; S. Amigues, *op. cit.*, pp. 235-236. A nuestro modo de ver, sin embargo, hay que seguir a V. Bers, *Greek Poetic Syntax in the Classical Age*, New Haven & London, 1984, p. 135, cuando aduce que el uso del optativo sin partícula, tanto en Píndaro como en la lengua del drama, y en ésta desde los pasajes líricos de la tragedia hasta los recitativos de Aristófanes, se constituyó no como una concesión a la lengua coloquial, sino como una mera alternativa sintáctica.

Tomaremos como muestra los registros de la comedia aristofánica. De entrada, destaca la escasez del número -diecisiete ejemplos (14)-, lo que a la vez niega que ὡς fuera un auténtico comodín métrico, ya que su empleo es tan escaso (15). Además, tan baja frecuencia -1,54 registros por obra- nos obliga a situar el rasgo en la plena influencia de la lengua literaria, y no en la de la conversación diaria. Ratifica nuestro aserto la distribución de dichos registros, que es como sigue: a) en siete pasajes hay un evidente condicionamiento métrico, ya que ni ἵνα ni ὅπως se acomodarían al verso como lo hace la suma de conjunción y partícula, ὡς ἄν , que ocupa dos posibles enclaves: en cuatro casos, la segunda sílaba larga de un yambo y la *anceps* del siguiente (16); en los otros tres, la primera sílaba larga y la breve de un mismo yambo (17); b) en los diez pasajes restantes actúa como denominador común su carácter netamente literario, pues se trata, en ocho casos, de secciones corales (18), y de imitaciones παρὰ προσδοκίαν en los otros dos (19).

Se desprende de este análisis que Aristófanes utilizaba ὡς como conjunción final porque veía en esta construcción, además de alguna nada despreciable ventaja métrica, el sello de un estilo elevado propio de la tragedia. Ahora bien, entre los trágicos se observa la progresión del uso de ὡς final en la lengua del recitado; su aparición, que también estaría vinculada a una mayor aptitud métrica, no quedó, pues, restringida a los pasajes de gran solemnidad. Por otra parte, esta progresión no bastó para afianzar el uso de ὡς final entre los reconocidos como conversacionales. Se concluye la negación de ese valor expresivo de que hablaba Goodwin, ya que, de haberlo habido, la comedia presentaría una frecuencia de uso al menos similar a la de Eurípides, cuando la relación es de uno a siete a favor de este último. Si recurriéramos a un nuevo expediente, el de la naturaleza homérica del rasgo, tropezaríamos con dos serias objecciones: en primer lugar, la progresión aludida no parece indicar que el rasgo responda a su consideración de estilema propio de la épica (20); en segundo lugar, también hay un incremento de uso conforme pasamos del ὁμηρικώτατος Esquilo al sofistizante Eurípides. Esta situación no es nada favorable a los intereses de quien aduzca el recurso del homerismo.

Pasaremos ahora al examen del empleo de ὡς final en Jenofonte, en el que se registran hasta noventa y un ejemplos, ocho de ellos con partícula (21). Una primera posibilidad sería la propuesta por Mme. Amigues en el sentido de admitir

(14) Cfr. O.J. Todd, *Index Aristophaneus*, Cambridge (Mss.) 1932, *s.u.* ὡς .

(15) Cfr. E. García Novo, *op. cit.*, p. 81.

(16) Entre los yambos primero y segundo, Ar. *Av.* 1509; entre el segundo y el tercero, Ar. *V.* 113, *Av.* 1454 y *Th.* 601.

(17) En el primer yambo, Ar. *Pl.* 112; en el segundo, Ar. *Av.* 1549 y *Ec.* 57.

(18) Ar. *Lys.* 687, 1264, 1305, *Ec.* 286, 297, *P.* 1156, *Ra.* 1340, *V.* 425.

(19) Ar. *Ach.* 43-44, donde el heraldo dice con paródica solemnidad: παρίτ' ἐς τὸ πρόσθεν / παρίτ' ὡς ἂν ἐντὸς ἦτε τοῦ καθάρματος; *Av.* 1337-1339, donde el parricida parece parafrasear un motivo lírico, acaso pindárico: ξυνοίσομαν αἰετὸς ὑψιπέταις / ὡς ἂν ποταθείην ὑπὲρ ἀτρυγέτου / γλαυκᾶς ἐπ' οἴδμα λίμνας.

(20) Cfr. Ph. Weber, *op. cit.*, *II*, p. 398, donde se nos ofrece una cifra de sesenta y dos casos de uso de ὡς con valor final, treinta y ocho de los cuales con partícula; el valor modal originario es muy a menudo más fuerte que el matiz final, creemos.

(21) Cfr. Ph. Weber, *op. cit.*, p. 398.

que esta notable presencia, inusual entre los autores de los diversos géneros en prosa, se debería a una influencia dialectal (22). Esta teoría parte de la hipótesis de que Jenofonte utiliza una lengua mixta, producto de su larga permanencia en el Peloponeso y de su relación con mercenarios llegados de toda Grecia (23). Pero hoy en día sabemos ya que hay una verdadera razón que da cuenta de esta serie de fenómenos: la conformación de la *koiné* a partir de la integración de elementos áticos y jónicos, literarios y no literarios. Que es la historia de la lengua la que puede resolver de forma satisfactoria cuestiones como la presente, lo certifica el hecho de que sólo una evolución de las construcciones sintácticas clásicas posibilita, en un momento dado, la extensión de un rasgo. En caso contrario, habríamos de pensar que de un día para otro alcanzó ὡς el relieve expresivo que hasta entonces acusa por franco defecto.

Un buen punto de reflexión inicial es la ya mencionada observación de García Novo en cuanto a que ὡς presenta un gran rendimiento funcional porque es una conjunción poco caracterizada, apta para una amplia multiplicidad de usos (24). No obstante, nosotros creemos que la extensión del empleo de ὡς se debe a otro factor, también de naturaleza específicamente sintáctica: la constitución de un doblete de fácil identificación para los hablantes, el de las conjunciones ὅπως y ὡς, ambas de origen relativo-modal, y apto tanto para la introducción de las oraciones completivas como para la de las finales. Esta es, en nuestra humilde opinión, la explicación que buscábamos. En otras palabras, no es la aparición de ὡς en la lengua del drama la causa de que un autor posterior lo acomode a su estilo personal, sino la modificación de la estructura sintáctica heredada por los hablantes áticos de la época clásica. En esta estructura figuraban dos conjunciones completivas, ὡς y ὅτι, y una final, ὅπως (ἵνα). Pero la que recibieron los hablantes del siglo IV, y que prenuncia la consagración de la *koiné,* contempla la integración de ὅπως como conjunción completiva y la preponderancia de ἵνα -sentida, apenas dos generaciones antes, como un jonismo propio tan sólo de literatos con pretensiones- como conjunción final. Al mismo tiempo, ὅτι va afirmándose como la conjunción completiva por excelencia, una vez difuminada la antigua distinción entre las oraciones de valor completivo-modal y sentido subjetivo, introducidas por ὡς , y las oraciones puramente completivas, de sentido objetivo, introducidas por ὅτι. Tenemos, pues, los siguientes fenómenos:

1. Ὅτι desplaza a ὡς como conjunción completiva.
2. Ἵνα desplaza a ὅπως como conjunción final.
3. Ὅπως se integra plenamente entre las conjunciones completivas, en razón, evidentemente, de unos valores expresivos de carácter relativo-modal de que carecía, en cambio, la conjunción ὡς ; los valores modales de ésta retroceden hasta desaparecer, en beneficio de un carácter neutro, poco marcado desde el punto de vista sintáctico y estilístico.

(22) Cfr. S. Amigues, *op. cit.*, p. 103.

(23) Cfr. O. Hoffmann & A. Debrunner & O. Scherer, *Historia de la lengua griega*, Madrid, 1973, pp. 182-185; L. Gautier, *La langue de Xénophon*, Genève, 1911, pp. 142-143.

(24) Cfr. E. García Novo, *op. cit.*, pp. 77-78 y 80.

Para que el esquema fuera del todo rentable tan sólo era preciso el restablecimiento de la simetría del sistema, con arreglo a un principio de evidente economía estructural. Este restablecimiento pasaba por un cuarto fenómeno, a saber, la constitución del doblete ὅπως - ὡς, en igualdad de usos: completivo y final a un tiempo; a ello contribuía muy mucho la misma "desmodalización" de ὡς, como nos indicaba la progresión de su recaracterización por medio de ἄν. Un esquema gráfico nos mostrará las etapas del proceso que estamos describiendo (25):

I (situación heredada)

Conjunciones completivas	*Conjunciones finales*
ὅτι	ὅπως (ἄν)
ὡς	

IIa (innovaciones áticas de la segunda mitad del s. V)

OTI	INA
ὡς	ὅπως
ὅπως	

IIb (regularización del sistema, simultánea a IIa)

OTI	INA
ὡς	ὅπως
ὅπως	ὡς

En cuanto a la profusión con que aparece el uso de ὡς final en Jenofonte, extraña por el contraste que representa con el resto de prosistas de la época clásica: así, ὡς con valor final, con o sin partícula, es ἅπαξ en Tucídides, Antifonte, Andócides, Lisias y Demóstenes (26), y falta en un autor como Platón. En Heródoto se acreditan, en cambio, hasta treinta ejemplos (27). Pero si procedemos a su análisis, observamos que este ὡς final aparece en siete pasajes

(25) La fijación de una más precisa cronología relativa no sólo no parece aconsejable, a tenor de la exigüidad de los datos de que disponemos; tampoco es necesaria para la descripción y comprensión del fenómeno.

(26) Cfr. G.A. Bétant, *Lexicon Thucydideum, I-II*, Hildesheim, 1961 (= Genève, 1843-47); F.L. Van Cleef, *Index Antiphonteus*, Hildesheim, 1964 (= New York, 1895); L.L. Forman, *Index Andocideus, Lycurgeus, Dinarcheus*, Amsterdam, 1962 (= Oxford, 1897); S. Preuss, *Index Demosthenicus*, Hildesheim, 1963 (= Leipzig, 1892), siempre *s.u.* ὡς. Cabe precisar que los ἅπαξ de Antifonte, Andócides y Demóstenes son, respectivamente, Antipho VI 15, And. I 99 y Dem. XXIV 146; en Antipho III γ 6 ὡς es completivo, cfr. S. *OT* 780; And. IV 23 sí presenta un ὡς final, pero este discurso ha sido reconocido como espurio por la mayor parte de los críticos, cfr. Fr. Blass, *Die attische Beredsamkeit von Gorgias bis zu Lysias, I*, Leipzig, 1887, pp. 338-339; G.A. Kennedy, "The oratory of Andocides", *AJPh* 29, 1958, pp. 32-43, p. 32; S. Feraboli, "Lingua e stile della orazione *Contro Alcibiade* attribuita ad Andocide", *SIFC* 44, 1972, pp. 5-37 y "Ancora sulla IV orazione del *corpus Andocideum*", *Maia* 26, 1974, pp. 245-246; *contra*, K.J. Dover, *Lysias and the Corpus Lysiacum*, Berkeley & Los Angeles, 1968, pp. 191-192. En cuanto a Dem. VI 37, se trata de un uso modal con infinitivo, asimilable a los tipos parentéticos de locuciones como ὡς εἰκός, ὡς εἰκάζειν, o el estudiado por J.L. García Ramón, *EC* 26, 1984, pp. 75-82. ὡς παλαιὰ ἐτύγχανε.

(27) Cfr. J.E. Powell, *A Lexicon to Herodotus*, Hildesheim, 1960 (= Cambridge, 1938), *s.u.* ὡς.

como una alternativa estilística de ἵνα , a modo de *uariatio* (28); en siete más, prima el valor original, modal-consecutivo (29); en tres pasajes admite un análisis más completivo que final, ya que depende de los verbos κελεύω , διακελευσάμενοι y ἀποστέλλειν (30); por último, hay que reseñar un hecho de la máxima notabilidad: este ὡς final herodoteo aparece aún en díptico correlativo (31). Por tanto, y en conclusión, tenemos un ὡς final del todo irregular, supeditado aún a su carácter modal tanto por la indefinición que presenta como por su dependencia respecto de la construcción correlativa. La rúbrica del empleo de ὡς como simple recurso estilístico nos ratifica en la impresión de que en ningún caso podemos calificar a este fenómeno de "jonismo", y menos aún como "usual en la lengua de la prosa". Si repasamos ahora los ejemplos acreditados por la epigrafía, constataremos que en los dos solos casos datados en el s. V a.C. nos hallamos, respectivamente, con un claro valor modal en el más antiguo y *uariatio* con ἵνα en el más reciente (32); en los demás, sin excluir el valor genérico, de naturaleza modal, y aun la recaracterización por medio de la partícula (33), el análisis final sólo es posible en inscripciones del s. III a.C. y siguientes (34).

En esta misma línea, pues, tenemos la certeza de que la importancia concedida por Jenofonte a este rasgo es tan sólo una cuestión de estilo, que no obedeció a influencia dialectal alguna (35). La prueba del carácter artificioso del uso de ὡς con valor final, sólo factible en textos de índole literaria, es que no lo acompaña ningún signo de vitalidad en la lengua de las inscripciones privadas, o

(28) Hdt. I 159, 4, I 185, 6, III 140, 4, VIII 7, 1, VIII 76, 2, IX 51, 3 y IX 104.

(29) Hdt. I 151, 1, III 85, 1, IV 97, 5, V 33, 1, VII 176, 4, VIII 16, 1 y VIII 76, 3.

(30) Hdt. I 159, 4, IX 22, 3 y IX 51, 4. Sobre el carácter intermedio de estos verbos entre el régimen de infinitivo dinámico y el de infinitivo declarativo, cfr. H. Kurzová, "Die Entstehung des deklarativen Infinitivs im Griechischen", *Eirene* 6, 1967, pp. 101-114, esp. p. 111.

(31) Hdt. I 5, 2, I 11, 2, IV 187, 2 y VIII 76, 3. H. Hettrich, *op. cit.*, p. 223, n. 15, afirma que en Homero no hay rastro alguno de correlación. Ahora bien, aun sin entrar en el carácter inequívocamente modal de pasajes como *Il.* 2, 362-363, donde ὡς permite un análisis tanto final como consecutivo, ¿cómo explica Hettrich estas correlaciones, y en Heródoto? Por otra parte, no creemos con Monteil, *op. cit.*, p. 347, que la correlación pueda entenderse como una innovación, sino que, justo al contrario, retoma la construcción díptica de la que surgieron buen número de oraciones subordinadas, entre ellas las modales.

(32) E. Hermann, *op. cit.*, p. 265, afirma documentar usos de ὡς final en Corcira, Heraclea, Mesenia, Corinto, Rodas, Fócide, Arcadia, Jonia continental y el Atica, amén de ejemplos dudosos en la Argólide, Tesalia y Lesbos. Hemos recurrido al índice de F. Hiller von Gaertringen, *apud* W. Dittenberger, *Sylloge Inscriptionum Graecarum, I-IV*, Hildesheim, 1960 (= Leipzig, 1915-1924, 3ª ed.), *IV*, de donde hemos obtenido ejemplos escasos en número y aún más escasamente favorables a las tesis de Hermann. Así, los dos del s. V a.C. son los de *I 54*, 5, ὡς ἄν , en una inscripción ateniense de *ca.* 450 a.C., y *86*, 5, ὡς ἄν , en inscripción ateniense de 421/0 a.C.

(33) W. Dittenberger, *op. cit.*, I *279*, 9 y 35, en ambos casos con partícula, en inscripción de Zelea, en la Jonia septentrional, de *ca.* 334/3 a.C.; II *559*, 10, inscripción de Megalópolis de *ca.* 207 a.C., donde ὡς depende de παρακαλέντων y recuerda los ejemplos herodoteos de I 159, 4, IX 22, 3 y IX 51, 4.

(34) W. Dittenberger, *op. cit.*, II *543*, 10, carta del emperador Adriano de 127 p.C.; II *559*, *uid. supra*, 23 y 45; II *594*, 10, inscripción de Micenas de 195 a.C.

(35) Tampoco hemos de creer, como S. Amigues, *op. cit.*, p. 236, que su preferencia por el optativo es un jonismo; hay que ver en ella una voluntad estilística de conferir a su obra una dignidad literaria que la distinga de los usos conversacionales. La propia Amigues, *op. cit.*, p. 177, reconoce la alternancia modal como forma de *uariatio* típica del arte jenofonteo.

en cualesquiera documentos sin mayores pretensiones. En la lengua de los papiros o en el Nuevo Testamento tampoco pasa de ser una rareza sintáctica, como una concesión al estilo de la prosa artística (36). En ésta, en cambio, sí que registramos, e incluso con la abundancia que en Jenofonte, el empleo final de ὡς : así sucede en Luciano, por ejemplo (37). Queda bien claro, pues, que el historiador ateniense utilizó, nunca de un modo exagerado, pero sí notable, una construcción que en momento alguno llegó a plasmarse en un hecho de lengua viva, puesto que fue creada tan sólo en un intento de regularización del sistema que no respondía a ningún valor intrínseco de la conjunción, ni el específicamente sintáctico, ni el expresivo, ni siquiera el estilístico o el métrico. Si aún quisiéramos insistir en la teoría de Monteil de que se trataba de un préstamo sintáctico procedente de la lengua de la tragedia, habremos de recordar que cualquier rasgo puede efectivamente integrarse en todos los niveles del sistema a pesar de tener un origen literario, siempre que también aparezca en la lengua de los géneros en prosa (38).

La regularización a que aludimos no triunfó ni en la lengua del drama ni en la de la prosa por lo que tenía de fenómeno sintáctico *condicionado por otros,* además de hallarse falto, no sólo de una auténtica tradición literaria -sí la tuvo, como hemos visto, en la prosa postclásica, acaso sobre el modelo jenofonteo-, sino también de un mínimo uso en cualquiera de los registros de la lengua conversacional: el intelectual, el popular, el de compromiso entre ambos, el familiar o el vulgar. Por otro lado, tampoco hemos de pensar que la polivalencia de ὡς fue algo beneficioso en sí; al contrario, dado que no presentaba una correcta caracterización sintáctica le ocurrió como al optativo, que fue también ahogado por su propia multiplicidad de usos, amén de su indiferenciación morfológica respecto del subjuntivo. Diversa fue la suerte de ὅπως , cuya mayor relevancia le permitió una cierta supervivencia frente a ὅτι como conjunción completiva (39). En cuanto a ὡς , y sin perjuicio de la constitución del doblete que restablecía la simetría en el sistema, su degradación sintáctica y expresiva lo borró por completo de la *koiné,* y por tanto del griego moderno (40).

(36) Cfr. E. Mayser, *Grammatik der griechischen Papyri der Ptolemäerzeit, I-II,* Berlin & Leipzig, 1906-1926, *II-1* pp. 258-261, y Fr. Blass & A. Debrunner, *Grammatik des neutestamentlichen Griechisch,* Göttingen, 1949 (8ª ed.), p. 238.

(37) Cfr. H. Heller, *Die Absichtsätze bei Lukian, I-II,* Berlin, 1880, *I* pp. 295-317, y S. Chabert, *L'atticisme de Lucien,* Paris, 1897, p. 183.

(38) Cfr. A. López Eire, "Fundamentos sociolingüísticos del origen de la *koiné*", *CFC 17,* 1981-82, pp. 21-53, esp. pp. 28-33 y 50-51, con multitud de ejemplos.

(39) Para el uso de πῶς en griego moderno, *uid.* A. Mirambel, *Grammaire du grec moderne,* Paris, 1939, p. 189, y E. Schwyzer, *op. cit., II* pp. 669-670.

(40) Cfr. A. Jannaris, *An Historical Greek Grammar,* Hildesheim, 1968 (= London, 1897), pp. 416-419, donde se señala que ὡς "had disappeared from the language as a final conjunction" ya en los tiempos de la *koiné* -p. 416-, aunque desde muy pronto e incluso hoy día se documentan construcciones del tipo ὡς ἴνα , ὡς νά , ὡς διά νά, etc. -pp. 418-419-.

Familias léxicas e campos semánticos prerromanos

ELIXIO RIVAS QUINTÁS

Quizais deba, antes de entrar en materia, facer unha pequena introducción. Certamente que as linguas teñen moita falla de estudios particularizados, mais para chegarmos ás orixes e darmos solucións de conxunto, unha vez descubertos os elementos, compre comparalos, valéndonos do espacio mais grande posible. Ó irmos a recadén no tempo, o espacio do latín vennos estreito; borzamos dos seus domeños no tempo e no espacio, e fica un conxunto de palabras, a miudo das mais usadas, ás que lles non atopamos lugar axeitado no sistema nin étimo convincente. Hai dados no galego e noutras linguas veciñas ou máis lonxanas que, compulsados, poden dar luz e mesmo confirmar sospeitas. A tentativa é atrevida, mais non por elo imos deixar de andar camiño e ollar, xa que a realidade constatable é firme. Imos ver cómo uns vinte temas amosan un parello esclarecedor na súa propagación léxica e semántica con traxectoria inconfundible.

Coido que aínda non nos temos aproveitado de tódalas posibilidades que a linguaxe nos ofrece cos elementos persistentes, para chegarmos ós mais antergos niveis, dificilmente encaselables, mais reais, na nosa teima en descodifica-lo mais complexo sistema de signos que supón a linguaxe humana. Sendo como é facultade universal, forzoso é que nela fiquen resíos, hábitos e realizacións comúns, interpretables coma tales. Fica pois dentro do científico valernos desto, aínda que exposto. Semella coma se, sobre un reducido número de bases léxicas expresivas, a facultade humana de falar se fose axenciando variantes, dun xeito que resulta paradigmático, para ir enchendo as necesidades de expresar e comunica-lo mundo en torno; primeiro os tres reinos, logo o abstracto. Esa propagación é parella no aspecto léxico e no semántico. Non tódolos temas que imos ollar están igualmente representados en ambas derivas, mais no conxunto sí que se pode apreciar cómo, por debaixo dos actuais sistemas de lingua, flota un sistema máis universal imposible de determinar, para o que nos ilustran as linguas de hoxe e as de onte, mais en ningunha cabe. Nin no latín, nin no celta, nin no vasco... As linguas mais antergas, algunhas coma o vasco aínda vivas, son tamén beneficiarias. As mais modernas, neolatinas ou xermánicas, asumiron tamén eses elementos no punto de partida.

Plantexadas así as cousas, nin res adiantamos con somente estudios rexionais e particulares. Nin contraéndonos á nosa contorna, chega con pararnos no latín. O latín dá razón da meirande parte do noso léxico, común con outras rexións romanizadas, mais non de todo, nin aquí nin fora. Esto tendo en conta, ademais, que o latín coma calquera outra lingua é un herdo que ten a recadén mi-

lleiros de anos. Os elementos que imos repasar poden aparecer no latín, mais son anteriores con moito ó latín. A comunidade compre percurala moito antes. Os elementos lingüísticos, que hoxe se atopan espallados por países lonxanos e raianos, amosan unha organización semántica segura nos distintos temas. É un feito forzosamente significativo que non se pode desaproveitar por difícil que sexa dar razón del; unha xigante interrogante guiadora na investigación etimolóxica e lingüística en xeral. Compre ir xunguindo cabos, para se poder pronunciar cada día con mais certeza. A nomenclatura actual e a clasificación que se fai son inseguras e confusas; para sair do paso. En tan longo tempo e ancho espacio, non é doado desenguedella-la deriva, que ten que ser por forza atoutiñante. Tódalas teorías son tentativas: ¿indoeuropeo, preindoeuropeo...? ¿Caucásico, mediterráneo, tirreno ou africano? E se resulta que todo nos leva a unha orixe, antes ou despois... ¿E se sabemos que elementos que se clasifican coma dun sustrato se acibiron por contacto con outras linguas máis antergas na chegada, que percorreron diferente camiño, mais con comunidade de orixe?

Ó falar de "Familias léxicas" prerromanas, prescindo absolutamente de teorías -tampouco quero sentalas; somente reflexo, constato, feitos. Trátase dun elevado número de voces que semella doado agrupar fonéticamente co aval da afinidade semántica, tendo en conta, como é lóxico, a propagación de matices semánticos. Unha cousa avala á outra, mais tamén os campos semánticos en si mesmos, parellamente representados nos distintos temas. Defendemos entón comunidade de orixe ou étimo en cada tema, e o mesmo espíritu -a facultade humana- na súa propagación ou espallamento cualitativo e cuantitativo. E compre sentar, antes de nada, uns principios básicos, xerais, que temos en conta: 1) A facultade humana da fala está ó servicio da expresividade e da comunicación. 2) A fala tuvo que partir de elementos, sons, expresivos moi sinxelos, monosílabos inestables de primeiras inarticulados, imitativos. 3) Esas voces, pura exclamación, tardaron moi longo tempo en fixarse, á vez que iban xurdindo necesidades novas de denominación. 4) Complícanse entón os elementos primarios por alternanza vocálica, por reduplicación, por equivalencia acústica, por incrementación. 5) Noutra dimensión, os valores significativos, os matices semánticos, inzan por relación expresiva, afinidade semántica, por proximidade espacial e semellanza. O home que, dende sélo, ten a facultade de expresa-lo que pensa e sente en linguaxe articulada, non ten con todo o acto ou realización dende o principio. A fala, que inconscentemente se vai organizando en sistema, é producto de infinitas tentativas, dunha elaboración laboriosa ó tempo que vai analizando, cada vez mais, o mundo en torno e o anímico. Primeiro aquel; pouco e pouco, vai facendo camiño ó andar. Séculos, milleiros...

Para ben este exercicio e pescuda que facemos, había de abrangue-lo ancho mundo. Abrangue o mundo próximo, exemplarizado en vinte temas lingüísticos.

1. TEMA ALTERNANTE *B-R/*M-R

*B-R --> *BAR-R- / *BER-R / *BOR-R / *BUR-R / *BOUR- (*BARB- / *BERB-, *BARK- / *BERK -*BARN)
*M-R --> MAR-R- / *MER-R / *MOR-R / *MUR-R / *MOUR-

Documentación (ademais da común, no cabo): Ekwall, *Names,* 28; Falc'hun, 133; ELH, I, 44-46, 64, 143; Corominas, *Top. Hesp.* II, 222, e I, 106; Corominas, *Dicc.* IV, 672; Nègre, 39; Joyce, *Names,* I, 18, e II, 413; Pokorny, *Indogerm.* 108 ss.; Rivas, *Top. Marín,* 56-74; Rostaing, *Provence,* 88-91; Wartburg, 254.

*a) Alternanza *B-R*

Matices semánticos: *Tope, rocha, monte, prominencia, morea que se queima:* No galo vemos **barros* 'cume de monte' e **burro* 'prominencia, nódulo'; I. *bar* e *barrier* 'barreira', *barrage* 'barreira artificial'; bret. *bar* 'cima, cume'; irl. *bar* 'cume de monte' e *barr* 'outeiro, cume de calquera cousa'. Corominas (*Top. Hesp.* II, 184-5) trai *barro* 'cume'; García Diego, 619, **barros* 'rocha'. Vasc. *buru* 'cima, cabo, cabeza'. Formas xa derivadas: gal. *barreira* 'forte', cast. *barrera* 'valo defensivo'; extrem. *barrero* 'outeiro', que cadra co gal. *barreiro* 'o que traballa a pedra, canteiro' e o I. *barrow* 'pequeno teso, prominencia, logo mámoa'; vasc. cat. gal. e port. *barroco* 'rocha, pedra irregular na súa superficie'; nos Ancares e no port. *barroco* 'pedra áspera, pérola irregular'; no leonés *barrueco/berrueco* 'penedo, pedra irregular, pérola irregular', casos nos que se ve unha especialización semántica, matiz que influíu na arte e por elo o de chamarse: arte *barroco.* Neste senso é voz popular en Galicia xa que calquera petrucio á vista dun edificio erguido en pedra traballada con aspecto áspero di que é *barroco* ou moi *barroco,* sen ter oído nunca da tal arte ou estilo do séc. XVII. Santa Rosa de Viterbo rexistra *barroco* 'penedo que sobrancea', que debe de sé-la acepción de partida, donde *barrocal, barrocás* ou *barrocais* 'sitio de barrocos'. Vémolo por todo a o norte de España: salm. *barrueco* 'pena', nos Ancares *barrocal* 'lugar de penedos' cando en Láncara, Lugo, *barroco* é 'monte pizarroso'. En Ribagorza, Huesca, hai *borruco* 'pedrusco, rocha' e, como veremos, o campo intermedio está cuberto por termos que amosan algunha evolución semántica.

Vemos en Láncara *barroco* 'monte pizarroso'; en Busnadiego, León, *barrouco* é 'cume de monte, cima'; nos Ancares, ademais de 'penedo', *barroco* é 'talude'. O senso vai pasando pouco e pouco a declinar 'esbarrondamento de terras, de terras e pedra', e logo bimbarreira: en Vedra, Cruña, *barroela* 'talude no terreo', en todo o Noroeste *barronca* e *barranca* 'desprendemento do terreo'; nos Ancares *barronca* 'pendente', que é na Gudiña *barreira* 'pendente, bimbarreira'. No Oc. de Asturias: *barroco* 'terrón moi duro' é intermedio entre rocha e terra, pois eu coido que *barro,* despois de todo, pertence ó mesmo tema. Xeral é *barranco* 'precipicio feito pola forza dunha torrenteira', co abundancial *barronqueira;* en Verín *barranco* 'corremento de pedras'. En Manzaneda, Tribes, Ourense, temos *Borruga,* na parte mais montañosa da provincia; correspóndelle na outra beira, en Cataluña *berruga* 'cume de monte', no Levante *berruguell,* dos que non podemos xebrar evidentemente a voz común *berruga* ou *verruga,* tamén *borruga* en galego 'concreción ou excrecencia rugosa dura na pel' -ademais *barruga-*, ben galego aínda que os diccionarios sigan sen poñela, recollido xa no latín *verruca.* O cat. ten a matización de 'cume pequena redondeada'. Por Galicia adiante teño recollido *barranqueira;* en Fondo de Vila, Our. *barronca, barrouca* (vocalización do

-n), *barronqueira, barranco, barranca,* 'creba profunda no terreo', coma en Marín, Pontevedra, *barronca, barronqueira* 'valo caído, talude de terra e pedras'. Nalgures *barroqueiro* vale por 'alto, elevado', *barruquero* 'pedra grande no Alentejo, que está un paso máis atrás, coma o *barrouco* de Busnadiego. En Vedra, onde hai *barroela* 'talude no terreo', tamén hai *barroncada* o colectivo. A relación e emparellamento co tema CARR- vese en Láncara, Lugo, onde *carronza* vale por *barranca;* noutros lugares *carriozo, carronzo,* 'congostra pola que baixa a auga'. E en Galicia tamén hai *barrouca* 'cume de monte', coma no galego-leonés *barrouco.* Tales valores vense ben no verbo *esbarrondar* 'correrse o terreo, desprenderse', equivalente ó castelán *desmoronarse* (morón 'outeiro pequeno') e confirma étimo e semántica do gal. *esborrallarse, esborrallar* 'caerse unha morea de algo', que veremos logo.

Seguindo máis adiante, vemos no sur de Francia *barranc* 'precipicio'; en Languedoc *barrenc,* Alpes *baranc* e na Provenza *baren* 'rochedo a pico'; en Murcia, Levante, veremos *burra* 'ribanceira esbarrondada'. En Italia, no Val de Sesia *baranca,* sobresel. *vraunca,* calabr. merid. *varranca, barrancu* e *farrancu* (cfr. quizais tamén entre nós *farallón*), sic. *barancu,* todos con valores semellantes, coma o it. *burrone* 'barranco'. Todas estas voces amosan unha evolución semántica por medio de derivados. Xa vimos cómo viven aínda formas primitivas: vasc. *buru* 'cume, cabo, cabeza'; arredor da serra de Sanamede, Ourense, dise *bara* por 'caeira en pente dun monte', que é en Marín, Pont. *bareira.*

No Noroeste hispano hai unha especialización semántica merecente de anotarse pola deriva económica causante. Vimos en Murcia *burra* 'ribanceira esborrallada', *desmoronada.* No ámbito do antergo galego (Galicia, parte de Asturias, de León e Zamora, e norte de Portugal) e deica hai adur cincuenta anos, era cousa común o labra-las terras facendo searas ou *bouzas* (Bierzo), por medio de britadas ou rompidas. Cavar no verán grandes terróns coa aixada e deixalos secar ben co esquilme ou felga, para no agosto facer moreíñas coeles ó xeito de fornallas, co mato para baixo, e queimalos. Xa todo cinsa, *esborraballábase* a *borralla* e entrecavando, botábase o pan dous ou mais anos; así no monte sucesivamente. Non sei se ficará algún lugar; coido que polos Bergantiños. Estas pequenas moreas de terrons, tendo en conta fonética e semántica -enlace a precitada *burra-* levan estes nomes: *borreas* en Santiago, Friol, Guitiriz, Guntín, Monterramo; *borroa* en Santiago e tamén *borrueira;* en Sobrado *burrea.* O P. Crespo trai *aborrea* e *borreu.* En Ourense temos: Mugares, *borraira;* Estevesiños *borrón, borreira* en Reguengo, *borrela* en Feás e Brués. *Borrón* 'toleira ou tola', en Asturias; *borrea* é tamén en Cruces, Pont., coa que ten que ver *murrea,* forma alternante que hemos de ver adiante ó estudiar a segunda parte deste tema. Podemos, ademais, ver a relación íntima co dito de *borro* 'feluxe', *borrela* 'cinsa da colada', *borrallo, borralla* 'o que resulta de queimar as *borreas*'; *borrón, borrancho* 'tiznada de feluxe ou de tinta' e mesmo o port. *borraça* 'chuva miuda', *borraçar, borrifar* (tamén galego) 'orvalhar' e *borraçéiro* 'nevoeiro', parellos a *poalla, poalleira* 'chovisca' e *poallar* 'choviscar' en relación con *pó* (cast. polvo). Unha xeira acrara á outra e cada unha vese ben cómo se xongue a cadansúa base semánticamente. Pero, ademais, temo-los verbos correspondentes: por 'facer *borreas* ou *toleiras*' (veremo-lo parello

deste tema adiante) hai *borrear* e *aborreirar* en Santiago, *aborrallar* en Cabalar, *aborrear* en Guitiriz, *aburreiar* en Sobrado; *aborreirar* en Burón e Suarna, e *borreirar* en Friol. O contrario é no port. *esborralhar* 'extende-lo *borralho* que fica das *borreas*', mais coma termo xa aplicado, derivado, pois o gal. *esborrallar* dise con propiedade de 'desfacer unha morea de terra ou unha parede de pedra mais ben miuda' non mesmamente do *borrallo* ou *borralla;* en Santander, *desborregarse* (cfr. borrego, animal e nube) vale por 'correrse, *desmoronarse* a terra', que é en galego *esbarroncar-se.* O P. Crespo cita *borroeira* 'tola, toleira', mais tamén en Louredo de Mós, Pont., *bruxeira* (buruxeira) e *borralleira* co mesmo senso. (Cfr. *Top. Marín,* 38-41).

Hai outra deriva no tema, que xa citei. No gal. temos *barra* 'tómbolo de area onde un río desouga na mar'; coeste ten que ver *barreira* 'muro, fortificación dunha vila ou cidade', que é o leonés *barrera,* logo co valor de 'obstáculo que impide o paso'. É o cat. *barri,* prov. *barri* e fr. *barre* 'rampla'. Maigne d'Armis rexistra o b. lat. *barrium* 'muro'.

Xa vimos cómo é ben probable que este tema partise de 'rocha, cume' semánticamente. Os nosos *Barrio* ven en xeral de BARR- co sof. -ío (cfr. Vilar de Barrio sobre peneda esbura, Berreo na Cruña, etc.); en Aosta, It. *berrio* 'barrocal, rochedo'. Mais coido que partindo daquí, igual que vimos en Ast. Oc. *barroco* 'terrón moi duro', tamén chegou a valer, primeiro 'pedra areísca e logo areísca e sábrego, *barro*'; ou sexa, sería ese **barro* prerromano que se supón coma raíz do tan común cast. gal. e port. *barro;* en arag. *bardo* (rr/rd), langued. *bard.* No Morrazo, Pont. *terra barrenta* é a 'terra arxilosa con sábrego'. Por outra banda *barreira* é o sitio do *barro* mais tamén, como vimos, muro e forte, e na Gudiña e o Tameirón 'pendente no terreo ou bimbarreira' que emparella con *bareira da serra* ou *bara.* En *Toponimia de Marín* (p. 32-33) dou outras citas.

Outro subtema hai derivado desta raíz que imos estudiando, do que se ten discutido o seu: *brabo, bárbaro, barbeito* (cfr. *ibid.,* 28-31). En Galicia e mitade norte de Portugal hai varios monte e castro *Barbud, Barbude, Barbudo.* O tema prerromano incardinouse tamén no lat. *verbactum* 'terra a monte', que é no Noroeste *barbeito,* cast. *barbecho;* en port. aínda noutros tempos se ve *barbeito* 'valo, cómaro, arredor dun eido', é decir, co matiz ou sema principal de 'monte'. Ó norte de Lugo (Noriega Varela) e noutras partes, *terras a brabo* son terras de *berbeito,* que se deixan descansar algún ano e volven ó *monte,* hoxe por forza. Hoxe a meirande parte das terras está *a monte, a brabo, de barbeito,* por estar sen coutivar o mato. Nos documentos medievais vese a oposición: *terras cultas vel incultas, terras domitas vel barbaras* que tamén decían co derivado *brabas.* O leonés ten *esbrabar* por roturar, que é o cast. *desbravar;* o *brabante* é un arado para roturar ou brita-la terra. O que é de monte, salvaxe (cfr. selva, l. silva) deu en galego: *brabo-a* 'áspero, montuno, sen domar'; *brabós* 'renovos ou *candos* de castiñeiro sen enxertar' e *brabal* 'lugar de castiñeiros *brabos* (sen enxertar)'; *brabádego* 'viveiro de castiñeiros *brabos*'. Na Rioja, Logroño, *bravo* é o revento dunha árbore debaixo do enxerte, é decir *brabo* ou silvestre por non enxertado, co que ten que ver o b. lat. *barbarellum* (Maigne d'Armis) 'mato de árbores en misturanza, selva', mais tamén o *barbarus* romano. O gal. e cast. *brabío* é 'cheiro a monte, montuno,

salvaxe'; gal. *brabún* (Cuveiro) 'zorra ou zorro'. No latín, coma no grego, vese *barbarus, barbaros,* incardinado nos seus sistemas e cunha evolución semántica afín mais característica e propia de quen iba e se tiña por máis adiantado na cultura, implícita a oposición *monte vel rure / civitate --> Greci vel romani / barbari.* Ambos e dous pobos lle decían ós demais *barbari,* ou sexa, 'do monte, montunos, silvestres' e polo tanto rudos, sen maneiras, sen cultura, confundidos con "os outros", con alleos en xeral. Mais partir, forma e fondo, parte do valor radical de 'monte, rocha, cume', que ten este tema, como se ve nos autores latinos aínda: en Plinio as avespas ou avésperas son *vespis barbaris* e *luci barbari* 'matos sen coutivar, touza e poula a un tempo'. En Marcial: *rure barbaroque laetatur,* identificando *rure* con *bárbaro* ou *brabo,* en oposición á *urbe.*

Nos aspectos semánticos que imos vendo en relación coeste tema, hai alternanzas nas que compre fixarnos. Hai o gal., pal. sant. e arag. *barga* 'cerro, outeiro' e 'parte mais pina dunha costa' (cfr. *bara, bareira* 'pendente moi pina', *barreira* na Gudiña 'pendente' e *barronca* 'id' nos Ancares); prov. e cat. *barga* 'monte', fr. *barge* e *varge* 'monte e morea'. Na E. Media temos as formas metatizadas *braca, bracca* (Du-Cange, Maigne d'Armis) co valor de 'terraplén, túmulo, montecelo'; e o gót. **bairg.* É o celta, kimr. *baragod* 'ladeira', coma esp. gal. e port. *barga* 'ladeira, bareira'. Da alternanza en -e- temos, xunguindo coa derradeira, o fr. *berge* 'ribanceira', metatizado no abg. *bregu* 'ribeira, beira'; xerm. *berg* 'monte', escand. *berg,* danés *bjerg* 'monte alto', ruso *bereg* 'cuiña, outeiro' e ant. I. *beorg* 'cuiña, túmulo'; celta, irl. *breg,* galés e bret. *bre* 'monte, outeiro', e celta *berg* 'altura, cume'. Hai tamén unha alternanza con aumento en -n: bret. *bern* 'monte, altura'. Tamén en -i-: celta, galo *briga,* forma metatizada xa, onde se pode ver ben a evolución última dende o punto de vista semántico: 'pico, rocha, monte --> monte fortificado, barreira --> cidade forte nun monte --> cidade', o que acrara (mutuamente) topónimos coma *Senábriga* ou *Senábrega* --> Senabria / Siábrega / Xiabre / Seabia; o *Callubriga, Nemetobriga* (Mendoia), etc. e os actuais Callobre, Tiobre, Ogrobe (Ogobre), etc. do Noroeste; coma en Cataluña e Francia Lanobre, Talobre, Vézenobre, Vendeuvre, etc. Parello é o xerm. *burgs* 'vila forte'. No irl. hai *bri* e *breg* 'monte, cerro', e tan alá como é A Servia: *brijeg* 'cuiña, outeiro', perto do ruso *bereg* 'id'. O que vemos é que tales variantes incrementadas, derivadas, están moi espalladas e que foron herdadas ou recollidas dun sustrato anterior moito mais antergo.

Constatamos aínda outra deriva, certamente chegada ó Noroeste e á Península Ibérica coa invasión bárbara ou xermánica, o que non deixa de ser ilustrativo para entendermos o espallamento lingüístico en xeral. É a voz *burgo* tan usada no repoboamento medieval con *bonos burgos,* o *burgo* de Caldelas, Our. con un lugar de *O Burgo* na Serra do *Burgo,* un lugariño de *O Burgo* en Cela, Bueu, Pont. e outros moitos. O senso que se lle dá no ant. cast. e gal. é o de 'arrabaldo, barrio' e parece sé-lo en *O Burgo* á entrada da Cruña; en Forcarei, Pont. hai tamén *Malburgo* e en Our. Nogueira de Ramuín, *Malburguete.* Mais eu coido que o seu valor ó tempo de vir á Península foi mais ben o de 'vila, cidade fortificada' asegún a situación social e política derivada do Baixo Imperio; o de 'cidade pequena' foi unha secuencia. O b. lat. *burgus* (así en Vegetio) era *castellum paruolum quem*

burgum uocant; craro que vivía neles a xente pola intranquilidade pública e o medo á rapiña, como vemos por Paulo Orosio (*Hist.* 7, 32, 12) *crebra per limitem habitacula constituta burgos uolgo uocant,* onde semella confundirse a morada co forte e coa fraga a pico nas estremas. A voz chegounos do xerm. *burgs* 'forte, cidade fortificada', evolución parella á alternante en -e- da base oronímica que estudiamos. No lat. xerm. *burgus* 'turris' corresponde ó grego *pyrgos,* mais tamén ó b. xerm. *bourg,* irl. *borcc,* brit. *borc'h, bourch'is,* ant. prov. *borc;* gót. *baurgs, borgs,* cat. *burg,* fr. *bourg* e it. *borgo.* O grego *pyrgos* 'torre fortificada, forte' amosa tamén o senso antergo, intermedio. Na Xermania o valor primitivo teno *berg* 'montaña', forma tan abondosa na oronimia e na toponimia en xeral; poida que tamén sexa o segundo compoñente de *albergue* (cfr. Alberguería, Albergaría) chegado aquí co gót. **Haribaírgo* 'campamento, pousada' (Harjs 'exército' e *berg* 'pousada', al. *herberge,* a. a. al. *heriberga*), evolución lóxica e ben comprobada dende 'monte', como vimos enriba, deica 'poboado e morada'; o intermedio está na anterga especialización 'campamento militar'.

Matices semánticos: *prominencia, bulto, tarugo, gordo, basto.* Non está tan ben representado este campo semántico coma no primeiro nivel, mais sí que podemos citar representantes que confirman o parello evolutivo no senso. En Ramirás, Our. e no gal. en xeral, temos *burullo, brullo* 'envoltorio', cast. *burujo* e *burujón,* este co valor tamén de 'inchazo por golpe na cabeza'. No Maestrazgo *barroco* 'inchazo, *tolondro*' (cfr. barroco, tola, toleira, etc.) en Levante, que é en Tarragona *borro* 'inchazo, tolondro', tortosino *borrony* 'id.'; irl. *borr* 'morea, inchazo, tolondro'; arag. *borroño* 'nó da madeira', e tamén *borronco* (cfr. barronca, barrouco-a, atrás), salm. *borruncho* 'inchazo'. En Galicia (Razo, Marín...) *borro* é a excrecencia do millo, abultada e feluxenta a un tempo, que nos fai recordar en entrambos aspectos o *borrón* 'morea de terróns que se queima' enriba citado. Mais tamén (Laxe, Razo, etc.) hai *borrón* 'bío ou cravo de madeira, taruguiño que fixa a roda do carro no eixe'. En Fondo de Vila, Our. *barrugueiro* é abundancial de *barruga* entendida esta coma afloración pequena de rocha irregular no monte. O burato da pipa no que entra un *borrón* (bío, taruguiño) para obturar, é *borreiro* en Cambados; gal. *borreiro* 'tapón de cuba'; *borroeiro* 'abertura cadrada nas pipas grandes' en Seixo, Marín. En relación co *borrón* do millo está en Frades, Pont. *borro* 'pouso do viño' e bosta de *borrar* a pipa (tapar, tapón) en Lalín, e Medeiros, Our. Tamén hai *borrel* 'tizón do millo' en Loureiro, Cotobade, Pont.; en Frades, Pont. *morrón* 'o queimado da pavesa' que xongue o tema coa alternanza en M- que logo veremos. Co matiz de 'bulto, erupción' temos o lat. *varus* 'erupción, torobelo' co dim. *varulus;* cast. *barros* 'erupcións na cara', mesmamente coma o lat. *varus,* coma *verruca* 'pequena prominencia, *berruga*'; cast. *verruga,* gal. *barruga, berruga* e *borruga.* Cando estas erupcións se dan no gado vacuno son: *bérragos, bérracos* en Xunqueira de Ambía, Our., *bérrecos* en Ramirás, *bérregos* no Incio e Pantón, *bergos* (cfr. barga, bargo) en Guitiriz e Melide. En Galicia as excrecencias do carballo levan o nome de *borrugas,* coma nas persoas. En Goián, Pont. *borrencha* 'excrecencia, erupción ou quiste da vaca', cando *borrancha* lle din a 'erupción vexigosa producida pola ortiga', que á súa vez é *borreca* en Santiago, Crecente de Lugo e Ra-

mirás de Ourense. O fr. ten *bourreau* 'feixe de leña' e *bourrer* 'atafegar, encher', *bourru* 'brusco, basto'. Quizais poidamos traer aquí o b. lat. *burra* 'estopa groseira, basta, de longo pelame', donde o ant. prov., esp. gal. *borra,* que, como vimos tamén é o pouso do viño.

Matiz semántico: *cabeza, cabezudo, bobo, animal torpe, pesado, cabecear, golpear:* O vasc. *buru* é 'tope, cabeza', donde *buruaga* 'moca, porra' e o abundancial despectivo: *burugabe, burugogor, buruandi* 'cabezudo, bobo'. O cast. *burujón* vale por 'inchazo por golpe na *cabeza*'. O animal é *burro, borrico* en esp., gal. e port., tamén co valor de 'tonto, ceporro' (cfr. cepo, tarugo); co valor de tonto hai o gal. *burro, burrán, burreiro, burricán, burreño,* donde a acción é unha *burrada* e a condición *burremia.* Así o lat. *verres, verrus,* que é o esp. e gal. *verraco,* it. *verro,* fr. *verrat,* gal. *barrón, berrón* 'porco pai', que tamén decimos *borrón;* leonés ant. e ast. *berrón,* rosellés *verró,* fr. oc. *verrat* (-attu), que se di en port. *verrasco* e cat. *verro,* arag. *berro.* Asegún Corominas (*Dicc.* V, 791) o lat. *verres* fica no it. rét. sard. ant. fr., prov., cat. e rum. Como enriba vimos *brabío* 'cheiro a montés' e *brabún* 'zorro', hai o balear *marraco* e gal. *marrau,* cast. *marrano* que veremos na alternanza M-; *marraco* declina 'brabo, arisco, montuno'. Gal. *berrugo* 'tacaño' (cfr. taco, e borrón 'tarugo'); no esp., tamén no gal., é ben común *borrego-a, borrico* por 'bobo, tonto', e no cast. *borrego-a* por 'ovella, carneiro', co sof. *-eku/-ekku-a* tan repetido neste artigo. Por outra banda compre fixarse nos *verracos* -mogón ou mollón- lindeiro, que se repite no b. lat. *moccus* 'verraco' e *mogo, mogón, muga* 'mollón, lindeiro'. Interesa tamén ver cómo o tema que tratamos se aplica a outros animais: cast. *borro* 'borrega', *borra* 'ovella de un ano', alent. *bôrro* e *borre* 'bode, castrón', vasc. *borro* 'carneiro ou carruxo dun ano' (cfr. raíz KARR-/KARN-) que é *morueco* en cast. (raíz M-R-), bearn. *bourrec* 'vitelo', Auvernia *bourri* 'touro'; na prov. *beret* 'cabirto, año', it. *birrachio* 'vitelo dun ano' son alternancia vocálica (cfr. Corom., *Dicc.* I, 634). A voz *borrico,* l. serodio *burricus* 'cabalexo', ademais do esp. gal. e port. *borrico,* derivado evidente de *burro, borro,* está no prov. *bourric,* nav. *borrico,* lomb. *borich,* e outros dial. it. *Burro* é no prov. *bourro;* ast. oc. *barru* 'cabalo', ast. *aborricau* 'abrutado' e en Beira, Port. *burro* 'calquera animal que turra dun carro'. Podemos tamén cita-lo lat. *barrus* 'elefante', voz india.

Vimos o vasc. *buru* 'cabeza'; tamén o celta, bret. ten *bar* 'cabeza, cume, monte'. Daí o vasc. *buruas* 'cabeza en pelota, descuberta' e *buruestalki* 'cobertoira da cabeza, *gorra*'. En correspondencia vemos o I. *barren* 'calvo, pelado, esteril', onde aínda latexa a base *bar-r-* 'peneda'. De golpear coa cabeza temos o vasc. *burukatu,* de *buru,* 'topetar, dar contra' (cfr. top-etar) e *buruka* 'topetada, cabezada'. Parellamente hai o I. to *borrow* 'botar, tirar a pelota' (cfr. bot-ar). As formas privativas, lat. vg. *debarbare 'desmochar,* cortar' (cfr. mocho, mouco) que vemos en Maigne d'Armis ten o valor de 'quitar o tope, cume ou cabeza', ou sexa que tamén está implícita a base *bar-b-* (cfr. atrás *bar* 'monte, cabeza, *barb-* 'monte, cume', ollado en barbeito, etc.). O mesmo temos que pensar do sant. *desborregarse,* parello ó gal. *esborrallarse* 'correrse o terreo, unha morea de pedras ou semellante', que non se refiere por suposto a *borrego* animal -a relación é indirecta-, senón a

borrea e *borrón,* alternanza de *murrea* e *morro,* etc. co valor de *'morea,* monte, cume'.

Fixemos unha corrida en pelo en percura de formas derivadas da base *B-R que non estamos preparados para calificar nin determinar cronolóxicamente; citamos, aportamos dados constatados por distintos países de Europa, mormente na mitade occidental. Compría unha pescuda máis ancha e profunda que algún día se fará. Mais todo este elenco non está só; nas humanas vivenzas vese afectado o espacio vital enteiro. O mesmo había que facer coa toponimia, onde o home foi deixando nas etapas mais antergas o seu pensar e sentir con chamadeiros epónimos. Vexamos alguns coma mostra:

En Santiago de Compostela *Bar de Arriba* e *Bar de Abaixo* representan a forma máis sinxela; os montes e lugares Barela e Bariña (dims.) e Barón (aum.); *sub monte Varone / Barone* fúndase o mosteiro de Sª Cristiña de Ribas de Sil, 876 e 1175, ó pé de inxente caeira a tope. En S. Clodio, 1589, Our. fálase da *Soma del Varon* (cima do m. Barón). E así Estaca ou Monte de Bares, Bariz, Barosa, Barán, Baralla e Barallobre (*Bara-lio-briga), Barantes e Barrantes, Barilonga e Baralongo (= monte longo), Barouta (= monte alto), Baredo... A Barra, A Barrela, Barraña, Barrañán, Barrón, Barroso..., Barbanza (serra), monte Barbeirón, As Barbañas, Barbantes... Contei 175 nomes na toponimia mor de Galicia; na menor son innumerables. Ó norte de Port. está o Barroso, o máis alto, serra e "terra", co pico Alto Barroso ou Alturas. Podiamos seguir por Portugal abaixo, polo norte de España. En Francia: Bar, La Barben, Pic de Barané, Bargème, Bary e Barry, Barbachen, Barran...

En Italia: Baraggia de Suno, Baragiano Scalo, Baranello e Barano, Barbania, Barbarano, Barbiano, Barengo, Baressa, Barga, Bargone, Bari...

En Alemania: Barr, Berg, Bergheim, Arnsberg... Escandinavia: Mar de Barents, Bergen. Gran Bretaña: Barby, Barcombe, Barwell, Bare, Barham (ham on the hill), etc. Irlanda: Barmona, Barmeen, Barreragh (barr 'cume'), Barr of Slawin, Barrow...

*b) Alternanza *M-R*

Matices semánticos: *Tope, rocha, monte, prominencia, morea que se queima:* Hai no galego *morosa* 'penedo, rocha exenta no campo, por erosión' (Crespo); *mourenza* 'rocha', en Gustei, Our., *mourear* 'partir pedra no monte'; *marrón* 'pedra que se tira no xogo do *marro*', *morro* 'rocha mouca, cerro'; *morrullo* 'pedra espicallada', en Cangas de *Morrazo;* en Canarias *marullo* 'seixo e morea de terra'; Vilacidayo, León, *morrillo* 'pedrusco grande', igual ca en Sant.; vasc. *marra* 'mollón, estrema'; transm. *marra* 'pedra, mollón, lindeiro'; fr. dial. *marrah* 'pedrusco grande', gasc. *marralh* 'pedra grande' e *marralhero* 'caeira chea de pedras', fr. dial. *marret* 'morea', fr. *marelle* 'rochedo', sur de Fr. *mourreno* 'espedrigada'. Alpes Or. *maroc* 'rocha'. Cat. e esp. *morro* 'penedo e monte mouco' coma no Noroeste, dial. fr., prov. sardo, dial. it. e xerm., declinando tamén 'fociño'; na Prov. vese xa no XII *mor, morre* 'fociño' e hoxe *mourre* 'penedo, cerro redondeado'; en sic. *murra* 'penedo alto', ó sur de Roma *morra* 'id.'. No cat. hai *murro* 'pico que apunta de

montaña'; ast. *morrón* 'mollón, chantón de pedra, marco' (cfr. mallón, mogón adiante). Na lareira, a pedra que sostén a leña é *morillo.*

Coa xeira derradeira ten que ver as voces galegas: *morea, morica, morico, moreca* 'montón de algo', *moreón* 'morea grande'; o aparecer con -r- sinxela, a diferencia das avanditas, declinará ausencia de enfatización. No port. é *moreia*; García de Diego trai *morón* 'morea de pedra nun terreo', e en Lemos, Lu. *morón* 'terreo con restos de pedra de edificio'; en Mones, Our. *mur* 'morea de pedras'; no Bierzo *merueco* e *morueco* 'morea de seixos de río', formas que logo veremos declinando 'carneiro, carruxo' (cfr. raíz CARR-/CARN- 'pedra'). No port. *muradal* 'sitio cheo de pedra abandonada', que, polo paso de r a l deu no cast. *muladar* 'sitio á beira da muralla'; no Courel é *moradella* 'morea de pedras', o que quere decir que ven de **murata,* de *muru,* forma latina, aínda que no Lubián *muradella* declina 'morea de leña ó pé da casa', operando en realidade o sema *prominencia. Muro* vese en tódolos romances co valor de parede de pedra grosa; en ast. é *muru, muria,* mais no sur de Ourense e raia portuguesa *muro* é o nome común por 'castro', e no vasc. *muru* 'cuiña, cerro, outeiro'; gal. e port. *murar* 'facer muro' e gal. *muradouro* por muro. O abondancial: pedra miuda xunta en morea nun labrado é en gal. *morouza* e *morreira;* o it. placent. ten *murra* 'rochedo', que no sur de Fr. vale por 'cume de monte'; no it. saboy. *moraine* é a *morrena* de España que se di derivada do fr. *moraine* 'espedrizada dun glaciar', no sur de Fr. *mourreno.* A forma mais sinxela e o it. ant. *mora* 'morea de pedras'; vasc. *almora* 'morea de pedras' e *almoras* 'mámoas', mais no corso *mora* 'morea de leña, esterco', e no sur de It. *murra* 'morea e rebaño'. Os verbos din o mesmo: gal. *amorear* 'amontonar', *amorrar* 'colmar'; en Cerdedo, Pont. *amoricar* 'amontonar', en correspondencia con *morica.* O feito de desface-la *morea:* gal. *esborrallar,* port. *esboronar,* extrem. *esboronarse* 'desfacerse un terrón', cast. *desmoronar,* pertencen ó mesmo tema; os dous primeiros a alternanza B-R.

O tema, coma no gal. *morea,* non se refire somente a 'pedra'. Hai o gal. *murga* (*múrica) e *murgueiro* 'morea de feixes'; *muruzo* 'feixe que coroa o palleiro, palleira ou medouco'. En Cast. e León *morena* é a 'morea de mes ou de vexetais'; en Villacidayo, León, *morena* 'morea de gavelas ou mollos en dúas ringleiras'; en Maragatería e a Cabreira Alta, *morena* é 'morea de mollos', e en Sal. 'morea de algarrobas'; *morena* (García de Diego, 4496) 'morea de feixes' en xeral. No fr. dial. *marret* 'morea'. En Burón e Suarna *marrota-o,* Pedrafita *marrote,* é o 'medouco'.

Parellas ás derradeiras van as formas declinando 'monte'. Xa vimos que *morro* é xeral na Romania co valor de 'cerro, monte chato, fociño'. As formas aparecen sinxelas ou enfatizadas; na prov. de Pontevedra hai á vez *Moraña* 'sitio de montes' e *Morrazo* 'gran morro ou monte prominente'. *Morro* por semellanza de abultamento chato declina tamén 'fociño'. No moz. vese *mora, maura, maurena* (a alternanza ditongo/non ditongo é moi anterga) para 'cabezo, outeiro, monte'; hémolo de ter en conta para explica-la confusión en torno ós nosos *mouros,* ademais do valor *muro* 'castro' e toda a xeira de termos que imos citando. Os mouros de África da tradición e lendas populares, son unha reencarnación imaxinaria dun mito anterior creado a partir dos nosos devanceiros moradores dos castros nos

montes e dos fabricantes dos megalitos, que *moureaban* (traballaban coa pedra) nos montes; "outros" homes que baixaron ó val cos romanos e houberon de trocar de vida, e de habitat, que de *mouros* pasaron a cristians.

En Sonán, Lu. *mura* 'cómaro nun eido ou arredor'. En Pantón *morón* é 'terreo sen cultivar', equivalente ó *barbeito* ('de monte') xa visto; García de Diego trai *morón* 'montecelo' e o cast. ten *desmoronar* 'desfacer unha morea'. En Ogrobe *morraza* 'tómbolo de area xa con herba de pasto, na ría' é na Garda *morraceira* 'tómbolo que ergue no río ou á beira do río Miño'; en Gorgullos, Co. *morrañada* 'cómaro, valo con matorreira arredor dun eido'; en Toba, *marousa, marousal* 'valo, cómaro con silvas arredor dun eido', ollado a recadén: *morouza* 'morea de pedras'. O port. ten *morouço* 'montecelo'. En Casasoá, X. de A. Our. *moruxeiro ou maruxeiro* é valo ou defensa dunha medorra. No cast. dial. *morón* 'teso'; salm. *morrión* 'teso alto', na Maragatería *morra* 'altura' e *morrón* 'altura grande'. O vasc. *murru* é 'morea informe e monte pequeno' e *muru* 'cuiña' mentres que *murua* 'outeiro' (*buru* 'cabeza'); sur de Fr. *murra* 'pico de monte' e nos Alpes *mourre* 'cima, cume'; tosc. *morello* 'poio'. No I. hai *moor* 'páramo, monte baixo', no ant. I. *mor* 'cómaro, sebe arredor dun eido e páramo'; o ant. I. tiña tamén *maer* 'sebe', coma o sueco *mar* e ant. escand. *marr* 'sebe, charca', anque estes ben poden relacionarse co ant. I. *mere* 'lago'. Quizais teña relación co noso tema o irl. *mor* (I. more) 'grande, voluminoso'.

O mesmo que vimos na alternanza B-R, tamén con M-R fican no Noroeste termos que avalan unha evolución especial aquí, parella á correspondente evolución económica e social. É o matiz significativo 'morea de terrón que se queima para facer seara'; A. Otero rexistra *murré* 'morea de terrons con broza, que se queima'; en Silleda, *murradas* 'id', coma (Valladares), *murrea, murrada.* García de Diego rexistra *murrea, murrada* 'morea de pedra miuda'. Nalgures en Galicia, por ex. Loxo (A. Otero) *cavar a morro* é 'cavar a terrón' onde se ve o valor primitivo: *morro* 'terrón, bloco, etc.'. O P. Crespo trai *amurrada, amurreda,* que en Louredo de Mós, Pont. é *murrés, morreira, morriñada* por 'tola, toleira' (cfr. *morrañada* 'valo con mato' en Gorgullos). O emparellamento fonético e semántico, meras alternanzas, coa xeira en B-R, está a ollo: *murrea/borrea, borraira/morreira,* etc. Cavar a *morro* coma cavar a terrón é a primeira alaboura cando se quere pór un terreo que está a monte en labradío. Unha morea de terrons secos, coa felga, a xeito de fornalla, que se queiman para logo sementar o pan.

Como vimos na versión anterior, aquí deuse un paso semántico que inza a partir do feito de os terrons converterse en cinsa, pó, en *borralla-o,* dim. craro de *borra,* aínda que *esborrallarse,* como vimos, non é desfacerse en *borrallo* ou cinsa, senón *desmoronarse,* desfacerse unha *morea.* A semellanza entre esa cinsa e o pó e a chuvia miudiña e a súa forma de caer (cfr. *poallar* 'orballar' e *poalleira* 'orballeira') causou no Noroeste outro campo semántico. Vese que a linguaxe está ó servicio das vivencias do home, e aquela evoluciona coestas. Así temos: en Guitiriz *morrón* 'néboa baixa e espesa' (cfr. *borrón* 'fungo do millo e taruguiño'), coma *borrifar* 'orballar', port. *borraca* 'chuva miuda' e *borraçar* o verbo, etc. E referido á cinsa: *mourar* 'luxar' en Frades, Pont.; *mouracan* 'poeira'; o tizón ou fungo (pó negro, coma cinsa) do millo e o pan é en Santiago e Novefontes *mourón,* en Burón e

Suarna *murrión;* o cabo queimado e en cinsa da pabesa do candil: *morraco* en Medeiros e *marruco* en Fondo de Vila, Our., en Frades de Pont. *morrón;* en Verín *morraco* 'parte queimada do cigarro', que é *marruco* en Ramirás (cfr. port. dial. *marrucar* 'cabecear co sono') e así gal. *esmorroar* 'espabilar a pabesa'. En realidade nestes casos deuse unha suma: *cabo de, parte queimada.* Emparellan co dito a recadén de: *borro* 'feluxe', *borrela* 'cinsa da colada', *borrón-ancho* 'tiznada', etc.

Matiz semántico: *prominencia, bulto, tarugo, basto, gordo:* gal. *mourón* 'machón de porta'; en Feás, Co. *mourón* 'tentemozo do carro'. Gal. *morra* (cfr. moca, mona) 'pau con abultamento no cabo', mais usado en León: Vilacidayo, id., e *morras* 'excrecencias que botan as árbores no pé, moi duras'; gal. port. cast. cat. etc. *morro* 'cousa abultada, fociño', donde *morrada, morrazo,* por ex. en Galicia, Oc. de Ast. e bable, Villacidayo, salm. etc.; na Mezquita, Our. dise *murrio;* en port. *murro, murraça* 'puñetazo'. En Cariño, Co. *morrón* 'peza de ferro en bloco macizo que hai no peirao para amarra-los barcos'. O gal. *marra, marreta,* 'maza de ferro mais ou menos grandes', que parellamente se chama tamén *porra, porreta;* o golpe é un *marrazo;* no ant. esp. *marrazo* 'machada de cortar leña' (cfr. gal. *picar* e *pitar* 'cortar leña'). O fr. *marro* 'aixada', lat. *marra* 'id.', gr. *marron* e asirio *marru* son deste tema.

O xogo do *marro* debeuse de chamar así polo *borrón* ou *mourón* que se afincaba no centro do campo de xogo e que marcaba o límite entre ambos contendentes. Outra forma é o *marro* (tamén en cast.) que se xoga afincando un estacón *(marro)* no chan e gana quen atina ou deixa perto a pedra *(marrón)* que se lle arrebola. Ambos e dous existen en varias partes. O cast. de And. ten *marro* 'pau da billarda'. En Zamora *morreo* 'xogo en que o que perde ten que arrincar cos dentes unha estaquiña'. O vasc. ten *morrio* 'botón, brote', co que ten relación *morritz* 'romo', *morroko* 'tolondro' (cfr. *borro* 'id.' en Tarragona), e *morrotu* 'botar reventos as plantas'. No esp. *morrillo* 'cogote abultado'; xa vimos en Pedrafita, Lugo, *morrudo* 'árbore con moitos nós'. A revento, chantón, tamén compre referir o vasc. *murrió,* prov. Madrid *murón,* e en Gran. e Almería *morrón* 'mugrón, bacelo de videira'. En Cabalar, Co. *marroca* dinlle á flor en mazaroca da cebola; *marruzo* 'clase de cereixa' e *marouza* 'froito de cereixeira silvestre'. En Fondo de Vila, Our. *amoroñarse* é 'facerse un *burullo,* encollerse', onde *morreco* 'persoa pequena e grosa'. O vasc. *morroko,* ademais de 'tolondro' declina 'basto, rudo'; o gal. *morondón* 'muller grosa e desaxeitada', coma *morcón* (*morocone) 'persoa grosa e burda'. O que está de *morros,* enfadado, dise *morolo* no Courel, *morollo* 'apenado', mais referidos, semánticamente, a *cabeza,* igual ca *morriña,* etc. E nesta deriva entrará tamén o a. a. al. *marren* 'impedir, estorbar', xerm. occ. *marrjan* e al. dial. *murro* 'de morros' e o verbo *murren* 'estar de morros e protestar', tendo en conta as alternanzas vocálicas, aínda que nos derradeiros a relación debe de ser directamente con *morro* 'fociño'.

Polo feito de ser globulosos, máis gordos cos ordinarios, podemos tamén relacionar coa base *M-R o fr. *marron* ('grosse châtaigne'), milan. *marrone,* fr. *marelle, mérelle* 'botón, brote' (cfr. vasc. *morrotu* 'brotar', esp. dial. *murrón* 'mugrón'), tamén un xogo, ant. *marel, merel, méreau,* que Wartburg (*Dict.* s.v.) re-

fire certeiramente ó prerro. **Marr-* 'pedra', con outros derivados por Italia e Iberorromania. Do xerm. *marrjan* ven o I. *mar* 'estorbar'.

Campo semántico *cabeza, dar golpes:* En parte están comprendidos no campo anterior; ó fin e ó cabo *cabezo* e *cabeza* ambos e dous *tope* son. *Morra* en gal. é pau con cabeza ou abultamento (moca, morra, porra...); moz. *morra* 'testa e morro', cast. *morra* 'cabeza, parte superior dela' (Corom. s.v.; García de Diego 4494a), fem. de *morro* especializado en 'cabezo, coto dun monte, cerro, fociño', espallado por toda a Romania. O cast. *andar al morro, a la morra* equivale a 'andar a golpes, a trompazos', relacionado etimoloxicamente e no senso coa cabeza. Esto vese ben no port. dial. *marrucar* 'cabecear de sono' (cfr. topenear, topar, tutar, tostar, moquear...), e o esp. *morocada* 'topetada, testarada de *morueco*' (cfr. *morreco* 'pequeno e groso'); sant. *morrear* 'cornear o carneiro' ten relación con *morra* 'cabeza, tope redondeado', donde o ast. de Cabranes *morra* 'res sen cornos' (cfr. mouca, mocha, mona...); en cast. *morrada* dise de dous cando se 'topan cabeza con cabeza' e *morrón* 'golpe, caída'. No Lubián, gal. de Zamora, *esmorriar* 'ferir na cabeza' e no salm. *moroar* 'toparse coas cabezas', supón a mesma base alternante. O esp. *morrión,* it. *morione* é o que vai na *morra* ou cabeza para defendela, coma o *morral* 'fardelo do morro, bolso de cazador', cat. e arag. *murralas* 'bozal', parm. *moraña* 'narigón', log. *ammurrare* 'ata-la vaca para munguila' e o gal. *amorrar* 'suxetar polo morro'. En Fondo de Vila, Our. hai *amorroar* 'comer de morro' o que fai o vacuno para pacer cando é guelfo'. O vasc. *morral* 'mozo' e *mozo* mesmo ten étimo parello e proceso semántico igual, donde vasc. *morrosko* 'mocetón', mais *morroko* 'tolondro'. Morral, esp. e gal., ademais de 'cebadeira, fardelo', ten o valor de 'pesado, tardo, groseiro' que se pode relacionar igual coa cabeza (cabezota, cabezón) que co corpo voluminoso; igual que *mozo* ten orixe no costume antergo de iren pelados ou trasquilados, *morra* (Cabranes) é res sen cornos e o cast. *morondo, moroncho* vale por 'pelado de cabelo ou de follas'. No S.O. de Fr. *murra* é tope ou punta de monte, mais no calabr. *murra* declina 'res ou rebaño e morea', igual ca na mitade oriental de Ourense se lle di *res* ó rebaño enteiro por sinécdoque, xa que, de seu, tanto *murra* coma *res* (cfr. lat. *res* 'cousa') son unha *cabeza* de gado.

Tamén relacionado coa *murra* 'cabeza' (no S.O. Fr. *mur,* prov. e cat. *morre* 'cabezo, morro') está enfermedade que afecta á cabeza: gal. *morriña* 'mal de ausencia', port. *morrinha* 'id', e o adx. *morriñoso* que en Cuba din *morruñoso* 'quen a padece'; cast. *morriña* 'tristeza, mal da cabeza dos animais mormente a ovella'; en Villacidayo e Lena *morrina* 'mal á cabeza da ovella', que é *murria* no bable e *morriña* no salm.; *murria* se di tamén en Melide, Co. á do animal, mentres que *morriña* á das persoas. Que a deriva é real vese polo termo *morroeira* 'sopor', de Friol, Lu. e mesmo por *amorrar* (gal.) 'porse de morros', no esp. de Chile *amurrarse* 'estar descontento' e *murrio* 'triste' ('de morros'), ant. esp. *murria* 'tristeza'.

En Láncara, en Sisterna de Ast. *marollu;* en Burón, Suarna, Cedofeita e Monterramo *murón* 'o que está de morros, que vai co *coto* baixo'. En cast. *moraga* 'mangado de espigas' e *moragar* 'pór en mangados', polo abultado da forma, coma en Pont. *marouza* 'medouco de cana de millo', e en Frades, Pont. *marouco* 'feixiño

En realidad, sería ingenuo esperar mayor uniformidad. No se puede perder de vista que la frecuencia de los fonemas en un texto depende básicamente de la frecuencia de las palabras que lo forman. En los textos más amplios de los estudiados aquí, algunas de las palabras más frecuentes en español muestran también

(11) Este mismo coeficiente es mucho menor en el caso de /N/ porque sólo cuentan los casos en que se ha trabajado con el archifonema.

(12) En este caso está clara la causa: Alarcos considera más casos de neutralización. Cf. supra, nota 5.

importantes oscilaciones (13). Es lógico, por tanto, que encontremos discrepancias importantes en la frecuencia con que aparecen los fonemas en textos distintos y, como consecuencia de lo anterior, los resultados que arrojan los recuentos (que suponen la integración previa de los fragmentos o los textos estudiados) también presentan divergencias.

La única forma de vencer esas dificultades o, cuando menos, de paliar sus efectos consiste en trabajar sobre muestras amplias y suficientemente variadas. En ese sentido, el corpus estudiado en este trabajo, constituido por algo más de tres millones y medio de realizaciones de fonemas, constituye un conjunto de entidad suficiente para ser considerado como representativo de la población (14). Tal como deja ver la tabla 3, contiene textos de características bastante heterogéneas y, como consecuencia de ello, es también un buen reflejo de la diversidad existente.

Su mayor defecto es, sin duda, el no contener transcripciones de textos orales, lo cual resultaría un inconveniente de cierta importancia si llegara a demostrarse que las frecuencias fonemáticas en textos orales difieren sistemáticamente de las que se encuentran en textos escritos. Para evitar esa dificultad y aprovechar al máximo las ventajas de haber adoptado un sistema de transcripción idéntico al empleado por Quilis y Esgueva, me he permitido fundir los dos recuentos en un conjunto único (cf. tabla 8). Se alcanza así un total de algo más de 3.800.000 realizaciones de fonemas. La diferencia de tamaños de ambos recuentos hace que el peso de la muestra de Quilis y Esgueva (que supone el 4,21 % del total) sea reducido, pero introduce todavía mayor variedad en el conjunto y, por tanto, permite llegar a resultados más fiables (15).

En la tabla 8 encontramos, entre otros datos, los porcentajes de aparición correspondientes a cada fonema y, por tanto, la probabilidad general de aparición de cada uno de ellos: la probabilidad de encontrar una realización de /a/ es 0,134, la de dar con una realización de /k/ es 0,0382, la de una consonante cualquiera es igual a 0,5286, etc. La probabilidad de aparición de cada uno de los elementos en la muestra que hemos construido es, sin duda, la mejor estimación que podemos manejar para intentar conocer la que cada uno de ellos presenta en la población (el conjunto de los textos). El cálculo no es complicado. Además de la proporción de los distintos elementos, necesitamos conocer el error estándar de cada uno de ellos (16). El producto del error estándar por la puntuación *z* correspondiente al

(13) Así, *a* oscila entre el 1,90% y el 2,86%, *de* lo hace entre el 4,58% y el 6,71%, etc. Inciden también sobre la frecuencia de los fonemas las diferencias en el léxico empleado, aunque este factor es mucho más difícil de cuantificar.

(14) El tamaño de muestra que se necesita en un fenómeno con un porcentaje de aparición del 12,5% para que podamos estar seguros de no cometer una desviación superior al 0,1% en el 99% de los casos (cf. Butler, 1985, 62) es 728.044. La muestra estudiada aquí es cinco veces mayor que la exigida con esos requisitos, de modo que podemos estar razonablemente seguros de los valores obtenidos.

(15) Nótese que la adición de esta segunda muestra deshace el empate entre /a/ y /e/. /e/ pasa a primera posición, aunque sea con solo 0,11 de diferencia, a pesar del carácter mayoritariamente escrito del corpus manejado.

(16) El error estándar de una proporción está en función de la proporción y del tamaño de la muestra. La fórmula es

$\sqrt{p(1-p)/N}$, donde p es la probabilidad del elemento y N es el tamaño de la muestra.

margen de confianza con que deseamos trabajar (en este caso he utilizado el 99%, con $z = 2{,}58$) da las cantidades que hay que sumar o restar a la proporción obtenida para obtener los límites entre los que debe encontrarse el valor del total de la población.

Esos datos, reconvertidos ya en porcentajes, figuran también en la tabla 8. Significan que podemos tener una seguridad del 99% en que el porcentaje de /a/ en el total de la población oscila entre 13,36 y 13,45 (como se ve, a una distancia de 0,04 ó 0,05 del resultado obtenido en el análisis de la muestra) (17). De modo semejante, el porcentaje de /m/ estará situado entre 2,56 y 2,60, el del total de las vocales entre 47,07 y 47,20, etc. (18). Los datos de esta tabla constituyen, creo, la mejor aproximación que puede hacerse a la distribución de los fonemas en español: establecen el terreno en cuyo interior debe estar el porcentaje de cada fonema en el conjunto de la población. Aunque ello no implica que las frecuencias halladas en un texto concreto tengan que estar comprendidas entre esos límites, los márgenes calculados constituyen un punto de referencia de indudable utilidad para situar cualquier texto en relación a los valores generales de la población.

REFERENCIAS BIBLIOGRAFICAS

Alarcos Llorach, E. (1971), *Fonología española*, Madrid, Gredos, 1971[4].

Butler, Ch., (1985), *Statistics in Linguistics*, Oxford, Blackwell, 1985.

Delattre, P. (1965), *Comparing the phonetic features of English, German, Spanish and French*, Heidelberg, Groos, 1965.

Guirao, M. y A. M. Borzone de Manrique (1972), "Fonemas y sílabas y palabras en el español de Buenos Aires", *Filología*, 16, 1972, págs. 135-165.

Haber, A. y R. P. Runyon (1973), *General Statistics*, Reading (Mass.), Addison-Wesley. Trad. esp. de R. Lassala Mozo, Bogotá, 1973.

Lloyd, P. M. y R. D. Schnitzer (1967), "A Statistical Study of the Structure of the Spanish Syllabe", *Linguistics*, 37, 1967, págs. 58-72.

Mosterín, J. (1981), *La ortografía fonémica del español*, Madrid, Alianza, 1981.

Muller, Ch. (1968), *Initiation a la Statistique linguistique*, París, Larousse, 1968. Versión esp. de A. Quilis, *Estadística lingüística*, Madrid, Gredos, 1973.

Navarro Tomás, T. (1946), "Escala de frecuencias de los fonemas españoles", en *Estudios de fonología española*, Nueva York, Las Américas, 1966[2], págs. 15-30.

Quilis, A. y M. Esgueva (1980), "Frecuencia de fonemas en el español hablado", *Lingüística española actual*, 2/1, 1980, págs. 1-25.

Woods, A., P. Fletcher y A. Hughes (1986), *Statistics in Language Studies*, Cambridge, Cambridge Univ. Press, 1986.

(17) La asimetría es producida por la acumulación de redondeos al segundo decimal.

(18) La proximidad de los límites se debe, claro, al enorme tamaño de la muestra, que es lo que da fiabilidad al recuento. Si hubiéramos obtenido el mismo porcentaje de /a/ en una muestra de 100.000 elementos, la proyección de ese resultado a la población daría un error estándar de 0,00105 y, como consecuencia de ello, los límites estarían situados entre un mínimo de 13,13% y un máximo de 13,67%. Como se ve, hemos pasado a una oscilación de $\pm$ 0,27.

Zipf, G. K. y F. M. Rogers (1939), "Phonemes and variphones in four present-day romance languages and classical latin from the viewpoint of dynamic Philology", *Archives Néerlandaises de Phonétique experimentale*, 15, 1939, 111-147.

Apéndice: Textos utilizados

[*Bunge*]	Bunge, Mario: *Lingüística y filosofía*, Barcelona, Ariel, 1983.
[*Caimán*]	Buero Vallejo, A.: *Caimán*, Madrid, Espasa-Calpe, 1981.
[*Carta*]	Colinas, Antonio: *Larga carta a Francesca*, Barcelona, Seix Barral, 1986.
[*Crónica*]	García Márquez, Gabriel: *Crónica de una muerte anunciada*, Madrid, Mondadori, 1987.
[*Diego*]	Poniatowska, Elena: *Querido Diego, te abraza Quiela y otros cuentos*, Madrid, Alianza / Era, 1987.
[*Glenda*]	Cortázar, Julio: *Queremos tanto a Glenda*, Madrid, Alfaguara, 1981, 4ª. edición.
[*Historias*]	Bioy Casares, A.: *Historias desaforadas*, Madrid, Alianza, 1986.
[*Jóvenes*]	Aldecoa, Josefina: *Porque éramos jóvenes*, Barcelona, Seix Barral, 1986.
[*Laberinto*]	Mendoza, Eduardo: *El laberinto de las aceitunas*, Barcelona, Seix Barral, 1982.
[*Mirada*]	Guelbenzu, José María: *La mirada*, Madrid, Alianza, 1987.
[*Paisajes*]	Goytisolo, Juan: *Paisajes después de la batalla*, Barcelona, Montesinos, 1982.
[*Ratón*]	Sánchez Ferlosio, Rafael: *La homilía del ratón*, Madrid, El País, 1986.
[*Sonrisa*]	Sampedro, Jose Luis: *La sonrisa etrusca*, Madrid, Alfaguara, 1985.
[*Sur*]	García Morales, Adelaida: *El sur (seguido de Bene)*, Barcelona, Anagrama, 1985.
[*Ternura*]	Martínez de Pisón, I.: *La ternura del dragón*, Barcelona, Anagrama, 1988, 3ª. edición.
[*Tiempo*]	Paz, Octavio: *Tiempo nublado*, Barcelona, Seix Barral, 1983.
[*Usos*]	Martín Gaite, Carmen: *Usos amorosos de la postguerra española*, Barcelona, Anagrama, 8ª ed., 1988.

	Zipf-Rogers	Navarro	Alarcos	Delattre	Lloyd-Schnitzer	Guirao-Borzone	Quilis-Esgueva	Mosterín	Rojo	Media	Desv. estándar	Coefic. variación
/a/	14,06	13,55	13,70	13,06	15,21	12,45	12,19	12,13	13,46	13,22	0,95	7,14 %
/e/	12,20	12,92	12,60	14,06	9,73	14,51	14,67	13,89	13,46	13,23	1,48	11,32 %
/i/	4,20	6,81	8,60	4,63	8,53	7,27	7,38	7,97	7,51	7,34	1,18	16,82 %
/o/	9,32	9,11	10,30	9,21	10,27	9,85	9,98	9,23	9,55	9,69	0,45	4,66 %
/u/	1,76	2,82	2,10	1,87	2,77	3,08	3,33	3,27	3,15	2,80	0,51	18,91 %
diptongos	2,02											
tot. voc.	43,56 (sin recalcular)	45,21 (recalculados)	47,30	42,83 (recalculados)	46,51	47,16	47,55	46,49	47,13	46,27 (sin Zipf Rogers)	1,47	3,20 %
	(N=5.000)	(N= 20.000)	?	?	(N=aprox. 500.000)	(N= 62.980)	(N= 160.000)	(N= 58.620)	(N= 3.641.915)			

TABLA 1
Porcentaje de vocales según diferentes recuentos

	Zipf-Rogers	Navarro	Alarcos	Lloyd-Delattre	Schnitzer	Guirao-Borzone	Quilis-Esgueva	Mosterín	Rojo	Media	Desv. estándar	Coefic. variación
/b/	3,26	2,46	2,50	2,85	2,92	2,45	2,37	2,10	2,65	2,54	0,25	9,76 %
/B/			0,10		0,13		0,03		0,08	0,09	0,04	42,82 %
/c/	0,30	0,29	0,40	0,32	0,57	0,33	0,37	0,15	0,27	0,34	0,11	33,35 %
/d/	5,06	4,85	4,00	5,20	3,81	4,16	4,24	4,59	4,72	4,45	0,44	9,92 %
/D/			0,25		0,23		0,31		0,25	0,26	0,03	11,54 %
/f/	0,72	0,70	1,00	0,52	1,46	0,67	0,55	0,88	0,68	0,81	0,29	35,67 %
/g/	1,02	1,01	1,00	0,71	1,46	0,94	0,94	0,84	0,87	0,97	0,21	21,19 %
/G/			0,25		0,31		0,28		0,22	0,27	0,03	12,66 %
/j/	2,40	0,39	0,40	2,94	0,15		0,41	0,09	0,21	0,66	0,94	143,40 %
/k/	3,84	4,10	3,80	4,64	3,76	4,37	3,98	3,95	3,81	4,05	0,29	7,15 %
/l/	5,20	5,29	4,70	3,84	2,96	4,25	4,23	4,98	5,12	4,42	0,72	16,33 %
/m/	2,98	3,00	2,50	3,73	2,48	3,04	3,06	2,74	2,56	2,89	0,39	13,52 %
/n/	5,94	6,73	2,70	7,01	2,34	7,67	2,78	7,99	2,39	4,95	2,43	49,05 %
/N/			3,70		4,44		4,86		5,10	4,53	0,53	11,75 %
/ɲ/	0,36	0,35	0,20	0,30	0,28	0,28	0,25	0,00	0,19	0,23	0,10	43,27 %
/p/	2,92	2,97	2,10	2,29	2,36	2,76	2,77	2,40	2,59	2,53	0,27	10,79 %
/ɾ/	1,04	0,78	0,60		1,17	0,50	0,43	0,81	0,73	0,72	0,23	31,67 %
/r/	5,90	5,73	2,50	6,23	8,24	5,58	3,26	5,59	3,66	5,10	1,74	34,13 %
/R/			4,50				1,93		2,11	2,85	1,17	41,15 %
/s/	8,12	8,24	8,00	8,35	4,26	9,72	8,32	9,01	7,55	7,93	1,52	19,13 %
/t/	4,46	4,67	4,60	4,74	5,32	4,92	4,53	4,40	4,31	4,69	0,30	6,38 %
/x/	0,58	0,49	0,70	0,37	1,02	0,65	0,57	0,73	0,73	0,66	0,18	27,53 %
/ʎ/	0,60	0,58	0,50	0,47	0,60		0,38	0,31	0,38	0,46	0,10	21,89 %
/θ/	1,74	2,16	1,70	1,42	2,49		1,45	1,95	1,69	1,84	0,36	19,60 %
/w/				1,25				0,01		0,63	0,62	97,94 %
/ʒ/						0,55				0,55		
Tot. cons.	56,44 (sin diptongos)	54,79 (recalculado)	52,70	57,18 (recalculado)	52,76	52,84	52,30	53,52	52,87	53,62 (sin Zipf Rogers)	1,52	2,84 %
	(N=5.000)	(N= 20.000)	?	?	(N=aprox. 500.000)	(N= 62.980)	(N= 160.000)	(N= 58.620)	(N= 3.641.915)			

TABLA 2
Porcentajes de consonantes según diferentes recuentos

	Caimán	Crónica	Bunge	Mirada	Sur	Ternura	Glenda	Historias	Diego	Paisajes	Carta	Jóvenes	Laberinto	Tiempo	Usos	Sonrisa	Ratón
/b/	2,58	3,08	1,77	2,97	3,00	3,23	2,97	2,96	2,89	2,58	3,10	3,44	2,72	2,01	2,51	2,91	1,71
/B/	0,04	0,03	0,40	0,04	0,05	0,05	0,07	0,05	0,05	0,12	0,06	0,07	0,07	0,10	0,07	0,04	0,14
/c/	0,47	0,24	0,23	0,24	0,25	0,25	0,32	0,25	0,36	0,23	0,27	0,28	0,28	0,17	0,32	0,32	0,21
/d/	4,04	5,15	4,02	4,98	4,53	4,55	4,84	4,36	4,40	4,84	5,06	4,92	4,71	4,71	4,74	4,21	5,39
/D/	0,19	0,12	0,29	0,21	0,18	0,17	0,22	0,23	0,19	0,27	0,22	0,38	0,21	0,35	0,25	0,25	0,31
/f/	0,59	0,61	0,90	0,56	0,51	0,64	0,65	0,62	0,59	0,78	0,71	0,63	0,60	0,73	0,73	0,56	0,94
/g/	0,74	0,89	1,14	0,80	0,87	1,09	0,87	0,97	0,96	0,87	0,86	0,91	0,92	0,71	0,79	0,87	0,82
/G/	0,10	0,13	0,64	0,17	0,10	0,10	0,14	0,17	0,12	0,32	0,15	0,14	0,21	0,39	0,24	0,11	0,39
/j/	0,40	0,27	0,13	0,18	0,40	0,19	0,23	0,24	0,24	0,17	0,14	0,23	0,28	0,12	0,17	0,33	0,11
/k/	3,32	3,87	4,03	3,65	4,03	3,80	3,60	4,12	3,71	3,57	3,61	3,48	4,04	3,46	3,92	3,61	4,45
/l/	4,29	5,22	5,22	5,37	3,73	5,48	5,29	4,80	5,04	5,07	5,06	5,16	4,80	5,69	4,88	5,03	5,74
/m/	2,35	2,47	2,33	2,14	3,05	2,46	2,61	2,81	2,70	2,41	2,34	2,30	2,75	2,41	2,50	2,52	2,91
/n/	3,28	2,21	2,44	1,99	2,46	2,14	2,31	2,46	2,34	2,33	2,32	2,22	2,32	2,79	2,41	2,49	2,22
/N/	4,15	5,15	5,87	5,28	5,16	5,00	5,13	5,13	4,97	5,15	4,82	4,90	5,04	5,10	5,27	5,11	5,19
/ɲ/	0,20	0,16	0,06	0,18	0,20	0,25	0,14	0,19	0,23	0,14	0,16	0,20	0,20	0,11	0,23	0,35	0,15
/p/	2,28	2,78	2,60	2,57	2,51	2,39	2,45	2,83	2,49	2,44	2,39	2,59	2,74	2,35	2,59	2,55	3,01
/ɾ/	1,31	0,63	0,48	0,77	0,67	0,63	0,66	0,74	0,78	0,82	0,76	0,69	0,74	0,77	0,64	0,86	0,58
/r/	3,58	3,73	3,30	3,47	3,66	3,58	3,72	3,94	3,80	3,64	3,70	3,64	3,65	3,66	3,66	3,76	3,53
/R/	2,47	2,49	1,87	2,35	2,10	2,09	2,12	2,37	1,98	2,06	2,15	2,09	2,25	1,69	2,15	1,95	2,23
/s/	8,82	7,17	8,68	7,28	7,28	7,39	7,48	6,51	7,96	8,30	7,72	7,33	7,12	8,74	8,00	7,61	6,06
/t/	4,57	3,95	4,90	4,27	4,32	4,07	4,06	4,21	4,32	4,73	4,08	4,00	4,44	4,47	4,36	4,27	4,21
/x/	0,59	0,67	0,72	0,72	0,68	0,69	0,78	0,80	0,76	0,68	0,69	0,99	0,70	0,57	0,74	0,92	0,67
/ʃ/	0,48	0,40	0,13	0,45	0,63	0,50	0,41	0,31	0,43	0,36	0,56	0,36	0,41	0,15	0,34	0,50	0,27
/θ/	1,45	1,39	2,00	1,89	1,63	1,53	1,58	1,42	1,45	1,78	1,79	1,63	1,66	2,00	1,73	1,36	2,03
Tot. cons.	52,29	52,81	54,15	52,53	52,00	52,27	52,65	52,49	52,76	53,66	52,72	52,58	52,86	53,25	53,24	52,49	53,27
/a/	13,64	14,35	11,71	14,02	14,40	13,59	14,05	13,15	13,88	12,77	14,43	14,00	12,68	12,02	13,90	13,88	13,33
/e/	12,75	12,62	13,26	13,52	13,89	13,37	13,44	13,94	13,42	13,01	13,06	13,30	13,85	12,45	13,62	13,94	14,12
/i/	7,68	7,08	8,47	6,83	7,50	7,71	7,07	7,04	6,97	7,81	7,18	7,47	7,61	9,39	7,47	6,61	7,40
/o/	10,46	10,07	8,99	9,64	8,74	9,71	9,70	10,01	9,74	9,21	9,26	9,41	9,83	9,78	8,75	9,87	9,53
/u/	3,16	3,08	3,41	3,48	3,46	3,36	3,07	3,36	3,20	3,55	3,36	3,25	3,17	3,11	3,04	3,21	2,35
Tot. cons.	47,69	47,20	45,84	47,49	47,99	47,74	47,33	47,50	47,21	46,35	47,29	47,43	47,14	46,75	46,78	47,51	46,73
Total	99,98	100,01	99,99	100,02	99,99	100,01	99,98	99,99	99,97	100,01	100,01	100,01	100,00	100,00	100,02	100,00	100,00
N=	103.096	121.513	131.931	134.390	136.861	139.307	173.414	175.525	202.693	207.194	214.895	222.651	300.552	314.050	324.126	352.440	387.277

TABLA 3
Frecuencia de los fonemas en los distintos textos (en porcentajes)

	Valores medios	Valor mínimo	Valor máximo	Variación estándar	Coefic. variación
/b/	2,73	1,71	3,44	0,48	17,51 %
/B/	0,09	0,03	0,40	0,08	98,18 %
/c/	0,28	0,17	0,47	0,07	24,08 %
/d/	4,67	4,02	5,39	0,37	7,97 %
/D/	0,24	0,12	0,38	0,06	27,14 %
/f/	0,67	0,51	0,94	0,11	17,16 %
/g/	0,89	0,71	1,14	0,11	12,08 %
/G/	0,21	0,10	0,64	0,14	66,41 %
/j/	0,23	0,11	0,40	0,09	38,46 %
/k/	3,78	3,32	4,45	0,28	7,44 %
/l/	5,05	3,73	5,74	0,47	9,33 %
/m/	2,53	2,14	3,05	0,23	9,23 %
/n/	2,40	1,99	3,28	0,28	11,58 %
/N/	5,08	4,15	5,87	0,32	6,26 %
/ɲ/	0,19	0,06	0,35	0,06	33,17 %
/p/	2,56	2,28	3,01	0,18	7,17 %
/r̄/	0,74	0,48	1,31	0,17	23,05 %
/r/	3,65	3,30	3,94	0,14	3,71 %
/R/	2,14	1,69	2,49	0,20	9,47 %
/s/	7,61	6,06	8,82	0,73	9,58 %
/t/	4,31	3,95	4,90	0,25	5,79 %
/x/	0,73	0,57	0,99	0,10	13,89 %
/λ/	0,39	0,13	0,63	0,13	32,32 %
/θ/	1,67	1,36	2,03	0,22	12,94 %
Tot. cons.	52,82	52,00	54,15	0,53	1,00 %
/a/	13,52	11,71	14,43	0,78	5,80 %
/e/	13,39	12,45	14,12	0,48	3,55 %
/i/	7,49	6,61	9,39	0,64	8,51 %
/o/	9,57	8,74	10,46	0,45	4,71 %
/u/	3,21	2,35	3,55	0,26	8,20 %
Tot. voc.	47,17	45,84	47,99	0,52	1,11 %
Total	100,00				

TABLA 4
Valores medios (en %)

	FRECUENCIA	% sobre total	% sobre conson.	% sobre vocales
/b/	96.665	2,65	5,02	
/B/	3.080	0,08	0,16	
/c/	9.877	0,27	0,51	
/d/	171.799	4,72	8,92	
/D/	9.168	0,25	0,48	
/f/	24.913	0,68	1,29	
/g/	31.770	0,87	1,65	
/G/	8.194	0,22	0,43	
/j/	7.812	0,21	0,41	
/k/	138.681	3,81	7,20	
/l/	186.365	5,12	9,68	
/m/	93.199	2,56	4,84	
/n/	87.038	2,39	4,52	
/N/	185.636	5,10	9,64	
/ɲ/	6.977	0,19	0,36	
/p/	94.238	2,59	4,89	
/r̄/	26.413	0,73	1,37	
/r/	133.132	3,66	6,91	
/R/	76.939	2,11	3,99	
/s/	275.021	7,55	14,28	
/t/	156.835	4,31	8,14	
/x/	26.767	0,73	1,39	
/ʎ/	13.793	0,38	0,72	
/θ/	61.603	1,69	3,20	
Tot. cons.	1.925.915	52,88	100,00	
/a/	490.128	13,46		28,56
/e/	490.085	13,46		28,56
/i/	273.390	7,51		15,93
/o/	347.688	9,55		20,26
/u/	114.709	3,15		6,68
Tot. voc.	1.716.000	47,12		100,00
Totales	3.641.915	100,00		

TABLA 5
Resultados generales

	Porcentajes	% acumul.
/e/	13,46	13,46
/a/	13,46	26,92
/o/	9,55	36,47
/s/	7,55	44,02
/i/	7,51	51,53
/l/	5,12	56,65
/N/	5,10	61,75
/d/	4,72	66,47
/t/	4,31	70,78
/k/	3,81	74,59
/r/	3,66	78,25
/u/	3,15	81,40
/b/	2,65	84,05
/p/	2,59	86,64
/m/	2,56	89,20
/n/	2,39	91,59
/R/	2,11	93,70
/θ/	1,69	95,39
/g/	0,87	96,26
/r̄/	0,73	96,99
/x/	0,73	97,72
/f/	0,68	98,40
/ʎ/	0,38	98,78
/c/	0,27	99,05
/D/	0,25	99,30
/G/	0,22	99,52
/j/	0,21	99,73
/ɲ/	0,19	99,92
/B/	0,08	100,00
Total	100,00	

TABLA 6
Fonemas por orden descendente de frecuencia

	BILAB.	LABIOD.	DENT.	ALV.	PALAT.	VELARES	TOTAL
OCLUS. ORALES	10,07		17,54			9,28	36,89
OCLUS. NASALES	4,84			14,16	0,36		19,36
FRICATIVAS		1,29	3,20	14,28	0,41	1,39	20,57
AFRICADAS					0,51		0,51
LATERALES				9,68	0,72		10,40
VIBRANTES				12,27			12,27
TOTALES	14,91	1,29	20,74	50,39	2,00	10,67	100,00

TABLA 7
Frecuencia de los distintos
tipos de fonemas

	FRECUENCIAS					Limites al 99%	
	Rojo	Quilis-Esgueva	Total	%	Error estándar	Mínimo	Máximo
/b/	96.665	3.805	100.470	2,64	0,000082	2,62	2,66
/B/	3.080	62	3.142	0,08	0,000014	0,08	0,09
/c/	9.877	593	10.470	0,28	0,000026	0,27	0,28
/d/	171.799	6.785	178.584	4,70	0,000108	4,67	4,73
/D/	9.168	508	9.676	0,25	0,000025	0,25	0,26
/f/	24.913	895	25.808	0,68	0,000042	0,67	0,69
/g/	31.770	1.516	33.286	0,88	0,000047	0,86	0,89
/G/	8.194	462	8.656	0,23	0,000024	0,22	0,23
/j/	7.812	660	8.472	0,22	0,000024	0,22	0,23
/k/	138.681	6.383	145.064	3,82	0,000098	3,79	3,84
/l/	186.365	6.778	193.143	5,08	0,000112	5,05	5,11
/m/	93.199	4.901	98.100	2,58	0,000081	2,56	2,60
/n/	87.038	4.455	91.493	2,41	0,000078	2,39	2,43
/N/	185.636	7.784	193.420	5,09	0,000112	5,06	5,12
/ʃ/	6.977	403	7.380	0,19	0,000022	0,19	0,20
/p/	94.238	4.443	98.681	2,60	0,000081	2,57	2,62
/r̄/	26.413	699	27.112	0,71	0,000043	0,70	0,72
/r/	133.132	5.226	138.358	3,64	0,000096	3,61	3,66
/R/	76.939	3.093	80.032	2,11	0,000073	2,09	2,12
/s/	275.021	13.325	288.346	7,58	0,000135	7,55	7,62
/t/	156.835	7.256	164.091	4,32	0,000104	4,29	4,34
/x/	26.767	919	27.686	0,73	0,000043	0,72	0,74
/ʎ/	13.793	614	14.407	0,38	0,000031	0,37	0,39
/θ/	61.603	2.330	63.933	1,68	0,000065	1,66	1,70
Tot. cons.	1.925.915	83.895	2.009.810	52,86	0,000256	52,80	52,93
/a/	490.128	19.509	509.637	13,40	0,000174	13,36	13,45
/e/	490.085	23.476	513.561	13,51	0,000175	13,46	13,55
/i/	273.390	11.810	285.200	7,50	0,000135	7,47	7,54
/o/	347.688	15.976	363.664	9,57	0,000150	9,53	9,60
/u/	114.709	5.334	120.043	3,16	0,000089	3,13	3,18
Tot. voc.	1.716.000	76.105	1.792.105	47,14	0,000256	47,07	47,20
Total	3.641.915	160.000	3.801.915	100,00			

TABLA 8

Frecuencia y porcentajes de ambas muestras.
Estimación de valores mínimo y máximo en la población.

A alternancia *on* / *l'on* nun *corpus* dos séculos XIV e XV (1)

Mª DOLORES SÁNCHEZ PALOMINO

Como é sabido, o nome latino *homo* deu lugar ó pronome *on* con valor indefinido (2), pronome que, pola súa mesma orixe, só pode designar a un ser humano, ó tempo que posúe unha propiedade sintáctica inherente: a de funcionar unicamente como suxeito. A pesar de que a gramaticalización se producira xa no antigo francés, a confluencia formal co substantivo *homme* no seu valor xenérico (non modificado) pode dar lugar, aínda no francés medio, a enunciados dificilmente clasificables, se ben non parecen numerosas as ocasións en que isto se produce. Compárese así a ambigüidade de *home* no exemplo 1) co seu carácter aparente de índice pronominal en 2):

1) e, sire, penséz qe, seit ce a droit ou a tort, *home* se deit de son enymy venger.
(FF, 20, 18-9)

2) e outre la fossé firent un palys tro bien bataillee e uncore puet *home* vere la fossé.
(FF, 48, 12-4)

O valor xenérico de *on*, que dalgunha maneira subxace nos términos de "indefinido", "indeterminado", etc., é, polo tanto, evidente. Neste sentido, o mesmo feito de que a gramaticalización se produza en función de suxeito é unha proba máis da forza que acada a xenericidade nesa posición. Non obstante, como pronome, *on* pode designar tamén a un individuo ou a varios en particular. O contexto xoga un papel fundamental na delimitación (3).

(1) A configuración deste *corpus* baséase nunha repartición do período en tercios, para cada un dos cales analizamos unhas 1000 liñas de prosa e 1600 de verso. V. relación ó final do traballo.

(2) Omitimos detalles sobre a evolución formal, por ser suficientemente coñecida. Para unha rápida visión do tratamento de que foi obxecto *on* nalgunhas gramáticas francesas e españolas, v. Flores Varela, "Jove Llanos et le statut de *on* dans la grammaire", *Verba*, 6, 1979, 161-8. Por recordar algunha, Grevisse considérao "personnel indéterminé", recollendo as palabras de G. e R. Le Bidois (*Syntaxe du français moderne*, I, Paris, Picard, 1967, p. 211 e ss.): v. *Le bon usage*, Paris-Gembloux, Hatier-Duculot, 1980, 11è. éd., pp. 635 e 644-8. Para Dubois e Dubois-Charlier, o seu valor propio é o de "proforme nominale" (*Éléments de linguistique française: syntaxe*, Paris, Larousse, 1970, p. 65). En *Comment on parle en français*, Paris, Larousse, 1927, pp. 258-9, de Ph. Martinon, lemos que se trata dun "pronome indefinido".

(3) Sobre estas cuestións, poden verse as páxinas que lles dedican case tódalas gramáticas (sirvan como exemplo: J.-C. Chevalier, C. Blanche-Benveniste, M. Arrivé et J. Peytard, *Grammaire Larousse du français contemporain*, Paris, Larousse, 1964, p. 229; J. Dubois, *Grammaire structurale du français: nom et pronom*, Paris, Larousse, 1965, pp. 111-4; K. Togeby, *Grammaire française*, v.1: *Le Nom*, Copenhague, Akademisk Forlag, 1982, pp. 428-432, etc.); e aportacións tales como "Les emplois de *on*", a cargo de J. Pinchon (*Le Français dans le Monde*, 94, 1973, 42-44).

Un aspecto interesante do uso moderno de *on* arranca da súa orixe substantiva e consiste na facultade de acompañarse ou non do artigo definido, sen que varíe a aportación semántica. Esta facultade maniféstase así mesmo nos textos dos séculos XIV e XV; dilucida-las características coas que se presenta é o que intentaremos facer neste traballo. Para comezar, sería conveniente lembra-las condicións de uso actuais, partindo da base de que a forma sen definido é máis frecuente cá outra e de que non se atopan en distribución complementaria. Grevisse describe así tales condicións:

> "*L'on* est, dans la langue écrite, un substitut 'élégant' de *on*, il n'est pas d'usage dans la langue parlée, sauf parfois chez les personnes qui surveillent leur langage et parlent comme elles écrivent.- Selon une règle traditionnelle des grammairiens, *l'on* est demandé, pour l'euphonie, après *et, ou, où, qui, que, quoi, si,* parfois aussi après *lorsque*. En fait, les auteurs en usent, en ceci, assez librement, soit qu'ils mettent le simple *on* là où la 'règle' demanderoit *l'on*, soit qu'ils emploient *l'on* après d'autres mots que ceux que la 'règle' indique. Ce n'est d'ailleurs pas toujours pour éviter un hiatus qu'ils se servent de *l'on*: ils l'emploient parfois, sans aucune raison d'euphonie, après un mot terminé par une consonne articulée ou par un *e* muet, ou encore (comme on faisait fréquemment à l'époque classique) en tête d'une phrase ou d'un membre de phrase." (4)

As outras palabras tralas cales se utiliza ás veces a forma co definido son: *aussi, déjà, puis, comme, à, mais* e os adverbios en *-ment*. A anarquía é, pois, considerable neste punto; con todo, as razóns da eufonía son respectadas con bastante regularidade (aínda que non de forma absoluta) en certos contextos; evítase así tal artigo tras *dont* e ante unha palabra que empece por *l-*, e, polo contrario, prefírese o seu uso cando *on* vai unido a *que* e a primeira sílaba da palabra seguinte se pronuncia igualmente *[kô]* (*ce que l'on conçoit*) (5).

Unha vez enmarcada a cuestión, podemos xa pasar ós nosos textos; cuantitativamente, as ocorrencias rexistradas son (6):

	ON			L'ON			Total		
	P	V	T	P	V	T	P	V	T
XIV	113	87	**200**	15	7	**22**	128	94	**222**
XV	80	102	**182**	13	17	**30**	93	119	**212**
T	193	189	**382**	28	24	**52**	221	213	**434**

Segundo estes datos, o elemento que nos ocupa era obxecto dun uso considerable nos séculos XIV e XV, en calquera das variantes e aproximadamente de igual maneira en prosa e verso (50,9% vs. 49%) e en cada un dos séculos (51,1% vs. 48,8%), xa que das diferencias porcentuais non parece que se poidan tirar conclusións firmes. Polo demais, tal vez resulte interesante ofrecer algúns datos

(4) *Bon Usage*, pp. 646-7. V. tamén, por exemplo, A. Goosse, "Les emplois modernes de *l'on*", *Zeitschrift für romanische Philologie*, 75, 1959, 269-305, e Martinon, *Comment on parle*, p. 259, n. 2.

(5) V. Grevisse, *Bon Usage*, pp. 647-8.

(6) No cadro, P, V e T significan prosa, verso e total respectivamente.

puntuais que subxacen a ese cadro. Deste modo, rexístrase unha utilización frecuentísima da partícula nos textos do 2º tercio do SXIV, sobre todo en JB, sen que poida servir de explicación a pertenza a un xénero determinado: se JB é unha crónica, tamén o son as M e as C de Froissart, continuador de Jean le Bel, e en ningunha destas obras se acada o mesmo volume de ocorrencias. En sentido contrario, destaca o reducido número de casos que se computan no FF, obra de características arcaicas, pero non moito máis cá PP do mesmo período, cun número sensiblemente maior. En resume, cinxíndonos ós textos cos que traballamos, diríase que o emprego de *on* se estende a tódolos niveis: tanto en prosa como en verso, en obras líricas como narrativas, en obras de ton elevado como noutras con matices populares, se ben non se pode descartar que, en ocasións, as características propias de cada xénero deixen senti-la súa influencia (así, no CP, o enfoque didáctico propicia unha forte presencia do xenérico).

En canto á distribución das variantes, a forma sen o artigo definido é, como en francés moderno, absolutamente maioritaria: representa nin máis nin menos que o 88% das ocorrencias (7). O mesmo que afirmamos a nivel xeral é válido agora no que respecta á repartición por formas de escritura e á progresión por séculos: así, as ocorrencias de *l'on* son lixeiramente superiores en prosa (53,8%). No caso do verso, como veremos posteriormente, factores como a sonoridade e o cómputo poden influír en maior ou menor grao na presencia dunha ou doutra variante. Nun plano máis concreto, dous feitos sobresaen no conxunto desta distribución de variantes: 1) mentres que en tódalas obras a forma "non marcada" predomina sobre a "marcada" (para entendernos, a que presenta o artigo definido), no AD sucede o contrario (68,4%); tal vez esta preferencia pola "forma elegante" teña algunha relación co carácter do texto, tratado músico-literario, posto que, se ben a presencia de *l'on* é tamén importante nunha obra con trazos populares, como o MP, éo en moita menor medida; 2) ausencia total da variante "marcada" no 2º período do SXIV, máis sorprendente aínda se temos en conta que nel se produce a maior concentración de ocorrencias; habería que repetir, por tanto, o que afirmamos respecto do uso xeral. Quizais se trate nestes casos dunha mera escolla persoal. Estes dous feitos impiden que a progresión da forma co definido sexa regular no interior dos séculos, aínda que tal aumento se perciba desde unha perspectiva global. Deste xeito, o 9,9% das ocorrencias do SXIV corresponden a *l'on*, mentres que a porcentaxe se eleva ó 14,1% no SXV; o mesmo sucede en canto ás ocorrencias totais de *l'on*, pois o SXIV posúe un 42,3%, fronte a un 57,6% do XV. Por último, respecto das ocorrencias en prosa, a forma co definido representa un 11,7% no XIV e un 13,9% no XV; a progresión resulta ser maior no verso, cun 7,4% e un 14,2% respectivamente.

Chegamos, pois, ó momento de estudia-los contextos de aparición das dúas variantes, en particular de *l'on*. En primeiro lugar, cabe indicar que, tal e como sucede na lingua moderna, aínda que tal vez en diferente medida, *l'on* non é em-

(7) Por este motivo, non podemos concordar coa opinión vertida por Martinon, polo menos no concernente ó noso período: "*L'on* était fort usité autrefois pour *on*; il s'emploie fort peu aujourd'hui dans la langue parlée, où on ne le trouve plus guère qu'après *si*, et de moins en moins" (*Comment on parle*, p. 259).

pregado unicamente para evitar un hiato (que, por outro lado, se salda moitas veces cunha elisión). En efecto, esta variante aparece non só tras palabras rematadas en vocal (polo xeral, unha conxunción ou pronome relativo), senón tamén tras palabras rematadas en consoante e encabezando unha cláusula, incluso un período. Distinguiremos, por tanto, estas posibilidades:

A) *L'on* encabeza unha cláusula ou un período.

Trátase normalmente de cláusulas non subordinadas (oracións simples ou principais en términos tradicionais), e tamén de membros de coordinadas non precedidos de conxunción. En principio, o punto en común é a inexistencia dun elemento formal específico que poida inducir ó emprego da variante marcada, que aparece illada, de maneira que, en xeral, o uso podería deberse ó gusto do autor, ó seu concepto particular da eufonía ou, sobre todo en verso, a motivacións estilísticas (v. *infra*). Se ben os casos que responden ás características sinaladas son tan só 2, poden engadirse aquí 4 máis que pertencen a cláusulas introducidas por nexo nas que existe unha separación notable entre o citado nexo e a forma *l'on*, por un gran inciso ou pola intercalación dun elemento entre pausas, de xeito que non se pode aducir unha influencia neste sentido. Por conseguinte, unicamente un 11,5% do total de ocorrencias de *l'on* se rexistran nesta situación, a inmensa maioría delas (83,3%) no SXIV e, en menor porcentaxe, en prosa (66,6%, sen que se produza aumento dun século a outro). Algo superior é a cifra de emprego de *on* no mesmo contexto: 14,6% do seu propio total de ocorrencias, cunha progresión do emprego (66% no SXV) paralela á diminución rexistrada para *l'on*; invírtese igualmente a situación respecto do uso en prosa e verso (60,7% para este último). Parece, por tanto, que o emprego de *l'on* non acadou aínda a especial frecuencia da que fala Grevisse a propósito da época clásica (v. cita *supra*). Pero vexamos algúns exemplos de ámbalas dúas variantes:

3) et est appellée artificiele de son art, car par ses .VI. notes, qui sont appellées *us, ré, my, fa, sol, la, l'en* puet aprandre a chanter, ...
(AD, 269-270, 105-8)

4) Si esprouveray ma proesce,
Et s'en mon cuer a gentillesce,
L'en le verra bien en la guerre.
(EG, 44, 1124-6)

5) C'elle feust guerres efforcie
L'on entendist a la sevrer.
(EG, 51, 1314-5)

6) *L'on* ne doit trop estimer de soy, par especial ung grant prince:
(M, I, 4, 38, 214-5)

7) Quant nous eusmes ainsy sejourné par l'espace de III septmaines, *on* nous fist assavoir de par le roy et son conseil que...
(JB, IX, 48, 3-5)

8) Et s'il avient qu'elle le pert
Par mort, *on* scet tout en appert
Que jamais joie n'avera,
(RN, 193, 1639-41)

9) *On* luy dist qu'il et ses gens...
(C, § 196, 68, 2-3)

10) Tu n'es pas excommunié,
Dy mon cousin, *on* parle a toy?
(PJ, 374-5, 36)

B) *L'on* aparece no curso nunha secuencia unida de palabras, de xeito que pode situarse inmediatamente detrás dunha que remate en vocal ou en consoante.

1. Tras palabra rematada en vocal (incluído ę xordo), a situación máis frecuente é aquela en que o elemento que precede é un nexo, conxunción ou relativo. O número de ocorrencias deste tipo representa un 61,5% do total de *l'on*, distribuído nun 71,8% no SXV e un 59,3% en verso (se no SXIV, *l'on* é máis frecuente na prosa, no SXV éo no verso). Con *on*, a cifra respecto do seu total de ocorrencias é menos tallante, aínda que indique un emprego maioritario neste contexto (51,5%), e o mesmo sucede coas porcentaxes relativas á evolución por séculos e formas de escritura, que amosan unha situación inversa á de *l'on* (53,8% no XIV, 50,2% na prosa). Pensemos que neste caso o emprego dunha ou doutra variante no verso pode ter importantes repercusións (cf. apdo. A)).

En detalle, os elementos tralos cales aparece a forma *l'on* son os que seguen:

- *que* conxunción (8) ou relativo: é, a moita distancia, o que acapara a maior cantidade de ocorrencias (84,3%). Rexístrase unha progresión secular do emprego (66,6% no XV) e unha repartición bastante equitativa entre prosa e verso, con aumento do emprego neste último (51,8%). A porcentaxe de uso de *on* tras este elemento é moi similar (83,7%), e a diferencia entre as aparicións en prosa e en verso é igualmente tan reducida que non permite concluír nada de xeito taxativo (50,9% para o verso). Pola contra, apréciase aquí un lixeiro descenso dun século a outro (47,8% para o XV).

- *se* (*si*): as ocorrencias de *l'on* tras *se* supoñen un 12,5% do total neste tipo de contexto, e todas elas se rexistran en obras en verso do SXV. No caso de *on* (9), tamén se trata do segundo grupo en volume de ocorrencias, aínda que a porcentaxe sexa bastante menor (6%); polo demais, *on* aparece neste entorno o mesmo número de veces en prosa e verso e en ámbolos dous séculos.

- *où*: documentamos 1 soa ocorrencia de *l'on* tras *où*, nunha obra en verso do SXV, o que representa un 3,1% respecto do total. O emprego de *on* supón unha porcentaxe practicamente idéntica (3%), se ben tódolos casos se rexistran no SXIV, e a maioría deles (83,3%) en prosa.

Pero, se a variante *l'on* soamente se documenta no noso *corpus* seguindo de forma inmediata a *que, se* e *où*, *on* aparece tras outros elementos, como *(par/pour)*

(8) Con calquera dos seus múltiples valores: final, concesivo, consecutivo, etc. Incluímos tamén as numerosas locucións conxuntivas ás que dá lugar: *avant que, puis que, ainsi que*, etc.

(9) Mentres o *se* que precede a *l'on* é sempre o que introduce a hipótese, ante *on* reunimos casos de *se* hipotético e de *se* interrogativo.

quoy, cunha porcentaxe do 3% similar á anterior, e outros varios en idéntica cantidade (*comme*, *qui*...). Vexamos algúns exemplos coas dúas variantes:

11) Que cloz ne te fiche ore endroit
En la croys a si grant destroit
Que *l'en* te fera süer la pel,
Qui qu'en poit ne qui qu'en soit bel!
(PP, 31, 774-7)

12) furent prins messire Jehan que *l'on* dist le petit Biaucamp et messire Jehan Saslebery,
(C, § 197, 71, 26-8)

13) "Amy, certes, je me donne mervueille,
Que tu ne veulx pas que *l'en* te conseille;
(RA, 8, 209-210)

14) Ha, sire, que *l'en* le puist pendre
qui ment! Il est en tel parti,
(MP, V, 31, 564-5)

15) et se misdrent les dessusditz à la fuyte, avant que *l'on* combattist,
(M, I, 3, 23, 94-6)

16) En ce point je n'ay point meffait:
Car se *l'en* m'eust pris sur le fait.
Dieu scet comme il me fust mescheu.
(FA, 43, 326-8)

17) Que scet la povre betelecte?
Il va partout où *l'en* le maine.
(BA, 23, 39-40)

18) Ce demande elle qu'*on* li doint.
(RN, 220, 2427)

19) mais quant le grant inconvenient que *on* lui avoit fait,
(C, § 199, 77, 33; 78, 1)

20) Et que chascuns y prenist garde,
S'*on* li porroit donner santé,
(RN, 202, 1894-5)

21) Nous ne sçavions là où *on* nous menoit et...
(JB, XII, 62, 175)

22) Et si ne puis en lui trover
Par quoy *on* le doye a mort livrer;
(PP, 29, 732-3)

23) homme de saincte vie, comme *on* disoit,
(M, VIII, 3, 144, 6)

24) On ne scet a qui *on* se fie.
(BA, 31, 191)

Pero, a carón de todos estes casos, tamén é posible que tanto *l'on* coma *on* se presenten inmediatamente despois dunha palabra distinta de nexo rematada en vocal. Como xa indicamos, este tipo de contacto inmediato documéntase en moita menor medida có que vimos comentando. *L'on* aparece neste contexto nun 19,2% do seu total de ocorrencias; o 40% das ocasións, sitúase tras unha forma verbal rematada en -*ę* xordo, e o 60% restante tras unha forma verbal rematada grafica-

mente en *-t* (10). Trátase, pois, na inmensa maioría dos casos (salvo 1 de infinitivo), dun *l'on* posposto, que se reparte de maneira equitativa entre ámbolos dous séculos, pero fundamentalmente en prosa (80%). Lembremos que, en francés moderno, a variante empregada nestes casos é *on*: se o verbo termina en consoante, ten lugar unha *liaison* entre os fonemas en contacto e, se termina en vocal, reprodúcese o mesmo son mediante un *-t-* intermedio considerado "eufónico". O 66,6% das ocorrencias de *l'on* tras forma rematada en *-t* pertence a unha obra en prosa do XV, as M, mentres que a porcentaxe restante corresponde á prosa do XIV, en concreto ó AD. Tras forma rematada en vocal, o 33,3% aparece en verso, e a mesma cantidade no SXV (pero o número é moi pequeno). No verso, o uso dunha ou doutra variante pode modificar nalgún caso a estructura métrica. Comprobemos algúns exemplos:

25) Qui se fait Dex. Or verra *l'on*
Se il eschapera ou non.
(PP, 33, 833-4)

26) par laquelle et les notes dessus dictes l'en acorde et donne *l'en* son divers aux aciers,
(AD, 270, 114-5)

27) qui tant de bien fera que a saint Pierre et a saint Paul le pourra *l'on* bien comparer.
(CN, XIIII, 98, 49-50)

28) Plusieurs vendirent tout ce qu'ilz trouvèrent aux chasteaulx, et, dit-*l'on*, cestui-là pour ung.
(M, VIII, 1, 137, 56-7)

29) et les assignoit-*l'on* sur le royaulme,
(M, VIII, 1, 138, 66-7)

Fixémonos en que a mesma forma pode presenta-las dúas colocacións unha a continuación da outra (ex. 26), onde a coordinación quizais exerza unha influencia en tal diversidade).

En canto a *on*, os casos en que aparece tras unha palabra distinta de nexo, fundamentalmente substantivo e verbo, rematada en vocal, supoñen unha porcentaxe sensiblemente inferior á de *l'on*: un 4,9% do seu propio conxunto de ocorrencias. Por séculos, a progresión que se rexistra (52,6% para o XV) non parece suficientemente grande como para facer conclusións taxativas; a diferencia é, en cambio, máis clara no referente á forma de escritura, xa que un 78,9% corresponde ás obras en verso, nas que o emprego desta variante permite realizar sinalefas en determinadas ocasións. Exemplos:

30) Et pourtant que en ces hystoires rimées treuve *on* grand plenté de bourdes,
(JB, Pr., 3, 71-2)

31) Il y sera le bien venus et recheus à grant joye et luy mettera-*on* tel conseil delez lui qui bien luy plaira.
(C, § 199, 76, 20-2)

(10) Sobre a desaparición en data antiga do *-t* final precedido de vocal, remitimos ós tratados de fonética histórica. Por citar soamente un, v. E. et J. Bourciez, ***Phonétique française***, Klincksieck, Paris, 1971, §§ 150-1.

32) Maiz qu'a la nourrice *on* le laye
Encore un pou; tost alevez
(EG, 61, 1574-5)

33) Il fault avoir d'estre bon telle envie
Et faire tant pour ensuyvre vertu
Que d'elle *on* meure couvert et revestu.
(R, C, 175, 347-9)

2. Tras palabra rematada en consoante. As cifras que corresponden a *l'on* neste apartado son verdadeiramente pequenas: tan só 2 ocorrencias rexistradas tras nexo (*dont* (11) e *lequel*) e 1 tras outra palabra distinta, o que representa, respectivamente, unhas porcentaxes do 3,8% e do 1,9% respecto do seu total. Vexámo-los exemplos, documentados nunha obra en verso do SXV e noutra en prosa do XIV:

34) Orateurs maintz sont dont *l'on* tient grant compte,
Mais les vivans certes George surmonte.
(R, C, 171, 285-6)

35) par lequel *l'en* vient et aprant tous les autres ars par les figures des letres de A, B, C, que les enfans aprannent premierement, et par lesquelz aprandre et sçavoir *l'en* peut venir a toute science,
(AD, 266, 14-17)

Como é lóxico, pois, *on* aparece con máis frecuencia neste contexto. Tras un nexo, as ocorrencias representan un 9,6% do total, a maioría no SXIV (64,8%), a pesar de que a situación actual faría pensar nun aumento progresivo (aumento que só se produce en verso); por formas de escritura, é no verso onde se rexistra un número máis elevado de casos, aínda que a porcentaxe non é suficientemente clarificadora (56,7%). Se analizámo-las ocorrencias de forma detallada, comprobamos que é *car* o nexo que precede con máis asiduidade a *on* (35,1%), seguido a pouca distancia de *quant* (32,4%) e, xa a máis, de *dont* (21,6%), *comment* (8,1%) e *lequel* (2,7%). Exemplos:

36) car *on* scet bien que,
(JB, Pr, 3, 66-7)

37) toutes foys quant *on* lui venoit demander conseil d'aucunes coustumes sur les offices de Romme...
(CP, XXII, 70, 34-6)

38) Mais c'est ung mal dont *on* relieve.
(BD, XLVIII, 16, 380)

39) Et comment *on* doit les seigneurs
Et dames ceans recevoir.
(EG, 90, 2341-2)

(11) Sobre a articulación orixinaria deste *-t* final tras consoante e a súa posterior desaparición diante de consoante, v. de novo, por exemplo, Bourciez, *Phonétique*, § 152. En canto á pronunciación, ata moi tarde, do segmento consonántico nos casos de nasalización (aínda que a data varíe segundo a vocal de que se trate e o seu entorno), v. § 195 h.

40) Vous avez de Nature trait,
Pour prouver, un assez biau trait,
Lequel *on* a bien entendu.
(RN, 208, 2085-7)

Tras unha palabra distinta do que vimos denominando de forma práctica "nexo", *on* aparece nun exiguo 2% do total (só o 25% no XIV e outro tanto en verso):

41) et, si sans honneur *on* le peut dire,
(CN, XII, 90, 88-9)

42) Regardez qu'il n'y ait deffault
Dessus mon corps, ne bas ne hault,
Affin que briefment *on* me voye,
(PJ, 18, 52-4)

C) Por último, existen dous grupos de ocorrencias que convén considerar de xeito illado. No primeiro, soamente *on* está representado, e segue, en contacto directo, a unha palabra que remata graficamente en consoante, posibilitando unha *liaison* máis ou menos facultativa. Pensemos que, se o problema da *liaison* é xa difícil de delimitar no francés actual, debido xustamente á existencia de casos facultativos, moito máis o é aínda nunha etapa antiga da lingua, da que non dispoñemos de testemuñas orais (a pesar das indicacións que poidan ofrece-los textos populares, as rimas, etc.). A porcentaxe de casos elévase a un 13,6%, repartidos maioritariamente no XIV (69,2%) e na prosa (65,3%). A palabra que antecede pode ser verbo, conxunción, adverbio, pronome, substantivo... Ilustrémolo con algúns exemplos:

43) A laquelle, ne par rigueur,
Ne par nul engin, resister
On ne pourroit, ne contrester,
(EG, 54, 1403-5)

44) De beau parler tiennent chayeres,
Ce dit *on*, Neapolitaines,
(T, CXLIV, 120, 1524-5)

45) mais *on* luy dist que nennil et...
(C, § 197, 72, 1-2)

46) mais je diz encores cecy afin que myeulx *on* entende que tout ce voyage fut vray mystère de Dieu.
(M, VIII, 146, 48-9)

47) JOHAN
Ne demourez point.
AFFRICQUÉE
Quel follastre!
Beaucop pour vous *on* en fera.
(PJ, 26, 172-3)

O segundo grupo está constituído por ocorrencias nas que non se pode determinar con claridade a existencia dunha pausa antes da variante e, polo tanto, non é posible afirmar de maneira tallante se vai diante de vocal ou de consoante,

se se podería considerar como "cabeza" dunha cláusula ou se existe *liasion*. Con todo, trátase dunha porcentaxe moi pequena respecto do total de ocorrencias de *on* (3,6%, da que o 64,2% no XIV e o 92,8% en prosa). Máis pequena é aínda no caso de *l'on*, onde soamente 1 ocorrencia (1,9%) podería albergar unha dúbida deste tipo. Sirvan como exemplo:

48) et n'y souloit on point faire de refrain, mais a present *on* les y fait,
(AD, 281, 319-320)

49) Et par ceste voie ceulx qui estoient dignes *on* les recevoit, et ceulx qui ne le valoient *on* les refusoit bien et baudement.
(CP, XXIII, 73-4, 42-4)

50) Chascun fut de cest advis; toutesfoiz *on* fit aultrement.
(M, VIII, 2, 143, 80)

51) Le plus fort n'estoit point de monter, car incontinent après *on* y trouvoit une vallée;
(M, VIII, 7, 161, 32-3)

52) Là fut conseillié et ordonné, car le duc de Glcestre le vouloit ainsi, que tantost sans delay *l'on* se meist sus les champs,
(C, § 196, 67, 5-7)

En resume, tal e como apuntamos ó iniciar esta exposición, a variante *l'on* non aparece unicamente en contextos nos que podería servir de elemento antihiato, isto é, tras palabra rematada en vocal, aínda que, efectivamente, este contexto aglutine o maior número de ocorrencias, en concreto un 80,7%, do que un 61,5% corresponde ós casos en que a palabra antecedente é un nexo (sobre todo *que*), situación esta na que o emprego progresa de forma importante. Cando non se trata dun nexo, as ocorrencias rexistradas corresponden a unha forma verbal terminada en vocal ou en *-t*. Pero, como diciamos, *l'on* pode aparecer tamén, do mesmo xeito que en francés moderno, tras unha palabra rematada en consoante (5,7%) e encabezando unha cláusula ou un período (11,5%). No primeiro caso, é de novo o contexto con nexo o que acapara a maior parte das ocorrencias (3,8%). No segundo, documéntase un descenso significativo do emprego, dada a escasa relevancia do mesmo hoxe en día. Finalmente, separamos unha porcentaxe do 1,9% de casos dubidosos por non poder determinarse a existencia ou non dunha pausa antes do pronome.

Se comparamos estes datos cos obtidos da análise de *on*, vemos que tamén esta variante aparece de xeito maioritario tras unha palabra rematada en vocal coa que se atopa en contacto directo, aínda que a porcentaxe é moito menor que no caso de *l'on* (56,4%). Por outra parte, *on* aparece con máis frecuencia que *l'on* na cabeza dunha cláusula ou dun período, ademais de presentar un aumento do uso que complementa o descenso de *l'on*, feitos estes que apuntan á situación actual, do mesmo modo que a súa progresión tras palabra rematada en consoante. Por nexos, é tamén *que* o que precede a *on* máis habitualmente, se ben se rexistra un descenso paralelo ó aumento de *l'on* no mesmo contexto, aínda que tal vez demasiado lixeiro (53,8% no SXIV) como para extraer conclusións firmes. Cabe destacar igualmente o descenso que amosan as ocorrencias de *on* tras nexo rematado en consoante (64,8% no XIV), por canto non se corresponde coa situa-

ción actual. Por último, aínda que nos nosos textos existen situacións nas que só aparece a forma *on* (como inmediatamente detrás de *quoy, car, quant...*), este feito non pode extrapolarse a nivel xeral. Como é lóxico, en tódolos casos, as ocorrencias de *l'on* atópanse en franca minoría respecto das de *on* que, non hai que esquecelo, é a variante maioritaria.

Por formas de escritura, *l'on* é máis frecuente en prosa cando se atopa encabezando unha cláusula (66,6%) e tras palabra diferente de nexo rematada en vocal (80%); en cambio, é máis habitual en verso tras nexo rematado en vocal, aínda que a porcentaxe aquí sexa menor (59,3%). Tras palabra distinta de nexo rematada en consoante as ocorrencias distribúense de forma equitativa. Fronte a isto, *on* predomina en prosa soamente nos casos de *liaison* máis ou menos facultativa, en tanto que é maioría en verso cando encabeza unha cláusula (60,7%), tras nexo rematado en consoante (56,7%) e, sobre todo, tras palabra diferente de nexo rematada en vocal (78,9%).

Así pois, nos séculos XIV e XV, *l'on* aparecía en contextos distintos dos actualmente sinalados como habituais, incluso en contextos onde, como di Grevisse, debera ser evitado (sempre desde a perspectiva actual): é o caso da confluencia *dont l'on*. Pensemos, sen embargo, que esta unión se produce, por exemplo, unha soa vez, co que hai que pensar que se trata tamén de algo pouco habitual na época. Respecto do uso moderno, difire tamén o emprego de *l'on* posposto ó verbo, tanto se graficamente termina en consoante coma se non (cf. o actual *donne-t-on, dit-on*). Pola contra, *l'on* non aparece sempre nos contextos sinalados como máis propicios desde a gramática actual: é así que comparte o espacio con *on* tras nexos como *que, se, où*.

Para terminar, queremos aludir a outro tipo de contextos relacionados moi directamente coa eufonía e a sonoridade, polo que teñen unha especial incidencia no verso. Vimos que, do mesmo xeito que se aconsella fuxir da confluencia [*kô kô*], recoméndase actualmente evita-lo uso de *l'on* cando pode dar lugar a unha acumulación de consoantes líquidas. Na época que acabamos de estudiar non parece que se observe, cando menos con tanta rixidez, tal recomendación (feita xa por Vaugelas), posto que atopamos casos coma este:

53) Mais plus de mal li face *l'on*
Qu'en ne feroit a nul larron,
Car se vivre *l'en* le lessoit,
Toute nostre gent destruiroit
Et la nostre loy abatroit.

(PP, 17, 425-9)

A insistente repetición de fonemas líquidos (*li, le, lessoit, l'on*) dá lugar a unha secuencia cacofónica, a menos que o autor buscase conscientemente algún efecto estilístico, dado que, nos versos anteriores, non faltan tampouco as palabras co mesmo tipo de fonemas (*plus, mal, nul, larron, la, loy*). Con todo, confróntense exemplos como o 4), 14) ou 17), con confluencia inmediata de líquidas, aínda que sexa en menor medida que neste caso. De todos modos, son máis numerosas as ocasións en que a confluencia se evita que aquelas en que se orixina (se se produce nun 7,9% respecto do total, *on* aparece neste entorno aproximadamente un

30% do seu total, mentres que *l'on* non chega ó 20%). Polo demais, no caso da poesía, hai que ter en conta os factores do ritmo, do cómputo silábico e das licencias poéticas: así, cando o pronome segue inmediatamente a *que*, prodúcese normalmente unha sinalefa que acorta o verso nunha sílaba; se, en tales circunstancias, o que se quere é aumentar esa sílaba sen xerar un hiato, pasará a utilizarse a forma *l'on*. De feito, este factor podería ser invocado no exemplo que nos serve de ilustración: en medio dunha composición en octosílabos, o engadido do definido no v. 426 provocaría un desequilibrio métrico; o mesmo sucede noutros casos en que tal engadido podería incluso atenuar unha cacofonía (secuencias do tipo *que en en*, ex. PP, 36, 911-2). Con todo, movémonos no terreo da estilística e das hipóteses, e nada pode afirmarse de forma tallante; hai ocasións en que o emprego dunha ou doutra variante é independente do factor métrico, xa que xustamente ese emprego parece provocar unha desproporción (cf. 11)).

CORPUS

Século XIV:

FF: *Fouke Fitz Warin*, roman du XIVè. siècle, éd. L. Brandin, Paris, Libr. Ancienne Honoré Champion, C.F.M.A. 63, 1930. Texto recollido: p. 15 (l. 29) - p. 49 (l. 15).

PP: *La Passion du Palatinus*, mystère du XIVè siècle, éd. G. Frank, Paris, Libr. Ancienne Honoré Champion, C.F.M.A. 30, 1922. Recollido: pp. 14-76 (final).

JB: *Chronique de JEAN LE BEL*, publiée pour la Soc. de l'Histoire de France par J. Viard et E. Déprez, Libr. Renouard, H. Laurens, Successeur; t. I: 1904, t. II: 1905. Recollido: do t. I, prólogo e caps. V-XII; do t. II, caps. LXIV-LXV.

RN: *Le Jugement dou Roy de Navarre contre le Jugement dou Roy de Behaingne*, en: G. Machaut, *Oeuvres*, publiées par E. Hoepffner, Paris, Didot, SAFT, 4 vols., 1908 ss., t. I, pp. 137-282. Recollido: vv. 802-2433.

C: *Chroniques*, de J. Froissart, 3è. livre publié pour la Soc. de l'Histoire de France par A. Mirot, t. XIVè. 1386 (1325)-1388, Paris, Libr. C. Klincksieck, 1966. Recollido: §§ 194-202.

AD: *L'Art de Dictier*, en: *Oeuvres complètes* d'Eustache Deschamps, publiées d'après le ms. de la Bibliothèque Nationale par le Marquis de Queux de Saint-Hilaire et G. Raynaud, Paris, F. Didot et Cie., 11 vols. 1878-1903; t. VII, 1891, pp. 266-292. Recollida a peza enteira.

EG: *L'Estoire de Griseldis en rimes et par personnages* (1395), publ. par M. Roques, Genève/Droz, Paris/Minard, 1957. Recollido: vv. 718-2362.

Século XV:

CP: Christine de Pisan, *Le livre du corps de policie*, éd. critique par R. H. Lucas, Genève/Droz, Paris/Minard, T.L.F. 145, 1967. Recollido: I, XVIII-XXXI.

BD: Alain Chartier, *La Belle Dame sans mercy et les poésies lyriques*, éd. publiée par A. Piaget; lexique établi par R.-L. Wagner, Lille/Giard, Genève/Droz, 1949, 2è. éd. Recollido: *Belle dame,* "Excusacion envers les dames faite par Alain", "Rondeau" V, "Chanson" VI, "Rondel" VII.

RA: *La Retenue d'Amours*, en: Charles d'Orléans, *Poésies*, éditées par P. Champion, Paris, Libr. Anc. H. Champion, 1956, 2 vols.; t. I, pp. 1-16. Recollida íntegra.

CN: *Les Cent Nouvelles Nouvelles*, éd. Fr. P. Sweetser, Genève/Droz, Paris/Minard, T.L.F. 127, 1966. Recollido: VII-XIV.

MP: *Maistre Pierre Pathelin*, farce du XVè. siècle, 2è. éd. revue par R. T. Holbrook, Paris, Libr. H. Champion, C.F.M.A. 35, 1962. Recollido: III-VII.

T: *Testament*, en: *Le Testament Villon*, 2 vols., I. Texte, II. Commentaire, Genève, Droz, T.L.F. 207-8, 1974, ed. de J. Rychner e A. Henry. Tamén manexámo-la ed. de A. Longnon, *Oeuvres* de F. Villon, 4è. éd. revue par L. Foulet, Paris, Champion, C.F.M.A. 2, 1930, pp. 12-77. Recollido: vv. 777-1542.

M: Philippe de Commynes, *Mémoires*, édités par J. Calmette, Paris, Les Belles Lettres, "Les Classiques de l'Histoire de France au Moyen Age" 3, 3 vols.; t. I (1464-74), 1964; t. II (1474.83), 1965; t. III (1484-98), 1965. Recollido: t. I, libro I, caps. III-IV; t. III, libro VIII, caps. I-VII (1ª parte).

FA: *Le Franc Archier de Baignollet*, suivi de deux autres monologues dramatiques: *Le Franc Archier de Serré, Le Pionnier de Seurdre*, éd. crit. par L. Polak, Genève/Droz, Paris/Minard, T.L.F. 129, 1966. Recollido íntegro.

PJ: *La Farce du Pauvre Jouhan*, pièce comique du XVè. siècle, publiée par E. Droz et M. Roques, Genève/Droz, Paris/Minard, T.L.F. 84, 1959. Recollida íntegra.

BA: *Bergerie de l'agneau de France à cinq personnages* (1485), publiée par H. Lewicka, Genève/Droz, Paris/Minard, T.L.F. 96, 1961. Recollida íntegra.

R: *Complaincte faicte par maistre Jehan Robertet, secretaire du roy et de monseigneur de Bourbon, bailly d'Usson, de la mort de maistre George Chastellain, tresclair orateur en langue vulgaire gallique* e *Les Six Triumphes de Pétrarque*, en: Jean Robertet, *Oeuvres*, éd. crit. par M. Zsuppán, Genève, Droz, T.L.F. 159, 1970, pp. 159-178 e 189-194 respectivamente. Recollidas íntegras.

BIBLIOGRAFIA CITADA

Bourciez, J. et E., *Phonétique française. Étude historique*, Paris, Klincksieck, 1971.

Chevalier, J.-C., Blanche-Benveniste, C., Arrivé, M. et Peytard, J., *Grammaire Larousse du français contemporain*, Paris, Larousse, 1964.

Dubois, J., *Grammaire structurale du français: nom et pronom*, Paris, Larousse, 1965.
Dubois, J. et Dubois-Charlier, F., *Éléments de linguistique française: syntaxe*, Paris, Larousse, 1970.
Flores Varela, C., "Jove Llanos et le statut de *on* dans la grammaire", *Verba*, 6, 1979, 161-8.
Goosse, A., "Les emplois modernes de *l'on*", *Zeitschrift für romanische Philologie*, 75, 1959, 269-305.
Grevisse, M., *Le bon usage*, Paris-Gembloux, Hatier-Duculot, 1980, 11è. éd.
Le Bidois, G. et R., *Syntaxe du français moderne*, t. I, Paris, Picard, 1967.
Martinon, Ph., *Comment on parle en français. La langue parlée correcte comparée avec la langue littéraire et la langue familière*, Paris, Larousse, 1927.
Pinchon, J., "Les emplois de *on*", *Le Français dans le Monde*, 94, 1973, 42-44.
Togeby, K., *Grammaire française,* v. I: *Le Nom*, Copenhague, Akademisk Forlag, 1982.

Español coloquial na gramática de Mathias Kramer (s. XVII)

ISOLINA SÁNCHEZ REGUEIRA

Na Alemaña tamén houbo bos gramáticos que se interesaron polo español, e non só polo español científico, senón tamén polo español coloquial.

Entre os mellores temos ó hispanista alemán, nado en 1641 en Nuremberg, e que se chama Mathias Kramer (1). Publica en 1711 unha voluminosa gramática (de 1.222 páxinas) co título de *Gramática Española.* Toda ela en lingua latina porque pretende que non sexa só para alemáns, pretende que sirva mesmo para españois.

Tardou máis de dez anos en compoñela. Dedícaa ó conde de Metternich, que é embaixador e ministro pleniponteciario do Rei de Prusia na Dieta Imperial de Ratisbona.

O parecer, o conde de Metternich estimaba moito a lingua española: declárao o mesmo Kramer nun breve prólogo que escribe en lingua española onde di: "...según la mucha estima que haze V.E. desta tan grave y heroica lengua, tan conforme a la latina, su favorecida y familiar amiga...". E máis adiante (páx. 3) di: "...preciando yo a vuestra excelencia de lo mucho en lo que tiene la lengua castellana, no quiero ya dezir que es tan solamente simple amador y entendidor, sino que es también perfecto sabidor della, y que, en este respecto, no tiene más menester ni desta, ni de qualquier otra gramática española".

Chama á súa gramática "parto extraño" porque di que a levou ("como la elefanta a sus crías") máis de dez anos, nas súas entrañas.

É un gramático que coñece ben as doutrinas do seu século, desde as de César Oudin ata as dos gramáticos de Port Royal.

Para a terceira parte do libro válese -como di el- da súa propia experiencia, que cando escribe a obra é xa longa; xa que leva 43 anos de ensinanza nas linguas extranxeiras, e en primeiro lugar, do español.

O terceiro tomo deste libro é o que máis interesa aquí. Chámalle: "Dictionariolum omnium Phrasium et Linguae Hispanicae propiarum locutionum", ou sexa que é unha colección de fraseoloxía e locucións propias da lingua española. É, pois, útil para ver unha época da historia do español coloquial.

Escríbea en latín porque así era máis universal. Non desexaba escribila soamente para a propia nación como fixeran Franciosini para Italia, Oudin para Francia, Salazar para España. O latín era entón a lingua universal, polo menos

(1) El, como escribe en latín, chámase Cramer, pero cando emprega o alemán escribe Kramer porque así é o seu apelido.

para Europa. Non lembraba ninguén que na Alemaña a tivese escrito en latín, esquecíase dalgún outro como Doergangh de Colonia; quen escribira "Institutioni in linguam hispanicam", a principios do século XVII, en Colonia.

Quizais polo tamaño da obra ou por escribila en latín (2), non tivo, nin con moito, o éxito da "Grammaire Espagnolle" de César Oudin, hispanista francés, de quen a "Grammaire" saíu en 1597 e chegou (á fin baixo outro nome) ata o noso século XX (3).

Imos empezar polo estudio que fai Kramer sobre a pronunciación do español no seu século. Introdúcenos máis ben *en el uso* (que é o que máis nos interesa aquí) que na teoría sobre a fonética española. Non quere cargarnos con "inutilia praecepta quarum pronuntiationem hispani cum latinis, ac germanis, item gallis ac italis communem habent...". Salta, pois, tódolos sons que o español ten en común co latín e o alemán e tamén co francés e co italiano...

É natural que escriba máis para os alemáns que para os demais europeos. Nótaselle nas súas comparacións, nos seus exemplos... etc.

Seleccionarei os sons que en tempo de Kramer, e antes del, estaban en evolución na lingua española.

Empezarei pola transcripción que fai do son fricativo do *b* e do *v* co ß grego. Iguala completamente o son destas dúas consoantes, como xa estaban antes do seu tempo no español falado.

O son *ce, ci* e *za, zo, zu* aínda o transcribe coa dobre s (ss) e di que "non uero duriter et sapre uti eam exprimunt germani, ita itali (tz)".

Emprega esta grafía para darnos seguramente o son interdental, que xa no seu tempo, e antes, tiñan *ce, ci* e o *z* con tódalas vocais.

O son correspondente ós grafemas *j, ge, gi* di que se poden transcribir coχ grego, e co *ch* alemán. Tamén o grafema *x* vai sendo sustituído por *j,* en español, coma en *quexa, xabon,* etc. Isto non se fai na palabra *oxear* porque vén da interxección *oxe, ox* que se di ás galiñas, escribe el.

Para a pronuncia do *ñ,* que non ten comparativos nas súas linguas, usa o *ni* máis vocal cun son rápido, "sono rapto". É parecido, di, ó italiano e francés *gn.*

Aínda que despois emprégaa tamén con outras vocais, di que *g* úsase soamente co *e* e co *i.*

No grupo *sr,* por exemplo Is*r*ael, o *s* desaparece, asimilado ó *r,* escribe: "*rr* es en la lengua hablada".

O *s* ten, tanto no principio coma no medio e o final de palabra, o son de *ss,* que equivale ó son xordo do noso *s* en tódolos lugares, excepto ante unha consoante sonora que, como ela, sonoriza: *desde.* Di unha nota que, a veces transfórmase en *z* no medio dunha palabra. E pode ser moi ben esa sonorización.

Respecto ás sílabas latinas *sc, sp, st* di Kramer que os españois na lingua falada engádenlle un *e* que serve "ad mittigandas syllabas latinas".

(2) Iso que entón o latín era a lingua corrente en toda Europa. Di Kramer nun dos seus refráns que recolle: "Con *latín,* rocín y florín andarás el mundo".

(3) Na revista *Verba,* v. 6, publicamos unha contribución ó estudio diacrónico do español, que fai Oudin na súa *Grammaire.* É un dos primeiros que fala do son actual do *z* e do *c* nas sílabas *ce, ci.*

Son interesantes tamén para o español coloquial unhas notas que engade á fin da explicación de cada son.

A transcripción dun texto español é moi útil para os que aprenden o español coloquial. Tráeo á fin do estudio dos sons.

Despois da explicación dos sons do castelán danos unha lista de frases usadas na lingua coloquial ("commercium") nas que lle interesa máis que nada o verbo, traducindo as frases na lingua latina; así: "esto sería nunca acabar" = "istud procederet in infinitum", "irse a la sombra de tejados" = "otiose per plateas obambulare", "lo que va de mi a un rey, esso va de vos a un hombre discreto" = "quid ego differo a rege, tu differs a uiro discreto".

Estas frases da lingua coloquial diferénciaas moito do que el chama *Adagia Hispanorum* ou *Proverbia,* ou sexa, refráns, que na súa maioría considera da lingua coloquial.

A continuación daquela *Phraseologia* con verbos trae unha gran lista (89 páxinas) con outra en que lle interesa a preposición. Darei algúns exemplos:

"Al sollayo", "*al* través" = "oblique".
"Echar el jarro *a* pechos" = "strenue potare".
"Dar al rostro con todo" = "omnia dilapidare".
"Alegrarse con alguno" = "congaudere aliqui".
"Las carnes de Inglaterra no son con mucho de tanto nutrimiento como las de España" = "multum abest ut carnes in Brittannia adeo nutrientes sint et sapidae uti in Hispania".
"Bricar de gozo" = "tripudiare".
"Resolver un negocio por la mayor parte de los votos" = "negotium per pluralitatem votorum concludere".
"Quien se casa depriessa, se arrepiente despacio" = "Qui festinato nubit, per otium eum facti poenitet".
"Un diablo de vieja" = "diabolica vetula".

A toda esta fraseoloxía seguen diálogos que son "ciertamente familiares" ("quidam familiares"). En lingua, pois, coloquial.

Neses séculos existen moitos diálogos para a práctica da lingua, pero a maior parte son copiados. Non o eran os de César Oudin e non o son os de Matthias Kramer para os que non atopei fonte algunha.

Vou presentar aquí un anaco, que nos dará a coñecer tamén os costumes dese tempo. É un pequeno diálogo entre tres persoas: Juan, Martín e Pedro. Son o amo, un criado e un fidalgo amigo.

Juan xa vestido e calzado bérralle ó criado:
"¡Trae agua de manos!".

O rapaz: "La fuente y el jarro están sobre la mesa con el paño de manos" (é unha *toalla* que en alemán se di *Handtuch*).

O señor: "Dame un poco de agua en una taça para lavar la boca... Terrible cosa es esta... que aunque yo friegue no puedo quitar esta porquería de alrededor los ñudos de los dedos".

O criado: "Si V.M. quiere tener las manos lindas, blancas y blandas, tome xabon de Venecia, o dexesse hacer (esto es un germanismo) en casa del boticario una pasta odorífera, adonde entren almendras, pan, clavo de especias, açucar, canela, almisque, ambar, agua de rosas y otras cosas semejantes de buen olor".

O señor: "Cosas demasiado delicadas son éstas y más convenientes a una novia o dama que a una persona como yo; basta que yo me sirva de estas balas de Bononia o de Roma o de un poco de salvados o migaja de pan".

O amigo fidalgo Pedro pregunta a Juan: "¿Suele estar cada día tanto tiempo en la cama?".

E Juan contéstalle: "Según voy a dormir".

Pedro engade: "S.M. hace que sienta, esperándole tanto, uno de los dolores de morir".

Pregunta Juan: "¿Cuales son los dolores de morir?".

Contesta Pedro: "Esperar y no venir, estar en la cama y no poder dormir, bien servir y mal agradecer, tener un caballo que no quiere yr y criado que no quiere obedecer, ser prisionero y no poder huyr, estar enfermo y no poder sanar, estar a la puerta y no la querer abrir, tener un amigo que quiere hacer trayción, sn los dolores que me matan el coraçón".

"Estos son dolores que muchas vezes padezco", replica Juan.

E o fidalgo: "El primero de ellos padezco yo ahora".

"V.M. -responde Juan- no le padecerá más, porque yo he acabado".

"Loado sea Dios que ha acabado" termina Pedro.

Tamén o anaco dedicado á comida ten a súa gracia e sitúase en España, pois é de costumes españois. Polo menos así quere el que sexa.

Cando chega a hora de comer, pide o fidalgo: "¡Dame un gobelete de cerveza!".

Responde Juan: "¡Quítese de ay! ¡No meta esa agua cocida en el cuerpo!".

Contéstalle o fidalgo Pedro: "A mí me sabe tan bien como el vino particularmente en esos (estos) calores".

Di Juan: "Yo bebo de buena gana el vino a la alemana" e "¿Cómo lo bebe, por vida suya?" pregunta Pedro. "La mañana, puro; a mediodía, sin agua, y a cenar, como viene del tonel", responde Juan.

E Pedro: "Essa regla me contenta".

E como ten que meter todo o vocabulario de carnes, fai unha comida pantagruélica.

Os diálogos son catro, en que describe o que se pode facer nun día; erguerse e vestirse, varios pasatempos, unha comida e mentres se come, algúns "lindos discursos" por último, esgrima e "otras muchas cosas", como el vender y el comprar".

Despois, unha colección de "Narratiunculae hispanicae" que é unha colección de 50 chistes, dos que vou copiar aquí algúns; isto daranos ocasión, non só de poñernos en contacto coa lingua de coloquio daqueles tempos, senón tamén o humorismo dos homes dos séculos XVII e XVIII, e poder rir tamén nosoutros hoxe.

Este uso humorístico do español, di Kramer, que é o primeiro, el, en recollelo para uso serio da lingua. Elíxeos na súa lingua latina de modo que sexan honestos e castos.

Encóntroos tan prácticos que vou dar algúns exemplos:

1. "Estando un enfermo en un lugar llamado Uña, rogó a sus parientes lo llevassen a otro lugar. Preguntó por qué, respondió: 'por no morir en Uña como piojo'".

2. "Dando cuenta un criado a su señor de lo que avía gastado, por escrito, le dezía: 'de un pan que compré para mí ocho maravedís, de paja y cebada para vuestra merced, dos reales'".

3. "Uno aconsejaba a un borracho que tenía un ojo malo, que no beviesse vino que le perdería, respondió: 'mas quiero perder una ventana que toda la casa'".

4. "A un pobre hombre escuchávalo un señor de muy mala gana, y despidiole diziendo que se deviasse de allí que olía a ajos. Respondió: 'no todos pueden oler a buey y a puerco como vuestra merced'".

5. "A una señora que hablaba mucho, caíansele los dientes. Preguntando a un médico de qué le caían, respondió: 'de las muchas cozes que les da V.S. con la lengua'".

6. "Mirándose una vieja a un espejo, como se vió llena de canas, la cara arrugada y amarilla, los dientes caídos, los ojos hundidos y tristes, dixo: 'no hazen los espejos ahora como solían, que me acuerdo yo hazían un rostro que era alegría de verle'".

7. "Estando las cortes en N., un labrador passava por donde estaban dos caballeros, que dava açotes muy recios a su asno, los cuales le dixeron: 'no le maltrateis tanto a ese pobre asno!". El labrador quitándose el sombrero dixo: 'iperdonad, señor asno, que no pensé que teníades parientes en la Corte!'".

8. "Un cavallero muy chiquito yendo (de) camino adelantóse de sus criados. Preguntaron éstos a un labrador si iva lexos un cavallero. Respondió: 'ay adelante topé con un cavallo que llevaba un sombrero sobre el arçón y unas botas colgadas de la silla'".

Adaxios de carácter moral, económico e político trae unha boa lista de 27 páxinas, e titúlaa: "Selectissima adagia seu proverbia". Di el que a xente lles chama "refranes". E a terceira parte deles son de tema económico. Ás veces tan sinxelos coma o seguinte: "acuéstate sin cenar y amanecerás sin deudas".

Son numerosos os que se refiren á muller e escolle os que din algo negativo del ou algo contra ela. Vou escoller uns poucos deste tema:

"La mula y la mujer por halagos hacen el mandado".
"La mujer cuanto más mira la cara, tanto más destruye la casa".
"La mujer hermosa o loca o presuntuosa".
"Moça galana calabaça vana".
"Quien no tiene que hazer, arme navío y tome mujer".
"Mujeres buenas son las que están enterradas".
"Mujer, viento y ventura presto se muda".
"La mujer y el vidrio siempre están en peligro".
"En una nao cargada de plata no ay arto para contentar a una mujer".
"El hombre es un fuego, la mujer la estopa, viene el diablo y sopla".
"De la mala mujer te guarda y de la buena no fíes nada".
"Villa y niña, peral y havar, malos son de guardar".
"Quien prende el anguilla por la cola y la mujer por la palabra, bien puede decir que no tiene nada".
"La mujer y la tela no la cates a la candela".

Despois da fila de refráns trae 20 páxinas de "Compelationes civiles hispanorum", ou, traducidas polo mesmo Kramer ó español: "cortesías", que son, segue a dicir, as formas que se empregan "in commercium cum hispanis", ou sexa, no coloquio cos españois. Trae catro modos especiais. Son interesantes para coñece-lo uso dos pronomes na lingua coloquial:

1º. A unha persoa coñecida, que nos está suxeita, e é de ínfima condición díselle *tú,* e a forma do posesivo é *tuyo* (como nalgunhas nacións de Hispanoamérica aínda hoxe). Tamén o *tú* emprégase algunhas veces para falar con Deus en panexíricos e na oratoria sagrada: "tú, oh Dios, que eres mi padre...!".

2º. Só o monarca, o príncipe, o rei nos seus diplomas e edictos, empregan *nos* e *nuestro.*

3º. Emprégase a terceira persoa do singular para a forma de cortesía, non só no verbo (como se fai hoxe), senón tamén no pronome suxeito: "si él o ella lo quieren hacer". Este modo -di- é máis honorífico. Di tamén que o descoñecen os franceses. O posesivo, tamén en terceira persoa: "su persona y sus personas", é como usamos aínda hoxe e inda que el o dá coma cousa só do español, atópase tamén noutras linguas. Pero di que hai que usalo "parcissime" porque hai perigo de anfiboloxía. Tamén os casos dativo e acusativo, que Kramer chama "oblicuos", empréganse para esta forma de cortesía, como aínda se fai hoxe.

4º. A forma *vos* e o posesivo *vuestro,* empréganse -di Kramer- para a segunda persoa en forma de cortesía, aínda que non se queira honrar especialmente a aquel a quen un se dirixe. Úsase -di- para os heroes.

Tamén o dicimos para falar con Deus nas oracións, como fai Santa Teresa nos seus libros.

5º. Os españois do tempo de Kramer ofendíanse se se lles trataba de *vos* co verbo en plural: "¿Vos me tratáis de *vos*? Yo os digo que vos sois *vos* y no hay en el mundo otro *vos* que vos".

El di que quere que o seu libro non sexa só para os alemáns pero tenos sempre presentes. Así di nunha nota a pé de páxina, que non está permitido na conversa "civile" dirixirse "more germanico" á persoa en singular con verbo de terceira persoa plural. Refírese aquí ás formas alemanas *'Sie essen' = V. come, Vs. comen.*

Tamén nunha nota as formas de cortesía nos pronomes, que só se usan para *dignidades,* e son: *Vuestra Alteza, Vuestra Eminencia, Vuestra Señoría Ilustrísima,* etc. E de aquí a evolución de *Vuestra Merced* que dá a forma "corruptísima" "*Vosted*" e "*Vostedes*", que máis corrupta aínda chega a *usted* e *ustedes* que temos hoxe.

A forma *Vuestra Merced* emprégase entón para a xente "honestae aut liberae conditioni, utriusque sexus, clericos et laicos, senex at juvenes" que non teñan outro título de dignidade.

Escríbenos despois Kramer, principios e terminacións ou saúdos dunha carta, por esta orde: para o Sumo Pontífice, para o Emperador, para o Rei, para os Príncipes, para os Cardenais e Bispos, para os Condes, Duques, nobres, doutores, licenciados, eclesiásticos, relixiosos, amigos...

Por campos semánticos ordea un vocabulario que recolle en 122 páxinas. E chega nada menos que a 84 grupos de palabras. Os significados dáos case sempre en latín, que é a lingua que máis emprega; pero na distribución por campos semánticos fainos en francés que el coñece tamén moi ben.

Os grupos de sustantivos e adxectivos que trae nas primeiras follas veñen seguidos dunha lista de verbos, os principais da lingua española, e que el, fainos corresponder, pouco máis ou menos, ós grupos de sustantivos e adxectivos.

Elexiremos aquí o campo que el titula "Oficios infames y viles":

Mendigo, pordiosero, pícaro, vergnate, bribón, vellaco.
Cortabolsas o hurtador.
Farsante o farsista
Truhán, chocarrero o juglar

Triaquero, hablador, hablista o putañero
Puta o ramero
Matador (assasin)
Tahur o tablajero
Trepador (danseur de corde)
Menesteril o chirimía (sonneur)
Hechicero, adevino o agorero o estrellero
Alcahuete o mandillete
Bordelero
Gorrón, mogollonero o tornero
Sollastre, fregón, socarrón o moço de cozina
Pozero o sacavasuras
Verdugo o sayón
Vazialetrinas o sacamierdas

Este tomo da gramática acábao cun índice en tres linguas: latina, francesa e castelá.

Gramáticos anteriores a el, especialmente, como dixen antes, a Cesar Oudin e a Lancelot de Port Royal, cítaos e tenos moi en conta.

Non lembra, en cambio, ó noso mestre de Lingua Española chamado Juan de Sottomayor, que escribe un libro titulado: *Llave capital con la cual se abre el curioso y rico thesoro de la lengua castellana.* É cinco anos anterior á de Kramer. Non dedicou Sottomayor, como o fixo Kramer, nin un capítulo ó español coloquial. Era profesor de español na universidade de Leipzig, pero non puidemos saber, por ningures, se se coñeceron ou non.

Por outra parte se Kramer coñecera a *Llave capital* ou o autor, coido que o tería dito, como di que coñeceu outros autores de Gramáticas Españolas anteriores.

A gramática de Kramer é moito máis completa e complexa que a de Sottomayor.

O gramático de Nuremberg hai que agradecerlle que nos dera a coñecer a lingua coloquial ou de "commercium" como el a chama, do seu tempo.

De lexicografía galega. Un diccionario máquina

ANTÓN SANTAMARINA

No ILG e na RAG levamos algún tempo traballando nun proxecto de lexicografía galega con tratamento informático dos datos. Dunha maneira moi breve podemos dicir que o primeiro paso, donde sairán varios posibles diccionarios, consiste na entrada de textos de tódolos rexistros do galego moderno; no seu tratamento cun programa de concordancias e lematizacións; e na almacenaxe e integración nunha grande base de datos.

Dous dos momentos principais desta operación, a introducción de datos e o seu manexo na fase de lematización, son coñecidos porque contan cos seus manuais respectivos (aínda que de uso interno). Pero hai un instrumento intermedio que, por non ser usado polos operadores, non necesita coñecementos para o seu manexo e non quedará descrito en ningún manual. Por iso coidamos de interés dar unha noticia del.

Para automatizar ata onde sexa posible o proceso de lematiza-las palabras de cada obra concordada (ou conxuntamente de varias obras) preparouse un *Diccionario máquina* (*DM*) no que están flexionadas tódalas palabras da versión provisional (corrixida) do *Vocabulario ortográfico da lingua galega* (*VOLGA*) (1). Está claro que non é un diccionario que teña unha finalidade parecida a ningún dos tipos de diccionarios que se fabrican (por iso lle chamamos "diccionario máquina"); nin é tampouco un diccionario no que poidan aparecer tódalas formas usadas polos autores do corpus, pois está baseado no *VOLGA*, que só dá entrada a unhas 45.000 palabras, escollidas cun criterio purista.

Se se examina a edición provisional do *VOLGA* pódese comprobar que no campo de "categoría" hai bastante información gramatical (*t*ransitivo, *i*ntransitivo, *p*ronominal, *a*dxectivo, *s*ustantivo, *s*ustantivo e *a*dxectivo, etc.). Para o *DM* non se precisa tanta información e ademais a casuística a que nos podía levar facer un modelo flexivo para cada categoría conduciríanos a unha serie de distincións imposibles de controlar tanto por parte dos constructores do *DM* como, despois, polos lematizadores; por esta razón foron reducidas e unificadas. Nomeadamente ás seguintes clases de palabras:

(1) Instituto da Lingua Galega e Real Academia Galega, *Vocabulario ortográfico da lingua galega (versión provisional)*, Santiago, 1989, edición non venal.

1 artigo
2 contracción de prep + artigo
3 sustantivo
4 adxectivo
5 adxectivo/sustantivo (*lugués*)
6 pronome persoal
7 contracción de preposición + pronome persoal
8 demostrativo
9 contracción de preposición + demostrativo
10 posesivo
11 relativo
12 interrogativo
13 indefinido
14 contracción de preposición + indefinido
15 numeral
16 verbo
17 adverbio
18 preposición
19 conxunción
20 interxección
21 locución (de varios tipos).

Nun diccionario máquina, no campo "categoría" non pode aparecer, por exemplo, "(verbo) primeira persoa de plural do presente de indicativo"; nin tampouco unha abreviatura facilmente memorizable. Por esta razón reducíronse as categorías a unha cifra de tres díxitos (que ocupa pouca memoria e é facilmente traducida a unha táboa de equivalencias en "palabras"); así: do 001 a 018 corresponde ó artigo, do 021 a 038 á contracción de preposición e artigo, e así sucesivamente.

A secuencia dos números é a habitual nos paradigmas gramaticais: masculino singular - feminino singular - etc. 061 *cativo*, 063 *cativa*, 065 *cativos*, 067 *cativas*, 069 *cativiño*, 071 *cativiña*, 073 *cativiños*, 075 *cativiñas*; ou no verbo: infinitivo - xerundio - participio - presente de indicativo - imperfecto etc. e dentro de cada tempo, singular 1ª persoa, 2ª etc. E así con cada unha das partes flexionais. Deste modo, cando se lematice o vocabulario dun autor, ou todo o vocabulario do corpus, baixo de cada lema virán ordenadas as distintas formas paradigmaticamente e non alfabeticamente; é dicir, aparecerá (501) *ser*, (503) *seres*, (507) *serdes*, (509) *seren*, (511) *sendo*, (513) *sido*, (525) *son*, (527) *es*, (529) *é*... (537) *era*... (549) *fun*,... (561) *fora*... e non *é, era, es, fora, fun, sendo, ser, serdes, seren, seres, sido, son*.

A elaboración dun *DM* para unha lingua de flexións complexas como é o galego non se pode facer manualmente máis ca nuns poucos casos; levaría unha enormidade de tempo e daría lugar a unha cantidade grande de erros. Non vale a pena pormenorizar como se fixo. Daremos só unha breve noticia diso. O material do *VOLGA* foi sendo librado por clases de palabras para ficheiros individuais e despois cada ficheiro tratado independentemente, ás veces con fragmantacións

parciais. Ás clases invariables (adverbios, preposicións, etc.) atribuíuselle-la súas categoría, impar (normativa) ou par (non normativa), segundo os casos. Para as partes variables (menos o artigo, as contracciós e o pronome) construíronse modelos de flexión e repasouse a base de datos do *VOLGA* atribuíndo a cada palabra o seu modelo mediante unha clave. Despois varios programas fixeron as flexións de maneira automática. Para os artigos, contraccións e pronomes e para as dúas ducias de verbos irregulares fíxose a flexión de modo manual.

Díxose antes que o *DM* estaba baseado no *VOLGA*, e por tanto estaban excluídas del as palabras non normativas. De toda maneira, nunha lingua como a galega no período que nos ocupa, en estado de constitución, hai moita variante. Un diccionario máquina que non considerase estas variantes non admitidas no *VOLGA* vería seriamente minguada a súa eficacia como máquina. Realmente, xa no mesmo *VOLGA* se intruducen bastantes palabras de uso moi frecuente precedidas por un asterisco para indicar que non se lles dá rango de normativas. Pero ademais destas entradas, na flexión das palabras variables, engadíronse ás formas flexivas normativas, tamén as formas non normativas máis frecuentes. Dito cun exemplo, o paradigma de *canción* no *DM* será

043	S_fs	canción
047	S_fp	cancións
048	S_fp*	cancións
048	S_fp*	cancíois.

Se queremos un caso de complexidade moito maior, velaquí o paradigma do perfecto de facer

549	PrfI1	fixen
549	PrfI1	fíxe-n
550	PrfI1*	ficen
550	PrfI1*	fíce-n
550	PrfI1*	figuen
550	PrfI1*	fígue-n
551	PrfI2	fixeches
551	PrfI2	fixéche-l
552	PrfI2*	fixeche
552	PrfI2*	ficeches
552	PrfI2*	ficéche-l
552	PrfI2*	ficeche
552	PrfI2*	figueches
552	PrfI2*	figuéche-l
552	PrfI2*	figueche
553	PrfI3	fixo
554	PrfI3*	fizo
554	PrfI3	figo
554	PrfI3*	fezo
555	PrfI4	fixemos
555	PrfI4	fixémo-l
556	PrfI4*	ficemos
556	PrfI4*	ficémo-l
556	PrfI4*	figuemos
556	PrfI4*	figuémo-l
557	PrfI5	fixestes
557	PrfI5	fixéste-l

558	PrfI5*	fixéstedes
558	PrfI5*	fixéchedes
558	PrfI5*	ficéstede-l
558	PrfI5*	ficéchede-l
558	PrfI5*	ficestes
558	PrfI5*	ficéste-l
558	PrfI5*	figuestes
558	PrfI5*	figuéste-l
558	PerI5*	figuestedes
558	PrfI5*	figuéstede-l
558	PrfI5*	figuechedes
558	PrfI5*	figuéchede-l
559	PrfI6	fixeron
559	PrfI6	fixéro-n
560	PrfP6*	ficeron
560	PrfP6*	ficéro-n
560	PrfI6*	figueron
560	PrfI6*	figuéro-n

(Nas formas con guión, o guión pertence á desinencia verbal [suplindo o *-r*, o *-s* ou o *-n* elididos]; o *l* e mailo *n* entran nun campo chamado "enclítico" que nos axuda a diferenciar formas como ***cánta-los*** e ***cánta-nos;*** á súa vez, ambas distintas de ***canta*** *nos*. Ver máis abaixo.).

Sería metodoloxicamente un erro nesta mestura de formas prescindir do dato de se unha forma é ou non normativa; é dicir, se está de acordo co *VOLGA* e coas *Normas ortográficas e morfolóxicas* (2). Iso sinalouse usando as cifras impares para as formas normativas e as pares para as outras. Na categoría expresada en abreviatura (PrfI1 = Perfecto de Indicativo persoa 1 etc.) indícase mediante asterisco o carácter non normativo dunha forma (550 PrfI1*). Indicar se unha forma é non normativa mediante cifra par e asterisco é unha redundancia que pode ter algunha utilidade. Por suposto, as palabras que no *VOLGA* aparecen con asterisco levan todas números pares no *DM*. Desta maneira o diccionario máquina tén información potencial que vai máis alá do seu uso inmediato de servir para lematizar; unha das posibles utilidades ulteriores sería a de servir de material bruto para un programa corrector de textos (se é que algunha compañía informática chega a interesarse por iso); abondaría con quitar del as formas pares. Podería servir para extraer un diccionario de verbos conxugados. E quén sabe que máis.

Se as formas oblicuas non normativas dunha palabra se colocan despois das formas normativas, isto mesmo ocorre tamén coas variantes rectas das formas non normativas; desta maneira no *DM* teremos agrupadas despois da forma normativa dunha entrada tódalas súas variantes fonéticas, é dicir, ó ládo de *ciruxián* virán (aquí alfabeticamente) *ceruxano*, *ciruxano, surxán, zuruxano* e *zurxán*. Así poderemos ter agrupadas en boa medida formas que na simple concordancia virían moi dispersas por todo o alfabeto.

Aínda que o *DM* ten como principio mante-la distinción entre normativo e non normativo, hai lugares en que o respecto da norma levaría a un atranco insuperable. É sabido que a ortografía do galego estableceu como norma soldar di-

(2) Instituto da Lingua Galega e Real Academia Galega, *Normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega*, Santiago, 1982.

rectamente o pronome enclítico ó verbo e alterar graficamente a acentuación. Os programas informáticos operan con "palabras" e só a custo dunha programación complicadísima sería posible que formas como *díxome, dixéronnolo* ou *dixémoschellelo* fosen concordadas como dúas palabras (ou tres ou catro, respectivamente); iso obrigounos a altera-los textos na fase de preedición separando por guión o verbo do pronome e deixando a acentuación do verbo coma se fose forma exenta; cando amais de énclise hai asimilación da última consoante ó pronome ou ó artigo tamén se fai a separación pero alterando a acentuación da forma verbal polas razóns que explicamos no manual do editor. A alternativa era ou sacrifica-la automatización ou sacrifica-la ortografía; pareceunos máis oportuno o segundo. A fin de contas o que resulte despois da expurga dos textos do corpus será o material bruto para a redacción do diccionario (ou dos diccionarios); e en calquera caso sempre se respectou o contido fonético e morfolóxico do texto aínda que se alterase, mínimamente, a súa representación gráfica.

Nun diccionario deste tipo é moi grave o problema da homonimia (porque non hai definicións). Isto está resolto nos casos en que as palabras homónimas pertencen a clases diferentes porque quedan discriminadas de modo automático; nos outros casos a discriminación houbo que facela de modo manual extraendo por categorías tódalas palabras que tiñan lemas coincidentes para engadirlles unha nota referida ó seu significado. Hai amais diso as homonimias que xorden dentro do propio paradigma (*cantar* pode ser varias cousas distintas: infinitivo invariable, infinitivo 1ª persoa, infinitivo 3ª persoa, futuro de subxuntivo 1ª persoa e futuro de subuntivo 3ª persoa). Estas resolvéronse de modo automático na numeración e abreviatura das categorías. Velaí un exemplo de complexidade simple:

PALABRA		LEMA	CATEGORIA
cacho	1	cachar = coller	525 PrsI1
	2	cachar = roturar	525 PrsI1
	3	cacho	061 AX_ms
	4	cacho (recipiente)	041 S_mas
	5	cacho 'pedazo'	041 S_ms
	6	cacho 'acio'	041 S_ms

(*PrsI1* = Presente de indicativo persoa 1; *AX_ms* = Adxectivo masculino singular; *S_ms* = Sustantivo masculino singular)

Digamos aquí, de paso, que o traballo fundamental do lematizador consistirá en escoller para a palabra *cacho* unha das 6 opcións (ou unha que hai sempre en branco para casos non previstos) segundo o que signifique no contexto que mostrará a pantalla simultaneamente.

Este diccionario máquina non é unha obra pechada. Amais das formas de partida (as do *VOLGA* con flexións normativas e non normativas) irán incorporándoselle as variantes ou formas novas de cada autor a medida que se vaian lematizando. Porque está previsto que na fase de lematización as palabras novas e variantes se flexionen e se incorporen ó *DM*. Castelao en *Cousas* usa palabras como *abrouxa, acarrexara, adeprendeu,* etc., que non figuran no *VOLGA* porque como normativas só se propoñen *abouxar, carrexar, aprender*. Nunha das fases da lematización aquelas formas serán reducidas á "non marcada", flexionadas, atri-

buídas a un lema, e a súas variantes flexivas intercaladas sempre como formas non normativas entre as formas de *abouxar, carrexar* e *aprender.* Con isto está claro que a eficacia do *DM* será maior a medida que se avance no proceso de lematización porque cando no sucesivo volvan a aparecer *abrouxar, acarrexar* etc., en calquera tempo ou persoa que estean flexionadas, serán automaticamente atribuídas a *abouxar, carrexar,* etc.

Para realizar todo este traballo usáronse ordenadores persoais. A razón é que non se dispuxo no seu momento dun ordenador grande e por outra parte todo o traballo de preedición das obras resultaba máis cómodo cun programa de tratamento de textos dos dispoñibles no mercado, con posibilidades de usar diacríticos sen necesidade de máis manipulación. Son necesarios de toda maneira PCs de certa potencia porque o *DM* no momento da partida tén por riba do millón trescentas mil formas (ocupa mais de 50MB); e a medida que se lematicen obras aumentará.

Este *DM* vai estar nun "servidor" de 12MB de RAM e 314MB de ROM; conectados a el, en rede local, estarán cinco PCs de 60MB; os seis operadores que se prevé que traballen simultaneamente terán desde o seu posto acceso o *DM* para facer todo o traballo de lematización. Despois de cada obra lematizada incorporaráselle o *DM* o diccionario parcial xerado.

Sobre a decadencia do subxuntivo en prótases condicionais en galego e español e a subxuntivización da forma *cantara*

ALEXANDRE VEIGA

1. INTRODUCCION

Un dos fenómenos máis relevantes na diacronía do sistema verbal español foi a migración modal experimentada pola forma *cantara*, que, procedente do "pluscuamperfecto de indicativo" latino clásico *amaueram* e exclusivamente indicativa en canto ó seu significado modal cando menos ata unha determinada etapa do castelán medieval, funciona no español moderno principalmente como expresión do contido modal propio do subxuntivo. A esta situación chegou *cantara* facéndose alomorfo da forma etimoloxicamente subxuntiva *cantase*, procedente do "pluscuamperfecto de subxuntivo" latino *amauissem*. As dúas formas son hoxe por hoxe perfectamente intercambiables sempre e cando o contido modal expresado sexa o propio do subxuntivo, o que non implica que o español peninsular moderno non conserve aínda algúns empregos residuais de *cantara* con valor indicativo (basicamente empregos indicativos irreais en que a referida forma é alomorfo de *cantaría*) (1). En canto ó emprego modo-temporal correspondente á tradicional etiqueta de "pluscuamperfecto de indicativo", *cantara* perdeu definitivamente esta posibilidade -que na lingua moderna expresa a forma composta de creación romance *había cantado*- xa no século XV (2), se ben en tempos modernos, e sobre todo a partir do s. XIX, a lingua escrita tentou unha recuperación -artificial- do

(1) Referímonos ó coñecido uso de *pudiera, debiera, quisiera* por *podría, debería, querría* (cfr. *infra* §§ 2.1, 3.5). En español de América sobrevive con máis forza a posibilidade de emprego de *cantara* por *cantaría*, que non se reduce a estes tres verbos modais: "si yo volviera a nacer, no *estudiara* medicina", "si yo tuviese esas fotos, te las enseñara" (exemplos de Navarro, 1989: 122). Sinalemos que entre as formas compostas correspondentes a situación en español moderno é distinta, pois -e sobre isto voltaremos en § 3.5- *hubiera cantado* é habitual sustituto de *habría cantado* como "irreal de pasado" con calquera tipo de verbos.

(2) Cfr. Wright (1932: 5-6), quen menciona o *Arcipreste de Talavera* (Martínez de Toledo, 1438) como o remate do antigo emprego, con sinaladas excepcións posteriores como os romances ou algúns empregos arcaizantes de Diego de San Pedro, Cervantes, o *Amadís de Gaula* ou a *Historia de España* de J. de Mariana. Pero véxanse novos datos en Davis (1934) e Luquet (1988: § VII.1.1). A. de Nebrixa dou testemuño en 1495 do arcaísmo destes usos (cfr. cita e comentario en Luquet: *ibid*), que posteriormente (1535-6) J. de Valdés tería por malsoantes (cfr. cita e comentario en Luquet, 1988: § VIII.4).

emprego etimolóxico, recuperación allea á realidade do sistema e que non trascendeu fóra de determinados estilos de lingua (3).

Parcialmente semellante é a situación do galego moderno, sistema no cal *cantara* chegou a funcionar tamén como alomorfo de *cantase* no dominio modal do subxuntivo (4), pero sen deixar nunca de expresa-lo seu contido modal etimolóxico de "pluscuamperfecto de indicativo" (ó contrario do sucedido en castelán en virtude da plena inserción no sistema verbal das formas compostas); por outra parte, *cantara* mantén tamén en galego moderno certas posibilidades de aparición como indicativo irreal equivalente a *cantaría* (5). A "subxuntivización" de *cantara*, non descoñecida, por outro lado, na historia do portugués (6), constitúe un fenómeno diacrónico común a español e galego.

Outro aspecto común na historia destes dous sistemas verbais é a desaparición dos chamados "futuros de subxuntivo". Nin o galego nin o español actuais -con algunha excepción xeográfica no caso do español (7)- manteñen na lingua viva as antigas formas *cantar* (gal.) / *cantare* (esp.), artificialmente empregadas aínda de cando en cando por escritores ou en determinados estilos de lingua deliberadamente arcaizantes; estes empregos "cultistas" acaban non poucas veces en utilizacións erróneas destas formas, proba inequívoca da súa inexistencia na lingua real e, por tanto, da súa ausencia da competencia lingüística dos falantes. Fronte á situación do portugués, onde as formas *cantar / tiver cantado* están perfectamente vivas na actualidade, en español escrito advírtese unha forte decadencia porcentual de *cantare / hubiere cantado* no s. XVII (8), se ben nos rexistros cultos o emprego das mesmas aínda é coherente cos seus usos antigos ata ben avanzado o s. XIX, século na segunda metade do cal xa se documentan suficientemente empregos incorrectos que testemuñan a non realidade destas formas no sistema (cfr. *infra* § 3.3); no español escrito do s. XX o emprego é residual (9). En canto ó español falado, autores como Granda (1968) e Luquet (1987), partindo de observa-

(3) Wright (1932: § 6) situou o inicio desta recuperación en Jovellanos (*El delincuente honrado*, 1774), se ben Luquet (1988: § VIII.4) documenta máis exemplos anteriores ó XVIII e posteriores ó XV, que se esforza en xustificar non como indicativos, senón como subxuntivos (cfr. *infra* nota 61).

(4) Santamarina (1974: 114) expón que en galego actual "todas las formas en *-se* son susceptibles de sustitución por *-ra*, sin que el sentido de la frase se altere en nada, ni siquiera en lo afectivo". Nalgunhas falas galegas a subxuntivización da forma en *-ra* levou a *cantase* a desaparecer da lingua falada, isto é o que sucede, por exemplo, na comarca de Ferrol (cfr. Porto Dapena, 1972: § I, nota 4).

(5) "O que *quixera* saber é por que non lle fixeche frente daquela", "e ten o conto calado en non o *debera* ter", "imal *fora*!", "iquen nos *dixera* que iba chover hoi!" (Exemplos de Santamarina, 1974: 115, actualizámo-la acentuación).

(6) Cunha & Cintra (1984: 456) mencionan exemplos literarios como "Quem te adorara, se adorar *pudera*!" (A. de Guimaraens), "Assistimos à divina tragédia, como se *fôramos* [...] os últimos personagens póstumos do Mestre" (T. de Pascoaes) e algunhas construccións fixas exclamativas, rexistrables na fala viva e tamén na lingua literaria: "quem me *dera* [...]!", "*prouvera* a Deus [...]!", "*pudera* [...] !", "*tomara* (que) [...]!".

(7) Cfr. Granda (1968) sobre a conservación destas formas no español antillano.

(8) Wright (1931: 109) sinalou un visible descenso na aparición destas formas no español do s. XVIII; Luquet, revisando os datos de Wright, autor no que observa que excluíu do seu corpus de traballo practicamente todo o que se escribiu en España entre 1636 e o remate do s. XVII, adianta a data da maior decadencia dos "futuros de subxuntivo" falando dunha "caída brutal" no uso destas formas cara a fin do primeiro tercio do s. XVII ou pouco despois (cfr. 1987: 510, 1988: § VIII.2).

(9) Molho (1975: 570-1, nota 2) p. ex., menciona a súa conservación ata o presente século na linguaxe xurídica e nos misais.

cións sobre feitos diferentes, defenden que no castelán popular peninsular os "futuros de subxuntivo" estaban xa en decadencia nas primeiras décadas do s. XVI. No caso do galego, o practicamente nulo cultivo escrito da lingua entre os séculos XVI e XIX imposibilita un estudio documental da progresión na desaparición destas formas comparable ó que Wright (1931) levou a cabo no terreo do español. Tralo Rexurdimento literario do s. XIX as aparicións de *cantar* no galego escrito representan con frecuencia empregos erróneos, situación comparable á do español coetáneo e da que temos que extrae-la mesma conclusión: a inexistencia destas formas verbais na lingua real (10).

Subxuntivización de *cantara* e desaparición dos "futuros de subxuntivo" constitúen, como vimos de ver, aspectos comúns na evolución dos sistemas verbais español e galego. No caso do español, aínda que con escasez de estudios específicos, non é difícil atoparmos referencias a estes dous fenómenos, ben coñecidos de hispanistas e romanistas en xeral, e o investigador dispón de informacións previas que considerar; non sucede o mesmo no caso do galego, dominio lingüístico respecto do cal xa vén sendo tópico lamenta-lo retraso nas investigacións lingüísticas en relación con outras áreas románicas e poñe-los ollos, máis ca no que se leva feito, no moito que aínda está por facer.

Inicialmente parece que nos atopamos ante dous fenómenos independentes, que habitualmente gramáticos e investigadores diacrónicos da lingua española mencionan por separado e sen falaren de ningunha posible relación dos seus respectivos desenvolvementos. Pero unha aproximación un tanto detida á cuestión fainos reparar nun detalle que non pode senón chama-la nosa atención, como é a posible influencia que no comportamento histórico destas formas tivo un contexto sintáctico concreto: as prótases condicionais construídas coa conxunción condicional por excelencia: esp. *si*, gal. *se*.

É de aceptación xeral entre os hispanistas, sobre a realidade que os textos mostran, que a migración modal de *cantara* do indicativo ó subxuntivo comenzou precisamente por esta situación sintáctica. Ben coñecido dos diacronistas é o verso 2061d do manuscrito P do *Libro de Alexandre* (11), "bien andante fuera Poro sy todos *fueran* atales", reiteradamente citado como primeiro testemuño desta migración modal das formas en *-ra* (cfr. *infra* § 3.5). A documentación medieval galega tamén ofrece exemplos de *cantara* empregado en prótases con *se* (cfr. Monteagudo, 1989).

Pero sucede que na diacronía do español as prótases condicionais con *si* constitúen precisamente o único contexto en que as antigas formas *cantare / hubiere cantado* non foron sustituidas por aquelas que as reemplazaron en tódalas demais situacións, a saber, *cante / haya cantado* (cfr. Veiga, 1989a: §§ 1.4.1, 4.3), formas estas non combinables coa conxunción condicional *si* desde as orixes da

(10) Cfr., p. ex. Porto Dapena (1972: § I), Alvarez Blanco *et al.* (1986: § XII.6.3). Sobre a errónea consignación dos "futuros de subxuntivo" como formas vivas en galego na gramática de Vázquez Cuesta & Mendes da Luz (1971: 120) cfr. as nosa crítica en Veiga (1989a: nota 27).

(11) Ed. A. Morel-Fatio, Dresden, 1906. Na edición crítica de D. A. Nelson, Madrid, Gredos, 1979, que opta por seguir neste caso o manuscrito O (*fussen* = *fuessen*) por rexeitar en xeral os casos de *-ra* en prótases (cfr. Montero, 1989a: 95ss) este verso é o 2082d.

lingua (12), e *mutatis mutandis* dirémo-lo mesmo para a sustitución *cantar* > *cante* na diacronía do galego: o galego emprega *cante* en tódolos casos en que o portugués, mantendo a situación antiga, emprega *cantar*, coa única excepción das prótases condicionais con *se*, que tampouco en galego admiten a forma *cante*. Como herdeiro de *cantare*, tendendo porcentualmente á combinación coas mesmas formas en apódose, aparece na historia das condicionais españolas a forma de "presente de indicativo" *canto* (13), e parella sustitución tivo lugar na diacronía do galego (cfr. Monteagudo, 1989), sen dúbida pola mesma vía e esixindo a mesma explicación.

Pero as prótases condicionais son tamén mencionadas en estudios de dialectoloxía hispánica como o contexto sintáctico onde se iniciou a sustitución das formas *cantara ~ -se* por *cantaría* nunha determinada zona do español peninsular septentrional. Engadamos tamén as prótases condicionais tipo *si tendré*, especialmente documentables na área aragonesa, que equivalen ás prótases en *si tuviere* do castelán medieval común, e a sustitución de *cantara ~ -se* por *cantava* que se advirte no xudeoespañol tamén nas prótases con *si* e que supón nin máis nin menos o mesmo fenómeno que triunfou no francés moderno, onde *si j'avais* desterrou a *si j'eusse*.

Ante estes feitos só podemos extraer unha conclusión inicial: nas prótases condicionais construídas coa conxunción derivada do *si* latino a diacronía dos sistemas verbais iberorromances (e non só iberorromances) ofrece diferentes casos de sustitución de formas orixinariamente subxuntivas por formas orixinariamente indicativas, sustitucións en bastantes ocasións determinantes da desaparición, cando menos neste contexto, da primitiva forma de subxuntivo, pero nun sinaladísimo caso conducentes ó alomorfismo: a actual igualación funcional *cantara ~ -se* en español ou galego modernos cando a significación modal é de subxuntivo. A sustitución de subxuntivo por indicativo, á que algún autor como Mendeloff (1960: 8) fixo referencia como característica no desenvolvemento diacrónico das condicionais *irreais* (cfr. *infra* §§ 2ss) de orixe latina, non se reduce, como os feitos expostos mostran, ás condicionais calificables coa tradicional denominación de "irreais". A diacronía dos dialectos iberorrománicos ofrece exemplos desta sustitución para tódalas formas subxuntivas que no protorromance podían figurar en prótases con *se* / *si*, expresasen ou non un contido modal de irrealidade.

Compréndese agora a verosimilitude dunha posible explicación común para estes diferentes cambios, e resulta evidente que a actuación da conxunción condicional descendente da latina *si* respecto da oposición modal indicativo / subxuntivo debe ser esclarecida como paso previo á investigación dos fenómenos diacrónicos aquí reseñados.

(12) Non sen que aparezan algúns exemplos excepcionais, como os seis casos de prótase en *si tenga* que Rojo & Montero (1983: 136 cadro 54) rexistraron no seu amplo *corpus* de textos casteláns medievais.

(13) Sobre a invalidez de aceptarmos *cantara ~ -se* como sustituto de *cantare* nas prótases condicionais castelás con *si*, sustitución defendida por diversos estudiosos españois nas últimas décadas, cfr. Veiga (1989a: § 4.4.1) e *infra* § 3.3.

2. OPOSICIONS MODAIS NAS PROTASES CONDICIONAIS

A tradición gramatical tennos ben familiarizados coa idea de clasificación tipolóxica das condicionais latinas en tres grupos, habitualmente denominados *real*, *potencial* e *irreal*, nas etiquetas dos cales están subxacentes propiedades de contido modal. A tripartición latina, en realidade fundada nas formas verbais das prótases e só xustificable desde o punto de vista funcional se se proba que a cada contido corresponde unha expresión propia (14), como esixe a metodoloxía funcionalista (15), revélano-la actuación nas prótases latinas clásicas de cando menos unha oposición diferente da formulable en termos de indicativo / subxuntivo, a saber, a que ten lugar entre os modos tradicionalmente chamados *potentialis* e *irrealis*. Os estudios sobre as condicionais españolas oscilan entre a defensa de tres grupos máis ou menos correspondentes ós latinos e só dous grupos, en xeral caracterizables como *real / irreal* ou *non irreal / irreal* (cfr. Contreras, 1963: 38ss, Montero, 1989a: § 1, Porcar Miralles, 1989, Veiga, *próx*: § I.1).

2.1. Oposicións modais

Dun ou outro xeito, queda claro que na aproximación ó funcionamento do sistema verbal nas prótases condicionais é preciso ter en conta non só a oposición modal formalmente plasmable pola sustitución entre as series formais de indicativo e subxuntivo, senón tamén a posible existencia de outras oposicións en principio remisibles á categoría verbal modo, como aquela que defina o contido que responde á denominación tradicional de *irrealidade*, que se manifesta nos casos máis inequívocos nun matiz de negación implícita do proceso representado polo verbo.

Temos efectivamente realizada esta oposición entre os exemplos

nestes momentos *estou* encantado na praia
nestes momentos *estaría* encantado na praia,

no segundo dos cales *estaría* presupón [= non *estou*], e na afirmación / negación implícita do proceso expresado radica a diferencia significativa entre os dous. A mesma oposición, agora en combinación cunha partícula modal que forzosamente esixe a aparición do subxuntivo, vemos entre os exemplos

oxalá o teu irmán *estea* agora na miña casa
oxalá o teu irmán *estivera ~ -se* agora na miña casa,

onde de novo a forma verbal da segunda secuencia, *estivera ~ -se*, presupón negación implícita: [= non *está*], mentres que a da primeira, forma de subxuntivo, caracteriza modalmente o proceso nun enfoque de ignorancia sobre o cumprimento efectivo da acción.

(14) Cfr., p. ex., os argumentos de Vairel (1981) para defende-la clasificación tricotómica e os termos en que describe os contidos diferenciais de cada tipo.

(15) Cfr. o *principio de funcionalidade* de que fala Coseriu (1973: 190); cfr. tamén a fundamentación teórica neste sentido de Ruipérez (1954: § 19).

A comparación entre as dúas parellas de exemplos permítenos establece-la existencia nun sistema verbal como é o do galego dunha oposición modal irrealidade / non irrealidade, abreviadamente ±irrealidade, combinable cos dous termos da oposición modal indicativo / subxuntivo. Invertindo a orde das comprobacións no terreo modal, podemos comprobar que en combinación cunha realización de contido modal de non irrealidade funciona a oposición plasmada entre indicativo e subxuntivo: é a oposición que en circunstancias temporais de *presente* vemos expresada pola oposición formal *canto / cante* nunha parella de exemplos como

os amigos que nestes momentos *están* encantados escoitándome
os amigos que nestes momentos *estean* encantados escoitándome,

contexto onde a oposición indicativo / subjuntivo (*están / estean*) concreta a realización dos seus dous termos nunha diferencia de grao de coñecemento concreto / inconcreto dos amigos referidos. Igualmente, esta oposición é funcional en combinación cunha realización de contido modal de non irrealidade; confrontando agora os exemplos

os amigos que nestes momentos *estarían* encantados escoitándome
os amigos que nestes momentos *estiveran ~ -sen* encantados escoitándome,

obsérvase como característica modal común a negación implícita -nos dous casos as formas verbais presupoñen un [=non *están*]- e como realizacións de contido diferenciadas pola oposición de novo dous diferentes enfoques modais traducidos no coñecemento concreto / inconcreto deses amigos mencionados.

Da funcionalidade no sistema destas dúas oposicións, indicativo / subxuntivo e irreal / non irreal, que os exemplos empregados nos revelan inicialmente como de actuación entrecruzada, non pode haber dúbida desde o momento en que (a) a conmutación entre os dous exemplos de cada parella revela que as diferencias de contido son manifestadas en diferencias de expresión -co que se cumple o principio de funcionalidade- e (b) as dúas conmutacións son levadas a cabo en igualdade de circunstancias de realización tanto aspecto-temporal (sempre enfoque *presente* nestes exemplos), como modal no referente en cada caso á outra oposición considerable (nas dúas primeiras parellas, igualdade de realización indicativa -primeiro caso- e subxuntiva -segundo caso-; nas outras dúas parellas, igualdade de realización de contido non irreal -primeiro caso- e irreal -segundo caso-), co que podemos estar seguros de que a diferencia funcional entre os dous elementos opostos é aquela que cremos detectar e non outra.

A conmutación de contidos en igualdade de circunstancias e coa garantía da alteración no significante permítenos concluír que a categoría verbal modo constitúe unha categoría complexa en galego (16), como por outra parte en español (17), latín clásico (18) e outras linguas emparentadas. Como para galego e es-

(16) Hipótese que xa adiantamos en Veiga (1984: § 2.1, 1986: § 4, 1989b: § 2.

(17) Cfr. a nosa comprobación das oposicións modais en español en Veiga (1988: § 2.1, 1989a: § 3.1, próx: §§ II.3ss).

(18) Cfr. Veiga (1984: § 2.2, *próx.*: § II.4.1). Nótese que a nosa concepción do modo verbal como categoría complexa non coincide coa defensa de complexidade para a actuación desta categoría en latín por parte de autores como Mariner Bigorra (1965) ou Rubio (1968) -ou para o español por

pañol xa concluímos en traballos anteriores (19), cremos que a categoría modal actúa subdividida en dúas subcategorías ou *nocións modais* de base diferente:

a) unha primeira noción modal, á que remite a oposición de contidos plasmada na expresión pola sustitución indicativo / subxuntivo, á que en xeral podemos facer referencia coas tradicionais etiquetas *obxectividade / subxectividade*;

b) unha segunda noción modal, que configura no sistema unidades de contido opostas por rasgos referidos ó grao de realidade-irrealidade do proceso verbal; en español ou galego esta segunda noción modal soporta dúas oposicións diferentes: (1) a oposición ± irrealidade, ilustrada nos exemplos xa antes vistos e (2) unha oposición ± incertidume, que configura no seu termo marcado o contido modal propio dos tradicionais "futuros de probabilidade" (oposición que en *presente* é plasmada pola diferenciación formal *cantarei* (+ incertidume) / *canto* (-incertidume): "nestes momentos *serán* / *son* as catro".

As oposicións integrables nun e outro grupo -unha soa no primeiro caso, dúas no segundo- son neutralizables en circunstancias diferentes. A oposición obxectividade / subxectividade (indicativo / subxuntivo), integrante da primeira noción, neutralízase contextualmente en casos de inflexión ou rección modal, circunstancias estas que non afectan ó funcionamento das oposicións ± irreal e ± incerto. Estas oposicións, integrantes da segunda noción modal, neutralízanse en combinación con determinados contidos temporais, circunstancias estas que non afectan ó funcionamento de indicativo / subxuntivo. Esta desconexión entre o funcionamento / neutralización dunha e outra noción modal (que no caso do galego xa expuxemos en Veiga, 1989b: § 2 (20)) evidencia a existencia das dúas subcategorías diferenciadas, que constitúen conxuntos independentes e combinables de oposicións.

A actuación das tres oposicións modais en que se materializan as dúas nocións identificadas é ilustrable, en combinación cun enfoque temporal de *presente*, que non determina a neutralización de ningunha oposición modal, polos exemplos seguintes (cfr. Veiga, 1989b: § 2):

a) Os amigos que nestes momentos *están* encantados escoitándome
b) Os amigos que nestes momentos *estarán* encantados escoitándome
c) Os amigos que nestes momentos *estarían* encantados escoitándome
d) Os amigos que nestes momentos *estean* encantados escoitándome
e) Os amigos que nestes momentos *estiveran* ~ *-sen* encantados escoitándome,

parte de Mariner Bigorra (1971)-. Partían estes autores, con García Calvo (1960) como antecedente, de considerar nocións modais sobre a base de factores alleos ó sistema verbal, como a modalidade de frase (Mariner, Rubio) ou a subordinación (Mariner). O carácter complexo da categoría modal pódese recoñecer sen saírmonos da base nocional que as interpretacións tradicionais considerarían "actitude mental". Cfr. as nosas críticas á actitude destes autores en Veiga (*próx.*: II.3.6)

(19) Cfr. as dúas notas precedentes.

(20) Para esta comprobación en español, cfr. Veiga (1989a: § 3.1, *próx.*: § II.3.9.5). Sobre a mesma situación nas oposicións latinas indicativo / subxuntivo e irreal / non irreal (= "potencial") cfr. *próx.*: §§ II.4.1-2.

exemplos que corresponden ás cinco funcións modais que estructuran o núcleo do sistema verbal galego, funcións que, como en traballos anteriores (cfr. Veiga, 1984: § 2.1; 1986: § 4, 1989b: § 2) denominamos (21):

a) *Indicativo Ø* (IND Ø)
b) *Indicativo 1* (IND 1)
c) *Indicativo 2* (IND 2)
d) *Subxuntivo Ø* (SUBX Ø)
e) *Subxuntivo 2* (SUBX 2)

e que se integran na estructura do sistema en virtude dos seguintes rasgos modais pertinentes:

IND Ø: Indicativo + non irrealidade + non incertidume
IND 1: Indicativo + non irrealidade + incertidume
IND 2: Indicativo + irrealidade
SUBX Ø: Subxuntivo + non irrealidade
SUBX 2: Subxuntivo + irrealidade.

A aplicación dos nosos presupostos teóricos -unha exposición detallada dos cales efectuamos en (Veiga, 1988: § 1)- lévanos a identificar como funcionalmente modais valores non só remisibles á oposición formalmente expresada por indicativo / subxuntivo, senón outros contidos reiteradamente sinalados por gramáticos e estudiosos dos sistemas verbais románicos que, por unha parte, non sempre foron directamente vinculados á categoría verbal modo e, por outra, nalgúns casos provocaron controversias sobre a caracterización dalgunha forma verbal (pensemos en tódalas discrepancias sobre a clasificación modo-temporal de formas como *cantaría*, *je chanterais*, etc.). O noso modo de ver, un estudio funcional dun sistema verbal románico como é o galego que, libre de prexuícios formalistas, parta da análise dos contidos e comprobe a súa expresión no plano do significante ten que sinalar, por exemplo, que a discutida forma *cantaría* figura na manifestación dos significantes correspondentes a tres unidades de contido modo-temporal, opostas con arreglo á actuación das dúas categorías modo e temporalidade:

-En combinación co contido modal propio do IND Ø *cantaría* expresa un contido funcional temporal que responde á coñecida denominación de *pos-pretérito*, proposta por Bello (1841, 1847) para a forma correspondente no verbo español. Este é o valor funcional que se detecta nun exemplo como

prometínlle que o *faría*.

-En combinación co contido modal propio do IND 1 *cantaría* expresa un contido funcional temporal que se pode manifestar en relacións temporais como as que Bello (*op. cit.*) chamaba *pretérito* ou *co-pretérito*:

sería o Xan quen deixou a porta aberta
serían as catro cando chegamos a casa.

-En combinación co contido modal propio do IND 2 *cantaría* expresa un contido funcional temporal que en galego, lingua que non culminou a integración

(21) Comparable é a estructuración modal do núcleo do sistema verbal español, cfr. Veiga (1988: § 2.1, 1989a: § 3.1, *próx.*: §§ II.3.9ss).

plena de "formas compostas" no sistema temporal, comprende calquera realización temporal:

estaríache de boa gana vivindo na aldea
se puidese, mañá *iría* convosco á feira
se chegas a vir antes, aínda *verías* aquí á miña irmá
se o clima fose máis regular, non *chovería* onte como chovía.

Neste último valor funcional, *cantaría* é regularmente sustituíble por *cantaba*, forma máis corrente na lingua coloquial ("*estaría*che ~ *estába*che de boa gana vivindo na aldea", etc.) e, no caso de determinados verbos, tamén pola forma *cantara*: "*Querería* ~ *quería* ~ *quixera* pedirche un favor" (cfr. *supra* § 1, nota 1 e *infra* § 3.5). Dado que a sustitución formal *cantaría* ~ *cantaba* (~ *cantara*) non pode ser nesta significación modo-temporal manifestación de ningunha alteración de contidos, temos que concluír que no plano da expresión do IND 2 galego funciona un triple alomorfismo, coa particularidade da restricción no uso dun dos alomorfos.

Tras este comentario sobre a nosa interpretación da plurifuncionalidade de *cantaría* queda claro que na nosa concepción da explicación dun sistema verbal románico debe concederse unha importancia equivalente ás manifestacións de contido temporal e modal en cada aparición dunha forma determinada (22). Concedemos así un valor funcionalmente modal a particularidades de contido que para determinados autores son consecuencias de fenómenos de base temporal (23) e para outros manifestacións contextuais dun valor funcional no que tamén interveñen realizacións de sustancia de contido temporal (24).

2.2. Prótases condicionais

A observación das formas verbais que poden figurar nas prótases condicionais introducidas por *se / si* en galego ou español revela a existencia dunha soa oposición modal o valor funcional da cal sexa manifestable pola sustitución de significantes, oposición testemuñada nos seguintes exemplos, en diferentes orientacións temporais:

se o Xan *é* o teu amigo...
se o Xan *fora* ~ *se* o teu amigo...
se mañá *chove*...
se mañá *chovera* ~ *-se*...
se *estaban* onte na festa...
se *estiveran* ~ *-sen* onte na festa...
si Juan *es* tu amigo...
si Juan *fuera* ~ *-se* tu amigo...
si mañana *llueve*...
si mañana *lloviera* ~ *-se*...

(22) Cfr. o que expuxemos a este respecto en Veiga (1988: § 1, *próx.*: § II.1).

(23) Cfr. os "significados metafóricos" de que falaba Bello (1841: §§ 139-42, 1857: §§ 692-6), as *migrations* na teoría de Bull (1960: 61-2) ou o concepto de *dislocación* en Rojo (1974: §§ 5ss).

(24) Cfr. o concepto de *perspectiva* en Alarcos (1959), o *plano* en Coseriu (1976, 1978) ou as diferencias de *nivel* aplicadas ó estudio do verbo español por autores como Pottier (1963, 1969) ou Lamíquiz (1971, 1982).

si *estaban* ayer en la fiesta...
si *estuvieran* ~ *-sen* ayer en la fiesta...

Apréciase doadamente que en tódolos casos os segundos termos da oposición aparecen expresados por formas do que chamamos SUBX 2, isto é, formas subxuntivas en significación de irrealidade, mentres que os primeiros termos empregan formas de IND Ø. Diferente é a situación do francés moderno, onde, desaparecidas as antigas formas de subxuntivo *que je chantasse / que j'eusse chanté*, a expresión da irrealidade nas prótases condicionais corresponde a formas verbais indicativas, concretamente a *je chantais / j'avais chanté*:

si j'*étais* le roi... [= je ne *suis* pas]
s'il *avait plu* hier... [= il n'*a* pas *plu*],

formas que temos que considerar integrantes do indicativo irreal francés, alomorfos das formas en *-rais* esixidos pola norma en combinación coa conxunción condicional *si*.

Se no caso do francés non poden existir dúbidas sobre o carácter pertinente da oposición ±irreal nas prótases, xa que non existe outra posible oposición modal manifestada neste contexto, galego e español tenden unha pequena trampa ó investigador desde o momento en que a única oposición modal plasmable nas prótases con *se / si* aparece formalmente hipercaracterizada desde o punto de vista modal: IND Ø / SUBX 2. Nunha primeira aproximación plantéxase o interrogante de se a oposición pertinente neste caso será indicativo / subxuntivo ou irreal / non irreal, xa que da solidariedade entre dúas posibles oposicións só cabe deducir en termos funcionais que un dos rasgos opositivos é o funcional e o outro o redundante.

A "traductibilidade" de parellas *se* IND Ø / SUBX 2, do tipo "se *chove / chovera* ~ *-se*", ó francés por unha parella *si* IND Ø / IND 2, "s'il *pleut / pleuvait*", parece unha primeira evidencia de que é a oposición ±irreal, indiscutible no caso francés, a verdadeiramente funcional. A esta conclusión aproxímannos tamén as opinións dos gramáticos do español, que reiteradamente calificaron de *irreais* (ou denominacións comparables) os exemplos construídos no que chamamos SUBX 2, facendo fincapé na significación irreal destas prótases en troques de defender como característico un significado subxuntivo sen máis (25).

Pero o comportamento das formas verbais en prótases condicionais, en galego ou español, é a base da que debemos partir para concluír cal sexa a oposición modal pertinente. Neste senso, e como para o español xa consideramos en (Veiga, 1989a: § 3.3), a resolución do problema parte da análise do campo de dispersión modal das realizacións de contido expresadas por cada termo da oposición.

(25) Coñecida excepción é a constituída por Gili Gaya (1943: § 246), quen baseou na diferenciación formal indicativo / subxuntivo a súa clasificación dicotómica das condicionais españolas. Pero a actitude de Gili Gaya, como o autor recoñece explícitamente, obedece a un desexo de pura clasificación formal, sen entrar na cuestión da significación gramatical dos dous tipos de condicionais (o autor manifesta previamente as súas reservas ante as clasificacións tradicionais). Para unha revisión de propostas clasificatorias das condicionais en español cfr., p. ex., Rojo & Montero (1983: § 1.1ss), Montero (1989a: § 1), Porcar Miralles (1989), Veiga (*próx.*: § V.3.2).

Observando os matices modais expresables polas formas verbais de SUBX Ø en prótases, compróbase doadamente que estes corresponden sempre á parcela de sustancia de contido modal configurada no sistema pola oposición ±irreal no termo marcado da mesma. Efectivamente, en exemplos temporalmente *presentes* como os antes vistos

gal.: se o Xan *fora ~ -se* o teu amigo...
esp.: si Juan *fuera ~ se* tu amigo...

as formas verbais *fora ~ -se*, *fuera ~ -se* implican [= non *é*], [= no *es*], isto é, presupoñen a negación implícita do proceso verbal, negación implícita que constitúe a realización extrema, que podemos considerar prototípica, do contido funcional /irrealidade/. Por outro lado, exemplos temporalmente *futuros* como os tamén antes vistos

gal.: se mañá *chovera ~ -se*...
esp.: si mañana *lloviera ~ -se*...

expresan un matiz concreto de improbabilidade ou expectativa de non cumprimento do proceso verbal orientado como *futuro*, realización de contido característica das unidades verbais funcionalmente irreais en circunstancias en que, como sucede cando o proceso é cronolóxicamente futuro, non existe posibilidade de comprobar con plena seguridade a efectiva non realización do mesmo (26).

Estes matices modais concretos de negación implícita ou improbabilidade son expresables en contextos sintácticos diferentes das prótases condicionais polas formas verbais de SUBX 2. En circunstancias de independencia sintáctica observamos estas mesmas realizacións de contido modal, respectivamente combinadas con enfoques temporais *presente* e *futuro* nos seguintes exemplos:

gal.: oxalá o Xan *fora ~ -se* o teu amigo [= non *é*]
oxalá mañá *chovera ~ -se* [penso que non *choverá*]
esp.: ojalá Juan *fuera ~ -se* tu amigo [= no *es*]
ojalá mañana *lloviera ~ -se* [pienso que no *llloverá*].

E as mesmas realizacións son, por outra parte, detectables nas unidades verbais do IND 2:

gal.: *estaría ~ estaba* de boa gana na praia [= non *estou*]
iría ~ ía de boa gana convosco [penso que non *irei*]
esp.: *estaría ~ estaba* de buena gana en la playa [= no *estoy*]
iría ~ iba de buena gana con vosotros [pienso que no *iré*].

Comprobamos, pois, que as formas verbais de SUBX 2 en prótases condicionais expresan realizacións de sustancia de contido modal propias das funcións modais marcadas polo rasgo [+irrealidade], isto é, IND2 e SUBX 2, e nunca realizacións propias das funcións marcadas polo rasgo [-irrealidade], IND Ø, SUBX Ø, IND 1.

En canto ós matices modais expresados en prótases con *se* / *si* polas formas verbais de IND Ø, compróbase doadamente que corresponden a realizacións mo-

(26) Mariner Bigorra (1971: 236) falou dunha *atenuación* da irrealidade en improbabilidade nos casos temporalmente futuros. Sobre as realizacións de improbabilidade ou expectativa de non cumprimento en *futuro* e outras circunstancias cfr. Veiga (*próx.*: § III.2.2ss; cfr. tamén 1989a: § 3.2).

dais de non irrealidade, pero non a realizacións estrictamente asignables ó termo indicativo da oposición indicativo / subxuntivo (*obxectivo / subxectivo*). Efectivamente, en exemplos de prótases en IND Ø como os xa vistos,

gal.: se o Xan *é* o teu amigo...
se mañá *chove*...
se *estaban* onte na festa...
esp.: si Juan *es* tu amigo...
si mañana *llueve*...
si *estaban* ayer en la fiesta...,

o contido modal expresado polas formas verbais non se concreta en ningún dos matices caracterizados no sistema polo rasgo [+irreal], senón que consiste nun enfoque de ignorancia sobre a realidade do cumprimento do proceso verbal. Este enfoque modal resulta comparable ó matiz de ignorancia de cumprimento que, en combinación co contido volitivo propio das partículas modais *oxalá / ojalá*, expresan as formas de SUBX 2 nos exemplos

gal.: oxalá o Xan *sexa* o seu amigo
oxalá mañá *chova*
oxalá *estiveran~-sen* onte na festa; nese caso, viron todo o que pasou (27)
esp.: ojalá Juan *sea* su amigo
ojalá mañana *llueva*
ojalá *estuvieran~-sen* ayer en la fiesta; en ese caso, vieron todo lo que pasó (28),

e, por outra parte, resulta tamén comparable ó matiz de coñecemento inconcreto que en § 2.1 observamos na secuencia construída en SUBX Ø

os amigos que nestes momentos *estean* encantados escoitándome.

En resumidas contas, nas prótases condicionais con *se / si* as formas de IND Ø expresan realizacións de contido modal só definibles como non irreais, mentres que se perde neste contexto o carácter funcional do indicativo e, consecuentemente, formas indicativas poden figurar expresando matices significativos que en circunstancias de diferenciación modal máxima corresponderían funcionalmente ó subxuntivo.

A conclusión non pode ser outra: das dúas oposicións a funcionalidade das cales poderiamos sospeitar na diferenciación formal IND Ø / SUBX 2 en prótases con *se / si* só e funcional a oposición irrealidade / non irrealidade, en tanto que a oposición indicativo / subxuntivo está neutralizada nestas circunstancias sintácticas. A diferenciación formal indicativo / subxuntivo en prótases con *se / si* en galego ou español modernos é, por tanto, unha distinción redundante que sistemas como o francés perderon.

En consecuencia co carácter pertinente de ±irreal e o redundante de indicativo / subxuntivo, a oposición sinalable en prótases con *se / si* entre formas verbais de IND Ø / SUBX 2 manténse se a marca de condicionalidade pasa a ser

(27) A secuencia "oxalá *estiveran~-sen* onte na festa" resulta modalmente ambigua, xa que pode corresponder a dous "presentes" opostos: "oxalá *estean* agora na festa" (non irreal) / "oxalá *estiveran~-sen* agora na festa" (irreal). A indicación "nese caso, viron todo o que pasou" resolve a ambigüidade. A realización temporal do exemplo, de *co-pretérito* empregando os termos bellistas, condiciona a neutralización da oposición SUBX Ø / SUBX 2.

(28) Cfr. nota anterior. En español a situación é exactamente a mesma.

unha conxunción que esixa forzosamente a construcción con subxuntivo. Tal é o caso de *como* nas dúas linguas que estamos estudiando: empregando esta conxunción, a oposición de irrealidade manténse, pero expresada entre formas verbais de SUBX Ø / SUBX 2:

gal.: como o Xan *sexa* o teu amigo...
como o Xan *fora ~ -se* o teu amigo...
esp.: como Juan *sea* tu amigo...
como Juan *fuera ~ -se* tu amigo...,

e este feito constitúe unha nova evidencia da pertinencia da oposición ± irreal nas prótases condicionais independentemente do carácter indicativo ou subxuntivo das formas que nelas figuren.

3. SUSTITUCIONS DIACRONICAS SUBXUNTIVO --> INDICATIVO

Determinada a condición das prótases condicionais de contexto neutralizador da oposición modal expresada formalmente por indicativo / subxuntivo, nada de extraño ten supoñer unha relación entre esta circunstancia e a posible sustitución diacrónica de formas subxuntivas por formas indicativas neste contexto sintáctico, no cal, cando menos a partir dunha determinada época, a sinalada oposición carece de valor pertinente. Nos apartados seguintes imos estudiar diferentes casos de sustitucións de formas na diacronía dos sistemas verbais galego e español que podemos poñer en relación coa actual inoperancia de indicativo / subxuntivo nas prótases condicionais.

3.1. Cantara ~ -se —> cantaría

Ben coñecida de dialectólogos e estudiosos das oracións condicionais en español é a aparición de *cantaría* en prótases introducidas por *si* nunha ampla zona do español peninsular septentrional, zona onde os estudios específicos revelan a xeneralización das formas en *-ría* como sustitutos históricos dos subxuntivos en *-ra ~ -se* (29).

A extensión xeográfica do fenómeno no norte peninsular foi delimitada por Llorente Maldonado de Guevara (1965), quen documentou que

> En todos los pueblos de la Rioja estudiados hasta ahora, desde Bugedo, en Burgos, hasta Alfaro, en el límite de Navarra y Aragón, la sustitución del imperfecto de subjuntivo por el potencial es total, lo mismo que en Navarra, provincias Vascongadas, gran parte de las provincias de Burgos, Santander y Palencia e incluso a Soria, Valladolid y la franja occidental de Aragón limítrofe con Navarra y la Rioja (1965: 1994-5);

pero, ademais de neste territorio peninsular, o fenómeno está rexistrado en áreas do español de América (30) e coñece unha correspondencia na extensión dialectal

(29) Obrigado é cita-lo clásico traballo de Espinosa (1930) sobre esta sustitución de formas verbais, así como o sempre mencionado artigo de García de Diego (1952). Remitimos a Ridruejo (1975) e Martínez Martín (1983) para información bibliográfica sobre o fenómeno.

(30) Kany (1945: 198-9) recolle exemplos de *cantaría* por *cantara ~ -se* procedentes da Arxentina, Chile, Ecuador, Colombia, Guatemala e Santo Domingo. Cfr. tamén Ridruejo (1975: § 1). Para

do uso de *je chanterais* no dominio lingüístico francés (31), factores estes que, como argumentou Ridruejo (1975: § 5), non permiten pensar nun influxo do sustrato vasco (32) para a sustitución peninsular septentrional -aparte de que a propia estructura do euskera fai impensable ningún tipo de influencia nesta dirección (cfr. Ridruejo, *ibid.*)-, polo que, de acordo con este autor, temos que considerar que

> La utilización de *cantaría* por *cantara* (*-se*) está extendida -más o menos esporádicamente- por todo el ámbito hispánico, no sólo en el País Vasco y en zonas vecinas (Ridruejo, *ibid.*).

No actual estado de cousas a sustitución de *cantara ~ -se* por *cantaría* no norte peninsular non se reduce, nin moito menos, ás prótases condicionais, senón que constitúe un fenómeno que tende á xeneralización e que, por tanto, desemboca nunha reorganización do sistema modal desde o momento en que a desaparición das formas en *-ra ~ -se* constitúe a cara externa da desgramaticalización dunha oposición modal: da oposición ±irreal combinada co rasgo [subxectivo] -isto é, en subxuntivo-, o que determina a desaparición da función modal SUBX 2 (33) e conduce a un sistema verbal a organización modal do cal é en boa medida comparable á do francés actual, aínda que con notorias diferencias de norma en canto ós contextos en que se empregan as formas en *-ría* / *-rais*.

Ben coñecida é a explicación proposta por García de Diego (1952) para a sustitución de *cantara ~ -se* por *cantaría*: atopámonos ante un dos posibles resultados da tendencia a *uniformación rítmica* que este autor sinala como característica das oracións condicionais e, así, habería que explica-la aparición da forma *cantaría* nas prótases como propagación da mesma forma a partir das apódoses (*si tuviera ~ -se, daría* --> *si tendría, daría*). Pero a hipótese de García de Diego supón unha serodia defensa, en termos decimonónicos e á marxe dos conceptos da lingüística moderna, de factores estilísticos de "sensorialidade rítmica" como desencandeantes dunha reconstrucción xeral do sistema modal. Non resulta moi aceptable pensar en factores deste tipo nunha determinada construcción sintáctica fóra da elaboración literaria, e resulta sintomática a contradicción existente entre a defensa deste argumento do "agrado acústico de la simtería verbal" (1952: 96) como responsable da xeneralización dun esquema formal como *si tendría, daría*, sempre considerado dialectal, alleo -non sendo excepcionalmente- á lingua culta e rexeitado polos académicos, no mesmo autor que xustifica que precisamente a lingua popular non admitiu a construcción "estética" *si tuviera, diera* -tan corrente nos escritores clásicos- e acabou (re)impoñendo *si tuviera ~ -se, daría* (cfr. 1952:

---

un enfoque sociolingüístico deste emprego das formas en *-ría* no español de Buenos Aires, cfr. Lavandera (1979).

(31) Cfr., p. ex., Lanly (1957) e Renchon (1969: 176ss), autores citados a este propósito por Ridruejo (1975: 127, nota 13).

(32) Ridruejo argumenta contra a suxerencia de que a sustitución tivese lugar "quizá por influencia vasca" feita por Lago Alonso (1965: 1787).

(33) A esta reorganización está facendo referencia Lamíquiz (1982: § 4.2.4.3.5) cando sinala a desaparición de todo o subxuntivo agás a forma *cante* [e o seu composto *haya cantado*]. Cfr. tamén Ridruejo (1975: § 3). Sinalemos que tamén Kany (1945: 197) fala da decadencia do subxuntivo na fala de Buenos Aires -citando a Senet (1938: 133)- no apartado que dedica ó uso de *cantaría* por *cantara ~ -se* en Hispanoamérica.

103). Por outro lado, a hipótese da simetría -á que se adhire sen reparos Kany (1945: 197) e na que tamén cre Harris (1971: 33)- debe enfrentarse a serios contraexemplos como a imposibilidade de construccións do tipo *si tenga dé* en español, a pesar da nada infrecuente aparición da forma *cante* nas apódoses (maioritariamente con *canto* na prótase).

Esta obxección á hipótese da unificación rítmica xa foi efectuada por Ridruejo (1975: § 6) (34), autor que tamén contraargumenta mencionando a extensión da sustitución *cantara ~ -se* --> *cantaría* a "construcciones donde no es posible rastrear ninguna simetría" (e cita un exemplo de *si tendría, diese* no *Lazarillo de Tormes*). O feito é que a sustitución tende a ser xeral sen se reducir a un contexto sintáctico, realidade que non se opón a que puidese perfectamente ser nas prótases con *si* onde se orixinase o fenómeno de sustitución hoxe xeneralizado.

En opinión de Ridruejo (1975: § 9) a sustitución de *cantara ~ -se* por *cantaría* comenzou por unha alteración da norma naqueles contextos que esixían forzosamente a aparición do subxuntivo -onde, en consecuencia, non era posible a conmutación *cantaría / cantara ~ -se-* e concluíu nas posicións onde a conmutación era posible, isto é, onde funcionaba a oposición entre os valores das dúas unidades, o que determinou unha reestructuración do sistema. Tres factores considera o mencionado autor como determinantes desta sustitución:

a) Son poucos os contextos en que funciona a oposición entre os valores expresados por *cantaría* e *cantara ~ -se*, a existencia de numerosos factores externos que condicionan a rección modal fai que estas formas figuren en distribución complementaria nunha elevada proporción das súas aparicións. Como resultado,

> La disminución de las posibilidades de conmutación conduce a un desdibujamiento del significado de *cantara* (*-se*) (1975: § 8)

b) A oposición entre *cantara ~ -se* e as formas do indicativo (incluíndo *cantaría*, pero cfr. *infra*), que Ridruejo (1974, 1975) define como *actualizado* (= subxuntivo) / *non-actualizado* (= indicativo, *-ría*), é en opinión do autor "muy próxima" á oposición *realidade / non-realidade*, con arreglo á cal caracteriza o valor das formas en *-ría* frente ó que chama en sentido estricto *indicativo* (= formas indicativas a excepción de *-ría*).

c) Desde o punto de vista temporal as formas *cantaría* e *cantara ~ -se* coinciden no conxunto de relacións temporais que poden expresar.

A teoría de Ridruejo ofrece razonamentos de indubidable interés, pero tamén presenta varios puntos cos que, como nos dispoñemos a ver, non podemos estar de acordo.

Respecto do factor *c* dos mencionados polo citado autor, podemos estar de acordo sempre e cando nos cingamos ós contidos temporais expresados polas formas *cantaría* e *cantara ~ -se* cando a súa significación modal é a correspondente ás que chamamos funcións modais IND 2 e SUBX 2, é dicir, cando son expresión

(34) Textualmente: "el paralelismo rítmico no se ha extendido a otras construcciones condicionales similares: es imposible emplear *si querrá vendrá* o *si tenga dé*" (*loc. cit.*), pero notemos que construccións do tipo *si querrá vendrá* non son descoñecidas na dialectoloxía hispánica, cfr. *infra* § 3.4.

dun contido modal de irrealidade (35), precisamente o característico de *cantara ~ -se* nas prótases condicionais do actual español standard e de *cantaría* nas prótases comúns nas rexións antes mencionadas. A equivalencia temporal nestas circunstancias modais é un feito no español moderno (cfr. Veiga, *próx.*: §§ IV.2.9-10) así como nos tempos anteriores á reestructuración do sistema que se produciu ó se temporalizaren plenamente as formas compostas, etapa en que o verbo castelán sen dúbida coñeceu unha configuración comparable á do sistema galego (36). Agora ben, resulta obvio que a equivalencia temporal entre as dúas formas pode explicar simplemente por que en caso de sustitución de *cantara ~ -se* por unha forma non subxuntiva esta podía ser perfectamente *cantaría*, pero non pode dar conta de por que nin como se puxo en marcha a sustitución dunha forma por outra modalmente oposta no sistema (e, consecuentemente, en ningún momento Ridruejo emprega este argumento senón como explicación de por que foi *cantaría* e non outra forma a encargada da sustitución de *cantara ~ -se*).

En realidade é o factor *a* aquel no que se fundamenta a explicación proposta por Ridruejo para a posta en marcha da sustitución. Pero no referente á súa opinión neste punto temos que facer algunha observación.

Sabemos que a oposición entre os valores de *cantaría* e *cantara ~ -se* ten como base o mesmo rasgo que opón *canto* + *cantaré* a *cante*: é a oposición formalmente expresada por indicativo / subxuntivo. Neste senso, non hai en galego nin español máis problemas para recoñecer oposición en combinación co rasgo [+irreal] entre os nosos exemplos de § 2.1

os amigos que nestes momentos *estarían* encantados escoitándome
os amigos que nestes momentos *estiveran ~ -sen* encantados escoitándome

ou os seus equivalentes casteláns

los amigos que en estos momentos *estarían* encantados escuchándome
los amigos que en estos momentos *estuvieran ~ -sen* encantados escuchándome

dos que poida haber para recoñecela entre os exemplos non irreais correspondentes,

os amigos que nestes momentos *están* encantados escoitándome
os amigos que nestes momentos *estean* encantados escoitándome

ou

los amigos que en estos momentos *están* encantados escuchándome
los amigos que en estos momentos *estén* encantados escuchándome,

é dicir, ningún problema: en calquera caso a oposición realízase nunha diferenciación de coñecemento concreto / inconcreto (cfr. *supra* § 2.1). Igualmente, cando a oposición indicativo / subxuntivo se combina cunha diferencia de modalidade de

(35) Non estamos de acordo coa interpretación temporal que Ridruejo (1975: § 9) propón para algún dos exemplos que manexa. Temos que observar tamén que non todos estes exemplos ofrecen as formas *cantara ~ -se* e *cantaría* en significación modal de irrealidade.

(36) Cfr. Veiga (1984, 1986, 1989b); cfr. tamén os datos de Montero (1989a) sobre os esquemas empregados en condicionais irreais en Berceo e o Alexandre, onde se observa o cambio operado no castelán do XIII a raíz da temporalización das formas compostas en IND 2 e SUBX 2.

frase declarativa / volitiva ou exhortativa, a súa actuación recoñécese tanto en combinación co rasgo [-irreal] (IND Ø / SUBX Ø),

*axudarán*os Deus / *axúde*nos Deus,

como en combinación co rasgo [+irreal] (IND 2 / SUBX 2):

estarías atento cando che falan / *estiveras ~ -ses* atento cando che falan

(cfr. en castelán "Dios nos *ayudará*" / "Dios nos *ayude*", "*estarías* atento cuando te hablan" / "*estuvieras ~ -ses* atento cuando te hablan"). Os contextos onde está vixente no verbo español a oposición *cantaría / cantara ~ -se* son os mesmos onde é posible a oposición *canto + cantaré / cante* e do feito de que o subxuntivo apareza con máis frecuencia esixido polo contexto (é dicir, sen posibilidade de conmutación) ca en circunstancias de oposición ó indicativo non podería deducirse ningún "desdibujamiento" especial do contido das formas en *-ra ~ -se*, senón que en todo caso o sinalado "desdibujamiento" debería afectar ó contido de todo o subxuntivo. Debe buscarse, por tanto, outra explicación para o feito de que a sustitución peninsular septentrional afectase só ás formas subxuntivas que poden expresar irrealidade.

Neste punto intervén o factor *b* dos propostos por Ridruejo, pero é precisamente a esta idea á que temos que formular críticas máis decididas.

En efecto, sinalar como "muy próxima" a base nocional da oposición indicativo / subxuntivo -actualización / non-actualización para Ridruejo, cfr. *supra*- respecto da oposición de irrealidade supón dar máis importancia á descripción de matices concretos de sustancia de contido modal cá organización funcional do sistema. É un feito que, aínda que nunha primeira aproximación puidesen parecer comparables algunhas das realizacións asignables ó contido marcado polo rasgo que chamamos [subxectivo] (subxuntivo na expresión) e algunha das asignables ó contido marcado polo rasgo [+irreal], as oposicións nas que interveñen estes dous rasgos son radicalmente distintas, tanto no que se refire ás porcións de sustancia de contido modal que delimitan nos seus termos positivo e negativo, coma na súa actuación no sistema verbal, independente e "entrecruzada", integrando dúas nocións modais diferentes, como para o español demostramos en Veiga (1989a: § 3.1, *próx*: § II.3.9.5) e recordamos aquí en § 2.1.

En realidade a nosa discrepancia co argumento *b* de Ridruejo radica nas nosas diferentes interpretacións do sistema modal español. Fronte á nosa detección de cinco funcións modais no núcleo do mesmo, Ridruejo (1974, 1975) estableceu a existencia de só tres unidades: indicativo, subxuntivo e formas en *-ría*. Estas últimas agrúpanse co indicativo no termo *actualizado* da oposición que contraen co subxuntivo (*non-actualizado*), mentres que se opoñen ó indicativo sobre a base dunha oposición *real / non-real* (cfr. *supra*). Resulta evidente que Ridruejo observa coherentemente os valores irreais de *cantaría* e coincide *-mutatis mutandis* e con importantes diferencias metodolóxicas- coa nosa opinión no establecemento dunha oposición de irrealidade -para nós IND Ø / IND 2-, pero non observa a combinabilidade desta mesma oposición co subxuntivo, é dicir, non dá conta da oposición que formulamos SUBX Ø / SUBX 2. A súa interpretación dos modos resúltanos, pois, incompleta, e máis aínda tendo en conta que considera

tódalas aparicións de *cantaría* -para nós modalmente repartidas entre o IND Ø o IND 1 e o IND 2- como efectos de senso dun mesmo valor funcional non-real e que, en consecuencia, as aparicións de *cantaría* como IND 1 son emparelladas polo autor coas irreais, mentres que as paralelas aparicións de incertidume de *cantaré* son situadas no *indicativo* por Ridruejo, co que desdobla un mesmo contido modal, incertidume, nos dous termos contrarios dunha mesma oposición (37).

Pero temos que facer fincapé no aspecto máis positivo da opinión de Ridruejo, co que estamos de acordo plenamente. Referímonos á convicción de que a sustitución de *cantara ~ -se* por *cantaría* comenzou en contextos onde non funciona unha oposición morfolóxica entre os signos dos que estas formas son manifestacións dos significantes. Nestes contextos, como sinala o autor, modifícase a norma, pero non o sistema, a reestructuración do cal virá no segundo paso, cando se xeneralice a sustitución a tódolos contextos. Sinalemos que Ridruejo (1975: §§ 2, 9) menciona tamén a alternancia libre destas formas en combinación con adverbios de dúbida do tipo *quizá*, *acaso*, *tal vez* (38). Uns e outros casos de emprego do subxuntivo -rección contextual que exclúe o indicativo e libre alternancia indicativo ~ subxuntivo- constitúen resultados dun fenómeno que Ridruejo, a pesar do marco estructural no que se move, evita mencionar: a *neutralización*. En efecto, tanto cando un elemento externo condiciona a adscripción forzosa das formas verbais á serie modal subxuntiva coma cando a elección de serie indicativa / subxuntiva non pode comunicar un cambio no contido a oposición morfolóxica obxectivo / subxectivo, a funcionalidade da cal requeriría que a diferencia de contidos se manifestase en diferencia de expresións, está neutralizada.

E é neste factor onde cremos que radica a posta en marcha da sustitución *cantara ~ -se* --> *cantaría*, e precisamente nun tipo de contexto sintáctico no que se inclúen as prótases condicionais con *si*, nas cales, como xa expuxemos en § 2.2, a evidencia dos sistemas verbais románicos revela a afuncionalidade da oposición expresada pola diferenciación formal indicativo / subxuntivo.

Atendendo a estas prótases, observamos que a sustitución non produciu inicialmente modificación na actuación do sistema, senón, como ben expuxo Ridruejo (cfr. *supra*) un cambio na norma. Fronte á oposición que o español standard expresa formalmente como *si* + IND Ø / *si* + SUBX 2,

si en estos momentos Pedro *está* / *estuviera ~ -se* en casa...,

o español septentrional altera a serie modal da forma que expresa irrealidade, pero, e isto é o importante para o sistema, a oposición ±irreal, única funcional nas prótases, manténse, agora expresada como *si* + IND Ø / *si* + IND 2:

(37) Remitimos a Veiga *próx*: § II.3.10.6 para unha revisión crítica da teoría modal de Ridruejo (1974, 1975).

(38) Ridruejo (1975: § 2) menciona esta alternancia *cantara ~ cantaría* nun mesmo conxunto de posibilidades no que inclúe a sustituibilidade *-ra ~ -ría* en apódoses condicionais (onde *-ra* caeu en desuso no español moderno) ou cos tres verbos modais *poder*, *deber*, *querer*. Non se pode compara-la alternancia en combinación con *quizá*, etc. cos outros dous casos: no primeiro atopámonos ante unha neutralización contextual da oposición indicativo / subxuntivo igualmente rexistrable entre formas non irreais (cfr. "quizá *están ~ estén* enfadados con nosotros"); no segundo e terceiro, cun feito de alomorfismo en IND 2.

si en estos momentos Pedro *está / estaría* en casa...

Nunha palabra: nas prótases con *si*, como nos outros contextos en que non funciona a oposición indicativo / subxuntivo, a sustitución das formas subxuntivas irreais por formas indicativas irreais afecta tan só á expresión da oposición que non é funcional, polo que resulta perfectamente admisible para o sistema.

A neutralización desta oposición permite que formas dunha serie poidan ser sustituídas por formas da outra, pero que esa posibilidade chegue a ser un feito esixe a actuación dalgún factor que a poña en marcha, e no caso concreto das prótases con *si* existe ese factor: a redundancia na expresión da única oposición funcional nelas: ± irreal, que no español -ou galego- común ten lugar entre formas non irreais e indicativas de acordo coa norma e formas irreais que ademais son, de novo por condicionamento da norma, subxuntivas. A sustitución de formas de SUBX 2 por formas de IND 2 elimina a hipercaracterización que se rexistra na expresión das prótases condicionais construídas con *si*; é, polo tanto, explicable sen problemas como eliminación, nuns territorios determinados, dunha redundancia (39), eliminación que constituíu o primeiro paso na reorganización do sistema de oposicións modais operada cando as formas en *ría* sustitúen ós "imperfectos de subxuntivo" en tódolos contextos (cfr. *infra* § 5) (40).

3.2. Cantara ~ se --> cantaba

Un segundo caso de sustitución de formas subxuntivas irreais por formas indicativas irreais na diacronía do verbo español é o ilustrado pola aparición en prótases condicionais da forma verbal *cantaba*. Esta forma é alomorfo, xunto con

(39) Compréndese agora mellor que non se pode pensar en ningún tipo de "*desdibujamiento*" (termo de Ridruejo, cfr. *supra*) para o significado característico de *cantara ~ -se* nuns contextos nos que o seu contido verdadeiramente funcional, o caracterizado polo rasgo ± irreal, está totalmente configurado como valor funcional en oposición ó contido caracterizado polo rasgo contrario.

(40) Non podemos admitir unha hipótese como a defendida por Lavandera (1979) para a sustitución *si tuviera --> si tendría* no español bonaerense. Se ben a autora identifica correctamente as prótases condicionais como contexto sintáctico en que o subxuntivo tende a ser sustituído polo indicativo (cfr. 1979: § 1), o certo é que, partindo dunha tripartición extralingüística das prótases en "contexto real" / "contexto posible" / contexto "contrario", supón que o emprego de *si tendría*, considerado "vulgar" polos falantes arxentinos, constitúe a evidencia do paso dun sistema de dous tipos de prótase (en *presente-futuro si tengo / si tuviera*) a un de tres (*si tengo / tuviera / tendría*), de xeito que *si tendría* pasa a representa-las prótases de "contexto posible" (posibilidade extralingüística de cumprimento) e *tuviera* tende a reducirse ó "contexto contrario" (= negación implícita). Estimamos que a autora extralimita as conclusións da evidencia porcentual recollida dos seus informantes (maior porcentaxe de *cantaría* en casos de non negación implícita frente a *cantara*, cfr. 1979: § 2.2): No español americano *cantaría* e *cantara* como *presentes-futuros* de IND 2 e SUBX 2 respectivamente configuran a mesma parcela modal de irrealidade contextualmente precisable como negación implícita, improbabilidade, etc. Non podemos pensar, como Lavandera se ve obrigada a argumentar, que haxa por parte de *cantara* unha tendencia previa a concentrarse na expresión da negación implícita propiamente dita (cfr. 1979: 122) e que *cantaría* sexa unha forma verbal allea a este matiz significativo (como a autora pretende en 1979: 123, onde manifesta que "en su distribución fuera de las prótasis con *si* aparece referido [*cantaría*, A.V.] a acontecimientos inciertos pero probables en el futuro"; se isto fose así ¿que pasaría con exemplos do tipo "de buena gana *estaría* ahora en la playa", de negación implícita? e, por outra parte, ¿onde está o carácter "probable" de exemplos do tipo "de buena gana *iría* mañana con vosotros?"). Temémonos que a autora non toma en consideración ou minusvalora claramente aquelas aparicións de formas verbais que non corroboran a súa hipótese.

cantaría, na expresión dun contido temporal que engloba a relación de *presente* en IND 2:

estaría ~ *estaba* de buena gana ahora en la playa

e o seu emprego en lugar de *cantaría* é máis esperable na lingua coloquial. Pois ben, precisamente nos rexistros coloquiais e populares do español detéctanse construccións condicionais irreais do tipo

si *tenía* dinero, te lo prestaba,

exemplo co que Rojo (1974: § 5.3.4) ilustra este emprego que, como outros autores, considera escaso na lingua literaria e propio da lingua falada (41), e para o que menciona como explicación probable a tendencia á unificación rítmica, pero facendo fincapé en que os empregos irreais desta forma encaixan perfectamente na súa teoría da *dislocación* (*loc. cit.*).

Fronte á extensión xeral da sustitución *cantara* ~ *-se* --> *cantaría* nos territorios mencionados no apartado anterior, a sustitución *cantara* ~ *-se* --> *cantaba* parece reducirse no español peninsular ás prótases con *si* nos rexistros coloquiais, o que non nos deixa lugar a dúbidas sobre que a orixe da sustitución estea nestes contextos sintácticos. A aparición de *cantaba* tras *si* condicional, correspondente coa solución formal do francés moderno ("si *j'étais* le roi...") é, por outra parte, normal en xudeo-español, como ilustra o seguinte exemplo, que mencionan Kahane & Saporta (1953: § 3.31):

Si yo *era* riko, lo kué azía entonses?,

ou este outro, que lemos nun conto tradicional sefardí:

Si te *degoyava* aki kon mi espada agora, dime ken te pudia salvar de mi mano? (42).

Pero notemos que neste sistema a sustitución *cantara* ~ *-se* --> *cantava* non chega á xeneralidade. Fronte á sustitución nas condicionais e aínda sen saírmos das significacións modais de irrealidade, os "imperfectos de subxuntivo" seguen vivos e mesmo recollemos algún caso de alternancia con *cantava*, como nas construccións con *como si*, onde por unha parte documentamos

Toma sus consejus como si te lus *dava* tu madri (43)

e por outra

Mi rikordu di este dia komu si *huera* oy (44).

A sustitución *cantara* ~ *-se* --> *cantaba* é explicable como un novo caso de supresión dunha redundancia na expresión da oposición ±irreal en combinación

(41) Entre outros autores Rojo cita a Lenz (1920: 482) e Gili Gaya (1943: § 124), pero notemos que a escasez literaria de emprego de *cantaba* en condicionais frente á súa abundancia na lingua conversacional é mencionada por Gili Gaya non específicamente no caso das prótases, senón tamén das apódoses (como sustituto de *-ría*), e que, de feito, o citado autor (*loc. cit.*) só exemplifica con aparicións de *cantaba* en apódoses.

(42) Shahar, K.: "El hasid ke no kijo interumpir su orasion", *Aki Yerushalayim*, 3/10 (1981), 43-4.

(43) Camhy, G.: "Kunsejus de la madre a Bukitsa", *Aki Yerushalayim*, 3/12 (1982), 15-7.

(44) Kamhi, G.: "Mi nona", *Aki Yerushalayim*, 3/10 (1981), 45-6.

coa conxunción condicional *si* no dominio lingüístico español. A única diferencia fronte á sustitución por *cantaría* radica na elección do alomorfo de IND 2 que se fai normal nestas prótases: español septentrional e variedades americanas (cfr. § anterior) optaron polo descendente de *cantare habebam*, mentres que no español coloquial, xudeo español ou francés triunfou o herdeiro de *cantabam*. A extensión do "imperfecto de indicativo" ás prótases irreais documéntase tamén noutras áreas románicas, como Italia ou Romanía (*vid.* referencias en Harris, 1986: § 3.2).

3.3. Cantar(e) --> canto

Como adiantabamos no apartado inicial deste traballo, as prótases condicionais construídas coa conxunción herdeira do *si* latino constitúen o único contexto en que os antigos "futuros de subxuntivo" non foron sustituídos na diacronía dos sistemas galego e español pola forma que no estado actual das dúas linguas aparece no seu lugar en tódolos demais contextos, *cante*, o tradicional "presente de subxuntivo", forma rexeitada nestas prótases desde os tempos do latín postclásico en favor do cruce *amauero ~ amauerim* do que proceden os "futuros de subxuntivo" (45).

A explicación da sustitución *cantare --> canto* en prótases con *si* na diacronía do español foi un dos aspectos centrais do noso traballo (Veiga, 1989a) (46). Para entende-lo mecanismo sistemático desta sustitución é preciso partir do feito de que o valor modal representado polos "futuros de subxuntivo" nas etapas históricas en que funcionaron estas formas respondía negativamente á oposición ±irreal, como permite comprender toda unha serie de feitos:

a) As descripcións do valor destas formas na tradición gramatical española reiteran calificativos como *potencial*, *hipotético*, *continxente* e similares, pero resulta suficientemente claro á vista dos datos textuais que a negación implícita e demais matices nucleares do contido modal caracterizado polo rasgo [+irreal] non correspondían ó valor expresable por estes "futuros", senón, na diacronía dos sistemas galego e español, ás formas subxuntivas *cantasse* (lingua medieval) e *cantara ~ -se* (lingua moderna) -además de ás formas indicativas irreais-. Mencionemos que no seu estudio da categoría modo no verbo español Mariner Bigorra (1971) definiu *cantare* como un "potencial-eventual", é dicir, clasificou esta forma en canto á "actitude mental" nos mesmos termos que empregou para o valor de *cante* (cfr. 1971: 225-6), mentres concedeu a consideración de "irreais" a *cantaría* e

(45) Väänänen (1963: § 380) sinala que os esquemas formais en *si fuerit, erit / est* xa se fan correntes desde Vitrubio e Columela nas condicionais tradicionalmente chamadas "potenciais" -ás que, exemplificando en *presente-futuro*, correspondía o esquema *si habeam, dem* na lingua clásica-. Blase (1898: 149-50) dinos, referíndose precisamente ó caso das oracións condicionais, que a forma verbal antecedente dos "futuros de subxuntivo", que chamará "condicional", "ya tenía en latín tardío la misma función que en las lenguas románicas, es decir, la de una condicional de presente o futuro, función que quizás ya había tenido en el período antiguo". Sobre a doble orixe formal dos "futuros de subxuntivo" (*amauero + amauerim*) cfr. Veiga (1989a: § 1), con revisión bibliográfica.

(46) Traballo ó que remitimos para información bibliográfica sobre a diacronía dos "futuros de subxuntivo". Con posterioridade á redacción dese artigo elaboráronse na Universidade de Santiago de Compostela outros tres traballos sobre as mesmas formas verbais: Montero (1989b), Folgar & Ramos (1990) e López Rivera (1990).

cantara ~ *-se* (cfr., p. ex., o gráfico de 1971: 250). De acordo coa nosa teoría modal, pois, os "futuros de subxuntivo" intégranse no SUBX Ø, non no SUBX 2.

b) Consecuencia da resposta negativa á oposición de irrealidade por parte do valor dos "futuros de subxuntivo" é que nas oracións condicionais estas formas aparecían maioritariamente naquelas prótases combinadas con apódoses en que tamén figurasen formas verbais de valor modal non irreal (47). Tomando de Rojo & Montero (1983) cifras referentes á diacronía das condicionais españolas, atopamos que no corpus estudiado por estes autores a prótase *si tuviere* aparece maioritariamente combinada con apódoses en *cantaré* (643 casos), *cante* ou imperativo (334 casos) e *canto* (286 casos), mentres que coas formas que poden expresar irrealidade (*cantaría*, *cantaba*, *cantara* e *cantase*) aparece en frecuencias claramente inferiores (54 exemplos de combinación con *cantaría* e só un de cada unha das outras tres combinacións), xa que estas formas aparecen maioritariamente nas apódoses combinadas con prótases en *si tuviese*, *si tuviera* e as súas compostas correspondentes (cfr. as nosas táboas numéricas en Veiga, 1989a: 290-1). En resume, a prótase *si tuviere* combinábase regularmente en castelán medieval con apódoses integradas por formas de presente ou futuro de IND Ø e SUBX Ø, así como co imperativo (tamén non irreal), sendo *cantaré* a forma máis abondosamente recollida nestas apódoses (sobre este dato cfr. tamén Keniston, 1937: § 31.211, Pountain, 1983: 161 e cadro 6.3, Luquet, 1988: 213). A porcentualmente maioritaria relación sintáctica de *cantare* en español antigo con formas verbais modalmente non irreais non é, por outra parte, un feito visible unicamente nas oracións condicionais, senón a situación xeral en tódolos contextos en que regularmente figuraban os futuros de subxuntivo (é, dicir, en termos de gramática tradicional, en subordinadas de relativo e determinados tipos de subordinadas adverbiais, cfr. Veiga, 1989a: § 2.1), como ilustra o cómputo que efectuamos sobre os datos do volume segundo da *Crestomatía del español medieval* de Menéndez Pidal (Madrid, Gredos, 1966) e que figura na nosa táboa de (Veiga, 1989a: 288). Sinalemos tamén que esta tendencia na combinatoria do antigo futuro de subxuntivo español coincide co comportamento sintáctico da forma equivalente en portugués moderno: a casuística recollida por Sten (1973: cap. VIII) ofrece os futuros de subxuntivo portugueses maioritariamente subordinados a futuros de indicativo (ou perífrases do tipo *vou* + infinitivo, *hei-de* + infinitivo), imperativos, e presentes de subxuntivo e indicativo, sendo máis escasos os exemplos en que a forma do verbo "principal" é *cantava* ou *cantaria*.

c) Como subxuntivo non irreal que é, a forma *cantar(e)* comparte con *cante* os rasgos modais que a caracterizan respecto das dúas nocións modais que a nosa

(47) As condicionais nas que os dous membros coinciden na resposta á oposición ±irreal son sempre de documentación textual moito máis numerosa ca aquelas en que as respostas son contrarias, como no caso das que Keniston (1937: §§ 31.34ss) chamaba *mixed future conditions*. Pensemos que exemplos do tipo "se mañá *fai* sol, *iremos* á praia" ou "se mañá *fixera* ~ *-se* sol, *iriamos* a praia" resultan moito máis espontáneos e, por tanto, esperables cós exemplos modalmente híbridos do tipo "se mañá *fai* sol, *iriamos* á praia" ou "se mañá *fixera* ~ *-se* sol, *iremos* ~ *imos* á praia", onde se observa unha desconexión entre o enfoque modal dos dous termos da secuencia en canto ó grao de probabilidade (manifestación en combinación cunha realización temporal de *futuro* da oposición ±irrealidade).

teoría defende. Esta equivalencia funcional, unida á equivalencia temporal -xa que ámbalas dúas formas funcionaban como *presente-futuro*- explica perfectamente que en galego e español o sistema renunciase á antieconómica presencia dos futuros de subxuntivo (48), formas que, polo demais, estaban distribucionalmente moi limitadas desde o propio latín hispánico, no que a súa aparición xa se reducía ós tipos tradicionais de subordinada en que figurarían nos iberorromances medievais e se manteñen en portugués (49). No referente a esta lingua, Fonseca (1984) menciona *cante / cantar* e os seus compostos *-tenha / tiver* cantado como

> pares de variantes obrigatórias que se excluem mutuamente conforme os contextos sintácticos (1984: 416);

a confrontación dos empregos de *cante* e *cantar* en portugués peninsular e brasileiro levada a cabo por Comrie & Holmback (1984) mostra efectivamente a distribución complementaria como principal relación entre as dúas formas, aínda que nalgún caso funcionen en distribución libre, pero nunca en situación de conmutabilidade en igualdade de contexto e con cambio da significación (50), polo que temos que concluír que non existe oposición funcional no sistema entre os seus significados modo-temporais, e, en consecuencia, que se pode falar dun alomorfismo normalmente condicionado polo contexto (51). E á mesma conclusión cremos que se debe chegar no caso do español antigo con anterioridade ó declive do uso de *cantare* (cfr. Veiga, 1989a: § 2.3), aínda que polo momento non estea feito un estudio dos condicionantes da aparición dunha ou a outra forma en contextos como as oracións de relativo, en que as dúas aparecían. *Cante* e *cantar(e)* constitúen, polo tanto, ó noso modo de ver, expresións alomórficas do contido modo-temporal de *presente-futuro* de SUBX Ø.

---

(48) Martinell (1985: 81) suxeriu xa a consideración de *cantare* como redundante no sistema antigo. Luquet (1988) cre, contrariamente ó que defendemos, nunha oposición entre *cante* e *cantare* baseada nun rasgo *décadence perfective* nesta segunda forma, á que, non obstante se refire como un luxo do sistema español antigo para explica-la súa desaparición (cfr. 1988: 278). Véxanse as nosas observacións críticas a Luquet en Veiga (1989a: § 4.3 e nota 13).

(49) Cfr. a descripción dos empregos de *amauero* en latín medieval hispano por parte de Bastardas Parera (1953: § 58); cfr. tamén Pérez González (1985: § 7.3.2)

(50) De acordo cos autores, nas estructuras sintácticas en que en portugués poden aparecer *cantar* e *cante*, a elección pode vir determinada polo nexo. En condicionais *se, caso* (brasil.), *segundo* e *conforme* esixen *cantar*, mentres que *a não ser que, menos que* e *no caso que* (ou *sempre que* con valor condicional, cfr., 1984: nota 8) esixen *cante* (cfr. 1984: 217). En temporais aquelas con nexo que pode expresar simultaneidade (*quando, sempre que, enquanto*) esixen polo xeral *cantar*, aquelas con nexo que indica posterioridade (*depois que, assim que, logo que, tão logo, tão depressa*) admiten *cantar* e *cante* en distribución libre, e aquelas con nexo de anterioridade (*antes que, até que, a que*) constrúense con *cante* e rexeitan *cantar* (cfr. 1984: 217-8) -coa excepción da posibilidade de *antes que* + *cantar* na fala vulgar brasileira (cfr. 1984: nota 3)-. Sinalemos que tamén en español medieval é notoria a preferencia por *cante* por parte dos nexos de anterioridade (cfr. Molho, 1975: II, 574, Luquet, 1988: § IV.1.2, Veiga, 1989a: § 2.1). O mesmo fenómeno rexístrase en textos galegos medievais (cfr. Veiga, 1986: § 9, nota 31). Polo que se refire ás cláusulas de relativo, Comrie & Holmback sinalan unha situación de distribución complementaria relacionada co grao de definición do antecedente: *cantar* aparece normalmente se no antecedente figura un artigo determinado, mentres que un artigo indeterminado no antecedente condiciona a aparición de *cante*.

(51) Resúltanos paradóxico que Comrie & Holmback consideren sempre os contidos expresados por *cantar* e *cante* como funcionalmente diferenciados, en relación de oposición e con posibilidades de neutralización.

A sustitución dos futuros de subxuntivo na diacronía dos sistemas español e galego tivo lugar sempre en favor de formas verbais que no sistema compartían con *cantar(e)* o rasgo modal de non irrealidade.

Na maioría dos contextos foi a forma *cante* a que sustituíu a *cantar(e)*, feito que nada ten de extraño se partimos da identidade funcional que defendemos entre as dúas formas: a sustitución xeral *cantar(e)* --> *cante* constitúe a resolución dunha dualidade alomórfica pola vía da simple perda do alomorfo de aparicións máis contextualmente condicionadas.

Pero no caso concreto das prótases condicionais con *si / se* o problema da sustitución radicaba na imposibilidade de figuración da forma *cante* neste contexto desde o propio latín tardío (cfr. *supra*). Non sendo posible a sustitución de *cantar(e)* por outra forma de SUBX Ø, o sistema determinou que fose unha forma de IND Ø, *canto*, a encargada da sustitución. Deste xeito, unha forma subxuntiva en decadencia atopaba un sucesor indicativo, pero nun contexto sintáctico en que a oposición indicativo / subxuntivo non é funcional: a oposición modal funcional nas prótases, ±irreal, continuaba funcionando antes e despois da sustitución, xa que a resposta -negativa- de *canto* a esta oposición era coincidente coa de *cantar(e)*. Temporalmente non había tampouco maiores problemas para a sustitución *cantare* --> *canto* desde o momento en que as conxuncións condicionais neutralizan as oposicións temporais en que intervén a posterioridade como rasgo distintivo, p. ex., a oposición *presente / futuro* (52), polo que a forma *canto* en combinación con *si / se* abrangue todo o contido *presente-futuro* característico no sistema de *cante* ou *cantar(e)*.

Testemuña directa na sustitución *cantare* --> *canto* na diacronía das condicionais castelás é Bello (1847), quen, partindo do estudio do castelán erudito da época -nas súas propias palabras da "práctica de los buenos hablistas (1841: III)-, no que o emprego escrito dos "futuros de subxuntivo" aínda se levaba a cabo cunha suficiente coherencia cos seus empregos históricos, sinalou que nas prótases condicionais con *si*

> es cuando el hipotético [= cantare, hubiere cantado, A.V.] puede tomar prestadas al indicativo las formas correspondientes, es a saber, el presente canto, y el ante-presente he cantado. Pero lo más digno de notar es que el indicativo en este uso hipotético asume de tal manera el carácter de subjuntivo, que su presente se hace aplicable, con igual propiedad al futuro, y su ante-presente al ante-futuro (1847: § 663);

pero o emprego das formas en *-re* como equivalentes cultos de *canto / he cantado* en prótases con *si*, como en xeral tódolos empregos -eruditos- destas formas, perdería posteriormente o seu vínculo coa tradición histórica, e así Cuervo (1901: 37) denunciaría nos seus coetáneos o falso emprego de *cantara ~ -se* por *-re*, contrapoñendo esta situación á sistemática -conforme á historia- distinción de uso entre *-ra ~ -se* e *-re* por parte dos escritores de finais do XVIII e comenzos do XIX e manifestando que "raro es el escritor español que no incurre en esta confusión" (1901: 38); tamén Cejador y Frauca (1905: § 116.4), admitindo a posibilidade de

(52) Sobre a actuación da conxunción condicional *si* como neutralizadora destas oposicións temporais en español cfr. Veiga (1987: § 2.2, 1989a: nota 85, *próx.*: § V.2.9).

sustitución erudita *si tuviere ~ si tengo*, censuraría o emprego de *cantara ~ -se* neste caso.

A errónea equiparación de *cantare* con *cantara ~ -se* por parte dos escritores españois a partir do século XIX, xunto coa ausencia practicamente xeral na lingüística española dun tratamento equilibrado para as oposicións modais indicativo / subxuntivo e irreal / non irreal determinaron que non tódolos investigadores comprendesen que foi *canto* a forma verbal sustituta de *cantare* en prótases con *si*. Fronte á correcta identificación do-cambio formal por parte de diacronistas como Keniston (1937: § 31.21), Wright (1931: 108) ou Mendeloff (1960: 25) (53) ou dalgún gramático como Seco (1954: 73, 227), xurdiu entre lingüistas españois do século XX non especialmente adicados á diacronía do sistema verbal a errónea defensa das formas subxuntivas *cantara ~ -se* -que en realización temporal *presente-futuro* pertencen ó SUBX 2, non ó SUBX Ø, e que, polo tanto, non coinciden con *cantare* na resposta á oposición ±irreal neste contexto temporal- como posibles sustitutos de *cantare*. Autores da categoría de Lapesa (1942), Gili Gaya (1943) ou Alarcos (1949) consideraron que tanto *canto* como *cantara ~ -se* podían se-los continuadores dos "futuros de subxuntivo" nas prótases (54). Esta opinión tivo o seu peso e, así, autores de obras recentes de carácter diacrónico como Urrutia & Alvarez (1983: 279), Rojo & Montero (1983: § 4.1) ou Cano Aguilar (1988: § 5.2.2.3) caeron no extremo de consideraren unicamente as formas en *-ra ~ -se* como os sustitutos das formas en *-re* tras *si* condicional (55). Esta errónea opinión, trala que se agacha presumiblemente o prexuízio de que unha forma de subxuntivo debera ser sustituída por outra pertecente á mesma serie modal, desconectaría a sustitución de *cantare* en prótases do sucedido nos demáis contextos, onde en ningún caso foi *cantara ~ -se* o sustituto (56), e suporía, por outra parte, aceptar que as combinacións -maioritarias- da prótase *si tuviere* con formas verbais non irreais en apódose fosen sustituídas na lingua moderna por combinacións modalmente híbridas de *si tuviera ~ -se* (SUBX 2) + apódose non irreal, combinacións na lingua actual minoritarias (57).

Por suposto, admitir que a sustitución diacrónica, xeral en galego, como en español -coa excepción dialectal que comentaremos no próximo apartado-, de *cantar(e)* por *canto* nas prótases con *si / se* derive do efecto neutralizante deste nexo sobre a oposición indicativo / subxuntivo supón defender que este efecto

(53) Ou, se ben non en termos de sustitución diacrónica, senón de equivalencia sincrónica en etapas antigas do español, por parte de Menéndez Pidal (1908: I, § 157.5), Pountain (1983 161) ou Luquet (1988: § V.1.1, nota 3).

(54) Véxanse as nosas críticas ás manifestacións destes autores en Veiga (1989a: § 1.4.2.3).

(55) Véxanse as nosas críticas a Rojo & Montero (1983) en Veiga (1989a: § 5). Sinalemos que Montero (1989a) modificou a súa opinión admitindo *canto* como posible sustituto de *cantare* en prótases.

(56) Resulta obvio que, por poñer un exemplo, o refrán español, aínda conservado na súa forma arcaica, "adonde *fueres*, haz lo que *vieres*" atopa a súa expresión empregando as formas verbais do español actual en "adonde *vayas*, haz lo que *veas*", nunca en adonde *fueras ~ -ses*, haz lo que *vieras ~ -ses*". Máis exemplos en Veiga (1989a: § 4.4.1).

(57) Non é difícil observar que a "traducción" ó español moderno dun exemplo como "So en fiero afruento con tal enfermedat sy me non *acorriere* la tu gran piadat" (Berceo: *Sto. Domingo*, 411cd) é do tipo "estoy en fiera lucha con tal enfermedad si no me *socorre* tu gran piedad", e non "[...] si no me *socorriera ~ -se* [...]". Máis exemplos en Veiga (1989a: § 4.4.1).

neutralizador, comprobable sen problemas nos estados modernos de lingua, actuase xa nos períodos históricos en que comenzou o declive de *cantare* en prótases. A este respecto temos que manifesta-la nosa convicción de que cando menos desde o latín tardío a oposición indicativo / subxuntivo non funcionaba en prótases con *si*, como ilustra o feito, sinalado por autores como Blase (1898: cap. VII) ou Moignet (1959: I, 263-4) de que *amauero ~ amauerim* podía aparecer nestas prótases alternando non só coa forma clásica do *presente-futuro* do *potentialis*, *amem*, senón tamén coas formas indicativas e non irreais *amo* e *amabo* (cfr. Veiga, 1989a: §§ 1.1, 4.4.4). E non podemos deixar de mencionar que a tradicional tripartición tipolóxica das condicionais latinas en reais / potenciais / irreais, baseada fundamentalmente na existencia dunha triple posibilidade formal (en *presente si habeo / habeam / haberem*) foi posta en entredito por Mariner (1957: 465), quen, razoando a contradicción existente entre o contido "real" asignable ó indicativo latino e a semántica hipotética do *si* condicional, negaba que as construccións *si* + *indicativo* puidesen considerarse proba da existencia dun tipo "real" de condicionais (con valor funcional no sistema), o que nos debe facer cando menos "sospeitar" da funcionalidade de indicativo / subxuntivo nas condicionais latinas.

3.4. Cantare --> cantaré

Unha posibilidade de sustitución das prótases en *si tuviere* minoritariamente documentada na historia do español é a que conduce á solución *si tendré* cando a realización de contido temporal é de *futuro*. É o caso do coñecido exemplo de J. Rodríguez de Padrón "Byue leda sy *podras*" (= Menéndez Pidal: *Crestomatía*, § 192).

O emprego de *cantaré* en contextos onde o castelán medieval esixía normalmente *cantare* ou *cante* (principalmente cláusulas relativas, temporais e condicionais) foi reiteradamente sinalada en textos aragoneses medievais ou, ampliando a procedencia xeográfica, en textos das rexións orientais da Península, se ben este uso tamén se chegou a documentar en textos doutras zonas peninsulares (58). Na actualidade, só en valenciano se rexistran exemplos deste emprego dos futuros de indicativo (cfr. Ridruejo, 1984: 288).

Autores como Jensen & Lathrop (1973: § 188) ou Porcar Miralles (1986: §§ 21ss, 3.2) fixeron fincapé no feito de que na documentación aragonesa medieval é corrente atopar *cantare* e *cantaré* coordinados en prótases condicionais. Esta facilidade de coordinación é a lóxica consecuencia, nuns dominios lingüísticos onde a norma tolere a aparición de *cantaré* en certas distribucións, da equiparación modal que sofren os contidos expresados por estas formas nun contexto neutralizador da oposición que contraen no sistema, indicativo / subxuntivo (59). Pero é un feito que as aparicións de *cantaré* nestes dominios teñen lugar non só tamén noutros contextos neutralizadores, como as cláusulas temporais cando a forma

(58) Para información bibliográfica e reflexións sobre o fenómeno cfr. Lapesa (1985), Porcar Miralles (1986) e Veiga (1989a: § 4.4.3).

(59) Non cremos nos argumentos empregados por Jensen & Lathrop (1973) ou Porcar Miralles (1986), que criticamos en Veiga (1989a: nota 99).

verbal expresa un enfoque de *futuro* (caso no que a lingua moderna esixe *cante* e o castelán medieval esixía *cantare* con tódolos nexos temporais agás con aqueles que significasen anterioridade, que determinaban a aparición de cante, cfr. supra nota 50), senón ademáis en circunstancias distribucionais como as cláusulas relativas, onde no español común funciona a oposición indicativo / subxuntivo. As variedades lingüísticas que xeneralizaron o emprego do futuro de indicativo en todos estes casos ofrecen unha solución sistemática diferente á rexistrable en español común. Se, como defende Lapesa (1985), esta xeneralización do futuro de indicativo -non exclusiva das mencionadas áreas iberorrománicas, senón rexistrable noutras zonas da Romania- ten o seu antecedente no mesmo latín, haberá que considerar de novo, na nosa opinión, a antigüidade da neutralización indicativo / subxuntivo en prótases con si.

*3.5. A subxuntivización de **cantara***

Na historia da forma verbal *cantara*, perfectamente viva en galego e español, procedente do "pluscuamperfecto de indicativo" clásico amaueram, obsérvase desde a primeira ollada o desprazamento modal do indicativo ó subxuntivo patente sen máis ca comparármo-la estructura do sistema verbal latino clásico coas dos sistemas galego e español modernos.

Un feito que debe atraer todo o noso interese é que, como se observa á vista de textos medievais e clásicos, ó longo da historia da lingua española -e o mesmo sucedeu en galego- a forma *cantara* expresou os catro contidos modais resultantes da combinación entre a oposición indicativo / subxuntivo e a oposición ± irreal: IND Ø, IND 2, SUBX Ø e SUBX 2, respectivamente ilustradas polos seguintes exemplos:

> que quando él dent *fuera* non la avié dexada (Alexandre, 168d)
> si estonç' fuesse muerto no l'*debiera* pesar (Apolonio, 3ad); *quisiera* pedirle un favor (español actual)
> le mandé que lo *hiciera* (español actual)
> ojalá *lloviera* (español actual).

As dúas primeiras posibilidades, IND Ø e IND 2, están presentes no español desde as orixes da lingua. Como IND Ø, *cantara* mantivo ó longo de todo o período medieval o seu emprego etimolóxico tradicionalmente designado como "pluscuamperfecto de indicativo" (cfr. supra nota 2); desde os traballos clásicos sobre a diacronía desta forma (Becker, 1928, Wright, 1932) os autores veñen falando doutros empregos "de pasado" naqueles casos en que non se ve con claridade unha anterioridade "relativa" a outra forma verbal, se ben as cousas distan de estar claras neste senso (cfr. os comentarios de Ridruejo, 1979: §§ 1.4-7). Como IND 2 parte de significacións temporais de anterioridade primaria (anterioridade a un punto de referencia) -as que no indicativo irreal do español moderno corresponden a formas compostas- e extende os seus significados temporais a outras relacións (60). Estes dous empregos son sinalados por Ridruejo (1979) como os do-

(60) Unha revisión comparada dos empregos indicativos irreais do descendente de *amaueram* nos dialectos galorrománicos pode verse en Skårup (1988).

cumentables para cantara en oracións independentes en textos do s. XIII; sinala este autor que no primeiro caso -IND Ø na nosa terminoloxía- esta forma "indica predominantemente tiempo", mentres que no segundo -IND 2- "posee una caracterización modal" (1979: § 1.1). En opinión de Luquet (1988) estas dúas posibilidades de realización modal, que o autor, desde unha perspectiva teórica ben diferente da nosa, denomina -ra "actualizante" e -ra "virtualizante" (cfr., p. ex.: 1988: § IV.1.3), son as únicas que ofrece a forma *cantara* nun primeiro estado de lingua que se extende ata a metade do século XIII e considera que nesta etapa cantara é "une forme exclusivement indicative" (1988: § IV.2.1). Non poderiamos, pola contra, admiti-la consideración de Wright (1932, 1933a) de que *cantara* coñece usos subxuntivos desde os comenzos do castelán escrito, xa que este autor, como xa lle criticou Luquet (1988: § I.4.5, nota 30), considerou a priori subxuntivas tódalas aparicións de cantara en apódoses condicionais, aparicións que nos primeiros tempos do castelán son exclusivamente adscribibles ó noso IND 2 (61).

As dúas posibilidades subxuntivas, SUBX Ø e SUBX 2, constitúen a principal fonte de aparicións de *cantara* en español actual. Tanto nun caso coma no outro a forma *cantara* é perfectamente sustituíble por *cantase*:

SUBX Ø: le mandé que lo *hiciera* ~ *-se*
SUBX 2: ojalá *lloviera* ~ *-se*,

(61) Os múltiples cálculos porcentuais sobre as aparicións de *cantara* como indicativo ou subxuntivo efectuados por Wright (1932) perden así a súa fiabilidade. Pero sinalemos que tampouco Luquet (1988), condicionado polo marco teórico no que se move, diferenciou de maneira satisfactoria aparicións indicativas e subxuntivas de *cantara*, e así fala únicamente de *cantara* indicativo na época histórica en que esta forma funciona no sistema como "pluscuamperfecto" de IND Ø, i.e. ata o século XV. Desta maneira, as aparicións de *cantara* semellantes ás que na primeira etapa do castelán medieval chamou "virtualizantes" e considerou "efectos de senso" dun valor indicativo, son adscritas funcionalmente ó subxuntivo polo autor desde o español clásico adiante, actitude que non podemos aprobar. A súa negativa a admitir empregos indicativo despois do século XV leva a Luquet (1988: VIII.4) mesmo a considerar subxuntivas as aparicións de *cantara* como "pasado" de indicativo posteriores a este século, entre elas, os reiteradamente mencionados na historia da gramática española empregos de *cantara* por outra forma de pasado de indicativo na literatura romántica e na actual linguaxe periodística (exemplos tipo "el jugador que *marcara* el gol de la victoria"). Partindo dos esquemas conceptuais defendidos por Molho (1975), Luquet insiste en non considerar indicativas estas aparicións modernas de *cantara*, a pesares de relacionalas -con acerto- co valor de *cantara* en galego como "pluscuamperfecto de indicativo" e de reiterar que se trata de usos desta forma en sustitución de formas indicativas. É certo que, como o autor comproba, determinados empregos contextuais do antigo "pluscuamperfecto" castelán en *-ra*, como a expresión de anterioridade relativa en subordinación a unha forma de pasado, non aparecen nos empregos modernos, literarios ou periodísticos, desta forma, pero a razón non é outra que o carácter de uso artificioso e codificado para uns contextos mui concretos que teñen os empregos modernos fronte á realidade como elemento vivo no sistema modo-temporal do antigo *cantara* "pluscuamperfecto". Buscando xustifica-la súa atribución destes empregos modernos ó subxuntivo, o autor proporciona explicacións particulares para exemplos literarios e periodísticos nas que, sen evitar caer en clarísimos argumentos *ad hoc*, asigna a ese pretendido valor subxuntivo matices -normalmente rebuscados- de contido que están no contexto pragmático no que se inserta a secuencia que contén a forma en *-ra* e que non son asignables no sistema verbal español ó segundo termo da oposición indicativo / subxuntivo nun contexto onde esta sexa funcional. Sinalemos que un dos argumentos en que Luquet busca apoio, a aparición esporádica de formas en *-se* no mesmo emprego, é testemuño dun fenómeno ben distinto: estes escasos exemplos, sempre na lingua periodística actual, constitúen os últimos efectos da tendencia á identificación *-cantara* ~ *-cantase*, levada artificialmente fóra do subxuntivo neste caso como nos casos de *cantara* IND 2 (equivalente a *cantaría*). Sobre este punto cfr. *infra*.

se ben historicamente a igualación *ra ~ -se* parece que partiu do SUBX 2: como veremos máis abaixo, xa no castelán do século XIII temos aparicións de *cantara* irreal en prótases con *si*, contexto previamente exclusivo de *cantasse* para esta significación modal (cfr. *infra*), mentres que aínda no español clásico son pouco frecuentes os casos de *cantara* como SUBX Ø (cfr. p. ex., Cabeza, 1990: § 3).

No español peninsular moderno *cantara* indicativo conserva moi poucas posibilidades de emprego. Non forma parte do sistema no IND Ø -se ben determinados estilos de lingua usan artificialmente esta forma como "pasado" de indicativo (cfr. *infra* e nota 61)-. En IND 2, deixando de lado algunha construcción fixa tipo "otro gallo nos *cantara*", "más te *valiera* [...]", "mejor te *fuera* [...]", funciona como alomorfo de *cantaría ~ cantaba* unicamente cos verbos modais *poder*, *deber* e *querer*:

> *pudiera* [~ *podría* ~ *podía*] ser como tú dices
> *debieras* [~ *deberías* ~ *debías*] estudiar más
> *quisiera* [~ *querría* ~ *quería*] pedirle un favor.

Pero a forma composta correspondente, *hubiera cantado*, conserva unha vitalidade total como IND 2, sendo máis empregada nesta significación modal có seu alomorfo *habría cantado* (cfr. Mariner, 1971: 218, nota 1) (62); é chamativo que, ademais, na lingua moderna a forma subxuntiva *hubiese cantado* chegase a admitir empregos indicativos irreais (como alomorfo de *habría ~ había ~ hubiera cantado*):

> si bubiéramos ~ semos empezado antes, a estas horas ya *habríamos* ~ *habíamos* ~ *hubiéramos* ~ *hubiésemos* terminado,

constituíndo o único caso en que na historia do español unha forma subxuntiva chegou a ser empregada como alomorfo dunha unidade modalmente indicativa (cfr. a nosa hipótese sobre este feito en Veiga, 1990). A relación de alomorfismo con *cantaría ~ cantaba* xunto cos contextos en que poden aparecer non deixan dúbidas sobre o carácter indicativo destas aparicións das formas en *-ra*, erroneamente consideradas subxuntivas por non poucos autores (cfr. Veiga, 1990).

No referente ó galego, a situación de *cantara* é parcialmente semellante á do castelán antigo e parcialmente semellante á do moderno: como no primeiro, *cantara* funciona como *ante-pretérito* ("pluscuamperfecto") de IND Ø; como no segundo, funciona como alomorfo de *cantase* en SUBX Ø e SUBX 2 e conserva usos residuais -tamén fundamentalmente cos verbos *poder*, *deber*, *querer*- (cfr. *supra* §§ 1, 2.1) do seu emprego como IND 2 (63). O resultado é que en galego moderno *cantara* aparece nas catro funcións modais resultantes da combinación das oposicións indicativo / subxuntivo e ± irreal:

> IND Ø: conteille que *foras* ti quen mo *dixera*
> IND 2: *quixera* [~ *querería* ~ *quería*] pedirlle un favor

(62) Sobre un *corpus* textual de dez autores de lingua española Spaulding (1929) observa que a proporción de *hubiera cantado* fronte a *había cantado* en apódoses condicionais é de 70 / 14. Fóra das apódoses condicionais, seis dos dez autores empregan só *hubiera cantado* e nunca *habría cantado* nesta significación modo-temporal.

(63) Fóra destes tres verbos e algunha construcción feita o galego perdeu, como o español peninsular, o emprego de *cantara* como IND 2, uso modal para o que en opinión de Xove (1985: 134), "tende a ser unha forma típica e case exclusiva do rexistro poético".

SUBX Ø: mandeille que o *fixera* (~ *-se*)
SUBX 2: oxalá *chovera* (~ *-se*).

A supervivencia en galego ata o día de hoxe dun *cantara* expresión do contido modo-temporal de ante-pretérito de IND Ø, semellante, por tanto, o do *amaueram* latino clásico, constitúe un serio impedimento para a aceptación de que a migración modal de *cantara* do indicativo ó subxuntivo teña unha relación directa coa súa desaparición como "pluscuamperfecto de indicativo" no caso do español, onde a forma composta *había cantado* sustituíu a *cantara* nesta posibilidade funcional (64). A posta en relación da temporalización plena de *había cantado* coa subxuntivización de *cantara*, vémola en autores como Martin (1958: 56-7 (65)), Lathrop (1980: § 199b), Marcos Marín (1979: 193, 1980: 405) ou Luquet (1988: § VI.2.3), quen defende como máis ou menos inevitable a subxuntivización de *cantara* por razóns de estructura fundadas na atribución ás formas verbais duns valores temporais cos que non podemos estar de acordo. Máis prudente é Montero (1989a), autor que, considerando o caso galego expón a verosímil existencia doutros factores na subxuntivización, aínda que non rexeita a temporalización de *había cantado* á hora de explica-la migración modal:

> Esta coincidencia entre los primeros indicios de gramaticalización de las formas compuestas y los primeros testimonios de la subjuntivización de *tuvieras* es un factor a tener en cuenta en la explicación de la migración de la segunda al subjuntivo, aunque no pudo ser el único, como se deduce de que el gallego, carente de perífrasis con *habeo*, conozca también la subjuntivización de *tuvieras* (1989a: cap 4, nota 6).

Tampouco hai razón para poñer en relación a temporalización de *había cantado* coa expresión de contidos indicativos irreais -de IND 2- por parte de *cantara*, como defende Martínez (1981: § 4.2.1) e ata certo punto, se ben con certas precisións, Ridruejo (1979: §§ 4.1-2) (66). Os empregos indicativos irreais de *cantara* están documentados xa desde as orixes do castelán (p. ex. "Sabet bien que si ellos le viessen, non *escapara* de muert", *Cid*, 2774) e son postos en relación por algún autor coas aparicións de *amaueram* en apódoses latinas vinculadas a unha prótase irreal (cfr., p. ex., Togeby, 1966: § 2). Trátase, en calquera caso, de manifestacións dun uso *dislocado*, empregando o termo de Rojo (1974), esperable na historia da lingua cando menos desde o momento -protorromance- en que se integra no sistema a forma *cantaría* (< *cantare habebam*), que desde o principio combina o seu valor de *pos-pretérito* de IND Ø co valor *dislocado* de indicativo irreal (67).

Resulta, pois, visible que a integración no sistema verbal dun "pluscuamperfecto" composto -como *había cantado* en español ou *tinha cantado* no moderno

(64) Véxanse en Luquet (1988: § VII.1.1) datos estadísticos da progresión desta sustitución.

(65) Se ben este autor considera subxuntivas as aparicións irreais de *cantara*.

(66) Para Ridruejo (*loc. cit.*) o avance de *había cantado*, que daba lugar a "una duplicidad antieconómica" coa forma *cantara*, foi factor propiciatorio do asentamento desta no IND 2 como expresión de "anterioridad al pasado", tendo en conta o "escaso empleo" inicial de *habría cantado*.

(67) Cfr. Veiga (1984: § 2.3). A perífrase baixolatina *cantare habebam* xa se documenta, ó lado dos sus empregos como "pos-pretérito", en usos funcionalmente irreais, como no coñecido exemplo "*Sanare* te *habebat* Deus per indulgentiam si fatereris" (Pseudo Agustinus, *Sermones*, 253, 4, *apud* Marcos Marín, 1979: 194, 1980: 405).

portugués (68)- está só en relación directa coa desaparición de *cantara* na función modal de IND Ø, pero non nos outros casos. Sucede, ademais, que na subxuntivización desta forma os primeiros testemuños non remiten, nin moito menos, a valores modalmente non irreais, senón precisamente a un contexto onde esta forma expresaba irrealidade: as prótases condicionais. *Cantara* chega ó subxuntivo, tanto en español como en galego, non a partir das súas aparicións como *ante-pretérito* de IND Ø, senón directamente a partir do seu funcionamento como IND 2.

Como xa anticipabamos ó comenzo deste traballo, é un feito reiteradamente sinalado na historia da lingüística española que os comenzos da identificación *cantara* ~ *cantase* tiveron lugar nas prótases condicionais. No *Libro de Alexandre* mencionaron diversos autores o inicio das documentacións de *cantara* en prótases irreais (69). O verso

bien andante fuera Poro sy todos *fueran* atales (P, 2061d) (70)

foi citado por Wright (1932: 33, 36) como a primeira aparición de *cantara* neste contexto; tamén é recollido por Marcos Marín (1979: 198, 1980: 410), Martínez (1981: § 4.2.3), Montero (1989a: § 4.1.1). Máis versos do *Alexandre*, considerando os dous manuscritos, O e P, ofrecen as formas en *-ra* en prótases irreais e, así, atopamos referencias a exemplos deste tipo nos autores que acabamos de citar; segundo o cómputo de Montero (1989a: § 4.1.1, cadro 12), ademais do citado exemplo no ms. P, o ms. O ofrece tres aparicións de *cantara* e cinco de *oviera cantado* en prótases con *si*. Wright (1932: 33) recolle, tamén no *Alexandre* (ms. P), dous casos de formas en *-ra* equivalentes a *-se* en combinación cun *que* de semántica condicional,

Oujera Menelao buen derecho tomado
Que lo *oujera* muerto o lo *oujera* llevado (P, 475ab) (71),

exemplos nos que nos atopamos ante a mesma influencia neutralizadora sinalada para *si*.

Exemplos deste tipo propiciaron as interpretacións da aparición de *cantara* en prótases por simetría con outras formas en *-ra* en apódoses. Cejador y Frauca (1905: § 113), Cuervo: nota 94 a Bello (Bello & Cuervo, 1945: 477-8, nota 94), a Real Academia Española (R.A.E., 1931: § 300,*d*, 1973: 3.15.6,*c*) Gili Gaya (1943: § 135), García de Diego (1952), Harris (1971: 31ss), Rojo (1974: § 5.3.4), Marcos Marín (1979: 198, 1980: 410), Urrutia & Alvarez (1983: 277), á que xa formulámo-las nosas críticas en § 3.1 con motivo das defensas de idéntica hipótese no

(68) O "mais-que-perfeito composto" *tinha cantado* sustituíu no portugués vivo á forma simple *cantara*, que pervive na lingua literaria (cfr., p. ex., Carpinteiro, 1959: 199-208)

(69) Partindo de que os casos de *cantara* en prótases que figuran en cada un dos dous manuscritos do *Alexandre* non aparecen no outro, Luquet (1988: § IV.3.3) considera a posibilidade de que todos estes casos sexan alteracións debidas ós copistas e non admite a súa fiabilidade como testemuños do estado do castelán a mediados do s. XIII. Sinala Luquet (1988: § V.1.2.3) como primeiros casos fiables de cantara en prótases as súas aparicións en La doncella Teodor (un caso aillado) e sobre todo no Poema de Fernán González (h. 1250).

(70) Cfr. *supra* nota 11.

(71) Cfr. *supra* nota 11.

referente á sustitución de *cantara ~ -se* por *cantaría* en determinadas áreas dialectais do español.

A condición de irreais das prótases nas que comenza a documentarse a equiparación *-ra ~ -se*, como, en xeral, o contido de irrealidade propio das aparicións maioritarias de *cantara / hubiera cantado* equivalentes a *cantase / hubiese cantado* ata os tempos do español clásico plantexa tamén a posibilidade de que fose a combinación co rasgo [+irreal] o determinante da equiparación de formas indicativas e subxuntivas. Alvar & Pottier (1983: § 174.1) defenderon precisamente que foi o valor de irrealidade o que "aproximó *amara* a los usos del subjuntivo y lo llevó a él". Ridruejo (1979: § 4.1) expón que a primeira etapa na subxuntivización de *cantara* foi o seu funcionamiento "como correlato anterior de *cantaría*" [i.e., en IND Ø]. Cabeza (1990) supón tamén defendible a irrealidade como factor determinante da migración de *cantara* ó subxuntivo:

> Creemos probable que en este cambio de *cantara* del indicativo al subjuntivo haya desempeñado un papel importante la actuación de la irrealidad, pues cuando una forma verbal expresa contenidos marcados con respecto a una noción modal, se favorece la indistinción de los contenidos que remiten a la otra [cita a Jakobson, 1939: 214] (1990: § 3),

e tamén Pérez (1990: notas 9 e 17) fai fincapé en que esta subxuntivización tivo lugar por medio das aparicións irreais das formas en *-ra*.

Evidentemente é un feito que a equiparación *-ra ~ -se* tivo lugar primeiro en circunstancias modais de irrealidade e só posteriormente a lingua asiste á estabilización desta igualdade no subxuntivo non irreal. Partindo do valor de *amaueram* en latín clásico, IND Ø, e de que na época latina parecen datarse os primeiros indicios do funcionamento desta forma como IND 2 (72), o ciclo completo das migracións modais de *cantara* en español -e o mesmo defendemos para o galego- é

IND Ø --> IND 2 --> SUBX 2 --> SUBX Ø,

ciclo onde cada etapa non supón, nin moito menos, o abandono da anterior: como proba viva, en galego actual *cantara* conserva as catro posibilidades de significación modal (cfr. *supra*).

Pero non podemos considera-la coexistencia da carga modal de irrealidade na primeira época da igualación *-ra ~ -se* como un factor de peso no dito proceso de igualación desde o momento en que, como comprobamos en § 2.1, en combinación co rasgo [+irreal] a oposición indicativo / subxuntivo é funcional tanto en español como en galego modernos. Que sexan poucos os contextos onde son

(72) É coñecida a posibilidade de aparición de *amaueram* en apódoses vencelladas a unha prótase irreal: "*perierat* imperium [...] si Fabius tantum ausus esset, quantum suadebat" Séneca, apud Togeby (1966: 176), "praeclare *uiceramus* nisi [...] Lepidus recepisset Antonium" Cicerón, apud Bassols de Climent, 1956: I, § 339) "neque sustineri *poterant*, ni extraordinariae cohortes se obiecissent" (Tácito, apud Woodcock, 1959: § 200). Non podemos falar sen máis dun valor de "irreal pasado" para amaueram nestes casos (Togeby, 1966: 176, falaría dun valor de conditionnel du passé). A combinación con prótases irreais non é exclusiva da forma indicativa amaueram, xa que, ademais de rexistrárense semellantes aparicións para amabam -que acabará tamén por ser forma con valores indicativos irreais, como alomorfo das formas en -ría, cfr. supra §§ 2.1, 3.2-, tamén é posible documentar ocurrencias de amaui nesta situación, e amaui non orixinou unha forma que puidese expresar irrealidade. Con todo, é verosímil supoñer que as combinacións con prótases irreais por parte de determinadas formas de indicativo poden estar favorecendo a súa posterior función como formas de IND 2. Véxanse exemplos en Woodcock (1959: § 200).

conmutables as formas indicativas irreais coas subxuntivas irreais -argumento no que baseaba Ridruejo (1975) a súa hipótese sobre a xeneralización de *-ría* en español peninsular septentrional, cfr. *supra* § 3.1- ou que a carga de irrealidade supoña un contido modal marcado máis claramente perceptible cás particularidades de significado derivadas da oposición indicativo / subxuntivo son feitos que non negan unha importante realidade de sistema verbal: desde a creación da función IND 2, inexistente en latín clásico (73), a oposición indicativo / subxuntivo funciona no sistema, ata o día de hoxe no caso do español e o galego, combinada con ámbolos dous termos da oposición ±irreal. A irrealidade, pois, non impide a distinción funcional de unidades indicativas e subxuntivas.

É noutro factor, presente no contexto onde se documentan as primeiras aparicións de *-ra* equivalente a *-se*, onde radica na nosa opinión a explicación desta identificación funcional. Como adiantabamos ó final de Veiga (1989a: § 4.4.4), a influencia neutralizadora de nexos condicionais como *si* / *se* con respecto á oposición modal plasmada na diferenciación formal indicativo / subxuntivo, a mesma que pode explicar tódalas sustitucións diacrónicas de formas indicativas por formas subxuntivas, como vimos nos apartados anteriores, é tamén a verosímil explicación dun proceso de subxuntivización que, partindo da identificación funcional directamente derivada dunha neutralización modal, afectou ás formas en *-ra* facéndoas equivalentes das formas en *-se*.

Este proceso de subxuntivización, do que o primeiro paso -primeiros testemuños de *-ra* en lugar de *-se*- ten lugar en textos do século XIII e a compleción -estabilización da igualdade *-ra* ~ *-se* no SUBX Ø- é posterior, cando menos na lingua literaria, á época estudiada por Cabeza (1990) (séculos XVI-XVII (74)) pódese describir esquematicamente en tres etapas:

a) As formas en *-ra* alternan coas formas en *-se* significando irrealidade en contextos onde está neutralizada a oposición indicativo / subxuntivo. Nesta primeira etapa non se pode falar de que *-ra* asumise aínda valores subxuntivos desde o momento en que a igualdade *-ra* ~ *-se* só figura en circunstancias sintácticas onde este valor modal non é pertinente (75).

(73) E consolidada coa integración no sistema da forma cantaría < cantare habebam, que determinou que a oposición ±irreal pasase a combinarse non só co subxuntivo, como na lingua clásica, senón tamén co indicativo cfr, Veiga, 1984: § 2.3, 1990).

(74) Para Luquet (1988: 35) no segundo tercio do s. XVII "est déjà devenue désuète, pour bien des sujets parlants, la rigoureuse distinction de *discours* entre forme en *-ra* et forme en *-se*".

(75) Para a explicación desta primeira etapa no movemento de *-ra* do indicativo ó subxuntivo Luquet (1988: § V.2.1) plantexa dúas hipóteses: (a) que -ra xa se convertiu en subxuntivo e resulta máis apto que -se para "l'expression d'une condition passée non satisfaite" e (b) que cambiaron as leis da sintaxe española e nas prótases irreais "de pasado" unha forma indicativa sustitúe a unha forma subxuntiva. Curiosamente, e aínda que compara a explicación *b* coa evidencia do sucedido en francés coa implantación das formas de "pluscuamperfecto de indicativo" neste tipo de prótases, admite por un criterio de simplicidade a hipótese a. Insistimos en que non se pode considerar valor subxuntivo para esta forma mentres só figure en posicións de neutralización indicativo / subxuntivo. Desde este punto de vista, tampouco a opción b, máis próxima á nosa interpretación dos feitos, é formulable nos termos en que o autor comentado a formula: en combinación con si condicional o sistema non mudou a súa actuación; a única diferencia está na norma desde o momento en que antes e despois da admisión de -ra, neste contexto estivo sempre neutralizada a oposición indicativo / subxuntivo; a diferencia radica en que con anterioridade ó s. XIII a norma esixía a aparición forzosa de formas subxuntivas irreais, men-

b) As formas en *-ra* equivalen ás formas en *-se* en tódolos contextos onde estas últimas aparecían con valor irreal. As formas en *-ra* funcionan nesta etapa como subxuntivas, pero, máis precisamente, como formas de SUBX 2.

c) As formas en *-ra* pasan a equivaler ás formas en *-se* tamén nos casos en que estas últimas aparecían con valor subxuntivo non irreal. Funcionan agora xa non so como formas de SUBX 2, senón tamén de SUBX Ø. Neste momento o proceso de subxuntivización das formas en *-ra* está consumado.

Como consecuencia da identificación total de *cantara* e *cantase* tanto en SUBX 2 como en SUBX Ø, o alomorfismo *-ra ~ -se* tende a propagarse en español ós valores indicativos das formas en *-ra*, mantidos no IND 2 especialmente para a forma composta *hubiera cantado*.

Os modernos empregos de *hubiese cantado* como indicativo irreal (por *habría ~ hubiera cantado*, especialmente detectados en apódoses condicionais, p. ex. "si hubiéramos empezado antes, a estas horas ya *hubiésemos terminado*" (76)) foron inicialmente censurados polos gramáticos (cfr. Bello, 1857: § 721, R.A.E., 1931: § 434, 2º, nota 3), se ben a propia Academia acabou admitindo como normal e permisible este emprego (cfr. R.A.E., 1973: § 3.14.10.*b*). Entre as formas simples, documéntanse algúns exemplos claramente "incorrectos" ou artificiosos para o sentimento lingüístico do hispanófono (77), de tal xeito que, tendo ademais en conta o escaso emprego de *-ra* como IND 2 en español peninsular, atopamos unha situación de desequilibrio entre formas simples e compostas na expresión deste contido modal en diferentes enfoques temporais (78).

As aparicións de *hubiese cantado* como equivalente de *habría cantado* constitúen o único caso en que unha forma etimoloxicamente subxuntiva chegou a expresar na diacronía do español empregos indicativos totalmente asentados no sistema, pois polo momento non pasan de ser infraccións á norma os incipientes empregos de *cantase* por *cantaría* irreal, por non falarmos xa dos usos de *cantase* por *cantara* como "pasado" de indicativo que de cando en cando rexistramos no español periodístico (tipo "el jugador que *marcase* el gol de la victoria"), ós que xa se referiu acertadamente Kany (1945) como propagacións da igualdade *-ra ~ -se* (79) e que Bejarano (1962: § 7) supón o resultado final no proceso de igualación

---

tres posteriormente admite a coexistencia de formas indicativas e subxuntivas, pero funcionalmente a situación non varía, xa que o contido expresado é o mesmo antes e despois (o resultante da neutralización de IND 2 / SUBX 2, é dicir, simplemente un contido [+irreal]). Os "problemas irresolubles" que o autor plantexa (loc. cit., nota 23) derivan de erros de enfoque motivados polo marco teórico do que parte (basicamente as ideas de Molho, 1975, de raíz guillaumiana).

(76) Non faltan defensores da hipótese de simetría nas condicionais para explica-los usos de *-se* por *-ría*. Mencionemos esta opinión en Cuervo (nota 99 a Bello, Bello & Cuervo, 1945: 479, nota 99), a Academia (R.A.E., 1973: § 3.14, nota 5) ou Hernández Alonso (1973: 178).

(77) Hai algún exemplo deste tipo en Bolinger (1956) ou Wright (1933b: 335, 1947: 495). Cfr. tamén Veiga (1990, *próx.* § IV.2.8).

(78) A preponderancia o emprego de *-se* como equivalente a *-ría* en formas compostas xa foi sinalada por autores como Spaulding (1929: 374), Wright (1933b), Bejarano (1962: 86), Ridruejo (1975: § 2) ou Marín (1980: § 2.2).

(79) Textualmente: "En razón de la frecuencia con que pueden alternar las formas subjuntivas en *-ra* y en *-se*, algunos autores se ven llevados a sustituir la forma en *-ra* por la forma en *-se* en función

destas dúas formas. Semellantes empregos, totalmente alleos á realidade do sistema (como xa o son os usos de *-ra* como IND Ø) son claramente identificados como artificiais por calquera falante de galego, mentres, pola contra, un galego-falante non atopa nada extraño no uso de *cantara* como IND Ø -perfectamente vivo no sistema galego e normal no español falado en Galicia- en exemplos do español periodístico tipo "el jugador que *marcara* el gol de la victoria".

A instalación das formas en *-ra* no subxuntivo, como alomorfos daquelas en *-se* provoca tamén unha tendencia na lingua falada á imposición das novas formas en detrimento das etimoloxicamente subxuntivas. Xa fixemos referencia (cfr. *supra* nota 4) á desaparición de *cantase* nalgunha bisbarra galega. A mesma imposición de *-ra* sobre *-se*, o *raísmo* a que algúns autores fixeron referencia, parece se-la tendencia maioritaria no español falado, especialmente en Hispanoamérica (cfr., p. ex., Kany, 1945: 222, Luquet, 1988: 81-2, Navarro, 1989: 117-8 e a bibliografía recollida en Navas Ruiz, 1965: 1837. Ver tamén Marín, 1980, sobre a base da lingua teatral e con revisión da bibliografía preexistente).

5. CONCLUSIONS

Subxuntivización de *cantara* en español e galego, sustitución dos "futuros de subxuntivo" nas prótases condicionais nas dúas linguas, xeneralización de *cantaría* en sustitución de *cantara* ~ *-se* en áreas da dialectoloxía do español, sustitucións de *cantare* e *cante* por *cantaré* en áreas peninsulares e aparición de casos de *cantaba* por *cantara* ~ *-se* en prótases condicionais en español coloquial non son fenómenos dispares, senón diferentes consecuencias dun mesmo feito de índole morfosintáctica: a neutralización da oposición indicativo / subxuntivo en determinados contextos, principalmente, e como factor común ós cinco cambios particulares sinalados, nas prótases condicionais construídas con *si* / *se*.

O verbo iberorrománico, desde as súas orixes, experimentou a influencia neutralizadora desta conxunción as repercusións diacrónicas da cal consistiron inicialmente na proliferación de formas verbais de indicativo en significacións previamente reservadas ou cando menos normalmente expresadas por formas subxuntivas.

Estas extensións nas aparicións de formas subxuntivas chegaron, segundo os casos e as variedades lingüísticas, a resultados máis ou menos negativos para as formas subxuntivas.

A sustitución dos "imperfectos de subxuntivo" polas formas en *-ría* no español peninsular septentrional -fenómeno non exclusivo desta zona na dialectoloxía do español e non descoñecido na do francés- conduciu a unha sustitución total non só nas posicións de neutralización, senón no propio sistema, tanto para valores modais de irrealidade como para os de non irrealidade. Nos territorios onde o fenómeno é xeral desapareceu o SUBX 2 (isto é, desapareceu a combinabilidade da oposición indicativo / subxuntivo co rasgo modal [+irreal], e a sustitución

de pluscuamperfecto de indicativo. Igual cosa ocurre en España" [seguen 4 exemplos de autores procedentes da Arxentina, Chile e México] (Kany, 1945: 213).

afectou tamén ás relacións temporais en SUBX Ø que en español común son expresadas por *cantara ~ -se*.

A proliferación de *cantaba* en prótases irreais, moito máis restrinxida, non levou nin nos niveis máis coloquiais do español nin no xudeoespañol á desaparición dos "imperfectos de subxuntivo". Parella xeneralización de *je chantais* en francés, pola contra, ten que ser posta en relación coa desaparición total do subxuntivo irreal e os antigos "pasados" de subxuntivo nesta lingua.

A decadencia do "futuro de subxuntivo" nas prótases condicionais, en favor da forma indicativa *canto* tanto en galego coma en español, formou parte do proceso de desaparición desta forma verbal, que fóra das prótases con *se / si* foi substituída nas dúas linguas por outra forma subxuntiva non irreal, *cante*.

A xeneralización de *cantaré* en sustitución de formas subxuntivas non irreais de *futuro* en antigo aragonés e zonas orientais da Península non se restrinxiu ás prótases condicionais, senón que parece que chegou a impoñerse tamén en contextos onde previamente era posible a oposición indicativo / subxuntivo.

A ampliación dos contextos de aparición de *cantara* ás prótases con *si / se* foi o primeiro paso nunha identificación total desta forma verbal coa forma en *-se*, consumada primeiro no dominio modal do subxuntivo irreal e posteriormente no subxuntivo non irreal. A subxuntivización de *cantara* non chegou a desterrar nunca as formas en *-se* da lingua culta nin da lingua falada en determinados territorios, se ben tanto na dialectoloxía do español coma na do galego existen zonas onde na lingua falada as formas en *-se* caeron en desuso. Como sexa, a pervivencia dunha situación de alomorfismo na que interveñen as formas *cantaría* e *cantaba* (e os seus compostos, nos enfoques temporais de anterioridade primaria, no caso do español) como manifestacións de significantes de unidades verbais modalmente indicativas irreais mantivo en todo momento vixente a oposición *indicativo / subxuntivo* en combinación co rasgo [+irreal], de maneira que a subxuntivización de *-ra*, fronte ó sucedido coa xeneralización de *-ría* no español septentrional ou coa de *-ais* en francés, non supuxo a perda de ningunha oposición modal.

Como se ve, diferentes formas de indicativo, irreais ou non, ampliaron os seus contextos de aparición pasando a figuraren en contextos onde o previamente esperable eran formas subxuntivas. As sustitucións de formas subxuntivas por formas orixinariamente indicativas tiveron lugar en casos de significación irreal ou non irreal -o que revela a necesidade dunha explicación común a uns e outros casos-. As sustitucións formais rexistradas na Iberorromania, dispares no seu alcance xeográfico, como na súa extensión na realización do sistema lingüístico, poden coñecer paralelos noutras áreas romances, o que nos pon de manifesto a xeneralidade da raíz do fenómeno.

Debe ser notado que as tres formas verbais que poden -e podían na lingua medieval- expresar realizacións modais de IND 2 en galego e español, *cantaría*, *cantaba*, *cantara*, (as que o español moderno coñece como alomorfos só con tres verbos modais determinados) contenderon co "imperfecto de subxuntivo" en maior ou menor medida segundo os territorios ou rexistros lingüísticos. Tamén é notorio que as dúas formas indicativas con capacidade para expresaren a relación temporal de *futuro* -os "futuros de indicativo" e as formas de "presente", que en

contextos como as prótases con *si* / *se* abranguen un contido temporal *presente-futuro*- foron posibles sustitutos dos "futuros de subxuntivo" na xeografía lingüística iberorrománica.

A consideración conxunta de todos estes cambios particulares permítenos ver, pois, no seu conxunto un importantísimo fenómeno plural característico da diacronía de determinados sistemas verbais románicos.

REFERENCIAS BIBLIOGRAFICAS

Alarcos Llorach, E. (1949): "Sobre la estructura del verbo español moderno", *Boletín de la Biblioteca Menéndez Pelayo*, 15 (1949), 50-80, posteriormente en *Estudios de gramática funcional del español*, Madrid, Gredos, 1980^3, 50-89.

------ (1959) "La forme *'cantaría'* en espagnol, mode, temps et aspect", *Boletim de Filologia*, 18 (1959), 205-12, versión española posteriormente en *Estudios de gramática funcional del español*, Madrid, Gredos, 1980^3, 106-19.

Alvar, M. & B. Pottier (1983): *Morfología histórica del español*, Madrid, Gredos, 1983.

Alvarez Blanco, R., X. L. Regueira & H. Monteagudo (1986): *Gramática galega*, Vigo, Galaxia, 1986.

Bassols de Climent, M. (1956): *Sintaxis Latina*, Madrid, C.S.I.C., 1956.

Bastardas Parera, J. (1953): *Particularidades sintácticas del latín medieval (Cartularios españoles de los siglos VIII al XI)*, Barcelona, C.S.I.C, 1953.

Becker, O. (1928): *Die Entwickelung des lateinischen Plusquamperfekt-Indikativs im Spanischen*, Leipzig, C. & M. Vogel, 1928.

Bejarano, V. (1962): "Sobre las dos formas del imperfecto de subjuntivo y el empleo de la forma en *-se* con valor de indicativo", *Strenae. Estudios de filología e historia dedicados al profesor Manuel García Blanco* (= *Acta Salmanticensia*, 16), Salamanca, 1962, 77-86.

Bello, A. (1841): *Análisis ideolójica de los tiempos de la conjugacion española*, Valparaíso, Imprenta de M. Rivadeneyra, 1841, repr. facs. Caracas, Cromotip, 1972.

------ (1847): *Gramática de la lengua castellana destinada al uso de los americanos*, Santiago de Chile, Imprenta del Progreso, 1847, ed. crít. de R. Trujillo, Instituto Universitario de Lingüística Andrés Bello - Cabildo Insular de Tenerife, 1981.

Bello, A. & R. J. Cuervo (1945): *Gramática de la lengua castellana*, Buenos Aires, Sopena Argentina, 1970^8.

Blase, H.: "Zur Geschichte des Futurum und des Konjunctivs des Perfekts im Lateinischen", *Archiv für lateinische Lexicographie und Grammatik*, 2 (1898), 213-43, versión española de Rosa María Espinosa Elorza, "De la historia del futuro y del perfecto de subjuntivo en latín", en Marcos Marín, F. (ed.): *Introducción plural a la gramática histórica*, Madrid, Cincel, 1982, 147-69.

Bull, W. E. (1960): *Time, Tense and the Verb, a Study in Theoretical and Applied Linguistics, with Particular Attention to Spanish*, Berkeley, University of California Press, 1971[4].

Cabeza, C. (1990): "Valores de la forma 'cantara' en español clásico", *Actas del II Congreso Internacional de Historia de la Lengua Española* (Univ. de Sevilla, 1990), no prelo.

Cano Aguilar, R. (1988): *El español a través de los tiempos*, Madrid, Arco/Libros, 1988.

Carpinteiro, M. da G. (1959): "Aspectos do mais-que-perfeito do indicativo em português moderno", *Actas do IX Congresso Internacional de Linguística Românica* (Lisboa, 1959) = *Boletim de Filologia*, 19 (1960), 199-208.

Cejador y Frauca, J. (1905): *La lengua de Cervantes. Gramática y diccionario de la lengua castellana en 'El ingenioso hidalgo don Quijote de la Mancha'*, Madrid, Establecimiento Tipográfico de Jaime Ratés, 1905.

Comrie, B. & H. Holmback (1984): "The future subjunctive in Portuguese: a problem in semantic theory", *Lingua*, 63 (1984), 213-53.

Coseriu, E. (1973): *Lezioni di linguistica generale*, Torino, Boringhieri, 1973, versión española de J. M. Azáceta y García de Albéniz, *Lecciones de lingüística general*, Madrid, Gredos, 1981.

------ (1976): *Das romanische Verbalsystem*, Tübingen, Gunther Narr, 1976.

------ (1978): "Aspect verbal ou aspects verbaux? Quelques questions de théorie et de méthode", en David, J & R. Martin: *La notion d'aspect*, Metz, Université de Metz, 1980, 13-25.

Cuervo, R. J. (1903): "El castellano en América", *Bulletin Hispanique*, 3 (1901), 35-62.

Cunha, C. & L. F. L. Cintra (1984): *Nova gramática do português contemporâneo*, Lisboa, João Sá da Costa, 1984.

Davis, R. (1934): "A note on the -RA Indicative in Fifteenth Century Spain", *Philological Quatterly*, 13/2 (1934), 218-20.

Espinosa, A. M. (1930): "The use of conditional for the subjunctive in Castilian popular Speech", *Modern Philology*, 27 (1930): 445-9.

Folgar, C. & M. Ramos Méndez (1990): "Privilegios de figuración del futuro de subjuntivo en español medieval", *Actas del II Congreso Internacional de Historia de la Lengua Española* (Univ. de Sevilla, 1990), no prelo.

Fonseca, F. I. (1984): "Para o estudo das relações de tempo no verbo português", *Boletim de Filologia*, 21 (1984), 405-20.

García Calvo, A. (1960): "Preparación a un estudio orgánico de los modos verbales sobre el ejemplo del griego antiguo", Emerita, 28 (1960), 1-47.

García de Diego (1952): "La unificación rítmica en las oraciones condicionales", *Estudios dedicados a Menéndez Pidal*, III, Madrid, C.S.I.C., 1952, 95-107.

Gili Gaya, S. (1943): *Curso superior de sintaxis española*, Barcelona, Bibliograf, 1961[9].

Granda, G. de (1968): "Formas en *-re* en español atlántico y problemas conexos", *Thesaurus*, 23 (1968), 1-22, posteriormente en *Estudios lingüísticos hispánicos, afrohispanos y criollos*, Madrid, Gredos, 1978, 95-117.

Harris, M. (1971): "The History of the Conditional Complex from Latin to Spanish: Some Structural Considerations", *Archivum Linguisticum*, 2 (1971), 25-33.

------ (1986): "The Historical Development of SI-Clauses in Romance", en Traugott, E. C. *et al.*: *On Conditionals*, Cambridge, Cambridge University Press, 1986, 265-84.

Hernández Alonso, C. (1973): "Sobre el tiempo en el verbo español", *Revista Española de Lingüística*, 3/1 (1973), 143-78.

Kahane, H.R . & S. Saporta (1953): "The verbal categories of Judeo-Spanish", *Hispanic Review* 21 (1953), 193-214 y 322-36.

Kany, C. E. (1945): *American-Spanish Syntax*, Chicago, The University of Chicago Press, 1945, versión española de M. Blanco Alvarez, *Sintaxis Hispanoamericana*, Madrid, Gredos, 1969.

Keniston, H. (1937): *The Syntax of Castilian Prose. The Sixteenth Century*, Chicago, The University of Chicago Press, 1937.

Lago Alonso, J. (1965): "Consideraciones sobre el uso del indefinido y de la forma si + potencial en español y en francés", *Actas del X Congreso Internacional de Lingüística y Filología Románicas*, IV (Madrid, 1965), Madrid, C.S.I.C., 1968, 1785-89.

Lamíquiz, V. (1971) "Los niveles de actualidad", *Revista Española de Lingüística*, 1/1 (1971), 89-96.

------ (1982): *El sistema verbal del español*, Málaga, Agora, 1982.

Lanly, A. (1957): "Proposition hypothétique et conditionnelle", *Le français moderne*, 25 (1957): 101-20.

Lapesa, R. (1942): *Historia de la lengua española*, Madrid, Gredos, 1981[9].

------ (1985): "Sobre el uso de modos y tiempos en suboraciones de acción futura contingente. Futuro de indicativo por presente o futuro de subjuntivo", *Symbolae Ludovico Mitxelena Septuagenario Oblatae. Pars Prior*, Vitoria, 1985, 679-92.

Lathrop, T. (1980): *The Evolution of Spanish: An Introductory Historical Grammar*, Newark, Delaware, Juan de la Cuesta, 1980, versión española de J. Gutiérrez Cuadrado y A. Blas, *Curso de gramática histórica española*, Barcelona, Ariel, 1984.

Lavandera, B. (1979): "Análisis semántico de variación en tiempos verbales: oraciones condicionales del español", *Anuario de Letras*, 17 (1979), 113-36.

Lenz, R. (1920): *La oración y sus partes*, Madrid, Publicaciones de la R.F.E., 1935[3].

López Rivera, J.J. (1990): "Aproximación al futuro de subjuntivo en el sistema verbal español", *Actas del II Congreso Internacional de Historia de la Lengua Española* (Univ. de Sevilla, 1990), no prelo.

Llorente Maldonado de Guevara, A. (1965): "Algunas características del habla de la Rioja Alta", *Actas del XI Congreso Internacional de Lingüística y Filología Románicas*, IV, (Madrid, 1965), Madrid, C.S.I.C., 1968, 1981-2003.

Luquet, G. (1987): "Sobre la desaparición del futuro de subjuntivo en la lengua hablada de principios del siglo XVI", *Actas del I Congreso Internacional de*

Historia de la Lengua Española (Univ. de Extremadura, Cáceres, 1987), Madrid, Arco/Libros, 1988, I, 509-14.

------ (1988): *Systématique historique du mode subjonctif espagnol*, Paris, Klincksieck, 1988.

Marcos Marín, F. (1979): "Observaciones sobre las construcciones condicionales en la historia de la lengua española", *Nueva Revista de Filología Hispánica*, 28/1 (1979), 86-195, posteriormente en Marcos Marín, F. (ed.): *Introducción plural a la gramática histórica*, Madrid, Cincel, 1982, 186-204.

------ (1980): *Curso de gramática española*, Madrid, Cincel-Kapelusz, 1980.

Marín, D. (1980): "El uso moderno de las formas en "-ra" y "-se" del subjuntivo", *Boletín de la Real Academia Española*, 40 (1980), 197-230.

Mariner Bigorra, S. (1957): "Estructura de la categoría verbal modo en latín clásico". *Emerita*, 25 (1957), 449-86.

------ (1965): "Noción básica de los modos en el estilo indirecto latino", *Emerita*, 33 (1965), 47-59.

------ (1971): "Triple noción básica en la categoría modal castellana", *Revista de filología Española*, 54 (1971), 209-52.

Martin, J. W. (1958): "Some Uses of the Old Spanish Past Subjunctives (With Reference to the Authorship of *La Celestina*)", *Romance Philology*, 12/1 (1958), 52-67.

Martinell, E. (1985): *El subjuntivo*, Madrid, Coloquio, 1985.

Martínez, M. C. (1981): "Diacronía de *cantara*", *Archivum*, 31-2 (1981-82), 513-25.

Martínez Martín, M. (1983): "La sustitución de *cantara (cantase)* por *cantaría* en el habla de la ciudad de Burgos", *Lingüística Española Actual*, 5 (1983), 179-204.

Mendeloff, H. (1960): *The Evolution of the Conditional Sentence Contrary to Fact in Old Spanish*, Washington, The Catholic University of America Press, 1960.

Menéndez Pidal, R. (1908): *Cantar de Mio Cid. Texto, gramática y vocabulario*, vol. I, Madrid, Espasa-Calpe, 1976[5].

Molho, M. (1975): *Sistemática del verbo español (Aspectos, modos, tiempos)* , Madrid, Gredos, 1975.

Monteagudo Romero, H. (1989): "Oracións condicionais introducidas por *se* no galego medieval",*Actas do XIX Congreso Internacional de Lingüística e Filoloxía Románicas* (Univ. de Santiago de Compostela), no prelo.

Montero, E. (1989a): *Gonzalo de Berceo y el Libro de Alexandre. Aproximación al sistema verbal de la época desde los esquemas condicionales*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, 1989.

------ (1989b): "El *status* gramatical del futuro de subjuntivo y la evolución de los esquemas condicionales y concesivos", *Actas do XIX Congreso Internacional de Lingüística e Filoloxía Románicas* (Univ. de Santiago de Compostela), no prelo.

Navarro, M. (1989): "La alternancia *-ra/-se* y *-ra/-ría* en el habla de Valencia (Venezuela), *Lingüística Española Actual*, 11 (1989), 117-23.

Navas Ruiz, R. (1965): "Bibliografía Crítica sobre el subjuntivo español", *Actas del XI Congreso Internacional de Lingüística y Filología Románicas* (Madrid, 1965), Madrid, C.S.I.C., 1968, 1822-40.

Pérez, M. R. (1990): "Formas verbales de irrealidad en el *Libro de Apolonio*", *Actas del II Congreso Internacional de Historia de la Lengua Española* (Univ. de Sevilla, 1990), no prelo.

Pérez González, M. (1985): *El latín de la cancillería castellana (1158-1214)*, Salamanca, Universidad de Salamanca.- Universidad de León, 1985.

Porcar Miralles, M. (1986): "Las formas verbales de futuro en textos medievales aragoneses", *Archivo de Filología Aragonesa*, 9-47.

------ (1989): "Revisión crítica de la clasificación de la oración condicional", *Actas do XIX Congreso Internacional de Lingüística e Filoloxía Románicas* (Univ. de Santiago de Compostela, 1989), no prelo.

Porto Dapena, X.-A. (1972): "Encol da estructura do verbo galego", *Grial*, 35 (1972): 13-28.

Pottier, B. (1963): *Introduction à l'étude de la morphosyntaxe espagnole*, Paris, Ed. Hispanoamericanas, 1963, versión española de A. Quilis, Madrid, Alcalá, 1970.

------ (1969): *Grammaire de l'espagnol*, Paris, Presses Universitaires de France, 1969, versión española de A. Quilis, *Gramática del español*, Madrid, Alcalá, 1970.

Pountain, C. J. (1983): *Structures and Tranformations. The Romance Verb*, London, Croom Helm - Totowa, New Jersey, Barnes & Noble, 1983.

R.A.E. (= Real Academia Española) (1931): *Gramática de la lengua española*, Madrid, Espasa-Calpe, 1931.

------ (1973): *Esbozo de una nueva gramática de la lengua española*, Madrid, Espasa-Calpe, 1931.

Renchon, H. (1969): *Études de syntaxe descriptive I. La conjonction "si" et l'emploi des formes verbales*, Bruxelles, Palais des Académies, 1969.

Ridruejo, E. (1974): "La forma "cantaría" en español del siglo XIII", *XIV Congresso Internazionale di Linguistica e Filologia Romanza* (Napoli, 1974). *Atti*, III, Napoli, Gaetano Macchiaroli, 1979, 437-51.

------ (1975): "*Cantaría* por *cantara* en La Rioja", *Berceo*, 89 (1975), 123-34.

------ (1979): "La forma verbal en -ra en español del siglo XIII (oraciones independientes)", *Cuadernos de Investigación Filológica*, 5 (1979), 22-38, posteriormente en Marcos Marín, F. (ed.): *Introducción plural a la gramática histórica*, Madrid, Cincel, 1982, 170-85.

------ (1984): "Tres catalanismos (y aragonesismos) sintácticos en "Los doze trabajos de Hércules" del Marqués de Villena", *Archivo de Filología Aragonesa*, 34-35 (1984), 273-290.

Rojo, G. (1974): "La temporalidad verbal en español", *Verba*, 1 (1974), 68-149.

Rojo, G. & E. Montero Cartelle (1983): *La evolución de los esquemas condicionales (Potenciales e irreales del Poema del Cid a 1400)*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, 1983.

Rubio, L. (1968): "Los modos verbales latinos", *Emerita*, 25 (1968), 77-96, posteriormente en *Introducción a la sintaxis estructural del latín*, Barcelona, Ariel, 1983, 234-56.

Ruipérez, M. S. (1954): *Estructura del sistema de aspectos y tiempos del verbo griego antiguo. Análisis funcional sincrónico*. Salamanca, Colegio Trilingüe de la Universidad (del C.S.I.C.), 1954.

Santamarina, A. (1974): *El verbo gallego*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, 1974.

Seco, R. (1954): *Manual de Gramática Española*, Revisado e ampliado por Manuel Seco, Madrid, Aguilar, 1969[9].

Senet, R. (1938): "El falseamiento del castellano en la Argentina y lo que significan en realidad las palabras del lunfardo", *Boletín de la Academia Argentina de Letras*, 6 (1938), 121-44.

Skårup, P. "La survivance du plus-que-parfait de l'indicatif latin et les constructions hypothétiques en ancien francoprovençal", *Revue Romane*, 23/1 (1988), 21-35.

Spaulding, R. K. (1929): "An inexact analogy: "the *-ra* form as a substitute of the *-ría*", *Hispania*, 12 (1929), 371-76.

Sten, H. (1973): *L'emploi des temps en portugais moderne*, KØbenhavn, Munksgaard, 1973.

Togeby, K. (1966): "Le sort du plus-que-parfait latin dans les langues romanes", *Cahiers Ferdinand de Saussure*, 23 (1966), 175-84.

Urrutia Cárdenas, H. & M. Alvarez Alvarez (1983): *Esquema de morfosintaxis histórica del español*, Bilbao, Universidad de Deusto, 1983.

Väänänen, V. (1963): *Introduction au latin vulgaire*, Paris, Klincksieck, 1963, versión española (revisada e aumentada) de M. Carrión: *Introducción al latín vulgar*, Madrid, Gredos, 1985.

Vairel, H. (1981): "Un modèle d'analyse linguistique des conditionnelles: latin *si di sunt, si di sint, si di essent*", *Bulletin de la Société de Linguistique de Paris*, 76/1 (1981), 275-326.

Vázquez Cuesta, P. & Mendes da Luz, M. A. (1971): *Gramática portuguesa*, Madrid, Gredos, 1971[2].

Veiga, A. (1984): "Verbo latino e verbo galego. Notas para unha análise comparativa", comunicación presentada á *Segunda Reunión Galega de Estudios Clásicos* (Univ. de Santiago de Compostela, 1984), posteriormente en *Verba*, 13 (1986), 75-125.

------ (1986): "Le système verbal du galicièn. Survivance d'un état proto-roman occidental?", *Actes du XVIII[e] Congrès International de Linguistique et Philologie Romanes* (Univ. de Trier, 1986), III, no prelo.

------ (1987): "El *presente histórico* como hecho de sistema verbal", *Verba*, 14 (1987): 169-216.

------ (1988): "Planteamientos básicos para un análisis funcional de las categorías verbales en español", comunicación presentada ó *III Coloquio Internacional de Hispanistas* (Univ. Karl-Marx de Leipzig, 1988), posteriormente en

Wotjak, G. & A. Veiga (eds.): *La descripción del verbo español*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, 1990, 237-57.

------ (1989a): "La sustitución del *futuro de subjuntivo* en la diacronía del verbo español", *Verba*, 16 (1989), 257-338.

------ (1989b): "Sobre a reorganización das oposicións temporais en subxuntivo e subxuntivo irreal na diacronía do verbo hispánico", *Actas do XIX Congreso Internacional de Lingüística e Filoloxía Románicas* (Univ. de Santiago de Compostela, 1989), Santiago de Compostela, no prelo.

------ (1990): "El subjuntivo en la apódosis irreal", *Actas del II Congreso Internacional de Historia de la Lengua Española* (Univ. de Sevilla, 1990), no prelo.

------ (*próx.*): *Condicionales, concesivas y modo verbal en español*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, no prelo.

Woodcock, E. C. (1959): *A New Latin Syntax*, London, Methuen and Co., 1959, 4ª reimpr., 1968.

Wright, L. O. (1931): "The disappearing Spanish verb form in *-re*", *Hispania*, 14 (1931), 107-14.

------ (1932): *The -ra Verb Form in Spain. The Latin Pluperfect Indicative Form in its Succesive Functions in Castillan, with a Table of Ratios of these Functions Compared with those of Parallel Forms*, Berkeley, University of California Press, 1932.

------ (1933a): "The earliest shift of the Spanish *-ra* verb form from the indicative function to the subjunctive: 1000-1300 A. D.", *Language*, 5 (1933), 265-8.

------ (1933b): "The *-se* Verb Form in the Apodosis", *Hispanic Review*, I (1933), 335-6.

Xove, X. (1985): "As formas en *-ra* e *-se* na obra poética galega de Rosalía", *Actas do Congreso Internacional de Estudios sobre Rosalía de Castro e o seu Tempo* (Univ. de Santiago de Compostela, 1985), Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega - Universidade de Santiago de Compostela, 1986, III 133-49.

ÍNDICE DO TOMO I

LIMIAR 5

BIOBIBLIOGRAFIA 7

F. FERNÁNDEZ REI, O Instituto da Lingua Galega (1971-1990). Contribución á investigación e á normalización do galego 15

I. LINGÜÍSTICA

Mª. C. ARES VÁZQUEZ, O pronome persoal suxeito na prosa galega medieval 49

R. BALTAR VELOSO, Una pescadilla filológica 57

Mª C. BARREIRO GARCÍA, Contribución ó léxico medieval da construcción en galego 59

L. BLANCO RODRÍGUEZ, Léxico de Náutica na narrativa de Alfredo Conde 67

J. BLANCO VALDÉS, Sobre problemas no tratamento descriptivo da palabra composta 73

M. BREA, Aproximación ó estudio das palabras compostas 77

F. A. CIDRÁS ESCÁNEO, As construccións pronominais en galego. Proposta de clasificación e caracterización 101

X. H. COSTAS GONZÁLEZ, O sufixo -EIRO con valor individualizador no suroeste galego 127

A. Mª DOMÍNGUEZ FERRO, Aproximación al "contrasto" de Cielo D'Alcamo. Estudio de los rasgos lingüísticos sicilianos 133

M. FERNÁNDEZ PÉREZ, Consideraciones en torno al género en español 149

E. FIDALGO FRANCISCO, A onomatopeia como creadora de denominacións da chuvia/chover 163

T. GARCÍA-SABELL TORMO, Puntualizacións á influencia da escola trobadoresca provenzal no léxico da lírica galego-portuguesa 171

X. Mª GÓMEZ CLEMENTE, Notas sobre a expresión concesiva no galego medieval 179

M. GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Unha mostra do tratamento da *Homonimia* nos diccionarios galegos 199

V. JACOMUZZI, Dire l'indicibile: Il neologismo nel *Paradiso* dantesco 215

T. JIMÉNEZ JULIÁ, Elipsis nominal y no realización en español 223

J. LAGO GARABATOS - M. LÓPEZ DÍAZ, À propos de l'allusion publicitaire 243

Mª X. LÓPEZ CASTRO, Unha mostra da fala de Lier (Sarria) 249

R. Mª LÓPEZ GATO, A negación total ou conexional en galego medieval 269

Mª S. LÓPEZ MARTÍNEZ, A propósito dalgunhas estructuras sintácticas do verbo *mandar* en galego 283

H. MONTEAGUDO, A modernización do léxico galego en *Sempre en Galiza* e a norma léxica do galego culto actual 293

E. MONTERO CARTELLE, La trayectoria y el origen del pleonasmo en la expresión concesiva del castellano medieval y clásico 321

Mª D. OLIVARES VAQUERO, Contribution à l'étude de la répétition 337

Mª N. DE PAULA POMBAR, Vicente Risco e o seu proxecto dun *Diccionario ideolóxico da lingua galega* 347

J. PENA, Consideraciones en torno a la *palabra* y al *morfema* 365

L. PINO SERRANO, La forme latina "UNUS" et l'article dit "INDEFINI" 375

Mª R. PORTELA YÁÑEZ, Algunas muestras de cambios semánticos atribuibles a la influencia del cristianismo 385

H. POUSA ORTEGA, O fenómeno da ditongación goianesa. Características principais 403

J. REDONDO, La adaptación ática de ὡς como conjunción final a partir del s. V a.C., en una nueva perspectiva 419

E. RIVAS QUINTÁS, Familias léxicas e campos semánticos prerromanos 427

X. L. RODRÍGUEZ, Algúns vocábulos e expressões de Cerveira 443

G. ROJO, Frecuencia de fonemas en español actual 451

Mª D. SÁNCHEZ PALOMINO, A alternancia *on/l'on* nun *corpus* dos séculos XIV e XV 469

I. SÁNCHEZ REGUEIRA, Español coloquial na gramática de Mathias Kramer (s. XVII) 483

A. SANTAMARINA, De lexicografía galega. Un diccionario máquina 491

A. VEIGA, Sobre a decadencia do subxuntivo en prótases condicionais en galego e español e a subxuntivización da forma *cantara* 497